


PRÓLOGO MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO  
TRADUCCIÓN VICENTE ARAGUAS



THOMAS  
HOBBES  
LEVIATÁN

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FUNDACIÓN BBVA



# LEVIATÁN

CLÁSICOS DO  
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 29

**Colección dirixida por**

DARÍO VILLANUEVA

**Comité Científico**

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

*Facultade de Filosofía*

JOSÉ ANTONIO CASTILLO SÁNCHEZ

*Facultade de Medicina*

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

*Facultade de Ciencias Políticas*

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

*Facultade de Filoloxía*

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

*Facultade de Farmacia*

PRÓLOGO MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO  
TRADUCCIÓN VICENTE ARAGUAS

THOMAS HOBBS  
LEVIATÁN  
OU A MATERIA, FORMA E PODER  
DUNHA REPÚBLICA  
ECLESIÁSTICA E CIVIL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FUNDACION BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN  
Universidade de Santiago de Compostela, 2017  
Fundación BBVA, 2017

DESEÑO DA COLECCIÓN  
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN  
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA  
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.1120>

# ÍNDICE

## 11 PRÓLOGO

por María Xosé Agra Romero

- 13 1. *Leviatán*: política en inglés e lectura global
- 22 2. Metáfora e retórica política: palabra e imaxe
- 33 3. Linguaxe, opinión, ciencia
- 39 4. Home natural, estado de natureza, estado de guerra
- 49 5. Leis, vontade e artificio
- 55 6. Autorización, representación, persoa civil
- 60 7. Estados de natureza, estados de guerra. Consideracións finais

## 67 LEVIATÁN OU A MATERIA, FORMA E PODER DUNHA REPÚBLICA ECLESIAÍSTICA E CIVIL Tradución de Vicente Araguas

- 69 Nota do tradutor
- 73 Ao Moi Memorable Amigo Mr. Francis Godolphin
- 75 A Introducción

## 79 PARTE I. DO HOME

- 81 I. Das sensacións
- 83 II. Da imaxinación
- 89 III. Da consecuencia ou serie de imaxinacións
- 94 IV. Da linguaxe
- 104 V. Da razón e a ciencia

- 111 VI. Das orixes internas dos movementos voluntarios comunmente coñecidos como paixóns. E as maneiras de discurso con que se expresan
- 122 VII. Das fins e as resolucións do discurso
- 125 VIII. Das virtudes que adoitan chamarse intelectuais e dos seus defectos opostos
- 137 IX. Dos varios aspectos do coñecemento
- 140 X. Do poder, mérito, dignidade, honor e respectabilidade
- 149 XI. Da diferenza de maneiras
- 156 XII. Da Relixión
- 169 XIII. Da condición natural da humanidade no relativo á felicidade e á tristeza
- 174 XIV. Das leis naturais primeira e segunda e dos contratos
- 186 XV. Doutras leis da natureza
- 200 XVI. Das *persoas, autores* e cousas personificadas

## 205 PARTE II. DO ESTADO

- 207 XVII. Das causas, xeración e definición dun Estado
- 211 XVIII. Dos dereitos dos Soberanos por institución
- 221 XIX. Das varias clases de Estado por institución e da sucesión ao Poder Soberano
- 232 XX. Do dominio paternal e do despótico
- 240 XXI. Da liberdade dos súbditos
- 251 XXII. Dos sistemas de suxeición, político e privado
- 264 XXIII. Dos ministros públicos do Poder Soberano
- 269 XXIV. Da nutrición e procreación dun Estado
- 276 XXV. Do Consello
- 284 XXVI. Das leis civís
- 306 XXVII. Dos delitos, eximentes e atenuantes
- 321 XXVIII. Dos castigos e recompensas
- 330 XXIX. Das cousas que debilitan ou tenden a disolver o Estado
- 341 XXX. Do mester do Representante Soberano
- 357 XXXI. Do Reino de Deus por natureza



371 PARTE III. DUN ESTADO CRISTIÁN

- 373 XXXII. Dos principios da política cristiá
- 378 XXXIII. Do número, antigüidade, propósito, autoridade e intérpretes dos Libros das Sagradas Escrituras
- 389 XXXIV. Do significado de *Espírito, Anxo e Inspiración* nos Libros das Sagradas Escrituras
- 402 XXXV. Da significación nas Escrituras de *Reino, Deus, Santo, Sagrado e Sacramento*
- 410 XXXVI. Da palabra de Deus e dos Profetas
- 426 XXXVII. Dos milagres e do seu uso
- 434 XXXVIII. Do significado nas Escrituras de *Vida Eterna, inferno, salvación, mundo por vir e redención*
- 450 XXXIX. Do significado nas Escrituras da palabra *Igrexa*
- 453 XL. Dos dereitos do Reino de Deus en Abraham, Moisés, os Sumos Sacerdotes e os Reis de Xudá
- 464 XLI. Do mester do Noso Salvador Bendito
- 471 XLII. Do Poder Eclesiástico
- 549 XLIII. Do que é preciso para que o home acade o Reino dos Ceos

565 PARTE IV. DO REINO DA ESCURIDADE

- 567 XLIV. Da Escuridade Espiritual orixinada por unha mala interpretación das Escrituras
- 593 XLV. Da Demonoloxía e outras reliquias da Relixión dos xentís
- 615 XLVI. Da escuridade da Filosofía Va e das tradicións fabulosas
- 634 XLVII. Do Proveito que se tira de semellante escuridade e a quen beneficia

645 RESUMO E CONCLUSIÓN



# PRÓLOGO

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

Adoitase considerar a Thomas Hobbes como o iniciador e xenuíno representante da filosofía política moderna e o *Leviatán* como símbolo do Estado. O *Leviatán* (1651), en tanto obra clásica do pensamento político, sobra dicir, merece ser lida. Mais, neste caso, estamos diante dunha obra de particular envergadura que segue interpelándonos e retándonos, que segue a impresionarnos, despois de máis de tres séculos e medio desde a súa publicación. E a dar que pensar á hora de acometer unha reflexión sobre a política: sobre o individuo e o Estado, a natureza ou a condición humana, a violencia, a morte violenta e a guerra; o vivir xuntos, a condición de cidadán ou de súbdito; sobre a representación, a liberdade e a autoridade; sobre a razón, a racionalidade, e a ciencia, sobre as opinións, as crenzas, as doutrinas relixiosas e o poder político; sobre retórica e política, sedución e sedición. A recepción da obra entre os filósofos posteriores, tendo en conta un período tan longo dende a súa publicación, tivo unha atención desigual, distintas miradas, interpretacións, unhas máis coidadosas e mellor argumentadas ou fundamentadas ca outras, pasando por períodos nos que estivo ou foi relegado a un segundo plano, ou sendo máis coñecido polos seus detractores que por el propio. No tempo da súa publicación levantou unha gran reacción e controversia e rematou por facer parte dos índices de libros prohibidos, xunto coas súas outras obras políticas<sup>1</sup>. A Universidade de Oxford, catro anos despois da morte de Hobbes, mandaraos á fogueira. Non é de estrañar que durante os séculos XVIII e XIX circulasen edicións piratas.

---

<sup>1</sup> En 1654 o Santo Oficio romano inclúe o *De Cive*; en 1703 foi engadido o *Leviatán*; en 1709 a condena esténdese a todas as demais obras de Hobbes. Nalgúns países protestantes tamén estiveron sometidas a prohibicións outras obras.

En xeral, o «hobbismo» ou o «hobbesianismo», ao igual ca o «maquiavelismo», no seu tempo, e mesmo hoxe, non gozan de moi boa imaxe. Máis popularmente, tanto a doutrina política de Hobbes como esta obra en particular, tiveron e manteñen aínda, cando menos, unha sona incómoda, acompañada dunha auréola certamente pesimista ou negativa, pois acontece que, xunto coa idea do *Leviatán* como símbolo do Estado, a cotío na súa caracterización como poder absoluto ou, para algúns, mesmo totalitario, sóese acudir tamén á coñecida e trillada frase de que, para Hobbes, «o home é un lobo para o home» que, cómpre advertir, non atoparemos así tal cal formulada explicitamente no *Leviatán*, e polo tanto haberá que apreciar se, en efecto, reflicte unha imaxe acaída do pensamento do noso autor sobre a natureza humana desde a perspectiva de artellar as bases do contrato social, dos alicerces da autoridade e a obrigación política, e do carácter do seu individualismo.

No século xx, xa desde os seus comezos, prodúcese un importante interese pola obra de Hobbes, co foco en diferentes achegamentos, nun esforzo en albiscar a súa máis distintiva contribución, na procura dunha mellor análise e comprensión da súa doutrina política; máis concretamente, arredor dos anos sesenta e xa no último cuarto do século, asistimos a unha renovada preocupación, novas investigacións e estudos, que xeran reedicións e novas edicións do *Leviatán* ata a máis recente, nas versións inglesa e latina, en 2012<sup>2</sup>, igualmente edítanse ou reedítanse outros textos de toda a súa extensa obra

---

<sup>2</sup> Hai tres primeiras edicións do *Leviatán*, todas «Printed for Andrew Crooke, at The Green Dragon in St. Pauls Church-yard, 1651». A primeira é coñecida como a «Head» debido ao ornamento na páxina do título impreso; as outras dúas, coñecidas asimesmo polos ornamentos da páxina do título, denominanse «Bear» e «Ornaments», e son reimpressiones posteriores da «Head» (v. páxs. 29 e 71). A edición estandar das obras é a de sir William Molesworth (ed.), *The English Works of Thomas Hobbes* (11 vols. London, 1839-1845); edicións do *Leviatán* no século xx son destacadas: C. B. Macpherson (Penguin, 1968), que segue o tradutor desta versión galega, na reimpresión de 1985 (v. *Nota do tradutor*, 69); R. Tuck (Cambridge University Press, 1991, 1996), e a máis recente que recolle os textos inglés e latino, de Noel Malcolm (ed.), 3 vols. Oxford, Clarendon Press, 2012. Na edición de 1946 (Oxford, Basil Blackwell) é moi salientable a introdución de Michael Oakeshott.

e a Correspondencia. E, por descontado no século XXI seguen vendo a luz publicacións, estudos, análises e comentarios que continúan profundando na esexese e na interpretación, engrosándose continuamente a, xa casi incontable, literatura sobre o noso autor e a obra que nos ocupa; por non dicir, a maiores, a inmensa lista de citacións e referencias que podemos achar nos textos e pensadores políticos no decorrer dos séculos ata a plena actualidade. O seu interese non devala, a lectura do *Leviatán* non perde vixencia, daí que a súa publicación en galego veña a ser unha oportunidade magnífica para lelo, ou relelo unha vez máis, deixando atrás visións estereotipadas, tópicas, mergullándonos polos meandros dunha obra impresionante, sexa impresionante no sentido dunha obra na que Hobbes despreza toda a súa brillantez intelectual, ou ben sexa porque pode arrepiar. En todo caso, estamos diante dunha obra complexa que aínda sorprende e non nos deixa indiferentes. A súa lectura, ten un valor engadido, interesanos, por outra parte, achegarmonos ao *Leviatán*, a ese Deus mortal que, nun contexto de globalización, semella que, en efecto, pode ser ou é mortal, ou cando menos que estaría agonizando, dando os seus derradeiros estertores; remitindo a lectura e a reflexión cara á nosa propia actualidade. En tempos de crise, de inseguridade, de medo, de novas formas de violencia, de ansiedade respecto do futuro, tamén é doado constatar a recorrencia e pertinencia do *Leviatán*.


## **1. *Leviatán*: política en inglés e lectura global**

Para situármonos e comprendermos mellor o que ten de impresionante, en varios sentidos, o *Leviatán*, voume permitir presentalo botando man doutro clásico da filosofía moral e política, agora do século XX, dun teórico renovador do contractualismo, empeñado en levar a teoría do contrato social ao seu nivel máis alto de abstracción, que non obstante quererá distanciarse nididamente de Hobbes. Este buscaría a estabilidade mediante

a pacificación da sociedade, na paz fronte á guerra, argumentando sobre a necesidade, a racionalidade e a eficacia do poder absoluto do Soberano civil, do Estado, mentras que John Rawls, a quen me estou a referir, senta as bases da estabilidade na cooperación social, na xustiza, ou sexa polas correctas razóns (morais), no marco dunha democracia constitucional, e en confronto co *modus vivendi* hobbesiano. Rawls na introdución a «O moralismo laico de Hobbes e o papel do seu contrato social», nas *Lectures of History of Political Philosophy* (2007), xustifica comezar a materia de filosofía moral e política moderna con el, ou, como logo vai precisar, a filosofía moral e política moderna inglesa, non porque sexa o iniciador da doutrina do contrato social, xa que esta tiña no seu tempo un certo percorrido, desde os clásicos gregos, pasando no século XVI por Suárez, de Vitoria e Molina entre outros; a súa razón, partillada con moitos outros, é porque o *Leviatán* vése como a máis grande obra do pensamento político en lingua inglesa. Aínda que se poidan ter en maior estima outros autores, non obstante, o alcance e a forza do *Leviatán* convértea, ao seu modo de ver, «na obra individual máis impresionante de todas». Non se quere dicir que Hobbes se teña achegado máis á verdade, ou que a súa doutrina sexa a máis razoable, senón atendendo ao seu estilo, linguaxe, amplitude temática, aguda e vívida observación, intrincada estrutura de análise e principios, e «a súa maneira de expor a que eu creo que é unha forma estremecedora de concibir a sociedade, que casi podería ser certa e que non deixa de ser unha posibilidade aterradora»<sup>3</sup>. Impresionante pois como obra individual, como Política en inglés; impresionante, tamén, polo seu carácter

---

<sup>3</sup> O orixinal inglés foi publicado por Harvard University Press, Cambridge, Massachusetts e Londres; a versión castelá, *Lecciones sobre historia de la filosofía política*, é de Albino Santos Mosquera, Barcelona, Paidós Básica, 2009, p. 53. Complementariamente pode verse Jürgen Habermas, *Theorie und Praxis*, Darmstadt und Neuwied, Verlag, 1963, en castelán, *Teoría y praxis. Estudios de filosofía social*, trads. Salvador Mas e Carlos Moya, Madrid, Tecnos, 1987, en particular o capítulo 1 «La doctrina clásica de la política en su relación con la filosofía».



Thomas Hobbes, retrato por John Michael Wright

‘estremecedor’, ‘aterrador’, levando a afirmar que o *Leviatán* adquire «unha dimensión sobrecolledora». Ocasión haberá logo para volver sobre isto. Polo momento, concordando coas apreciacións de Rawls, estamos diante dunha obra que, tomada no seu conxunto, pode producir unha «impresión tan abrumadora como espectacular na nosa maneira de pensar e sentir».

O *Leviatán* é froito do pensamento político maduro de Hobbes, pois tiña 63 anos cando se publica. Previamente, dando un xiro político respecto das súas preocupacións filosóficas iniciais, avanzara as súas ideas políticas, mais é no *Leviatán* onde se acha na súa versión definitiva e concluínte. Este xiro político adoita xulgarse por algúns como unha reacción non prevista, resultado do problemático tempo que lle toca vivir, apoiándose en parte na propia *Autobiografía en verso* de Hobbes, ou na coñecida biografía do seu amigo persoal, John Aubrey en *Brief Lives*<sup>4</sup>. A día de hoxe continúa a ser obxecto de atención e discusión a relación, os cambios e novidades, do *Leviatán* coas dúas obras anteriores, non menos igualmente importantes cada unha por si mesma: *The Elements of Law*<sup>5</sup>, que comeza a circular en 1640, mais a súa publicación data de dez anos despois, que provoca, dínos Hobbes, o seu exilio a París, decisión que toma en moi poucos días, e de onde voltará a Londres en 1652, trala publicación do *Leviatán*, agora como consecuencia da furiosa reacción dos anglicanos en París. Malia seguir as investigacións, do período do exilio en París,

---

<sup>4</sup> Véxase, «Vida de Thomas Hobbes de Malmesbury escrita en verso por el autor», en Th. Hobbes, *Diálogo entre un filósofo y un jurista y escritos autobiográficos*, Estudio preliminar, traducción y notas de Miguel Ángel Rodilla, Tecnos, Madrid, 1991. En canto ás biografías sobre Hobbes, ademais da citada do seu amigo John Aubrey, da que hai varias edicións, e que pode atoparse en versión en castelán («Una breve vida de Thomas Hobbes», en *La muerte de los filósofos en manos de los escritores*, trad. De A. Pico Estrada, La Bestia Equilátera, Buenos Aires, 2009) está, entre outras, a de N. Malcolm; «A Summary Biography of Hobbes» en *The Cambridge Companion to Hobbes*, ed. T. Sorell, (Cambridge, 1996: 13-44), e recollida como capítulo 1 en N. Malcolm, *Aspects of Hobbes*, Oxford University Press, Oxford, 2002 (reimpr. 2007).

<sup>5</sup> Vers. cast. *Elementos de derecho natural y político*, trad. de D. Negro, Alianza, Madrid, 2005.



unha ducia de anos da súa vida, a información non é moita; e *De Cive*<sup>6</sup>, publicado en París en 1642, co que acadará reputación en Europa durante séculos.

Neste prólogo, ao igual que acontece na lección de Rawls, cinguirémonos ao *Leviatán* en inglés, tomando en consideración ademais que del faise o verquido ao galego que aquí se presenta, tirado da edición de C. B. Macpherson. Deixaremos, pois, para quen queira aprofundar no seu pensamento político, o problema da continuidade ou ruptura respecto daqueles dous textos anteriores, ou atender aos posteriores escritos, así como a outros aspectos tal como a cuestión de se a versión latina (1668) foi escrita antes ou despois da inglesa de 1651, e as diferenzas entre ambos os dous textos; se o exame dos dous textos políticos anteriores levan a establecer, ou non, que hai modificacións importantes respecto do *Leviatán* ou mesmo, nalgúns puntos, unha retractación. Do que semella non haber dúbida é de que o *Apéndice ao Leviatán* (1668) si foi escrito con posterioridade, co evidente propósito de repostar as obxeccións dos seus críticos e de defenderse da acusación de herexía, aínda que hai tamén quen considera que iría máis alá destas pretensións<sup>7</sup>. Sobre o que non hai dúbida é en que o *Leviatán* supón a culminación do pensamento político de Hobbes e que marca o comezo da filosofía política moderna.

Cinguíndonos pois ao *Leviatán* en inglés, importa sinalar que, no que respecta á súa xénese, si semella haber acordo en que foi escrito nun período bastante curto, nun período dunha grande axitación política que vai entre a Guerra Civil Inglesa (1642-1648), coa caída de Carlos I e a restauración da monarquía con Carlos II en 1660; que probablemente o comezou no

---

<sup>6</sup> Vers. cast. *El ciudadano*, Intr. Trad. e notas de Joaquín Rodríguez Feo, Debate-CSIC, Madrid, 1993; *De Cive*, trad. C. Mellizo, Alianza, Madrid, 2000.

<sup>7</sup> En 2014 publicouse a primeira tradución ao español: *Apéndice al Leviatán [1668]*, Miguel Saralegui editor e tradutor, Biblioteca Nueva, Clásicos del Pensamiento, Madrid. Véxase tamén N. Malcolm, *Aspects*, op. cit.

outono de 1649 (N. Malcolm), que non tomou máis dun ano en escribir os dez últimos capítulos (R. Tuck), que o tería escrito entre 1649 e o inverno de 1650-51, aínda que non hai moita evidencia de se o fixo dun tirón, de forma rápida e secreta, e hai certo debate sobre cómo interpretar o engadido «Resumo e Conclusión». Tampouco entraremos a avaliar, só indicar, se política en inglés significa política para os ingleses<sup>8</sup>, mentres que o *De Cive* e o *Leviatán* latino, en contraste, sería política para ser lida en Europa, sendo nesta altura, é sabido, o latín a lingua culta; agás no caso dunha tradución ao holandés en 1667 —na república holandesa os escritos de Hobbes tiveron ampla acollida—, ata avanzado o século XX non se dispón das primeiras traducións a outras linguas europeas<sup>9</sup>. Sexa como sexa, Hobbes non pode ser circunscrito a ser un pensador «insular», se isto é o que se podería derivar de «política para os ingleses», e cómpre ter presente que estivo vencellado coas correntes do pensamento europeo do seu tempo.

Para os limitados fins que se perseguen neste prólogo, partimos de que o pensamento de Hobbes non é susceptible de ser interpretado dun xeito simple e doado sen ter en conta a súa

---

<sup>8</sup> Véxase, «Política para ingleses», en José María Hernández, *El retrato de un dios mortal. Estudio sobre la filosofía política de Thomas Hobbes*, Anthropos, Barcelona, 2002, cap. 2, pp. 75-124.

<sup>9</sup> En España, como apunta Miguel Saralegui, o pouco coñecemento do inglés e que o latín seguira sendo a lingua culta europea ata o século XIX, levaron a que a clase culta española lésese o *Leviatán* latino e o seu *Apéndice* (op. cit., p. 38). Por outra parte, cómpre salientar que, ademais da primeira edición en holandés de 1678, a primeira en alemán data de 1794, mentras que a primeira en español é de 1940, da man do zaragozano exiliado a México en 1939, Manuel Sánchez Sarto, no F.C.E. (Sección de ciencia política-I Clásicos). En España, sinala N. Malcolm, ata alomenos mediados do século XVIII, non se tiña coñecemento de Hobbes. Como se indicou, o *Leviatán* entrou no Índice do Santo Oficio romano, mais o Índice separado do Santo Oficio español non o mencionaba, pero si estaba sendo lido en España, indica, *Aspects*, op. cit., p. 470. Isto pode corroborarse, pois como se recolle en Concha Varela, Martín González, María Lourdes Pérez,: «En España, aínda o Santo Oficio abre expediente ó xornal *El Observador* por expor en varios números correspondentes ó ano 1788 a filosofía política de, entre outros, este autor inglés. (Catálogo Paz y Meliá, nº 575)», *Heterodoxos e malditos*, Servizo de Publicacións da USC, Santiago, 2002, p. 247. En galego publicouse, en 1992, *O home e o Estado en Hobbes. Antoloxía de textos do Leviathan*, Sementeira, Noia, con introdución, tradución e notas de Celso Goldaracena del Valle e Prólogo de M<sup>o</sup> Xosé Agra Romero; tradución igualmente tomada da edición de C. B. Macpherson (1968).



Exilados os dous en Francia, Hobbes foi profesor de matemáticas do futuro rei Carlos II  
(retrato por Peter Lely)

amplitude e complexidade, sen subliñar que ao longo da súa vida, tamén longa (1558-1679), estivo implicado en debates políticos, teolóxicos, filosóficos, físicos; coñeceu, relacionouse, e polemizou con científicos e filósofos: R. Descartes, Galileo Galilei, Pierre Gassendi, W. Harvey, F. Bacon, en moitas ocasións propiciado por Marin Mersenne ou ao abeiro das súas viaxes por Italia e Francia como preceptor dos seus pupilos; en 1634 visita París co fillo do conde de Devonshire, onde toma contacto co grupo de filósofos franceses e desenvolve a súa actividade intelectual (entre 1610 e 1640, estivo oito anos no continente); no exilio en París será titor do que logo, coa restauración, será o rei Carlos II. Tampouco debemos pasar por alto que, desde a publicación en 1629 da súa tradución ao inglés, primeira directamente do grego, da *Historia da guerra do Peleponeso* de Tucídides, ata as traducións da Ilíada e da Odisea nos seus últimos anos<sup>10</sup>, tendo en conta que tamén escribiu poesía, achámonos ante unha obra extensa e, neste sentido, impresionante, malia que nestas páxinas só nos ocupemos do *Leviatán*. E, como non, unha obra suxeita a diversas lecturas e interpretacións que, importa advertir, e a ningún lle escapa, van depender da diversa e fluctuante atención que se lle vai prestar ás súas obras, e aos nosos efectos ao *Leviatán*, nun tan amplo período como o que vai desde a súa publicación ata o noso propio tempo<sup>11</sup>.

Tomaremos, entón, o *Leviatán* como unha peza maxistral, acabada, por si mesma. E isto condúceme a sinalar un asunto non menor, que ten que ver coa valoración e interpretación que

---

<sup>10</sup> Hai que ter en consideración que desde finais de 1656, por mor dunha enfermidade, vése forzado a dictar os seus escritos, non deixando de facelo ata a súa morte.

<sup>11</sup> Engadiremos que desde o 2012 dispoñemos dunha moi extensa e documentada introdución, «General Introduction» (Vol. I), ao *Leviatán*, da man de Noel Malcolm, o editor de *The Clarendon Edition of The Works of Thomas Hobbes*, Oxford, quen afonda na cronoloxía, escritura e características tanto da versión inglesa como da latina, atendendo aos últimos achados na análise e estudo do *Leviatán*. En 2001 crumpríronse 350 anos da publicación do *Leviatán* e, con tal motivo, publicouse, editado por Tom Sorell e Luc Foisneau, *Leviathan After 350 Years*, Oxford University Press, Oxford, 2004, reimpr. 2005, no que participan recoñecidos especialistas.

se fai dos dúas últimas partes, das catro que o compoñen, do *Leviatán*: a parte III «Dun estado cristián» e a IV «Do reino da escuridade», onde se recollen disputas teolóxicas e interpretativas da Biblia, combátese a presbiterianos e anglicanos, e que, alomenos entre os seus contemporáneos, foron causa de grande alarma, mesmo de duras acusacións de ateísmo; pola contra, nalgunhas interpretacións, non van constituír parte substancial, en todo caso circunstancial, da armazón filosófica-política presentada no *Leviatán* que, por conseguinte, vería reducida e transmitida a súa visión, prestando atención só aos dous primeiros libros, mesmo en edicións nas que as partes III e IV se suprimen directamente. Agora ben, nas dúas primeiras partes achamos ideas expostas, aínda que de xeito parcial, xa nos anteriores escritos políticos, é dicir, en *The Elements of Law* e en *De Cive*, mentres que son estas dúas últimas libros do *Leviatán*, xunto coa teoría da autorización e da representación, o que lle confiren unha salientable diferenza respecto dos anteriores. Con outras palabras, ademais do problema do ateísmo, real ou encuberto, de Hobbes —que, en realidade pode, como suxire Rawls, ser deixado ao xuízo de quen o le—, o máis relevante é que non se pode deixar de tomar en consideración que máis da metade do *Leviatán*, en partes e páxinas, atinxa a cuestións sobre a obediencia a Deus e a obediencia ao soberano civil, a posibilidade de conflito entre elas, sobre o conflito de interpretación da Biblia, sobre o lugar das igrexas nos estados civís, sobre o papel que xogan o coñecemento científico e o coñecemento histórico; a historia e a política humana e a historia sagrada e a política divina; a razón, a autoridade e a verdade, a salvación política e a salvación da alma. Dito doutro xeito, haberá que tentar lelas en relación co sistema, coa estrutura de ideas, co conflito político e a resolución de Hobbes. Porén a lectura da obra, enténdese, debe ser global, atendendo ás compoñentes simbólicas e retóricas, así como a aquelas de orde relixiosa e histórica que constitúen parte dela, como mesmo o

acreditan o bo sentido e por suposto destacados estudosos da obra que seguen a debater sobre isto. Ao que habería que sumar que nestas páxinas, moi en especial na parte IV, topamos cun Hobbes cheo de agudeza e ironía, acrecentando o interese na súa lectura. Sen desbotar o contexto social, político e relixioso, mesmo o encadramento político e relixioso de Hobbes, poñamos o foco no *Leviatán*, no conflito fundamental e a súa resolución, fronte a visións reduccionistas, estereotipadas ou despreciativas do seu pensamento, rescatando o que ten de impresionante, de maxistral exercicio de pensamento e como fonte de reflexión.

## **2. Metáfora e retórica política: palabra e imaxe**

Hobbes parte dunha formación humanista clásica. Estudante brillante, en 1603, con quince anos, foi admitido no Magdalen-Hall en Oxford, onde se seguía o modelo dos *studia humanitatis*; e logo de graduarse, en 1608, pasa ao servizo do barón Cavendish de Hardwick Hall, en Derbyshire, quen en 1618 habería de converterse no primeiro conde de Devonshire; Lord Cavendish, contratouno como titor do seu fillo maior, quen o sucederá en 1626. Desde que se graduou, a súa vida estivo dedicada ao servizo de familias aristocráticas. Na década de 1620 continuou movéndose no marco dos *studia humanitatis*, ocupándose en particular da retórica, poesía e historia clásica. Hai coincidencia entre os seus estudosos en que a década dos anos trinta son cruciais no seu desenvolvemento intelectual, marcados polo seu interese nas ciencias naturais, en particular pola física e a óptica, afastándose das súas preocupacións humanistas anteriores, entre as que nunca contemplou o interese polo republicanismo clásico, e achegándose con fascinación ás matemáticas, á xeometría euclidiana. Mais, como apuntabamos, logo dará un novo xiro que poñerá nun segundo plano as preocupacións e a escritura sobre a súa filosofía xeral, dando prioridade á política; nos anos cuarenta desenvolve e presenta ás liñas fundamentais da súa filosofía política, culminando coa publicación do *Leviatán*, onde achega a súa máis distintiva contribución.

Antes de empezar a exposición das ideas fundamentais, e mesmo para comprendérmolas en todo o seu alcance, convén demorarse un anaco no *Leviatán* como o símbolo do Estado, posto que a súa representación gráfica quizáis sexa a imaxe visual máis coñecida da historia da filosofía política.

A obra ten unha gran envergadura, é impresionante, diciámos, e isto comeza por plasmarse no deseño gráfico do frontispicio que vai acompañar a todas as edicións, desde a *princeps* de 1651. Non é algo que o autor faga por primeira vez: a edición da tradución de Tucídides leva un frontispicio emblemático que manifesta a preocupación por «combinar palabra e imaxe», inserida nunha «tradición humanista, xa ben asentada, de elocuencia visual», que Hobbes subscribiría e que vai facer del un autor singular na época, pois ningún outro fixo emprego da representación gráfica das súas obras políticas como el, en concreto no *De Cive* (1642) e no *Leviatán*<sup>12</sup>. En relación con este último, Hobbes esmerouse moito en verter a imaxes algúns dos elementos máis centrais do seu libro, e seguindo a tradición dos emblemas, o frontispicio consta dun corpo «(ou imaxe que hai que interpretar ou ler, pois tratase dun verdadeiro “concepto para os ollos”)» e dunha alma, neste caso a sentencia do libro de Xob que coroa o gravado e pon o título da obra<sup>13</sup>. A referencia ao título da obra e ao libro de Xob tamén se atopa no capítulo XXVIII onde indica que tira a comparación co Leviatán dos dous derradeiros versículos do capítulo 41 de Xob, precisando: «cando Deus unha vez determinado o gran poder de *Leviatán* chamoulle Rei da Arrogancia. *Non hai nada, di, que se lle poida comparar na terra. Está feito de maneira que non coñece o medo. Ve todas as cousas altas debaixo súa, e é o Rei de todos os fillos*

---

<sup>12</sup> Quentin Skinner, *Hobbes and Republican Liberty*, Cambridge, Press Syndicate of the University of Cambridge, 2008; vers. Cast. *Hobbes y la libertad Republicana*, trad. Juliana Udi, Bernal, Universidad Nacional de Quilmes- Buenos Aires, Prometeo, 2010, p. 28. Skinner ten feito unha renovadora contribución para colocar a Hobbes como humanista e no contexto dos debates políticos e ideolóxicos do seu tempo, en liña coa investigación histórica da “Escola de Cambridge”; véxase tamén *Reason and Rhetoric in the Philosophy of Hobbes*, Cambridge, 1996.

<sup>13</sup> José M<sup>o</sup> González García, *Metáforas del poder*. Alianza Ed., Madrid, 1998, p. 38.

*do orgullo*. Mais porque é mortal e suxeito á decadencia como todas as demais criaturas Terreais» (p. 330)<sup>14</sup>.


En relación coa encomenda do gravado, algúns estudosos apuntan que, con bastante probabilidade, é de autoría do gravador Wenceslaus Hollar, de recoñecido prestixio, e realizado en París onde Hobbes está exilado. Non obstante, N. Malcolm sostén que hai pouca evidencia disto e examina outra das posibilidades, en concreto a que atribúe o traballo ao gravador francés Bosse; baseándose nun estudo recente de Horst Bredekamp, sostén que a atribución ao francés «pode agora ser feita con razoable certeza»<sup>15</sup>. En calquera caso, a gran adecuación do deseño ao contido da obra fai pensar que Hobbes debeu intervir bastante directamente na súa realización. Sendo así, é esta unha dimensión da súa obra que non debe pasarse por alto. Reparemos na imaxe.

O gravado ocupa un espazo rectangular que se divide en dúas partes, unha superior e outra inferior. Na metade superior da imaxe, en primeiro plano, vese unha paisaxe na que está unha catedral, no medio dunha cidade amurallada, tranquila, cun trasfondo que semella idílico; ao fondo, máis alá da paisaxe, como xurdindo da nada ou máis alá da terra, emerxe o corpo, un corpo xigantesco, do rei; na imaxe, a cara do Leviatán está de fronte; o tronco e os brazos están formados por moitos individuos debuxados de costas a quen o mira, sen ningún tipo de distinción que puidese remitir á súa condición social; anque as figuras non son exactamente idénticas, as diferenzas son poucas ou menores (sombreiro, vestimenta...), o que os sitúa como iguais respecto do soberano, amosando o seu poder; a cabeza coroada do rei é o símbolo da unidade e da paz. O corpo coroado, o Estado, entón, preséntase como unha multiplicidade de individuos, as partes mínimas do «home artificial», a verdadeira unidade de todos os homes nunha idéntica persoa, froito do pacto social. O Leviatán leva a espada desenvainada, na súa

<sup>14</sup> Cito polas páxinas desta edición.

<sup>15</sup> N. Malcolm, «General Intr.», op. cit, 2012, p. 133.





Portada da edición princeps de *Leviatán* (Londres, 1651)



Oliver Cromwell, retrato por Robert Walker. Tense insistido no parecido físico entre Cromwell e o rei da portada de *Leviatán*




Detalle da figura do rei na portada de *Leviatán*

man dereita, e na outra man o báculo de bispo, expresando a unión dos dous poderes, civil e eclesiástico, temporal e espiritual, na súa persoa. Hai que ter en conta que o Leviatán é un peixe mitolóxico, un monstro mariño, unha figura bíblica —que confronta co monstro terrestre, Behemoth— e, se atendemos á inscrición que culmina o grabado: «Non est potestas Super Terram quae Comparetur ei» (*Non hai poder sobre a terra que se lle poida comparar*), encaixa no libro de Xob, e todo indica que Hobbes asume en gran medida a descrición bíblica para presentalo como un poder monstruoso, incomparable, que non ten medo, mentras que causa terror aos inimigos. Paz interna e defensa contra os inimigos exteriores.

Nisto é no que compre reparar, sen deixar de indicar que unha das causas de controversias foi o suposto parecido da faciana do deseño con Oliver Cromwell, quen mandara decapitar a Carlos I e proclamara a República. Non obstante, hai bastante evidencia de que este deseño foi presentado ao futuro Carlos II, xunto co manuscrito do *Leviatán*. E non falta quen xulga que o parecido, xusto, é maior co propio rei<sup>16</sup>; a cuestión dos parecidos non ten moito percorrido. Importa, sen embargo, subliñar que Hobbes tería pedido que se realizasen dous deseños, e que a diferenza fundamental entre un e outro deseño atinxe ao corpo do soberano: no lugar dos homiños postos de costas aparecen as caras dos seus súbditos apiñadas unhas xunto ás outras, mirando cara ao fronte; e non aparece a cita do libro de Xob na cima do grabado. Non hai constancia de cales terían sido os criterios para que finalmente se escollese un e o outro. En calquera caso, fica claro que Hobbes prestou moita atención ao deseño gráfico da nova orde simbólica, o que quería transmitir e que, como indica Malcolm, o autor dos debuxos non era un afeccionado senón un «consumado artista».

---

<sup>16</sup> Véxase, K. C. Brown, «Thomas Hobbes and the Title-page of *Leviathan*» en *Philosophy*, 55, (1980), p. 410; José M<sup>a</sup> Hernández, «Thomas Hobbes o el dibujo de un nuevo orden simbólico», *Suplementos Anthropos*, 28, (1991), pp: 17-31 e *El retrato de un dios mortal*. op. cit., pp. 125 y ss.



Entre 1651 (data da primeira edición) e 1680 (Hobbes morre en 1679) foron imprentadas dúas edicións máis de *Leviatán*. Tanto a segunda (1670) como a terceira (1680) reproducen literalmente o pé de imprenta da primeira (incluído o ano), pero, segundo os eruditos, distínguense no motivo gráfico da páxina de título: unha viñeta cunha cabeza humana na xenuína primeira edición de 1651 (v. páx. 71), cunha cabeza de oso na segunda e 25 ornamentos na terceira, que é a que se reproduce aquí (v. nota 2, páx. 12).

A metade inferior subdivídese á súa vez en tres columnas verticais; na do medio, desprégase un a modo de reposteiro co título, o subtítulo, e o nome do autor; debaixo, nunha orla barroca: o lugar, nome do impresor e ano da edición. Na columna da esquerda, correspondente ao poder civil, debaixo da espada, sucédense cinco viñetas, cada unha co seu motivo, de abaixo a enriba: unha escena de guerra, os estandartes militares, un canón, unha coroa e finalmente un castelo; nun movemento ascensional que vai da guerra a súa superación mediante a forza e autoridade do soberano. Simetricamente, na columna da dereita, correspondente ao poder relixioso, debaixo do báculo, outras cinco viñetas, de abaixo a enriba: unha disputa teolóxica, varios tipos de instrumentos de argumentación (siloxismos, cornos, distincións, dilemas) que se empregan nas controversias, os tronos e lóstregos da excomuniación, unha mitra de bispo e, pechando, unha igrexa. As viñetas das columnas hai que lelas igualmente en horizontal. Tanto nun plano como noutro, a base é a conflictividade (guerra e conflitos relixiosos); manteñen unha ameaza recíproca, de aí que ambos os dous poderes, o espiritual e o temporal, teñan que estar unificados, concentrándose todo o poder no corpo político único do gran Leviatán, única garantía de que haxa paz e convivencia civil.

Na figura algúns autores teñen sinalado unha anticipación do estado totalitario, haberá que ver se realmente se pode chegar a esta conclusión. Máis importante é, non obstante, constatar o que reflicte: que a lexitimidade da soberanía non descansa en Deus ou na desigualdade natural, e haberá que atender a como o poder soberano e, xa que logo, a esfera política, son concibidos a semellanza do *fiat* pronunciado por Deus, e recollido ao comezo do *Leviatán*, o que nos leva, de entrada, do gravado á cuestión da metáfora política.

A Natureza (a Arte a través da cal Deus fixo e goberna o Mundo) é como acontece en moitas outras cousas imitada pola *Arte* do home, de tal maneira que este

poida crear un Animal Artificial. Porque vendo que a vida non é máis que un bulir de Membros, o seu comezo atopándose nalgunhas partes importantes do seu interior; ¿daquela por que non podemos dicir que todos os *Autómatas* (Enxeños que se moven por resortes e rodas tal como fai un reloxo) teñen unha vida artificial? Porque: ¿Que é o *Corazón* máis que un *Resorte*, e os *Nervios* unha chea de *Piolas* e as *Articulacións* un conxunto de *Rodas* que dan movemento a todo o Corpo tal como fora previsto polo *Artífice*? A Arte vai máis lonxe aínda, imitando a obra Racional que vén sendo a máis sobranceira da Natureza, o *Home*. Porque a Arte creou ese gran LEVIATÁN chamado MANCOMUNIDADE ou ESTADO (en latín CIVITAS) que non é senón un Home Artificial; aínda que de maior estatura e forza que o Natural, pensado para a súa protección e defensa; e no que a *Soberanía* é unha *Alma* Artificial, para lle outorgar vida e movemento a todo o corpo; os *Maxistrados* e outros *Funcionarios* da Xudicatura e Poder Executivo, as *Articulacións* artificiais; a *Recompensa* e os *Castigos* son os *Nervios*, que fan idéntico papel no Corpo Natural: a *Opulencia* e mais a *Riqueza* de todos os membros particulares constitúen a *Forza*; *Salus Populi* (a *seguridade do pobo*) son os *Negocios*: os *Conselleiros*, aqueles que suxiren todas as cousas que se precisan saber, son a *Memoria*; *Equidade* e *Leis*, a *Razón* artificial e a *Vontade*: *Concordia*, *Saúde*: *Sedición*, *Doenza* e *Guerra Civil*, *Morte*. Por último os *Pactos* e *Acordos*, a través dos que se fixeron primeiro as partes deste Corpo Político, vencelladas e unidas lembran o *Fiat* ou o *Fagamos ao home*, pronunciado por Deus na Creación (páx. 75).

Descúlpeleme, máis non é doado resistirse a chamar a atención sobre este texto, tantas veces citado como sempre sorprendente: corpo artificial, metáfora mecánica. Sorprende aquí o gran número de metáforas, a alegoría, unha metáfora plural e complexa, isto é: «Trátase da alegoría máis importante do poder absoluto na sociedade barroca, unha sociedade na que a alego-

ría desempeña un papel fundamental como elemento plástico de transmisión de coñecementos e valores en diversos ámbitos da cultura: na relixión, no teatro e na política»<sup>17</sup>. No *Leviatán* están presentes metáforas orgánicas e metáforas técnicas ou mecanicistas, tamén metáforas que remiten á arte da política, do goberno, e metáforas de monstros mitolóxicos. En resumidas contas, o *Leviatán* está cargado de metáforas, o que resulta cando menos desconcertante ou, no dicir dalgúns, incoherente, dada a posición de Hobbes respecto da metáfora, ao seu rexeitamento como fonte de confusións. Incoherente, subliña González, porque sendo Hobbes un gran crítico da metáfora, non obstante, é un dos «maiores creadores de metáforas en toda a filosofía política occidental»; incoherencia que alcanzaría tamén ao mundo da imaxe pois, como vimos de ver, esmérase en pensar o gravado mentres que ao tempo sosteña que sobre as imaxes e a imaxinación non se pode erixir ciencia algunha da política. Se isto é así, un aspecto central do seu pensamento virá da crítica á retórica, en concreto á escolástica aristotélica e ás formas tradicionais de escribir a historia. Interesa salientar esta confrontación entre retórica e ciencia, e a verdadeira ciencia asentada nun coñecemento racional, segundo o modelo de coñecemento xeométrico, matemático; é dicir, un novo método científico, dedutivo, aplicado á política, sobre o xusto e o inxusto, descansando nun correcto uso da linguaxe, e que modula o escepticismo, o nominalismo e o relativismo hobbesiano.

Se Hobbes é un autor singular, diciamos, por canto emprega deseños gráficos, imaxes, nas súas obras políticas, non é menos singular, ben en troques, no papel que lle confire á linguaxe como elemento articulador do ordenamento político. E tras aquel comezo alegórico, e tras a metáfora mesma do Leviatán, acharémonos, no entanto, cun manifesto rexeitamento da metáfora, e da retórica. Así a todo, quizáis cómpre darlle unha volta a esta

---

<sup>17</sup> José M<sup>o</sup> González, op. cit., p. 31.



posible incoherencia, á anti-retórica de Hobbes, valéndonos do que el mesmo di no «Resumo e conclusión» sobre o poder da elocuencia: «Acontece tamén que en todas as Deliberacións e Preitos faise precisa a facultade dun Razoamento sólido, porque sen el as Resolucións dos homes son precipitadas e as súas Sentenzas inxustas: e se non hai unha Elocuencia poderosa, que procure atención e Consentimento, o efecto da Razón será cativo» (páx. 647). Razón máis elocuencia, e torna a dicir máis adiante: «Así tamén a Razón e mais a Elocuencia (aínda que non, se cadra, nas Ciencias Naturais, mais si nas Morais) poden estar moi ben xuntas» (páx. 648). Desde esta perspectiva, como subliña Anat Biletzki<sup>18</sup>, o noso autor tería establecido unha clara demarcación entre adquisición e transmisión da ciencia, a retórica cae do lado da transmisión, mentres que a anti-retórica faríao do lado da razón e da ciencia, onde non colle recurso algún á retórica. O *Leviatán*, cun gran contido retórico e metafórico non sería incoherente, senón que unha vez amosados os riscos no terreo da política, e fundada esta no correcto uso da linguaxe e da razón, a retórica, a elocuencia, non están do lado da seducción/sedición, senón da razón. Tal vez fique máis claro si entramos na concepción da «máis nobre e beneficiosa invención» que, segundo Hobbes, é a linguaxe.

### 3. Linguaxe, opinión, ciencia

Nunha época como a nosa na que a linguaxe está na base da reflexión filosófica, mesmo que desde o século pasado se fala do «xiro lingüístico», resulta sumamente salientable comprobar como na obra de Hobbes a linguaxe adquire unha importancia

---

<sup>18</sup> Anat Biletzky, *Talking Wolves. Thomas Hobbes on the Language of Politics and the Politics of Language*, Kluwer Academic Publishers, Dordrecht/Boston/ London, 1997, cap. 8: «Eloquence is Power: The Office of Rhetoric», pp. 154-177. Sobre linguaxe e política véxase tamén, Yves Charles Zarka, *Hobbes et la pensée politique moderne*, trad. Luisa Medrano, PUF, París, 1995; vers. cast. *Hobbes y el pensamiento político moderno*, Herder, Barcelona, 1997, véxase esp. Segunda Parte: «Lenguaje y poder»; Philip Pettit, *Made with Words. Hobbes on Language, Mind and Politics*, Princeton University Press, Princeton, 2008.

decisiva, non só como punto de articulación entre unha teoría xeral do entendemento e unha teoría da natureza humana —isto é, para a constitución dunha ciencia xeral do home—, senón, e tamén como consecuencia disto, para a reflexión política. Con outras palabras, o que Hobbes fai ver é como a linguaxe é susceptible de, pode estar suxeita a, encadramentos políticos diversos, establecendo unha relación entre linguaxe e política, ou entre linguaxe, antropoloxía e política. Afirma e reitera que sen linguaxe, sen esa nobre e benéfica invención, «non habería entre os homes nin Estado, nin sociedade, nin contratos, nin paz. Non máis que entre leóns, osos e lobos» (páx. 95). A propia estrutura do Leviatán e o lugar que nela ocupa a linguaxe é significativa; dun lado, os capítulos relativos á linguaxe son precedidos polos dedicados á sensación, á imaxinación e ao discurso mental, é dicir, aos corpos naturais, bases físicas e antropolóxicas da linguaxe, e, doutro, o capítulo sobre a linguaxe antecede inmediatamente ao da ciencia e a razón.

Para Hobbes, o home posúe unha soa vía de acceso cognitivo ao mundo dos corpos ou obxectos que o arrodean: a intuición sensible; todo o que percibimos, di, foi percibido primeiro pola sensación, de forma que non podemos ter pensamentos que representen unha cousa que non tivese estado suxeita á sensación. A sensibilidade é a única forma de relación entre o suxeito e o mundo. Agora ben, isto non supón que o home sexa mera pasividade, que simplemente reciba as presións externas. O home está dotado de movementos vitais, comúns a todos os seres vivos, dispón de facultades naturais, pero tamén de movementos animais ou voluntarios que constitúen as facultades da mente, do coñecer e do imaxinar. As representacións non son senón encadeamentos de imaxes, de pensamentos. O treito de pensamentos é denominado ‘discurso mental’ e este pode ser sen guía, inconstante ou regulado por algún desexo ou designio, indicando neste caso dous tipos: un, común a homes e animais, cando «dun efecto imaxinado procuramos as causas ou medios

que o producen»; o outro, «cando imaxinamos unha cousa, sexa a que fose, procuramos todos os efectos que puidesen ser producidos por ela; ou sexa, que imaxinamos o que podemos facer con ela cando a temos». Este só se atopa no home, e Hobbes xulga que «esta é unha curiosidade sen apenas incidencia na natureza de criatura viva que non teña outra Paixón que as sensuais, como son a fame, a sede, a luxuria e a carraxe» (páx. 91). No home a curiosidade, característica exclusiva, xoga un papel fundamental.

A partir de aquí Hobbes vai definir a prudencia como unha «presunción do futuro derivada da experiencia do pasado». Xa que logo, a unha maior experiencia corresponde unha maior probabilidade de cumprimento das expectativas, mais non deixa de ser unha conxectura, unha ficción da mente, da experiencia non se pode concluír nada universal. Sobre o discurso mental constitúese a linguaxe, froito da invención e da convención: «Mais de entre todos o invento máis nobre e proveitoso foi o da LINGUAXE, baseado en *Nomes* ou *Apelacións* e a súa *Conexión*; para que os homes rexistren os seus Pensamentos, poidan lembralos unha vez pasados e consigan declararlllos uns a outros para utilidade mutua e conversa» (páx. 95). O uso da linguaxe consiste en transformar o discurso mental en discurso verbal. Vai ser a capacidade, que posúen os homes e unicamente eles, de atribuír significacións arbitrarias, escapando ao determinismo natural, o que desencadea os mecanismos artificiais constitutivos da humanidade. A linguaxe é unha invención pola que se impoñen os nomes, primeiro como un acto individual e, por conseguinte, arbitrario; Hobbes distingue entre Marca e Signo. Os nomes só son *marcas* que fan posible aos homes identificaren e lembraren os seus pensamentos pasados, dependen do arbitrio do individuo e o seu uso é memorístico. Sendo o inicio da linguaxe, non obstante, non son suficientes por si mesmas; precísanse *signos*, outro uso da linguaxe, isto é: «cando moitas persoas empregan as mesmas palabras, transmi-

tir (pola súa conexión e orde), unha a outra, aquilo que conciben e pensan unhas das outras; e tamén o que desexan, temen, ou polo que senten paixón. Cando teñen esta fin chamáselles *Signos*» (páx. 96). Este segundo uso conleva outorgar acordo ao vínculo que se establece entre certos nomes e certas cousas, xa non é un acto individual, privado, senón colectivo e público, dando lugar a unha comunidade de falantes.

Hobbes sinala catro usos e, correlativamente, catro abusos da linguaxe. Os catro usos son: rexistrar o pensamento; amosar aos demáis ese coñecemento; expresar a vontade e intención; com-pracer e deleitarnos a nós mesmos e a outros. Os abusos son: o incorrecto rexistro do pensamento e o autoengano; a metáfora; dar como a súa vontade o que non o é, mentira consciente; ferir os outros. A arbitrariedade non só é a base para unha teoría da linguaxe, tamén é o fundamento da súa antropoloxía política, o que permite a instauración dunha nova orde: a sociedade política. Desde esta perspectiva, a verdade e a falsidade son atributos da linguaxe, non das cousas, de aí que onde non hai linguaxe tampouco hai verdade e falsidade. Os homes son seres de palabra ao tempo que seres de paixóns, o relativismo lingüístico vai consonte a linguaxe dos afectos: «Os nomes das cousas que nos afectan, é dicir, que nos prestan ou desgustan, xa que non todas as persoas son afectadas polas mesmas cousas, nin aos mesmos homes todas as veces, están nos discursos comúns aos humanos, de significación *inconstante*» (páx. 103).

As palabras son, pois, inconstantes, equívocas, ambiguas, significan *de* acordo á natureza, disposición e interese do falante, de xeito que uns chaman virtudes ao que outros consideran vicios; así «un home chama *Sabedoría*, ao que outro chama *medo*, e un *crueidade* ao que outro coñece como *xustiza...*», mentres que o sentido e a imaxinación natural non están suxeitos ao absurdo, pois a propia natureza non pode errar; a consecución da linguaxe converte aos homes en sabios ou en tolos. Se o home posúe o privilexo da linguaxe, posúe

tamén o da absurdidade, da linguaxe sen sentido. Cómpre un bo uso, correcto, da linguaxe, cómpre fixar os significados das palabras, isto é, as *definicións*, tal como procede a xeometría e deberá facer, xa que logo, a ciencia da política, é dicir, proceder *more geometrico*. A razón e a ciencia son os medios para non caer na absurdidade, na linguaxe sen sentido, na loucura, consecuencia dos malos usos da linguaxe e da carencia de método.

A razón non é un sentido, nin unha memoria que naza conosco; non se obtén só mediante a experiencia, como é o caso da prudencia; acádase por medio do esforzo, en primeiro lugar, mediante un uso correcto dos nomes, e en segundo, obtendo un método bo e ordeado, desde os elementos, que son os nomes, ata afirmacións feitas por conexión dun con outro «deica acadar un coñecemento de todas as consecuencias de nomes pertencentes á materia que teñamos á man; e isto é o que os homes chaman CIENCIA» (páx. 109). A ciencia caracterízase polo «coñecemento da consecuencia dunha afirmación na outra», non da consecuencia dun feito relativo a outro. A verdade depende dunha clara demarcación entre as palabras e as cousas. Os universais son reducidos a nomes. Rexístrase así o nominalismo de Hobbes. A ciencia móvese no terreo do discurso, os primeiros principios do coñecemento científico son definicións que fundamentan o discurso da ciencia. No breve capítulo IX, diferencia entre un coñecemento do feito, concernerente á sensación e á memoria, sendo este un coñecemento absoluto, require de testemuña e, no tocante ao valor de verdade, é incerto. É o correspondente á historia e á opinión; a opinión é moi maleable. A ciencia, pola contra, é un coñecemento condicional, certo, que trascende a prudencia, a absurdidade e a opinión, é o requirido ao filósofo e a quen persiga o razoamento<sup>19</sup>.

---

<sup>19</sup> Neste capítulo interesa reparar no cadro das ciencias que ofrece Hobbes. Trátase dunha representación esquemática da división das ciencias, primeiro en dúas categorías de ciencia ou filosofía: a natural e a civil, logo desenvolve unha serie de divisións e subdivisións. Estas presentacións empregadas como ferramentas analíticas tiñan sido utilizadas no

Resumindo, a razón, contra toda verdade herdada ou dogma, é cómputo, e como nominalista non designa algo abstracto; son os seres humanos os que razoan, por iso a razón «non é máis que o *Cómputo* (ou sexa, a Adición e mais a Subtracción) das Consecuencias dos nomes xerais adoptados convencionalmente para *marcar* e *significar* os nosos pensamentos, e digo *marcar* cando os computamos por nós mesmos, e *significar* cando os demostramos, aprobamos ou computamos para outros homes» (páx. 105). A linguaxe é a ferramenta que temos para razoar. Hobbes deixa claro que cando o discurso dun home non comeza con definicións, entón móvese no terreo da *opinión*, da crenza e da fe, un terreo inestable, abonado pola retórica, por canto, se se acepta a *opinión*, é porque se confía noutros homes ou na súa palabra; é dicir, cren ou teñen fe tanto nun home como na verdade do que di, crenza nun dicir baseado na autoridade e boa *opinión* do que falou, a *opinión* convértese en crenza e fe. Tal é o caso, di, dos que aceptan a palabra do profeta, confían nel e cren a verdade do que relata, sexa un profeta verdadeiro ou non; de igual modo, crer sen máis razón que a que deriva da autoridade dos homes e os seus escritos, enviados ou non por Deus, «só é fe nos homes». Mentras que a Filosofía é «o *Coñecemento a través do Razoamento que vai da Maneira de Xerar calquera cousa ás Propiedades; ou das Propiedades a algunha Maneira posible de Xerar o mesmo; coa finalidade de producir, tanto como*

---

século anterior, e máis atrás aínda na «árbore de Porfirio», N. Malcolm dá boa conta das súas orixes, observando que na táboa de Hobbes, calquera ciencia que non sexa a política é unha rama da filosofía natural e, tamén, que exclúe a teoloxía e a historia da categorización das ciencias. Diferenciándose de Descartes, para quen o punto de partida das ciencias era a metafísica, pero igualmente de Bacon, en tanto a teoloxía natural era unha forma de filosofía, e na filosofía natural contemplaba, cousa que non fai Hobbes, a medicina. Ou que a astronomía desapareza como ciencia na versión latina. Así mesmo constata certos problemas coa versión da táboa no *Leviatán* respecto doutros textos, en particular de *De corpore* no que non podemos deternos, senón só apuntar que Malcolm ve esta táboa como anómala e fai unha tentativa de explicación da inclusión, unha que sería froito das súas actividades pedagóxicas como titor, do príncipe Carlos ou dalgún outro; ou froito de discusións con outros interlocutores, en particular co Marqués de Newcastle. N. Malcolm, «General Introd.» op. cit., pp. 141-145.

*o permitan a materia e a forza humana os Efectos que a vida humana require»* (páx. 615). A falla dun método filosófico, científico, axeitado fai parte da argumentación contra Aristóteles e a escolástica. Estamos diante dun coñecemento condicional e que para o noso autor ten unha finalidade utilitaria. Ao non partir da experiencia, dos obxectos como se presentan aos sentidos, os obxectos son construídos/definidos seguindo o método. Coñecer un obxecto é sermos capaces de construílo, *more geometrico*; o cometido da ciencia da política será a construción racional dun corpo artificial, onde os homes son ao tempo a súa materia e os seus artífices.

#### **4. Home natural, estado de natureza, estado de guerra**

Como se ten sinalado, o *home natural* é o máis potente símbolo da imaxinación liberal<sup>20</sup>. Agora ben, antes de chegar ao estado de natureza, no cap. XIII, Hobbes aplica o método para operar a redución do social ao individual, e dos homes aos elementos que os compoñen, para logo abordar o poder, no cap. X, e o social. O entramado epistemolóxico de Hobbes asume unha estreita relación entre *actuar* (movemento externo) e *pensar*. A paixón, isto é, a causa dos pensamentos regulados, é en si mesma unha clase de acción, definida como *conatus*, é o movemento interno, voluntario. Este conatus denomínase *apetito* ou *aversión* e é constitutivo de todo home, como todas as paixóns. Estas son semellantes en todos os homes, o que non quere dicir que tamén sexan semellantes ou idénticos os obxectos das paixóns, con outras palabras: «sexa cal fose o obxecto de *Apetito* ou *Desexo* de calquera home, no que a el respecta chámalle *Bo*; e ao obxecto do seu *Odio* e *Aversión*, *Malo*» (páx. 113). Ao relativismo e convencionalismo lingüístico engádeselle o moral. No home dáse unha sucesión de apetitos e aversións, de espe-

---

<sup>20</sup> Eldon, J. Eisenach, *Two Worlds of Liberalism. Religion and Politics in Hobbes, Locke, and Mill*, The University of Chicago Press, Chicago/London, 1981, p. 18.

ranzas e temores, que poden ser realizados ou abandonados por imposibles, tras deliberación ou ponderación e, xusto, o último apetito ou aversión, na deliberación, que leva á acción ou á omisión, e o que chama Hobbes *vontade*: o acto, di, non a facultade, de querer, o último apetito na ponderación; e, se se obtén un éxito continuado nas cousas que un home desexa, acádase a *felicidade*: o continuado prosperar. As paixóns son os movementos voluntarios. Detrás está a concepción mecanicista, a visión do movemento corporal, dos corpos naturais, dando conta, no plano da súa antropoloxía filosófico-política, da uniformidade e igualdade da natureza humana.

No entanto, no capítulo VIII, referente ás virtudes intelectuais, xorde unha fonte de diferenzas e desigualdades. As virtudes intelectuais son aquelas capacidades da mente que os homes enxalzan, valoran e desexarían atopar neles mesmos, o que se adoita denominar «bo enxeño». Tales virtudes son naturais ou adquiridas. Natural non significa que sexa innato, senón o enxeño procurado polo uso e a experiencia, sen método, cultura nin instrución. O enxeño natural require rapidez de imaxinación e firme dirección cara a un fin determinado. As diferenzas débense á diferenza nas súas paixóns. Distinguindo entre bo enxeño e boa fantasía, e bo xuízo e discreción. A fantasía soa é una sorte de loucura, mentres que a discreción é prudencia, dependente da experiencia e da memoria de cousas semellantes e das súas consecuencias pasadas. Os homes non difiren tanto no que respecta á prudencia canto á súa fantasía e xuízos; posto que a experiencia depende da idade, os homes de igual idade diferirán non na cantidade senón nos seus designios particulares. Hobbes só admite diferenzas significativas nos homes en relación coa fantasía; mais o enxeño natural non é suficiente para explicar as diferenzas de poder entre os homes. Unicamente o enxeño adquirido sobre as accións e crenzas doutros homes pode dar conta diso. Os homes determinan as súas accións dacordo coas súas opinións. Aqueles que determinan



as opinións, entón, teñen un control sobre os poderes e facultades de outros homes.

Cando Hobbes se refire ao enxeño adquirido estase a referir a aquel adquirido por método e instrución, polo tanto, á razón e á opinión baseada non en pensamentos, como no enxeño natural, senón nos nomes e na linguaxe. O enxeño adquirido non é senón «razón que se funda no recto uso da linguaxe e produce as ciencias». Así, as diferenzas no enxeño adquirido débense ás diferenzas nas paixóns. Estas proceden parcialmente da diferente constitución corporal e parcialmente tamén dos diferentes costumes e educación. Isto é, dependen en gran medida do contexto social. Nun texto moitas veces citado concreta: «As Paixóns que máis causan diferenzas de Enxeño son, principalmente, o maior ou menor Desexo de Poder, Riquezas, Coñecemento e Honor. Todas as cales poden ser reducidas á primeira, o Desexo de Poder. Pois que Riquezas, Coñecemento e Honor non son senón castes diversas de Poder». Para seguir engadindo que se lles chama indiferentes a quen non ten unha gran paixón por aquelas cousas, e aínda que poida ser bo, máis ben parece non dispor de moita imaxinación ou xuízo. Os pensamentos, afirma, son para os desexos «exploradores ou espías» que van a territorio alleo e na procura das cousas que se desexan, e «De aí proceden as direccións dos movementos da mente, e toda a súa celeridade. Porque carecer de Desexo é estar Morto; ter paixóns febles é Preguiza, ter Paixóns polas cousas indiferentemente, ATORDOAMENTO e Distracción; e ter Paixóns máis fortes e virulentas polas cousas do que se adoita ver nos demais é o que os homes chaman LOUCURA» (páx. 130).

A loucura é froito dos excesos, todas aquelas paixóns que producen un comportamento estraño e inhabitual son loucura, ao cabo, as paixóns sen guía son loucura. Entre as clases de loucura que Hobbes sinala está, entre outras, a crenza en estar inspirados, e o abuso das palabras chamado absurdo que se encontra, ao seu xuízo, especialmente nos escritos dos teólogos escolásticos. Despois do breve e sintético capítulo sobre as

diversas materias do coñecemento, Hobbes enfronta, nos tres seguintes capítulos, as cuestións do poder, das maneiras e da relixión, xusto antes de expoñer a posición do home no estado de natureza. Opinión e loucura están estreitamente relacionados coa política personalizada. Fronte á opinión sitúase a ciencia, a razón e a construción dunha orde política despersonalizada.

O poder dun home pode ser orixinal (natural) ou instrumental. O poder natural é simplemente a «eminencia das facultades corporais ou mentais». O poder é un medio para obter algún futuro ben aparente. Mais nun contexto social o poder consiste en «forzas unidas», en poderes compostos, e acrecéntase mediante riquezas, reputación e boa sorte, que son os medios para adquirir máis poder instrumental. O poder dun home non é unha capacidade absoluta, senón comparativa e relativa. O poder natural non vén definido como capacidade natural (forza, prudencia, etc.) senón pola eminencia das súas facultades sobre as dos demais, e é esa eminencia a que permite adquirir poderes instrumentais. Con outras palabras, o poder dun home defínese en función do dos demais homes. O poder adquirido consiste na capacidade para conseguir os servizos, reputación e estimación dos demais e, deste xeito, conseguir o dominio sobre algúns dos poderes de outros homes. Así: «O *Valor* ou *MÉRITO* dun home é, como todas as outras cousas, o seu Prezo; ou sexa, canto sería dado polo uso do seu Poder; e xa que logo non é absoluto senón algo que depende da necesidade e mais do xuízo doutro» (páx. 141). O valor, polo tanto, que os homes se atribúen uns aos outros, e en comparación co que cada un se dá a si mesmo, mídese polo grao en que cada un é honrado ou non polos demais. Desde esta perspectiva, a dignidade é o valor público atribuído a un home pola República. A dignidade, en consecuencia, non é algo intrínseco e constitutivo do individuo, é a expresión da súa valía pública. Estamos lonxe do famoso dicir kantiano: «o home ten dignidade pero non prezo». O honor é unicamente opinión de poder, o que vén manifestar a mecánica da conexión humana; a xeración do poder entre os homes

depende da opinión, cada home fai un cómputo de como os poderes dos outros poden obstaculizar ou axudar á consecución da propia felicidade. A busca de «conexión» con outros homes é instrumental e prudencial. Entendendo o cómputo prudencial como unha estimación das causas e efectos futuros baseados na experiencia de vínculos causais pasados. Importa reparar en que Hobbes estase a referir á mecánica da conexión social, non a un suposto fisiolóxico.

Por *maneiras* entende aquelas calidades da humanidade que interesan ao problema do vivir común en paz e unidade. Os homes difiren no obxecto dos seus desexos, as accións voluntarias diferéncianse parcialmente pola diversidade das paixóns e, en parte, pola diferenza de coñecemento ou de opinión que cada quen ten das causas produtoras do efecto desexado. A felicidade terrea non consiste na consecución dun fin último ou *summum bonum* senón no continuo progreso de desexo, dun obxecto a outro. As diferenzas nas maneiras producen un desexo perpetuo e insaciable de poder tras poder, que só cesa coa morte. A cuestión é como se crean os vínculos da unidade política entre os homes xa que a competencia por riquezas, mando e outros poderes, conducen á disensión, a inimizade e a guerra, pois un competidor para conseguir o seu desexo mata, somete, suplanta ou rexeita o outro. Para Hobbes, a falta de ciencia, a ignorancia das causas, da constitución do dereito, da equidade, das leis e a xustiza, dispón os homes a confiaren no consello e autoridade de outros e a aceptaren como regra das súas accións o costume e o exemplo. Ao cabo, o que Hobbes está planteando aquí é cómo as representacións morais, metafísicas e relixiosas puideron chegar a tomar corpo, como é que os homes puideron estar dominados durante séculos polo convencemento de que existen obxectos non naturais<sup>21</sup>. A ignorancia dispón á credulidade men-

---

<sup>21</sup> Max Horkheimer suxire que o que está abordando Hobbes é o problema da ideoloxía, dándolle unha resposta simplista en liña coa esbozada por Maquiavelo, a saber: «que todas as representacións que se desvían da teoría exacta da natureza humana e extrahuma-

tras que a curiosidade e a ansiedade respecto do futuro levan o home á dependencia dun poder «invisible», á esfera do misterio relixioso. Cando o home non pode asegurarse por si mesmo das verdadeiras causas das cousas, suponas, confiando ben na súa propia fantasía, ben na de outros. Di Hobbes: «Desta maneira acontece que a partir da innumerable variedade de Fantasías, os homes crearon no mundo unha chea de Deuses. É o Medo das cousas que non se ven a Semente natural de todo isto, o que cada un en si mesmo chama Relixión; e naqueles que adoran ou temen ese Poder de xeito diferente ao deles, Superstición» (páx. 156). Algúns homes sabedores deste temor teñen alimentado, vestido e formado leis desta semente natural, engadindo da súa propia invención calquera criterio sobre as causas dos acontecementos futuros, de forma que fose máis beneficioso para gobernar os outros e facer para si mesmo o máximo uso dos seus poderes.

A relixión é unha peculiaridade dos seres humanos baseada na capacidade de inquirir sobre as causas dos acontecementos, na curiosidade por buscar as causas da súa boa ou mala fortuna. Tal busca culmina no misterio porque «este medo perpetuo, que acompaña sempre á humanidade na ignorancia das cousas, cal se estivesen no Escuro, debe ter necesariamente un obxecto. E xa que logo cando non hai nada que ver, non hai nada que acusar, quer da súa boa ou mala fortuna, senón algún *Poder* ou *Axente Invisible*» (páx. 158); ou ben, derivado do desexo que teñen os homes por coñecer as causas naturais, chegan a unha causa primeira e eterna de todas as cousas á que chaman Deus. Actuando así, afástanse da busca das causas doutras cousas dando ocasión para inventarse tantos deuses como homes fantasiosos haxa e, ao non saber que son *só criaturas da fantasía*,

---

na foron inventadas por uns homes para dominar outros homes. O berce destas ideas é a astucia e o engano. A súa causa é, por unha parte, a vontade de dominio e, por outra, a falta de formación; a súa finalidade é manter o poder en mans de quen as propagan», *Historia, metafísica y escepticismo*, trad. M<sup>o</sup> del Rosario Zurro, Alianza Ed., Madrid, 1982, p. 66.

tómanas por substancias reais e externas. Tendo inventado estos deuses, os homes poden confiar só na súa propia prudencia á hora de tentar enxergar como estes axentes invisibles actuán para causar os eventos. Pero a prudencia necesariamente finaliza na superstición e na autoridade política persoal. Na medida en que estos poderes invisibles son pensados para declarar aos homes as cousas que acontecerán despois, é probable que conxeturen sobre a base duns cantos sucesos e tomen esta conxetura como prognósticos. O cómputo prudencial conduce ás estruturas da relixión e da política que definen ao home histórico. Estas son as bases da orde política que uns teñen fornecido con arreglo a súa propia invención, outros por mandamento e dirección de Deus; sexa a relixión parte da 'política humana', ou, como na segunda, da 'política divina', en ambas as dúas o propósito e volver aos seus fieis «máis axeitados para a Obediencia, Lei, Paz, Caridade e Sociedade Civil» (páx. 160). Non obstante, a política baseada nas crenzas, na fe, está constantemente ameazada pola desobediencia; se se perde a confianza en, ou se sospeita da sabedoría, a sinceridade ou o amor dos homes en quen se confían, ou se estos non son capaces de amosar algún signo de revelación divina (miragres, profecías), a relixión tórnase sospeitosa e será rexeitada a menos que interveña a espada civil.

En resumo, ata que se ocupa do poder, Hobbes non introduce consideración algunha de orde social, describindo unha natureza igual, uniforme, nos homes; por natureza, o home non é un animal político, nin a sociabilidade natural; así e todo, o poder existe e organiza as sociedades, e facelo comprensible só será posible aplicando a razón e a ciencia á política, botando man do método resolutivo-compositivo, pois non chega só coa introspección. Unha vez analizada a constitución corporal do home e a dirección dos seus movementos, aplícase a dedución e, unha vez descomposto o todo nas súas partes, facer o cómputo de cales serían os efectos, as consecuencias desa constitución,

o resultado é o estado de natureza. Hobbes comeza co home no estado de natureza, non na historia, para finalizar cunha comunidade estable.

Un dos elementos máis coñecidos e debatidos do pensamento político de Hobbes é a súa descrición do estado de natureza no capítulo XIII. Nel, o home natural áchase sen deuses, lexisladores, igrexas, xustiza ou inxustiza, virtude ou vicio. A este estado chégase mediante unha hipótese, partindo do encadeamento dedutivo dos efectos posibles das paixóns seguindo o seu movemento natural. Dito con outras palabras, trátase dunha hipótese ahistórica —independentemente de que os pobos do Novo Mundo semellen unha forma aproximada—, que non tivo que existir realmente no pasado ou nalgún lugar. Supón unha explicación filosófica das paixóns, o poder e as maneiras nun contexto no que desaparece todo: igrexas, regras, loucura, deuses sobrenaturais, códigos de honor, etc. Desaparecen todas as desigualdades, o que permanece é o home fisiolóxico-psicolóxico, a uniformidade. De aquí extráese unha diferente visión da ensinada pola experiencia e a historia. O home natural só posúe as súas facultades naturais: forza corporal e prudencia, unha relativa capacidade de razoara e de adquisición de poder. Posúe unha igualdade de capacidades, quereuse dicir que a desigualdade non é natural, as diferenzas non son significativas, tampouco entre homes e mulleres, de xeito que todos poden ser asasinados ou feridos, e todos son quen de matar e de ferir os outros; co cal toda vitoria é precaria, incerta; igualdade así mesmo de dereito, isto é, igual liberdade ou dereito natural: dereito a usar o seu propio poder como queira de cara a perseverar no seu ser, de preservar a súa propia natureza, o que implica un dereito a todas as cousas —nun estado no que os bens son escasos—, e mesmo aos corpos dos demáis; tamén hai igualdade na esperanza de acadar os seus fins, de aí que sexa un estado de loita, de guerra potencial ou real, pois para acadar os seus fins os homes deveñen inimigos, dirimíndose as desigualdades de poder no curso da batalla.

O home natural busca a súa conservación (o seu fin) e a forma máis razoable de facelo, de saír da inseguridade é anticiparse, isto é, di Hobbes, dominar, por forza ou astucia, ata conquistar tanto poder que non haxa outro maior que poda poñelo en perigo. A competición, a desconfianza e a gloria son as tres causas principais de disputa real ou potencial neste estado. Xorde a violencia pois os homes desexan gañar, buscan seguridade e loitan polo recoñecemento ou a gloria. Mais, vivindo sen un poder común, este estado é de guerra de cada home contra todo home, non reducible só á batalla ou a pelexar, senón en tanto que disposición para ela. É tal este estado que non hai lugar para a industria, o cultivo, a navegación, nin construcións axeitadas, nin artes, nin letras, nin sociedade, o que si existe é o «medo continuado e risco de morte violenta». Como ben salienta Hannah Arendt, Hobbes é o único filósofo político en cuxa obra a morte desempeña un papel crucial, non na forma da igualdade ante a morte, senón na da igualdade do temor a unha morte violenta, froito «dunha igual capacidade para matar, posuída por calquera e que persuade os homes en estado de natureza para ligarse entre si e constituir unha comunidade»<sup>22</sup>. Así pois, a vida no estado de natureza non pode ser peor, é «solitaria, pobre, noxenta, bruta e curta» (páx. 172).

O estado de natureza cumpre a función básica de des-historizar, de desvincularse da experiencia social, política, histórica, de situármonos na hipótese pre-política. Con todo, Hobbes é consciente de que tal hipótese podería resultar estraña a quen non teña indagado ben sobre isto, que non se vexa que a natureza disocia os homes volvéndoos capaces de se invadir e destruír uns aos outros, que non confíe nesta inferencia das paixóns e que queira, porén, confirmala pola experiencia. De aí que, a quen así pense, faille reparar, lembrar, que el mesmo se arma

---

<sup>22</sup> H. Arendt, *On Violence*, Brace & World, New York, 1969; vers. cast. «Sobre la violencia», en *Crisis de la república*, Taurus, Madrid, 1998, p. 168.

e faise acompañar cando viaxa, pecha as súas portas cando se deita, aferrolla as huchas, aínda que saiba que hai leis e funcionarios públicos armados. Por acaso, non se trata de acusar a natureza humana xa que «o Desexo e outras Paixóns do home non son Pecado de seu. Nin o son máis as Accións que proceden daquelas Paixóns, ata que saiban dunha Lei que as prohíbe» (páx. 173). Na condición natural o medo é á morte mesma, e a felicidade consiste na felicidade terrea, continua, na única vida que os homes teñen. Agora ben, á hora de interpretar este estado de natureza, sabemos que non corresponde a un momento histórico da humanidade, máis ben refire a unha situación ou hipótese teórica do comportamento humano cando non existe Estado ou ten desaparecido (guerra civil). A guerra é un estado latente, permanente, a dinámica das relación interindividuais leva ao conflito, dado o desexo de poder que só cesa coa morte e máis o dereito natural ilimitado de cada un sobre todas as cousas, mesmo sobre os demais. Desde esta perspectiva, a violencia e a guerra semellan ineluctables. Malia todo, é necesario incidir en que o filósofo de Malmesbury non remite a unha agresividade ou a un desexo de causar sufrimento por pracer; non hai desexo natural de asociarse, non hai que acusar a natureza, senón que é constitutivo da dinámica das relacións interindividuais, que impulsa á transformación do desexo de perseverar no ser nun desexo indefinido de poder en busca da seguridade, e de aí as tres causas da guerra sinaladas enriba, conducindo a actuar de forma contraria aos principios da razón, é dicir, ás leis da natureza.

Neste contexto parece que o único mecanismo que posúen os homes en canto semellantes e iguais para acadar o poder de outros homes é o antes indicado de que «o valor dun home é o seu prezo», de forma que no estado ou condición natural as relacións contractuais son as únicas formas posibles de conexión humana. Se non existe un poder político, nin relixioso, será a través dos contratos que cada home reciba o que merece,



posto que é libre para estimar o valor do poder doutro home. Sen embargo, a carencia dun poder común supón a ausencia de lei, e se non hai lei tampouco hai inxustiza, con que a xustiza dos contratos privados non se sostén; é máis, dáse un problema de coordinación, isto é, cando non se executan simultaneamente, senón de segundas. Así pois, as relacións contractuais, os pactos, no estado de natureza fracasan. Contratar, pactar, é establecer, mediante palabras —«prometer»— unha obrigación respecto de futuras accións, e isto só é posible, só terá forza, se se ten medo ás malas consecuencias da súa ruptura. As palabras, os pactos, serán vans, diranos, sen a espada. E xorde a pregunta de cómo se poderá saír de aquí pois, por máis que sexa unha condición permanente, Hobbes xulga que hai vías de saír, en tanto o estado de natureza é convencional, non esencialmente definido, é, emporiso, un obxecto da ciencia. Deixar o estado de natureza require que cada individuo deba contratar simultaneamente con cada individuo. Logo haberá que examinar o artificialismo do contrato e da sociedade civil; pasar da ausencia total de contratos e institucións á constitución dunha instancia soberana e ver como tenta resolver a cuestión de como se pode, partindo dunha multiplicidade de vontades individuais, establecerse unha vontade política única. Cómo pode xerarse a persoa artificial, civil: o Estado. Tendo presente que o mesmo Hobbes indica que non fala dos homes senón do trono abstracto, non personalizado, do poder; dunha unidade, artificial, non natural.

## **5. Leis, vontade e artificio**

Vontade e artificio artículanse agora para argumentar por que e como saír do estado de natureza, por máis que sempre se poida volver a el. A posibilidade descansa nas paixóns: aquelas que inclinan os homes á paz, xunto co medo á morte e o desexo das cousas necesarias para unha vida comfortable e a esperanza

de obtelas mediante a súa industria; e, por descontado, na razón que suxire os artigos de paz ou leis da natureza, principios ou teoremas da razón. A necesidade, por así dicir, dun sistema legal potencial construído voluntariamente, é algo que os homes no estado de natureza rematan por estimar imprescindible na busca do poder, dese poder que é preciso para manteren ou defenderen os obxectos desexados. A isto responde a necesidade de establecer unhas relacións pacíficas. Vontade e artificio serán necesarios para apousentar as bases da orde social e política, serán os piares nos que descansen a filosofía civil e política do filósofo de Malmesbury.

O obxectivo de Hobbes agora é facer visible o poder. A cuestión dos contratos e da xustiza plantea de novo o problema do futuro: prever as boas ou malas consecuencias. No estado de natureza o temor polo futuro non conduce aos deuses nin, esencialmente, a unhas relacións de desigualdade e dominación. Os homes buscan o poder a través de relacións contractuais pacíficas como rexistran as dúas primeiras Leis da natureza: «Procurar a paz e seguila» e «que un home cadre, cando outros tamén o fagan, sempre que o coide preciso para a Paz e a defensa propia, en desbotar este dereito a todas as cousas, contentándose con tanta liberdade contra dos outros homes como permitiría aos outros contra de si mesmo» (páx. 176). Tras a exposición destas dúas leis, Hobbes revélanos a natureza lingüística do contrato e, en consecuencia, a imposibilidade de facer un pacto coas bestas ou con Deus. Os vencellos da palabra son moi febles ante a ambición, avaricia, ira ou outras paixóns dos homes, son febles para obrigar a que se cumpra o pactado. Pactar é un acto da vontade que debe ser garantido polo temor a algún poder coercitivo, de aí que, antes de que os nomes do xusto e do inxusto poidan aceptarse, terá que haber un poder que obligue igualmente a todos ao cumprimento dos pactos. E, xusto, que «os homes cumpran os pactos que fan», sen o cal os pactos son vans e as palabras ocas, é a terceira Lei da natureza



Malia que Hobbes coñeceu a Francis Bacon cando este era xa un ancián, o gran filósofo influíu decisivamente no autor de *Leviatán*. Na imaxe, retrato de Bacon, vizconde de St. Albans, por John Vanderbank

na que radica a fonte e orixe da xustiza. A única medida da xustiza, entón, é a execución da acción externa, e a inxustiza o non cumprimento do pacto. Sen un poder común visible non hai validez para os pactos, nin propiedade, nin inxustiza. Introdúcese, xa que logo, a posibilidade de culpa ou inocencia. Relacionado con isto, interesaría demorarse — cousa que non podemos facer aquí— na argumentación de Hobbes contra os parvos que din que a xustiza non existe (capítulo XV). As demais leis da natureza non son senón apoios ou reforzos complementarios desta lei. E todas as leis da natureza resúmense na regra de ouro «*Non lle fagas a outro o que non queiras que che fagan a ti*» (páx. 197) e constitúen a verdadeira e única filosofía moral, a ciencia do bo e do malo.

Cando lemos a Hobbes é importante advertir e comprender que a lei natural, única nos homes, preséntase, en principio, sen referencia á vontade, á palabra de Deus. A lei natural non é propiamente unha lei, senón un teorema, unha conclusión da razón que atinxe á acción e á que se chega mediante un razoamento ben fundado, verdadeiro, sobre a nosa conservación. Agora ben, distínguese do dereito natural e tamén da lei propiamente dita. Sintetizando, o dereito natural vén definido en termos de liberdade, a lei en termos de obrigación. As leis da natureza son deducidas pola razón, haberá que agardar ao final do *Leviatán* para ver se tamén poden ser confirmadas polas Escrituras. Para Hobbes «Lei é —en puridade— a palabra daquel que manda, por dereito, nos outros» (páx. 199). O mandato é fundamental, e sempre supón unha obrigación. A propósito das leis da natureza tense aberto un debate sobre se hai ou non un fundamento ético da obrigación política. A cerna das interpretacións xira arredor da afirmación de Hobbes de que as leis da natureza obrigan *in foro interno*. Ao respecto disto, non podemos interpretar ao noso autor como unha sorte de kantiano. É dicir, que as leis da natureza obrigan en *conciencia*, nada hai dunha *conciencia moral*, nin dun tribunal ou facultade que xulgue sobre o xusto e

o inxusto, nin nada que teña que ver co *deber ser*. Que as leis da natureza obriguen *in foro interno* remite a que «atan a un desexo de que tiveran lugar», son obrigatorias internamente pero non teñen que selo nas accións externas, *in foro externo*. Emporiso, no estado de natureza non é posible dicir se unha acción é xusta ou inxusta, non hai patróns obxectivos.

Na condición natural, estas leis poden ser observadas doadamente, non requiren outra cousa que desexo, intención e o que intenta cumprilas, di Hobbes, dálles cumprimento, e o que dá cumprimento á lei é xusto (páx. 198). Pódese dicir que tenden á preservación e móvense da moralidade invisible á xustiza visible, mediante a execución de contratos privados que só son válidos se un poder común é erixido. De aí que son impropriamente chamadas leis, a lei propiamente dita é a palabra de quen ten dereito de mando sobre outros. O que o leva no capítulo XXVI, a definir a lei civil: «LEI CIVIL, é para cada Súdito aquelas normas que o Estado lle ten Ordenado, de Palabra, Escrito ou outro Sinal da Vontade suficiente para que faga uso delas, por mor de Distinguir entre o Correcto e o Incorrecto; ou sexa, o que é contrario e non o é á Norma» (páx. 284). A cuestión está, como pode derivarse da definición, na promulgación e na autenticación das leis civís<sup>23</sup>. É a vontade soberana a que mediante a palabra, a escrita ou mediante outros actos, promulga as leis. Con todo, a escrita adquire un papel decisivo, aínda que non esencial, Hobbes alude ao problema nos pobos nos que a lei é oral, nos pobos iletrados. No caso do Estado, non obstante, a escritura devén un requirimento difícilmente prescindible, garante da autorización e autenticación da vontade do soberano. A promulgación das leis mediante a escritura procura o seu coñecemento directo ou indirecto por parte de todos os súbditos. Sintetizando, e como recolle nunha frase do *Leviatán*

---

<sup>23</sup> Estudosos como Norberto Bobbio fan unha interpretación que acentúa o positivismo xurídico de Hobbes; véxase *Thomas Hobbes*, Einaudi Ed., 1989; vers. cast. Trad. Manuel Escrivá de Román, México, F.C.E., 1992.

latino: «Auctoritas, non veritas, facit legem» (*A autoridade, non a verdade, dicta as leis*)<sup>24</sup>.

Malia a énfase de Hobbes na vontade, tampouco en nada se asemella á vontade kantiana, a unha vontade moral ou electiva, isto é, como unha facultade. Rexeita así mesmo a liberdade metafísica da vontade. Menos acredita na distinción escolástica entre vontade en sentido psíquico e vontade moral, e así o manifesta no debate co bispo Bramhall<sup>25</sup>. A vontade simplemente é o último apetito na deliberación, non é unha facultade electiva. E, consonte este rexeitamento da vontade electiva, e en consecuencia, do valor moral que derivaría da elección, da vontade dun ser libre, poderemos entender mellor a liberdade para Hobbes. *Liberdade* significa ausencia de impedimentos externos, de todo aquilo que obstaculice o movemento; a liberdade consiste en non dar con obstáculos na consecución do desexo, a inclinación ou a vontade de facer, o que, non obstante, non vén significar liberdade de desexo, inclinación ou vontade. Dito doutro xeito, liberdade e necesidade son compatibles, dado que todo acto da liberdade humana, todo desexo ou inclinación proceden dalgunha causa e esta doutra nunha cadea continua. Como precisa no capítulo XXI, «UN HOME CEIBE é *aquel que non se reprime en facer o que lle peta nesas cousas nas que ten forza e habelencia para levalas adiante*» (páx. 241). Se, no estado de natureza, a liberdade encaixa no dereito natural e as leis da natureza non limitan esa liberdade, no terreo das leis civís Hobbes concreta a liberdade dos súbditos: son libres de

---

<sup>24</sup> *Leviatán*, vers. Lat. Sir William Molesworth (ed.), *Opera Philosophica quae Latine Scripsit Omnia III*, London, 1839-45, XXVI, p. 202.

<sup>25</sup> En 1646, en París, da man dos irmáns Charles e William Cavendish, organízase un debate no que participan Hobbes e o bispo de Derry, John Bramhall sobre a liberdade e a necesidade. Este debate, por acordo de quen participou, non debería saír á luz ante o risco que supoñía e, non obstante, John Davis, publica en Londres en 1654 o manuscrito de Hobbes sen el ter coñecemento, ao que resposta Bramhall: *A Defense of the true liberty of human actions*, e logo Hobbes en *Questions concerning liberty, necessity and chance* (1956). Deste último hai versión castelán: Thomas Hobbes, *Libertad y Necesidad y otros escritos*, Ed. e trad. de Bartomeu Forteza Pujol, Ediciones Península, Barcelona, 1991. Desta polémica arranca en boa medida a acusación de ateo e de herexe e que logo irá espallándose.

facen todo o que a lei civil non prohíba. Por tanto a liberdade civil devén especificada polas leis civís, no entanto Hobbes mantén como dereito natural inalienable o dereito á defensa e conservación da propia vida e, en consecuencia, os homes son tamén libres de desobedecer. As leis cúmprense por medo ao castigo. Quen gozará de liberdade absoluta *é o soberano*, xa que está por riba das leis civís.

## 6. Autorización, representación, persoa civil

Resta entón sinalar que os conflitos no estado de natureza son inevitables e só poden superarse mediante patróns visibles que garantan os contratos, o que supón pactar un poder político xurdido da transferencia do poder e forza individuais a un só home ou asemblea de homes, de xeito que as múltiples vontades individuais, as vontades de todos, conflúan nunha soa; pasar dunha multitude a unha única persoa artificial, civil, non parece doado e o noso autor andivo a darlle voltas. A fórmula adoptada no *Leviatán* é novidosa respecto dos textos políticos anteriores<sup>26</sup>. Preséntanos unha teoría da autorización e da representación, unha peza mestra, onde xoga un papel fundamental a concepción da *persoa civil*, froito do seu empeño na construción mesma do Estado e da orde xurídica-política, sen ter que recorrer á obriga moral a obedecelo, senón en virtude do medo á morte violenta; sen renunciar, como dixemos, ao dereito natural á conservación, pero agora non reducindo o contrato a unha simple transferencia, senón artellando a soberanía segundo a lóxica da autorización e representación. O *Leviatán* non é unha

---

<sup>26</sup> É obrigado remitir aquí, aínda que non podemos demorarnos, aos importantes estudos de Q. Skinner sobre personificación, autorización e representación, así como sobre a diferenciación entre persoa artificial e ficticia. Skinner sostén que o Estado compréndese mellor como una persoa puramente artificial, non como unha persoa por ficción. Véxase, "Hobbes and the Purely Artificial Person of the State" en *The Journal of Political Philosophy*, Vol. 7, nº 1 (1999), pp. 1-29, e "Hobbes on Persons, Authors and Representatives", en *The Cambridge Companion to Hobbes's Leviathan*, ed. Patricia Springborg, Cambridge University Press, Cambridge, 2007, pp. 157-180.

persoa física, nin privada, é unha persoa civil, pivote da institución estatal. Neste sentido, o capítulo XVI non ten parangón en ningunha das obras políticas anteriores. A definición coa que comeza é significativa: «Unha PERSOA é *aquel de quen se consideran as palabras ou accións, ou como propias ou como representativas das palabras ou accións doutros homes, ou dalgunha outra cousa á que son atribuídas, xa sexa pola Verdade ou pola Ficción*. Cando se consideran como propias, daquela recibe o nome de *Persoa Natural*. E cando se considera como representando as palabras e acción doutro, entón é unha *persoa Imaxinada ou Artificial*» (páx. 200). Hobbes ofrécenos unha análise semántica do termo *persoa*, sostendo que o uso do termo, que vén do grego *prósopon*, segue a manterse igual desde o teatro, isto é, ‘carauta’, ‘disfrace’, ‘apariencia externa’; deste xeito téñense pasado a considerar a persoa como *actor*.

Trátase, neste sentido, de non confundir, a persoa artificial coa persoa natural. Aquela existe só no artificio da sociedade civil, no estado de natureza só existen individuos. A persoa artificial é o *actor*, desempeña o papel do outro, en virtude da autoridade que ten recibido de outro. É o representante do *autor*. En sentido estrito, so hai persoas no estado civil. A persoa civil recibe un mandato para actuar, unha delegación de poderes, asume a personalidade dos autores e obra no seu nome. Unha persoa é, pois, representante do que lle transferiron. No terreo relixioso, político, militar, etc., as persoas actúan «no nome e no lugar de» quen lle confiou o mandato. O importante é que, polas súas palabras, polos seus actos ou polos pactos que conclúe, todo actor, en tanto que representante, únese a aquel que lle transferiu a súa autoridade; o que se atopa comprometido é a responsabilidade do mandato, non a do mandatario. Así: «Unha multitude muda *Nunha* Persoa cando se lle Representa por un home ou unha Persoa, de maneira que isto se faga co consentimento de cada un da Multitude en particular. Pois que é a *Unidade* do que Representa, non a *Unidade* do Representado,



o que fai a Persoa *Unha*. E é o Representante o que terma da Persoa, mais soamente unha Persoa. E a *Unidade* non pode ser entendida doutra maneira na multitude» (páx. 203).

Hobbes aplica esta teoría da representación ao Estado. No *Leviatán* reside a esencia da república entendida como unha persoa única semellante a unha gran multitude de homes, persoa representativa e soporte abstracto do poder político. O contrato xera unha persoa civil, unha ficción xurídica que ten como carácter definidor o ser representativa. Non se trata simplemente de consentir, senón de autorizar: «vén sendo máis que Consentimento ou Concordia pois que se trata dunha auténtica Unidade de todas elas nunha e a mesma Persoa, feita polo Pacto de cada home con cada home, de tal maneira como se cadaquén dixese a todos: *«Autorizo e cedo o meu Dereito a Gobernarne a este Home ou Asemblea de homes só a condición que lle cedades o voso Dereito a el Autorizándolle todas as súas Accións de idéntica maneira.* Feito isto, a Multitude unida nunha soa persoa recibe o nome de ESTADO, en latín CIVITAS» (páx. 211). Eis o Deus mortal, nel radica a esencia do Estado, definido como *«unha Persoa, que polos seus actos unha gran Multitude, por Pactos mutuos os uns cos outros, mudaron cada un en Autor, co propósito de poder empregar a forza e os medios de todos eles, cal o xulguen axeitado, para a Paz e Defensa Común»* (páx. 211). Eis a soberanía, unha e indivisible e, en consecuencia coa lóxica da representación, inviolable, absoluta. Soberanía, como en Bodino, que non é un simple atributo do Estado, senón a súa esencia. O contrato social xorde como resultado dun pacto de cada un co outro de cara a un poder e autoridade común que os representa, mais que non fai parte do pacto, nin está sometido ás leis civís. Tamén podemos ver como Hobbes desbota, non dá cabida a unha democracia orixinaria.

Mais aquí atopamos un dos temas importantes da interpretación do *Leviatán*; dito doutro xeito, se estamos diante dun pacto de sumisión, e Hobbes é un absolutista sen máis; ou mellor,

facendo fincapé na súa teoría da autorización e da representación, e da *persona civil*, ante un *estatalista* que ve o Estado como personalidade xurídica, síntese do consentimento público e da coacción legal<sup>27</sup>. Un foco do debate arredor destas cuestións atinxe ás interpretacións sobre vontade e representación do Soberano<sup>28</sup>. Estudosos da teoría da representación e da autorización, da *persona civil* no *Leviatán*, en concreto Y. Ch. Zarka e S. Goyard Fabre, insisten en que non debe verse o Estado en Hobbes baixo o perfil dun «monstro tiránico», ou como un «frío monstro», senón desde a óptica do establecemento dunha estrutura, dunha personalidade xurídica<sup>29</sup>. O foco está na articulación de protección/obediencia. Baixo esta óptica vése mellor o Estado de Hobbes como o anunciador do Estado de dereito, lonxe, por descontado, de calquera interpretación totalitaria. Quizais tras a lectura do capítulo sobre a autorización e a representación, sobre a *persona civil*, artificial, haxa que volver ao gravado no que tanto se esmerou, *á fasquía do Leviatán*, tal vez agora sexamos quen de entendela moito mellor.

Xunto coa cuestión de que o contrato, fronte a outras versións contractualistas, é tanto un pacto de sociedade como un pacto de suxeición, isto é dicir que, para Hobbes, o contrato supón unha unión dos dous, temos que reparar asimismo en que vai distinguir entre a *soberanía por institución* e a *soberanía por adquisición*, sendo este un asunto salientable desde a perspectiva de considerar que supón realmente o contrato. Se o que se

---

<sup>27</sup> Neste sentido, véxase Simone Goyard-Fabre, "Le concept de *persona civilis* dans la philosophie politique de Hobbes", en *Cahiers de Philosophie politique e juridique de l'Université de Caen*, nº 3 (1983), pp. 49-71; e *Le droit et la loi dans la philosophie de Thomas Hobbes*, Klincksieck, París, 1975.

<sup>28</sup> É obrigado sinalar a tentativa de lectura teolóxico-política de Carl Schmitt, *Der Leviathan in des Staatslehre des Thomas Hobbes. Sinn und Fehlschlag eines politischen Symbols* (1938); vers. cast. *El Leviathan en la teoría del estado de Thomas Hobbes*, trad. Francisco Javier Conde; ed. e estudo preliminar a cargo de José Luís Monereo, Comares, Granada, 2204. Tamén é obrigado indicar que C. Schmitt foi un dos primeiros en chamar a atención sobre a alegoría do monstro mariño.

<sup>29</sup> Y. Ch. Zarka, *Hobbes y el pensamiento...* op. cit., p. 242; S. Goyard-Fabre, "Le concept...", op. cit.

acorda é que todos ceden os seus poderes naturais a un home ou asemblea de homes, estamos ante a soberanía por institución; non obstante, pode acadarse a soberanía por adquisición cando un home ou un grupo de homes conquista e somete os habitantes dun territorio. O que resulta salientable é que na soberanía por adquisición o consentimento está implicado, por iso se entende xurdida dun pacto. O soberano por conquista non realiza ningún pacto cos conquistados, o que outorga a súa lexitimidade é o consentimento voluntario daqueles, o seu propio pacto, non é a vitoria o que lle da o dereito de dominio sobre o vencido.

Outro asunto importante para ir completando a lectura do *Leviatán* atinxe ao tema da rebelión ou da revolución, da conxugación do dereito de resistencia que conserva todo home en tanto que inalienable e o deber de non resistencia na medida en que está obrigado como súbdito. E como non, da herexía. O Leviatán, o deus mortal, o soberano civil é o único interprete, e quen detenta a espada; a autoridade, lembremos, non a verdade, fai as leis e polo mesmo detentará o báculo tamén.

Con todo, Hobbes non aborda ao fio da lei natural a cuestión do autor das leis naturais, a súa relación coa lei divina, isto é, a confirmación nas Escrituras, senón que o traslada ao final da súa obra, onde pasamos da demostración á interpretación, do coñecemento condicional e certo ao coñecemento absoluto e incerto, ao terreo da historia e da fe, da política humana e da política divina, onde vai tentar cadrar a súa filosofía civil e política, aplicando o criticismo bíblico e abondando na historia sagrada, mantendo a distinción entre filosofía e fe. En definitiva, en *Leviatán* Hobbes intenta presentar seriamente a consistencia da súa teoría coas Escrituras, pero igualmente vai dar pé á posibilidade de consideralo un herexe ou ateo, e, neste sentido, compréndese a alarma que puido ter causado entre os seus contemporáneos e que lle carrexase serios problemas, mesmo medo, nos últimos anos da súa vida<sup>30</sup>.

---

<sup>30</sup> Véxase, José M<sup>o</sup> Hernández, *El retrato de un dios mortal*, op. cit.

A lectura das dúas últimas partes esixe facerse moi de vagar e resulta imprescindible, constitúe un dos nós de *Leviatán* que vai máis alá dun ensarillamento de Hobbes. Nelas retorna ao misterio e á súa relación coa política. No terceira parte aplícase na cuestión da palabra natural de Deus e tamén na profética, da relixión natural e da profética, despregando o criticismo bíblico e reintroducindo a historia, a historia sagrada, e o tema do poder invisible natural e profético en relación coa obrigaición política, coa razón, a fe e a salvación. Importa reter que Hobbes estaría introducindo o tempo, a historia sagrada, e que, logo, en posteriores escritos se vai ocupar da historia, tal como no *Behemoth*<sup>31</sup>, ou mesmo no *Apéndice a Leviatán*, deixando a perspectiva a-histórica, ou mellor tentando compaxinalas para chegar aos seus obxectivos de primacía da política e da Soberanía civil. Na cuarta parte, *Do reino da escuridade*, completa a súa crítica e argumentación fronte aos que mediante escuras e erróneas doutrinas, tentan enganar para facerse co dominio sobre os homes e extinguir a súa luz natural e tamén a do Evanxeo. A Igrexa católica, o papado, pero así mesmo a Igrexa presbiteriana, están no punto de mira. En xeral, podemos concluír que na súa lectura reflíctese ademais unha certa visión da tolerancia e de secularismo, xunto cun reenvío da relixión ao ámbito máis ben privado. Non obstante arredor destas dúas partes e a súa conexión coas dúas primeiras seguen dándose diversas e continuas interpretacións.

## **7. Estados de natureza, estados de guerra. Consideracións finais**

Ao continxente de investigacións e interpretacións veñense a sumar aspectos ou cuestións pouco examinadas ata máis recentemente, xa indicamos a liña da filosofía da linguaxe ou de lin-

---

<sup>31</sup> Vers. cast., Th. Hobbes, *Behemoth. El parlamento largo*. Trad. e Introd. de Antonio Hermosa Andujar, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1992.

guaxe e política. Agora son de interese á hora de ler *Leviatán*, as achegas que engaden novas reflexións sobre o pensamento político de Hobbes. Estou a referirme, dun lado, ao relativo á familia, o contrato matrimonial e as mulleres, á luz das interpretacións feministas e, doutro, o pouco estudado ou o tópico sobre a teoría de Hobbes das relacións internacionais, o cal volve levarnos a considerar, ou reconsiderar o/s estado/s de natureza e de guerra.

Indo ao primeiro. Téñese criticado aos teóricos contractualistas que proxectan no estado de natureza trazos propios da súa sociedade ou das súas institucións sociais e históricas, en concreto, isto acontece coa familia. Sorprende, emporiso, que Hobbes na súa descrición non o faga; e sorprende aínda máis que non estableza ningún dominio natural, todos os individuos son iguais, homes e mulleres tamén o son. Por outra parte, no capítulo XX sobre o dominio paternal e despótico, Hobbes opónse ás teses do patriarcalismo tradicional, sostendo que o poder do pai non vén da xeración, da procreación, non é natural fronte, entre outros, a Robert Filmer, senón que é convencional, artificial; o dominio paternal deriva do consentimento do fillo. Tras argumentar que ninguén pode obedecer a dous amos, arremete contra quen atribúe o dominio só ao home «por pertencer ao Sexo sobranceiro, aí si que se trabucan». Continúa argumentando que a diferenza de forza ou prudencia entre home e muller non é tal como para que «o dereito poida determinarse en Guerra» (páx. 233). Nos Estados civís esta controversia, dí, resólvese mediante a Lei Civil, agora ben, case sempre a favor dos pais porque «os Estados son creados case sempre, por estes e non polas Nais de familias». E aínda máis, «na condición da Natureza simple, onde non hai leis Matrimoniais, non se pode saber quen é o Pai, a non ser que veña declarado pola Nai, e xa que logo o dereito de Dominio sobre o Fillo depende da súa vontade, sendo consecuentemente dela» (páx. 234). É a nai a que ten dereito, no estado de natureza, sobre os fillos e, xa que

logo, é quen de abandonalos ou crialos, protexelos; a nai é quen decide sobre a súa preservación da vida, protección a cambio de obediencia, é dicir, que ao medrar os fillos non se convirtan en inimigos seus. Hobbes refírese ás amazonas, e tamén ás raíñas, a mulleres poderosas.

A lóxica de Hobbes semella clara no estado de natureza, o que chama a atención é como no Estado civil agroman as familias, os matrimonios, e o varón pasa a ser o cabeza de familia, quen detenta a autoridade e, as mulleres convértense en esposas, dándose un troco na autoridade das nais para os pais. Xorden as preguntas: Por ventura, as mulleres terían perdido a guerra fronte aos varóns no estado de natureza? Se hai igualdade natural e non existen as familias como é que se produce a suxeición das mulleres aos varóns? E prodúcese xa no estado de natureza e lexitímase co Estado civil? E tendo en conta ademais que a subordinación, o sometemento das mulleres caería do lado da convención, non da natureza, na que Hobbes non ve impedimento algún para o dominio das mulleres. As teóricas políticas feministas pregúntanse se as mulleres consenten a súa subordinación e, de selo caso, por qué<sup>32</sup>. A teórica política feminista Carole Pateman, primeiro xunto con Teresa Brennan e logo no seu influínte *The Sexual Contract*<sup>33</sup>, vai soste a tese de que só se pode respostar aquelas preguntas e apuntar como Hobbes chega desde premisas de igualdade sexual, de non existencia de leis matrimoniais, do dominio natural da nai, na condición natural, á situación de suxeición no Estado civil, achegando

---

<sup>32</sup> Un escrito pioneiro, non feminista pero que si ten influído moito nas estudosas feministas de Hobbes é o de Gordon J. Schochet publicado no 1967 «Thomas Hobbes on the Family and the State of Nature» en *Political Science Quarterly* e logo recollido no seu libro *Patriarchalism in Political Thought* (1975), e tamén no volume de *Feminist Interpretations of Thomas Hobbes*, The Pennsylvania State University Press, University Park, 2012.

<sup>33</sup> T. Brennan and C. Pateman, «"Mere Auxiliaries to the Commonwealth": Women and the origins of Liberalism», en *Political Studies* XXVII, 2 (1979); C. Pateman, *The Sexual Contract*, Polity Press/Basil Blackwell, Cambridge/Oxford, 1988; vers. cast. *El contrato sexual*, trad. M<sup>a</sup> Luisa Femenías, Introducción y revisión M<sup>a</sup> Xosé Agra Romero, Anthropos, Barcelona, 1995.



Lousa sepulcral de Hobbes na igrexa de Hault Hucknall, Derbyshire, Inglaterra. O texto latino di: *Aquí repousan os restos de Thomas Hobbes, de Malmesbury, quen por moitos anos serviu a dous condes de Devon, pai e fillo. Excelente home, moi coñecido no país en no estranxeiro pola súa erudición. Morreu o 4 de decembro do ano do Señor de 1679, á súa idade de 91 anos*

unha conxectura fronte ao que xulga un *gran gap* lóxico, isto é, que ten lugar un contrato sexual, que antes do contrato orixinal xa se tiña producido que un bo número de mulleres tiveran caído baixo o poder dos homes. Tanto no caso de Hobbes como no dos outros clásicos contractualistas examinados por ela, a tese do contrato sexual anterior pero indisociable do contrato orixinal, responde ao tránsito do patriarcado clásico, tradicional ao patriarcado fraternal moderno.

A obra de Carole Pateman foi pioneira, abrindo a vía a novas investigacións e, como sinalan Nancy J. Hirschmann e Joanne H. Wright, na súa introdución a *Feminist Interpretations of Thomas Hobbes* (2012), malia que Hobbes non comenta moito sobre as mulleres, o sexo e a familia, sen embargo fascina ás pensadoras políticas feministas no século XX e igualmente no século XXI, en boa medida porque o noso autor non é nada sentimental, é bastante austero ao respecto, e situándose máis alá dun Hobbes «caricaturizado», teorizado desde o «individualismo atomista», o «individualismo posesivo» ou o «individualismo abstracto». Particularmente interesante neste volumen é a conversa que manteñen Carole Pateman e outro dos máis recoñecidos renovadores, desde a interpretación histórica, do pensamento de Hobbes, colocándoo como un humanista e deitando moita luz sobre a cuestión da personificación, da autorización e da representación, o xa citado Quentin Skinner<sup>34</sup>. A conversa é todo un exemplo de tensións produtivas, de intersección entre dúas correntes interpretativas de Hobbes, entre dous pensadores que poñen de relevo a vixencia e actualidade dos estudos sobre Hobbes. Só un apuntamento máis, aínda que os lectores e as lectoras de Hobbes, e neste caso do *Leviatán*, poden reparar só nos argumentos de Hobbes, en liña con lecturas máis apegadas ao canón da filosofía política tradicional, é dicir, como

---

<sup>34</sup> «Hobbes, History, Politics, and Gender: A Conversation with Carole Pateman and Quentin Skinner», Conducted by Nancy J. Hirschmann and Joanne H. Wright”, en *Feminist Interpretations*, op. cit., pp. 18-43.



subliñan tamén as editoras, sobre poder, liberdade, orden..., sen embargo, dificilmente se acadará unha idea cabal, engado, do que é erixir un mundo común nos termos en que o noso filósofo nolo presenta en *Leviatán*.

En relación co segundo aspecto indicado enriba, como ben sinala N. Malcolm, os escritos sobre a teoría de Hobbes das relacións entre Estados amosan unha asimetría. Para os especialistas na teoría das relacións internacionais Hobbes é unha «figura canónica», representativa dunha das principais tradicións, nomeadamente, do «realismo», xunto con Maquiavelo, e para algúns tamén Tucídides. Non obstante, os especialistas non van moito máis alá desta constatación (agás excepcións), apenas desenvolven este aspecto do seu pensamento, co cal, vén dicir Malcolm, transmitese unha interpretación que acaba sendo «fixa e osificada», funcionado no mellor dos casos como un «tipo ideal», e no peor como unha «caricatura»<sup>35</sup>. Sintetizando, a visión que se transmite é que, en Hobbes, non hai estándares éticos aplicables ás relacións entre Estados, e facendo unha analoxía co estado de natureza entre individuos, transponse a guerra de todos contra todos a este escenario, sen atender aos problemas que levanta a comparación entre individuos e Estados, e moi en particular os que suscita respecto da lei da natureza cando se contempla a súa aplicación ou concreción neste escenario. De novo, deixaremolos aquí, apenas indicar que hoxe en día estase a revisar o «realismo» de Hobbes, achegando visións máis acaídas, que o alonxan quer do imperialismo, quer do pesimismo realista, incidindo nunha relectura que ten máis a ver coas posibilidades de cooperación internacional. En calquera caso, cando nos movemos no terreo internacional, ou global, mesmo se atendemos ao debate do cosmopolitismo, hai que advertir que ninguén vai acreditar, todo o contrario, nun levia-

---

<sup>35</sup> N. Malcolm, «Hobbes's Theory of International Relations», en *Aspects of...*, op. cit., p. 433.

tán mundial. Nin, cando miramos o pasado recente, as posicións na época da guerra Fría ante a ameaza nuclear, nin hoxe ante a globalización, as novas guerras e as novas formas da violencia, e ante a «decadencia» do Deus mortal, do Estado-nación.

\* \* \*

Para concluír, Hobbes ten algo valioso que ofrecer no século XXI, o que comporta, como vimos de ver, que hai que saírse da caricatura. E, volvendo sobre o inicio, quero insistir de novo en que *Leviatán* é unha obra impresionante e que impresiona. Impresionante no esforzo por, malia o seu certo pesimismo sobre a condición humana, empeñarse dabondo na política, en erixir un mundo común. Impresiona, porque no mundo no que nos toca vivir, o medo a unha morte violenta toma novas formas que fan berrar «non temos medo» e non enconicarse. Volvendo a un moral e razoable Rawls, relativamente optimista, vemos que semella sucumbir ante Hobbes cando nos di que *Leviatán* adquire unha dimensión sobrecolledora porque, cre Rawls, Hobbes estáse a referir a individuos normais, o que nos ensina «que non temos que ser uns *monstros* para ter serios problemas»<sup>36</sup>.

---

<sup>36</sup> J. Rawls, *Lecciones... op. cit.*, p. 84.

LEVIATÁN  
OU A MATERIA, FORMA E PODER  
DUNHA REPÚBLICA  
ECLESIAÍSTICA E CIVIL



## NOTA DO TRADUTOR

Traducir a Hobbes, logo dunha chea de anos dedicado ao labor, duro, entregado, frutífero, de verter autores doutras linguas ás dúas nas que adoito moverme, foi unha experiencia fascinante. Non soamente pola súa dificultade —pertenzo á caste dos que medran diante delas— senón polo que ten de enriquecedora. Son persoa moi curiosa, disposta, xa que non nacín sabido, a morrer aprendido. E con Hobbes teño afondado moito non soamente na súa vida mais no contexto pouco doado (para el e os seus compatriotas) en que tivo que se desenvolver. Autoexilio incluído, intuindo Hobbes como intuía (e os seus agoiros resultaron certos) que a aventura da república cromwelliana non é que fose acabar mal (como así foi) senón que habería dar cabo de moitas cabezas (comezando pola de Carlos I Estuardo, sublime testudo, e nunca mellor dito, levado ao cadafalso por se negar a aceptar outra autoridade que non fose a de Deus).

Realizando esta tradución, por outra banda, afondei igualmente na Biblia, decisiva na concepción do concepto hobbesiano e a maneira de desenguedellalo, outra débeda importante que teño con este home a quen dediquei os tres últimos anos de maneira compulsiva, partillada con autores máis veciños no tempo pero de ningunha maneira máis modernos ca Thomas Hobbes. Chantando como chantou este as claves para un Estado alleo a inxerencias.

Para a miña tradución contei coa reimpresión (de 1985) da edición feita por Penguin Classics, en 1968, con introdución de C. B. Macpherson. A partir da edición príncipe, a que di *London. Printed for Andrew Crooke, at the Great Dragon in Saint Pauls Church-yard, 1651*. Seguina con fidelidade extrema, mesmo no que se refire á tipografía (maiúsculas, cursivas, etc.), co mesmo criterio de fidelidade que o propio Macpherson (*the*

*original spelling and punctuation has been kept, as has the capitalization and italicization*), desde a convicción de que o contrario viría traizoar o moi meticuloso Thomas Hobbes, quen tivo diante del un exemplar desta edición, conservada —entre outros lugares— na University of Toronto Library, xustamente a empregada por Macpherson na súa exemplar edición. Da que son moi agradecido debedor.

LEVIATHAN,  
OR  
The Matter, Forme, & Power  
OF A  
COMMON-WEALTH  
ECCLESIASTICALL  
AND  
CIVILL.

---

*By* THOMAS HOBBS *of* Malmesbury.

---



---

LONDON,  
Printed for ANDREW CROOKE, at the Green Dragon  
in *St. Pauls* Church-yard, 1651.





AO MEU MOI HONORABLE AMIGO  
O SEÑOR FRANCIS GODOLPHIN  
DE GODOLPHIN

*Honorable Señor,*

O seu moi meritorio Irmán, o Señor *Sidney Godolphin* cando vivía, compraciase en pensar que os meus traballos algo valían ademais de obrigarme, como sabedes, con testemuños da súa prezada opinión, grandes de seu, e meirandes pola categoría da súa persoa. Porque non había virtude que dispuxese a un home, ben ao servizo de Deus ou ao servizo do seu País, ao da Sociedade Civil ou da Amizade Privada, que non aparecese na súa conversa, non en canto que achegada por necesidade ou arbitrada pola ocasión, senón de maneira inherente e brillante na constitución xenerosa da súa natureza. Xa que logo, en honor e gratitude para con el e devoción para con vós, dedícovos humildemente o meu discurso sobre do Estado. Non sei como o recibirá o mundo nin como se reflectirá naqueles que semellan favorecelo. Pois que nun camiño ameazado por aqueles que dunha banda loitan por unha Liberdade excesiva, e doutra banda por un exceso de Autoridade, non é doado pasar entre ambos e saír indemne. Mais aínda así entendo que o esforzo por facer progresar o Poder Civil nunca pode ser condenado polo Poder Civil en si mesmo; nin que os particulares, ao censuralo, declaren que coidan que se trata dun Poder excesivo. Ademais eu non falo dos homes, senón (en Abstracto) do Asento do Poder (como aquelas simples e imparciais criaturas do Capitolio Romano que co seu boureo defendían os que estaban dentro, non porque fosen eles máis por estar alí), sen ofender a ninguén, senón aos que están fóra ou aos que estando dentro (se tal houberse) andan a favorecer a estes. O que se cadra ofenderá máis son certos Textos das Sagradas Escrituras aducidos por min

con outro propósito ao que os outros adoitan empregar. Mais se o fixen foi coa debida submisión, e tamén (por mor do meu Asunto) obrigadamente; porque son os Baluartes do Inimigo, desde o que impugnar o Poder Civil. Se malia isto atopades o meu labor desacreditado en xeral, ben podeades escusarvos dicindo que son un home que amo as miñas opinións e que coido que canto digo é verdadeiro, que honrei o voso Irmán igual que fago con vós, e que por iso presumo de asumir o Título (sen o voso coñecemento) de ser, como son,

SEÑOR,

París, Abril, 15/25 1651.

O voso máis humilde  
e máis obediente servidor.

THO. HOBBS

## A INTRODUCCIÓN

A Natureza (a Arte a través da cal Deus fixo e goberna o Mundo) é como acontece en moitas outras cousas imitada pola *Arte* do home, de tal maneira que este poida crear un Animal Artificial. Porque vendo que a vida non é máis que un bulir de Membros, o inicio do cal atópase nalgunhas partes importantes do seu interior, por que non podemos dicir que todos os *Autómatas* (Enxeños que se moven por resortes e rodas tal como fai un reloxo) teñen unha vida artificial? Porque, que é o *Corazón* máis que un *Resorte*, e os *Nervios* unha chea de *Piolas* e as *Articulacións* un conxunto de *Rodas* que dan movemento a todo o Corpo tal como fora previsto polo *Artífice*? A Arte vai máis lonxe aínda, imitando a obra Racional que vén sendo a máis sobranceira da Natureza, o *Home*. Porque a Arte creou ese gran LEVIATÁN chamado MANCOMUNIDADE ou ESTADO (en latín CIVITAS) que non é senón un Home Artificial; aínda que de maior estatura e forza que o Natural, pensado para a súa protección e defensa; e no que a *Soberanía* é unha *Alma* Artificial, para lle outorgar vida e movemento a todo o corpo; os *Maxistrados* e outros *Funcionarios* da Xudicatura e Poder Executivo, as *Articulacións* artificiais; a *Recompensa* e os *Castigos* son os *Nervios*, que fan idéntico papel no Corpo Natural: a *Opulencia* e mais a *Riqueza* de todos os membros particulares constitúen a *Forza*; *Salus Populi* (a *seguridade do pobo*) son os *Negocios*: os *Conselleiros*, aqueles que suxiren todas as cousas que se precisan saber, son a *Memoria*; *Equidade* e *Leis*, a *Razón* artificial e a *Vontade*: *Concordia*, *Saúde*: *Sedición*, *Doenza* e *Guerra Civil*, *Morte*. Por último, os *Pactos* e *Acordos*, a través dos que se fixeron primeiro as partes deste Corpo Político, vencelladas e unidas lembran o *Fiat* ou o *Fagamos ao home*, pronunciado por Deus na Creación.

Para describir a Natureza deste home Artificial terei en conta:

Primeiro, a *Materia* e mais o *Artífice*, en ambos casos o *Home*.

Segundo, *Como* e a través de que *Pactos* se fai; cales son os *Dereitos* e o *Poder* xusto ou a *Autoridade* dun *Soberano*; e que é o que *conserva* e o que *esnaquiza*.

Terceiro, que é un *Estado Cristián*.

Por último, que é o *Reino da Escuridade*.

Verbo do primeiro, hai un dito do que se ten abusado moito ultimamente, segundo o cal a *Sabedoría* non se achega pola lectura de *Libros*, senón de *Homes*. Consecuentemente, aquelas persoas que na súa maior parte non poden dar outra proba de ser sabidas, teñen gran pracer en mostrar o que pensan que leron nos homes censurándose sen misericordia os uns aos outros nas súas costas. Mais hai outro dito, coñecido desde hai tempo, segundo o cal os uns poderían aprender a ler en verdade nos outros se se tomasen o traballo de facelo; e este é, *Nosce teipsum, Lete a ti mesmo*; que non se empregaba, como se fai agora, para consentir o bárbaro comportamento dos homes no poder cara aos seus inferiores ou para estimular os homes de rango baixo para manter unha conduta insolente cara aos seus superiores, senón para ensinarnos que por mor das similitudes entre os pensamentos e Paixóns dun home, e os pensamentos e Paixóns doutro, aquel que se mire dentro, e coide o que fai cando *pensa, opina, razoa, agarda, teme*, etc., e con que bases, lerá e coñecerá cales son os pensamentos e Paixóns de todos os outros homes en ocasións idénticas. Refírome á similitude de *Paixóns*, que son as mesmas en todos os homes, *desexo, medo, esperanza*, etc., non á similitude dos *obxectos* das *Paixóns*, que son as cousas *desexadas, temidas, esperadas*, etc., pois que estas poden variar moito segundo a constitución individual e a educación particular, e son tan doadas de se manter afastadas do noso coñecemento que os caracteres do corpo humano, esborrachados e confundidos como están, con doutrinas camufladas, men-

tireiras, falsificadas e erradas, son lexíbeis soamente para quen penetra nos corazóns. E aínda que polas accións dos homes poidamos descubrir ás veces os seus designios, facelo sen comparalos cos nosos e distinguir todas as circunstancias polas que o caso pode chegar alterarse é como descifrar sen claves, ficando enganados na maior parte por excesiva fe ou confianza de máis, segundo quen lea sexa el mesmo un home bo ou malo.

Mais aínda supoñendo que un home lea noutro perfectamente a través das súas accións, isto abundará tan só cos seus coñecidos, que non son máis que uns poucos. Quen goberna toda unha Nación debe ler en si mesmo, non neste ou noutro home particular, senón na Humanidade. O que sendo difícil de facer, máis aínda que aprender unha Linguaxe ou Ciencia, unha vez que eu teña feito a miña lectura axeitada e sabiamente, os demais non deberán senón pensar en se non atopan as mesmas cousas neles mesmos. Porque esta clase de Doutrina non admite outra Demostración.



PARTE I  
DO HOME





## Capítulo I. Das sensacións

Verbo dos Pensamentos do home, considerareinos primeiro *Singularmente*, e logo no seu *Conxunto*, ou dependencia recíproca. Collidos *Singularmente*, son cada un *Representación ou Aparencia* dunha certa calidade ou accidente dun corpo alleo a nós; o que se adoita coñecer como un *Obxecto*. Ese obxecto móvese diante dos ollos, oídos e outras partes do corpo humano; sendo a diversidade das accións a causa da diferenza das aparencias.

A orixe de todos eles é o que chamamos SENSACIÓN. (Porque non hai concepción na mente humana que non se teña xerado, total ou parcialmente, nos órganos da Sensación.) O demais derívase todo desa orixe.

Coñecer a razón natural da Sensación non é moi importante para o que me ocupa agora; xa teño escrito abondo do mesmo noutro lugar. Aínda así, para que nada do meu método actual fiquen incompleto, vouno expoñer aquí brevemente.

A causa da Sensación é o Corpo Externo ou Obxecto que actúa sobre o órgano correspondente a cada Sensación, quer inmediatamente, como no Gusto e no Tacto: quer inmediatamente, como en Vista, Oído e Olfacto; esta acción, a través dos Nervios, e outras febras e membranas do corpo, transmítese interiormente ao cerebro e ao corazón, provocando unha resistencia, reacción ou esforzo do corazón por ceibarse; ese esforzo, por ir cara ao *Exterior*, semella vir de fóra. E esta *semellanza* ou *imaxinación*, é o que os homes chamamos Sensación, e consiste, referido ao Olló, nunha *Luz*, ou *cor figurada*; ao Oído, nun *Son*; ao nariz, nun *Cheiro*; á *Lingua* e mais o *Padal*, nun *Sabor*; consonte ao resto do corpo, en *Calor*, *Frío*, *Dureza*, *Moleza*, e outras calidades que discernimos polo sentir. Todas estas calidades que chamamos *sensíbeis* están no obxecto causa delas mais son tantos os diferentes movementos da materia que actúan nos nosos órganos diversamente. Tampouco cando actúan en nós non son senón movementos (pois o movemento non produce

outra cousa que movemento). Mais aparecen diante nosa como imaxes, tanto na vixilia coma no soño. Xa sexa premendo, fre-gando ou batendo no Olló xorde en nós unha imaxe luminosa; e premendo a orella prodúcese un son: de maneira que os corpos que vemos, ou sentimos, fan o mesmo a través dunha acción forte, aínda que desapercibida. Porque se estas Cores, e Sons, estivesen nos Corpos, ou Obxectos que as causan non poderían ser afastadas como o son nos espellos, e nos Ecos pola reflexión; do que se deduce que a cousa que vemos está nun lugar; e a aparencia noutra. E aínda que a certa distancia o real, o propio obxecto semella investido pola imaxe que fica en nós, o certo é que o obxecto é unha cousa, a imaxe ou fantasía, outra. De maneira que a Sensación, en todos os casos, non é outra cousa que a fantasía orixinal, causada (xa se dixo) pola actuación, isto é, polo movemento de cousas externas sobre os nosos Ollos, Oídos e outros órganos destinados á captación.

Mais as escolas filosóficas, en todas as Universidades da Cristiandade, baseándose en certos textos de Aristóteles, ensinan outra doutrina; e din consonte á *Visión*, que a cousa vista, proxecta desde todas as beiras unha *especie visible*, *aparición*, *aspecto* ou *cousa vista*: sendo a recepción do cal desde o Olló, a *Visión*. Consonte á *Audición*, que a cousa sentida proxecta unha *Especie audible*, ou sexa, un *Aspecto audible*, ou unha *Cousa audible*, que ao entrar no Oído é causa da *Audición*. Mesmo no referido á *Comprensión* din que a cousa Compreendida proxecta *especie intelixible* ou, o que é o mesmo, unha *cousa intelixible*; que ao achegarse na *Comprensión* fai que nós deamos Compreendido. Non digo isto para rexeitar o que é costume nas Universidades: mais porque máis adiante vou falar do papel que xogan nun Estado debo facervos ver, cada vez que saian, as cousas que terían de ser corrixidas; entre elas a frecuencia con que se empregan discursos carentes de significado.

## Capítulo II. Da imaxinación

Que cando unha cousa fica queda, a menos de que algo a faga bulir, así ficara para sempre, é unha verdade da que ninguén dubida. Mais que cando unha cousa está en movemento, así permanecerá sempre, con tal de que nada a faga parar, pois que aínda que a razón sexa a mesma, (maiormente que nada pode mudar de seu), xa non provoca un asentimento similar. Porque os homes miden, non soamente os outros homes, senón as restantes cousas, por eles mesmos: e porque se atopan suxeitos despois do movemento a dores e lasitudes coidan que todas as demais cousas cansan tamén polo movemento, e procuran acougo pola súa conta; sen decatarse de que igual hai outra maneira de movemento que teña como base o desexo de acougo que neles atopan. Do que se infire, din os Escolásticos, que os corpos Pesados van para abaixo, por mor do desexo de pousar, e desta maneira manter a súa natureza no lugar máis axeitado; do que se adscribe absurdamente apetencia e Coñecemento do que é bo para a súa conservación (o que é máis do que o home ten) a cousas inanimadas.

Unha vez que un Corpo estea en movemento, segue así (a menos que llo impida algunha outra cousa) eternamente; e sexa cal fose o atranco, non pode parar de súpeto, senón con tempo e gradualmente. E como vemos na auga, aínda que o vento cese, as ondas non deixan de arrolar durante moito tempo; a mesma cousa acontece no movemento que se produce no interior do home, cando Ve, Soña, etc. Porque despois de que se afaste o obxecto ou se feche o ollo, ficará aínda unha imaxe da cousa vista, aínda que máis escura que cando a vimos. Isto é o que os Latinos chamaban *Imaxinación*, da imaxe producida pola visión; e aplicando o mesmo, aínda que con pouco xeito, a todos os outros sentidos. Mais os gregos chamábanlle *Fantasia*; que significa *aparencia*, e cadra tanto nun sentido coma noutro. IMAXINACIÓN, xa que logo, non é nada senón unha *sensación*

*que esvae*; e está nos homes, e en moitas outras Criaturas vivas, tanto durmindo coma en estado de vixilia.

O esvaer do Sentido en homes en estado de vixilia, non é a fraqueza do movemento mudado en sentido; senón o seu escurecemento, á maneira de como a luz do Sol escurece a luz das Estrelas; pois que as estrelas non exercitan menos a virtude pola que son visíbeis de día que de noite. Mais porque de entre todas as solicitacións, que os nosos ollos, oídos e outros órganos reciben dos corpos externos, tan só a predominante é sensible. E pois o Sol é predominante non nos vemos afectados pola acción das estrelas. E cando se afasta calquera obxecto dos nosos ollos a impresión que fixo en nós permanece; ora, se ben continúa a acción doutros obxectos máis presentes, a Imaxinación do pasado escurece e esvae; cal fai a voz do home no medio do boureo cotián. Do que se segue que canto máis tempo pase, despois da visión ou Sensación de calquera obxecto, máis fraca será a Imaxinación. Porque a muda continua do corpo do home esnaquiza, co tempo, as partes que buliran coa sensación. Polo que a distancia de tempo e espazo ten o mesmo efecto en nós. Pois que a grande distancia do lugar para o que miramos fai que semelle cativo e sen que deamos distinguido as súas partes máis pequenas; e as Voces semellan frouxas e desartelladas; da mesma maneira logo dunha distancia temporal considerable, a nosa imaxinación do Pasado é feble; e perdemos (por exemplo) de Cidades que viramos moitas Rúas concretas; e das Accións, moitas Circunstancias particulares. A esta *sensación que esvae*, cando se trata de expresar a cousa de seu (quer dicir *fantasía* de seu) chamámoslle *Imaxinación*, tal como dixen anteriormente: mais ao expresar o esvaer, significando que a Sensación mingua, faise vella e pasa, e daquela recibe o nome de *Memoria*. De maneira que *Imaxinación* e *Memoria*, non son máis que unha cousa, que por razóns diversas colle diversos nomes.

A memoria cando grande, ou sendo memoria de moitas cousas, recibe o nome de *Experiencia*. Dígase de novo, a

Imaxinación refírese soamente a aquelas cousas que xa foran percibidas pola Sensación, xa fosen todas ao tempo, ou por partes en intres diversos; a primeira (que consiste en imaxinar o obxecto por enteiro, tal como se presenta á sensación) é *Imaxinación simple*; como cando un imaxina a un home ou un cabalo que xa vise antes. A outra é *Composta*; como cando da visión dun home nun momento concreto, e dun cabalo noutro, concibimos na nosa mente un Centauro. Desta maneira cando un home mestura a imaxe da súa propia persoa, coa imaxe das accións doutro home; como cando dá en imaxinarse un *Hércules* ou un *Alexandre* (o que adoita acontecerlle a aqueles moi parciais da lectura de novelas) é unha imaxinación composta, en puridade non outra cousa que unha Ficción da mente. Nos homes poden erguerse outras Imaxinacións (mesmo en estado de vixilia) produtos dunha impresión grande na sensación; así de espreitar o Sol quédanos impresa nos ollos unha imaxe do Sol durante un longo tempo; e de estar atentos con fixación moi intensa a Figuras Xeométricas un home seguirá tendo na escuridade (aínda que estea en vixilia) Imaxes de Liñas e Ángulos diante dos ollos; ese xeito de Fantasía non ten un nome particular ao ser algo que non adoita mostrarse no discurso humano.

As imaxinacións dos que dormen son as coñecidas como *Soños*. E estas xa estiveran (como todas as outras Imaxinacións), total ou parcialmente, na Sensación. E pois que no referido á sensación, os Órganos precisos para ela, como o Cerebro e mais os Nervios, están tan apampados no sono que dificilmente bolen pola acción de Obxectos Externos; durante aquel non se pode producir imaxinación nin tampouco Soño, senón o que procede do bulir das partes interiores do corpo humano. Estas partes interiores, pola conexión que teñen co Cerebro e os Órganos, ao sufrir trastornos dalgunha caste, poñen a estes en movemento; de maneira que a Imaxinación producida con anterioridade aparece agora como se o home estivese en estado de vixilia; se non fose polo feito de que os Órganos da Sensación fican

agora apampados, de xeito que non hai obxecto novo que poida mandar neles e escurecelos cunha impresión máis forte aínda; un Soño precisa ser máis claro, neste silencio de sensacións que son os nosos pensamentos en vixilia. Do que se infire que é asunto complexo, e ás veces imposible, distinguir con exactitude entre Sensación e Soño. Pola miña banda cando coído que en Soños non penso nin decote nin decotío nas mesmas Persoas, Lugares, Obxectos, Feitos como fago en estado de vixilia, nin lembro un treito longo de pensamentos coherentes cando Soño como noutros momentos, e porque na Vixilia ás veces reparo no absurdo dos Soños, mais nunca soño co absurdo dos meus Pensamentos na vixilia; préstame saber que estando esperto non soño, aínda que cando soño coide estar esperto.

A visión dos soños vén dada polo desacougo dalgunhas das partes interiores do Corpo; sendo así que desacougos diversos causarán Soños diferentes. Do que se infire que pasar frío ao durmir produce Soños de Medo, e provoca o pensamento e mais a Imaxe de certos obxectos arrepiantes (sendo recíprocos o movemento do cerebro ás partes interiores e destas ao Cerebro). E da mesma maneira que a Carraxe pode producir calor en partes do Corpo cando estamos espertos, ao durmir a calor excesiva desas partes causa Carraxe, e ergue no cerebro a imaxinación dun Inimigo. Do mesmo xeito; así como a xentileza natural, cando estamos en estado de vixilia, provoca desexo, e o desexo acalora outras partes do corpo, acontece igualmente que un exceso de calor nesas partes, cando durmimos, ergue no cerebro a imaxe dunha manifestación amorosa. En resumo; os nosos Soños son o reverso das nosas Imaxinacións en estado de vixilia; o movemento cando estamos espertos comeza nun extremo e cando Soñamos noutro.

Menos doado de discernir entre o Soño dun home e os seus pensamentos en estado de vixilia é cando, por accidente, non nos decatamos de durmir; cousa doada de acontecer a quen está cheo de pensamentos desacougantes posuído por unha

conciencia moi atribulada, e que dorme sen se dar a circunstancia de ir á cama ou despoxarse da roupa, como aquel que toquea nunha cadeira. Pois que quen sofre de dores, e tenta laboriosamente durmir, caso de que algunha fantasía incontable e desorbitada se apodere del, non pode senón tomala como un Soño. Aprendemos que *Marco Bruto* (a quen dera vida *Xulio César*, e aínda así acabou asasinándoo) en *Filipos*, a noite antes de que presentara batalla a *César Augusto*, viu unha aparición arrepiante, comunmente narrada polos historiadores como unha Visión; mais coidando nas circunstancias ben se podería xulgar que non se tratou senón dun soño breve. Pois que sentado na súa tenda, pensativo e turbado pola acción cometida que non deixaba de proelo, non era improbable que, atecido pola friaxe, soñase naquilo que máis o aflixía e pois que ese arrepío o fixera estar gradualmente en vixilia, era obrigado que a Aparición tamén esvaese moi amodo. E xa que non tiña seguridade de estar durmido, non tería razóns para pensar que se tratase dun Soño, senón dunha Visión. E isto non é un Accidente moi raro; porque mesmo aqueles que están perfectamente espertos, se son medorentos ou supersticiosos, acreditan nos contos de medo e vagan sos na escuridade, están suxeitos a semellantes fantasías e cren ver espíritos e fantasmas de homes mortos paseando polos camposantos; cando se trata ou soamente da súa fantasía, ou da raposada de xente que se aproveitan de semellante medo supersticioso para andar disfrazados de noite por lugares que non queren que se saiba que frecuentan.

Desta ignorancia de como distinguir Soños, e outras Fantasías intensas, de Visión e Sensación, xorden na meirande parte as crenzas relixiosas dos pagáns en tempo pasado, que adoraban Sátiros, Faunos, Ninfas e demais, orixe da opinión que a xente groseira ten aínda hoxe de Fantasmas, Fadas e Elfos, así como do poder das Meigas. Verbo das Meigas non penso que os seus meigallos teñan en verdade poder; senón que son castigadas xustamente polas súas falsas crenzas en poder facer falcatrua-

das, á parte o desexo de facelas se tal puidesen, estando os seus choios máis próximos a unha nova relixión que a unha arte ou ciencia. Consonte ás Fadas e aos Fantasmas errantes, a crenza neles comezou, ou nada se dixo contrariamente, para xustificar o emprego de Exorcismos, Cruces ou Auga Bendita, e outros enguedellos de xente supersticiosa. Así e todo non hai dúbida de que Deus ben pode provocar Aparicións antinaturais, pero que as faga tan a miúdo, como para que os homes deban temer esas cousas, máis que a continuidade ou a muda do curso da Natureza que El mesmo é quen de continuar ou mudar igualmente, non é un artigo de fe cristiá. Mais os malvados, so pretexto de que Deus é quen de facer calquera cousa, ousan dicir o que lles peta cando lles convén, aínda que sexa mentira. Correspóndelle aos homes sabios acreditar soamente naquelas cousas que a razón auténtica faga dignas de creto. Se desenliscado os medos supersticiosos aos Espíritos, e con eles aos Agoiros que veñen con Soños, ás falsas Profecías, e a moitas outras cousas deste teor, por medio das cales persoas ambiciosas e argalleiras abusan da xente simple, os homes estarían máis dispostos do que o están para a Obediencia civil.

E este tería de ser asunto para as Escolas, mais elas tenden a manter semellantes doutrinas. Porque sen saber o que son a Imaxinación e mais as sensacións aquilo que reciben, aquilo que ensinan; din algúns que as Imaxinacións nacen neles e non teñen outra causa. Outros din que adoitan nacer na Vontade; e que os Bos pensamentos son insuflados (inspirados) por Deus; e os Malos pensamentos polo Demo. Algúns din que as Sensacións reciben as Especies das cousas ceibándoas no Sentido Común, e este fai por pousalas na Fantasía, e a Fantasía na Memoria, e a Memoria no Xuízo, cal se tratase de pasar cousas de man en man, todo cun exceso de palabras que non axuda á comprensión.

A Imaxinación que se ergue no home (ou en calquera outra criatura dotada coa facultade de imaxinar) a través de pala-



bras, ou outros sinais voluntarios, é o que chamamos en xeral *Comprensión*; e é común ao Home e mais ao Animal. Porque un can entenderá por hábito a chamada ou o mandato do seu amo; e tal farán moitos outros Animais. Esa *Comprensión* peculiar do home, é aquela que afecta non soamente á súa vontade, senón as súas concepcións e pensamentos, pola sucesión e agrupación dos nomes das cousas en Afirmacións, Negacións e outras maneiras de Discurso; e destes xeitos de *Comprensión* falarei máis adiante.

### **Capítulo III. Da consecuencia ou serie de imaxinacións**

Por Consecuencia ou SERIE de pensamentos entendo a sucesión dun pensamento a outro, o que se chama (para distinguilo do discurso en palabras) *Discurso Mental*.

Cando un home pensa nunha cousa, fose esta a que fose, o seu pensamento inmediato non é tan casual como semella ser. Nin un Pensamento sucede a outro Pensamento con indiferenza. Mais da mesma maneira que non temos imaxes se antes non tiveramos Sensacións, en conxunto ou por partes, tampouco teremos Transición dunha Imaxe a outra se antes non a tivermos nas nosas Sensacións. A razón é esta: todas as Fantasías e Movementos dentro nosa, son restos daqueles que se produciran nas Sensacións, e aqueles movementos que viñeran uns detrás dos outros nas sensacións proseguen igualmente amoreados logo das Sensacións. Da mesma maneira así como o anterior volve coller lugar facéndose predominante, o que vén despois móvese, por coherencia da maneira, de igual xeito, tal como a auga nunha Táboa plana vai para onde se dirixe unha parte dela guiada polo dedo. Mais de igual maneira que nas sensacións, percibida unha e a mesma cousa, ás veces aparece unha e outras, outra, o mesmo acontece co paso do tempo, cando imaxinamos calquera cousa sen a certeza de que volveremos imaxinala. O único certo é que se tratará de algo que xa aconte-

cera antes, nun momento ou noutro. Esta Serie de Pensamentos ou Discurso Mental é de dous tipos. O primeiro *Non ten guieiro nin Designio*, e é inconstante; do que se infire que non hai Pensamentos Apaixonados que gobernen e dirixan os que o seguen, mudándose en fin e obxecto de desexos dalgunha caste ou paixóns; neste caso os pensamentos seica vagan, e semellan tan impertinentes os uns para os outros como no Soño. Tales Adoitan ser os pensamentos dos homes, que non soamente están sen compañía, senón tamén sen coidado de ningunha cousa, por máis que os seus Pensamentos estean tan atarefados coma as outras veces mais sen harmonía, cal o son dun laúde sen temperar en mans de calquera, ou daquel temperado en mans de quen non o sabe tanguer. Aínda así, neste percorrido desordenado da mente, un pode percibir con frecuencia a súa maneira e a dependencia dun pensamento do outro. Así, nunha conversa sobre a nosa actual guerra civil, ¿habería algo máis impertinente que preguntar, como alguén fixo, polo valor dun denario? Aínda así, a Coherencia para min estaba ben clara. Pois que o Pensamento da guerra introducía o Pensamento da entrega do Rei aos seus Inimigos; O pensamento do cal traía o Pensamento da entrega de Cristo; e de novo o Pensamento dos trinta denarios, que fora o prezo da traizón; e de aí seguía a demanda maliciosa, e todo isto nun momento, porque o Pensamento é rápido.

A segunda é máis constante, estando como está regulada por desexos e designios. Porque a impresión producida polas cousas que desexamos ou tememos é forte e permanente, ou (se cesa durante un tempo) de retorno rápido, tan forte como para ás veces impedir ou romper o noso sono. Do Desexo xorde o Pensamento de medios que vimos producir cousas semellantes a aquelas que ansiamos; e deste pensamento o que nos leva a medios destinados a tal fin. E así sucesivamente, ata que chegamos a un principio da nosa man. E pois que a Fin, pola grandeza da impresión, vén a miúdo á mente, caso de que os nosos pensamentos comecen errar, volven ser conducidos con

celeridade de novo ao camiño correcto. Isto observado por un dos sete sabios fixo que lles dese aos homes este precepto, agora lembrado, *Respice finem*; quer dicir, en todas as vosas accións coidade a miúdo no que queredes ter, porque iso será o que dirixa os vosos pensamentos na maneira para conseguilo.

A Serie de pensamentos regulados é de dúas clases; unha, cando dun efecto imaxinado procuramos as causas ou medios que o producen, o que é común a Homes e Animais. A outra é que cando imaxinamos unha cousa, sexa a que fose, procuramos todos os efectos que puidesen ser producidos por ela; ou sexa, que imaxinamos o que podemos facer con ela cando a temos. Da que non temos ollado ningún sinal máis que no home, pois que esta é unha curiosidade sen apenas incidencia na natureza de criatura viva que non teña outra Paixón que as sensuais, como son a fame, a sede, a luxuria e a carraxe. En resumo, o Discurso da Mente, gobernada polo designio, non é senón Procura, ou a facultade da Invención, o que os Latinos chaman *Sagacitas* e *Solertia*, a busca afanosa das causas, dalgún efecto, presente ou pasado, ou dos efectos, dalgunha causa presente ou pasada. Ás veces o home procura o que perdera; e desde ese lugar e tempo, no que o bota en falta, a súa mente bole, de lugar en lugar, de tempo en tempo, para atopar onde e cando o tivo; é dicir, para bater con algún tempo e lugar limitados e certos nos que comezar un método de procura. Despois, desde alí, os seus pensamentos corren polos mesmos lugares e tempo, para atopar que acción ou ocasión poderían facerllo perder. Isto é o que chamamos *Relembanza* ou invocación á mente, os Latinos dinlle *Reminiscentia*, cal se fose un *Recoñecemento* das nosas accións anteriores.

Ás veces coñécese un lugar determinado dentro do ámbito no que dirixir a procura; daquela o pensamento bole por todas as súas partes, da mesma maneira que varreríamos un cuarto á procura dunha xoia, ou como un *Spaniel* percorrería un campo ata atopar unha pegada, ou un home faría o propio co Alfabeto antes de comezar unha rima.

Ás veces un home desexa saber o resultado dunha acción; e daquela pensa nalgunha acción semellante pasada, e os resultados que viñeron despois, partindo da base de que a feitos iguais seguirán accións semellantes. Do mesmo xeito, quen prevé o que será dun Criminal terá que botar man dos que o precederon en Crimes similares, seguindo esta orde de pensamentos: o Crime, o Policía, a Cadea, o Xuíz, a Forca. Esta caste de pensamentos chámanse *Previsión, Prudencia e Providencia*; e ás veces *Sabedoría*, aínda que semellantes conxecturas, coidando nas dificultades para observar todas as circunstancias, sexan moi falaces. Mais isto é certo; que hai homes que teñen meirande experiencia do pasado que outros e na mesma medida son máis Prudentes e as súas expectativas raramente fallan. A natureza tan só existe no *Presente*; as cousas *Pasadas* existen soamente na Memoria, mais as cousas *por vir* non existen en absoluto; a existencia do *Futuro* non é máis que unha ficción da mente, aplicando o ronsel de acción Pasadas a aquelas que veñen no Presente. O que posúe meirande experiencia será quen a faga con maior seguridade mais non con certeza abonda. E aínda que se lle chame Prudencia, cando o resultado corresponde as nosas Expectativas, non é na súa propia natureza máis que Presunción. Porque a previsión de cousas por vir, e iso é a Providencia, pertence soamente a aquel por quen terán de chegar. Del tan só, e de maneira sobrenatural, procede a Profecía. O mellor Profeta é, naturalmente, quen mellor anticipa as cousas; e quen mellor as anticipa é o máis versado e sabido nas materias que anuncia: pois que dispón de máis *Signos* cos que anticipar.

Un Signo é o Acontecemento Antecedente do Consecuente; e, polo contrario, o Consecuente do Antecedente cando antes xa se observasen consecuencias semellantes; e o máis a miúdo que se observasen, menos incerto sería o Signo. Do que se segue que o que teña máis experiencia en calquera clase de choio, contará con máis Signos cos que adiviñar o tempo Futuro, sendo xa que logo o máis prudente, e tanto máis prudente que aquel que é

novo neste choio e non ten, a xeito de compensación, ningunha vantaxe de talento natural ou extemporáneo, aínda que se cadra algún novo poida pensar o contrario.

Aínda así non é a Prudencia a que distingue os homes dos animais. Hai animais dun ano que observan máis e procuran o que lles convén con meirande prudencia que os nenos de dez.

Pois a Prudencia é unha *Presunción do Futuro*, apañada da *Experiencia* do tempo pasado, igualmente hai unha Presunción das cousas Pasadas tomadas doutras cousas que non son futuras senón tamén pasadas. Porque quen vise por medio de que procedementos e graos un Estado próspero chegou primeiro á guerra civil e logo á ruína, da visión das ruínas de calquera outro Estado, adiviñaría as guerras e as súas causas padecidas tamén por este. Mais esta conxectura ten case que a mesma incerteza que a conxectura do Futuro; pois que ambas teñen como único fundamento a Experiencia.

Non hai outro acto da mente do home, que eu dea lembrado, chantado nel, sen precisar de máis nada para exercitalo, que nacer home e vivir empregando os cinco sentidos. Esas outras Facultadas, das que hei de falar pouco a pouco, e que tan só semellan axeitadas para o home, conséguense, facéndose medrar, por medio do estudo e mais da industria. A meirande parte dos homes chegan a elas pola instrución e a disciplina; e proceden todas da invención de Palabras e da Linguaxe. Porque á parte das Sensacións e dos Pensamentos, e a Serie dos Pensamentos, a mente do home non ten outro movemento; aínda que coa axuda da Linguaxe e mais o Método as mesmas Facultades poidan mellorar ante unha altura tal como para distinguir os homes das outras Criaturas vivas.

Calquera cousa que imaxinemos é *Finita*. Xa que logo non hai Idea ou concepción do que chamamos *Infinito*. Ningún home pode ter na súa mente unha Imaxe de magnitude infinita; nin concibimos velocidade infinita, tempo infinito, forza infinita ou poder infinito. Cando dicimos que algo é infinito, tan

só queremos dicir que non somos quen de concibir os remates nin os límites da cousa así chamada; ao non ter Concepción da materia, senón da nosa imposibilidade. E por iso empregamos o nome de Deus, non para facer que nós o concibamos (xa que é *Incomprensible*, e a súa grandeza e poder inconcibíbeis), senón para que o deamos honrado. Así pois (e tal como dixen antes) se todo o que concibimos xa fora percibido primeiro polos sentidos, dunha vez ou por partes, o home non pode ter pensamentos que representen ningunha cousa suxeita a sensacións. Xa que logo ninguén pode concibir ningunha cousa sen facelo nun lugar concreto, revestido dunha determinada grandeza e divisible en partes; sen que ningunha cousa estea por enteiro neste lugar nin tampouco, igualmente sen dividir, noutro lugar ao mesmo tempo; nin que dúas ou máis cousas poidan estar no mesmo lugar simultaneamente. Porque ningunha destas cousas tiveron nin poden ter incidencia na Sensación, senón que se trata de discursos absurdos, tomados baixo palabra (sen ningunha importancia) de Filósofos fracasados, e Escolásticos enganados ou enganadores.

#### IV. Da linguaxe

A Invención da *Imprenta*, aínda que enxeñosa, se a comparamos coa das *Letras*, non é gran cousa. Non coñecemos quen descubriu o emprego das Letras. Seica o primeiro que as trouxo a Grecia foi *Cadmus*, o fillo de *Axenor*, rei de Fenicia. Un invento proveitoso para continuar a memoria do tempo pasado, e o vencellamento da humanidade, espallada por tantas e distantes rexións da terra, chea de atrancos, cal corresponde da observación coidadosa dos di versos movementos da Lingua, Padal, Beizos e outros órganos da Fala; mais a necesidade de artellar caracteres diferentes para lembralos. Mais de entre todos o invento máis nobre e proveitoso foi o da LINGUAXE, baseado en *Nomes* ou *Apelacións* e a súa *Conexión*; para que os

homes rexistren os seus Pensamentos, poidan lembralos unha vez pasados e consigan declararillos uns a outros para utilidade mutua e conversa. Sen ela non habería entre os homes nin Estado, nin sociedade, nin contratos, nin paz. Non máis que entre leóns, osos e lobos. O autor da Linguaxe foi o propio *Deus*, ao instruír a *Adán* sobre como nomear as criaturas que presentaba diante dos seus ollos, pois que as Escrituras non van alén nesta materia. Mais isto foi abondo para dirixilo a engadir máis nomes, ao tempo que a experiencia e o seu uso por parte das criaturas ía dándolle ocasión, vencellándose a el gradualmente como para facerse entendido, e poder así, co tempo, acumular tanta linguaxe como precisase, aínda que non tan copiosa como lle fixese falta a un Orador ou a Filósofo. Porque nada atopo nas Escrituras, das que deducir, directa ou por consecuencia, que a *Adán* se lle ensinasen os nomes das Figuras, Números, Medidas, Cores, Sons, Fantasías, Relacións; menos aínda os nomes das Palabras e da Linguaxe, como *Xeral*, *Especial*, *Afirmativo*, *Negativo*, *Interrogativo*, *Optativo*, *Infinito*, tan cheas de utilidade; e menos aínda, *Entidade*, *Intencionalidade*, *Quiddidade*, e outras palabras miúdas dos Escolásticos.

Mais toda esta linguaxe, posuída e feita medrar por *Adán* e os seus descendentes, perdeuse de novo na torre de *Babel*, cando pola man de Deus os homes foron castigados por mor da súa rebelión a esquecer a linguaxe primitiva. E pois que foron obrigados xa que logo a espallarse por diferentes partes do mundo, cómpre dicir que a diversidade de Linguas que hai hoxe, xurdiu gradualmente deles, do mesmo xeito que a necesidade (a nai de todas as invencións) foillas aprendendo, facendo que medrasen co tempo aquí e acolá con meirande copiosidade.

O uso xeral da Linguaxe é mudar o noso Discurso Mental en Verbal; ou a Serie dos nosos Pensamentos nunha Serie de Palabras, e isto na procura de dúas vantaxes. A primeira, o

registro das consecuencias dos nosos pensamentos que, pois tenden a liscar da nosa memoria impondónos un labor novo, serán así lembrados por aquelas palabras coas que foran designados. De xeito que o primeiro emprego dos nomes sirva para *Marcas* e *Notas* de recordo. Outro é, cando moitas persoas empregan as mesmas palabras, transmitir (pola súa conexión e orde), unha a outra, aquilo que conciben e pensan unhas das outras; e tamén o que desexan, temen, ou polo que senten paixón. Cando teñen esta fin chamáselles *Signos*. Os usos especiais da Linguaxe son estes; Primeiro, Rexistrar o que atopamos, por medio da meditación, ser a causa de calquera cousa, presente ou pasada, e o que coidamos que estas cousas presentes ou pasadas poidan causar ou producir efectos, en resumo, a orixe das Artes. Segundo; mostrar os demais ese coñecemento que xa é noso, ou sexa, Aconsellar ou Ensinar uns a outros. Terceiro, transmitir os demais as nosas vontades e propósitos, para que así nos deamos axudado mutuamente. Cuarto, para compracer e deleitarnos, a nós mesmos e a outros, enredando coas nosas palabras, para degoiro e adorno, inocentemente.

Mais estes Usos teñen catro Abusos en correspondencia. Primeiro, cando os homes rexistran os seus pensamentos incorrectamente, pola inconsistencia do significado das súas palabras, coas que rexistran concepcións que nunca concibirán, enganándose desta maneira a si mesmos. Segundo, cando empregan as súas palabras metaforicamente, ou sexa, noutro senso que para o que foran ordenadas, enganando así a outros. Terceiro, cando con palabras declaran, sen selo en verdade, a súa vontade. Cuarto, cando as empregan para danarse os un aos outros, porque vendo como a natureza ten armado aos seres vivos, a uns con dentes, a outros con cornos, a algúns con mans, non é senón un abuso da Linguaxe magoar coa lingua, ao menos que se trate de alguén ao que temos a obriga de dirixir, non para causarlle dano mais para corrixilo e emendalo.



O xeito de como a Linguaxe serve para lembrar a consecuen-  
cia de causas e efectos consiste na imposición de *Nomes* e a  
*Conexión* entre eles.

Dos Nomes algúns son *Propios*, e singulares a unha soa  
cousa; como *Pedro*, *Xoán*, *Este home*, ou *esta Árbore*, outros son  
*Comúns* a moitas cousas; como *Home*, *Cabalo*, *Árbore*; e aínda  
que calquera deles non sexa máis que un Nome, non é senón o  
nome de diversas cousas particulares, constituíndo todas xun-  
tas o que se chama un *Universal*, sen que haxa nada no mundo  
Universal que non sexan Nomes; porque as cousas nomeadas  
son cada unha delas Individual e Singular.

O nome Universal ven imposto en moitas cousas, pola súa  
similitude en certas calidades ou accidentes. E mentres un  
Nome Propio trae á mente tan só unha cousa, os Universais  
recordan unha calquera entre moitas.

Entre os Nomes Universais hainos de maior ou menor exten-  
sión, os máis grandes comprenden aos menores; e outros son  
de igual extensión comprendéndose reciprocamente. Por exem-  
plo, o nome *Corpo* é de meirande significación que a palabra  
*Home*, comprendéndoa, e os nomes *Home* e *Racional*, son da  
mesma extensión, comprendéndose mutuamente. Mais neste  
punto debemos decatarnos de que por un Nome non se entende  
sempre, como en Gramática, unha soa Palabra, senón ás veces,  
por circunlocución, moitas palabras amoreadas. Porque todas  
estas palabras, *Aquel que nas súas accións observa as Leis do  
seu País*, non conforman senón un Nome, equivalente a esta  
palabra, *Xusto*.

Por mor desta imposición de Nomes, uns dunha maior, outras  
dunha máis estrita significación, mudamos o amoreamento das  
cousas imaxinadas na mente nun amoreamento das consecuen-  
cias das Apelacións. Por exemplo, aquel que non emprega a  
Linguaxe en absoluto, (como quen nace e fica permanentemente  
xordo e mudo), se chanta os ollos diante dun triángulo (como  
son os cantos dunha figura cadrada) pode, por meditación, com-

parar e atopar que os tres ángulos deses triángulo, son iguais aos dous ángulos rectos que estaban á súa beira. Mais se se lle mostra outro triángulo diferente en forma ao anterior non pode saber, sen un esforzo engadido, se os seus tres ángulos serán tamén iguais aos daquel. Mais o que ten a posesión das palabras cando observa que tal igualdade é consecuenta non á lonxitude das beiras nin a ningunha outra cousa concreta, senón tan só ao feito de que as beiras eran rectas e os ángulos, tres, e que por todas esta razóns era polo que lle chamou triángulo, chegará á conclusión Universal de que semellante igualdade de ángulos está en todos os triángulos sexan estes os que fosen, rexistrando a súa invención nestes termos xerais: *Todo triángulo ten os seus tres ángulos iguais a dous ángulos rectos*. De maneira que as consecuencias atopadas nun particular chegan ser rexistradas e lembradas como norma Universal, desprendendo o noso recordo mental de lugar e tempo, ceibándonos de todo traballo mental, agás a primeira; facendo que o que se dera como certo, *aquí e agora*, sexa verdadeiro en *todos os tempos e lugares*.

Mais o emprego das palabras para rexistrar os nosos pensamentos onde xorde máis evidente é na Numeración. Un parvo de nacemento que non dea aprendido de memoria a orde das palabras numerais, como *un, dous, tres*, pode observar cada badalada do Reloxo, e asentindo con elas, dicir unha, unha, unha mais sen se decatarse de que hora dá. Seica houbera un tempo cando os nomes dos números non se empregaban, daquela os homes atarefábanse aplicando os dedos dunha ou dúas mans para as cousas das que lles petaba levar a conta. De aí que as nosas palabras numerais non sexan senón dez en diversas Nacións, e en algunhas soamente cinco, e volta comezar. E quen saiba contar ata dez, se recita os números desordenados haberá de se perder sen saber cando remata; moito menos aínda será quen de sumar, restar e levar adiante outras operacións aritméticas. De maneira que sen palabras non hai posibilidade de calcular Números, tampouco Magnitudes, Velocidades, Forzas e outras

cousas, precisas co seu cálculo para a existencia e o benestar da humanidade.

Cando se vencellan dous Nomes nunha Consecuencia ou Afirmación, como esta: *O home é unha criatura viva*, ou esta: *se é un home é unha criatura viva*. Se isto último, *Criatura viva*, significa todo que o nome anterior, *Home*, quere dicir, daquela a afirmación ou consecuencia é *verdadeira*, en caso contrario, *falsa*. Porque *Verdadeira* ou *Falsa* son atributos da Linguaxe, non das Cousas. E onde non haxa Linguaxe tampouco haberá *Verdade* nin *Falsidade*. *O Erro* pode existir mesmo cando esperamos que non o haxa, ou sospeitamos que non o houbo; mais en ningún dos dous casos unha persoa pode ser culpada de falsa.

Ao ver, logo, que a verdade consiste na ordenación correcta dos nomes nas nosas afirmacións, quen procure a *verdade* precisa ten forzosamente que lembrar a función que teñen os nomes dos que se serve e saber situalos correctamente. De non facelo así haberá verse enguedellado nas palabras como un paxaro na vareta que canto máis pelexa por ceibarse dela máis se envisgará. Xa que logo en Xeometría (a única Ciencia que a Deus lle prestou, ata agora, conceder a humanidade) os homes comezan por fixar os significados das palabras, e chámalle a estas operacións *Definicións*; e pónenas ao comezo dos seus cálculos.

Disto semella nidio o preciso que é, para calquera home que aspire o Coñecemento correcto, examinar as Definicións dos Autores precedentes; ou ben corrixíndoos cando actuaron con negligencia ou ben para establecer formulacións propias. Porque os erros das Definicións multiplícanse co proceder do cálculo, levando os homes a absurdos, que terminan véndose mais non se dan evitado senón se volve comezar co cálculo; e niso é onde se atopa o fundamento dos nosos erros. Do que se segue que os que acreditan nos libros fan como aqueles que xuntan sumas pequenas nunha meirande, sen coidar se esas primeiras eran ou non correctas; facendo ao remate o seu erro

visible, sen desconfiar nos fundamentos primitivos, ignorando por onde se mover para clarexalos. Senón que máis ben andan a moer nos seus libros, cal eses paxaros que ao entrar pola cheminea, atopándose pechados nun cuarto, apampan diante da falsa luz do cristal dunha fiestra, porque lles manca sentidiño para coidar no camiño polo que entraran. De maneira que é na correcta Definición dos Nomes onde se atopa o primeiro uso da Linguaxe, non outro que o Achegamento da Ciencia: e no incorrecto, ou falla de Definicións, está o primeiro abuso; do que proceden todas as Teorías falsas e sen sentido; causantes de que aqueles homes que se instrúen da autoridade dos libros, e non da súa propia meditación, estean tan por debaixo da condición do ignorante como os homes provistos da verdadeira ciencia riba dela. Porque entre a Ciencia e as Doutrinas erróneas, a Ignorancia está no medio. O sentido Natural e a imaxinación non están suxeitos ao absurdo. A Natureza de seu non pode errar, e consonte os homes medran en riqueza de linguaxe máis sabios serán ou máis tolos que o acostumado. Non é posible que os iletrados poidan ser sabios eminentes ou (ao menos que a súa memoria estea ferida polo doenza, ou pola constitución feble dos órganos) tolos esgrevios. Porque as palabras son a unidade de cálculo dos sabios, pois non serven tan só para calcular, senón que son a moeda dos parvos, que as valoran pola autoridade dun *Aristóteles*, un *Cicerón* ou un *Tomé*, ou calquera outro Doutor quen non deixa de ser, sobre todo, un home.

*Suxeito a Nomes*, é todo aquilo no que se pode entrar ou telo en consideración como cálculo; e engadilo o un ao outro para facer unha suma, ou restalo o un do outro deixando un resto. Os Latinos chamaban o Cálculo de diñeiro *Rationes*, e o calcular, *Ratiocinatio*, e o que nós coñecemos nas facturas e libros de conta como *Partidas* eles dicíanlle *Nomina*, ou sexa, Nomes, do que semella deducirse que estenderon a palabra *Ratio* á facultade de *Calcular* en todos os outros campos. Os Gregos non tiñan máis que unha palabra, *logos*, para *Linguaxe*

e *Razón*, mais non porque coidasen que non había Linguaxe sen *Razón*, mais si *Razoamento* sen Linguaxe: e ao acto de razoar chamáronlle *Siloxismo*; o que vén sendo amoremear as consecuencias dunhas cousas que se din coas outras. E xa que as mesmas cousas poden entrar en cálculo por accidentes diversos os seus nomes (para mostrar esa diversidade) poden ser formulados variadamente e diversificados. Esta diversidade de nomes pode reducirse a catro categorías xerais.

Primeiro, unha cousa pode coidarse como *Materia* ou *Corpo*; como *vida*, *sensible*, *racional*, *quente*, *fría*, *en movemento*, *queda*; con todos os nomes polos que se entenden *Materia* ou *Corpo*; pois que todos son nomes da *Materia*.

Segundo, pode entrar en cálculo, ou ser tomada en conta, por algún accidente ou calidade que coidemos existe nela; cal a de *ser movable*, *ser tan longa*, *estar quente*, etc.; despois, do nome da mesma cousa, por un troco cativo de significación, batemos cun nome para a cousa na que coidamos, e para *vivinte* coidamos *vida*, para *movible*, *movemento*, para *quente*, *calor*, para *longo*, *lonxitude*, e por aí seguido. Todos estes nomes son de accidentes e propiedades polos que se distinguen unha *Materia* e un *Corpo* de outro. Chámanse *Nomes Abstractos* porque se afastan (aínda que non da *materia*) do cálculo dela.

Terceiro, temos en conta as *Propiedades* dos nosos corpos, por mor de facer distincións; como cando unha cousa é *Ollada* por nós non calculamos a cousa mesma senón a *vista*, a *Cor*, a *Idea* dela na imaxinación; e cando se *oe* unha cousa non podemos calculala senón a *audición* ou *o son* soamente que é fantasía ou concepción dela polo oído, e tales veñen sendo os nomes das imaxes.

Cuarto, calculamos, coidamos, e nomeamos os propios *Nomes* e os *Discursos*: pois que *xeral*, *universal*, *especial*, *equívoco*, son nomes de nomes. E *Afirmación*, *Interrogación*, *Mandato*, *Narración*, *Siloxismo*, *Sermón*, *Oración* e moitos outros semellantes son nomes de *Discursos*. E esta é a enteira variedade

dos nomes *positivos*; postos para subliñar as cousas que están na Natureza ou poden ser imaxinadas pola mente do home, como Corpos que son, ou poden ser concibidos, ou das propiedades dos corpos que son ou poden ser concibidos, ou as Palabras e o Discurso. Son esta toda a variedade de Nomes *positivos*; aqueles postos para subliñar o que se atopa na Natureza, ou pode ser imaxinado pola mente do home, como Corpos que son, ou con existencia concible; ou de corpos, coas propiedades que teñan ou poidan imaxinar; ou as palabras e expresións.

Hai tamén outros Nomes chamados *Negativos*; notas para significar que a palabra non é o nome da cousa en cuestión; tal como estas ou outras semellantes, *Nada, ningún home, infinito, indícible, tres non son catro* e bótalle fío ao papaventos. Aínda así palabras deste xeito son de utilidade para facer cálculos ou corrixilos, e traer á nosa mente meditacións pasadas por máis que non sexan nomes de ningunha clase; pois que nos obrigan a rexeitar Nomes non empregados correctamente.

Todos os outros Nomes non pasan de ser sons cativos, habéndoo de dúas categorías; unha, cando son novos e o seu significado non se dá explicado por Definicións: moitos deles postos a arrolar polos Escolásticos e os Filósofos revirados.

Outra, cando os homes toman un nome de dous Nomes, con significados que se contradín e son inconsistentes, como por exemplo coa denominación *corpo incorpóreo*, ou (todo o mesmo) *substancia incorpórea*, e moitos máis. Porque cada vez que unha afirmación é falsa, os dous nomes que a compoñen unidos nun nada significan. Por exemplo, se é unha afirmación falsa dicir que *un cadrado é circular*, a expresión *cadrado circular* non significa nada; non pasa de ser un son. Da mesma maneira é falso dicir que a virtude pode ser insuflada e inspirada aquí e acolá, as expresións *virtude insuflada, virtude inspirada* son tan absurdas e carentes de significado como *cadrado circular*. Pouco doado será que atopades unha expresión sen significado ou senso que non estea composta de verbas Latinas ou Gregas. Un Francés

raramente sente nomear o seu Salvador como *Palabra*, senón moito máis a miúdo como *Verbo*; e aínda así *Verbo* e *Palabra* non difiren máis de que unha é Latina, a outra, Francesa.

Cando un home despois de oír un Discurso, posúe os pensamentos que as palabras dese Discurso, e a súa conexión, ordenaron e dispuxeron por mor do seu significado, dise que o comprende: a *Comprensión* non é outra cousa que a concepción causada polo Discurso. De aí que se o Discurso é peculiar do home (tal como é, ao noso xuízo) daquela a *Comprensión* élle tamén peculiar. E xa que logo de afirmacións absurdas e falsas, en caso de que sexan universais, non pode derivarse *Comprensión*; aínda que moitos coidando que comprenden en puridade non pasan de repetir as palabras baixiño ou aprendelas de memoria.

Dos tipos de Discurso que veñen sendo os *Apetitos*, *Aversións* e *Paixóns* que ocupan a mente do home falarei unha vez que o faga das *Paixóns*.

Os nomes das cousas que nos afectan, é dicir, que nos prestan ou desgustan, xa que non todas as persoas son afectadas polas mesmas cousas, nin aos mesmos homes todas as veces, están nos discursos comúns aos humanos, de significación *inconstante*. Porque vendo que todos os nomes se imponen para significar as nosas concepcións, e non sendo todas as nosas afeccións senón concepcións; cando concibimos as mesmas cousas de xeito diverso dificilmente poderemos evitar nomealas de maneira diferente. Pois que aínda que a natureza do que concibimos sexa a mesma a diversidade da nosa recepción nela, a presenza das diferentes constitucións do corpo e prexuízos de opinión outorga a todo un tinguido das nosas diferentes paixóns. De aí que ao razoar o home deba poñer atención nas palabras; que ademais do significado do que imaxinamos da súa natureza, teñan igualmente un significado da natureza, disposición e interese do falante, tal como son os nomes das *Virtudes* e mais dos *Vicios*. Porque un home chama *Sabedoría*, ao que outro chama

*medo*, e un *crueldade* ao que outro coñece como *xustiza*, un *prodigalidade*, ao que outro, *magnanimidade*; un máis, *gravidade*, ao que outro, *parvada*, e así sucesivamente. Do que se infire que palabras así nunca poidan ser fundamentos de raciocinio. Non máis que as Metáforas ou os Tropos do discurso; mais son menos perigosos porque declaran a súa inconstancia, o que os outros non.

## Capítulo V. Da razón e a ciencia

Cando un home *Razoa* non fai outra cousa que concibir unha suma total, de *Adicción* de partes, ou concibe un Resto, de *Subtracción* dunha suma a outra; o cal (se feito por Palabras) é concibir a base dos nomes de todas as partes o nome do conxunto, ou dos nomes do conxunto, dunha parte os nomes da outra parte. E aínda que nalgunhas cousas (como nos números) á parte de *Sumar* e *Restar* os homes nomean outras operacións, como *Multiplicar* e *Dividir*, todas veñen sendo o mesmo, porque a multiplicación non é senón a suma de cousas iguais, e a División consiste en subtraer unha cousa tan a miúdo como poidamos. Estas operacións non inciden soamente nos Números, senón en todas as cousas que poden ser sumadas ou subtraídas. Pois que así como os Aritméticos ensinan a sumar e subtraer en *números*, de igual maneira os Xeómetras ensinan o mesmo en *liñas*, *figuras* (sólidas e superficiais), ángulos, proporcións, tempos, graos de velocidade, forza, poder e por aí seguido. Os Lóxicos fan o propio consonte ás *Sucesións dos termos*: vencellando *dous Nomes* para compoñer unha *Afirmación*, e dúas *Afirmacións* para compoñer un *Siloxismo*, e moitos *Siloxismos* para que dean unha *Demostración*; e da suma ou *Conclusión* dun *Siloxismo*, restan unha *Proposición* para atopar a outra. Os tratadistas de Política suman *Pactos* para atopar os *deberes* dos humanos; e os Lexisladores, *Leis* e *feitos*, para saber que cousa é *correcta* e cal *incorrecta* nas accións dos particulares. En



resumo, en calquera materia na que haxa lugar para a *suma* e mais a *resta*, hai tamén lugar para a *Razón*; e onde non o haxa a *Razón* non ten nada que facer.

A partir de todo isto poderemos definir (ou sexa, determinar) que é, que se entende coa palabra *Razón*, cando a incluíamos entre as Facultades da mente. Porque a *RAZÓN*, neste senso, non é máis que o *Cómputo* (ou sexa, a *Adicción* e mais a *Subtracción*) das Consecuencias dos nomes xerais adoptados convencionalmente para *marcar* e *significar* os nosos pensamentos, e digo *marcar* cando os computamos por nós mesmos, e *significar* cando os demostramos, aprobamos ou computamos para outros homes.

Da mesma maneira que en Aritmética os homes pouco peritos erran e mesmo aos profesores acontécelles a miúdo facendo cálculos falsos, noutros terreos do Razoamento os homes máis capaces, dispostos e prácticos poden enganarse e inferir Conclusións falsas. Pois que a *Razón* é de seu sempre *Razón Certa*, como a Aritmética é unha Arte certa e infalible, mais nin a *Razón* dun só home nin a *Razón* dun certo número de homes é a certeza: nin tampouco que un cálculo estea ben feito porque fose aprobado unanimemente por unha chea de homes. E xa que logo, como cando hai unha controversia nun cómputo, as partes deben chegar a un acordo común, para establecer a *Razón Certa*, a través da *Razón* dun *Árbitro* ou *Xuíz*, aceptando a súa sentenza sen a cal a súa controversia acabará en liorta ou ficará sen decidir ao non dispoñer dunha *Razón* certa innata, tal acontece en todos os debates da caste que sexan. E cando os homes que se pensan máis sabidos que os demais, berran e demandan a *Razón* certa como xuíz, non procuran outra cousa senón que as cousas veñan determinadas non pola razón doutros homes mais pola propia, cousa intolerable na sociedade humana, como é no xogo de cartas, logo de sinalado o triunfo, empregar como tal, en calquera ocasión, os paus dos que se teñan máis cartas na man. Porque non fan outra cousa que pretender que na súa

controversia sexa tomada como Razón certa as paixóns que os dominan, revelando deste xeito a súa carencia dunha Razón certa, mesmo porque proclaman tela.

O Uso e Fin da Razón non é atopar a suma e a certeza dunha ou máis consecuencias, distantes das primeiras definicións e significados establecidos para os nomes, senón comezar nestes e proceder dunhas consecuencias a outras. Porque non pode haber certeza da derradeira Conclusión sen a certeza de todas aquelas Afirmacións e Negacións nas que se basea e das que foi inferido. Semellante ao do patrón da familia, quen ao facer unha conta amorea as sumas de todas as facturas nunha soa, sen coidar en como se obtivo a suma de cada conta nin o que pagou por ela. Non atopa vantaxe maior que se aceptase a conta no seu conxunto, acreditando na capacidade e honestidade de todos os que lle presentan facturas. O mesmo acontece ao Razoar todas as outras cousas, se tira conclusións pola fe que ten nos Autores sen comprobar os primeiros elementos de cada cálculo (que son os significados dos nomes que establecen as definicións) perde o tempo, e nada sabe senón que se limita a crer.

Cando un home calcula sen empregar palabras o que se pode facer en cuestións particulares (como cando á vista dunha cousa conxecturamos o que debe precedela ou ten de seguila), se o que se pensaba que viría despois non vén, ou o que se coidaba que tiña de precedela non o fixo, iso recibe o nome de ERRO, ao que mesmo os homes máis prudentes están suxeitos. Mais cando Razoamos con Palabras e caemos nunha inferencia xeral que é falsa, aínda que a isto se lle adoite chamar *Erro*, en pureza é un ABSURDO, ou un Discurso sen senso. Pois que un Erro non é máis que unha decepción ao presumir que algo aconteceu ou acontecerá, algo que aínda que non acontecera ou fose acontecer non supón unha imposibilidade efectiva. Pero cando facemos unha aserción xeral, ao menos que sexa verdadeira, a súa posibilidade non se pode dar concibida. E as palabras, das que non concibimos nada que non sexa o son, veñen sendo

aquelas ás que chamamos *Absurdo*, *Insignificante* e *Sensenso*. E xa que logo se un home dese en me falar dun *Cadrado circular*, ou *accidentes do Pan no Queixo*, ou *Substancias Inmateriais* ou de *Un Suxeito Ceibe*, dunha *Vontade Ceibe*, ou de calquera outra cousa *ceibe*, mais de ser obstaculizada por algo oposto, non direi que estivese nun Erro mais que as palabras carecían de significado, absurdas, xa que logo.

Dixen antes (no capítulo segundo) que o Home supera a todos os outros Animais nesta facultade, que cando concibe calquera cousa (a que sexa) é quen de pescudar as súas consecuencias e os efectos que podería tirar dela. E agora engado este outro nivel da mesma excelencia, o que pode reducir as consecuencias que atopa a Normas xerais, chamadas *Teoremas* ou *Aforismos*, ou sexa, que pode Razoar ou calcular, non soamente con números senón en todas as outras cousas que poden ser engadidas ou subtraídas as unhas das outras.

Mais este privilexio vencéllase con outro, é dicir, o privilexio do Absurdo, ao que ningún ser vivo está suxeito senón o home tan só. E dos homes, os que están máis suxeitos son os que profesan a Filosofía. Porque é do máis certo aquilo que di *Cicerón*, que non hai nada tan absurdo que non poida ser atopado nos libros dos Filósofos. E a razón é manifesta. Porque non hai ningún deles que comece o seu raciocinio polas Definicións ou Explicacións que vai empregar. Semellante método úsase tan soamente en Xeometría, polo que as conclusións desta ciencia non se discuten.

I Adscribo a primeira causa das conclusións Absurdas á carencia de Método; en que non baseen o seu Raciocinio polas Definicións, é dicir nas definicións ben asentadas das súas palabras; algo así como se puidesen facer cálculos sen coñecer o valor dos termos numerais, *un*, *dous* e *tres*. E pois que todos os corpos entran en cálculo a partir de consideracións diversas (que xa mencionei no capítulo precedente), levando as devanditas consideracións nomes diferentes, os absurdos diversos

veñen da confusión e da conexión desaxeitada dos seus nomes nas asercións. E sucesivamente.

2 Adscribo a segunda causa das asercións Absurdas á atribución de nomes de *corpos* a *accidentes*; ou de *accidentes* a *corpos*. Como fan quen din que a *fe* é infundida ou *inspirada*, cando nada pode ser *insuflado* ou *alentado* nunha cousa senón un corpo; e que *a extensión é un corpo: as pantasma, espíritos, etc.*

3 Adscribo a terceira á atribución dos nomes dos *accidentes* dos *corpos* alleos a nós, como fan quen din que *a calor está no corpo, o son está no aire, etc.*

4 A cuarta á atribución de *corpos* a nomes ou discursos; como fan quen din que hai cousas universais, que unha criatura viva é o Xénero ou unha cousa xeral, etc.

5 A quinta, á atribución de nomes de *accidentes* a nomes ou discursos; como fan quen din que a natureza dunha cousa é a súa definición; a orde dada por unha persoa é a súa vontade, e por aí seguido.

6 A sexta, ao emprego de Metáforas, Tropos e outras figuras Retóricas, en canto de figuras propiamente ditas. Porque aínda que sexa lícito, no discurso común dicir, (por exemplo), *o camiño vai ou leva para aquí ou acolá, O Proverbio di isto ou aquilo* (sendo así que nin o camiño pode andar nin o Proverbio falar) nos cálculos ou na procura da verdade semellantes expresións non se poden admitir.

7 A sétima, a nomes que significan nada, mais son tomados e aprendidos de memoria na Escola, como *hipostático, transubstanciato, consubstanciato, eterno Presente* e toda a xerga dos Escolásticos.

Para quen dea evitado estas cousas non lle será doado caer no absurdo ao menos que sexa na lonxitude dun cálculo, onde poida esquecer o que viña antes. Porque todos os homes razoan, por natureza, igual de ben cando teñen bos principios. Porque quen será tan parvo de errar, e teimar no erro, en Xeometría cando alguén lle fai ver que está errando?

Do que semella deducirse que a Razón non nace con nós como fan os Sentidos e a Memoria, nin se acadada soamente pola Experiencia cal a Prudencia, senón a través da Industria, primeiro cunha imposición idónea de nomes, segundo pola consecución dun Método axeitado e ordenado ao proceder dos Elementos, que son Nomes, deica Asercións feitas pola Conexión dunha con outra, e así ata chegar aos Siloxismos, que son as Conexións mutuas das Asercións, deica acadar un coñecemento de todas as Consecuencias de nomes pertencentes á materia que teñamos á man; e isto é o que os homes chaman CIENCIA. E mentres que as Sensacións e a Memoria non son senón coñecemento do Feito, que é unha cousa pasada e irrevogable; a *Ciencia* é o coñecemento das Consecuencias e dependencia dun feito de outro, polo cal, a partir do que facemos no momento saberemos como facer calquera outra cousa cando nos pete, ou choios semellantes cando sexa mester. Pois que ao ver como se producen as cousas, a partir de que causas e de que maneira, cando as causas similares veñen ao noso poder aprendemos como producir efectos semellantes.

Os nenos, xa que logo, non están dotados de Razón en absoluto, ata que acaden o uso da Palabra, mais son chamados Criaturas Razoábeis, pola posibilidade aparente de ter o uso de Razón no futuro. E á meirande parte dos homes, aínda que posúan ata certo punto o uso da Razón, como o saber empregar números deica certo grao, de pouco lles serve na vida cotiá, na que se gobernan, uns mellor, outros peor, segundo as súas diferenzas en experiencia, rapidez na memoria, e inclinacións a fins diversas, mais sobre todo en función da boa ou da mala sorte, e os erros recíprocos. Porque verbo da Ciencia, ou certas normas das súas accións, están tan lonxe dela que non saben que cousa é. Coidaban que a Xeometría eran Esconxuros. Verbo das outras Ciencias, aqueles aos que non se lles ensinaron os seus principios e certa aprendizaxe nelas, son neste punto como cativos, que non tendo idea de como se xeran, as mulleres fan-

lles crer que os seus irmáns e irmás non nacen, senón que son atopados no xardín.

Pero aínda aqueles que carecen de *Ciencia* están nunha condición mellor e máis nobre coa súa Prudencia natural que os homes, que ao razoar mal ou por fiarse de razóns erradas adoptan normas xerais falsas e absurdas. Porque o descoñecemento de causas e normas non afasta os homes do seu camiño tanto como acreditar en regras falsas, e tomando por causas do que procuran as que non o son, senón máis ben o contrario.

Concluindo, A Luz das mentes humanas son as palabras perspicuas, mais a través de definicións exactas logo de liberadas e expurgadas da ambigüidade; a *Razón* é o *paso*, o Medre da *Ciencia*, o camiño; e o Beneficio da humanidade, a *fin*. Ao contrario, as Metáforas e as palabras sen senso e ambiguas son como *ignes fatui*; e razoar nelas é vagar entre absurdos numerosísimos; e a súa fin, liorta, sedición ou desprezo.

Da mesma maneira que moita Experiencia deriva en *Prudencia*, a moita Ciencia produce *Sabenza*. Pois que por moito que adoitemos empregar o nome de Sabedoría para ambas, aínda así os Latinos distinguían entre *Prudentia* e *Sapientia*, adscribindo a primeira á Experiencia, a segunda á Ciencia. Mais para conseguir que a súa diferenza apareza con máis claridade supoñamos a un home dotado cunha sobranceira habelencia natural e destreza no manexo das armas, e outro que teña engadido a esa destreza unha Ciencia adquirida, pola que poida ferir ou ser ferido polo seu adversario en cada postura ou garda. A habelencia do primeiro, sería á destreza do segundo, como o que vai da Prudencia á Sabenza, as dúas proveitosas, mais a última, infalible. Mais os que acreditan soamente na autoridade dos libros, seguen os cegos cegamente, son como os que confiando nas falsas regras dos mestres de Esgrima, arriscan fachendosos contra un adversario que ou os mata ou os desgraza.

Os signos da Ciencia son, algúns, certos e infalíbeis, outros, incertos. Certos, cando se pretende a Ciencia dunha cousa

calquera e a capacidade de ensinala, isto é, demostrala con claridade a outra persoa. Incertos, cando tan soamente algúns eventos particulares responden á súa pretensión, e proban en determinadas ocasións o que deben. Os signos de prudencia son todos incertos, porque observar a partir da experiencia e lembrar todas as circunstancias que poidan alterar o resultado é imposible. Mais en calquera choio, no que o home non teña unha Ciencia infalible na que apoiarse, rexeitar o xuízo natural e guiarse por sentenzas xerais lidas nos Autores e suxeitas a numerosas excepcións, é sinal de loucura, alcumada como Pedantería. E mesmo aqueles homes que nos Consellos de Estado gustan de mostrar as súas lecturas de Política e Historia, non adoitan facelo nos seus choios domésticos, alí onde se deixa ver o seu interese particular; e se abondan en Prudencia para o que lles interesa privadamente en público valoran máis a reputación do seu enxeño que o resultado dos asuntos dos outros.

## **VI. Das orixes internas dos movementos voluntarios comunmente coñecidas como paixóns. E as maneiras de discurso con que se expresan**

Hai nos Animais dous xeitos de *Movimentos* que lles son peculiares: un coñecido como Vital, que comeza o ser xerados e continúa sen interrupcións ao longo de toda a súa vida; así como o curso do *Sangue*, as *Pulsacións*, o *Alento*, a *Dixestión*, a *Nutrición*, a *Excreción*, etc., movementos que non precisan da axuda da Imaxinación: o outro é o *Movemento Animal*, tamén chamado *Movemento Voluntario*; como *andar*, *fala*, *mover* calquera dos membros ao xeito que primeiro lle apeteza ás nosas mentes. E esa Sensación é Movemento nos órganos e partes internas do corpo humano, causado pola acción das cousas que Vemos, Oímos, etc. E esas apetencias non son senón Residuos do mesmo Movemento que fican logo da Sensación tal como xa se dixera nos Capítulos primeiro e segundo. E pois que *andar*,

*falar* e os movementos Voluntarios semellantes dependen sempre dun pensamento anterior de *onde, por que camiño e que* é obvio que a Imaxinación é a primeira orixe interna de todos os Movementos Voluntarios. E aínda que os homes pouco sabidos non conciben ningún movemento alí onde o que se move é invisible, ou o espazo no que se move é (pola súa pequenez) insensible, iso non é atranco para que existan estes Movementos. Pois que nunca se dá un espazo tan pequeno que aquilo que se move nun espazo meirande, do que aquela miudeza é parte, non deba moverse primeiro nel. Estas orixes cativas do Movemento, dentro do corpo do Home, antes de que aparezan no andar, no falar, no bater e noutras acción visíbeis, adoitan chamarse CONATOS.

O Conato, cando se dirixe cara a algo que o produce, leva o nome de APETITO ou DESEXO: este último é o nome xeral, restrinxido o outro moi a miúdo a significar o Desexo de Comida, ou sexa, *Fame e Sede*. Cando o Conato tende a evitar unha cousa adoita recibir o nome de AVERSIÓN. Estas palabras, *Apetito e Aversión* veñen do *Latín*; e ambas designan os movementos, un de achegamento, o outro de retirada. Igual fan as palabras Gregas para o mesmo que son ὄρη e ἀφορη. Porque é a propia Natureza a que adoita empurrar os homes cara a esta verdade, diante das que acaban zoupando os que procuran algo alén da Natureza. Os Escolásticos non atopan verdadeiro Movemento no mero Apetito de andar ou moverse, senón que cando deben recoñecer algún Movemento din que se trata dun Movemento Metafórico, o que non é máis que unha expresión absurda, pois que aínda que as Palabras poden ser metafóricas, os Corpos e os Movementos, non.

Ao que os homes Desexan chámasele tamén AMAR; e ODIAR a Aversión que senten por certas cousas. De maneira que Desexo e Amor son as mesmas cousas; agás que por Desexo significamos sempre a Ausencia do Obxecto, e por Amor adoitamos querer dicir a Presenza deste. Igualmente por Aversión entendemos a Ausencia e por Odio a Presenza do Obxecto.



Verbo do Apetito e as Aversións, algúns nacen cos homes; como Apetito de comida, Apetito de excreción e descarga (ao que se lle pode chamar tamén e máis propiamente Aversións, de algo que perciben nos seus Corpos) e algúns outros Apetitos, non moitos. Os demais, que son Apetitos de cousas concretas, proceden da Experiencia, e a consideración dos seus efectos neles mesmos ou noutros homes. Porque de cousas que descoñecemos en absoluto ou que coidamos non existir non podemos ter máis desexos que gustalas e probar se tal. Mais temos Aversión por cousas que non soamente sabemos que nos fixeran dano, senón por outras que descoñecemos se nos danarán ou non.

Daquelas cousas que nin Desexamos nin Odiamos dise que as *Desprezamos*: o DESPREZO non é outra cousa que unha inmovilidade ou teimosía do Corazón, ao resistir a acción de certas cousas resultando que, así e todo, o Corazón xa se move por outros obxectos máis potentes, o da falta de experiencia deles.

E xa que a constitución do Corpo dun home está en continua mutación é imposible que fosen sempre todas as mesmas cousas as que provocasen nel os mesmos Apetitos e Aversións, moito menos que todos os homes consentisen no Desexo de case cada unha e no mesmo Obxecto.

Pero sexa cal fose o obxecto de Apetito ou Desexo de calquera home, no que a el respecta chámalle *Bo*; e ao obxecto do seu Odio e Aversión, *Malo*; e ao do seu Desprezo, *Ruín* e *Cativo*. Porque estas palabras de Bo, Malo e Desprezable son sempre empregadas con relación ás persoas que as empregan. Pois que non hai nada que sexa así sinxela e absolutamente nin Regra común algunha do Bo ou do Malo que se poida apañar da natureza dos propios obxectos, senón da Persoa individual (onde non haxa Estado) ou (nun Estado) da Persoa que o representa, ou dun Árbitro ou Xuíz, diante do cal as disidencias dos homes atoparán un acordo común, mudando así a súa sentenza en Regra.

A Lingua Latina ten dúas palabras, con significados que se achegan aos de Bo e Malo; mais non son exactamente os mes-

mos: trátase de *Pulchrum* e *Turpe*. É así que o primeiro significa aquilo que promete o Ben por medio de signos aparentes, e o segundo o que promete o Mal. Mais na nosa Lingua non temos nomes tan xerais para expresar estes conceptos. Porque por *Pulchrum*, entendemos nalgúns casos *Honesto*, noutros *Fermoso* ou *Atractivo* ou *Galante* ou *Honorable* ou *Bonito* ou *Xentil*; e por *Turpe*, *Porcallán*, *Deforme*, *Feo*, *Ruín*, *Noxento* e canta palabra semellante requira o choio. Todas estas verbas, no sitio axeitado, non significan outra cousa senón o *Aspecto* ou disposición que promete o Bo ou o Malo. Consonte ao Bo hai tres clases: Bo na Promesa, ou sexa, *Pulchrum*, Bo no Efecto, cal a fin desexada, o que recibe o nome de *Xocundo*, *Deleitoso*, e Bo nos Medios, chamado Útil, Proveitoso, e outras tantas para o Malo: pois que *Malo* na Promesa é o que se coñece como *Turpe*: Malo no Efecto e Fin é *Molestum*, *Repugnante*, *Problemático*, e Malo nos Medios, *Inútil*, *Desaproveitable*, *Danoso*.

Verbo das Sensacións, que é o que está en realidade dentro nosa (como xa dixen antes), conta soamente o Movemento, causado pola acción dos obxectos externos, aínda que sexa en aparencia, pola Vista, Luz e Cor, polo Oído, Son, polo Olfacto, Cheiro, etc.; de maneira que cando a acción do mesmo obxecto prosegue desde os Ollos, Oídos e outros órganos ata o Corazón, o efecto real non é outra cousa que Movemento ou Esforzo, que consiste en Apetito ou Aversión a ou desde ese obxecto en movemento. Mais a aparencia ou sensación dese movemento é o que chamamos DELEITE ou TURBACIÓN DA MENTE.

Este Movemento, que se chama Apetito, e na súa manifestación *Deleite* e *Pracer* semella corroborar e favorecer o movemento Vital. Da mesma maneira as cousas que causan *Deleite*, pois que favorecen e fortifican non son chamadas impropriamente *Jucunda* (á *Juvando*); e ao contrario denomínanse *Molestas* e *Ofensivas* aquelas que atrancan e perturban o movemento vital.

O *Pracer*, xa que logo, (ou o *Deleite*) é a aparencia ou sensación do Bo; e a *Molestia* ou a *Repugnancia* a aparencia ou

sensación do Malo. Consecuentemente todo *Apetito*, *Desexo* e *Amor*, vén acompañado dalgún *Desexo* en maior ou menor grao, e todo *Odio* ou *Aversión* dun maior ou menor *Desagrado* ou *Repugnancia*.

Verbo dos *Praceres* e *Deleites* algúns xorden da sensación dun obxecto *Presente*, e poden ser chamados *Praceres dos Sentidos* (a palabra *sensual* tal como é empregada por quen soamente dan en condenala, non ten lugar mentres non haxa *Leis*). Desta caste son as *Oneracións* e mais as *Exoneracións* do corpo; como todo aquilo que lle presta á *Vista*, *Oído*, *Olfacto*, *Gusto* e *Tacto*; outras xorden das *Expectativas* que proceden das previsións da *Fin* ou *Consecuencia* das cousas; sexan ou non estas cousas *pracenteiras* aos sentidos. E estes son *Praceres da Mente* de quen tira semellantes consecuencias; e adoitan recibir o nome de *LEDICIA*. De igual maneira que das cousas que non son *pracenteiras*, algunhas afectan os sentidos e reciben o nome de *DOR*, e outras, as presentes na *Expectativa* de consecuencias, levan o de *MÁGOA*.

As *Paixóns* simples, coñecidas como *Apetito*, *Desexo*, *Amor*, *Aversión*, *Odio*, *Ledicia* e *Mágoa*, teñen diversificados os nomes para consideracións diferentes. En primeiro lugar, cando unhas veñen detrás das outras, levan nomes diversos a partir da opinión que os homes teñen da posibilidade de acadar o que desexan. En segundo lugar, en función do obxecto amado ou odiado. En terceiro lugar, cando se consideran moitas delas agrupadas. En cuarto lugar, segundo a súa propia *Alteración* ou *sucesión*.

O *Apetito* con idea de acadalo leva o nome de *ESPERANZA*.

O mesmo, sen tal idea, chámase *DESESPERACIÓN*.

A *Aversión*, con idea de sufrir dano do obxecto, *MEDO*.

A mesma, coa esperanza de evitar o *Dano* resistíndose a el, *VALOR*.

*Valor* súbito, *CARRAXE*.

*Esperanza* constante, *CONFIANZA* en nós mesmos.

*Desesperación* constante, *DESCONFIANZA* en nós mesmos.

*Carraxe* por un dano grande feito a outro; cando concibimos que foi feito inxustamente, INDIGNACIÓN.

*Desexo* do bo a outro, BENEVOLENCIA, BOA VONTADE, CARIDADE. Se é o home en xeral, BOA NATUREZA.

*Desexo* de Riquezas, COBIZA: un nome que se emprega sempre en sentido de culpabilidade; porque os homes que pelexan por elas están descontentos cos outros que as acadan; aínda que o desexo de seu poida ser reprobado ou permitido de acordo cos medios con que se procuran esas riquezas.

*Desexo* de Prominencia, ou rango, AMBICIÓN: nome empregado tamén no peor senso, pola razón devandita.

*Desexo* de cousas que conducen pouco doadamente á nosa fin, e medo a aquelas que apenas presentan atrancos, PUSILANIMIDADE.

*Desprezo* de axudas pequenas e atrancos, MAGNANIMIDADE.

*Magnanimidade*, con perigo de Morte ou Feridas, CORAXE, FORTEZA.

*Magnanimidade*, no emprego das Riquezas, LIBERALIDADE.

*Pusilanimidade* verbo do mesmo, FORRICHERÍA ou MISERIA; ou PARSIMONIA, segundo preste ou non.

*Amor* ás persoas con fins de amizade, AFABILIDADE.

*Amor* ás persoas para compracer os sentidos tan só, CONCUPISCENCIA NATURAL.

*Amor* semellante, ao que se chega Remexendo nas lembranzas, ou sexa, Imaxinación do Pracer pasado, LUXURIA.

*Amor* por un singularmente, con desexos de ser singularmente amado, PAIXÓN DE AMOR. O mesmo, con medo a que o amor non sexa mutuo, CELOS.

*Desexo*, ao danar o outro, de que este desprece algún feito por el cometido, DESQUITE.

*Desexo*, de saber por que e como, CURIOSIDADE, tal como non existe en criatura viva que non sexa o *Home*; de tal maneira que o Home se distingue non soamente polo seu Raciocinio mais tamén por esta Paixón singular dos outros *Animais*, nos que predomina o apetito de comida e outros

praceres dos Sentidos, afastando a preocupación de coñecer as causas; sendo unha Concupiscencia da mente que por perseveranza do deleite na xeración continua e incansable do Coñecemento, supera a breve intensidade de calquera Pracer carnal.

*Medo* ao poder invisible, argallado pola mente ou imaxinado por mor das historias permitidas oficialmente, RELIXIÓN; non permitidas, SUPERSTICIÓN. E cando ese poder imaxinado é verdadeiramente tal como o imaxinamos, RELIXIÓN VERDADEIRA.

*Medo* sen que se saiba o por que ou o que, TERROR PÁNICO; así chamado polas Fábulas, que fan de *Pan* o seu autor; cando, en verdade, existe no primeiro que sentiu ese medo unha certa comprensión da causa, aínda que o resto ao liscar non fagan senón seguir o seu Exemplo; cada un supoñendo que o seu veciño sabe o por que. E xa que logo esta Paixón non lle acontece a ningún que non se atope nun tropel ou multitude.

*Ledicia*, de captación de novidades, ADMIRACIÓN; inherente ao Home, pois que excita o apetito de coñecer a causa.

*Ledicia*, que xorde da imaxinación do propio poder e capacidade do home, é a exaltación da mente que se chama GLORIFICACIÓN: a cal se ten como base a experiencia das súas propias accións anteriores equivale á *Confianza*; mais se se fundamenta no afago dos outros, ou simplemente vén suposta polo pracer das súas consecuencias é coñecida como VANAGLORIA; nome dado con propiedade porque unha *Confianza* ben fundamentada provoca Potencialidade mentres que a súa mera suposición, non, de maneira que lle outorga o nome de *Vana*.

*Mágoa*, que vén do sentimento da falla de poder e recibe o nome de DESALENTO.

A *vangloria* que consiste en argallar ou supoñer habelencias en nós, que sabemos inexistentes, dáse máis en xente nova, mantidos polas Historias e Ficcións de Damas e Cabaleiros, e é corrixida a miúdo pola Idade e mais o Labor.

O *Entusiasmo Súbito* é a paixón que provocan os acenos chamados RISO; e vén producido ou por algún acto de seu que lles presta, ou pola aprehensión dalgunha deformación noutra persoa, e é así que por comparación con estes dan en celebrarse a si mesmos de súpeto. E é un acontecemento para a maioría deles, conscientes como son da súa falta de habelencias que se ven obrigados a favorecerse a eles mesmos na contemplación das imperfeccións dos outros. E xa que logo o Riso excesivo nos defectos dos demais é síntoma de Pusilanimidade. Pois que nas mentes selectas, unha das ocupacións propias é, e axudar o próximo a non sufrir aldraxes, e compararse soamente cos que valen.

Ao contrario, á *Depresión Súbita* é a paixón que provoca o Pranto; e vén producida por acontecementos como a caída repentina de grandes esperanzas ou a cerna do seu poder. E os máis proclives a ela son os que dependen de axudas externas, cal as Mulleres e os Nenos. Algúns choran pola perda dos Amigos; outros pola súa descortesía; outros máis pola súbita paralización, causada nos seus desexos de desquite por mor da Reconciliación. Mais en todos os casos, tanto o Riso coma o Pranto, son movementos súbitos; o Costume lévaos lonxe. Porque ningún home Ri de brincadeiras antigas, nin Chora por causa dunha calamidade vella.

A *Mágoa* ao descubrir algún defecto nas habelencias é a VERGOÑA ou paixón que se delata no ROIBÉN, e consiste na aprehensión dalgunha cousa deshonorosa; na xente nova é o signo de amor pola boa reputación, e semella recomendable. Nos vellos significa o mesmo, mais ao vir demasiado tarde non é recomendable.

O desprezo da boa Reputación recibe o nome de IMPUDICIA.

A *Mágoa* pola Calamidade dos outros é a PIEDADE, e xorde de imaxinar que unha calamidade semellante poida caer riba nosa; recibe tamén o nome de COMPAIXÓN e, tal como se di hoxe, SIMPATÍA. Xa que logo os mellores demostran o mínimo de Piedade por unha Calamidade derivada dunha gran maldade

e diante da mesma Calamidade mostran menos Piedade os que coidan ter menor exposición a ela.

*Desprezo*, ou mínima sensibilidade pola calamidade dos outros é aquilo que os homes chaman CRUELDADÉ, provocada pola Seguridade na súa propia fortuna. Porque que un home poida compracerse nas desgrazas dos demais, sen beneficio propio, é algo que non me semella posible.

*Mágoa* polos éxitos dun competidor en riquezas, honores ou outros bens se aparece acompañada do Esfuerzo para que medren as nosas habelencias en igualalo ou excedelo recibe o nome de EMULACIÓN. Mais ese Esfuerzo é para suplantar ou atrancar o Competidor, o de ENVEXA.

Cando na mente do home altérmanse, relativos todos á mesma cousa, Appetitos e Aversións, Esperanzas e Medos, e consecuencias diversas, boas ou malas, derivadas do cumprimento ou omisión da cousa proposta, aparecen sucesivamente nos nosos pensamentos, de xeito que ás veces sintamos un Apetito dela, outras, Aversión, ás veces Esperanza de realizala, outras Desesperación ou Medo de acadala, proseguindo a suma enteira de Desexos, Aversións, Esperanzas e Medos ata que se faga a cousa ou se coide imposible, é o que chamamos DELIBERACIÓN.

Xa que logo verbo das cousas pasadas non hai *Deliberación*; porque é manifestamente imposible mudalas; nin tampouco das cousas que coñecemos a imposibilidade ou coidamos nela, pois que os homes saben ou coidan que semellante Deliberación é van. Mais do que é imposible, pero nós coidamos posible, podemos Deliberar; sen saber que é en van. Chámase *Deliberación* porque se trata de poñer un remate á *Liberdade* que tiñamos de facer ou omitir de acordo co noso propio Apetito ou Aversión.

Esta sucesión alterna de Appetitos, Aversións, Esperanzas e Medos non é inferior nas demais Criaturas vivas que no Home; e de aí que as Bestas tamén deliberen.

Daquela, cada *Deliberación* dise que remata cando o que se Delibera xa está cumprido ou se coida imposible; xa que ata entón retemos a liberdade de facer ou omitir de acordo co noso Apetito ou Aversión.

Na *Deliberación* chamamos VONTADE ao último Apetito ou Aversión, vencellado inmediatamente á acción ou a omisión desta; o Acto (non a facultade) de *Querer*. E as Bestas, que dispoñen de *Deliberación* deben posuír necesariamente *Vontade*. A Definición da *Vontade*, que adoitan dar os Escolásticos, como *Apetito Racional*, non é boa. Porque se o fose, daquela non podería haber Acto Voluntario contra da Razón. Porque un *Acto Voluntario* é unicamente o que procede da *vontade*. Pois que se en canto dun Apetito Racional falamos dun Apetito resultante dunha *Deliberación* precedente, daquela a Definición é a mesma que eu teño dado aquí. A *Vontade* xa que logo é o derradeiro Apetito ao *Deliberar*. E aínda que digamos no Discurso común que un home unha vez tivo a *Vontade* de facer unha cosa mais que se abstivo de levala adiante, iso non pasa de ser unha *Inclinación* que non causa unha *Acción Voluntaria*, pois que a acción non depende disto mais do derradeiro Apetito ou *Inclinación*. Porque se os *Apetitos* que interveñen fan que calquera acción sexa *Voluntaria*; daquela por idéntica *Razón* todas as *Aversións* que interveñen terían de facer a mesma acción *Involuntaria*; de maneira que unha acción idéntica sería ao tempo *Voluntaria* e *Involuntaria*.

Do que se segue que non soamente as accións que teñen a súa orixe na *Cobiza*, *Ambición*, *Concupiscencia*, ou outros *Apetitos* cara a cousa proposta, senón aquelas orixinadas na *Aversión* ou o *Medo* a aquelas consecuencias que van logo da omisión son *accións voluntarias*.

As formas do Discurso polas que se expresan as *Paixóns* son en parte as mesmas, en parte diferentes daquelas polas que se poden expresar os nosos *Pensamentos*. En primeiro lugar, todas as *Paixóns* poden expresarse de modo *Indicativo*; como *Amo*, *Temo*, *Alégrome*, *Delibero*, *Quero*, *Ordeno*; mais algunhas delas atopan expresión particular por elas mesmas, sen que aínda así sexan afirmacións a menos que cando serven para facer outras inferencias, ademais desa *Paixón* da que proceden. A *Deliberación* exprésase de modo *Subxuntivo*; discurso axeitado para significar



suposicións coas súas consecuencias; como *Se se fai isto, entón seguirá isto outro*, sen diferenciarse da linguaxe do Razoamento, senón que o Razoamento é en termos xerais, mais a Deliberación componse na súa meirande parte de Particulares. A linguaxe do Desexo e Aversión é *Imperativa*; como *Fai isto, absterse diso*. Cando a persoa é obrigada a facelo ou a absterse é unha *Orde*; se non, un *Prego* ou —mesmo— un *Consello*. A linguaxe da Vangloria, da Indignación, Piedade e Desquite é *Optativa*. Mais do Desexo por coñecer hai unha expresión particular que se chama *Interrogativa*: como *Que é?, Cando será?, Como se fai? e Por que é así?*. E xa non atopo máis linguaxes da Paixón: porque Maldicir, Xurar, Inxuriar e semellantes non significan Discurso algún, mais accións dunha lingua habituada a elas.

Estas formas do Discurso son, xa digo, expresións de significados voluntarios das nosas Paixóns: mais certos signos, non, pois poden ser empregados arbitrariamente, segundo se aqueles que os usan teñen ou non semellantes Paixóns. Os mellores signos da presenza das Paixóns están no aspecto, movementos do corpo, accións e fins ou propósitos que, polo demais, sabemos que o home posúe.

E pois que na Deliberación os Apetitos e as Aversións xorden da previsión das consecuencias boas e malas daquilo que Deliberamos, o efecto bo e malo depende igualmente da previsión dunha longa cadea de consecuencias, das que moi raras veces o home é quen de ver a conclusión. Mais consonte ao que o home dea ollado, se o Ben nesas consecuencias é maior que o Mal a cadea enteira é o que os Tratadistas chaman *Ben Aparente* ou *Verosímil*; de maneira que quen ten por Experiencia ou Razón unha perspectiva meirande das Consecuencias, deliberará mellor de seu; e pode, cando o desexa, aconsellar mellor os demais.

O Éxito continuado en obter aquelas cousas que o home desexa de cando en vez, isto é, a prosperidade continua, é o que os homes chaman FELICIDADE; é dicir, a Felicidade desta vida. Porque non existe tal cousa como a Tranquilidade de mente perpetua mentres vivamos aquí; porque a Vida de seu non é

outra cousa que Movemento, e nunca poderá ser sen Desexo nin sen Medo, non máis que sen Sensacións. Non é posible coñecer antes de gozala a clase de Felicidade que Deus ten disposto para quen o honran con devoción; xa que se trata de gozos agora tan pouco doados de comprender como a expresión escolástica, *Visión Fermosa* e inintelixible.

A forma do Discurso coa que os homes indican a súa opinión verbo da Bondade de calquera cousa é LOANZA. Cando pretenden sinalar o poder e a grandeza desa cousa empregan a EXALTACIÓN. E o significar a opinión que teñen da Felicidade dun home é o que os Gregos chaman *μαχαπισμός*, para o que non temos ningunha palabra na nosa lingua. E abonda, para o noso propósito, con todo o que se leva dito das PAIXÓNS.

## Capítulo VII. Das fins e as resolucións do discurso

En todo Discurso, gobernado polo desexo de Coñecemento, hai ao remate unha *Fin*, ben por acadala ou desbotala. E na cadea do Discurso, onde queira que se interrompa, hai unha fin para ese momento.

Se o Discurso é simplemente Mental, componse de pensamentos de se a cousa será ou non será ou se foi ou non, alternativamente. De maneira que alí onde se rache a cadea do Discurso dun home deixas a este na Presunción de *será, non será*; ou, *foi, non foi*. Todo o cal é *Opinión*. E o que é *Apetito* que se alterna na Deliberación relativa ao Bo e ao Malo; o mesmo é *Opinión* que se alterna, ao Inquirir a verdade do *Pasado* e o *Futuro*. E así como o derradeiro *Apetito* na Deliberación recibe o nome de *Desexo*; da mesma maneira a *Opinión* derradeira na procura da verdade do *Pasado* e o *Futuro* leva o nome de XUIZO, ou *Resolución* ou *Sentenza Definitiva* do que pronuncia o discurso. E do mesmo xeito que a cadea enteira de *Apetitos* que se alternan, na cuestión do Bo e do Malo, leva o nome de *Deliberación*; a cadea enteira de *Opinións* alternas, referidas ao Verdadeiro e o Falso, fai o propio con DÚBIDA.

Sexa como for, ningún Discurso pode Rematar nun coñecemento absoluto do Feito, pasado ou por vir. Porque, no referido ao coñecemento do Feito este é, orixinalmente, Sentido; e —despois— Memoria. E relativo ao coñecemento da Consecuencia, o que dixeran antes que se chama Ciencia, esta non é Absoluta senón Condicional. Ningún home pode saber por Discurso que isto ou iso é ou foi ou será; ou sexa, o coñecemento condicional, e non as consecuencias dunha cousa verbo doutra senón a consecuencia do nome dunha cousa a outro da mesma cousa.

E xa que logo, cando o Discurso muda en Linguaxe e comeza coas Definicións de Palabras, e procede por Conexión da mesma en Afirmacións xerais, e estas mudan de novo en Siloxismos, o Remate da suma derradeira recibe o nome de Conclusión; e o pensamento expresado por esta é Coñecemento condicional, ou Coñecemento da consecuencia das palabras que se adoita coñecer como CIENCIA. Mais se o fundamento primeiro do devandito Discurso non son as Definicións, ou se as Definicións non se vencellan axeitadamente en Siloxismos, daquela a Fin ou Conclusión volve ser OPINIÓN, nomeadamente a verdade dita dalgunha maneira, aínda que ás veces con palabras absurdas e sen sentido, sen posibilidade de que sexan entendidas. Cando dous ou máis homes coñecen o mesmo feito dicimos que son CONSCIENTES o un para o outro, o que é o mesmo que dicir xuntos. E porque estes son as testemuñas máis idóneas dos feitos que os concirnen ou a unha terceira persoa, foi e será sempre reputado como un acto moi Maligno que calquera home se manifeste contra da súa CONCIENCIA; ou corrompa ou obrigue a outro a que o faga. Velaí a razón de que a alegación da Conciencia teña sido atendida moi dilixentemente en todos os tempos. Posteriormente, os homes teñen empregado a mesma palabra, metaforicamente, para o coñecemento dos seus propios feitos secretos e pensamentos; e por iso dise Reticamente que a Conciencia equivale a mil testemuñas. E por último, os homes, namorados obstinadamente das súas propias opinións recentes (por máis que nunca tan absurdas), e dobregados a

mantelas con teimosía, deron igualmente a esas opinións o reverenciado nome de Conciencia, como se semellase ilícito soste-  
outras ou falar contra delas: facendo como que saben que son  
certas, cando o que saben é que non pasan de opinión.

Cando o Discurso dun home non comeza en Definicións, ou  
ben enceta con algunha contemplación del mesmo, chámase  
daquela Opinión; ou ben ten como apoio as afirmacións doutra  
persoa, con habelencia para coñecer a verdade e unha honesti-  
dade da que non dubida, entón o Discurso non concirne tanto á  
Cousa como á Persoa e a Resolución leva por nome CRENZA  
ou FE: *Fe*, no home: *Crenza*, tanto no home como na verdade  
do que di. De maneira que na Crenza hai dúas opinións; unha,  
o que din os homes, outras, a súa virtude. *Ter fe en* ou *confiar*  
ou *crer a un home*, veñen sendo o mesmo; basicamente, unha  
opinión da veracidade do home: mais *crer no que se di*, significa  
soamente unha opinión da verdade do que se di. Mais debemos  
observar que esta Frase, *Acredito en*; como tamén a Latina,  
*Credo in*; e o Grego, πιστένω ἐξ, nunca se empregan senón  
nas escrituras Divinas. En canto delas noutros escritos poñen,  
*Acredito nel*; *Confío nel*; *Teño fe nel*; *Apóioime nel*: e en Latín,  
*Credo illi*; *fido illi*; e en Grego πιστένω αὐτῷ é así que esta  
singularidade do emprego Eclesiástico da palabra ten causado  
moitas liortas sobre o obxecto correcto da Fe Cristiá.

Mais *Acreditar en*, tal como se di no Credo, quere dicir  
non confiar na Persoa; senón a Confesión e o recoñecemento  
da Doutrina. Porque non soamente os Cristiáns, senón que as  
diferentes castes de homes cren de tal maneira en Deus como  
para apañar toda a verdade que lle senten dicir, compréndana  
ou non; o que é toda a Fe e confianza que calquera persoa sexa  
quen de abarcar. Mais non todos cren na Doutrina do Credo.

Do que se infire que cando acreditamos na veracidade da  
afirmación que sexa, a partir de argumentos tomados, non da  
cousa mesma ou dos principios da Razón natural, senón da  
Autoridade e da boa opinión que teñamos de quen a dixo;  
daquela é o voceiro, ou persoa na que acreditamos ou confiamos,

e de quen tomamos a palabra, o obxecto da nosa Fe: e o Honor feito ao Crer, vai para el tan soamente. E consecuentemente cando Acreditamos que as Escrituras son a palabra de Deus, ao non dispoñer dunha revelación inmediata do propio Deus, a nosa Crenza, Fe e Confianza van na Igrexa; da cal tomamos a palabra outorgándolle a nosa aquiescencia. E aqueles que acreditan no que lles relata un Profeta no nome de Deus, toman a palabra do Profeta, honrando a este, e crendo e confiando nel, aloumiñan a verdade do que este lles conta, sen coidar en que sexa un Profeta verdadeiro ou falso. E acontece o mesmo con todas as outras Historias. Porque se non acreditamos en todo o que escribiron os Historiadores dos feitos gloriosos de *Alexandre* ou de *César*, non creo que os Espíritos de *Alexandre* ou de *César* poidan ter unha boa razón para sentirse ofendidos, nin ningún outro que non sexan os Historiadores. Se *Livio* di que os Deuses fixeron falar unha vez a unha Vaca, e nós non o cremos; non é que desconfiemos dos Deuses mais de *Livio*. De maneira que é evidente que sexan cales sexan as nosas crenzas se teñen como base soamente a autoridade dos homes e os seus escritos; veña ou non veña de Deus non é máis que fe nos homes.

### **Capítulo VIII. Das virtudes que adoitan chamarse intelectuais e dos seus defectos opostos**

A VIRTUDE é algo valorado pola súa eminencia en todas as clases de materias; e ten como base a comparación. Porque se todas as cousas fosen iguais en todos os homes nada sería apreciado. E por *Virtudes INTELECTUAIS* entendemos sempre aquelas habelencias da mente como os homes loan, valoran e desexarían ter neles; son coñecidas comunmente baixo da denominación de *bo enxeño*; aínda que a mesma palabra *Enxeño* sexa tamén empregada para distinguir unha certa aptitude das restantes.

Estas Virtudes son de dúas clases: *Naturais* e *Adquiridas*. Por Natural non me refiro á recibida polo home ao Nacer; porque iso non é outra cousa que a Sensibilidade que leva os

homes a diferenciarse moi pouco entre eles e as Bestas, e non debe ser considerada entre as Virtudes. Refírome a ese *Enxeño* ao que se chega soamente polo Uso e mais a Experiencia; sen que faga falta Método, Cultura ou Instrución. O ENXEÑO NATURAL consiste principalmente en dúas cousas: *Celeridade de Imaxinación* (ou sexa, sucesión rápida dun pensamento a outro) e *dirección firme* cara a algunha finalidade aprobada. Polo Contrario unha Imaxinación lenta provoca ese Defecto ou insuficiencia da mente que se chama comunmente PESADEZ, *Apampamento* e ás veces recibe outros nomes que significan lentitude de movementos ou dificultade para ser movidos.

E esta diverxencia de celeridades vén causada pola diferenza das paixóns dos homes, pois que aman ou rexeitan, uns unhas cousas, outros, outras; e xa que logo os pensamentos dalgúns homes corren dunha maneira, outros, doutra, e pensan e observan de xeito diferente aquilo que pasa polas súas imaxinacións. E pois que nesta sucesión dos pensamentos humanos non hai nada que observar nas cousas que se pensan, senón no que se *semellan* e no que *difiren* ou *para que serven* ou *como serven a unha certa fin*; dos que observan esas similitudes nos casos de que estas calidades sexan raramente apreciadas polos demais, dise que teñen un bo enxeño; co que se quere dicir, desta volta, unha *Boa Imaxinación*. Mais entre dos que observan as diferenzas e disimilitudes, o que se chama *Distinguir*, *Discernir* e *Xulgar* entre cousa e cousa, caso de que o discernimento non sexa doado dise que teñen un *bo Xuízo*, e particularmente en materias de conversa e choios, alí onde se discirnen tempos, lugares e persoas, esta Virtude recibe o nome de DISCRECIÓN. A anterior, ou sexa, a Imaxinación, sen a axuda do Xuízo, non é apreciada como Virtude, mais os últimos, ou sexa, o Xuízo e a Discreción, son apreciados de seu, sen a axuda da Imaxinación. Ademais da Discreción en tempos, lugares e persoas, precisa para unha boa Imaxinación, requírese tamén unha aplicación frecuente dos pensamentos dirixidos á súa fin; ou sexa, ao emprego que cómpre facer deles. Feito isto,

quen teña esta Virtude atopará doadamente similitudes sabedoras, non soamente como ilustración do seu discurso mais como adorno del con metáforas novas e dispostas, e igualmente pola orixinalidade das súas invencións. Mais se carece de Enfoque e Dirección cara a algunha Fin a Imaxinación grande non deixa de ser Loucura; como a que teñen aqueles que entrando nun discurso son arrebatados da súa intención por calquera cousa que lles veña ao pensamento, en digresións tan numerosas e longas, e Parénteses, que acaban perdéndose. Para esa caste de tolemia non teño nome, mais a súa causa é algunhas veces falta de experiencia, de aí que o que lle semelle a uns homes novo e raro non llo pareza así aos demais outras veces. Ás veces a pusilanimidade, razón pola que o que uns coidan grande para outros non é senón nimiedade e que fai que todo aquilo que é novo e grande sexa digno de ser dito, afasta gradualmente á xente do común do camiño polo que transitaba o seu discurso.

Nun bo Poema, xa sexa *Épico* ou *Dramático*, como tamén nos *Sonetos*, *Epiqramas* e outras pezas poéticas precísase tanto Xuízo como Imaxinación. Mais a Imaxinación ten de ser eminente; para compracer pola Extravagancia mais sen desgustar nunca por mor da Indiscreción.

Nunha boa Historia debe prevalecer o Xuízo; pois que a bondade consiste no Método, na Verdade e na Escolla das accións que sexan máis proveitosas de ser coñecidas. A Imaxinación non ten lugar se non é para adornar o estilo.

Nas Loas e nas Inectivas, a Imaxinación é predominante; porque a intención non é a verdade mais a Honra e a Deshonra; ao que se chega por comparacións nobres ou ruíns. O Xuízo non fai senón suxerir que circunstancias fan que unha acción sexa loable ou rexeitable.

Nas Exhortacións ou nos Informes, segundo que a Verdade ou a Simulación sirvan mellor ao Designio proposto serán máis requiridos o Xuízo ou a Imaxinación.

Nas Demostracións, Deliberacións e en todas as procuras rigorosas da Verdade, o Xuízo faino todo; agás algunhas veces,

cando a comprensión precisa ser aberta por algunha similitude axeitada; hai daquela un emprego moi amplo da Imaxinación. Mais as Metáforas están neste caso absolutamente excluídas. Porque vendo como profesan abertamente a falsidade, admitilas nas Deliberacións ou nos Razoamentos sería algo manifestamente louco.

En calquera Discurso, sexa o que for, se o defecto de Discreción é aparente, por extravagante que o Capricho resulte, o discurso enteiro será tomado por un sinal de carencia de enxeño, mais isto non acontecerá nunca cando a discreción se manifeste, por moi banal que poida ser a imaxinación.

Os pensamentos secretos dun home aplícanse a todas as cousas, sacras, profanas, obscenas, graves e lixeiras, sen vergoña ou sentimento de culpa; o que non pode facer o discurso verbal, alén do que o Xuízo aprobe, referido ao momento, Lugar e Persoas. Un Anatomista ou un Médico poden falar ou escribir o seu xuízo de cousas pouco limpas, porque non tentan compracer senón tirar proveito; mais se outro home escribise as súas fantasías extravagantes e pracenteiras do mesmo sería cal un individuo, que logo de estar remexendo no lixo, quixese presentarse en boa compañía. E é a falta de Discreción a que subliña a diferenza. Ora, en estado de acougo mental manifesto e en compañía familiar, un home pode xogar cos sons, e coa significación equívoca das palabras, e moitas veces baterá con achados dunha Imaxinación extraordinaria; mais nun Sermón, ou en público, ou diante de persoas descoñecidas ou daquelas a quen debemos reverencia, non hai Xogos de palabras que non se consideren tolerías, e a diferenza está soamente na falla de Discreción. Así que cando está ausente o Enxeño, non é a Imaxinación a que falta, mais a Discreción. Xa que logo o Xuízo sen Imaxinación é Enxeño, mais a Imaxinación sen Xuízo, non.

Cando os pensamentos dun home, que ten un designio en mente percorrendo unha chea de cousas, observa como conducen a ese designio ou ao designio ao que poden conducir, se as súas observacións non son simples ou banais, esta caste



de enxeño leva o nome de PRUDENCIA e depende tanto da Experiencia como a Memoria das cousas semellantes e as súas consecuencias deica este momento. Nisto non hai moita diferenza entre os homes, como existe nas súas Imaxinacións e Xuízos, pois que a Experiencia nos homes de idades iguais non é moi diversa verbo da cantidade senón que se exercita en ocasións diferentes, xa que cada un ten os seus designios particulares. Gobernar ben unha familia ou un reino non require diferentes graos de Prudencia, mais diferentes clases de actividade, non máis que para pintar un cadro máis pequeno, ou tan grande ou maior que o modelo, son precisos diferentes graos Artísticos. Un simple esposo é máis prudente nos choios da súa casa que un Conselleiro Privado nos asuntos doutro home.

Se lle engadimos á Prudencia o emprego de medios inxustos e deshonestos, como os que lles suxiren aos Homes o Medo ou a Necesidade, teremos esa Sabedoría Malvada que se chama RAPOSADA; sinal de Pusilanimidade. Porque a Magnanimidade consiste no desprezo das axudas inxustas e deshonestas. E o que os Latinos chaman *Versutia* (traducido ao inglés como *Shifting*) e que consiste en ceibarse dun perigo ou incomodidade presentes enguedellándose nun maior, como cando un home atraca a un para pagarlle a outro, non é senón unha Raposada máis pitoña, chamada *Versutia*, de *Versura*, que significa coller diñeiro en usura para pagar intereses.

Consonte ao *Enxeño adquirido* (ou sexa, adquirido polo método e a instrución) non hai senón a Razón; que se basea no emprego correcto da Linguaxe e produce as Ciencias. Mais da Razón e da Ciencia teño xa falado nos Capítulos quinto e sexto.

As causas desta diferenza de Enxeños están nas Paixóns; e a diferenza das Paixóns procede en parte da diferente Constitución do corpo, e en parte da diferente Educación. Porque se a diferenza procedese do temperamento do cerebro e os órganos dos Sentidos, exteriores ou interiores, non habería menos diferenza nos homes no relativo á Vista, Oído ou outros Sentidos, que referido ás súas Imaxinacións e Discrecións. Procede, xa que

logo, das Paixóns; que son diferentes, non soamente por causa da diferenza das complexións dos homes, mais tamén pola súas diferenzas de costumes e educación.

As Paixóns que máis causan diferenzas de Enxeño son, principalmente, o maior ou menor Desexo de Poder, Riquezas, Coñecemento e Honor. Todas as cales poden ser reducidas á primeira, o Desexo de Poder. Pois que Riquezas, Coñecemento e Honor non son senón castes diversas de Poder.

E xa que logo un home que non teña unha gran Paixón por ningunha destas cousas, un home aos que se lles adoita chamar indiferentes, aínda que poida ser tan bo como para estar ceibe de causar ofensas o máis probable é que non dispoña dunha gran Imaxinación ou de moito Xuízo. Porque os Pensamentos son para os Desexos como Exploradores ou Espías que marchan a territorio alleo e procuran o camiño que leva ás cousas desexadas. De aí proceden as direccións dos movementos da mente, e toda a súa celeridade. Porque carecer de Desexo é estar Morto; ter paixóns febles é Preguiza, ter Paixóns polas cousas indiferentemente, ATORDOAMENTO e Distracción; e ter Paixóns máis fortes e virulentas polas cousas do que se adoita ver nos demais é o que os homes chaman LOUCURA.

Da que existen tantas clases como das mesmas Paixóns. Ás veces unha Paixón moi extraordinaria e extravagante procede da constitución mediocre dos órganos do Corpo, ou dun dano producido neles: outras o prexuízo e indisposición dos órganos vén causada pola virulencia e a continuidade delongada da Paixón. Mais en ambos casos a Loucura ten a mesma natureza.

A Paixón, que provoca coa súa violencia e teimosía a Loucura ou é excesiva *Vangloria*; comunmente chamada *Orgullo* e *presunción*; ou unha grave *Depresión*.

O Orgullo conduce o home á Carraxe, o exceso da cal é o ALPORIZAMENTO e mais a FURIA. E de aí deriva o desexo excesivo de Desquite, que cando se fai habitual fere os órganos e devén Alporizamento; o amor excesivo con celos devén igualmente ALPORIZAMENTO; a opinión magnificada

que ten o home de si mesmo, consonte á inspiración divina, a sabedoría, aprendizaxe, maneiras e por aí seguido, muda en Distracción e Atordamento; estas, vencelladas á Envexa e mais o Alporizamento e a opinión Vehemente da verdade de calquera cousa, en contradición cos outros, é tamén Alporizamento.

A Depresión obriga o home a medos irracionais; Loucura comunmente chamada MELANCOLÍA e que se aparece de maneiras diversas; visitas frecuentes a lugares senlleiros e camposantos, comportamentos supersticiosos, pánicos a tal ou cal cousa. En resumo; todas as Paixóns que producen comportamentos estraños e pouco habituais reciben o nome xeral de Loucura. Mais de todas as diferentes clases de Loucura, quen se dese o traballo de facelo rexistraría toda unha lexión. E se os Excesos derivan en Loucura non hai dúbida senón de que as propias Paixóns, cando tenden ao Mal, son gradacións desta.

Por exemplo; aínda que o efecto da tolemia nos posuídos pola opinión de estar inspirados non sexa sempre visible nun home, por moi extravagantes actos que procedan de semellante Paixón, cando moitos deles se agrupan para conspirar, a Carraxe de toda esta multitude é abondo visible. Por que cal argumento de Loucura maior que berrar, bater ou ceibar pedras contra os nosos mellores amigos? Mais isto é o menos que semellante caterva fará. Pois que eles berrarán, loitarán contra e destruírán a aqueles que protexeran e aseguraran do dano toda a súa vida anterior. E se isto é Loucura na multitude, o mesmo acontece en cada ser individual. Porque ao igual que no medio do mar aínda que o home non perciba sons desa parte de auga veciña del sabe perfectamente que contribúe tanto ao Ruxido do Mar, como calquera outra parte da mesma grandeza; da mesma maneira somos conscientes de que aínda sen percibir un gran desasosago nun ou dous homes, ben podemos decatarnos de que as súas Paixóns singulares son partes do ruxir Sedicioso dunha Nación atormentada. E se non houbese nada máis que revelase a súa loucura; semellante inspiración tan arrogante para con eles mesmos sería argumento abondo. Se alguén no manicomio

de Bedlam, departise contigo en conversa lúcida, e ti desexases saber ao marchar de quen se trataba, para devolverlle doutra volta a súa xentileza, e se che dixese que era Deus Pai, non penso que precisases de ningún acto extravagante como demostración da súa Loucura.

Esta convicción de estar Inspirados, chamada comunmente Espírito Privado, parte moi a miúdo do achado ou percepción afortunado dun Erro xeralmente mantido por outros; e ao non coñecer ou lembrar por medio de que conduta racional chegaron a verdade tan singular (ou tal cren, aínda que sexa moitas veces unha mentira a que prenden), acaban por admirarse a eles mesmos como se fosen a graza especial do Deus Todopoderoso, quen revelase o mesmo a eles, de maneira sobrenatural, a través do seu Espírito.

Ora, a Loucura non é nada máis senón unha Paixón que se mostra exacerbada e que se pode amarear por mor dos efectos, iguais aos producidos pola disposición ruín dos órganos. Pois que a variedade de comportamentos nos homes que beberon de máis é a mesma dos Loucos; a uns dálles por rabiar, a outros por amar, a outros por rir, todos de maneira extravagante mais cadrando coas Paixóns que os dominan. Porque o efecto do viño afasta a Simulación, e arreda deles a visión da deformidade das súas Paixóns. Porque (teño para min) os homes máis mentalmente sans, cando marchan sos, coa mente despreocupada e sen coidado ningún, non desexarían que se fixese pública a vaidade e Extravagancia dos seus pensamentos nese intre; o que non nos di mais que as Paixóns desbocadas son simple Loucura para a maioría.

Tanto na antigüidade como en tempos máis recentes as opinións da humanidade verbo da causa da loucura foron dúas. Algunhas derivan das Paixóns; outras, dos Demos ou Espíritos, bos ou malos, que se pensaba poderían entrar nun home, posuílo, e mover os seus órganos na maneira estraña e paifoca que os loucos adoitan. Os máis antigos chamaban a estes homes Loucos, mais os que viñeron despois, *Demoníacos* (ou sexa, posuídos polos espíritos;), ás veces *Energúmenos* (ou sexa, mexidos ou movidos

polos espíritos;), e agora, en Italia, chamáselles non soamente *Pazzi*, Homes loucos; mais tamén *Spiritati*, homes posuídos.

Houbo unha vez unha grande afluencia de xente en *Abdera*, unha cidade grega, para ver como representaban a Traxedia de *Andrómeda*, un día tremendamente caloroso. Co cal moitos dos espectadores sufriron de Febres, como consecuencia conxunta da calor e mais da Traxedia, de maneira que non facían senón recitar versos iámbicos cos nomes de *Perseo* e *Andrómeda*; e isto foi curado, ao igual que a Febre, coa chegada do Inverno. Pénsase que esta loucura procedía da Paixón impresa pola Traxedia. Da mesma maneira houbo un ataque de loucura noutra cidade grega, que se apoderaba tan só das doncelas novas; que provocaba que moitas delas se aforcasen. Daquela a maioría coidaron que se trataba dun acto causado polo Diaño. Mais un home que sospeitou que ese desprezo pola vida nelas podía proceder dunha Paixón da mente, e supoñendo que non desprezaban ao tempo a súa honra, aconselloulle aos Maxistrados que as espisen axiña que se aforcasen e que as deixasen penduradas núas. Isto, segundo contan as historias, curou a loucura das demais. Mais por outra banda os mesmos Gregos adscribiron a miúdo a loucura ao efecto das Euménides ou Furias; e ás veces de *Ceres*, *Febo*, e outros Deuses. Outro tanto atribuíron os homes aos fantasmas, como para coidar os corpos vivos aéreos; chamándolles xeralmente Espíritos. E así como os Romanos nisto compartiron opinión cos Gregos, os Xudeus fixeron o propio. Pois que chamaron os Profetas, loucos, ou (segundo coidaban que os espíritos eran bos ou malos) Demoníacos; e algúns deles chamaban a ambos, profetas e Demoníacos, homes loucos, e algúns ao mesmo home Demoníaco e home louco. Mais para os Xentís isto non era estraño, porque Doenzas e Saúde, Vicios e Virtudes, e moitos accidentes naturais foron nomeados e adorados por eles como Demos. De maneira que un home podía ser entendido como un Home, do mesmo xeito que (ás veces) unha Febre malárica ou un Diaño. Pero que os Xudeus teñan a mesma opinión é dalgunha maneira estraño. Porque nin *Moisés* nin *Abraham* pretendían que se chegase á

Profecía pola posesión dun Espírito, senón a través da voz de Deus, ou por medio dunha Visión ou dun Soño; nin existe nada na súa Lei, Moral ou Cerimonial da que se dese aprendido que houbera Entusiasmo algún ou Posesión. Cando se di que Deus, *Números*, XI, 25, toma do Espírito que estaba en *Moisés* dándollo aos setenta Anciáns, o Espírito de Deus (entendéndoo como a substancia divina) non está dividido. As Escrituras polo Espírito de Deus no home queren dicir o espírito do home inclinado á Piedade Relixiosa. E cando se di, *Éxodo*, XXVIII, 3: *A aquel ao que enchín co espírito da sabedoría para que lle fagan vestidos a Aarón*, non quere dicir un espírito imbuído neles que sexa quen de facer vestidos, mais a sabedoría dos seus propios espíritos nesa clase de choios. De maneira semellante o espírito do home cando produce accións indecentes, adoita chamarse un espírito indecente, e por isto é polo que os outros espíritos, aínda que non sempre, mais tan a miúdo como a virtude sexan desta natureza, resultan extraordinarios e Eminentes. Non é que os outros Profetas do Vello Testamento pretendan Entusiasmo ou que Deus falase neles, senón a eles por medio de Voces, Visións ou Soños, e *O Peso do Señor* non era Posesión, senón Orde. ¿Daquela como podían os Xudeus acollerse a opinión da posesión? Non dou imaxinado razón mais aquilo que é común a todos os homes; nomeadamente a falta de curiosidade na procura de causas naturais, e centrar a Felicidade na consecución dos grosos praceres dos Sentidos e das cousas que levan máis inmediatamente a eles. Pois que quen vexan habelencias estrañas e pouco comúns ou defectos na mente dun home, a menos que non observen a causa da que poden derivar verosimilmente, será pouco doado que a entendan natural, e non sendo natural o lóxico é que a supoñan sobrenatural; e entón que pode acontecer máis que Deus ou o Diaño estean nel? De aquí chegamos a cando o noso Salvador (*Marcos*, III, 21) estaba arrodeado da multitude, e os da casa dubidaron de que estivese louco, e foron a por el: mais os Escribas dicían que tiña a *Belcebú*, e que por iso daba expulsado os diaños; como se o home louco principal atemorizase os secun-

darios. E de aí que (*Xoán, X, 20*), algúns dixesen: *Está posuído polo diaño e é louco*; mentres que outros, tomándoo por Profeta, dicían: *Estas non son as palabras dun posuído polo diaño*. Pois que no Antigo Testamento o que viñera unxir a *Jehú (Reis, IX, 11)* era un Profeta; pero algún dos presentes preguntou: *Jehú, a que veu ese home louco?* Así que, en resumo, ponse de manifesto que os xudeus coidaban que quen se comportase de maneira extraordinaria estaba posuído por un espírito bo ou malo; agás os Saduceos, quen erraban de tal xeito que non acreditaban en espírito ningún (o que está moi preto de conducir ao Ateísmo) e de aí, se cadra, que propendesen a denominar a esa xente Demoníacos máis que homes loucos.

Daquela, por que o noso Salvador procede a curalos como se estivesen posuídos e non fosen loucos? A isto non son quen de dar outra clase de resposta que aquela dada aos que interpretan as Escrituras de maneira análoga contra do movemento da Terra. As Escrituras escribíronse para mostrar aos homes o Reino de Deus, e preparar as súas mentes para chegar a ser suxeitos obedientes a el, deixando o mundo, e a Filosofía xa que logo, aos argumentos dos homes para o exercicio da súa Razón natural. Xa fagan os movementos da Terra e do Sol o día e mais a noite, ou xa veñan as accións Exorbitantes dos homes da Paixón ou do Diaño (adorémolo ou non), todo é un, como a nosa obediencia ou subxección ao Deus Todopoderoso; aquilo para o que se escribiéron as Escrituras. Consonte a que o noso Salvador falase á doenza como se se tratase dunha persoa; é o estilo habitual de todos aqueles que curan con palabras soamente, tal como Cristo facía (e os Encantadores pretenden facer, falen ou non ao Diaño). Ou acaso non é Cristo o que dixo (*Mateo, VIII, 26*) ter rifado aos ventos? Non é igualmente o que dixo (*Lucas, IV, 39*) que increpara á Febre? Mais disto non se infire que a Febre sexa un Diaño. E onde se afirma que moitos destes Diaños confesaron a Cristo, non é preciso interpretar doutra maneira senón de que aqueles homes loucos o confesaron. E alí onde o noso Salvador (*Mateo, XII, 43*) fala dun Espírito indecente, que saído dun home, andou a través

de lugares ermos, procurando acougo, sen atopalo; para volver ao mesmo home con outros sete espíritos peores que el mesmo. Trátase manifestamente dunha Parábola, alusiva a un home que logo dun pequeno esforzo para desfacerse da súa sensualidade foi vencido pola forza desta, chegando a ser sete veces peor do que era. De maneira que nada vexo nas Escrituras que leve a crer outra cousa senón que os Demoníacos eran Homes Loucos.

Aínda hai outro erro nos Discursos dalgúns homes, que se poden enumerar entre das clases de Loucuras; nomeadamente, o abuso de palabras, do que xa falei no capítulo quinto so do Nome de Absurdos. É dicir: cando os homes empregan certas palabras, que postas xuntas non teñen significado ningún. Algúns incorren nesta circunstancia por unha falsa interpretación das palabras que recibiron e que repiten rutineiramente, outros o que fan é empregalas con intención de enganar por medio da escuridade que vai nelas. Isto acontece soamente a aqueles que parolan sobre cuestións relativas a argumentos que non se comprenden, así os Escolásticos, ou de Filosofía abstrusa. A xente do común non adoita dicir palabras sen senso, e por iso son tomadas por Parvas polas devanditas persoas Egrexias. Mais para certificar que as súas palabras non teñen sentido ningún, farían falta algúns Exemplos; se fosen requiridos por algún home abondaría con que este tivese á man a un Escolástico, pedíndolle que traducise algún capítulo relativo a un punto difícil: como a Trindade, a Deidade, a natureza de Cristo, a Transubstanciación, o Libre Albedrío, etc., a algunha das linguas modernas para mudalo en intelixible, ou nun Latín aceptable, tal como nos deron a coñecer cando a Lingua Latina era de uso común. Cal é o significado destas palabras: *A causa primeira non inflúe necesariamente sobre a segunda, por mor da Subordinación esencial das segundas causas, facendo así que actúen?* É a tradución do Título do capítulo sexto do libro primeiro de Suárez, *Do Concurso, Movemento e da axuda de Deus*. Cando os homes escriben volumes enteiros con semellantes parvadas ou ben están Loucos ou o que pretenden é que outros o estean. Particularmente, no choio da Transubstanciación, cando logo de



pronunciar certas palabras como Brancura, Redondez, Magnitude, Calidade, Corruptibilidade, etc., dise que todo isto pasa da Hostia ao Corpo do noso bendito Salvador, non proban con eses *tales* e *tumbas* que non son máis que espíritos a posuír o seu corpo? Porque por Espíritos entenden sempre cousas que ao ser incorporadas danse movido, non obstante, dun lugar a outro. De maneira que esta caste de absurdos ben poden considerarse entre as moitas maneiras de Loucura; e todo o tempo que as guén Pensamentos nidios da súa sensualidade mundana fan por absterse de polemizar ou escribir así, senón soamente nos Ínterims Lúcidos. E así acontece con moitas das Virtudes ou Defectos Intelectuais.

## Capítulo IX. Dos varios aspectos do coñecemento

Hai dúas clases de COÑECEMENTO; unha é o *Coñecemento do Feito*; a outra, *Coñecemento da Consecuencia dunha Afirmación na outra*. A primeira non é nada máis que Sensación e Memoria, e é *Coñecemento Absoluto*; como cando vemos que se produce un Feito, ou lembramos que se producise; este é o Coñecemento que se precisa nunha Testemuña. O segundo chámase *Ciencia*, e é *Condicional*, como cando sabemos que *Se se mostra unha figura nun circo e trazamos unha liña recta no Centro dividiráa en dúas partes iguais*. Este é o Coñecemento que precisa un Filósofo, ou sexa, aquel que pretende Razoar.

O Rexistro do *Coñecemento do Feito* denomínase *Historia*. Dela hai dúas clases: unha chamada *Historia Natural*; ou sexa a Historia dos Feitos ou Efectos da Natureza, en canto que non teñen Dependencia da *Vontade* do Home. Así as Historias dos *Metais, Plantas, Animais, Rexións* e por aí seguido. A outra é a *Historia Civil*, é dicir a Historia das Accións Voluntarias dos homes nos Estados.

Os Rexistros da Ciencia son os *Libros* que conteñen as *Demostracións* das Consecuencias dunha Afirmación a outra; adoitan chamarse *Libros de Filosofía*; hainos de moitas clases consonte á diversidade da Materia, e poden dividirse dos xeitos en que os dividín na seguinte Táboa.

CIENCIA, ou sexa,  
Coñecemento de  
Consecuencias, tamén  
chamada FILOSOFÍA

Consecuencias dos  
Accidentes dos Corpos  
Políticos; chamada  
Filosofía Política e Civil

1. Das Consecuencias da Institución do  
ESTADO cara aos Dereitos e Deberes do  
Corpo Político ou do Soberano  
2. Das Consecuencias deste cara aos  
Deberes e Dereitos do Súbdito

FÍSICA ou Consecuencias  
das Calidades

Consecuencias das  
Calidades dos Corpos  
Permanentes

Consecuencias das  
Calidades dos Corpos  
Transitorios, que ás veces  
aparecen e outras se  
esvaen METEOROLOXÍA

Consecuencias das  
Calidades dos Corpos  
Terrestres

Consecuencias das Calidades  
dos Corpos Líquidos que  
enchen o espazo entre as  
Estrelas; como son o Aire ou  
substancias etéreas

Consecuencias das  
Calidades das Estrelas

Consecuencias das  
Calidades dos Animais

Consecuencias das partes  
da Terra, que non teñen  
sentido

Consecuencias da Luz das Estrelas.  
Disto e do movemento do Sol xorde a  
Ciencia da ESCIOGRAFÍA  
Consecuencias da Influencia das  
Estrelas ASTROLOXÍA

Consecuencias das  
Calidades dos Homes en  
Especial

Consecuencias das  
Calidades dos Animais  
en xeral

Consecuencias das  
Calidades dos Vexetais

Consecuencias das  
Calidades dos Minerais,  
como Pedras, Metais, etc

Consecuencias do Discurso

Consecuencias das Paixóns  
dos Homes ÉTICA

Para Magnificar, Denigrar, etc.  
POESÍA  
Para persuadir RETÓRICA  
Para razoar LÓXICA  
Para Contratar A Ciencia do XUSTO  
e INXUSTO

Consecuencias dos  
Accidentes dos Corpos  
Naturais; chamada  
FILOSOFÍA NATURAL

Consecuencias dos  
Accidentes que son  
comúns a todos os Corpos  
Naturais; Cantidade e  
Movemento

Consecuencias do  
Movemento e Cantidade  
determinados

Consecuencias da Cantidade e Movemento  
Indeterminados; que ao seren os Principios  
ou primeiros fundamentos da Filosofía  
levan o nome de Philosophia Prima  
PHILOSOPHIA PRIMA

Consecuencias do  
Movemento e Cantidade,  
os Corpos en especial

Consecuencias do  
Movemento e Cantidade  
determinados

Consecuencias do  
Movemento de clases  
Especiais, e Figuras do Corpo  
MECÁNICA, DOCTRINA  
DO PESO

Consecuencias do  
Movemento e Cantidade das  
partes grandes do Mundo,  
como a Terra e as Estrelas  
COSMOGRAFÍA

Por Cifra Por Número  
MATEMÁTICAS

ENXEÑERÍA,  
ARQUITECTURA  
NAVEGACIÓN

ASTRONOMÍA E  
XEOGRAFÍA

XEOMETRÍA E  
ARITMÉTICA

## Capítulo X. Do poder, mérito, dignidade, honor e respectabilidade

O PODER *dun Home* (collido Universalmente) consiste nos seus medios actuais para acadar algún Ben manifesto futuro. E pode ser *Orixinal* ou *Instrumental*.

O *Poder Natural* é a eminencia das Facultades do Corpo ou da Mente; como son Forza Extraordinaria, Beleza, Prudencia, Artes, Elocuencia, Liberalidade, Nobreza. *Instrumentais* son os Poderes, que acadados mediante as facultades devanditas ou a través da fortuna son medios e Instrumentos para achegar máis: como Riquezas, Reputación, Amizade e os designios secretos de Deus, o que os homes chaman a Sorte Divina. Porque a natureza do Poder, e chegados a este punto, como a Fama, que medra mentres progresa; ou como o movemento dos corpos pesados que canto máis lonxe van máis axiña chegan.

O Meirande dos Poderes humanos é o que se compón dos Poderes da maioría dos homes, unidos por consentimento nunha persoa, Natural ou Civil, que ten o uso de todos os Poderes dependendo da súa vontade, tal é o Poder dun Estado, ou dependendo das vontades de cada particular, tal como o Poder dunha facción, ou de diversas faccións vencelladas. Xa que logo ter serventes é Poder; ter amigos equivale a Poder, pois que son forzas unidas.

A Riqueza, cando se vencella á liberalidade, é poder: pois que acada servos e amigos, mais sen xenerosidade non tal porque neste caso non soamente non defenden os homes senón que os expoñen, como Presas, diante da Envexa.

A reputación de poder é Poder, pois que empurra detrás súa a adhesión de aqueles que precisan protección.

Tal acontece, por semellante razón, coa reputación de amar o País propio (coñecida como Popularidade).

Igualmente aquela calidade que fai que un home sexa amado ou temido de moitos, ou a súa reputación, é Poder, porque indica que ten a asistencia e o servizo de moitos.

O éxito indica tamén Poder, porque implica reputación de Sabedoría ou boa fortuna, e fai que os homes teñan medo ou confianza en quen o acada.

A afabilidade dos homes xa poderosos fai que medre o seu Poder, porque lles gaña amor.

A Reputación de Prudencia na conduta seguida na Paz ou na Guerra, é Poder; porque aos homes prudentes outorgamos o goberno de nós mesmos con meirande apetencia que aos outros.

A Nobreza é Poder, mais non en todos os lugares, senón soamente nos Estados onde goza de Privilexios: porque en semellantes privilexios consiste o seu Poder.

A Elocuencia é Poder, porque é semellante á Prudencia.

A Beleza é Poder, porque ao ser promesa de Bondades, recomenda os homes ao favor das mulleres e dos estraños.

As Ciencias son Poder pequeno, porque non brillan e xa que logo non son recoñecidas en cada home senón nuns poucos, e neles, tan só nunhas cantas cousas. A ciencia, de feito, é de tal natureza que ningún pode recoñecela a menos que a posúa en boa medida.

As artes de emprego público, como a Fortificación, a fabricación de Máquinas e outros Instrumentos Bélicos, porque levan á Defensa e á Vitoria, son Poder. E aínda que a verdadeira nai delas sexa a Ciencia, nomeadamente as Matemáticas, ao ser dadas a Luz pola man do Artífice, son estimadas (como a Comadrou pasando por nai) cal un produto seu.

O *Valor* ou MÉRITO dun home é, como todas as outras cousas, o seu Prezo; ou sexa, canto sería dado polo uso do seu Poder; e xa que logo non é absoluto senón algo que depende da necesidade e mais do xuízo doutro. Un condutor habelencioso de soldados é de gran Prezo en tempo de Guerra real ou inminente; mais non é así cando hai Paz. Un Xuíz sabido e incorrupto ten moito Mérito en tempo de Paz, mais non tanto no de Guerra. E no home acontece como nas outras cousas, que non é o vendedor senón o comprador quen pon o prezo. Pois que aínda

que un home (como adoita acontecer) se valore a si mesmo o máis alto que poida, o seu valor verdadeiro non é outro que o estimado polos demais.

A manifestación do Valor que poñemos os uns nos outros é o que se chama vulgarmente Honrar e Deshonrar. Valorar un home nun nivel alto é *Honralo*; nun nivel baixo, *Deshonralo*. Ben entendido que, no caso que nos ocupa, alto e baixo veñen dados por comparación co nivel con que cada home se mide a si mesmo.

O mérito público dun home, ou sexa o Valor que lle aplica o Estado, é o que a xente adoita chamar DIGNIDADE. E o seu Valor segundo o Estado vén outorgado por cargos de Mando, Xudicatura, Emprego público, ou por Denominacións e Títulos, introducidos para distinguir semellante Valor.

Solicitalle a outro axuda dalgunha clase é HONRALO, porque o facelo é sinal de que coidamos que ten poder para axudar; e canto máis complicado sexa o seu auxilio maior é o Honor.

Obedecer é Honrar; porque ningún home obedece a aqueles de quen pensa que non teñen poder para axudarlles ou causarlles dano. E consecuentemente desobedecer é *Deshonrar*.

Facerlle bos agasallos a un home é Honralo; porque supón compra de Protección e recoñecemento de Poder. Facerlle agasallos cativos é Deshonralo; porque non deixan de ser Esmolas e veñen significar a necesidade de axudas modestas.

Ir axiña a promover o ben do outro, tamén afagalo, é Honralo, como sinal de que procuramos a súa protección ou axuda. A negligencia nisto é Deshonralo.

Ceder o paso ou lugar a outro, en cuestión Vantaxosa é Honralo; por ser confesión dun poder maior. Preterilo é Deshonralo.

Mostrar sinais de amor ou medo doutro é Honralo, porque ambas cousas, amar e temer, é valorar. Anular ou minguar no amor e o temor que se agarda é Deshonralo; porque é telo a menos.

Loar, magnificar, aledar, é Honrar; porque nada se valora máis que a loanza, o poder e a felicidade. Criticar, rebaixar ou entristecer é Deshonrar.

Falarlle a outro con consideración, aparecer diante del con decencia e humildade é Honralo; como sinais de medo a ofender. Falarlle con acritude, facer diante del algo obsceno, rexeitable, impúdico é deshónralo.

Crer, confiar, basearse noutro é Honralo, sinal de que acreditamos na súa virtude e poder. Desconfiar ou non crer nel é Deshonralo.

Prestar atención ao consello dun home e ao seu discurso é Honralo; como sinal de que o coidamos sabido, elocuente ou agudo. Durmir, liscar ou falar no ínterim é Deshonralo.

Facerlle a outros o que eles, ou as Leis ou os Costumes, entenden por sinais de Honor é Honralo; porque ao aprobar o Honor feito por outros recoñece o poder que outros recoñecen. Rexeitar facelo equivale a Deshonrar.

CadRAR cunha opinión é Honrar; ao ser sinal de que aprobamos o xuízo e a sabedoría de quen a emite. Disentir é Deshonrar; e aseveración dun erro; e (se a disensión é en moitas cousas) de comisión de parvadas por parte de quen se pronuncia.

Emular é Honrar, pois que se trata dunha aprobación veheamente. Emular o Inimigo é Deshonrar.

Honrar a aquel a quen outros honran é Honrar a estes, como mostra de que se aproba o seu xuízo. Honrar os seus Inimigos é Deshonralo.

Servirse de alguén para tomar decisións ou en accións pouco doadas é Honralo; como sinal de aprobación da súa sabedoría ou doutro poder. Rexeitar de servirse, nas mesmas circunstancias, de quen o procuran é Deshonralo.

Todas estas maneiras de Honrar son naturais, e pagan a pena tanto dentro como fóra do Estado. Mais nos Estados, onde el e aqueles que teñen a Autoridade suprema poden establecer como sinais de Honor canto lles pete, hai outros Honores.

Un Soberano honra a un súbdito cun Título, un Cargo, un Emprego, unha Acción que el mesmo escollerá como mostra do seu desexo de Honralo.

O Rei de Persia honrou a Mardoqueo ordenando que fose conducido polas rúas con adobíos rexios, nun dos cabalos do Rei, cunha Coroa na testa, e un Príncipe diante del proclamando: *Isto faráselle a aquel que o Rei honre*. E houbo aínda outro Rei de Persia, ou acaso o mesmo outra vez, que a un que pedía vestir unha prenda rexia a cambio dun gran servizo, concedeullo, pero co engadido de que debería lucila na condición do bufón do Rei, sendo desta maneira Deshonra. A fonte do Honor Civil está na persoa do Estado e depende da Vontade do Soberano. Xa que logo ten carácter momentáneo e recibe o nome de *Honor Civil*. É o caso das Maxistraturas, dos Cargos, dos Títulos e, en certos lugares, das Cotas de Armas e dos Brasóns. E os homes honran a quen os posúen pois telos indican sinais de favor no Estado, e tal favor ven sendo Poder.

*Honorable* é calquera xénero de posesión, acción ou calidade que constituía argumento ou sinal de poder.

E xa que logo Ser Honrado, amado ou temido de moitos é Honorable, pois que todo isto indica argumentos de Poder. En troques ser Honrado de poucos ou ningún é *Deshonroso*.

O Dominio e mais a Vitoria son Honorábeis, pois que se acadan por medio do Poder; a Servidume por necesidade ou temor é Deshonrosa.

A boa fortuna (se duradeira) Honorable, como mostra do favor divino. A mala fortuna e as perdas, Deshonrosas. As riquezas son Honorábeis pois que indican Poder. A Pobreza, Deshonrosa. A Magnanimidade, a Liberalidade, a Esperanza, o Valor, a Confianza, son Honorábeis porque proceden da conciencia do Poder. A Pusilanimidade, a Parsimonia, o Temor e a Desconfianza son Deshonrosas.

A Resolución Axeitada ou a determinación do que un home debe facer é Honorable; como tamén o desprezo de dificultades pequenas ou perigos. A Irresolución é Deshonrosa, como mostra de valorar en exceso atrancos cativos e vantaxes pequenas. Porque cando un home ten sopesado as cousas tanto como llo



permita o tempo, e non resolve, a diferenza de medida é cativa; e xa que logo, se non resolve sobreestima as cousas pequenas, e iso é Pusilanimidade.

Todas as Accións e Discursos que proceden, ou semellan proceder, da moita Experiencia, Ciencia, Discreción ou Enxeño, son Honorábeis. Mais todos os Poderes, Accións ou Palabras que veñen do Erro, Ignorancia ou Loucura son Deshonrosos.

A Gravidade, pois que semella proceder dunha mente empregada tamén noutras cousas, é honorable, porque esa dedicación é sinal de poder. Mais se semella proceder da intención de aparentar gravidade é algo Deshonroso. Porque a gravidade do primeiro é como a firmeza dun Barco cargado con mercadería, mais a do último é semellante á dun Barco lastrado con area ou calquera outra chilindrada.

Ser Notorio, ou sexa, coñecido por Riqueza, Cargos, grandes Accións ou calquera ben eminente é Honroso; como sinal do poder que muda a alguén en notorio. Polo contrario, a Escuridade é Deshonrosa.

Descender de Pais coñecidos é Honorable, porque atrae máis doadamente as axudas e as amizades dos seus Devanceiros. Polo contrario, vir dunha Paternidade escura é Deshonroso.

As accións que proceden da Equidade, e veñen acompañadas de perdas, son Honorábeis; en canto que sinais de Magnanimidade, sendo a Magnanimidade sinal de Poder. Ao contrario, a Astucia, a Virada de Chaqueta, a falla de Equidade é Deshonroso.

A cobiza de grandes Riquezas e a ambición de grandes Honores, son Honorábeis: como sinais de poder para acadalos. A cobiza e a ambición de pequenos lucros e preeminencias son Deshonrosas.

Non altera o caso da Honra que unha acción (así sexa grande e difícil e, consecuentemente, sinal dun poder importante), resulte xusta ou inxusta: porque a Honra consiste soamente na opinión do Poder. Xa que logo os antigos Pagáns non coi-

daban deshorrar, senón honrar grandemente os Deuses, cando os inserían nos seus Poemas, cometendo Violacións, Roubos e outras grandes mais inxustas e noxentas accións. Por nada é tan celebrado *Xúpiter* como polos seus adulterios; ou *Mercurio* polos seus Fraudes e Roubos. E a meirande loanza que se fai nun himno de Homero é de aquel que logo de nacer pola mañá inventou a música ao mediodía, e antes da noite xa roubara o gando de Apolo aos seus Pastores.

Entre os homes, ata que se constituíron os grandes Estados non se tiña por deshonoroso ser Pirata ou Bandoleiro; senón que se interpretaba como un Choio legal, non soamente entre os Gregos, mais tamén entre todas as outras Nacións, cal se pon de manifesto na Historia dos tempos antigos. E hoxe en día, nesta parte do mundo, os Duelos son e serán sempre Honrosos, aínda que ilegais, ata que chegue un tempo en que se lle atribúa Honra aos que os rexeiten, e Ignominia a aqueles que se desafíen. Pois que os Duelos son moitas veces efectos da Coraxe, e o territorio da Coraxe é sempre a Forza e a Habelencia, indicativas de Poder, aínda que na súa parte meirande sexan os efectos das palabras ásperas ou do temor á Deshonra, nun ou en ambos Combatentes quen, movidos pola carraxe, son levados á Loita para non perder a reputación.

Os Escudos e as Cotas de Armas hereditarios cando implican Privilexios eminentes son Honorábeis; doutra maneira, non, porque o seu Poder consiste en Privilexios semellantes ou en Riquezas ou calquera outra cousa similar tal como se honra nos demais homes. Esta caste de Honra, comunmente chamada Nobreza, procede dos antigos Xermanos. Porque nunca se coñeceu cousa tal alí onde os costumes Xermanos eran descoñecidos. Os antigos Caudillos Gregos, cando ían á guerra, facían que lles pintasen os Escudos coas Divisas que máis lles prestaban, tanto máis como que un Escudo sen pintar era sinal de pobreza e de non ser senón un Soldado do común; mais estas divisas non se transmitían por herdanza. Os Romanos transmitían as Marcas

das súas familias, pero eran as Imaxes, non as Divisas dos seus Devanceiros. Entre as xentes de *Asia*, *África* e *América* non hai, nin houbo xamais, cousa tal. Os Xermanos eran os únicos que tiñan ese costume, e deles pasou a *Inglaterra*, *Francia*, *España* e *Italia*, cando foron en gran número ou ben en axuda dos Romanos, ou facer as súas propias Conquistas nestas partes Occidentais do mundo.

Porque a Xermania antigamente se atopaba como todos os outros Países nos seus principios dividida nun número infinito de pequenos Señores ou Xefes de Familia, que guerreaban decotío os uns cos outros. Estes Xefes ou Señores podían ser coñecidos dos seus seareiros, nomeadamente ao remate, por ir cubertos de Armas, e en parte como adorno, pintaban a súa Armadura, ou o seu Brasón ou Cota de Armas coa pintura dunha Besta ou de calquera outra cousa, e poñían algunha marca eminente ou visible na cimeira dos seus helmos. E este adorno, das Armas e a Cimeira pasaba como herdanza aos seus Fillos; ao primoxénito en toda a súa pureza e ao resto con algunha nota de diversidade, a quen o vello Señor, ou sexa o Herealt en holandés coidase axeitado. Mais cando moitas destas familias deron en vencellarse, creando unha Monarquía máis grande, a tarefa do Herealt, de distinguir brasóns, mudou nun mester á parte. E os descendentes destes Señores constituíron a Nobreza grande e antiga; que é a que na súa meirande parte empregaban como emblemas criaturas vivas, famosas pola súa coraxe e capacidade de rapina; ou ben Castelos, Ameas, Cintos, Armas, Barras, Cercas e outras mostras bélicas; nada —daquela— significando honor, senón virtudes militares. Despois non soamente os Reis, senón os Estados populares, produciron diferentes maneiras de Brasóns, para dar aos que ían á guerra ou dela volvían, polo seu valor, ou como recompensa aos seus servizos. O lector avisado poderá apreciar todo isto nos antigos libros de Historia, gregos e latinos, en canto que fan mención da Nación Xermana, e os seus costumes, no seu tempo.

Os títulos que representan *Honor*, como Duque, Conde, Marqués e Barón, son Honorábeis; pois que veñen significar o valor posto neles polo Poder Soberano do Estado: estes Títulos eran antigamente títulos de Mesteres e Funcións de Mando, derivados algúns dos Romanos, outros dos Xermanos e Franceses. Os Duques, en Latín *Duces*, eran os Xenerais en Guerra: os Condes, *Comites*, eran os compañeiros ou amigos do Xeneral; correspóndenlles gobernar e defender lugares que se conquistaran e pacificaran: os Marquises, *Marchiones*, eran Condes que gobernaban as Marcas ou fronteiras do Imperio. Os títulos de Duque, Conde e Marqués viñeran ao Imperio ao redor do tempo de *Constantino* o Grande, ao xeito dos costumes da *Militia* Xermana. Pero Barón semella ser un título dos Galos, e significa un Gran home; tal como o eran os Reis ou Príncipes a quen eles protexían na guerra arrodeando as súas persoas; e semella vir de *Vir*, que pasaría a *Ver* e logo a *Bar*, e significa o mesmo na Linguaxe dos Galos que *Vir* en Latín; e de aí a *Bero* e *Baro*: de tal maneira que estes homes foron chamados *Berones* e logo *Barones*; e (en español) *Varones*. Mais quen quixese saber máis particularidades sobre da orixe dos Títulos de Honor, pode atopalas, tal como fixen eu, no sobranceiro Tratado de *Selden* (John Seldens, *Titles of Honour*, London, 1614) verbo deste asunto. Ao pasar o tempo estes cargos de Honra, por ocasión de disturbios, e por razóns de goberno benéfico e apracible, mudaron en simples Títulos; empregados maiormente para distinguir procedencia, lugar e orde de asuntos no Estado; e os homes foron feitos Duques, Condes, Marquises e Baróns de lugares onde non tiñan nin posesións nin mando, e outros Títulos foron creados igualmente coa mesma fin.

A CAPACIDADE dun home é unha cousa distinto do prezo ou o valor dunha persoa; tamén do seu mérito e da súa recompensa, e consiste nun poder particular ou habelencia para aquilo do que se di que é capaz; habelencia particular que se adoita chamar IDONEIDADE ou *Aptitude*.

Porque quen máis merece ser Comandante ou Xuíz, ou ter calquera outro cargo, é aquel máis dotado e coas calidades requiridas para o seu feliz desempeño; e o máis Merecente das Riquezas é o que ten as calidades máis axeitadas para o uso correcto delas; mesmo se algunha desas calidades non existise un podería ser igualmente un home de Valor, e valioso para calquera outra cousa. Máis aínda, un home pode ser merecente de Riquezas, Mesteres e Empregos, e malia isto non ter maior dereito para posuílos que outros; sen que poida dicir xa que logo que os mereza. Pois que o Mérito presupón un dereito, e que se deba a cousa merecida por promesa. Disto falarei máis adiante, cando me refira aos Contratos.

## Capítulo XI. Da diferenza de maneiras

Por MANEIRAS non entendo aquí a Decencia de comportamento; como debe un home saudar a outro, ou lavar a boca, ou limpar os dentes cando está acompañado, e demais aspectos da *Pequena Moral*. Ou sexa, as calidades humanas que teñen que ver coa súa vida en común, en Paz e Unidade. Con esta fin debemos considerar que a Felicidade nesta vida non consiste soamente no acougo dunha mente satisfeita. Porque non existe o *Finis ultimus* (fin derradeira) nin *Summum Bonum* (Ben supremo) dos que se fala nos Libros dos vellos Filósofos Morais. Ao home élle imposible vivir cando os seus desexos chegan ao remate, tal como cando as súas Sensacións e Imaxinacións fican paralizadas. A Felicidade é un progreso continuo do desexo, dun obxecto a outro; non sendo a consecución do primeiro outra cousa que o carreiro ao segundo. A causa non é outra que o obxecto do desexo do home non é gozar unha vez tan soa e por un instante de tempo; senón asegurar para sempre a vía do seu desexo futuro. Xa que logo as accións voluntarias e as inclinacións do home tenden non soamente á procura, senón tamén á seguranza dunha vida satisfeita, e difiren tan só na maneira, que

xorde en parte da diversidade de paixóns nos diferentes homes, e en parte da diferenza de coñecemento ou opinión que cada un ten das causas que producen o efecto desexado.

Polo que en primeiro lugar sinalo como inclinación xeral de toda a humanidade o desexo perpetuo e incansable de Poder e máis Poder, que cesa soamente coa Morte. E a causa disto non é sempre que o home ansíe un pracer máis intenso do que xa acadara, ou que non se poida contentar cun poder moderado, senón que non teña seguros o poder e os medios para vivir ben, que posúe actualmente, e acadar máis. Do que se infire que os Reis, que son os que teñen un poder meirande, se esforzan en aseguralo no interior por medio de Leis, fóra, a través das Guerras: e cando isto está feito vén outro desexo; nuns, da Fama que outorgan as Conquistas novas; noutros, de praceres sensuais e vidas cómodas, noutros, da admiración ou do afago por mor da excelencia artística ou calquera outra habelencia da mente.

A Competencia por Riquezas, Honor, Mando e outros poderes, leva á Disensión, Inimizade e Guerra; porque o xeito que emprega un Competidor para a consecución do seu desexo é matar, someter, suplantar ou rexeitar o outro. Nomeadamente a competencia por loanzas inclina a reverenciar á Antigüidade. Pois que se ben os homes compiten cos vivos e non cos mortos atribúen a estes máis do debido, coa fin de escurecer a gloria dos outros.

O Desexo dunha vida cómoda e de Pracer sensual, leva aos homes a obedecer a un Poder común; pois que para comprar semellantes desexos o home debe abandonar a protección que podería ansiar da súa propia Industria e traballo. O medo á Morte e ás Feridas, encarreira ao mesmo, e por idéntica razón. Ao contrario, os homes necesitados e esforzados, que non están satisfeitos coa súa situación actual, como tamén aqueles que ansían un cargo Militar, vense obrigados a proseguir nas causas bélicas, e a remexer liortas e sedicións, porque non se acadan honores Militares senón a través da guerra, nin hai esperanza de amañar un mal xogo mais que volvendo dar cartas.

O Desexo do Coñecemento e das Artes da Paz levan ao home a obedecer a un Poder común: pois que tal Desexo implica un de lecer, e xa que logo de protección doutro Poder que non sexa o propio.

O Desexo de Loanza empurra a accións dignas desta, que presten a aqueles de quen se valora o seu xuízo, porque daqueles homes aos que desprezamos, desprezamos tamén os xuízos. O Desexo de Fama despois da morte vén sendo o mesmo. E aínda que logo da morte non haxa senso da loanza que se nos dá na Terra, sendo como son ledicias que, ou son eclipsadas polas inefábeis ledicias do Ceo, ou ben extinguidas nos tomentos extremos do Inferno, así e todo non é a Fama van, porque os homes teñen un pracer intenso nela, da súa visión previa ou do beneficio que lles poida outorgar para a súa posteridade. E aínda que non a vexan poden imaxinala, e calquera cousa que produza pracer nos sentidos, igualmente é pracenteira na imaxinación.

Recibir dun, a quen coidamos o noso igual, maiores beneficios dos que cabería agardar, dispón a un amor falso, que non é senón odio secreto, e muda o home en debedor desesperado, que ao evitar a vista do seu acredor, desexa tacitamente que estea alí onde xamais volva selo. Pois que os beneficios obrigan e a obriga é servidume, e a obriga que non se pode compensar, obriga perenne; e diante dun igual, odiosa. Mais recibir beneficios dun superior leva a amalo, porque a obriga non é unha nova degradación, e a aceptación xubilosa (o que os homes chaman *Gratitude*), un honor tal para o benfeitor que adoita tomarse como retribución. Igualmente recibir beneficios, aínda que sexa dun igual, ou inferior, en tanto que haxa esperanza de retribución, empurra tamén ao amor; porque na intención de quen os recibe, a obriga e de axuda e servizos mutuos, do que se segue unha Emulación para ver quen superará o outro en beneficios; a máis nobre e proveitosa competición posible; na que o vencedor pode compracerse na súa vitoria e o outro atopa desquite confesando a súa derrota.

Facer a algún máis dano do que pode ou desexa aturar, empurra a quen o fai a odiar a quen o sofre. Porque debe agardar vinganza ou perdón: ambas cousas odiosas.

O medo á opresión dispón o home a anticiparse ou a procurar axuda na asociación, porque non hai outro xeito de que o home poida asegurar vida e liberdade.

Os homes que desconfían da súa propia sutileza están, cando hai tumultos e sedición, mellor dispostos para a vitoria, que aqueles que se supoñen sabidos ou raposeiros. Porque aqueles gustan de consultar, e os outros (temendo que os burlen), prefíren ser os primeiros en bater. E cando hai sedición, pois os homes sempre están dispostos para a loita, agruparse e apañar todas as vantaxes da forza é un estrataxema mellor que calquera que poida proceder dunha Intelixencia sutil.

Os homes fachendosos, que sen ter conciencia dunha grande capacidade devecen por coidar que son valentes, tenden soamente á ostentación, non aos actos, pois que cando o que se mostra é o perigo non lles preocupa máis nada que ver a súa insuficiencia ao aire.

Os homes fachendosos, quen de avaliar a súa capacidade polos afagos doutros homes ou a fortuna dalgunha acción precedente, sen razóns para a esperanza baseadas nun auténtico coñecemento deles mesmos, veñen empurrados a empresas irreflexivas, e cando chega o perigo ou a dificultade se poden cean; pois que non vendo camiño seguro, preferirán mellor arriscar ese honor, que pode ser salvado cunha escusa, que as súas vidas, para as que ningunha salvación abonda.

Os homes que teñen unha opinión moi grande da súa sabedoría en asuntos de goberno, son proclives á Ambición. Porque sen Emprego público como conselleiros ou maxistrados o honor da súa sabedoría alá vai no río. E xa que logo os oradores Elocuentes vense inclinados á Ambición, porque a Elocuencia semella sabedoría, para eles mesmos e para os outros.

A Pusilanimidade conduce aos homes á Irresolución, e consecuentemente a perder as ocasións e as máis axeitadas oportu-



tunidades de acción. Porque despois de que os homes teñan deliberado ata que se achegue o momento de actuar, se non se manifesta o mellor por facer, é mostra de que as diferenzas de Factores, quer nun sentido quer noutro, non son importantes. Xa que logo non resolver daquela, perdéndose en parvadas, é pusilanimidade.

A Frugalidade (aínda que nos pobres resulte Virtude) fai que os homes non sexan aptos para levar adiante semellantes accións. Pois que mingua o seu Esforzo, que debe ser nutrido e vigorizado por medio da Recompensa.

A Elocuencia, acompañada do Afago, empurra aos homes a confiar naqueles que a posúen; porque a primeira é semellante á Sabedoría, a última, á Xentileza. Se se lles engade a reputación Militar leva os homes a vencellarse e suxeitarse a quen dispoñan dela. As dúas primeiras avisan do perigo destes; a última do que procede dos outros.

A carencia de Ciencia, ou sexa, de Ignorancia das causas, dispón, ou —se cadra— obriga aos homes a basearse no consello e mais na autoridade dos outros. Porque todos os homes a quen concirne a verdade, se non se fundamentan neles mesmos, deben facelo na opinión doutros, a quen coiden máis sabidos que eles sen pensar que poidan enganalos.

A ignorancia do significado das palabras, ou sexa, a falta de comprensión, leva os homes a confiar, non tan só na verdade que descoñecen, senón tamén nos erros; e o que é máis, nos absurdos daqueles en quen confían. Pois que non se poden detectar nin os Erros nin os absurdos sen unha comprensión perfecta das palabras.

Infírese deste que os homes dan nomes diferentes, a unha única e mesma cousa, desde a diferenza das súas propias paixóns. Consonte aproban unha opinión particular, chámalle Opinión, mais non lles presta, Herexía, aínda que herexía non signifique máis que unha opinión particular, con tan soamente algunhas pingas de carraxe.

Infírese igualmente deste que os homes non dan distinguido, sen estudo e grandes doses de comprensión, entre unha acción de moitos homes, e moitas accións dunha multitude; así, por exemplo, entre a acción de todos os Senadores de *Roma* ao matar a *Catilina*, ou as moitas accións dun certo número de Senadores ao matar a César. Xa que logo móstranse predispostos a tomar por acción do pobo, o que é unha chea de accións feitas por unha multitude, conducida se callar pola persuasión dun home só.

A ignorancia das causas e mais da constitución do Dereito, Equidade, Lei e Xustiza, empurran o home a facer do Costume e do Exemplo a norma dos seus actos; de igual maneira a pensar que Inxusto é aquilo que foi costume castigar, e Xusto aquilo do que a impiedade e a aprobación poden producir un Exemplo, ou (como lle chaman os Avogados que tan soamente empregan e de maneira ruín a falsa medida da Xustiza) un Precedente; cal cativiños que non teñen normas de maneiras boas e malas, agás a corrección que reciben dos seus Pais e Mestres; senón que os nenos son constantes nas súas normas, mentres que os homes, non; pois que mudando fortes e teimudos, apelan do costume á razón, e da razón ao costume, en función dos seus intereses, afastándose do costume cando lles cómpre, e poñéndose contra da razón tan a miúdo como a razón está contra deles. A causa é que a doutrina do Verdadeiro e mais do Falso dispútase decote, quer pola Pluma, quer pola Espada; o que non acontece coa doutrina das Liñas e as Figuras, porque aos homes tanto lles ten en que materia sexan certas, posto que non é algo que afecte á ambición humana, non ao seu proveito ou cobiza. Porque non dubido que se houbo algo contrario aos dereitos de dominio de home algún, ou aos intereses dos que xa o posúen, *Que os tres Ángulos dun Triángulo deben ser iguais aos dous Ángulos dun Cadrado*; tal doutrina tería de ser máis que disputada, feita desaparecer, pola queima de todos os libros de Xeometría, na medida en que os afectados fosen quen de acadalo.

A ignorancia das causas remotas leva os homes a atribuír todos os acontecementos ás causas inmediatas e Instrumentais. Pois que estas son todas as causas que perciben. Do que se deriva que en todos os lugares, aqueles magoados con tributos verten a súa carraxe nos Encargados, ou sexa, Cobradores, Recadadores e outros Funcionarios da Renda Pública, vencellándose cos que censuran o Goberno Civil; e xa que logo, cando se comprometen alén de xustificación algunha, bótanse tamén enriba da Autoridade Suprema por medo ao castigo ou vergoña de ter que recibir perdón.

A ignorancia das causas naturais leva o home á Credulidade, como para crer en moitas ocasións en cousas de total imposibilidade. Pois que estes nada coñecen en senso contrario a que poidan ser verdade; incapaces de detectar a imposibilidade. E a Credulidade, xa que aos homes lles presta ser escoitados en compañía, leva a estes a mentir: xa que a Ignorancia sen ser acompañada de Malicia é quen de facer que un home acredite nelas e, ao tempo, diga mentiras; argallándoas tamén ás veces.

A Ansiedade polo tempo futuro fai que o home pescude as causas das cousas: porque o seu coñecemento capacita os homes para ordenar o presente tirando del todo o máis proveitoso.

A Curiosidade ou o amor polo coñecemento das causas empurra o home da consideración do efecto á procura da causa; e, de novo, á causa desa causa; ata que necesariamente debe chegar por fin a esta idea, que hai unha causa que non ten causa anterior, senón que é eterna; á que os homes chaman Deus. De maneira que é imposible facer pescudas fondas nas causas naturais, sen ser inclinados a acreditar nun Deus Eterno; aínda que os homes non sexan quen de ter unha Idea del na súa mente e que responda á súa natureza. Porque da mesma maneira que un que nacese cego, ao sentir falar a outros homes de como atopan calor á beira do lume, convidado a quecerse el mesmo no mesmo sitio, pode concibir doadamente e ter a seguridade de que hai algo alí, que os homes chaman *Lume* e que é

a causa da calor que sente; pero non pode imaxinar como sexa; nin ter unha Idea disto na súa mente, tal como a teñen os que o viron; igualmente un home, polas cousas que se poden ver neste mundo e a súa orde admirable, dá concibido que hai unha causa delas, a que os homes chaman Deus; e aínda así non ter unha Idea ou Imaxe del na súa mente.

Aqueles que pescudan pouco ou nada nas causas naturais das cousas, por mor do medo que procede da propia ignorancia, do que ten poder para causarlles moito ben ou mal, vense inclinados a supoñer e imaxinan por si mesmos, varias clases de Poderes Invisíbeis, e éñchense de admiración polas súas propias fantasías. Invócanas en tempo de desgrazas, e agradécenas, igualmente, cando agardan un bo suceso; mudando as criaturas das súas fantasías en Deuses. Desta maneira acontece que a partir da innumerable variedade de Fantasías, os homes crearon no mundo unha chea de Deuses. É o Medo das cousas que non se ven a Semente natural de todo isto, o que cada un en si mesmo chama Relixión; e naqueles que adoran ou temen ese Poder de xeito diferente ao deles, Superstición.

E esta semente de Relixión ten sido observada por moitos; algúns dos que a observaran séntense inclinados a mantela, revestila e conformala ás Leis; engadíndolle da súa propia invención calquera opinión das causas de acontecementos futuros, polo que coidaban que estarían máis capacitados para gobernar a outros, facendo así o máximo emprego dos seus Poderes.

## **Capítulo XII. Da Relixión**

Ao ver que non hai sinais, nin froito da *Relixión*, senón soamente no Home; non hai nada que nos faga dubidar de que a semente da Relixión está tan só no Home; e consta dunha calidade tan peculiar, ou polo menos dun grao tan eminente, que non pode atoparse noutras criaturas Vivas.

En primeiro lugar, é característico da natureza do Home, ser curioso das Causas dos Acontecementos que ocorren diante del, uns máis, outros menos; Males todos abondo como para chamarlles a atención as causas da súa propia, boa ou mala, fortuna.

En segundo lugar, á vista de calquera cousa que teña un Comezo, o pensar que tivo tamén unha causa, que determinou ese comezo cando o fixo, nin máis cedo nin máis tarde.

En terceiro lugar, verbo dos Animais non hai outra Felicidade para eles que o goce da súa Comida, Acougo e Pracer cotiáns; pois de pouca ou ningunha previsión dos tempos vindeiros son capaces, por falla de observación e memoria da orde, consecuencia e dependencia das cousas que ven; o Home en cambio observa como un Acontecemento vén producido por outro, e lembra neles os Antecedentes e Consecuentes. E cando non pode asegurarse das verdadeiras causas das cousas (porque a causa da fortuna boa ou mala non é visible para a meirande parte), coida razóns para elas, quer suxeridas pola súa fantasía, quer fiadas na Autoridade dos outros homes, ata o punto que pensa que son os seus amigos e máis sabidos que el mesmo.

As dúas primeiras provocan Ansiedade. Porque asegurarse de que haxa causas para todas as cousas que xa teñan chegado ou que o farán en adiante; sendo imposible para un home, que se afana decontino en asegurarse contra do mal que teme e procurar o ben que desexa, non estar nun perpetuo desexo de que pase o tempo. De maneira que os homes, nomeadamente aqueles máis previsores, atópanse nun estado semellante ao de *Prometeo*. Porque *Prometeo* (quen pode interpretarse como *O home prudente*), fora suxeito ao monte *Cáucaso*, un lugar de ampla panorámica, onde lle rillaba unha Aguiá no fígado, devoráballe durante o día aquilo que lle era devolto pola noite. De xeito que o home que olla para a distancia diante del, atento ao tempo futuro, ten o seu corazón ao longo de todo o día rillado polo medo da morte, da pobreza ou doutras calamidades; e non ten acougo, nin pausa na súa ansiedade, agás cando dorme.

Este medo perpetuo, que acompaña sempre á humanidade na ignorancia das cousas, cal se estivesen no Escuro, debe ter necesariamente un obxecto. E xa que logo cando non hai nada que ver, non hai nada que acusar, quer da súa boa ou mala fortuna, senón algún *Poder* ou Axente *Invisible*. E foi neste senso, se cadra, que algún dos Poetas antigos dixo que os Deuses foron creados primeiro polo Medo humano, o que, cando se fala dos Deuses (ou sexa, dos moitos Deuses dos Xentís) semella moi certo. Mais o recoñecemento dun Deus Eterno, Infinito e Omnipotente, pode derivarse máis doadamente do desexo que os homes teñen de coñecer as causas dos corpos naturais, das súas variadas virtudes e funcións, que do medo do que lles poida acontecer no futuro. Pois que aquel que de calquera efecto infire o que vai pasar, debería razoar a causa próxima e inmediata, e logo a causa da causa, mergullándose fondamente na procura das causas; ata chegar finalmente a isto, o que debe ser (como mesmo os Filósofos Pagáns confesaron) un Motor Primeiro; isto é, unha causa Primeira e Eterna de todas as cousas; o que os homes coñecen co nome de Deus: e todo sen pensar na súa fortuna, a preocupación da cal leva os homes ao medo impedíndolles a procura das causas doutras cousas; dándolles así ocasión de argallar tantos Deuses como haxa homes quen de argallalos.

Verbo da materia ou substancia dos Axentes Invisíbeis así imaxinados; non poderían por meditación natural caer noutro concepto, que a materia era a mesma da Alma do home; e que a Alma do home era da mesma substancia da que aparece no Soño dun que dorme; ou nun Espello ao que está esperto; sendo así que os homes que non saben que semellantes aparicións non son outra cousa que criaturas da Fantasía, pensan que son Substancias reais e externas; chamándolles, xa que logo, Fantasmas; igual que os latinos lles chamaban *Imagines* e *Umbræ*; e coidaban ser Espíritos, ou sexa, corpos aéreos; e pensan ser semellantes aos Axentes Invisíbeis que teñen, senón que aparecen e esvaen cando lles peta. Mais a opinión de que semellantes Espíritos

eran Incorpóreos ou Inmateriais, non podería entrar na mente do home por natureza, porque aínda que os homes poidan vencellar palabras de significado contradictorio, como *Espírito* e *Incorpóreo*, nunca poderá imaxinar ningunha cousa que responda a eles; e xa que logo os homes que pola súa propia meditación chegan ao recoñecemento dun Deus Infinito, Omnipotente e Eterno, optan por confesalo Incomprensible, por riba da súa comprensión, antes que definir a súa Natureza por *Espírito Incorpóreo*, e confesar daquela que a súa definición é inintelixible; ou no caso de darlle semellante título non é *Dogmáticamente*, con intención de facer que se entenda a Natureza Divina; senón *Piadosamente*, para honralo con atributos ou significados, tan remotos como sexa posible da magnitude dos Corpos Visíbeis.

Daquela, pola maneira que coidan que eses Axentes invisíbeis produciron os seus efectos; ou sexa, que causas inmediatas empregaron para facer que as cousas acontezan, os homes que non saben que é aquilo que chamamos *causar* (ou sexa, case todos os homes) non dispoñen doutra norma para descubri-lo senón observando e recordando o que viran preceder ao mesmo efecto nalgún outro momento ou con anterioridade, sen ter visto entre o Evento antecedente e o consecuente ningunha dependencia ou conexión. E xa que logo, das cousas idénticas, agardan cousas idénticas futuras; agardando, supersticiosamente, boa ou mala sorte de cousas que non tiveron parte ningunha na súa causa. Da mesma maneira que os Atenienses para a súa batalla de Lepanto pedían un novo *Formio*; a facción Pompeiana para a súa guerra en África outro Escipión; e outros teñen feito cousas semellantes desde aquela. Igualmente atribúen a súa fortuna a alguén que se atopaba presente, a un lugar que achega sorteo ou desgraza, a palabras pronunciadas, especialmente se o nome de Deus está entre elas; como frases cabalísticas ou esconxuros (a Liturxia das Meigas) tal como para crer que teñen poder para mudar unha pedra en pan, pan nun home, ou calquera cousa en cousa calquera.

En terceiro lugar, pola adoración que os homes exhiben naturalmente diante dos Poderes invisíbeis, non pode haber outras expresións de reverencia que as empregadas diante dos seus semellantes; Agasallos, Peticións, Agradecementos, Submisión Corporal, Súplicas Consideradas, Comportamento sobrio, Palabras premeditadas, Xuramentos (isto é, seguridade mutua das promesas) ao invocar os devanditos poderes. Ademais diso a razón nada suxire senón que deixa os homes limitándose a iso ou que, a través de cerimoniaes ulteriores, confíen naqueles que pensan ser máis sabidos ca eles.

Por último, verbo de como eses Poderes Invisíbeis declaran aos homes as cousas que nun futuro acontecerán, en especial as que teñen que ver coa súa boa ou mala fortuna en xeral, ou o éxito ou a súa carencia en calquera empresa particular, os homes atópanse naturalmente nun punto morto; agás que conxecturando o tempo futuro co tempo pasado sexan moi aptos, non soamente para tomar cousas accidentais, despois dun ou dos encontros, por Prognósticos dun encontro semellante máis adiante, senón para crer en Prognósticos similares doutros homes, dos cales concibirán unha boa opinión.

E nestas catro cousas, a Crenza nos Fantasmas, a Ignorancia das causas segundas, a Devoción cara ao que os homes temen, e o Tomar cousas Accidentais por Prognósticos, é onde se atopa a semente Natural da *Relixión*, que por mor das diferentes Imaxinacións, Xuízos e Paixóns dos homes diversos, ten medrado en cerimoniaes tan diversas que as que son empregadas por un home resultan ridículas para outro.

Porque estas sementes recibiron cultivo de dous tipos de homes. Unha clase foi a daqueles que as mantiveron e ordenaron de acordo coa súa propia invención. Faino a outra segundo as ordes e dirección divina: mais tanto a unha como a outra foron adiante co propósito de mudar aos homes que confiaban nelas en máis axeitados para a Obediencia, Lei, Paz, Caridade e Sociedade Civil. De xeito que a Relixión da primeira clase



é parte da Política humana; encargada de ensinar parte da tarefa que os Reis Primitivos requiren dos seus Súbditos. A Relixión da última clase é Política Divina; e contén Preceptos para aqueles que se erixiran como súbditos do Reino de Deus. Da clase primeira eran todos os fundadores do Estado, e os Lexisladores dos Xentís; da última eran *Abraham, Moisés* e o noso Bendito Salvador; de quen teñen chegado a nós as Leis do Reino de Deus.

Consonte a esa parte da Relixión, que consta de opinión relativas á natureza do Poder Invisible, non hai case nada que teña un nome que non fose estimado entre os Xentís, nun lugar ou noutro, un Deus, un Diaño; ou imaxinado polos seus Poetas como animado, habitado ou posuído por un Espírito ou outro.

A materia informe do Mundo era un Deus que recibía o nome de Caos.

O Paraíso, o Océano, os Planetas, o Lume, a Terra, os Ventos, eran igualmente Deuses.

Os Homes, as Mulleres, un Paxaro, un Crocodilo, unha Vaca, un Can, unha Cóbrega, unha Cebola, un Allo porro, foron divinizados. Á parte diso, encheran todos os lugares con espíritos chamados *Daemons*; as chairas, con *Pan* e *Panises* ou Sátiros; os Bosques, con Faunos e Ninfas; o Mar, con Tritóns e outras Ninfas; cada Río e Fonte cun Fantasma do seu nome e con Ninfas; cada casa cos seus *Lares* ou Familiares; cada home co seu *Genius*; o Inferno, con Pantasmas e *Acólitos Espirituais*, como *Caronte, Cerbero* e as *Furias*; e de noite todos os sitios con *Larvae, Lemure*, Fantasmas de finados, e todo un reino de Fadas e Elfos. Tamén atribuíran divindade e construíran Templos a simples Accidentes e Calidades; tal como o Tempo, a Noite, o Día, a Paz, a Concordia, o Amor, a Contención, a Virtude, o Honor, a Saúde, a Corrupción, a Febre e cousas semellantes; e cando pregaban a favor ou en contra a eles facían isto cal se houbese Deuses con eses nomes pairando riba das súas testas, facendo caer ou impedindo esa Bondade ou Maldade a favor

ou en contra da cal pregaban. Invocaban tamén o seu propio Enxeño, baixo do nome de *Musas*; a súa propia Ignorancia, baixo do de *Fortuna*; a súa propia Lascivia, baixo do de *Cúpido*; a súa propia *Carraxe*, baixo do de *Furias*; os seus propios órganos virís baixo do nome de *Priapo*; atribuíndo as súas polucións a *Íncubos* e *Súcubos*; de xeito que non había nada que un Poeta puidese introducir como persoa no seu poema, nada que non dese feito un *Deus* ou un *Diaño*.

Os mesmos autores da Relixión dos Xentís, observando o segundo fundamento da Relixión, ou sexa a Ignorancia humana das causas, e xa que logo a súa idoneidade para atribuír a súa fortuna a causas nas que non había dependencia en absoluto aparente, aproveitaban a ocasión para impoñer na súa ignorancia, en troques de causas segundas, unha caste de Deuses secundarios e ministeriais; atribuíndolle as causas das Artes a *Apolo*; da Sutileza e Sagacidade a *Mercurio*; de Tempestades e trebóns a *Eolo*; e doutros efectos a outros Deuses; de xeito tal que había entre os Pagáns case tanta variedade de Deuses como de ocupacións.

Verbo da Veneración, que os homes concibiron naturalmente axeitada para empregala cos seus Deuses, consta nomeadamente de Sacrificios, Pregos, Accións de Grazas, e aquelas maneiras citadas con anterioridade. Os mesmos Lexisladores dos Xentís teñen engadido as súas Imaxes, tanto en Pintura como en Escultura. De xeito que os máis ignorantes (ou sexa, a meirande parte ou a xeneralidade da xente) ao coidar que os Deuses, para quen se fixera esta representación, estaban en verdade inseridos, como se estivesen aloxados neles, sentindo diante delas aínda máis medo. E dotáronos con terras e casas e funcionarios e rendas, afastadas de todos os usos humanos; ou sexa, consagradas e santificadas a todos eses ídolos; tal como Covas, Grutas, Covas e Montañas e Illas enteiras; téndolles atribuídos, non soamente as formas, de Homes, de Bestas, senón tamén as Facultades e Paixóns deles; Sentidos, Fala, Sexo,

Lascivia, Xeración (e non soamente para mesturándose os uns cos outros propagar a caste Divina; senón tamén ao mesturarse con homes e mulleres, producir Deuses híbridos e simples moradores do Ceo, como *Baco*, *Hércules* e outros) e ademais a Carraxe, a Vinganza e outras paixóns dos seres vivos, e as accións que proceden deles, como Fraudes, Roubo, Adulterio, Sodomía e calquera vicio que poida tomarse como efecto do Poder ou causa de Pracer; e todos os Vicios que entre os homes son considerados máis contra da Lei que contra do Honor.

Finalmente, aos Prognósticos do tempo por vir; que non son —naturalmente— senón Conxecturas sobre a Experiencia do tempo pasado, e —sobrenaturalmente— Revelación divina, os mesmos autores da Relixión dos Xentís, en parte desde a Experiencia pretendida, en parte desde a Revelación pretendida, teñen engadido outras maneiras de Adiviñar en número incalculable; facendo crer os homes que atoparían as súas fortunas, ás veces nas respostas ambiguas e sen sentido do Sacerdotes de *Delfos*, *Delos*, *Ammon* e outros famosos Oráculos; con respostas ambiguas por contar o acontecido das dúas maneiras ou absurdas por mor dos vapores intoxicantes do lugar, o que adoita acontecer nas Cavernas sulfurosas. Ás veces nas follas das Sibilas; sobre as profecías das cales (como se cadra as de *Nostradamus*; porque os fragmentos en circulación agora semellan ser invención dos tempos posteriores) había libros reputados como de ser dos tempos da República Romana. Ás veces nos insignificantes Discursos de Loucos, aparentemente posuídos por un Espírito divino; Posesión chamada Entusiasmo, recibindo estas clases de predición de sucesos Teomancia ou Profecía. Ás veces no aspecto das Estrelas ao Nacer; o que chamamos Horoscopia e é parte da Astroloxía xudicial. Ás veces na Predición das Bruxas, en pretendida conferencia cos mortos: que recibe o nome de Necromancia, Esconxuro ou Bruxería; e non é máis que mestura de raposada e fraude. Ás veces no voo ou maneira casual de se alimentar das aves, chamado Agoiro.

Ás veces nas Entrañas dun animal sacrificado; o que se coñecía como *Aruspicina*. Ás veces nos soños. Ás veces no croar dos corvos ou no tarabeleo dos paxaros. Ás veces nas liñas do rostro, o que se chama *Metoscopia*, ou por medio da *Palmistria*, nas liñas da man, ou en palabras casuais o que se chamaba *Omina*. Ás veces en Monstros ou accidentes pouco comúns; como Eclipses, Cometas, Meteoros raros, Terremotos, Inundacións, Nacementos prematuros e cousas semellantes, aos que chamaban *Portenta* e *Ostenta*, porque coidaban que agoiraban ou prevían algunha grande Calamidade por vir. Ás veces no simple Acaso, como en Cara ou Cruz; contando buracos nun cribo; petiscando versos en *Homero* e *Virxilio*; e outra chea de conceptos igualmente vans. Así de doado é levar os homes a crer calquera cousa por aqueles que teñen crédito con eles, e poden —con intelixencia e destreza— tirar partido do seu medo e ignorancia.

Xa que logo os primeiros Fundadores e Lexisladores do Estado entre os Xentís, que tiñan como fin soamente manter a xente obediente e en paz, en todos os lugares tomaron os seguintes coidados. Primeiro, imprimir nas súas mentes a crenza de que os preceptos que daban relativos á Relixión non debían coidarse como procedentes da súa propia invención, senón dos ditados dun Deus ou doutro Espírito; ou ben que eles mesmos eran dunha natureza superior á dos simples mortais, a fin de que as súas Leis fosen máis doadamente aceptadas. Deste xeito *Numa Pompilio* pretendía recibir as Cerimonias que instituíra entre os Romanos da Ninfa *Exeria*; e o primeiro Rei e fundador do Perú presumía de que el e a súa muller eran fillos do Sol; e *Mahoma*, para establecer a súa nova Relixión pretendía ter conversas co Espírito Santo en forma de pomba. Segundo, tiñan coidado en facer crer que as mesmas cousas que desgustaban a Deus estaban prohibidas polas Leis. Terceiro, prescribindo Cerimonias, Súplicas, Sacrificios e Festivais, nos que se debía acreditar como quen de aplacar a furia dos Deuses; e que as desfeitas nas Guerras, e as grandes Epidemias, os Terremotos,

e todas as Mágoas privadas dos homes, viñan da Carraxe dos Deuses; e que esa Carraxe procedía da Neglixencia en Adoralos, ou de esquecer ou errar en aspectos requiridos polas Cerimonias. E aínda que entre os antigos Romanos aos homes non se lles prohibía rexeitar o que está escrito nos Poetas das dores e praceres logo desta vida e que foran abertamente ridiculizados, nas súas *Diatribas*, por individuos de gran autoridade e gravidade; aínda así esa crenza foi máis aceptada que rexeitada.

E por elas e outras Institucións semellantes conseguirán cara a este obxectivo (que era a paz do Estado), que a xente do común nas súas desgrazas, atribuíndo estas á súa neglixencia ou erros nas Cerimonias, ou á súa propia desobediencia das leis, fose a menos disposta a rebelarse contra os seus Gobernantes. E ao estar entretidos coa pompa e a diversión dos Festivais e Xogos públicos, feitos en honor dos Deuses, non precisaban máis que pan para afastalos do descontento, murmuracións e revoltas contra do Estado. Xa que logo os Romanos que daquela conquistaran a meirande parte do mundo entón coñecido, non tiñan problemas en aturar calquera clase de Relixión, fose a que fose, na propia cidade de Roma; a menos que houbo algo nela que non puidese coexistir co seu Goberno Civil; nin temos noticia de que existise unha soa Relixión prohibida, agás a dos Xudeus; quen (por ser o propio Reino de Deus) coidaban ilegal recoñecer submisión a calquera Rei ou Estado, calquera que fose. Vese así como a Relixión dos Xentís era parte da súa Política.

Mais onde o mesmo Deus, por Revelación sobrenatural, implantou a Relixión, estableceu para el mesmo un Reino particular, dando Leis non soamente de comportamento consigo, senón tamén para os outros, de maneira que o Reino de Deus, a Política e as leis Cívís, son parte da Relixión; sen que a distinción entre Dominio Temporal e Espiritual non teña neste senso lugar. É certo que Deus é o Rei de toda a Terra, pero aínda así pode ser o Rei dunha nación particular e escollida. Porque non hai meirande incongruencia que o que tendo o mando xeral

de todo un Exército, tivese tamén un Rexemento particular ou unha Compañía propia. Deus é o Rei de toda a Terra polo seu Poder, mais do seu pobo escollido é Rei por un Pacto. Mais para falar máis polo miúdo do Reino de Deus, por Natureza e Pacto, teño asignado outro lugar no discurso subseguinte.

A partir da propagación da Relixión, non é difícil comprender as causas da resolución desta nas súas primeiras sementes ou principios; que non son máis que unha crenza nunha Divindade e Poderes invisíbeis ou sobrenaturais; que nunca poderá ser abolida da natureza humana a tal punto que as novas Relixións deixen de xermolar nela, por medio da cultura dos homes que teñen reputación abonda para esa fin.

Pois que ao ollar como todas as Relixións establecidas asentan nun principio na fe que a multitude ten nunha persoa, a quen acreditan non soamente como un home sabido que se esforza en procurar a súa felicidade, senón como un home santo, a quen Deus decidira declarar sobrenaturalmente a súa vontade; séguese necesariamente que cando aqueles que teñen o Goberno da Relixión se volven sospeitosos verbo da súa sabedoría, a súa sinceridade ou o seu amor, ou cando se mostran incapaces de mostrar ningún símbolo probable de Revelación Divina; daquela a Relixión que desexan manexar será igualmente sospeitosa; e (sen medo á Espada Civil) contradita e rexeitada.

O que fai perder a reputación de Sabedoría, no que artella unha Relixión, ou lle engade algo cando xa está formada, é o adobío de crenzas contraditorias. Porque non é posible que sexan verdadeiras as dúas partes dunha contradición: e xa que logo impoñer a crenza en ambas as dúas é un argumento que denota ignorancia. Denunciando niso ao seu Autor, e desacreditándoo en todas as cousas que terá de propoñer como procedentes dunha revelación sobrenatural. Revelación que un home pode ter de moitas cousas superiores, mais de nada que vaia contra da razón natural.

Aquilo que fai perder a reputación da Sinceridade, é facer ou dicir cousas que se mostran como sinais, que requiren que outros homes acrediten no que eles non o fan; feitos ou palabras que se chaman, xa que logo, escandalosos, porque son atrancos que fan caer os homes no camiño da Relixión; chámense Inxustiza, Crueldade, Profaneidade, Avaricia e Luxuria. Pois quen pode acreditar que o que practica decote semellantes actos, como procedentes de calquera destas raíces, acredita igualmente en que existe e debe temer tal Poder Invisible como o que emprega para meter medo aos outros por causas menores?

Aquilo que fai perder a reputación do Amor, é deixar que se detecten ambicións persoais; como cando a crenza que esixen dos outros, leva ou semella levar á achega de Dominios, Riquezas, Dignidade ou a asegurarse Praceres exclusiva ou especialmente para eles. Porque se coida que aquilo que os homes fan para o beneficio propio é por amor a eles mesmos e non aos demais.

Finalmente, a testemuña que os homes poden achegar da Elección divina, non pode ser outra que a aparición de Milagres; ou de Profecías verdadeiras (o que non deixa de ser un Milagre) ou dunha Felicidade fóra do común. E xa que logo aqueles aspectos da Relixión, recibidos de quen fixeron semellantes milagres, os aspectos que foron engadidos por aqueles que non aproban a Elección por medio dun Milagre, non acadan meirande crenza que as que os Costumes e as Leis do lugar onde foron educados proporcionan. Porque, como acontece nas cousas naturais, os homes de xuízo requiren sinais naturais e argumentos; da mesma maneira nas cousas sobrenaturais estes esixen sinais sobrenaturais (que son Milagres) antes do consentimento interior que xorde no corazón.

Todo no que provoca o debilitamento da fe do home, aparece de maneira manifesta nos Exemplos seguintes. Primeiro, temos o Exemplo dos fillos de Israel: quen cando *Moisés*, que probara a súa Elección a eles a través dos Milagres e da maneira feliz con

que os tirara de Exipto, aínda fóra soamente corenta días, tiveron de se revolver contra da adoración ao verdadeiro Deus que el lles recomendara, e artellando un xato de ouro á maneira de Deus, caerán na Idolatría dos Exipcios de quen foran ceibados pouco tempo antes. Doutra banda, logo que morreran *Moisés*, *Aaron*, *Xosué* e a xeración que vira as grandes obras de Deus en Israel; xurdiu outra xeración, adoradora de *Baal*. De maneira que así que os Milagres desapareceran, finou tamén a Fe.

E tamén cando os fillos de *Samuel*, despois de ser constituídos polos seus pais *Xuíces* en *Bersabé*, recibiron subornos e xulgaron inxustamente, o pobo de Israel rexeitou que Deus fose o seu Rei da maneira en que o era doutros pobos, e xa que logo suplicaron a *Samuel* que lles escollese un Rei tal como facían as outras Nacións. Así que ao fracasar a Xustiza, a Fe tamén fracasou; o que é máis, obrigando o seu Deus a non reinar neles.

E da mesma maneira ao implantarse a Relixión Cristián os Oráculos cesaron en todas as partes do Imperio Romano, e o número de Cristiáns medrou marabillosamente cada día e en cada lugar polas predicacións dos Apóstolos e Evanxelistas; unha grande parte deste éxito pode atribuírse razoablemente ao desprezo que os Sacerdotes dos Xentís desa época acadaran neles pola súa deshonestidade, avaricia e os seus manexos cos Príncipes. Tamén a Relixión da Igrexa de Roma foi en parte, e pola mesma causa, abolida en *Inglaterra* e moitos outros lugares da *Cristiandade*, na medida en que a falta de Virtude dos Pastores fixo que o Pobo perdese a Fe: en parte igualmente pola introdución da Filosofía e a doutrina de *Aristóteles* na Relixión polos Escolásticos, do que se derivaran tantas contradicións e absurdos como para que o Clero fose reputado de Ignorancia e de intención Fraudulenta; empurrando á xente a revolverse contra deles; ou contra da vontade dos seus Príncipes, como en *Francia* e *Holanda* ou contando con ela, así en *Inglaterra*.

Finalmente, entre os puntos que a Igrexa de Roma declara necesarios para a Salvación, hai tantos, manifestamente para



proveito do Papa e os súbditos espirituais, residentes nos territorios doutros Príncipes Cristiáns, que se non fose pola emulación recíproca deses Príncipes, poderían —sen guerras nin algaradas— excluír toda Autoridade foránea, tal como foi excluída de *Inglaterra*. Pois hai alguén que non vexa a que beneficios ten conducido crer que un Rei non recibe Autoridade de Cristo a menos que un Bispo o coroe?, que un Rei, se é Sacerdote, non poida casar?, que se un Príncipe, nado ou non dun Matrimonio lexítimo, deba ser xulgado pola Autoridade de Roma?, que os Súbditos poidan ser exonerados da súa Obediencia se o Rei é xulgado como herético pola Corte de Roma?, que un Rei (como *Chilperico* de *Francia*) poida ser deposto por un Papa (como o Papa *Zacarias*) sen causa, e o seu Reino entregado a un dos seus Súbditos?, que o Clero secular e regular, no País que sexa, poida ficar ceibe da Xurisdición do Rei en casos criminais?, hai alguén que non vexa en quen redundan os Honorarios das Misas privadas, e as Indulxencias do Purgatorio, con outras mostras de interese privado, abondo para mortificar a Fe máis viva, se (como dixen) os Maxistrados civís e o Costume deixan de termar dela máis que de calquera opinión que teñan da Santidade, Sabedoría ou Probidade dos seus Mestres? De maneira que puido atribuír todas mudas de Relixión no mundo a unha única razón; os Sacerdotes dignos de desprezo; e non soamente entre os Católicos, senón tamén na Igrexa que máis teña presumido da Reforma.

### **Capítulo XIII. Da condición natural da humanidade no relativo á felicidade e á tristeza**

A NATUREZA ten feito os homes tan semellantes nas facultades físicas e mentais, que aínda que atopásemos a un manifestamente máis forte no físico ou de mente máis rápida, aínda así, sumado todo isto, a diferenza entre un home e outro non é tan considerable como para que ninguén poida chamarse a proveito

algún sen que outro non poida facer o propio. Porque no referido á fortaleza física o máis feble ten forza abondo como para matar o máis forte, quer por maquinación secreta, quer vencellado a outros que estean no mesmo perigo que el mesmo.

E verbo das facultades da mente (deixando á parte as artes que teñen que ver coa palabra, e nomeadamente esa habelencia de proceder en normas xerais e infalíbeis, chamada Ciencia; que moi poucos teñen, e aínda así en poucas cousas; por ser unha facultade innata, que nace con nós, e que non se acaba —cal a Prudencia— mentres procuramos algunha outra cousa) atopo unha meirande igualdade entre os homes que a da forza. Pois que a Prudencia non é senón a Experiencia; que a tempo igual veñen de igual xeito ofrecidas a todos os homes nas cousas ás que se aplican igualmente. O que se cadra pode facer esa igualdade increíble non é senón un concepto baldeiro da sabedoría propia, que case que todos os homes coidan posuír en grao meirande que o Vulgo; ou sexa, que todos os homes agás eles e uns poucos outros, a quen por mor da súa Fama, ou por cadrar con eles, aproban. Pois que tal é a natureza dos homes que aínda que sexan quen de recoñecer que hai moitos outros máis agudos, elocuentes ou sabidos, dificilmente recoñecerán que abundan os tan intelixentes como eles mesmos. Porque ven a súa propia agudeza á man e a dos outros a distancia. O que proba máis ben que os homes son neste aspecto máis iguais que desiguais. Porque non adoita haber un sinal meirande da distribución igual de calquera cousa, que a de que cada home estea contento coa súa parte.

Destá igualdade de habelencias xorde a igualdade da esperanza na achega das nosas Fins. Do que se deriva que se dous homes desexan a mesma cousa, que non obstante non poden gozar os dous á vez, mudan en inimigos; e no camiño que os leva á súa Consecución (que é principalmente a súa propia conservación, e ás veces tan só o seu goce) tentan destruír ou someter o outro. E disto séguese que cando un Invasor non máis

ten que reचार que o poder dun único home, se alguén planta, semente, constrúe ou posúe un lugar axeitado, pode agardar que outros veñan preparados con forzas agrupadas para desposuílo ou privalo, non soamente do froito do seu labor, mais tamén da súa vida e liberdade. E o Invasor é agora o que fica no mesmo perigo do outro.

E desta desconfianza dos uns cos outros non hai outra maneira tan razoable para que o home se sinta seguro cal é Anticipación; é dicir, pola forza ou pola astucia, dominar a cantos homes poida, o tempo preciso ata que non vexa diante súa outro poder grande abondo como para supoñerlle perigo. Isto non é máis que o que require a súa propia conservación, cal como é xeralmente admitido.

Así mesmo os homes non atopan pracer (máis ben moita mágoa) na compañía dos outros, cando non existe poder que se imponha riba de todos eles. Porque todo o mundo procura ser valorado polo seus compañeiros tanto como o fai consigo mesmo. E diante dos sinais de desprezo ou de baixa valoración, esfórzase naturalmente, en tanto que se atreva (o que, entre os que non teñen un poder común, quen de someter a todos, abonda para facer que se destrúan entre eles), a arrincar dos seus litigantes un maior valor, causándolles algún dano, e aos demais, por medio do exemplo.

De maneira que na natureza do home atopamos tres causas principais de loita. A Primeira, Competición; a Segunda, Desconfianza; a Terceira, Gloria.

A primeira, fai que aos homes os posúa o desexo de Gañar; a segunda, o de Seguridade; e a terceira, de Reputación. A primeira opta pola Violencia, para facer deles Amos doutros homes, esposas, fillos e gando; a segunda, para defendelos; a terceira, por chilindradas, como palabras, sorrisos, opinión diferentes, e calquera outra mostra de infravaloración, dirixidos ás súas Persoas, ou —Indirectamente— á súa Familia, Amigos, Nación, Profesión ou Nome.

Disto maniféstase que no tempo en que os homes viven sen un Poder común que os manteña asustados están nunha condición coñecida como Guerra; e tal guerra é de cada home contra cada home. Porque a GUERRA consiste non soamente na Batalla ou no acto de pelexar; senón no treito de tempo no que se coñece abondo a Vontade por loitar; e por iso se considera a noción de Tempo na natureza da Guerra, o mesmo que na natureza do clima. Porque igual que a natureza do tempo Cativo, non consiste en dúas ou tres chuviscadas, senón nunha tendencia a chover días seguidos, así, a natureza da Guerra non consiste na loita auténtica, mais na coñecida disposición para ela, durante todo o tempo en que non hai seguridade do contrario. Todo o tempo restante é de PAZ.

De maneira que todo aquilo que é valido para o tempo de Guerra, onde cada home é inimigo de cada home, é tamén para os homes no tempo en que viven sen outra seguridade que a que poidan orzarlles a súa forza e invención propia. En situación semellante non hai lugar para a Industria, porque o froito que produce é incerto, e xa que logo non hai Cultivo da Terra, nin Navegación, nin uso das mercadorías que veñen importadas do Mar; nin hai Construcións axeitadas, nin instrumentos para mover e remexer cousas que requiran moita forza; nin Coñecemento da faciana da Terra; nin medida do Tempo; nin Artes, nin Letras, nin Sociedade; e —o peor de todo— si existe medo continuado e risco de morte violenta. E a vida do home é solitaria, pobre, noxenta, bruta e curta.

Poderá semellarlle estraño aos que non teñan sopesado ben estas cousas, que a Natureza teña dissociado así estes homes, facéndoos capaces de invadirse e esnaquizarse entre eles. Do que se cadra desexarán, desconfiando desta Inferencia, produto das Paixóns, ter o mesmo confirmado pola Experiencia. Que sexa o home quen se considere a si mesmo, que se arme cando viaxa e procure ir en boa compañía, que cando vaia durmir feche as portas; que mesmo cando estea na súa casa tranque as

huchas, e todo isto aínda que saiba que hai Leis e Funcionarios públicos armados para vingar as feridas que lle poidan causar. Que opinión ten dos seus compatriotas ao viaxar armado, cal dos seus concidadáns ao pechar as portas, e dos seus fillos e criados ao trancar as huchas?, non está acusando con estas accións á humanidade tal como eu o fago coas miñas palabras? Mais ningún de nós acusa a natureza humana nisto. O Desexo e outras Paixóns do home non son Pecado de seu. Nin o son máis as Accións que proceden daquelas Paixóns, ata que saiban dunha Lei que as prohibe, e non se poden coñecer as Leis ata que estean feitas, nin se pode facer ningunha Lei ata que os homes cadren na persoa que as fará.

Pódese, se cadra, pensar que nunca houbo un tempo nin condición tan bélicos coma este, e eu coido que nunca foi desta maneira no mundo enteiro; mais hai moitos lugares onde aínda se vive así. Porque os salvaxes de moitos lugares de *América*, excluíndo o goberno de Familias pequenas, que fan depender a concordia da concupiscencia natural, non teñen ningunha clase de goberno, e viven a día de hoxe da maneira tan bruta como teño sinalado. Deste xeito pode percibirse que maneira de vida habería se non houbese un Poder común que temer, polo xénero de vida que os homes levaran anteriormente baixo dun goberno pacífico dexenerar nunha Guerra civil.

Pois que por máis que nunca tivese acontecese un tempo no que os individuos estivesen en condición de guerrear os uns contra os outros, aínda así, en todo momento, os Reis e Persoas Soberanas, por causa da súa Independencia, están en continua rivalidade e no estado e posición dos Gladiadores, apuntándose coas súas armas e os ollos chantados os uns nos outros. Ou sexa, por medio de Fortes, Gornicións e Canóns nas Fronteiras dos seus Reinos, e equipados decote con espías nos seus veciños, o que é unha postura Bélica. Mais como con isto terman da Industria dos seus Súbditos, non se segue diso a tristura que acompaña a liberdade dos homes illados.

A esta guerra do home contra o home dedúcese tamén isto; que nada pode ser Inxusto. As nocións de Ben e Mal, Xustiza e Inxustiza non teñen lugar. Onde non hai un Poder común, non hai Lei; onde non hai Lei non hai Inxustiza. En guerra a Forza e mais o Fraude son as dúas virtudes Cardinais. Xustiza e Inxustiza non forman parte das Facultades do Corpo ou da Mente. Se así fose poderían ficar nun home que estivese só no mundo, como os seus Sentidos e Paixóns. Son Calidades relativas ao home en Sociedade non en Soidade. Dedúcese tamén da mesma condición que non hai Propiedade nin Dominio, nin distinción entre *Meu* e *Teu*; senón que o home soamente dispoña daquilo que acade, e mentres poida conservalo. É esta a ruín condición na que se atopa o home, por mor da simple Natureza; aínda que cunha posibilidade de saír dela, en parte pola Paixóns, en parte pola Razón.

As Paixóns que empurran do home cara a Paz son o Medo da Morte, o Desexo daquelas cousas precisas para un vivir comfortable e a Esperanza de conseguilas por medio da súa Industria. Suxerindo a Razón Trebellos de Paz, polos cales os homes poden chegar a un acordo. Estes Trebellos son os chamados, doutra maneira, Leis da Natureza, das que falarei máis particularmente nos dous capítulos seguintes.

#### **Capítulo XIV. Das leis naturais primeira e segunda e dos contratos**

O DEREITO DA NATUREZA, que os Escritores adoitan chamar *Jus Naturale*, é a Liberdade que ten cada home de empregar o seu propio poder, tal como lle pete, para a conservación da Natureza que lle vén sendo propia, ou sexa, da súa propia Vida e, consecuentemente, de facer as cousas que de acordo co seu Xuízo e Razón concibirá como medios máis axeitados para esta finalidade.

Por LIBERDADE enténdese, consonte ao significado propio da palabra, a ausencia de Atrancos externos; Atrancos que

poden a miúdo tirar parte do poder que ten un home para facer o que lle pete, mais non poden dificultar que use o poder que lle quede, consonte os ditames do seu xuízo e razón.

Unha LEI DA NATUREZA, (*Lex Naturalis*), é un Precepto, ou Norma xeral, establecido pola Razón, segundo a cal se lle prohíbe a un home que faga algo destrutivo da súa vida, ou que afaste os medios para conservala e omitir aquilo co que pensa que estaría mellor conservada. Porque aínda que os que traten deste choio adoiten trabucar *Jus e Lex, Dereito e Lei*, é preciso distinguiilos, pois que o DEREITO consiste na liberdade de facer ou omitir ao tempo que a LEI determina e obriga a unha delas: de xeito que a Lei e o Dereito diferéncianse tanto como Obriga e Liberdade; incompatíbeis na mesma materia.

E pois que a condición do Home (como se ten declarado no Capítulo precedente) é unha condición Bélica de todos contra todos, estando neste caso cada un gobernado pola súa propia Razón; e non hai nada do que poida facer uso que non lle sexa de axuda para preservar a vida contra dos seus inimigos; do que se segue que, en semellante condición, todo home ten Dereito a todas as cousas; mesmo aos corpos dos demais . E xa que logo, mentres dure este Dereito natural de cada home a cada cousa, non haberá seguridade para ningún home (por forte e sabido que sexa) de esgotar o tempo que a Natureza adoita permitir que o home viva. E consecuentemente é un precepto, ou norma xeral da Razón, *Que todos os homes procuren a Paz en canto que teñan desexos de acadala; e se non a dan acadado que poidan procurar empregar todas as axudas e vantaxes da Guerra*. A primeira póla de semellante Norma contén a Lei Fundamental e primeira da Natureza; ou sexa, *procurar a Paz e seguila*. A Segunda, o resumo do Dereito da Natureza; ou sexa, *Defendámonos con todos os medios de que dispoñamos*.

Destá Lei Fundamental da Natureza, pola que os homes van encarreirados á procura da Paz, deriva a Lei segunda: *Que un home cadre, cando outros tamén o fagan, sempre que o coide*

*preciso para a Paz e a defensa propia, en desbotar este dereito a todas as cousas, contentándose con tanta liberdade contra dos outros homes como permitiría aos outros contra de si mesmo.* Pois que en tanto que cada home terme deste Dereito de facer o que lle pete, igualmente estarán todos os homes en condición Bélica. Pero se os demais non depoñen o seu Dereito canda el, daquela non haberá Razón para que se despoxe el do seu. Porque tal sería ofrecerse como Presa (cousa á que ninguén está obrigado) máis que dispoñerse para a Paz. Esta é a Lei do Evanxeo: *Faille os outros o que queiras que che fagan a ti.* E esta é a Lei de todos os homes: *quod tibi fieri non vis, alteri ne feceris.*

*Desbotar o Dereito do home ao que sexa é despoxalo da Liberdade, de rexeitar a outro o beneficio do seu propio Dereito de facer o mesmo. Porque quen renuncia ou desbota o seu Dereito non dá a outro home un Dereito que el non tivese xa antes; porque non hai nada ao que home non tivese Dereito de Natureza: non fai senón afastarse do seu camiño, para que poida gozar do seu propio Dereito orixinal, sen que haxa atrancos da súa banda nin da dos outros. De maneira que a consecuencia que redundar nun home, pola renuncia doutro ao seu Dereito, non é máis que a mingua de impedimentos para o emprego do seu propio Dereito orixinal.*

O Dereito desbótase ou por unha simple renuncia a el, ou transferíndollo a outro. Por RENUNCIA simple; cando non se preocupa de en quen redundará o beneficio. Por TRANSFERENCIA, cando tenta con isto beneficiar a unha persoa concreta ou a persoas. E cando un home ten abandonado ou adxudicado dalgunhas destas maneiras o seu Dereito, dise que está OBRIGADO ou FORZADO a non impedir a aqueles, aos que ese Dereito lles fora posto nas súas mans, por abandono ou adxudicación, o seu goce. Tamén que *Ten obrigas*, e o seu DEBER é que este acto voluntario non resulte nulo, sendo tal atranco, ao tratarse dun *Sine Jure*, dunha INXUSTIZA e INXURIA, xa que se rexeitara ou transferira antes o Dereito. De



xeito que a *Inxuria* ou a *Inxustiza*, nas controversias mundanas é algo semellante ao que se coñece, nas disputas dos *Escolásticos* como *Absurdo*. Porque da mesma maneira que neste ámbito se lle chama Absurdo a contradicir o que un mantivera no Principio, fóra del recibe o nome de Inxustiza e Inxuria desfacer aquilo que fixera voluntariamente desde o principio. A maneira pola que o home Rexeita ou Transfire o seu Dereito, é unha Declaración ou Significación, por sinal ou sinais voluntarias e suficientes, de que ten Rexeitado ou Transferido o mesmo a aquel que o aceptase. Estes sinais poden ser simplemente Palabras ou Accións (ou como acontece máis a miúdo) Palabras e Accións. E estes son VENCELLOS, polos que os homes veñen obrigados e forzados. Vencellos que atopan a súa forza non na súa propia Natureza (porque nada se quebra máis doadamente que a palabra do home) senón por Medo ás consecuencias ruíns que poida implicar semellante quebranto.

Sempre que un home Transfire o seu Dereito ou renuncia a el, fai isto en atención a algún Dereito reciprocamente transferido a el mesmo, ou por algunha outra vantaxe que agarda. Porque se trata dun acto voluntario, e as fins dos actos voluntarios de todos os homes son *Vantaxes para eles mesmos*. Xa que logo hai algúns Dereitos que non se entende que ningún home poida, por palabras ou outros sinais, desbotar ou transferir. En primeiro lugar, un home non pode abdicar ao dereito de resistirse a que o ataquen pola forza para tirarlle a vida, pois que non se pode entender que nisto vaia atopar Beneficio ningún. Pódese dicir o mesmo de Feridas, Cadeas e Cárcere, porque non hai beneficio que se siga de semellante aceptación, como si que o hai ao aceptar que outros sexan feridos ou presos, como tamén pola razón de que un home non pode prever, cando observa que outros actúan contra el con violencia, se procuran a súa morte ou non. Por último o motivo e fin polos que se introduce esta renuncia e transferencia do Dereito non é outra cousa que a seguridade da persoa de cada un, consonte á súa vida e aos

medios de conservala de xeito que non acabe por se cansar dela. Xa que logo se un home por palabras ou outros sinais semella despoxarse da Fin para o que eses sinais foran creados, non debe entenderse que é iso o que quere dicir ou que ese sexa o seu desexo, senón que descoñecía de como semellantes palabras e accións ían ser interpretadas.

A transferencia mutua de Dereitos é o que os homes chaman **CONTRATO**.

Hai diferenzas entre a transferencia do Dereito a unha Cousa, e a transferencia ou tradición, ou sexa, a entrega da propia Cousa. Porque a Cousa pode ser entregada xunto coa Translación do Dereito, como cando se merca ou vende con diñeiro na man, ou ao trocar bens e terras, e pode entregarse algún tempo despois.

Por outra banda, un dos Contratantes pode entregar a Cousa contratada da súa parte, e deixar que o outro cumpra o seu compromiso nun tempo determinado máis tarde, confiando nel no ínterim; e é daquela chamado o Contrato da súa banda, **PACTO** ou **CONVENCIÓN**. Ou ben ambas partes poden contratar agora para cumprir máis tarde, e nese caso, pois que se confía no que haberá de cumprir no tempo vindeiro, a súa acción leva o nome de *Observancia da Promesa* ou *Fe*; e é o incumprimento da acción (se é voluntario) *Quebra da Fe*.

Cando a transferencia do Dereito non é mutua; senón que unha das partes é a que transfire agardando gañar con iso amizades, ou servizo do outro ou dos seus amigos, ou esperando acadar a reputación de Caritativo ou Magnánimo, ou para ceibar o seu espírito da dor da compaixón, ou coa esperanza da recompensa no paraíso, non se trata de Contrato, senón de **DOAZÓN**, **DÁDIVA** ou **GRAZA**; que son palabras que veñen significar o mesmo.

Os sinais do Contrato son ou *Expresas* ou *por Inferencia*. Expresas son palabras que se din con comprensión do seu significado. Estas palabras son do tempo *Presente* ou *Pasado*; como

*Dou, Concedo, Dei, Concedín, Farei que isto sexa teu.* Ou do futuro: como *Darei, Concederei*: as palabras do futuro chámanse PROMESAS.

Os sinais por Inferencia son ás veces a consecuencia de Palabras; por veces a consecuencia do Silencio; outras a consecuencia de Actos; outras máis a consecuencia da Omisión de Accións, e xeralmente un sinal por Inferencia de calquera Contrato abonda para mostrar a vontade do Contratante.

As palabras soas, se pertencen ao tempo futuro, e conteñen unha promesa espida, son sinal insuficiente dunha Dávida, e xa que logo non obrigan. Porque se pertencen ao tempo futuro, como, *Mañá Heiche Dar*, son un sinal que aínda non din, e consecuentemente que o meu dereito non foi transferido mais fica ata que eu o transfira por algún outro Acto. Pero se as palabras son do tempo Presente, ou Pasado, como *Dei* ou *Dou para que se entregue mañá*, daquela o meu Dereito de mañá é abandonado hoxe, e iso pola virtude das palabras aínda que non haxa argumentación do meu desexo. E hai unha gran diferenza no significado destas palabras: *Volo nunc esse cras* e *Cras dabo*: ou sexa, a que vai de *O meu desexo é que isto sexa teu mañá* ou *Dareiche isto mañá*. Porque a primeira maneira de falar significa un acto do desexo presente, e a última a promesa dun acto do desexo futuro. Mais se houbese outros sinais do Desexo a transferir un Dereito, ademais das Palabras, daquela, aínda que a doazón fose libre cabería coidar que o Dereito se transmite por palabras de futuro, como se un home ofrecese un Premio a quen chegase primeiro ao remate dunha carreira. A doazón é Libre, e aínda que as palabras sexan de Futuro, mesmo así o Dereito é transmitido, porque se o suxeito non fixese que as súas palabras se entendesen non as deixaría marchar.

En Contratos o Dereito transmítese non soamente onde as palabras falan do tempo Presente ou Pasado, senón tamén onde fan referencia ao Futuro, pois que todo Contrato é translación mutua ou troco de Dereito, e xa que logo aquel que fixese unha promesa, porque xa recibise o beneficio polo que prometera,

debe ser entendido como se tentase que o Dereito sexa transmitido; pois que a menos que se contentase con que se entendesen as súas palabras, o outro non cumpriría primeiro coa súa parte. E por esta causa, ao mercar e vender e outros actos relativos ao Contrato, unha Promesa equivale a un Convenio, e resulta xa que logo obrigada.

De quen cumpre primeiro no caso dun Contrato dise MERECER aquilo que vai recibir polo cumprimento do outro; téndoo como *Debido*. Tamén cando un Premio é ofrecido a moitos mais outorgado soamente ao que gaña; ou ao botar diñeiro a moitos para ser gozado polos que o apañan; aínda que isto sexa unha Doazón, Vencer ou Gañar é *Merecer*, e ter isto como DEBIDO. Porque o Dereito se transmite na Oferta do Prezo e en ceibar o diñeiro, aínda que non se determine a quen, senón que isto virá dado na realización do concurso. Mais entre estas dúas clases de Mérito hai unha diferenza; a de que no Contrato eu fago Méritos pola virtude do meu propio poder e a necesidade dos Contratantes, mentres que no caso da Doazón son quen de Merecer tan soamente pola benignidade do Doante. No Contrato merezo do Contratante que se desfaga do seu dereito; no caso da Doazón Merezo non soamente que o doante se desprenda do seu dereito senón que cando o faga sexa meu antes que dos outros. Coido que esta é a distinción que as Escolas fan entre *Meritum congrui* e *Meritum condigni*. Porque tendo o Deus Todopoderoso o Paraíso a aqueles homes (enganados cos desexos carnis) que dean camiñado por este mundo de acordo cos Preceptos e Límites prescritos por el, din eles que o que faga así ese camiño Merecerá o Paraíso *Ex congruo*. Mais porque ningún home pode reclamar semellante dereito pola súa propia Rectitude ou calquera outro poder que nel resida, senón tan só pola Libre Graza Divina, ningún home merecerá o Paraíso *ex condigno*. E coido que este é o significado de tal distinción, mais a causa de que os Litigantes non cadran no significado dos seus propios termos técnicos mais que naquilo que lles convén,

nada afirmarei do seu significado, e digo tan soamente que se se outorga unha doazón indefinidamente, como premio polo que deba contenderse aquel que Merece gañar pode reclamar o Premio como Debido.

Cando se fai un Pacto no que ningún cumpre acto continuo a súa parte e uns acreditan nos outros na condición da simple Natureza (que é unha condición Bélica de todos os homes contra todos os homes) aquel muda Nulo a partir de calquera sospeita razoable. Mais se hai un Poder común disposto riba dos contratantes, con dereito e forza abondo para obrigar ao seu cumprimento, xa non é Nulo. Pois que o que cumpre primeiro non ten seguridade de que o outro virá a facelo despois, porque os vencellos das palabras son fracos de máis para embridar a ambición, a forrichería, a carraxe e outras Paixóns, sen o medo imposto por algún Poder coercitivo. O que na condición da mera Natureza, onde todos os homes son iguais, e xuíces do acerto dos seus propios medos, non se pode dar por suposto. Xa que logo o que cumpre primeiro non fai senón entregarse ao seu inimigo, contrario ao Dereito (que nunca pode desbotar) de defender a súa vida e medios de vivir.

Mais nun estado civil, onde se instaurou un Poder para reprimir a aqueles que doutra maneira violarían a súa fe, ese medo resulta máis razoable, e por esa razón o que por Pacto debe cumprir primeiro está obrigado a facelo así.

A causa do medo, que fai que ese Pacto resulte inválido, debe ser algo que xurda despois de feito o Pacto, como algún feito novo, ou outro sinal da Vontade de non cumprir, en ningún outro caso o Pacto resultará inválido. Porque aquilo que non pode evitar que o home cumpra non debe ser admitido como atranco de cumprimento.

O que transfere calquera Dereito, transfere tamén os Medios de gozalo, en tanto que estea no seu poder. Como o que vende a Terra tamén se entende que vende a Vexetación e todo o que medra nela. Igualmente o que vende un Muíño non pode afastar

a Corrente que o move. E dos que dan a un home o Dereito de gobernar soberanamente enténdese que lle outorgan o dereito de recoller trabucos para manter Soldados e o de nomear Maxistrados para a administración da Xustiza.

É imposible pactar coas Bestas; porque ao non entender a nosa linguaxe nin comprenden nin aceptan ningunha translación de Dereito, nin poden trasladar Dereitos os uns aos outros, e sen unha aceptación mutua non hai Pacto.

Pactar con Deus é imposible senón por Mediación daqueles aos que Deus falou, quer por Revelación sobrenatural, quer a través dos lugartenentes que gobernan baixo del e no seu Nome. Porque doutra maneira non sabemos se os nosos Pactos son aceptados ou non. De xeito que os que fan Votos por algunha cousa contraria ás Leis da Natureza, fan Votos en van; por ser algo inxusto de ser cumprido. E se unha cousa é mandada pola Lei da Natureza, non é o Voto mais a Lei a que os vencella.

A materia ou obxecto dun Pacto é algo que sempre está suxeito a deliberación; (porque Pactar é un acto da Vontade; isto é, un acto, e o acto derradeiro, da deliberación;) enténdese, xa que logo, que se trata dunha cousa por vir; xulgada Posible de executar por aquel que asina o Pacto.

Deste xeito prometer o que se sabe que é Imposible non é un Pacto. Mais se se proba imposible despois, o que antes se coidaba posible, o Pacto é válido e de cumprimento obrigado, e aínda que non á propia cousa obriga ao valor equivalente. E se isto non fose posible obriga a tentar cumprilo, sen disimulos, canto sexa posible, porque o home non pode ser obrigado a máis.

Os homes exonéranse dos seus Pactos de dúas maneiras; levándoos adiante ou sendo escusados deles. Porque o Cumprimento é o remate natural da obriga, e o Perdón, a restitución da liberdade; en tanto que é retransferencia dese Dereito no que a obriga consistía.

Os Pactos nos que se entra por medo, na condición de mera Natureza, son dos que obrigan. Por exemplo, se Pacto pagar un rescate ou servizo a cambio da miña vida a un inimigo, fico obri-

gado. Porque se trata dun Contrato do que un recibe o beneficio: o outro diñeiro ou servizos por el, e consecuentemente alí onde ningunha Lei (tal como na súa condición de mera Natureza) prohibe a execución, o Pacto é válido. Xa que logo os Prisioneiros de Guerra, se se confía no pago do seu Rescate, teñen a obriga de facelo. E se un Príncipe máis feble, asina unha paz desvantaxosa con outro máis forte, por medo; está obrigado a mantela; a non ser (como xa se ten dito antes) que apareza algunha causa nova e xusta de medo para recomenzar a guerra. E aínda que pertenza a un Estado, se me vexo forzado a redimirme dun Ladrón prometéndolle diñeiro, teño a obriga de pagarlle, ata que me exonere a Lei Civil. Porque sexa o que poida facer legalmente sen Obriga, o mesmo poderei Pactar legalmente por causa do medo; e o que Pacto legalmente non o podo legalmente romper.

Un Pacto antigo, pode resultar baldeiro despois. Porque un home que teña traspasado o seu Dereito a un home hoxe, non ten porque pasalo mañá a un terceiro, de maneira que a promesa ulterior non implica Dereito senón que é nula.

Un Pacto de non defenderme da forza pola forza é sempre baldeiro. Porque (como teño probado antes) ningún home pode transferir, ou desbotar o seu Dereito de salvarse da Morte, Feridas ou Prisión; evitalas non ten máis fin que desbotar calquera Dereito, é a promesa de non opoñerse á forza non transmite Dereito nin Pacto ningún, nin obriga. Porque aínda que un home poida Pactar así, *A non ser que faga tal ou tumba, mátame*; non pode Pactar deste xeito, *A non ser que faga tal ou tumba, non me resistirei ante ti cando veñas matarme*. Pois que o home por natureza escolle o mal menor, que é o perigo de morte ao resistir, antes do maior, que é a morte certa e presente ao non facelo. E isto é recoñecido como verdadeiro por todos os homes, en canto que levan os Delincuentes a ser Executados e a Prisión entre homes armados, malia eses delincuentes consentir a Lei pola que son condenados.

Un Pacto polo que un se acusa sen garantía de perdón é igualmente inválido. Porque na condición da Natureza,

onde todo home é Xuíz, non hai lugar para a Acusación, e no Estado Civil a Acusación vén seguida do Castigo; e ao vir este acompañado de Forza ningún home está obrigado a non resistir. Pódese dicir o mesmo da Acusación daqueles que por culpa da súa Condena deben ficar na miseria, como a dun Pai, Esposa ou Benfeitor. Porque se presume que a Testemuña dun Acusador semellante, se non se outorga voluntariamente, vén corrompida pola Natureza, e xa que logo non é de recibo, e onde a Testemuña dun home non ten creto non está obrigado a prestala. Tampouco deben ser aceptadas como Testemuñas as Acusacións arrincadas con Torturas. Porque a Tortura cómpre empregala como maneira de conxectura e para botar luz no exame posterior e de procura da verdade, e o que se confesase neste caso contribúe para aliviar o Torturado e non para informar os Torturadores, e xa que logo non debe ter o creto dunha Testemuña suficiente, pois que se se ceiba por unha Acusación verdadeira ou falsa, e o torturado faina polo Dereito que ten de gardar a súa vida.

A forza das Palabras sendo (como xa teño feito ver con anterioridade) feble de máis para obrigar os homes a cumprir os seus Pactos, non hai na natureza do home senón dúas axudas para reforzala. E estas son ou ben o Medo ás consecuencias de rachar a súa palabra; ou ben a Gloria ou o Arroallo en semellar non precisar rachala. Este último é una Xenerosidade moi rara de atopar para que se poida presumir dela, sobre todo nos que procuran Riqueza, Mando ou Pracer sensual; ou sexa, a meirande parte da Humanidade. A Paixón coa que se pode contar é o Medo; que pode ter dous Obxectos moi xerais; un, o Poder dos Espíritos Ocultos: outro, o Poder dos homes que desa maneira se pode Ofender. Destes dous, aínda que o primeiro sexa o Poder meirande, é o medo do último o que adoita ser o Medo maior. O Medo do primeiro está en cada home, na súa propia Relixión: atópase na natureza do home diante da Sociedade Civil. O último xa non se dá deste xeito; ou polo menos non en



grao abondo como para que os homes cumpran as súas promesas; porque na condición da mera Natureza a desigualdade do Poder non se discirne senón pola eventualidade dunha Batalla. De maneira que antes da época da Sociedade Civil, ou na súa interrupción por mor dunha Guerra, non hai nada que poida reforzar un Pacto de Paz que se acordara contra as tentacións da Avaricia, Ambición, Luxuria ou outro desexo forte, senón o medo dese Poder Invisible que todos Adoran como un Deus e temen cal Vingador da súa perfidia. Xa que logo todo o que se pode facer entre dous homes que non están suxeitos ao Poder Civil é facer que un xure diante do outro polo Deus que teme. Ese *Xuramento* ou *XURA* é unha *Forma de Discurso vencellado a unha Promesa: pola que o que promete, quere dicir que a menos que a incumpra renuncia á graza de Deus ou pide que caia sobre el mesmo a súa vinganza*. Tal era a Fórmula Pagá, *Que Xúpiter me mate como eu mato este Animal*. Así é a nosa Fórmula, cos Ritos e as Cerimonias, que cada un empregaba na súa propia Relixión, por mor de que fose meirande o medo de rachar a palabra.

Do que se infire que un Xuramento tomado segundo outra Fórmula ou Rito fai que sexa en van; e deixa de ser Xuramento. E non hai Xuramento por cousa ningunha que o Xurador non pense en Deus. Porque aínda que os homes adoiten ás veces xurar polos seus Reis, quer por medo, quer por afagar; non dan con iso senón a entender que lles atribúen honra Divina. E Xurar innecesariamente por Deus non é senón profanar o seu nome; e Xurar por outras cousas, como fan os homes na fala común, non é Xuramento, senón un Costume impío, ao que leva a vehemencia excesiva no falar.

Dedúcese tamén que o Xuramento nada engade á Obriga. Porque un Pacto, de ser lexítimo, vencella á vista de Deus, tanto sen Xuramento, como con el; mais sendo ilexítimo en absoluto vencella; aínda que veña confirmado cun Xuramento.

## Capítulo XV. Doutras leis da natureza

Da lei da Natureza, pola que estamos obrigados a transferir a outros aqueles Dereitos, que ao ser retidos, impiden a paz da Humanidade, séguese un Terceiro; este, *Que os homes cumpran os Pactos que fan*, sen o cal os Pactos son en van e non resultan senón palabras Baldeiras; e ao subsistir o Dereito dos homes a todas as cousas faría que estivésemos na condición de Guerra.

E nesta lei da Natureza é onde está a Fonte e Orixe da XUSTIZA. Porque onde non se atope un Pacto previo non poderá transferirse un Dereito, podendo facer cada home canto lle pete, de maneira que ningunha acción sexa Inxusta. Mais cando se establece un Pacto ráchalo, daquela, é *Inxusto*: e a definición de INXUSTIZA non é outra que *o non Cumprimento dun Pacto*. De tal maneira que o que non é Inxusto é *Xusto*.

Mais porque os Pactos de confianza mutua, onde non hai medo de incumprimento por algunha das partes (como xa se dixo no Capítulo anterior) son inválidos; aínda que a Orixe da Xustiza sexa a feitura de Pactos, o certo é que a Inxustiza non pode existir ata que se afaste a causa de tal medo; o que é imposible mentres os homes estean na condición natural da Guerra. Xa que logo antes de que os nomes de Xusto e Inxusto poidan aparecer debe haber algún poder coercitivo que obrigue igualmente os homes a cumprir os seus Pactos, polo medo a algún castigo, maior do beneficio que agardan pola ruptura do seu Pacto; mudando en boa a Propiedade, que os homes adquiren por Contrato mutuo, en recompensa do Dereito universal que abandonan; e tal poder non pode existir antes de que se erixa un Estado. E isto pode deducirse da definición habitual da Xustiza polos Escolásticos; pois como din, *a Xustiza é a Vontade constante de outorgar a cada home o seu*. E cando non hai ese *Seu* non existe nin Propiedade nin Inxustiza, e onde non se erixe un Poder coercitivo, ou sexa, onde non hai Estado, non existe Propiedade, tendo todos os homes Dereito a todas as cousas. Xa

que logo onde non hai Estado nada é Inxusto. De xeito que a natureza da Xustiza consiste en manter os Pactos válidos; mais a validez dos Pactos non dá comezado sen a Constitución dun Poder Civil, abondo para obrigar os homes a cumprilos; velaí onde a Propiedade comeza.

Os Parvos teñen dito co corazón que a Xustiza non existe; e ás veces tamén coa lingua; alegando con toda seriedade que pois a conservación do home e a súa gratificación dependen do seu coidado, non pode haber razón pola que os homes non dean feito aquilo a que os conduza o seu pensamento; e xa que logo facer ou non facer, manter ou non manter Pactos, non ía contra da Razón, cando levaba ao beneficio propio. Non é que pretendan negar que existen Pactos, e que estes ás veces rachen, manténdose outros; e que semellante ruptura poida ser chamada Inxustiza, e a súa observancia, Xustiza; mais o que cuestionaban era se a Inxustiza, desbotando o temor de Deus (porque os mesmos Parvos dixesen co corazón que non hai Deus), puidese ás veces non levarse ben con esa Razón que dita a cada home o seu ben; en particular daquela cando conduza a un home a tal beneficio como para poñer a un home en condición non soamente de rexeitar aldraxes e censuras mais tamén o poder dos outros homes. O Reino de Deus gáñase pola violencia; pero que acontecería se se acadase por violencia inxusta?, iría contra da Razón gáñalo así cando é imposible recibir dano ningún? E se non é contra a Razón nin contra da Xustiza a Xustiza non pode ser considerada unha cousa boa. De semellante razoamento a maldade Triunfante acada o nome de Virtude, e o que noutras circunstancias non consentiría a violación da Fe, tería de ser consentida cando se tratase de acadar un Reino. E os Pagáns que acreditaban que *Saturno* fora deposto polo seu fillo *Xúpiter* así e todo acreditaban que o mesmo *Xúpiter* era o vingador da Inxustiza. Cousa semellante aparece nun texto xurídico dos Comentarios de *Coke* sobre *Littleton*, onde di: Se o verdadeiro Herdeiro da Coroa é culpado de traizón, aínda así a Coroa descenderá nel e *ao momento* a

Culpa ficará nula. Exemplos dos que o home poderá doadamente inferir que cando o Herdeiro aparente dun Reino mata o ocupante do trono, aínda que sexa o seu pai, a isto pódesele chamar Inxustiza ou calquera outro nome que se nos ocorra, mais non dicir que poida ir contra a Razón, vendo que todas as accións voluntarias dos homes tenden ao seu beneficio, e as accións máis cheas de razón son as que conducen ás súas fins. Así e todo ese especioso razoamento é falso.

Porque non se trata de promesas mutuas se non hai seguridade de cumprimento, como cando non hai Poder Civil ergueito riba das partes que prometeron; porque as ditas promesas non son Pactos; mais cando unha das partes xa cumprise a súa promesa, ou cando haxa un Poder que obrigue a facelo, fica a cuestión de se foi contra da razón, ou sexa, contra do beneficio do outro cumprilo ou non. E eu sosteño que non vai contra da razón. Para probalo debemos considerar; Primeiro, que cando un home fai un acto, que non obstante poder prever e calculalo tende á súa destrución, mesmo aínda que algún accidente inesperado puidese mudalo en beneficio seu, nada diso o coidaría como feito de maneira razoable ou sabida. En segundo lugar, que nunha condición Bélica, onde cada home é para cada home, por ausencia dun Poder común que os amedrente, é un Inimigo, non hai persoa que dea agardado pola súa propia forza e enxeño defenderse da destrución sen a axuda dos Aliados, cando todos esperan a mesma defensa da Alianza que cadaquén fai; e de aí que o que declara que coida asisado enganar a aqueles que o axudan, non pode razoablemente esperar outros medios de salvación que os que puidese recibir do seu propio Poder individual. Xa que logo o que rache o seu Pacto, e declare consecuentemente que pensa poder facelo de acordo coa razón, non pode ser incorporado a ningunha Sociedade que os vencelle a prol da Paz e a Defensa, senón por erro daqueles que o reciben. E se é aceptado non se lle pode manter sen decatarse do perigo do seu erro; e non sería razoable que ese home contase con

semellantes erros como garantía da súa seguridade; e xa que logo se ficase fóra ou fose expulsado desa Sociedade finiría: e de vivir en Sociedade, sería polos erros doutros homes que non podería prever nin calcular; indo consecuentemente contra da razón da súa conservación. E desta maneira todos os homes que non contribúen á súa destrución se tal fan é soamente por ignorancia do que é bo para eles.

E pois que a Hipótese de gañar a felicidade segura e perpetua do Ceo de todas as maneiras é frívola; non pode haber máis que unha imaxinable, a de non quebrar mais a conservación do Pacto.

Verbo da outra Hipótese de acadar a Soberanía pola Rebelión, é nidio que aínda que chegue darse o que se pode agardar razoablemente é máis ben o oposto; e pois que ao acadalo así outros aprenden a facer o mesmo, o esforzo vai contra da razón. Xa que logo a Xustiza, ou sexa, o Mantemento dun Pacto é unha Norma de Razón, pola que se nos prohibe facer todo aquilo destrutivo da nosa vida, e —consecuentemente— unha Lei da Natureza.

Hainos que van máis lonxe e non admiten que a Lei da Natureza sexan aquelas Normas que conducen á conservación da vida humana na terra, senón á consecución dunha felicidade eterna despois da morte, á que pensan que pode conducir a rotura dun Pacto, sendo consecuentemente xusta e razoable (como aqueles que coidan que paga a pena matar ou depoñer ou rebelarse contra dun Poder Soberano constituído riba deles polo seu propio consentimento). Mais se non hai un coñecemento natural da situación do home logo da morte, menos existe aínda da recompensa que se lle dará ao quebrantamento da Palabra, senón tan soamente unha crenza baseada nos ditos doutros homes, que din coñecela sobrenaturalmente, ou din coñecer aqueles que coñeceran o que coñeceran outros que a coñeceran sobrenaturalmente. A Ruptura da Palabra non pode ser chamada Precepto de Razón ou Natureza.

Outros hai, que consentindo o mantemento da Palabra por unha Lei da Natureza, aínda así fan excepcións con certas persoas; cal os Heréticos e quen como eles non adoitan cumprir os seus Pactos con outros; e isto vai tamén contra da Razón. Porque se calquera falta dun home é abondo para dispensalo de cumprir un Pacto, a mesma razón sería suficiente para impedir que o celebrase.

As palabras Xusto e Inxusto, cando se atribúen a Homes significan unha cousa, e cando se atribúen a Accións, outra. Cando se atribúen a Homes significan Conformidade, ou Desconformidade das maneiras á Razón. Mais cando son atribuídas a Accións, significan Conformidade ou Desconformidade á Razón, non de Maneiras, ou maneira de vida, senón de Accións particulares. Xa que logo un home Xusto é o que toma canto coidado pode para que as súas Accións sexan todas Xustas, e un home Inxusto é o que descoida isto. Semellantes homes son designados na nosa Lingua como Honestos e Deshonestos, logo como Xustos e Inxustos, aínda que o significado sexa o mesmo. Daquela un home Honesto non perde este Título por unha ou unhas cantas Accións inxustas, que procedan de Paixóns súbitas ou dun erro que teña que ver con Cousas ou Persoas: nin tampouco un home Deshonesto perde o seu carácter polas Accións que fai ou que se abstén de facer por medo, xa que a súa Vontade non vén enmarcada pola Xustiza senón por causa do beneficio aparente do que ten entre mans. O que outorga ás Accións humanas o sabor da Xustiza é unha certa Nobreza ou Excelencia de coraxe (poucas veces atopada) polas que un home rexeita procurar, por mor de gratificar a súa vida, fraudes ou quebrantamentos de promesas. A Xustiza das Maneiras é o que se pretende para que a Xustiza leve o nome de Virtude e o da Inxustiza, Vicio.

Mais a Xustiza de Accións denomina os homes non Xustos mais *Inocentes*, e a Inxustiza do mesmo (chamada Inxuria) denomínaos como *Culpábeis*.

Noutras palabras, a Inxustiza das Maneiras é a disposición ou aptitude para causar Inxurias; e vén sendo a Inxustiza anterior ao Acto, sen que presupoña dano para ningunha persoa individual. Mais a Inxustiza dunha Acción (ou sexa, a Inxuria) presupón unha persoa individual inxuriada, nomeadamente aqueles cos que se fixo o Pacto. E xa que logo a inxuria é recibida moitas veces por un home mentres que o dano recae noutro. Como cando o Home demanda que o servo lle dea diñeiro a un estraño, se a encomenda non se cumpre a Inxuria é feita ao Amo, co que o servo pactara obedecer, mais o dano redunda no estraño, con quen el non tiña Obriga e a quen, consecuentemente, non podía inxuriar. Da mesma maneira nos Estados os particulares poden remitir os uns aos outros as súas débedas, mais non os atracos ou outros actos violentos dos que teñen recibido dano, pois que a non restitución dunha Débeda é unha inxuria a eles mesmos, mais os Atracos e a Violencia son inxurias á Persoa do Estado.

Sexa o que se lle faga a un home, conforme ao seu propio Desexo expresado ao facedor, non é Inxuria para el. Porque se quen tal fai non transferise cun Pacto Precedente o seu dereito orixinal de facer o que lle petase, non habería ruptura de Pacto, e xa que logo non se lle faría inxuria ningunha.

Os Tratadistas dividen a Xustiza de Accións en *Conmutativa* e *Distributiva*, a primeira consiste segundo eles en proporción Aritmética, a última, en proporción Xeométrica. A Conmutativa, xa que logo, ten como base a igualdade de valor das cousas contratadas, e a Distributiva a distribución de igual beneficio aos homes de mérito igual. Cal se fose Inxustiza vender máis caro do que mercamos, ou darlle a un home máis que aquilo do que é merecente. O valor das cousas contratadas mídese polo Apetito dos Contratantes, de maneira que o valor xusto é aquilo que nos parece dar. E o Mérito (á parte do que vén dado no Pacto, onde a actuación dunha parte outorga mérito á da outra, recaendo na Xustiza Conmutativa, non na Distributiva) non se debe á xus-

tiza senón que procede soamente da Graza. E xa que logo esta distinción, no senso en que adoita ser exposta, non é correcta. Para falar con propiedade, a Xustiza Conmutativa é a Xustiza dun Contratante; ou sexa o Cumprimento dun Pacto ao Mercar e Vender, Coller en Alugueiro e Alugar, Prestar e Coller en préstamo, Trocar, Permutar ou outros actos do Contrato.

A Xustiza Distributiva é a Xustiza dun Árbitro, ou sexa, a acción que define o que é xusto. Cúmprese así pois (ao confiar nel aqueles que o fan Árbitro) coa devandita Confianza dicíndose que distribúe a cadaquén o que lle é propio, sendo isto Distribución Xusta e pode ser chamada (aínda que con pouco xeito) Xustiza Distributiva, pero máis propiamente Equidade; o que é tamén unha Lei da Natureza tal como se deixará ver no lugar axeitado.

Así como a Xustiza depende dun Pacto Precedente, tamén a GRATITUDE depende dunha Graza Precedente, é dicir, dunha Doazón Ceibe Precedente; sendo a cuarta Lei da Natureza, que se pode concibir desta Forma, *Un home que acade Beneficio doutro de pura Graza débese esforzar para que o donante non se sinta arrependido da súa xenerosidade*. Porque ningún home outorga nada sen intención de Beneficiarse; porque as Doazóns son Voluntarias e todos os Actos Voluntarios do home teñen como fin o seu Beneficio; do que se infire que se os homes ven que rematarán frustrados non pode haber indicios e benevolencia ou confianza; nin consecuentemente de mutua axuda, nin de reconciliación duns homes cos outros, polo que ficarán aínda en condición de *Guerra*; o que vén sendo contrario á primeira e Fundamental Lei da Natureza, que ordena aos homes *Procurar Paz*. O quebrantamento desta Lei chámase *Ingratitude*; e ten a mesma relación coa Graza que a Inxustiza ten coa Obriga por Pacto.

Unha quinta Lei da Natureza é a COMPRACENZA, ou sexa, *Que os homes deben esforzarse por axeitarse aos outros*. Para comprendela debemos coidar que na actitude do homes cara á Sociedade hai diversidade de Natureza, a partir da súa diversi-



dade de Afeccións, non moi diferentes ás que vemos nas pedras que se amorean para construír un Edificio. Pois que así como a pedra, que pola aspereza e irregularidade da Figura ocupa das outras máis espazo do que ela mesma enche, e por mor da súa dureza non se dá alisado con facilidade, sendo desta maneira un atranco para o edificio polo que é rexeitada polos construtores por imposible de aproveitar e problemática, igualmente o home que por causa da rixidez da súa Natureza ansía reter aquelas cousas para el mesmo superfluas e para outros, precisas, e por mor da teimosía das súas Paixóns non se dá corrixido, debe ser desbotado ou expelido da Sociedade por hostil a ela. Se nos decatamos de que cada home, non soamente por Dereito senón tamén por necesidade da Natureza, pensa ser apto para propoñerse e obter todo aquilo que é preciso para a súa conservación, daquela, quen se opoña contra isto por razóns superfluas, será culpable da guerra que sobreveña; é xa que logo contrario á Lei Fundamental da Natureza, que ordena *procurar a Paz*. Os que observen esta Lei poden levar o nome de SOCIABEIS (os Latinos chamábanlles *Commodi*). Quen non será *Testudo, Insociable, Ríxido, Intratable*.

Unha sexta Lei da Natureza é esta, *Baixo garantía do tempo Futuro, o home deberá perdoar as ofensas pasadas de quen desexe arrepentirse*. Porque o PERDÓN non é outra cousa que garantir a Paz; aínda que se se outorga aos que perseveran na súa hostilidade xa non será Paz senón Medo; a que non se outorgue aos que dan garantía do tempo Futuro é signo de aversión á Paz; e xa que logo é contraria á Lei da Natureza.

Unha sétima di *Que en Vinganzas* (ou sexa, retribución do Mal co Mal), *os Homes non ollan a grandeza do mal que xa pasou, senón a grandeza do ben por vir*. Do que se infire que se nos prohíbe infrinxir castigos con outra idea que a corrección de quen ofende, ou o enderezamento dos outros. Porque esta Lei é consecuenta coa anterior, que ordenaba o Perdón baixo a seguridade do tempo Futuro. Ademais a Vinganza que non teña

en consideración o Exemplo e o proveito que sobrevirá, non é senón un triunfo ou glorificación na ferida do outro sen unha finalidade (porque a Fin é sempre algo por Vir); e glorificarse sen unha finalidade é alardear contrariamente á razón; e danar sen razón tende á introdución da Guerra: e iso vai contra da Lei da Natureza e é coñecido comunmente polo nome de *Crueldade*.

E pois que todos os sinais de odio ou desprezo levan á loita, de xeito que a meirande parte dos homes prefiren arriscar a súa vida antes de non ser vingados, ben podemos poñer en oitavo lugar, como Lei da Natureza, este Precepto, *Que ningún home declare Odio ou Desprezo a outro por medio de feito, palabra, contención ou xesto*. Adoita levar a ruptura da devandita Lei o nome de *Aldraxe*.

A cuestión de quen é o mellor home non se contempla no relativo á mera Natureza; onde (tal como se demostrou antes) todos os homes son iguais. A carencia de igualdade que se dá hoxe foi introducida polas Leis civís. Non ignoro que *Aristóteles* no primeiro libro da súa Política, como fundamento da súa doutrina, fai que algúns homes sexan, por Natureza, máis dignos de Mandar, referíndose aos máis sabidos (tal como el coidaba selo por mor da súa Filosofía); outros de Servir (referíndose aos que teñen corpos fortes mais sen ser Filósofos como el mesmo), como se o Amo e o Criado non fosen introducidos polo consenso dos homes senón por diferenza de Enxeño; o que non vai soamente contra da razón, senón da experiencia. Porque hai moi poucos que sexan parvos abondo como para non preferir gobernarse eles que ser gobernados. E cando aqueles que son sabios ao seu xeito de ver contenden pola forza con quen desconfían da súa sabedoría, sempre, ou a miúdo, ou case todas as veces, acadan a Vitoria. Se a Natureza fixese iguais os homes tal igualdade sería recoñecida, mais se os fixese feito desiguais a igualdade tamén debe ser admitida pois que ao se coidar iguais os homes non entrarían en condicións de Paz senón en termos equivalentes. De xeito que por novena lei da Natureza

eu poño esta: *Que todos os homes recoñecen os outros como os seus Iguais por Natureza*. Quebrar este Precepto recibe o nome de *Orgullo*.

Desta lei depende outra. *Que ao entrar en condicións de Paz ningún home debe reservarse de seu ningún Dereito que non poida reservar para os demais igualmente*. Como é preciso para todos os homes que procuran a Paz renunciar a certos Dereitos da Natureza; ou sexa, non ter liberdade de facer canto lles pete, por máis que sexa necesario manter algúns, cal é o dereito a gobernar o propio corpo, gozar do aire, da auga, da capacidade de movemento, da posibilidade de moverse dun lado para outro, e todas as cousas sen as que o home non pode vivir ou vivir con xeito. Se neste caso, ao facer a Paz, os homes requiren para eles o que non poden garantir os outros, actúan de maneira contraria á lei precedente que obriga ao recoñecemento da igualdade natural e, xa que logo, van tamén contra da lei da Natureza. Chamamos *Humildes* aos cumpridores desta lei e *Soberbios* aos que a quebran. Os Gregos coñecían a violación desta lei como *πλεονεξία* ou sexa, o desexo de máis do que se pode partillar.

Igualmente, se *confían nunha persoa para que xulgue entre home e home* é precepto da Lei da Natureza *que esta trate con Ecuanimidade entre ambos*. Porque sen iso as Controversias dos homes non poden ser determinadas máis que por medio da Guerra. Xa que logo o que é parcial ao xulgar fai canto pode por disuadir os homes de botar man de Xuíces e Árbitros, e consecuentemente (contra da Lei Fundamental da Natureza) é a causa de Guerra.

A observación desta lei, da distribución equitativa a cada home do que lle pertence en razón, recibe o nome de EQUIDADE, e (como xa dixen con anterioridade) Xustiza distributiva; e é a súa violación, *Aceptación de persoas* *προσωποληψία*.

Desta séguese outra lei. *Que as cousas que non poden dividirse serán gozadas en Común, se é posible; e se o permite a cantidade, sen Restricións; en caso contrario Proporcionalmente*

ao número de persoas que teñan Dereito. Porque de non ser así a distribución é desigual e contraria á Equidade.

Mais hai algunhas cousas que nin se poden dividir nin ser gozadas en comunidade. Daquela, a Lei da Natureza que prescribe Equidade require *Que o Dereito Enteiro ou ben (calculando o emprego alterno) a Posesión Primeira sexa determinada pola Lei*. Porque a Igualdade na distribución vén dada pola Lei da Natureza, e non se poden imaxinar outros medios de distribución igualitaria.

A sorte pode ser de dúas clases: *Arbitraria* e *Natural*. Arbitraria é aquela acordada polos Contrincantes; Natural é ou a *Primoxenitura* (que os Gregos chamaban κληρονομία, ou sexa, *Outorgada polo Azar*) ou a *Prioridade na Posesión*.

E xa que logo, as cousas que non se poden dividir nin gozar en común teñen de ser outorgadas ao Primeiro Posuidor, e en certos casos ao Primoxénito, pois que así o decide a Sorte.

Tamén unha Lei da Natureza: *Que a todos os homes que medien pola Paz se lles conceda un salvoconduto*. Porque a Lei que ordena a Paz como un *Fin*, ordena a Intercesión como un *Medio*, e para chegar a ela o Medio é un Salvoconduto.

Ora, aínda que os homes estivesen do máis ansiosos de observar estas leis poderían xurdir cuestións relativas á condición humana. En primeiro lugar, se se levou realmente adiante ou non, en segundo lugar, caso de que así acontecese, se se foi ou non contra da Lei. A primeira chámase cuestión *De Feito*, a segunda *De Dereito*. De maneira que se as partes en cuestión non se ateen en chegar a un Acordo recíproco están máis lonxe que nunca da Paz. Recibe o nome de *ÁRBITRO* aquel a quen someten a sentenza. E, xa que logo, ten que ver coa Lei da Natureza, *que aqueles que teñen controversias deben someter o seu Dereito ao xuízo dun Árbitro*.

E vendo que cada home aparenta facer todas as cousas no seu propio beneficio, ninguén é Árbitro axeitado para a súa causa, e aínda que así fose ao conceder a igualdade un benefi-

cio semellante a cada unha das partes, se se admite a un como Xuíz o outro debe ser tamén admitido, de maneira que a controversia, ou sexa, a causa da Guerra, segue existindo contra da Lei da Natureza.

Pola mesma razón, en ningunha Causa deben ser recibidos como Árbitros aqueles aos que se lles derive meirande proveito, honor ou goce da vitoria dunha parte riba da outra, pois que aceptarían un suborno (e aínda que inevitable, igualmente un suborno) polo que ninguén estaría obrigado a confiar neles. E desta maneira, fican a controversia e a condición de Guerra contrarias á Lei da Natureza.

E nunha controversia de *Feito*, se o Xuíz non lle dá máis creto a un que a outro (caso de que non haxa máis Argumentos) deberá darllo a un terceiro, ou a un terceiro e a un cuarto, ou a máis porque se non a cuestión fica sen decidir e queda nas mans da forza, contraria á Lei da Natureza.

Estas son as Leis da Natureza a ditar Paz, como medios da conservación dos homes en multitudes, e que concirnen soamente á doutrina da Sociedade Civil. Hai outras cousas que tenden á destrución dos homes particulares, como a Borracheira e outros aspectos da falta de Temperanza, que poden ser considerados, xa que logo, entre as cousas prohibidas pola Lei da Natureza, mais que non é preciso que se mencionen nin son pertinentes abondo para este lugar.

E aínda que esta poida ser unha dedución sutil de máis das Leis da Natureza como para que todos os homes tomen nota delas, estando a meirande parte deles atarefados en apañar comida e o resto demasiado negligentes como para entendelas, aínda así non hai escusa porque aquelas foron resumidas nun precepto doado, intelixible, mesmo para quen teña mínima capacidade; este: *Non lle fagas a outro o que non queiras que che fagan a ti*; o que lle demostra que non ten máis que facer ao aprender as Leis da Natureza que, ao pesar as accións dos outros coas propias seméllanselle pesadas de máis e debe poñe-

las no outro prato da balanza e as súas no propio, de maneira que as súas paixóns e egoísmos non dean engadido nada ao peso. Daquela, non haberá nada destas Leis da Natureza que non lle pareza do máis razoable.

As Leis da Natureza obrigan *in foro interno*; ou sexa, que se vencellan ao desexo de que deberán ter lugar, mais *in foro externo*, ou sexa, a poñelas en práctica, non sempre. Porque o que sexa humilde e proclive aos tratos e disposto a levar adiante canto promete en tempo e lugar que ningún outro sería quen de facelo, mudaría de présa para os outros, procurando así a súa ruína, contrariamente a todas as Leis da Natureza, que tenden á preservación dela. Igualmente, aquel que tendo Seguridade suficiente de que os outros cumprirán as Leis cara a el, e el mesmo non as respecta, o que procura non é a Paz senón a Guerra e, por tanto, a destrución da súa Natureza pola violencia.

Cada Lei vinculante *in foro interno* pode ser rota, non soamente por un feito contrario á Lei, senón tamén por un que cadre con ela caso de que un home a coide contraria. Pois, aínda que a súa Acción neste caso cadre coa Lei a súa Intención ía contra dela, así que cando a Obriga é *in foro interno* resulta unha violación.

As Leis da Natureza son Inmutábeis e Eternas. Porque a Inxustiza, a Ingratidade, a Fachenda, o Orgullo, a Iniquidade, a Aceptación das persoas, e o demais, non poden considerarse lexítimas. Xa que non pode ser que a Guerra preserve a vida e a Paz faga por esnaquizala.

As mesmas Leis, porque soamente obrigan a desexar e esforzarse, quero dicir, a esforzarse dunha maneira sincera e teimosa, pódense observar doadamente. Pois, ao non requirir outra cousa que esforzo, o que se esforza en levalas adiante cúmpreas; e o que cumpre coa Lei é Xusto.

E a súa Ciencia é a única e verdadeira Filosofía Moral. Porque a Filosofía Moral non é outra cousa que a Ciencia do que é *Bo* e *Malo*, na comunicación e Sociedade dos homes. *Bo*

e *Malo* son nomes que significan os nosos *Apetitos* e *Aversións*; que en diferentes temperamentos, costumes e doutrinas dos homes son tamén diferentes. E os homes diversos difiren non soamente no seu *Xuízo*, nos sentidos do que é prazenteiro ou molesto ao gusto, olor, oído, tacto e vista, senón tamén no que é comfortable ou desagradable á *Razón* nas accións da vida cotiá. Non, o mesmo home, en tempos diversos, difire del mesmo, e ás veces loa, ou sexa, chama *Bo*, o que outras veces critica, e chama *Malo*. De onde xorden as *Disputas*, *Controversias* e, finalmente, a *Guerra*. E, por tanto, un home está na condición da mera *Natureza* (o que é unha condición de *Guerra*), da mesma maneira que o *Apetito* privado é a medida do *Bo* e máis do *Malo*. Consecuentemente, todos os homes cadran nisto, que a *Paz* é algo *Bo* e, daquela, os camiños ou medios para conseguila, como xa teño demostrado antes, son: *Xustiza*, *Gratidade*, *Humildade*, *Equidade*, *Piedade* e o resto das *Leis* da *Natureza*, tan boas que reciben o nome de *Virtudes Morais*, e as contrarias, *Malignas*, levan o nome de *Vicios*. Ora, a ciencia da *Virtude* e máis o *Vicio* é a *Filosofía Moral*, e, xa que logo, a verdadeira *Doutrina* das *Leis* da *Natureza* é a auténtica *Filosofía Moral*. Mais os *Tratadistas* da *Filosofía Moral*, aínda que recoñezan as mesmas *Virtudes* e *Vicios*, ao non saber onde se atopa a súa *Bondade* nin que chegan ser loados como maneiras dun vivir pacífico, sociable e cómodo, adoitan situalos nunha mediocridade de paixóns. Tal como se o que fai a *Fortaleza* non sexa a *Causa* senón o *Grao* de *afouteza*, e a *Xenerosidade* non a *Causa* senón a *Cantidade* do *agasallo*.

Os homes adoitan chamarlles *Leis* a estes ditados da *Razón*, pero con pouco xeito, pois que non son máis que *Conclusións* ou *Teoremas* relativos ao que leva á conservación e defensa delas; ao tempo que *Lei* é —en puridade— a palabra daquel que manda, por dereito, nos outros. Mais se consideramos os mesmos *Teoremas* como outorgados na palabra de *Deus*, que é quen por dereito manda en todas as cousas, daquela son chamados, con propiedade, *Leis*.

## Capítulo XVI. Das *persoas, autores e cousas personificadas*

Unha *PERSOA* é *aquel de quen se consideran as palabras ou accións, ou como propias ou como representativas das palabras ou accións doutros homes, ou dalgunha outra cousa á que son atribuídas, xa sexa pola Verdade ou pola Ficción.*

Cando se consideran como propias, daquela recibe o nome de *Persoa Natural*. E cando se considera como representando as palabras e accións doutro, entón é unha *persoa Imaxinada* ou *Artificial*.

A palabra *Persoa* é latina: no canto dela os Gregos teñen πρόσωπον, que significa *Faciana*, do mesmo xeito que *Persoa* en latín significa o *disfrace* ou o *aspecto exterior* dun home finxido no Escenario, e ás veces, máis en concreto, esa parte que disfraza o rostro, tal como é a *Máscara* ou o *Anteface* que é levado do Escenario polos Representantes da palabra e mais da acción, tanto en Tribunais como en Teatros. De xeito que, unha *Persoa* é o mesmo que un *Actor*, no Escenario e na Conversa normal, e *Personificar* é *Actuar* ou *Representarse* ou facelo con outro, e o que actúa en nome doutro dise que terma da súa *Persoa* ou actúa no seu nome (no senso empregado por *Cicerón* cando di *Unus sustineo tres Personas; Mei, Adversarii e Judicis*). Eu termo de tres *Persoas*, da miña propia, da dos meus *Adversarios* e da dos *Xuíces*, e chámase en ocasións diversas de maneira distinta: *Representante*, *Representativo*, *Tenente*, *Vicario*, *Avogado*, *Deputado*, *Procurador*, *Actor*, etc.

Verbo das *Persoas Artificiais*, algunhas teñen as súas palabras e accións *Posuídas* por aqueles a quen representan. Daquela, a *Persoa* é o *Actor*, e o posuidor das súas palabras e accións é o *AUTOR*. Neste caso o *Actor* actúa por *Autorización*. Por iso, o que consonte a bens e posesións recibe o nome de *Dono*, en latín *Dominus* e en Grego χύριος, cando se fala de *Accións* chámase *Autor*. E se o *Dereito* de posesión se chama *Dominio*, o de



facer calquera caste de Acción denomínase AUTORIZACIÓN. De xeito que, por Autorización entendemos sempre un Dereito de facer calquera acto; e *feito por Autorización* aquilo feito por Comisión ou Licenza por parte de quen dispón do dereito.

Séguese disto que cando o Actor fai un Pacto por Autorización, obriga deste xeito ao Autor, non menos que se o fixese el mesmo, suxeitándose tamén a todas as súas consecuencias. Por tanto, todo o que se ten dito con anterioridade (capítulo XIV) da natureza dos Pactos entre dúas persoas na súa capacidade natural é certo tamén cando son feitos polos seus Actores, Representantes ou Procuradores, que veñan autorizados por eles, mentres actúen dentro da Comisión que se lles encomendase e non máis lonxe.

Daquela, o que faga un Pacto co Actor ou o Representante, descoñecendo a Autorización que posúe, faino ao seu propio risco. Pois que ningún home vén obrigado por un Pacto se non é o Autor, nin —consecuentemente— por un Pacto en contra ou á marxe da Autorización que dese.

Cando o Actor procede contra da Lei da Natureza por orde do Autor, se vén obrigado a obedecelo por un Pacto anterior, non é el senón o Autor quen quebra a Lei da Natureza; porque aínda que a Acción vaia contra da Lei da Natureza, non é súa. Polo contrario, se rexeita facela vai contra da Lei da Natureza que prohibe a ruptura dun Pacto.

O que fai un Pacto co Autor, por mediación do Actor, sen saber a Autorización de que dispón, mais limitándose a coller a súa palabra, en caso de que tal Autorización non se manifestase nel por demanda deixa de estar obrigado porque o Pacto feito co Autor non é válido sen a súa garantía. O que tal Pactase, se souberse con anterioridade que non ía agardar máis garantía que a palabra do Actor, o Pacto sería válido, xa que o Actor neste caso se fai el mesmo Autor. Xa que logo, como cando a Autorización é evidente, o Pacto obriga o Autor e non o Actor, de maneira que cando a Autorización é imaxinaria obriga o Actor soamente, e non hai outro Autor que el mesmo.

Hai poucas cousas que non se poidan representar pola Ficción. Cousas inanimadas como unha Igrexa, un Hospital, unha Ponte poden ser Personificadas por un Reitor, un Director, un Inspector. Mais as cousas inanimadas non poden ser Autores, nin —xa que logo— Autorizar os seus Actores. Aínda así, os Actores poden ter Autorización para procurar o seu mantemento, outorgado por quen son Propietarios ou Gobernadores destas cousas. Daquela, semellantes cousas non poden Personificarse antes de que exista algunha caste de Goberno Civil.

Da mesma maneira os Nenos, os Parvos e os Loucos, sen uso de razón, poden ser Personificados por Gardiáns ou Coidadores; mais non poden ser Autores (durante ese tempo) de calquera acción feita por eles ata que (recuperado o uso da Razón) xulguen como razoable o acto devandito. Mentres lles dura o Desatino, o que ten dereito de gobernalos pode autorizar o seu Gardián. Pero isto tan só pode acontecer nun Estado Civil, porque antes de que tal exista non existe o Dominio de Persoas.

Un ídolo, simple imaxinación do cerebro, pode Personificarse como os Deuses Pagáns, personificados polos Funcionarios que nomease o Estado, donos de Posesións e outros Bens e Dereitos, que os homes dedicaban e consagraban a eles de tempo en tempo. Mais os ídolos non poden ser Autores, porque un Ídolo non é nada. A Autorización procede do Estado e, por tanto, antes de que se introducise a Gobernación Civil os Deuses Pagáns non se podían personificar.

O Deus verdadeiro pode personificarse. E así foi: primeiro por *Moisés*, quen gobernaba os Israelitas (quen eran xente de Deus, e non súa) non no seu propio nome, cun *Hoc dicit Moses*; senón no Nome de Deus, cun *Hoc dicit Dominus*. En segundo lugar, polo Fillo do home, o seu propio Fillo, o noso Divino Salvador, *Xesús Cristo*, quen veu someter os Xudeus e inducir a todas as Nacións a poñerse baixo do Reino do seu Pai, non no seu nome, mais como enviado do seu Pai. E en terceiro lugar,

polo Espírito Santo, ou Confortador, quen fala e actúa no nome dos Apóstolos, e acontece que o Espírito Santo non vén de seu senón que foi enviado e procede daqueles dous.

Unha multitude muda *Nunha* Persoa cando se a Representa por un home ou unha Persoa, de maneira que isto se faga co consentimento de cada un da Multitude en particular. Pois é a *Unidade* do que Representa, non a *Unidade* do Representado, o que fai a Persoa *Unha*. E é o Representante o que terma da Persoa, mais soamente unha Persoa. E a *Unidade* non pode ser entendida doutra maneira na multitude.

E porque a Multitude non é, na súa esencia, *Unha* senón *Moitas*, non pode ser entendida como un senón como varios autores que de cada cousa din ou fan no seu nome. Cada home outórgalle ao seu Representante autorización del mesmo en particular, e responsabilízase de todas as accións que o Representante leva adiante, caso de que lle dea Autorización sen límite. Doutra maneira, cando o limitan no que fai e ata onde pode chegar, ningún deles posúe máis senón aquilo do que dispón de autorización para actuar.

E se os Representados son moitos homes, a voz do número maior ten de ser considerada como a voz de todos eles. Porque se o número inferior (por exemplo) se pronuncia Afirmativamente, e o maior Negativamente, haberá Negativos máis que abondo para desfacer os Afirmativos, de maneira que o exceso de Negativos ficará sen que ninguén os contradiga, sendo a única voz dos Representados.

O Representante dun número par, especialmente cando o número non é grande e as voces contraditorias van a miúdo emparelladas, adoita ser mudo e incapaz de Acción. Mais en certos casos, no que as voces contraditorias van parellas en número estas poden determinar unha cuestión, pois ao condenar ou absolver a igualdade de votos non condenando, absolven. Porque cando se segue unha Causa non condenar é absolver, pero no caso contrario, dicir que non absolver é condenar

resulta falso. Cousa semellante acontece nunha deliberación de executar no momento ou diferir ata máis adiante. Pois, cando os votos están parellos ao non ordenarse a execución supón un mandato de dilación.

Se o número é impar, como tres ou máis (homes ou congregacións), cando cada un ten, polo seu voto Negativo, autoridade para neutralizar os efectos de todos os Votos Afirmativos do resto, resulta un número non Representativo. Porque por mor da diversidade de Opinións e Afáns dos homes, a miúdo resulta e en casos de consecuencias da maior gravidade en Persoa muda e nada apta para moitas cousas, tal como o goberno dunha Multitude, especialmente en tempos de Guerra.

Hai dúas clases de Autores. A primeira chámase así sinxelamente, e é a que definín antes como aquel que posúe, simplemente, a Acción doutro. A segunda é a de quen é dono dunha Acción ou Pacto alleo, condicionalmente, ou sexa que o fai se o outro non o fai ata un certo momento antes del. E estes Autores condicionais reciben xeralmente o nome de FIADORES, en Latín *Fidejussores* e *Sponsors*, particularmente para as Débedas, *Praedes*, e para a Comparecencia diante dun Xuíz ou Maxistrado, *Vades*.

PARTE II.  
DO ESTADO



## Capítulo XVII. Das causas, xeración e definicións dun Estado

As Causas, Finalidades e Designios dos homes (os cales aman naturalmente a Liberdade e o Dominio dos outros), ao introducir esa restrición neles (na que os vemos vivir formando Estados) e o coidado da súa propia conservación e, por tanto, dunha vida máis satisfeita, ou sexa, de afastarse da triste condición Bélica, esa que sucede necesariamente (como temos demostrado) ás Paixóns naturais do home, cando non hai un Poder visible que os controle e terme deles, por medo a un castigo, á realización dos seus pactos e observación desas Leis da Natureza sinaladas nos Capítulos catorce e quince.

As Leis da Natureza (como *Xustiza, Equidade, Modestia, Piedade* e, resumindo, *facerlles aos demais o que desexes que che fagan a ti*) son, por si mesmas, sen o terror dalgún Poder que obrigue a que sexan observadas, contrarias ás nosas Paixóns naturais que nos conducen á Parcialidade, Orgullo, Vinganza e similares. Os Pactos sen a Espada non son máis que Palabras, sen forza ningunha para obrigar o home en absoluto. Así pois, malia as Leis da Natureza (que cadaquén observa cando ten vontade de cumprir e de levar isto adiante con seguridade), se non se ten erixido un Poder ou este non é abondo grande para a nosa seguridade, cada un terá que se basear tan só e facelo legalmente a partir da súa forza e industria para se protexer contra todos os demais homes. En todos os lugares onde os homes teñen vivido formando pequenas Familias, roubar e aproveitarse os uns dos outros foi un Negocio, e lonxe de ser reputado contra da Lei da Natureza, canto máis rapinaban máis grande era o honor. Os homes non observaban outras Leis senón as Leis do Honor, isto é, absterse da crueldade, deixándolles aos homes as súas vidas e instrumentos de labor. E tal como facían as Familias daquela, agora as Cidades e os Reinos, que non son máis que Familias grandes (para a súa propia seguri-

dade), amplían os seus Dominios, pretextando perigos ou medo a unha Invasión ou da axuda que se lles poida prestar aos invasores, esforzándose canto poden para someter ou debilitar os seus veciños, pola forza ostensible ou a través de industrias secretas, carecendo doutras garantías; lembrádoselles por iso, con honor, nos tempos que haberán de vir despois.

Non é a conxunción dun número pequeno de homes o que lles outorga seguridade, porque nos números pequenos son as adicións cativas, dunha beira ou doutra, as que provocan a vantaxe da forza tan grande como para traer a Vitoria, empurrando a Invasión. A Multitude suficiente na que confiar a nosa Seguridade non vén determinada por ningún número concreto, senón por comparación co Inimigo que tememos, e será abondo cando a superioridade do Inimigo non é tan visible e conspicua para determinar o evento bélico como para movelo a que o tente.

Mesmo que haxa unha gran Multitude, se as accións de cada un dos seus membros van dirixidas consonte os seus xuízos particulares e os seus particulares apetitos non deberán agardar defensa nin protección nin contra dun inimigo Común nin contra das inxurias dos uns contra dos outros. Porque ao distraerse en opinións relativas ao mellor uso e aplicación da súa forza non só non se axudan, senón que se atrancan os uns aos outros, reducindo a nada a súa forza por unha oposición mutua. Por esa razón serán doadamente asoballados, non tan só por uns poucos que cadren senón que, cando non haxa un inimigo común, tamén farán guerra os uns cos outros polo seu interese particular. Porque se puidésemos supoñer unha gran Multitude de homes consentindo na observación da Xustiza e outras Leis da Natureza, sen un Poder común que os teña a todos baixo control, poderíamos supoñer que toda a Humanidade faría o mesmo, e, daquela, non farían falta Governos Cívís nin Estados xa que a Paz existiría sen subxección ningunha.

Non abonda para a seguridade, esa que os homes desexarían que durase todo o tempo da súa vida, que estes fosen goberna-



dos e dirixidos por un criterio único nun tempo limitado, como nunha Batalla ou nunha Guerra. Porque aínda que acadasen unha Vitoria polo seu comportamento unánime contra un inimigo estranxeiro, logo, cando xa non tivesen inimigo común ou aquel tomado como tal por unha das partes, precisarían disolverse por mor dos seus intereses diferentes e incorrerían de novo nunha Guerra entre eles.

É ben certo que certas criaturas vivas, como son as Abellas e as Formigas, viven en sociedade as unhas coas outras (sendo xa que logo numeradas por Aristóteles entre as criaturas Políticas), e aínda así non teñen outro obxectivo que os seus apetitos e desexos particulares, nin unha linguaxe polo que significarlle unhas ás outras o que coidan preciso para o común proveito. De todos modos, algún pode ter, se cadra, desexo de saber por que a Humanidade non pode facer o mesmo. Ao cal eu respondo:

Primeiro, que os homes están competindo decote polo Honor e mais a Dignidade, mentres que estas criaturas non, debéndose iso a que entre aqueles medran pola devandita razón a Envexa e mais o odio, mentres que entre estas non acontece tal.

En segundo lugar, que entre semellantes criaturas o ben Común non difire do Privado, e estando por natureza inclinados ao privado procuran, á vez, o beneficio común. Mais o home, para quen a Leducia consiste en compararse con outros homes, tan só goza do que é sobranceiro.

Terceiro, que estas criaturas ao non ter (cal o home) uso da razón nin ven nin poden ver ningunha falta na administración dos seus choios comúns, mentres que entres os homes hai moitos que se coidan máis sabidos e capaces que os outros para gobernar os asuntos Públicos, esforzándose por reformar e anovar, uns dunha maneira, outros doutra, provocando desta maneira Atordamento e Guerra Civil.

En cuarto lugar, que estas criaturas, aínda tendo un certo uso de voz coa que dar a coñecer os uns aos outros desexos e outras afeccións, non dispoñen desa arte léxica pola que algúns

homes poden representar a outros o que é Bo na comparación co Malo, e o Malo na comparación co Bo, e medrar ou minguar a grandeza aparente do Bo e o Malo; desgustando os homes e atormentando a súa Paz segundo lles pete.

En quinto lugar, as criaturas irracionais non dan distinguido entre *Inxuria e Dano*, e, por tanto, mentres estean sosegados non se sentirán ofendidos cos seus semellantes, ao tempo que o Home estará máis atormentado canto máis sosegado estea, pois é entón cando desexa demostrar a súa Sabedoría e controlar as Accións daqueles que gobernan o Estado.

Finalmente, o concerto destas criaturas é Natural, ao tempo que o dos homes é Artificial porque soamente vén por Pacto, e, daquela, non é estraño que se requira algo máis (á parte dun Pacto) para que este Concerto sexa constante e duradeiro; isto é, un Poder Común, que os controle e dirixa as súas Accións cara a un Beneficio Común.

A única maneira de erixir un Poder Común, quen de defendelos dunha invasión Estranxeira e das inxurias dos uns aos outros, dándolles seguridade de que poderán subsistir e vivir con xeito pola súa propia industria e dos froitos da Terra, consiste en conferir todo o poder e forza a un Home, ou a unha Asemblea de homes que poida reducir todas as súas Vontades por pluralidade de voces nunha soa Vontade: tanto como dicir que se trata de nomear un home, ou Asemblea de homes para representar a súa Persoa, e que cadaquén coide como propio ou se recoñeza como Autor do que Faga ou Promova quen represente a súa Persoa naquelas cousas relativas á Paz e Seguridade Comúns, e que ademais cada un someta as súas Vontades á Vontade daquel e os seus Xuízos ao seu Xuízo. Isto vén sendo máis que Consentimento ou Concordia, porque se trata dunha auténtica Unidade de todas elas nunha mesma Persoa, feita polo Pacto de cada home con cada home, de tal maneira como se cadaquén dixese a todos: *Autorizo e cedo o meu Dereito a Gobernarme a este Home ou Asemblea de homes so a condición que lle cedades o voso Dereito a el Autorizándolle todas as súas*

*Accións de idéntica maneira.* Feito isto, a Multitude unida nunha soa persoa recibe o nome de ESTADO, en latín CIVITAS. Así é como se xera ese gran LEVIATÁN, ou mellor (para dicilo con máis solemnidade) ese *Deus Mortal*, ao que debemos, baixo o *Deus Inmortal*, a nosa paz e defensa. Porque por esta Autoridade, outorgada a el por cada home particular no Estado, posúe o uso de tanto Poder e Forza, conferidos a el, que polo terror que inspira é quen de conformar as vontades de todos eles para a Paz no seu país e axuda mutua contra os seus inimigos de fóra. E nel radica a Esencia do Estado; o cal (por definilo) é *Unha Persoa, que polos seus actos unha gran Multitude, por Pactos mutuos os uns cos outros, mudaron cada un en Autor, co propósito de poder empregar a forza e os medios de todos eles, cal o xulguen axeitado, para a Paz e Defensa Común.*

O que asome esta Persoa recibe o nome de Soberano, dise que ten *Poder Soberano*, e os que están á súa beira son os seus SÚBDITOS.

Chégase a este Poder Soberano de dúas maneiras. Unha, pola forza Natural, como cando un home fai que os seus fillos e os fillos destes se dobreguen ao seu goberno, chegando a destruílos se se opoñen, ou cando somete pola Guerra os inimigos á súa vontade, perdoándolles a vida con esta condición. A outra, cando os homes acordan entre eles someter algún Home ou Asembleas de homes, voluntariamente, confiados en que así os protexerá contra todos os demais. Isto último pode ser chamado un Estado Común ou un Estado por *Institución*; e o anterior un Estado por Achegamento. En primeiro lugar falarei do Estado por Institución.

## **Capítulo XVIII. Dos dereitos dos Soberanos por institución**

Dise que un *Estado* está *Instituído* cando unha *Multitude* de homes cadran e *Pactan*, cada un con cada un. Sexa quen fose o *Home* ou *Asemblea de Homes*, terá de serlle outorgado pola

parte maioritaria o *Dereito a Representar a Persoa* de todos eles (isto é, a ser o seu *Representante*). Cada un, tanto quen *Votase a favor* como quen *Votase en contra*, *Autorizará* todas as Accións e Xuízos, dese Home ou Asemblea de homes, da mesma maneira que se fose propia, ata o remate, para vivir pacificamente e protexerse dos outros homes.

Desa Institución do Estado derívanse todos os *Dereitos e Facultades* daquel ou daqueles en que se conferiu o Poder Soberano polo consentimento do Pobo reunido en asemblea.

Primeiro, porque se debe comprender que Pactan e que están obrigados por Pacto anterior a nada que contradiga o presente. E consecuentemente, aqueles que xa Instituíran un Estado están obrigados por Pacto a coidar como propias as Accións e Xuízos deste, e non poden legalmente facer un novo Pacto entre eles nin obedecer a quen sexa sen o seu permiso. Por tanto, aqueles que están suxeitos a un Monarca non poden, sen a súa licenza, renunciar á Monarquía e volver ao barullo dunha Multitude desunida, nin transferir a súa Persoa a outro home ou Asemblea de homes, porque están obrigados, cada home respecto do outro, a coidar como Propio e ser o Autor recoñecido de todo o que sexa quen de facer ou coide axeitado quen xa é o seu Soberano. De maneira que, cando alguén disinte todos os demais deben rachar o Pacto feito con ese home, o cal é inxustiza, e cada home ten outorgado a súa Soberanía a aquel que terma das súas Persoas, de xeito que se o depoñen afástanlle o que lle é propio, e é inxustiza de novo. Ademais, se o que tenta depoñer o seu Soberano é morto ou castigado por el por atentar de tal maneira, vén sendo o autor da súa propia punición, ao ser por Institución autor de todo o que seu Soberano lle faga. E porque é unha inxustiza que un home faga calquera cousa pola que pode ser castigado pola súa propia autoridade é, nesa condición, inxusto. E mentres que algúns homes teñen pretendido por desobediencia ao seu Soberano que se faga un novo Pacto, non cos homes senón con Deus, isto é tamén inxusto, porque non hai Pacto con

Deus senón por mediación de alguén que represente a Persoa de Deus, e isto non o fai senón o representante de Deus que ten baixo El a Soberanía. Velaí esta pretensión de que un Pacto con Deus é unha mentira tan evidente, mesmo na propia conciencia de quen o pretende, que non é soamente un acto de disposición inxusta, senón igualmente ruín e inhumana.

Segundo, que o Dereito de termar da Persoa de todos eles outórgaselle a aquel ao que fan Soberano, por Pacto soamente dos uns cos outros, e non del con ningún deles; desta maneira non pode haber ruptura de Pacto pola banda do Soberano, e consecuentemente ningún dos seus Súbditos, so pretexto dunha infracción, pode ceibarse do seu Sometemento. Que o nomeado Soberano non Pacta cos seus Súbditos de antemán é manifesto, porque ou ben debe facelo con toda a multitude, como parte do Pacto, ou terá de facelo individualmente con cada persoa. Co conxunto, como parte, é imposible, porque deica aquela non existe unha Persoa, e se fai tantos Pactos como homes existen. Estes Pactos, despois de que acade a Soberanía fican baleiros, porque calquera acto que se pretenda quebrar por quen sexa a partir de aí, é o acto del mesmo e de todos os demais, xa que foi feito na Persoa e polo Dereito de cada un deles en particular. Ademais, se algún ou algúns deles teñen a intención de que se rache o Pacto feito polo Soberano na súa Institución, pretendendo outros ou outro dos seus Súbditos que non existise tal ruptura, ao non haber daquela un Xuíz para que decida a controversia deberá volveuse de novo á Espada, recobrando así cada home o dereito de Protexerse pola súa propia forza, contrariamente ao designio que tiñan na Institución. Xa que logo, semella van garantir Soberanías por medio dun Pacto precedente. A opinión de que cada Monarca recibe o seu Poder por Pacto, isto é, a Condición, procede da falta de comprensión desta verdade obvia da de que os Pactos, ao non ser senón palabras e folgos, non teñen forza para obrigar, conter, constrinxir ou protexer a un home, senón no que ten de Espada pública:

isto é, das mans desatadas dese Home, ou Asemblea de homes que ten a Soberanía, con accións garantidas por todos eles e levadas adiante pola forza de todos nela unidos. Mais cando se fai Soberana unha Asemblea de homes, daquela ningún home dá imaxinado que tal Pacto acontecese na Institución, porque non hai ninguén tan parvo como para dicir, por exemplo, que o Pobo de *Roma*, fixo un Pacto cos Romanos para apañar a Soberanía nesta ou naquela condición: que de non ser cumprida os Romanos poderían depoñer legalmente ao Pobo Romano. Que os homes non vexan razón de que aconteza o mesmo nunha Monarquía e nun Goberno Popular procede da ambición dalgúns, máis proclives ao goberno dunha Asemblea, na que poden agardar participar que dunha Monarquía da que non teñen esperanza de gozar.

Terceiro, porque a meirande parte ten cos seus votos a favor proclamado un Soberano, aquel que disentise agora debe cadrar co resto, isto é, cadrar con todas as accións que leve adiante ou, en caso contrario, ser rexeitado polos demais. Pois que se voluntariamente entrou na Congregación dos que unidos en asemblea declararon abondo a súa vontade (pactando, xa que logo, tacitamente) debe apoiar o que ordenase a meirande parte; e xa que logo se rexeita manifestar apoio ou expresar Protesta contra algún dos seus Decretos, actúa de maneira contraria ao Pacto, sendo así inxusto. E pertenza ou non á Congregación, e pídaselle ou non o seu consentimento, deberá someterse aos seus decretos ou ficar na condición bélica na que se atopaba antes, podendo así ser destruído sen inxustiza por calquera home.

Cuarto, xa que cada Súbdito é por esta Institución Autor de todas as Accións e Xuízos do Soberano Instituído, séguese que sexa o que faga non pode haber inxuria a ningún dos seus Súbditos, nin deberá de ser acusado de Inxustiza por ningún deles. Porque quen fai calquera cousa por autorización doutro, non inxuria a aquel do que procede a autorización baixo da que actúa. Mais por esta Institución dun Estado, cada particular

é Autor de todo canto fai o Soberano, e consecuentemente o que se queixa de inxuria do Soberano estase a queixar do que el mesmo é Autor; e xa que logo non deberá acusar a ningún home senón a el mesmo, nin a si mesmo, tampouco, porque inxuriarse a un mesmo é imposible. É certo que os que teñen poder Soberano poden cometer Iniquidade, pero non Inxustiza ou Inxuria propiamente ditas.

Quinto, e consecuentemente ao que se vén de dicir, ningún home que dispoña de poder Soberano pode ser morto en xustiza e de ningunha maneira castigado polos seus Súbditos. Pois que vendo que cada Súbdito é Autor das accións do seu Soberano non fai senón castigar a outro polas accións cometidas por el mesmo. E pois que a Fin desta Institución é a Paz e mais a Defensa de todas elas, e quen teña dereito á Fin ten igualmente dereito aos Medios, os Homes e as Asembleas posuidores de Soberanía son donos tamén do Dereito de Xulgar tanto os medios da Paz como da Defensa, e do mesmo xeito os atrancos e impedimentos destes, facendo canto se coide preciso, para preservar de antemán a Paz e mais a Seguridade, prevendo a Discordia no interior e a Hostilidade que veña de fóra e, cando se perdan Paz e Seguridade, para poder recuperar ambas. E así sucesivamente.

Sexto, vencéllase á Soberanía o Xulgar que Opinións e Doutrinas son contrarias e cales conducen á Paz e, consecuentemente, en que ocasións, ata que punto e de que poden os homes, sen que se perda a confianza neles, falarlles ás Concentracións de xente, e quen examinará as Doutrinas de todos os libros antes de que sexan publicados. Porque as Accións dos homes proceden das súas Opinións, e no bo goberno das Opinións é onde se atopa o bo goberno das Accións dos homes, cara á súa Paz e Concordia. E aínda que en materia Doutrinal o único que se ten que coidar é a Verdade, non debe rexeitarse o regulamento desta pola Paz. Porque a Doutrina contraria á Paz non pode ser Verdadeira, como que haxa Paz e Concordia contrarias á Lei

da Natureza. É certo que nun Estado, onde por negligencia ou incapacidade de Gobernantes e Profesores, as Doutrinas falsas adoitan circular, as Verdades contrarias poden ser admitidas en xeral. Nin a máis súbita e ruda aparición dunha nova verdade, sexa esta a que fose, rachará endexamais a Paz senón que tan só despertará a Guerra. Porque aqueles homes gobernados de maneira tan remisa e que ousan tomar Armas para defender ou introducir unha Opinión están aínda en Guerra, e poñen como condición non a Paz senón un Cese das Hostilidades, por medo dos uns aos outros, viven como se decote se atopasen nos preludios da batalla. Xa que logo corresponde ao que ten o Poder Soberano, Xulgar ou constituír todos os Xuíces de Opinións e Doutrinas, como unha cousa precisa para a Paz, co obxecto de previr a Discordia e Guerra Civil.

Sétimo, vencéllase á Soberanía o enteiro poder de prescribir as Normas, polas que cada home dea sabido os Bens que pode gozar e as Accións que pode levar a cabo sen ser amolado por ningún dos seus concidadáns. E isto chámase *Propiedade*. Porque antes da constitución do Poder Soberano (como xa se ten demostrado) todos os homes tiñan dereito a todas as cousas, que necesariamente causaban a Guerra; e xa que logo a devandita Propiedade, sendo preciosa para a Paz, e dependendo dun Poder Soberano, é un Acto dese Poder con miras á paz pública. Estas Normas de Propiedade (ou *Meum e Tuum*) *Bo, Malo, Legal e Illegal* nas accións dos Súbditos son as Leis Cívís, ou sexa, as Leis de cada Estado en particular; aínda que o nome de Lei Civil estea agora restrinxida ás antigas Leis Cívís da Cidade de *Roma*, pois que ao ser a capital dunha grande parte do Mundo as súas Leis eran, nese tempo, nestas partes, a Lei Civil.

Oitavo, vencéllase á Soberanía o Dereito de Xudicatura, ou sexa, o de oír e decidir todas as Controversias, que poidan xurdir concernindo á Lei, Civil ou Natural, ou concernindo ao Feito. Porque sen a decisión da Controversia, non hai protección de ningún Súbdito contra das inxurias doutro e as Leis relativas



a *Meum* ou *Tuum* son en van e a cada home réstalle, a partir do apetito natural e preciso para a súa propia conservación, o dereito de protexerse pola súa forza privada, que é a condición de Guerra, contraria á fin pola que se instituíra cada Estado.

Noveno, vencéllase á Soberanía o Dereito de facer Guerra e Paz con outras Nacións e Estados, ou sexa, de Xulgar cando é polo ben común, e que número de forzas deben xuntarse, armarse e pagarse con tal fin; e recadar diñeiro para sufragar os gastos consecuentes. Porque o Poder polo que se defende a xente ten por base os seus Exércitos, e o vigor dun Exército na unión da súa forza baixo un Mando: Mando que compete á Institución Soberana, porque o mando da *Militia*, sen outra Institución fai Soberano a quen o retén. E xa que logo sexa quen fose o Xeneral dun Exército, aquel que ten o Poder Soberano é sempre Xeneralísimo.

Dez, vencéllase á Soberanía a escolla de todos os Conselleiros, Ministros, Maxistrados e Funcionarios, na Paz e na Guerra. Pois que ao ver que o Soberano se fai cargo desas Fins, que son a Paz e mais a Defensa común, enténdese que ten Poder para empregar os Medios que coide precisos para o desenvolvemento da súa misión.

Once, correspóndelle ao Soberano o Poder de Recompensar con riquezas e honores, tamén o de Castigar, con punicións corporais ou pecuniarias ou con ignominia a cada Súdito de acordo coa Lei que promulgase con anterioridade, e se non a promulgou aínda, segundo o que coide máis axeitado para alentar os homes ao servizo do Estado, ou para escarmentalos de facer cousas en mingua deste.

Finalmente, considerando os valores que os homes están en condición de cumprir, o respecto que observan os uns para os outros, e o pouco que valoran a outros homes, polo que decote xorden entre eles Emulación, Pelexas, Facción e, finalmente, Guerra, ata chegar a destruírse os uns aos outros e a mingua da súa forza contra dun Inimigo Común, é preciso que haxa Leis

de Honor, e unha valoración pública dos méritos dos homes que teñan servido ou sexan quen de servir axeitadamente ao Estado, e que haxa forza nunhas mans ou noutras para que estas Leis se dean executado. Mais xa se ten demostrado, que non soamente toda a *Militia* ou forzas do Estado, senón tamén a Xudicatura de todos os Preitos, aparece vencellada á Soberanía. Ao Soberano correspóndelle tamén outorgar títulos de Honor, e sinalar que Orde de lugar e dignidade deberá cada home ocupar; tamén que sinais de respecto, en encontros públicos ou privados, deberán darse reciprocamente.

Estes son os Dereitos que fan a Esencia da Soberanía, que veñen sendo as marcas polas que os homes poden discernir en que Home, ou Asemblea de homes, está e reside o Poder Soberano. Porque estes Dereitos son comunicábeis e inseparábeis. O Poder de cuñar Moeda, o de dispoñer do patrimonio e das persoas dos Infantes herdeiros, o de ter opción de compra nos Mercados, e todas as outras Prerrogativas Estatuarias poden ser transferidas polo Soberano, e aínda así ficar retido o Poder de protexer aos seus Súditos. Mais se o Soberano transfire a *Militia*, retén a Xudicatura en van, porque non dará executado as Leis. Ou se renuncia ao Poder de cuñar Moeda a Milicia serán en van, ou se desbota o goberno das Doutrinas os homes hanse rebelar contra do temor aos Espíritos. Igualmente se coidamos nalgún dos devanditos Dereitos, decatáremos de que o mantemento dos demais non producirá efecto na conservación da Paz e mais da Xustiza, a fin para o que se instituíran todos os Estados. Alúdese a esta división cando se di que *un Reino dividido de seu non pode manterse*. Porque se a división non se produce con anterioridade, a división entre Exércitos contrapostos non se poderá dar. Se non se recibise unha opinión maioritaria en *Inglaterra* de que se dividisen os Poderes entre o Rei e os Lores e a Cámara dos Comúns, o pobo nunca se dividiría provocando esta Guerra Civil; primeiro entre dos que non cadraron en Política, e logo entre os Disidentes na liberdade de Relixión;

instruíndo aos homes nesta cuestión do Dereito Soberano, de maneira que son poucos os que agora (en *Inglaterra*) non ven que estes Dereitos son inseparábeis, e así serán recoñecidos cando a Paz remate por vir; continuando así ata que se esquezan as súas mágoas, e nunca máis, a condición de que o vulgo sexa ensinado mellor do que o foi ata agora.

E pois que se trata de Dereitos esenciais e inseparábeis terá de seguirse necesariamente que, fosen cales fosen as palabras coas que calquera deles semella ser cedido, a cesión é nula se non hai unha renuncia directa ao Poder Soberano e o nome do Soberano non foi manifestado polos cedentes a quen o cede. Porque aínda que o Soberano teña cedido canto pode, se mantén a Soberanía todo fica restaurado. Vencellándose inseparablemente a ela.

Ao ser esta Autoridade superior Indivisible, e vencellada inseparablemente á Soberanía, ten pouca base a opinión daqueles que din dos Reis Soberanos que aínda sendo *singulis majores*, de meirande Poder que calquera dos seus Súbditos, resultan ao remate *Universis minores*, ou sexa, con menos poder que todos eles xuntos. Porque se por *todos xuntos* non se significa o corpo colectivo como unha soa persoa, daquela *todos xuntos* e *cada un vén* sendo o mesmo, e a expresión, un absurdo. Mais se por *todos xuntos* debe entenderse a estes como unha Persoa (aquela que representa o Soberano), daquela o poder de todos xuntos cadra co poder do Soberano, sendo de novo a expresión absurda. Un absurdo que todos ven abondo cando a Soberanía está nunha Asemblea popular, mais non o dan visto nun Monarca, e aínda así o poder da Soberanía é o mesmo sexa o lugar no que se sitúe.

E o mesmo que o Poder o Honor do Soberano ten de ser meirande que o de calquera ou de todos os seus Súbditos. Porque a Fonte do Honor está na Soberanía. As dignidades de Lord, Conde, Duque e Príncipe son criaturas súas. E da mesma maneira que en presenza do Señor os Servos son todos

o mesmo e carecen absolutamente de Honor, o mesmo acontecen cos Súbditos en presenza do Soberano. E aínda que brillen, uns máis, outros menos cando están fóra da súa vista, na súa presenza non brillan máis que as Estrelas diante do Sol.

Mais aquí calquera podería obxectar que a Condición de Súbdito é moi triste, expostos como están á luxuria e outras paixóns irregulares de quen ten ou teñen un Poder tan ilimitado nas súas mans. E os que viven baixo dun Monarca pensan que a culpa é da Monarquía, e os que viven baixo da goberno da Democracia ou outra Asemblea Soberana, atribúen toda a inconveniencia a esa maneira de Estado, sendo así que o Poder en todas as súas formas, se son perfectas abondo para protexelo, é o mesmo; sen coidar que a facenda do Home non pode existir sen atrancos dunha caste ou outra; e que o peor que so calquera forma de Goberno pode acontecerlle á xente en xeral non é practicamente nada en comparación coas desgrazas e arrepiantes calamidades que acompañan a unha Guerra Civil, ou á condición disoluta dos homes que carecen de xefes, sen subxección a Leis e a un poder coercitivo que lles ate as mans para evitar rapinas e vinganzas. Todo isto sen coidar que a meirande presión dos Gobernadores Soberanos procede non de ningún antollo ou proveito que poidan agardar do dano ou fraqueza dos seus Súbditos, xa que o seu vigor ten como base a súa forza e gloria, senón da inquedanza destes, quen reticentes a contribuír á súa propia defensa fan preciso que os seus Gobernantes tiren deles canto poidan en tempo de Paz, de maneira que teñan medios en calquera ocasión ou necesidade súbita para resistir ou tomar vantaxe dos seus Inimigos. Pois que todos os homes veñen provistos por natureza dunhas lentes de aumento ben rechamantes (as súas Paixóns e Amor Propio) a través das que todo pago pequeno semella unha mágoa grande; mais están privados dunhas lentes prospectivas (nomeadamente as Leis Morais e Cívís) para ver de lonxe as mágoas que pairan riba deles e que non se poden salvar sen facer semellantes investimentos.

## Capítulo XIX. Das varias clases de Estado por institución e da sucesión ao Poder Soberano

A diferenza dos Estados consiste na diferenza entre o Soberano ou a Persoa representativa de todos e cada un da Multitude. E pois que a Soberanía está quer nun Home, ou nunha Asemblea de máis dun, e dentro desa Asemblea ou ben Cada home ten dereito de participar ou non todos mais Certos homes distinguidos do resto; é manifesto que non pode haber senón Tres clases de Estado. Pois que o Representante non pode ser senón Un home ou Varios; e se son varios, daquela é a Asemblea de Todos ou tan só dunha Parte. Cando o Representante é Un home, entón o Estado é unha MONARQUÍA; mais cando se trata dunha Asemblea de Todos os que se vencellan, entón é unha DEMOCRACIA ou un Estado Popular; pero se é tan soamente unha Asemblea dunha Parte, recibe o nome de ARISTOCRACIA. Non pode haber outra clase de Estado, porque Un, ou Máis ou Todos deben ter o Poder Soberano (que xa teño demostrado ser indivisible) por enteiro.

Hai outros nomes de Goberno nos libros de Historia ou de Política; como *Tiranía* e *Oligarquía*. Pero non son os nomes doutras Formas de Goberno senón das mesmas Formas cando se lles mira mal. Porque quen están descontentos coa *Monarquía* din que é *Tiranía*; e aqueles descontentos coa *Aristocracia* din que é *Oligarquía*. Da mesma maneira os que están amolados coa *Democracia* botan nela o alcume de *Anarquía* (o que quere dicir falta de Goberno) e aínda así non penso que haxa homes que pensen que a falta de Goberno sexa unha nova maneira de Goberno; nin pola mesma razón deberán coidar que o Goberno é dunha clase cando lles presta, e doutra cando lles desgusta ou se senten oprimidos polos que Gobernan.

É nidio que os homes cando están en liberdade absoluta poden, se lles peta, dar Autoridade a Un individuo para que os represente a todos; igualmente outorgan semellante Autoridade

a unha Asemblea de homes, sexa esta cal for, podendo suxeitarse, xa que logo, se o coidan axeitado a un Monarca de maneira tan absoluta como o farían con calquera outro Representante. Desta maneira cando xa se erguese un Poder Soberano non pode haber outro Representante da mesma xente senón dirixido tan só a certas fins particulares limitadas polo Soberano. Daquela sería como se se creasen dous Soberanos e cada home dispuxese da súa persoa representada por dous Actores, de xeito que opoñéndose o un ao outro terminarían dividindo aquel Poder que (estando os homes en Paz) é indivisible, reducindo desta maneira a Multitude á condición de Guerra, contraria á fin pola que se instituíra toda Soberanía. Consecuentemente do mesmo xeito que é absurdo coidar que unha Asemblea Soberana que invita a Xente do seu Dominio a enviar Deputados con poder para facer saber os seus Consellos ou Desexos, debера contar con eses Deputados, mellor que con eles mesmos, como Representantes absolutos da xente, é igualmente absurdo coidar o mesmo dunha Monarquía. E non entendo como verdade tan manifesta é tan pouco observada nos últimos tempos; que nunha Monarquía aquel que tiña a Soberanía por dereito hereditario de 600 anos, sendo o único en ser chamado Soberano, e que reciba o título de Maxestade de cada un dos seus Súbditos quen o toman sen discusión polo seu Rei, non sexa así e todo considerado como o seu Representante, mentres que este título pasa sen obxección a representar os homes que á súa orde eran enviados coas Peticións da xente, e darlle a el (caso de que o consentise) os seus consellos. O que pode servir como admonición para que aqueles que son os Representantes verdadeiros e absolutos desta Xente instrúan os homes na natureza dese Mester, e que teñan en conta como admiten outra representación xeral nunha ocasión calquera se pensan responder á confianza que se teña pousado neles.

A diferenza entre estas tres clases de Estados non consiste na diferenza de Poder senón na de Conveniencia e Aptitude

para provocar a Paz e a Seguridade da xente, fin para a cal foron constituídas. E ao comparar a Monarquía coas outras dúas podemos observar; Primeiro, que quen represente a Persoa do pobo, ou é un dos elementos da Asemblea representativa, terma igualmente da súa Persoa natural. E por máis que poña moito coidado en que a súa Persoa política procure o interese común, poñerá máis aínda, ou non menos, en procurar o ben propio, o da súa familia, parentes e amigos, e na meirande parte, se o interese público fai por cruzarse co privado, optará por este; pois que as Paixóns dos homes adoitan ser máis poderosas que a Razón. Do que se infire que onde os intereses públicos e privados estean máis vencellados, o público chegue máis lonxe. Ora, nunha Monarquía o interese privado é o mesmo que o público. As riquezas, poder e honor dun Monarca xorden unicamente das riquezas, forza e reputación dos seus Súbditos. Pois que ningún Rei será rico, glorioso ou seguro se os seus Súbditos son pobres, desobedientes ou febles de máis por necesidade ou disentiemento para manter unha guerra contra dos seus inimigos. Mentres que nunha Democracia ou Aristocracia a prosperidade pública non contribúe tanto á fortuna privada do corrupto ou ambicioso canto, moitas veces, un consello ruín, unha acción traidora ou unha guerra Civil.

En segundo lugar, un Monarca recibe consello de quen, cando e onde lle pete e, consecuentemente, pode oír a opinión dos homes versados na materia verbo da cal delibera, calquera que sexa o seu rango e calidade, e coa antelación e discreción que desexe. Mais cando unha Asemblea Soberana ten necesidade de Consello, non se admitirá a quen non teña Dereito para iso desde o principio; na súa meirande parte aqueles que se teñen versado máis no achegamento da Riqueza que de Coñecemento; e van dar os seus consellos en proclamas longas, que poden —e adoitan facelo— empurrar aos homes á acción mellor que gobernalos nela. Porque o *Intelecto* nunca é alumeado, senón cegado, pola chama das Paixóns. Nin existe

lugar ou tempo no que unha Asemblea poida recibir Consello discretamente, por causa da súa propia Multitude.

Terceiro, que as Resolucións dun Monarca están suxeitas a non outra Inconstancia que a da Natureza Humana; mais nas Asembleas, ademais da provocada pola Natureza, xorde a Inconstancia causada polo Número. Porque a ausencia duns poucos, que fixeran continuar a resolución xa tomada (ben por seguridade, neglixencia ou impedimentos privados) ou a presenza dilixente duns poucos con opinión contraria, desfai a día de hoxe aquilo que se concluíra onte.

Cuarto, un Monarca non pode deixar de cadrar consigo mesmo, quer por envexa, quer por interese; mais unha Asemblea, si; chegando ao extremo de provocar unha Guerra Civil.

Quinto, que nunha Monarquía pode darse o inconveniente de que calquera Súbdito, polo poder dun home, para enriquecer a un favorito ou un adulator, pode ser privado de canto posúe; e isto —confeso— é un inconveniente grande e inevitable. Mais o mesmo pode tamén acontecer cando o Poder Soberano está nunha Asemblea. Pois que o seu poder é o mesmo, e están suxeitos a un Consello ruín e a ser seducidos por Oradores como lles acontece aos Monarcas cos Aduladores, e ao mudar uns en Aduladores dos outros serven mutuamente á súa Cobiza e Ambición. E mentres que os Favoritos dos Monarcas son poucos e non poden favorecer senón aos seus Parentes, os Favoritos dunha Asemblea son moitos, e os Parentes moito máis numerosos que os de calquera Monarca. Ademais non hai Favorito dun Monarca que non dean, igualmente, socorrido os seus amigos danando os seus inimigos, mais os Oradores, isto é, os Favoritos das Asembleas Soberanas, aínda tendo grande poder para prexudicar teñen pouco do que tirar vantaxe. Pois que acusar require menos Elocuencia (así é a Natureza humana) que escusar, e a condena semella máis xustiza que a absolución.

Sexto, que a Monarquía ten o inconveniente de que a Soberanía poida recaer nunha Crianza, ou de alguén incapaz



de discernir entre o Ben e o Mal, baseándose en que o emprego deste Poder estea na man doutro Home, ou dunha Asemblea de homes, que gobernarán polo seu dereito e no seu nome; como Curadores e Protectores da súa Persoa e Autoridade. Mais dicir que non é pertinente o poñer o emprego do Poder Soberano na man dun Home ou unha Asemblea de homes, é dicir que todo Goberno é máis Inconveniente que a Confusión e a Guerra Civil. E xa que logo todo o perigo que se pretenda debe vir da Contención daqueles que por un mester de tan alto honor e proveito poidan chegar a ser Competidores. Para que se vexa que este atranco non procede da forma de Goberno que chamamos Monarquía debemos coidar en que o Monarca precedente xa sinalara quen tería de exercer a Tutela do Infante Sucesor, ou ben expresamente por Testamento, ou tacitamente por non opoñerse ao costume que se adoita neste caso. E daquela semellante atranco (se acontece) terá de atribuírse non á Monarquía senón á Ambición e Inxustiza dos seus Súbditos, a mesma historia en todas as clases de Goberno onde a xente non está ben instruída nos seus Deberes e Dereitos de Soberanía. E se o Monarca precedente non ordenase a devandita Tutela, daquela será a Lei da Natureza a que abonde para gardar esta norma, a de que a Tutela corresponderá a quen por Natureza teña maior interese na preservación da Autoridade do Infante, e que menos proveito poida tirar da súa morte ou mingua. Pois que vendo como cada home procura, por natureza, o seu propio proveito e promoción, poñer a un Infante nas mans de quen poden medrar a través da destrución ou dano daquel, non é Tutela senón Traizón. De maneira que tomada provisión abondo contra toda querela xusta verbo do Goberno baixo unha minoría de idade, de provocarse algunha liorta que dea pé a alteracións da Paz pública esta non debe atribuírse ao xeito da Monarquía, senón á Ambición dos súbditos e ao seu descoñecemento do Deber. Por outra banda, non hai un Estado grande, coa Soberanía residindo nunha Asemblea igualmente grande, que non estea,

verbo das consultas relativas á Paz e a Guerra e á feitura de Leis na mesma condición que se o Goberno estivese nas mans dun Neno. Porque da mesma maneira que un Cativo carece de xuízo para disentir do consello que se lle dera, precisando xa que logo de tomar opinión de aquel ou aqueles ao que fora confiado, unha Asemblea precisa de liberdade para disentir do consello da maioría, sexa bo ou malo. E do mesmo xeito que un Cativo precisa dun Titor ou Protector, para preservar a súa Persoa e Autoridade, a Asemblea Soberana (nos Estados grandes), en todos os perigos e perturbacións graves, precisa dos *Custodes libertatis*; ou sexa, os Ditadores ou Protectores da súa Autoridade, que veñen sendo como Monarcas Temporais, a quen durante un tempo poden outorgar o enteiro exercicio do seu Poder, e cando este tempo remata adoitan ser privados del, máis a miúdo que os Reis Infantes polos seus Protectores, Rexentes ou calquera outra caste de Titores.

Aínda que as Clases de Soberanía non sexan, como teño demostrado, senón tres; isto é, Monarquía, onde é un só Home quen a ten, ou Democracia, onde o que a posúe é a Asemblea de Súbditos, ou Aristocracia, onde reside nunha Asemblea de certas persoas nomeadas ou distinguidas doutra maneira do resto, aínda así o que coide nos Estados que fosen ou son no mundo non reducirá doadamente aquelas a tres, sentíndose inclinado xa que logo a pensar que hai outras Formas, resultando de se mesturar todas elas. Por exemplo, os Reinos Electivos, onde os Reis dispoñen do poder nas súas mans por un tempo; ou ben Reinos nos que o Rei ten o poder limitado, gobernos que así e todo son chamados Monarquías pola meirande parte dos tratadistas. Do mesmo xeito se un Estado Popular ou Aristocrático somete a un País Inimigo e goberna nel a través dun Presidente, Procurador ou Maxistrado, isto pode semellar se cadra nunha primeira ollada un Goberno Democrático ou Aristocrático. Mais non é tal. Porque os Reis Electivos non son Soberanos senón Ministros do Soberano, nin os Reis Limitados, Soberanos,

senón Ministros dos que teñen o Poder Soberano. Nin aquelas Provincias, suxeitas a unha Democracia, Aristocracia ou outro Estado están gobernadas Democrática ou Aristocraticamente, mais Monarquicamente.

En primeiro lugar, no referente a un Rei Electivo, con poder limitado de por vida, como en moitos lugares da Cristiandade a día de hoxe, ou a certos Anos ou Meses, cal o poder dos ditadores entre os Romanos, se ten dereito a elixir o seu Sucesor daquela xa non será Electivo senón Hereditario. Mais se non ten Poder para elixir o seu Sucesor entón hai outro Home ou Asemblea que logo do seu deceso pode escoller a un novo, de non ser así o Estado fina, disolvéndose con el e volvendo á condición de Guerra. Se se coñece quen ten o poder para outorgar a Soberanía logo da morte daquel, sábese tamén que a Soberanía estaba nel antes; porque ninguén ten dereito para dar aquilo que non ten dereito de posuír, e gardalo caso de que o coide de proveito. Mais se non hai ninguén que poida outorgar a Soberanía, logo da morte daquel que fora elixido primeiro, quen dispoña de poder estará obrigado pola Lei da Natureza, a velar, nomeando un sucesor, evitando que aqueles que confiaran nel co Goberno teimen na ruín condición da Guerra Civil. E xa que logo era, cando fora elixido, un Soberano absoluto.

En segundo lugar, ese Rei con poder limitado non é superior a aquel ou aqueles que dispoñen de poder para limitalo; e quen é superior non é supremo, ou sexa, non é Soberano. A Soberanía, xa que logo, estivo sempre na Asemblea que tiña Dereito de Limitalo, e consecuentemente o goberno non era Monarquía senón Democracia ou Aristocracia, como no vello tempo en *Esparta*, onde os Reis tiñan o privilexio de conducir os seus Exércitos, mais a Soberanía estaba nos Éforos.

En terceiro lugar, por máis que os Romanos gobernasen a terra de *Xudea* (por exemplo) cun Presidente, *Xudea* non era unha Democracia porque non a gobernaba ningunha Asemblea na que tivese o dereito de participar ningún dos seus mora-

dores; tampouco era unha Aristocracia porque non estaban gobernados por ningunha Asemblea na que calquera puidese participar pola súa Escolla senón que os gobernaba unha Persoa que aínda que para a o pobo de *Roma* fose unha Asemblea de xente ou Democracia para a de *Xudea*, quen non tiñan dereito de participar no goberno, era un Monarca. Porque aínda que a xente estivese gobernada por unha Asemblea, escollida por eles de entre eles mesmos, o goberno recibe o nome de Democracia ou Aristocracia, mais ao ser gobernadas por unha Asemblea que non é da súa propia escolla, trátase dunha Monarquía; non *Dun* home sobre outro home senón dun pobo sobre outro pobo.

De todas estas Formas de Goberno, por ser a materia mortal, de maneira que non soamente os Monarcas senón que Asembleas enteiras finan, é preciso para a conservación da paz dos homes que igual que se tomasen medidas para un Home Artificial existan outras para unha Eternidade Artificial de vida; sen a cal os homes que son gobernados por unha Asemblea volverían á condición Bélica en cada idade, sendo gobernados por Un home axiña que o seu Gobernador morra. Esta Eternidade Artificial é o que os homes chaman o Dereito de *Sucesión*.

Non hai forma perfecta de Goberno onde a disposición de Sucesión non estea no Soberano actual. Pois que se se atopa noutro home particular ou nunha Asemblea privada, recae na persoa dun súbdito e pode asumilo polo Soberano cando lle pete. E se non está nunha persoa particular, mais se deixa a unha nova escolla, daquela o Estado disólvese, contrariamente á intención dos que Instituíran o Estado, pola súa seguridade perpetua e non temporal.

Nunha Democracia a Asemblea enteira non pode fallar, a menos de que falle a Multitude que debe ser gobernada. E xa que logo as cuestións verbo do dereito de Sucesión non teñen lugar en absoluto nesta forma de Goberno.

Nunha Aristocracia unha Asemblea enteira non pode trabucarse a menos de que o faga a Multitude que debe gobernarse.

E xa que logo as cuestións relativas ao dereito de Sucesión de ningunha maneira teñen lugar nesa maneira de Goberno.

Nunha Asemblea cando algún dos seus membros morre a escolla doutro no seu posto corresponde á Asemblea, na condición de Soberano responsable da elección de todos os Conselleiros e Funcionarios. Pois que aquilo que o Representante fai, como Actor, faino igualmente cada un dos Súbditos, como Autor. E aínda que a Asemblea Soberana pode dar Poder a outros para elixir novos membros como orzamento da súa Corte, esa elección faise pola súa Autoridade, e pola mesma razón pode ser revogada (cando o interese público así o requira).

A meirande dificultade verbo do dereito de Sucesión está na Monarquía; e a dificultade xorde do feito de que, nunha primeira ollada, non se manifesta quen debe designar o sucesor, nin moitas veces a persoa á que se ten designado. Porque en ambos casos é preciso un raciocinio máis exacto que aquel que os homes adoitan empregar. Verbo da cuestión de quen nomeará o Sucesor dun Monarca que teña a Autoridade Soberana, isto é quen determinará o dereito de Herdanza (xa que os Reis e os Príncipes Electivos non teñen o Poder Soberano en propiedade, senón tan soamente en usufruto), debemos coidar en se o que está en posesión é o que ten dereito a dispoñer da Sucesión, ou se ese dereito volve de novo á Multitude disolvida. Pois que a morte do que ten o poder Soberano en propiedade deixa á Multitude sen Soberanía en absoluto, ou sexa, sen ningún Representante ao que poder vencellarse e ser quen de levar adiante acción algunha. E xa que logo non dan Elixido ningún Monarca novo, de maneira que todos os homes teñen o mesmo dereito de someterse a quen coiden que poderá protexelos mellor, ou se tal botar man da súa propia espada para protexerse; o que non deixa de ser un retorno á Confusión e á condición dunha Guerra de todos contra todos, contraria á fin para a que a Monarquía foi por primeira vez Instituída. Xa que logo fica nidio que pola Institución da Monarquía a disposición do Sucesor queda sempre ao Criterio e Vontade do Posuidor presente.

E verbo da cuestión (que pode xurdir ás veces) de quen é aquel ao que o Monarca en posesión designaría para a sucesión e herdanza do seu poder, isto vén determinado polas súas Palabras expresas e Testamento, ou por outros sinais tácitos que abonden.

A través de Palabras expresas, ou Testamento, cando se declara por el mentres vivía, *viva voce*, ou por medio da Escrita; cal os primeiros Emperadores de *Roma* declararon quen serían os seus Herdeiros. Porque a palabra Herdeiro non implica de seu os Fillos ou Parentes máis próximos dun home senón aquel, quen polo procedemento que sexa, veña nomeado por unha persoa como sucesora súa no Cargo que ocupa. Acontecendo, xa que logo, que se un Monarca declara expresamente que tal home será o seu Herdeiro, quer por Palabra ou Escrita, daquela ese home será Investido no dereito de ser Monarca acto continuo da morte do seu Predecesor.

Mais onde non haxa Testamento nin Palabras cumprirá seguir outros sinais naturais da Vontade; un deles o Costume. Exa que logo onde o Costume é que o máis próximo dos Parentes sexa o sucesor absoluto, este será igualmente quen teña dereito á Sucesión, pois que se a vontade do que estaba en posesión fose outra declararíase o mesmo en vida. E da mesma maneira onde o Costume sexa que o sucesor sexa o máis próximo dos Parentes Varóns o dereito a suceder corresponderá, pola mesma razón, ao máis próximo dos Parentes Varóns. E igual acontecería se o Costume fose antepoñer unha Femia. Porque cando un home pode rexeitar un Costume cunha palabra, e non o fai, é sinal natural de que o Costume debe ficar.

Mais cando non houbese Costume nin Testamento previo debe entenderse en primeiro lugar que o desexo do Monarca é que o goberno siga a ser Monárquico, porque el ratificou o goberno de seu. En segundo lugar, que un Fillo propio, Varón ou Femia será preferido a outro, pois que se coida que os homes, por natureza, antepoñen os seus fillos aos dos outros,

e entre eles optan polo Varón antes que pola Femia, porque os homes están máis preparados que as mulleres para as accións que impliquen esforzo e risco. En terceiro lugar, se falla a súa propia stirpe directa terá preferencia antes un Irmán que un estraño, e aínda así o máis veciño en sangue que o máis remoto porque se presume que o parente máis próximo é tamén o máis próximo en afecto, sendo evidente que os homes reciben, se ben se pensa, os meirandes honores da grandeza dos seus parentes máis próximos.

Mais sendo acorde á lei que un Monarca dispoña da Sucesión por palabras dun Contrato ou Testamento, os homes poderían se cadra obxectar un grande inconveniente: pois que aquel pode vender ou ceder o seu Dereito de gobernar a un estranxeiro; o cal, pois que os estranxeiros (ou sexa, homes non afeitados a vivir baixo do mesmo goberno, nin falar a mesma lingua) adoitan infravalorar os uns aos outros, poden mudar en opresores dos seus Súbditos o que é sen dúbida un grande inconveniente; mais non procede necesariamente da suxeición a un goberno estranxeiro senón á incapacidade dos Gobernantes, descoñecedores das verdadeiras normas da Política. E xa que logo os Romanos cando xa someteran moitas Nacións, para facer máis doado o seu Goberno, obrigáronse a afastar ese peso, tanto como o coidaron preciso, dando ás Nacións enteiras e ás veces aos homes Principais de cada Nación que conquistaran non soamente os Privilexios mais tamén o Nome de Romanos, e levaron a moitos ao Senado e a Postos de responsabilidade, mesmo na Cidade de Roma. E foi o noso Rei máis sabido, o Rei *Xacobe*, quen apuntara a este obxectivo favorecendo a Unión dos seus dous Dominios de Inglaterra e Escocia. O que se o acadase, tería moi probablemente evitado as guerras Cívís, que fan que estes dous Reinos se atopen actualmente nunha condición ruín. Xa que logo non supón dano para a xente que un Monarca dispoña da Sucesión por Vontade propia; aínda que os erros de moitos Príncipes fosen coidados ás veces como un inconve-

niente. Da súa lexitimidade xorde tamén o argumento de que calquera inconveniencia que poida chegar ao outorgar un Reino a un estranxeiro podería acontecer igualmente no matrimonio con estranxeiros, xa que o Dereito de Sucesión recaería se callar neles; e aínda así todos coidan lexítimo isto.

## **Capítulo XX. Do dominio paternal e do despótico**

Un *Estado por Adquisición* é aquel onde se consegue o Poder Soberano pola Forza. Conséguese pola forza, cando os homes, individualmente ou vencellados por pluralidade de voces, medo á morte ou á submisión, autorizan todas as accións do Home ou Asemblea que teñen as súas vidas e liberdade no seu Poder.

E esta caste de Dominio ou Soberanía difire da Soberanía por Institución soamente nisto, que os homes que escolleron a súa Soberanía actúan de tal xeito por medo uns dos outros e non daquel a quen Instituíron. Mais neste caso suxéitanse a aquel a quen temen. En ambos casos actúan por medo. Do que se teñen que decatar, quen coidan nulos os Pactos que proceden do medo á morte ou da violencia, é que de ser verdadeiros ningún home, en ningunha clase de Estado, estaría obrigado a Cumprilos. É certo que nun Estado, unha vez que se institúen ou acadan Promesas procedentes do medo á morte ou da violencia, estas non son Pactos nin obrigan cando o prometido é contrario ás Leis. Mais a razón non é porque fosen feitas baixo do medo, senón porque o que fixo a promesa non tiña dereitos sobre o prometido. Igualmente cando pode actuar legalmente e non o fai non é a Non Validez do Pacto a que o absolve senón a Sentenza do Soberano. Noutras palabras, o que un home promete legalmente incúmpreo ilegalmente. Mais cando o Soberano, que é o Actor, o absolve, daquela é absolto tanto por aquel que lle arrincou a promesa como polo Autor de semellante absolución.

Mais os Dereitos e as Consecuencias da Soberanía son os mesmos en ambos os casos. O seu Poder non pode, sen o



seu consentimento, ser Transferido a outro: non pode allealo nin ser Acusado por ningún dos seus Súbditos de Prexuízo; non pode ser Castigado por eles; é Xuíz do que coide preciso para a Paz e Xuíz tamén de Doutrinas; é Lexislador Senlleiro e Xuíz Supremo de Controversias, e das Veces e Ocasións de Guerra e Paz; é a el a quen corresponde escoller Maxistrados, Conselleiros, Xefes, e todos os demais Funcionarios e Ministros e determinar Recompensas, Punicións, Honores e Prelacións. As razóns para que isto aconteza son as mesmas que se alegaron no Capítulo precedente para os mesmos Dereitos e Consecuencias da Soberanía por Institución.

O Dominio acadase de dúas maneiras; por Xeración e por Conquista. O dereito de Dominio por Xeración é aquel que os pais teñen sobre os seus fillos; chámase PATERNAL. E non se deriva tanto da Xeración, como se o Dominio dos pais sobre os fillos fose porque el os xerese, senón a partir do Consentimento Filial, quer expresado, quer declarado por outros argumentos que abundasen. Pois que consonte á Xeración Deus ordenou que o home contase cunha colaboradora, de maneira que hai dous que son pais de igual maneira, de xeito que o Dominio sobre o Cativo tería de pertencer de idéntica maneira a ambos, estando aquel suxeito igualmente aos dous, o que semella imposible porque ningún home pode obedecer a dous Años. E mentres que algúns atribúen o Dominio ao home soamente, por pertencer ao Sexo sobranceiro, aí si que se trabucan. Porque non sempre a diferenza de forza ou prudencia entre home e muller son de tal maneira que o dereito poida determinarse en Guerra. Nos Estados esta controversia decídese pola Lei Civil, e a meirande parte das veces (pero non sempre) a sentenza favorece o Pai; porque os Estados son creados case sempre por estes, e non polas Nais das familias. Mais a cuestión fica agora na condición da Natureza tal cal, onde non hai leis Matrimoniais nin leis para a Educación dos Fillos, senón que rexe a Lei da Natureza, e a inclinación natural dos Sexos, un

cara ao outro e aos seus fillos. Nesta condición da Natureza tal cal ou ben os Pais acordan entre eles dispoñer de dominio sobre o Cativo por Contrato ou prescinden dese dominio en absoluto. Se dispoñen del mantense segundo o contrato. Na historia atopamos que as *Amazonas* acordaron cos homes dos países veciños, aos que recorreran para ter descendencia, que os descendentes Masculinos lles serían devoltos, mentres que os Femininos ficarían con elas, de maneira que o Dominio das Femias estaba na Nai.

Se non hai Contrato, o Dominio está na Nai. Pois que na condición da Natureza simple, onde non hai leis Matrimoniais, non se pode saber quen é o Pai, a non ser que veña declarado pola Nai, e xa que logo o dereito de Dominio sobre o Fillo depende da súa vontade, sendo consecuentemente dela. Igualmente ao ver que o Infante está primeiro en poder da Nai, de maneira que o poida manter ou abandonar, se escolle mantelo deberá a súa vida á Nai, estando xa que logo obrigado a obedecela, antes que a ningún outro, tendo isto como consecuencia que o seu Dominio corresponderá a ela. Mais se o abandona, e é outro quen o atopa e mantén, o Dominio pertence a quen fai isto. Porque se lle debe obediencia a quen te salva, porque a fin é a conservación da vida, segundo a cal un home fica suxeito a outro. Todos os homes deben prometer obediencia a quen ten o poder de salvalos ou destruílos.

Se a Nai vén sometida ao Pai, o Fillo está en poder deste; mais se o Pai está suxeito á Nai (como cando unha Raíña Nai casa cun dos seus súbditos), o Fillo vén suxeito á Nai, porque o Pai está tamén suxeito a ela.

Se un home e unha muller, Monarcas de países diferentes, teñen un Fillo, e hai un contrato relativo a quen terá o Dominio deste, o Dereito de Dominio vén dado polo Contrato. Se non hai contrato o Dominio virá dado polo Dominio do lugar de residencia. Pois que o Soberano de cada País é o que exerce Dominio sobre todos aqueles que residan nel.

O que teña Dominio sobre o Fillo terá Dominio tamén sobre os Fillos do Fillo, e sobre os Fillos dos Fillos. Pois que o que teña Dominio sobre unha persoa terá Dominio tamén sobre todo o que é seu; sen o cal o Dominio sería tan soamente un Título sen efecto.

O Dereito de Sucesión aos Dominios Paternos procede da mesma maneira cal o fai o Dereito de Sucesión á Monarquía; sobre do que xa teño falado abondo no capítulo precedente.

O Dominio acadado por Conquista ou Vitoria na Guerra é o que os Tratadistas chaman DESPÓTICO, de Δεσπότης, que significa *Señor ou Amo*; e vén sendo o Dominio do Amo sobre o Servo. E este Dominio outórgase ao Vencedor, cando o Vencido, para fuxir do golpe mortal, pacta ou con palabras expresas, ou a través de signos de Vontade que abonden, que mentres se lles garantan a vida e mais a liberdade, o Vencedor poderá facer uso daquel ao seu pracer. E logo de que se asine ese Contrato o Vencido pasa ser SERVO, e non antes; porque por *Servo* (xa se derive de *Servire*, Servir, ou *Servare*, Salvar, que iso llo deixo aos Gramáticos para que o discutan) non se entende o Cativo, fechado en prisión ou atado, ata que o propietario de quen o tomou, ou mercou de alguén que o tiña decida que facer con el (pois que semellantes homes, comunmente chamados Escravos, non teñen obriga ningunha, senón que poden rachar as súas ataduras, ou a súa prisión, e —en xustiza— matar ou levar cativo ao seu Amo), senón aquel que ao ser collido tiña liberdade corporal, de maneira que so promesa de non liscar, nin de facerlle violencia ao Amo, goza da confianza deste.

Non é, xa que logo, a Vitoria a que outorga o dereito de Dominio sobre o Vencido, senón o propio Pacto. Nin é que este se sinta obrigado porque o Conquistasen; ou sexa, porque o batesen, tomasen ou puxesen en fuga; senón porque comparece someténdose ao Vencedor. Nin está obrigado o Vencedor, pola rendición dos seus inimigos (sen promesa de vida), a respectalos porque se rendesen a discreción, o que non obriga o Vencedor alén do que o seu propio criterio coide axeitado.

E iso que os homes fan, cando demandan (cal se lle chama agora) *Cuartel* (o que os Gregos coñecían como Ζωγρία, *coller con vida*), é subtraerse da carraxe presente do Vencedor por Submisión, e amañar a súa vida con Rescate ou Servidume, e xa que logo o que atope Cuartel non entregará a vida, senón que a adiará ata unha deliberación posterior, pois non se rendera a condición de que se lle respectase a vida mais a discreción. E soamente terá vida segura e a servidume cumprida cando o Vencedor teña confiado nel outorgándolle a liberdade corporal. Porque os Escravos que traballan en Prisións ou Cadeas non o fan por obriga senón para evitar a crueldade dos seus gardiáns.

Resumindo: os Dereitos e Consecuencias dos Dominios *Paternalis* e *Despóticos* son os mesmiños que aqueles cando hai Soberanía por Institución, e polas mesmas razóns que aparecían no capítulo precedente. Se un monarca reina en varias nacións, e nunha delas ten a Soberanía por Institución da xente asembleísta, e noutra por Conquista, ou sexa, por submisión de cada particular, para evitar morte e ataduras, demandar dunha Nación máis que doutra, polo título de Conquista, por tratarse dunha Nación Conquistada, é un acto de ignorancia dos Dereitos de Soberanía. Porque a Soberanía ou é absoluta en ambos casos ou non hai Soberanía de ningunha maneira, de maneira que cada home deberá protexerse Legalmente, se pode, coa súa propia espada, que isto é a condición bélica.

Tal semella que unha Familia grande, se non forma parte dalgún Estado, é de seu, no referido aos Dereitos de Soberanía, unha Monarquía pequena; xa conste esa Familia dun home e os seus fillos, ou dun home e os seus criados, ou dun home, os seus fillos e mais os seus criados; sendo o Pai ou Amo o Soberano. Mais aínda así unha Familia non é, en puridade, un Estado; a menos que teña ese poder polo seu propio número ou por outras oportunidades, cal a de non ser sometida sen os azares da guerra. Porque cando un número de homes é manifestamente feble de máis como para defenderse na unión, cada un deberá empre-

gar a súa propia razón en tempo de perigo para salvar a vida, quer liscando ou someténdose ao inimigo; como máis lle preste. Do mesmo xeito que unha compañía moi pequena de soldados pode depoñer as armas e pregar cuartel ou fuxir antes de que a pasen pola espada. E todo isto deberá abondar, relativo ao que atopo por especulación e dedución dos Dereitos Soberanos da natureza, necesidades e designios dos homes ao erguer Estados e poñerse baixo Monarcas e Asembleas, aos que se lles confía poder abondo para a protección daqueles.

Coidemos agora no que as Escrituras ensinan verbo disto. Así dixeran a *Moisés* os fillos de *Israel*: *Fálanos que te escoitaremos mais que Deus non nos fale pois, se tal, morreremos.* Isto quere dicir obediencia absoluta a Moisés. Verbo do Dereito dos Reis o propio Deus dixo pola boca de *Samuel*: *Este será o Dereito do Rei que sobre vós terá de reinar. Tomará os vosos fillos e fará que guén os seus Carros, e serán os seus xinetes e correrán diante dos seus carros, e collerán a súa colleita, e artellarán os seus trebellos de Guerra e os enguedellos dos seus carros, e tomarán as vosas fillas para que destilen os seus perfumes e sexan as súas Cociñeiras e Forneiras. Apoderarase dos vosos campos, viñas e oliveirais para darllos a seus criados. Tomará as primicias do voso grao e o voso viño para darllos os seus camareiros e os outros servos. Collerá os vosos criados e criadas e o máis notable da vosa mocidade para empregalos nos seus choios. Tomará as primicias dos vosos rabaños e seredes os seus servos.* Isto é poder absoluto, resumido nas palabras derradeiras, *seredes os seus servos.* E cando a xente escoitou o poder que o Rei ía ter, cadraron e faláron así: *Seremos como todas as demais nacións, e o noso Rei xulgará as nosas causas, e irá diante nosa para dirixir as nosas guerras.* Confírmase aquí o Dereito que os Soberanos teñen na *Milicia* e en toda a *Xudicatura*; en que se contén tanto poder absoluto como un home poida transferir a outro. Doutra banda, o prego do Rei *Salomón* a Deus era este: *Dálle ao teu servo entendemento, para xulgar a túa xente e discernir entre o Ben e o Mal.* Corresponde,

xa que logo, ao Soberano ser Xuíz e prescribir as Normas que discirnen entre o *Ben* e o *Mal* e decidir que Normas teñen de ser Leis; razón polas que nel se atopa o Poder Lexislativo. *Saúl* puxo prezo á vida de *David*, mais cando estaba na man deste acabar con *Saúl*, e os seus Servos poderían facelo, *David* vetou-llo, dicindo: *Deus non consente semellante acto contra o meu Señor, o unxido de Deus*. Verbo da obediencia dos servos San Paulo di: *Servos, obedecede os vossos amos en Todas as cousas, e, Rapaces, obedecede os vossos Pais en Todas as cousas*. Hai obediencia sinxela en todos aqueles que están suxeitos a Dominio Paternal ou Despótico. De novo: *Os Escribas e os Fariseos sentan na cadeira de Moisés e xa que logo Todo o que vos pediron observar, observádeo e facédeo*. Unha vez máis trátase de obediencia sinxela. E San Pablo: *Advértelles que se suxeiten aos Príncipes, e a aqueles que teñen Autoridade e que lles obedezan*. Esta obediencia é tamén sinxela. Finalmente, o noso Salvador recoñece que os homes deberán pagar os impostos que lles impoñan os Reis, cando di, *Dádelle ao César o que é do Cesar*, pagando impostos el mesmo. Porque el mesmo, como Rei dos Xudeus, mandou aos seus Discípulos a burra e o seu burriño para levalo a Xerusalén, dicindo: *Ide á vila que está diante vosa, e atoparedes unha burra atada e o seu burriño con ela, desatádeos e traédeos onde min. E se algún pregunta que por que facedes iso, dicídelle que os precisa o Señor: daquela deixarán que marchen*. Non preguntarán se con esa necesidade abonda, nin se el é xuíz desa necesidade, senón que acatarán a vontade do Señor.

A estas citas pódesele engadir tamén a do *Xénese*: *Serás como Deus, quen coñece o Ben e mais o Mal*. E no versículo 11. *Quen vos dixo que estabades espidos? Comestes da árbore da que se vos pediu que non comédeses?* Porque o Coñecemento de Xulgar entre do *Ben* e do *Mal* viña prohibido polo nome da froita da árbore do Coñecemento como proba da obediencia de *Adán*. O Demo para inzar a Ambición da muller, a quen xa lle semellara fermosa esa froita, díxolle que ao catala serían

como Deus, quen coñece o *Ben e mais o Mal*. De aí que logo de comela pretendesen adoptar o mester divino, de xulgar entre o Ben e o Mal, pero non colleron ningunha habelencia nova para distinguir entre ambos. Mais ninguén ten interpretado a cita, que di que foi logo de comer cando se decataron de que estaban espidos, como se estivesen cegos e non fosen capaces de ver diante súa. O significado é nidio; que foi daquela a primeira vez na que se decataron de que o feito de estar espidos (tal como Deus os creara) non tiña xeito; e ao avergoñarse censuraron tacitamente o mesmo Deus. Dedúcese disto que cando Deus dixera, *Comestes da árbore...*, era como dicindo, aqueles que me debedes obediencia ousaredes xulgar os meus Mandamentos? Do que se infire, clara aínda que Alegoricamente, que os Mandamentos dos que teñen dereito de mandar non poden ser censurados nin discutidos polos seus Súbditos.

Do que semella nidio, segundo eu entendo, tanto desde a Razón como das Escrituras, que o Poder Soberano, xa se sitúe Nun Home, como nas Monarquías, ou nunha Asemblea deles, cal ocorre nos Estados Populares e Aristocráticos, é tan grande como os homes sexan quen de facelo. E aínda que dun Poder tan ilimitado os homes podan imaxinar moitas consecuencias arrepiantes, son moito peores as consecuencias da súa inexistencia, como é a guerra perpetua de cadaquén contra do seu veciño. A condición do home nesta vida nunca carecerá de Inconvenientes, mais nunca acontecerá en Estado ningún outro Inconveniente que o que proceda da desobediencia dos Súbditos, e a ruptura daqueles Pactos nos que se atopa o ser do Estado. E quen queira que cuidando grande de máis o Poder Soberano tente mingualo deberá suxeitarse ao Poder que poida limitalo; ou sexa, a un que sexa maior aínda.

A maior obxección vén dada pola Práctica: cando os homes preguntan onde e cando tal Poder foi recoñecido polos Súbditos. Mais un podería preguntarlles cando e onde estivo ceibe moito tempo un Reino de Sedición e de Guerra Civil. Naquelas

Nacións con Estados de longa vida e que non foron destruídos senón por guerras con estranxeiros, os Súbditos nunca disputan polo Poder Soberano. Pero sexa como fose un argumento para a Práctica dos homes que non chegasen ao fondo e pesado con razón exacta as causas e natureza dos Estados, sufrindo decotío xa que logo as miserias que proceden da ignorancia, non serve. Porque aínda que en todos os lugares do mundo os homes fundamentasen as súas casas na area, diso non deberá inferirse que así ten que ser. A habelencia de facer e manter Estados consiste en certas Regras, como a Aritmética e a Xeometría; non (como o Tenis) soamente na Práctica; estas Regras nin os homes pobres teñen vagar para elas, nin quen teñen lecer abondo tiveron curiosidade ou método para atopalas.

## **Capítulo XXI. Da liberdade dos súbditos**

LIBERDADE significa (en puridade) a ausencia de Oposición; (por Oposición quero dicir Atrancos para o movemento;) e pode aplicarse non tanto a criaturas Irracionais e Inanimadas coma ás Racionais. Porque quen queira que estea tan atado ou arrodado, como para non se poder mover, pero dentro dun certo espazo, espazo determinado pola oposición dalgún corpo externo, dicimos que non ten Liberdade para ir máis lonxe. E o mesmo referido ás criaturas, mentres estean presos ou refreados, con muros ou cadeas; e da auga mentres que estea contida por diques ou canais que doutra maneira habería de espallarse nun espazo meirande, delas adoitamos dicir que non están en Liberdade de moverse de tal maneira como farían sen estes atrancos externos. Mais cando o impedimento de moverse estea na constitución da propia cousa, non adoitamos dicir que desexa a Liberdade, mais o Poder de bulir, como cando unha pedra fica inmóbil, ou un home está suxeito á súa cama pola enfermidade.

E consonte a este axeitado, e xeralmente ben acollido, significado da palabra, UN HOME CEIBE é aquel que non se



reprime en facer o que lle peta nesas cousas nas que ten forza e habelencia para levalas adiante. Mais cando as palabras *Ceibe* e *Liberdade* se aplican a calquera outra cousa que non sexan *Corpos* o seu emprego resulta abusivo, pois que quen non está suxeito a Movemento tampouco o está a Impedimento. E xa que logo cando se fala (por exemplo) de que o camiño está franco, non se refire a que este estea ceibe, senón para aqueles que o fan sen impedimento. E cando dicimos que un Agasallo é ceibe, non nos referimos a que este o sexa, senón o Donante, que non está condicionado por Lei ou Contrato para outorgalo. Da mesma maneira cando *falamos libremente*, non se trata da liberdade de voz ou pronunciación, senón a do home a quen ningunha lei ten obrigado a falar doutra maneira a como o fixo. Finalmente, do emprego do termo *Libre Albedrío*, non se pode inferir liberdade de vontade, desexo ou inclinación, mais a liberdade do home, que consiste en que non atope atranco en facer o que lle pete ou desexe ou se incline en levar adiante.

O Medo e a Liberdade son coherentes; por exemplo, cando un home chimpa no mar as súas mercadorías por medo a que o barco afunda, non é o que lle apeteza moito, e pode rexeitalo se lle peta. É, xa que logo, a acción de alguén ceibe; da mesma maneira cando un home paga ás veces as súas débedas soamente por *medo* ao Cárcere, e porque ninguén é quen de impedilo se trata da acción dun home en *liberdade*. E en xeral todas as accións que os homes fan nos Estados por *medo* son actos que os seus axentes terían liberdade de omitir.

*Liberdade e Necesidade* son Consistentes. Como na auga, que non soamente ten *liberdade*, senón *necesidade* de baixar polo Canal, así nas Accións que os homes fan voluntariamente; que (pois que proceden da súa vontade) veñen tamén da liberdade; e tamén porque cada acto da vontade do home, e cada desexo e inclinación, procede dalgunha causa, e esta doutra, producida á súa vez nunha cadea continua (cun primeiro anel na man de Deus, a primeira de todas as causas) que vén da necesidade.

Así que para aquel que dea visto a conexión destas causas, o que se manifesta é a *necesidade* das accións voluntarias de todos os homes. E xa que logo Deus, que ve e dispón todas as cousas, igualmente ve que a *liberdade* do home en facer o que lle pete virá acompañada da *necesidade* de facer o que lle pete a Deus; nin máis nin menos. Porque aínda que os homes poidan facer moitas cousas que Deus nin manda nin —xa que logo— é Autor delas, non poden ter paixón nin apetito de ningunha clase que non teña como causa a vontade divina. E de non asegurar a súa vontade á vontade do home, e consecuentemente de todo o que depende desta, a *liberdade* humana sería unha contradición e atranco diante da omnipotencia e *liberdade* de Deus. E isto abundará (ao noso propósito) verbo desa *liberdade* natural, que é o que se chama propiamente *liberdade*.

Mais da mesma maneira que os homes, para acadar a paz, e a súa propia conversación xa que logo, teñen feito un Home Artificial ao que chamamos Estado; igualmente elaboraron Cadeas Artificiais, chamadas *Leis Cívís*, as cales, por contratos mutuos, fixaron fortemente nun cabo, aos beizos do Home, ou Asemblea, aos que deron o Poder Soberano, poñendo o outro cabo nas súas Orellas. Estes Vencellos febles na súa propia natureza, poden ser mantidos polo perigo, mais non pola dificultade de rompelos.

Soamente en relación con estes Vencellos hei falar agora da *Liberdade dos Súditos*. Porque ao ver que non existe un Estado no mundo, no que haxa dispostas Regras abondo para regular todas as accións e palabras do home (sendo como é choio imposible); séguese necesariamente que estando toda caste de accións permitidas polas leis, os homes teñen a liberdade de facer o que lles suxiran as súas propias razóns como máis proveitosas para eles. Pois que se tomamos a Liberdade no seu senso exacto, como Liberdade corporal; ou sexa, liberdade para cadeas e prisión, sería moi absurdo que os homes chamasen, tal como fan, pola Liberdade que tan manifestamente gozan.

Aínda máis, se tomamos a Liberdade como unha exención das Leis, non é menos absurdo que os homes demanden, como fan, esa liberdade pola que outros homes poden ser os amos das súas vidas. E aínda sendo tan absurdo isto é o que demandan; sen saber que as Leis non implican poder para protexelos, sen unha Espada nas mans dun home ou homes que fagan que se executen esas leis. A Liberdade dun Súbdito atópase soamente naquelas cousas que, ao regular as súas accións, o Soberano teña consentido. E así é a Liberdade de mercar, vender ou contratar os uns cos outros: escoller residencia, dieta, maneira de vida e de instruír os seus fillos tal como consideren máis conveniente, etc.

Non obstante, non debemos coidar que por tal Liberdade, o Poder Soberano da vida e morte sexa abolido ou limitado. Porque xa se ten demostrado que nada que o Soberano Representativo poida facer a un Súbdito, co motivo que sexa, pode chamarse propiamente Inxustiza ou Inxuria; porque cada Súbdito é Autor de cada acto que o Soberano faga; de maneira que nunca ansé Dereito a ningunha cousa pois que sendo como é súbdito de Deus vén obrigado a observar as leis da Natureza. Xa que logo pode acontecer, e ás veces acontece nos Estados, que un Súbdito sexa condenado a morte por orde dun Poder Soberano, por máis que non teña feito nada malo. Como cando *Xefte* fixo que a súa filla fose sacrificada; neste e en casos semellantes o que morre desta maneira tiña Liberdade para facer a acción, pola que aínda así e sen Inxuria foi levado á morte. E o mesmo acontece cun Príncipe Soberano que leva á morte a un Súbdito Inocente. Porque aínda que a acción vaia contra da lei da Natureza, como contraria á Equidade (así o asasinato de *Urías* por *David*) non chegou ser unha Inxuria a *Urías* senón a Deus. Non a *Urías*, porque o dereito a facer o que lle petase fóralle outorgado a *David* polo propio *Urías*, Senón a *Deus*, porque *David* era Súbdito de *Deus*; e toda Iniquidade vén prohibida pola lei da Natureza. O propio *David* confirma sen

dúbida ningunha esa distinción cando, ao arrepentirse do feito, di: *Contra ti soamente teño pecado*. Da mesma maneira o pobo de Atenas, cando prohibiran o máis poderoso dos seus Estados durante dez anos, non coidaban cometer Inxustiza; e non se cuestionaron que delito cometeran senón que dano farían. Non obstante ordenaron o desterro daqueles a quen non coñecían, e cada Cidadán debeu traer a súa Cuncha de Otra ao mercado, escrito co nome de quen desexaba desterrar, sen acusalo en verdade, desterrando ás veces a un *Aristóteles* pola súa reputación de Xustiza. E outras a un Bufón calumnioso, como *Hipérbolo*, por se burlar del. E aínda así ningún home pode dicir que o Pobo Soberano de *Atenas* non tiña dereito a desterralos, ou un *Ateniense* a Liberdade de se mofar ou de ser Xusto.

A Liberdade, mencionada tan a miúdo de xeito memorable nas Historias e Filosofías dos Antigos Gregos e Romanos, e nos escritos e discursos de quen teñen recibido toda a súa sabedoría en Política, non é a Liberdade dos homes Particulares; mais a Liberdade do Estado, que vén sendo a mesma que cada home debería ter se non houberse Leis Civís nin Estado en absoluto. E os seus efectos son tamén os mesmos. Porque igual que entre os homes que non teñen amo hai a guerra perpetua do home contra do seu veciño; e non hai herdanza que transmitir ao Fillo nin agardar do Pai, nin propiedades de Bens nin de Terras, nin seguridade, senón unha absoluta e total Liberdade en cada home particular: da mesma maneira en Repúblicas e Estados que non dependen o un do outro, cada Estado (non cada home) ten unha Liberdade total para facer o que coide (isto é, será cada home ou Asemblea representativa quen deba coidalo) que mellor conduce ao seu proveito. Mais, así e todo, viven na condición dunha guerra perpetua, e nos confíns da batalla, coas fronteiras armadas e os canóns chantados contra dos veciños que os arrodean. Os *Atenienses* e os *Romanos* eran ceibes; ou sexa, Estados ceibes: mais non no senso de que ningún home particular tivese a Liberdade de resistir aos seus

propios Representantes, senón de que os seus Representantes tivesen a Liberdade de resistir ou invadir a outra xente. Nas torres da cidade de *Lucca* está escrito, a día de hoxe e en grandes caracteres, a palabra LIBERTAS; mais non se pode inferir que un home particular teña alí máis Liberdade ou Inmidade do servizo do Estado, que en *Constantinopla*. Xa sexa o Estado Monárquico ou Popular a Liberdade segue a ser a mesma.

Mais resulta doado que os homes fiquen desenganados polo apetitoso nome da Liberdade; por falta de xuízo para distinguir, coidando como Herdanza Privada e dereito por Nacemento, o que é soamente dereito Público. E cando se confirma o mesmo erro pola autoridade dos homes que gozan de reputación polos seus escritos nesta materia, non sorprenderá que se produza sedición e troco de Goberno. Nesta parte occidental do mundo estamos afeitos a recibir as nosas opinións relativas á Institución e Dereitos dos Estados, de *Aristóteles*, *Cicerón* e outros homes, Gregos e Romanos, que vivindo baixo Estados Populares, derivaron eses Dereitos, non dos Principios da Natureza, senón que os transcribiron nos seus libros desde a Práctica dos seus propios Estados, que eran Populares; do mesmo xeito que os Gramáticos describen as Regras da Linguaxe a partir da Práctica do momento; ou as Regras da Poesía, desde os Poemas de *Homero* e *Virxilio*. E xa que aos Atenienses lles ensinaron (para afastalos do desexo de mudar de goberno) que eran Ceibes, e todos os que vivían baixo da Monarquía, escravos, *Aristóteles* escribe na súa *Política* (*libro 6, capítulo 2*): *En democracia a Liberdade dáse por suposta, porque é comunmente admitido que ningún home é Ceibe en ningún outro Goberno*. E tal como fixera *Aristóteles*, da mesma maneira *Cicerón* e outros Autores basearon a súa doutrina Civil nas opinións dos Romanos, ensinados a rexeitar a Monarquía, en principio, por aqueles que tendo deposto ao seu Soberano partillaron entre eles a Soberanía de Roma, e máis adiante polos Sucesores destes. E lendo a estes Autores Gregos e Latinos os

homes desde a súa nenez colleron o hábito (baixo unha aparencia falsa de Liberdade) de favorecer batifondos, e de controlar licenciosamente as accións dos seus Soberanos, e de controlar a estes reguladores coa efusión de moito sangue; de maneira que coido poder dicir en verdade que nada se ten mercado a tanto prezo como fixeron estas rexións Occidentais mercando a aprendizaxe das linguas Grega e Latina.

Para chegar agora aos particulares da verdadeira Liberdade dun Súdito; ou sexa, cales son as cousas que aínda que ordenadas polo Soberano poida rexeitar cumprilas sen incorrer en Inxustiza; debemos coidar nos Dereitos que negamos ao artellar un Estado; ou (todo o mesmo) que Liberdade nos rexeitamos outorgándolle a propiedade de todas as Accións (sen excepción) do Home ou da Asemblea a aquel a quen facemos o noso Soberano. Porque no acto da nosa *Submisión* atópanse tanto a nosa *Obriga* como a nosa *Liberdade*; o que pode inferirse a través de argumentos collidos a partir de aquí; que non hai Obriga por parte de ningún home que non xorda de actos que lle sexan propios, pois que todos os homes son, por igual, de Natureza Ceibe. E pois que semellantes argumentos deben tirarse das palabras expresas, *Autorizo todas as súas Accións*, ou da Intención do que se somete ao Poder (Intención que se deducirá pola Fin á que se someterá). A Obriga e a Liberdade do Súdito derívase ou ben destas palabras (ou doutras equivalentes) ou ben da Fin da Institución da Soberanía, sobranceiramente a Paz dos Súditos entre eles mesmos e a súa Defensa contra dun Inimigo común.

Xa que logo, se nos decatamos en primeiro lugar de que a Soberanía por Institución resulta dun Pacto de cada un con cada un; e a Soberanía por Achegamento por Pactos do Vencido co Vencedor ou do Fillo co Pai, maniféstase que pois cada Súdito ten Liberdade en todas estas cousas o dereito non se pode transferir por Contrato. Xa demostrei no Capítulo 14 que os Pactos que non defenden o propio corpo do home deixan de ser válidos. Por iso se o Soberano manda que un home (aínda

que fose condenado xustamente) mate, fira ou se automutile, ou non presente resistencia aos que o asalten, ou se absteña do emprego de comida, aire, medicamentos ou calquera outra cousa sen a que non podería vivir, daquela ten a Liberdade de desobedecer.

Se un home é interrogado polo Soberano, ou a Autoridade que o represente, verbo dun delito por el cometido, non está obrigado (sen seguridade do Perdón) a confesalo, porque ningún home (tal como mostrei no mesmo Capítulo) pode ser obrigado por ningún Pacto a acusarse a si mesmo.

Dígase de novo que o Consentimento dun Súbdito diante dun Poder Soberano vén contido nestas palabras, *Autorizo ou botade riba miña todas as súas accións*, no que non hai restrición ningunha da súa propia e primitiva Liberdade formal. Porque con permitirlle que *me mate* non estou obrigado a matarme cando el mo pida. Unha cousa é dicir: *Mátame, ou mata a meu compañeiro, se che peta*; e outra ben diferente dicir, *Heime de matar a min mesmo, ou a meu compañeiro*. Disto séguese que:

Ningún home vén obrigado polas súas propias palabras a matarse ou a matar a outro home. E consecuentemente que a Obriga que un home pode ás veces ter, baixo o Mandato dun Soberano, de executar un Choio perigoso ou indigno, depende non das Palabras da nosa Submisión mais da Intención que se infire da Fin. Cando rexeitamos obedecer frústrase a Fin pola que se ordenou a Soberanía; sen haber daquela Liberdade que rexeita aínda que si nos outros casos.

Seguindo neste choio, un home a quen se lle manda na súa condición de soldado, loitar contra do inimigo, aínda que o seu Soberano teña Dereito abondo como para castigar a súa negativa coa morte, pode así e todo e en moitos casos rexeitar o mandato sen incorrer en Inxustiza; como cando procura un Soldado substituto no seu lugar porque neste caso non deserta do servizo do Estado. E hai permisividade para o temor natural, non soamente o das mulleres (das que non se agardan tarefas

perigosas) mais tamén o de homes con ánimo feminino. Cando os Exércitos loitan poden acontecer nun bando, ou en ambos, casos de fuxida, pero cando se fai isto non por traizón mais por medo, non se pensa que se leve adiante de maneira inxusta senón deshonrosa. Pola mesma razón evitar a batalla non é Inxustiza senón Covardía. Pero quen se fai Soldado ou recibe diñeiro por iso, desbota a escusa dunha natureza medorenta e vese obrigado non soamente a ir á batalla, senón tamén a non liscar dela sen permiso do seus Mandos. E cando a Defensa do Estado require axiña a axuda de todos os que sexan quen de portar Armas, veñen obrigados todos; porque de non ser así a Institución do Estado, que non teñen a intención ou a valentía de preservar, non tería senso.

Ningún home ten Liberdade para resistirse á Espada do Estado, en defensa doutro home, culpable ou inocente; porque semellante Liberdade afastaría do Soberano os medios para Protexernos; e é destrutiva da propia esencia do Goberno. ¿Mais en caso de que moitos homes, vencellados, teñan resistido ao Poder Soberano inxustamente ou cometido algún delito Capital polo que deberán agardar a morte, non haberían ter a Liberdade de unirse, asistirse e defenderse os uns aos outros? Sen dúbida que si. Pois que non fan senón defender as súas vidas, cousa que o Culpable pode facer co mesmo dereito que o Inocente. Certamente que houbese inxustiza no primeiro quebranto do seu deber; por mais que se logo erguesen as Armas, aínda que fose para manter o xa feito, non cometían un acto inxusto novo. E se o facían soamente para defender as súas persoas non é en absoluto inxusto. Pero a oferta de Perdón afasta daqueles a quen se ofrece a alegación da autodefensa, e fai ilegal a súa teimosía en asistir ou defender os demais.

Consonte ás outras Liberdades, estas dependen do silencio da Lei. En casos nos que o Soberano non prescribise a norma, o Súbdito ten a liberdade de facer ou de omitir segundo a súa propia discreción. E de aí que tal Liberdade sexa nalgúns luga-



res máis, e noutros, menos; nalgúns tempos máis, e noutros, menos, verbo do que aqueles que posúen a Soberanía estimen máis conveniente. E por Exemplo houbera un tempo cando en Inglaterra un home podía entrar na súa propia Terra (e desposuír a quen inxustamente a ocupara) pola forza. Pero máis adiante, esa Liberdade de desaloxar pola Forza foi prohibida por un Estatuto feito (polo Rei) no Parlamento. E nalgúns lugares do mundo os homes teñen a Liberdade de dispoñer de moitas mulleres, mentres que noutros lugares semellante Liberdade non se consente.

Se un Súbdito ten unha controversia co seu Soberano, de Débedas ou o dereito de posesión de terras ou bens, ou relativo a algún servizo requirido das súas mans, ou a algún castigo corporal, ou pecuniario, baseado nunha Lei precedente, ten a mesma Liberdade para querelarse cal se fose contra dun Súbdito; e diante duns Xuíces como aqueles dispostos polo Soberano. Porque ao ver o Soberano demandado pola forza dunha Lei anterior e non pola virtude do seu Poder o que declara é non requirir máis senón o que aparece como debido por esa Lei. A defensa, xa que logo, non é contraria á vontade do Soberano e, xa que logo, o Súbdito ten a Liberdade de demandar a audiencia da súa Causa e unha sentenza que cadre coa Lei, porque todo feito por el en Virtude do seu Poder é feito pola Autoridade de cada súbdito e, consecuentemente, quen achegue unha acción contra do Soberano fai o propio contra si mesmo.

Se un Monarca ou Asemblea Soberana garante unha Liberdade a todos ou cada un dos seus Súbditos; e é así que a Garantía, ao persistir, incapacita o Soberano para mirar pola seguridade destes, resultará inútil; polo menos que dea en renunciar directamente ou transfira a Soberanía a outro. Porque se tal, de ser esa a súa vontade, tería —por dicilo con palabras sinxelas— renunciado ou transferido aquilo, e non o fixo. Do que podería deducirse que esa non foi a súa vontade, senón que a Garantía procedía da ignorancia da contradición que hai

entre a Liberdade e o Poder Soberano. Xa que logo, a Soberanía fica retida e, consecuentemente, todos os Poderes precisos para exercitala, como son o da Guerra, o da Paz, o da Xudicatura, de nomear Funcionarios e Concelleiros, de recadar Diñeiro, e todos os demais xa nomeados no Capítulo 18.

Enténdese que as Obrigas dos Súbditos co Soberano teñen unha duración longa, pero non máis alá de que o faga o poder que lles permitirá protexelos. Porque o dereito que os homes teñen, por Natureza, de protexerse, cando ninguén máis pode facelo, non se pode rexeitar. A Soberanía é a Alma do Estado; e unha vez que se afasta do Corpo os membros xa non reciben estímulo dela. A fin da Obediencia é a Protección; e sempre que un home a percibe, xa sexa na súa propia espada ou na doutro, a Natureza sitúa alí a súa Obediencia e o seu interese en mantela. E aínda que a Soberanía, na intención de quen a fan, sexa inmortal, vai tamén na súa propia natureza non estar soamente suxeita a unha morte violenta, por guerra con estranxeiros, mais tamén que pola súa ignorancia e paixóns os homes teñen de seu, desde a mesma institución, moitas sementes dunha mortalidade natural producida polas Liortas Intestinas.

Se un Súbdito é feito prisioneiro nunha guerra, ou a súa persoa ou os seus medios de vida fican no poder dos Gardas do inimigo, e a súa vida e Liberdade corporal sonlle dadas a este coa condición de ficar Sometido ao Vencedor, ten a Liberdade de aceptar esa condición; e ao aceptala muda en súbdito daquel que o tomou, porque non tiña outra maneira de conservarse a si mesmo. Mais se un home é levado a prisión, ou encadeado, ou non se asegura a liberdade do seu corpo, non se pretenderá que se sinta vencellado a suxeición por Pacto ningún; podendo, xa que logo, liscar por calquera medio.

Se un Monarca desbota a Soberanía, para el e os seus herdeiros; os Súbditos volvan á Liberdade Absoluta da Natureza, porque aínda que a Natureza poida declarar quen son os seus Fillos, e quen os máis próximos da súa Caste, dependerá da

súa propia vontade (como xa se ten dito no capítulo precedente) quen será o seu Herdeiro. De non haber Herdeiro non haberá Soberanía nin Subxección. Será a mesma cousa se morresen Fillos recoñecidos nin declaración de Herdeiros. Porque daquela non pode haber un Herdeiro coñecido nin, consecuentemente, Suxeición debida.

Se o Soberano Veta o seu Súbdito, este deixa de selo durante o Veto. Mais aquel a quen se lle manda unha mensaxe, ou recibe licenza para viaxar, segue a ser Súbdito; mais resulta selo polo Contrato entre Soberanos, non en virtude do pacto de Suxeición. Porque aquel que se poña nos dominios doutro está suxeito a todas as Leis que disto se deriven; a menos de que teña un privilexio por amizade do Soberano, ou unha licenza especial.

Se un Monarca que está sometido pola guerra se rende como Suxeito diante do Vencedor; os seus Súbditos fican ceibes da obriga anterior, obrigándose igualmente ao Vencedor. Mais se é feito prisioneiro ou non ten a liberdade do seu propio Corpo, non se deducirá disto que teña rexeitado o Dereito de Soberanía, estando os seus Súbditos obrigados a prestar obediencia aos Maxistrados designados con anterioridade, e que gobernan non no nome deste mais no daquel. Pois que ao se manter o seu Dereito o choio depende soamente da Administración; isto é, dos Maxistrados e Funcionarios; xa que, ao non contar con medios para designar outros, se entende que aproba aqueles que nomeara con anterioridade.

## **Capítulo XXII. Dos sistemas de suxeición, político e privado**

Logo de falar xa da Xeración, Forma e Poder dun Estado, estou en condicións para falar acto continuo das partes subseguintes. E en primeiro lugar daqueles Sistemas que lembran as partes similares ou Músculos dun Corpo natural. Por SISTEMAS entendo un número de homes vencellados nun Interese ou

Choiro. Entre os que os hai *Regulares e Irregulares*. *Regulares* son aqueles nos que un Home ou unha Asemblea de homes se constitúen como Representantes de todo o grupo. Todos os demais son *Irregulares*.

Dos Regulares uns son *Absolutos e Independentes*, suxeitos a ninguén mais aos seus propios Representantes: soamente estes son Estados, e a eles xa me teño referido nos cinco últimos capítulos. Outros son Dependentes; isto é, Subordinados a algún Poder Soberano, ao que todos están *Suxeitos*, mesmo quen os representa.

Dos Sistemas subordinados, uns son *Políticos* e outros *Privados*. *Políticos* (tamén chamados *Corpos Políticos e Persoas Legais*) son aqueles que proceden do Poder Soberano do Estado. *Privados* son os constituídos por Súbditos entre eles mesmos ou pola autoridade dun estraño. Porque ningunha autoridade derivada dun poder foráneo, dentro do Dominio doutro, é Pública senón Privada.

E verbo dos Sistemas Privados, digamos que uns son *Legais* e outros *Ilegais*. *Legais* son aqueles consentidos polo Estado: todos os demais son *Ilegais*.

Nos Corpos Políticos o poder da Representación está sempre Limitado: e o que prescribe os Limites non é senón o Poder Soberano. Porque o Poder Ilimitado é a Soberanía absoluta. E o Soberano é, en cada Estado, o Representante absoluto de todos os súbditos; e xa que logo ningún outro poderá ser Representante dunha parte deles mais que ata onde o consinta o Soberano. E consentir a un Corpo Político de Súbditos ter un Representante absoluto a todos os efectos e propósitos sería abandonar o goberno dunha parte tan importante do Estado, dividindo o Dominio contrariamente á súa Paz e Defensa, de maneira que non sería lóxico que o Soberano fixese por medio dunha Concesión o que non fai abertamente, ceibando os súbditos da súa suxeición. Porque o resultado das súas palabras non é mostra da súa vontade, e é así que outras consecuencias son

sinais do contrario, mais síntomas de erros e faltas de cálculo aos que tan proclive é o xénero humano.

Os límites dese Poder, outorgado ao Representante dun Poder Político, deberán advertirse en dúas cousas. Unha, nos Documentos ou Cartas do Soberano, a outra, na Lei do Estado.

Porque aínda que na Institución ou Adquisición dun Estado, que sexa independente, non hai necesidade de Escritura ningunha, porque o Poder do Representante non ten máis límites que aqueles que veñen dados pola non escrita Lei da Natureza; mais nos corpos subordinados son precisas tantas diversidades de Límites, relativos aos seus choios, tempos e lugares, que non poden ser lembrados sen cartas, nin ser considerados a menos que as devanditas Cartas sexan exhibidas e poidan ser lidas a eles, e seladas ou testificadas cos Selos ou outros sinais permanentes da Autoridade Soberana.

E pois que esas Limitacións non son sempre doadas, ou se cadra posíbeis de ser descritas na escrita, as Leis correntes, comúns a todos os Súbditos, deben determinar o que o Representante pode facer legalmente en todos os Casos onde as propias Leis fican caladas. E xa que logo:

Nun Corpo Político se o Representante é un home, sexa o que fose que faga na Persoa do Corpo, que non estea garantido nas súas Cartas, non polas Leis, é un acto propio e non do Corpo nin de ningún outro Membro que non sexa el. Porque alén das súas Cartas ou do límite Legal non representa a outro que a si mesmo. Mais o que fai, consonte a elas, é o acto de cadaquén; porque cada un é Autor dos Actos do Soberano, ao ser Representante sen límites dos seus súbditos; e o acto daquel que non se afasta das Cartas do Soberano e o acto do Soberano, e xa que logo cada membro do Corpo é o seu autor.

Mais se o Representante é unha Asemblea, aquilo que a Asemblea Decrete e que non estea garantido polas súas Cartas ou polas Leis vén sendo o acto da Asemblea ou Corpo Político, e tamén o acto de cadaquén que deron feito o Decreto co seu Voto,

mais non o acto daquel que estando presente Votase o contrario, nin de quen estivese ausente a non ser que Votase por representación. Trátase dun acto da Asemblea porque fora votado pola parte meirande; e se resulta un delito a Asemblea pode ser castigada, no que sexa posible, tanto por disolución como pola derogación das súas Cartas (cousa capital para semellantes corporacións artificiais e ficticias) ou (se a Asemblea ten un patrimonio común no que ningún dos Membros Inocentes ten propiedade) por Multa pecuniaria. Porque a Natureza ten eximido de castigos corporais a todos os Corpos Políticos. Pois aqueles que non deron o seu voto son, xa que logo, Inocentes pois a Asemblea non pode Representar a ninguén en cousas que non veñan garantidas polas Cartas e, consecuentemente, que non aparezan involucradas nos seus Votos.

Se o Corpo Político, personificado nun só home, toma diñeiro prestado dun estraño, isto é, de alguén e alguén que non pertenza ao mesmo Corpo (porque as Cartas non precisan limitar a solicitude de préstamos, visto que se deixa á propia inclinación dos homes limitar estes) a débeda é dos Representantes. Porque o feito de que as súas Cartas emanasen Autoridade para facer que os homes pagasen o que tomaran prestado, debería ter como consecuencia a Soberanía deles, e xa que logo a representación sería nula como procedente do Error, cosubstancial á Natureza humana, e sinal insuficiente da vontade do Representado; ou de ser permitido por este daquela é o Representante Soberano, o que non entra nesta cuestión soamente referida aos subordinados dos Corpos. Xa que logo ningún membro está obrigado a pagar a débeda que adquirirá ao tomar prestado, senón o propio Representante. Porque o prestameiro, ao ser descoñecedor das Cartas e da cualificación do Corpo, entende soamente como debedores os implicados, e ao ver que o Representante pode implicarse, e ninguén máis, ten a este como único Debedor; que será quen lle pague, do patrimonio común (se é que o hai) ou (se non o houbese) directamente do seu.

Se entra en débeda por Contrato ou Multa, o caso vén sendo o mesmo.

Mais cando o Representante é unha Asemblea e a débeda é cun estraño, a responsabilidade desta recae naqueles e soamente neles, que aprobaron cos seus votos o contraela, ou ao Contrato que obrigou a pagala, ou ao feito polo que a Multa foi imposta; porque todos os que a votaron ficaban implicados no seu pago. Porque o autor da toma da petición do préstamo está obrigado ao pago, mesmo da débeda completa, aínda que cando alguén a pague fiquen ceibe dela.

Mais se a débeda é relativa a alguén da Asemblea, a única obrigada ao pago é a propia Asemblea, do patrimonio común (se é que dispón del). Pois que ao haber Liberdade de Voto, se o interesado Vota que se pida en préstamo o Diñeiro, Vota igualmente que será pagado. Se Vota que non se tome o préstamo ou está ausente, e ao facerse o préstamo vota por solicitalo, contradí o seu Voto anterior, e está obrigado polo posterior, mudando en solicitante e prestameiro, e xa que logo non pode demandar pago de ningún home particular, senón do Tesouro común unicamente; de maneira que de non cumprilo non pode haber remedio nin queixa senón contra si mesmo, xa que coñecendo os actos da Asemblea, e os medios de que esta dispón, e non sendo forzado a facelo, prestará o seu diñeiro demostrando así ser un pimpín.

Evidénciase disto que nos Corpos Políticos subordinados e suxeitos a un Poder Soberano, ás veces resulta non soamente legal senón tamén expeditivo que un home particular proteste contra dos decretos da Asemblea Representativa, facendo que a súa disensión fiquen Rexistrada ou con testemuña dela; porque doutra maneira poden verse obrigados a pagar as débedas contraídas, responsabilizándose dos delitos cometidos por outros homes. Mais nunha Asemblea Soberana esa liberdade marcha, por dúas razóns, porque quen protesta rexeita a súa Soberanía, e tamén porque calquera cousa ordenada polo Poder Soberano

resulta xustificada diante do Súbdito (aínda que non sempre aos ollos de Deus) polo Mandato; pois que cada Súbdito é o Autor de semellante orde.

A variedade dos Corpos Políticos é case infinita, porque non se distinguen soamente polos choios diversos para os que foron constituídos, dos que hai unha diversidade indicible, mais tamén polos tempos, lugares e números suxeitos a moitas limitacións. Verbo dos seus choios algúns son ordenados polo Goberno. Ao principio, o Goberno dunha Provincia pode estar conferido a unha Asemblea de homes, coa resolución dependendo dos Votos da meirande parte; daquela a Asemblea é un Corpo Político, e o seu poder limitado pola Comisión. Esta palabra, Provincia, significa un encargo ou coidado de choios, que o interesado neles outorga a outros homes para que os administre so do seu mandato e no seu nome. E xa que logo cando nun Estado hai diversos países que teñen Leis distintas os uns dos outros, ou están en lugares afastados, a Administración do Goberno é encomendada a persoas diversas. Aqueles países onde non reside o Soberano, mais goberna por Comisión, reciben o nome de Provincias. Mais do goberno dunha Provincia, por un goberno residente nela, hai poucos exemplos. Os Romanos, quen tiñan a Soberanía de moitas Provincias, eran gobernados sempre por Presidentes e Pretores, e non por Asembleas, como as que gobernaban a Cidade de *Roma* e territorios adxacentes. Da mesma maneira cando houbera Colonos, enviados desde Inglaterra para as plantacións de *Virxinia* e *Bermudas*, aínda que o seu goberno estivese encomendado a Asembleas de Londres, estas Asembleas nunca encomendaron o seu Goberno a ningunha Asemblea delegada, senón que cada Plantación enviou un Gobernador. Porque se os homes, alí onde poidan estar presentes por Natureza, desexan participar no goberno, igualmente, onde non poidan facer acto de presenza, veñen obrigados por Natureza, a encomendar o goberno dos seus Intereses comúns antes a unha forma Monárquica de Goberno que a unha



Popular. Cousa esta tamén evidente naqueles homes que teñen grandes facendas privadas; quen, cando non desexan sufrir as dores de administrar os choios que lles pertencen prefiren mellor confiar nun Criado que nunha Asemblea, quer dos seus amigos ou criados. Sexa como fose podemos imaxinar o Goberno dunha Provincia ou Colonia encomendado a unha Asemblea, e cando tal acontece, o que quero dicir ao respecto é isto: que calquera débeda contraída por esa Asemblea, ou calquera Acto ilegal decretado por ela, será soamente o Acto dos que asentiron, e non dos que disentiron ou estiveron ausentes polas razóns anteriormente alegadas. Tamén que unha Asemblea que reside fóra dos límites da Colonia da que teñen o goberno non pode executar poder ningún sobre as persoas ou bens de ninguén da Colonia, nin obrigarlles por mor de débeda ou outra obriga fóra da propia Colonia, pois que non ten Xurisdición nin Autoridade de ningún xénero, senón que terá de atermos á solución que a Lei do lugar lles consinta. E aínda que a Asemblea teña dereito de impoñer unha Multa en calquera dos seus membros que infrinxa as Leis que promulguen, non terán dereito para executala fóra da propia Colonia. E o que se di aquí, dos Dereitos dunha Asemblea para o Goberno dunha Provincia ou Colonia, é igualmente aplicable ao Goberno dunha Cidade, Universidade, Colexio ou para calquera outro Goberno de persoas.

En xeral, en todos os Corpos Políticos, se algún membro particular coidase ser danado polo propio Corpo, o Coñecemento da causa fica nas mans do Soberano, e das de quen o Soberano teña ordenado, ou ordene, como Xuíces para as devanditas causas, e non das do propio Corpo. Porque neste caso é todo o Corpo tan súbdito como o reclamante, mentres que nunha Asemblea Soberana é doutra maneira; pois que se o Soberano non é xuíz, aínda que o sexa na súa propia causa, non pode haber Xuíz en absoluto.

Nun Corpo Político, para a orde axeitada do Tráfico estranxeiro, o Representante que procede é unha Asemblea

de todos os membros; ou sexa, que todos os que arriscasen o seu diñeiro, se tal é o seu desexo, poidan estar presentes nas Deliberacións e Resolucións do Corpo. Como proba disto debemos considerar a fin para a cal aqueles que son Mercadores, e poden mercar, vender e exportar as súas Mercadorías consonte a súa discreción, non deixan de obrigarse así e todo a eles mesmos constituíndose nunha Corporación. É certo que hai poucos Mercadores, que coa Mercadoría que mercan no país poidan fretar un Barco para exportala, ou traer a casa aquela que adquiren no exterior. Xa que logo precisan agruparse nunha Sociedade, na que todos poidan participar dos beneficios, segundo a proporción do risco; ou tomar as súas cousas e vender o que transporta ou importa aos prezos que coiden axeitados. Mais non hai Corpo Político nin un Representante Común que os obrigue a ningunha outra Lei que aquela que é común a todos os outros súbditos. O Fin da súa Incorporación é facerlles gañar o máximo, o que se consegue de dúas maneiras, ou mercando soamente, ou vendendo tan só, no país e fóra. Así que garantir que unha Compañía de Mercadores é unha Corporación ou Corpo Político, é garantir un Monopolio dobre, un de compradores exclusivos, outro de vendedores únicos. Pois que no país non hai máis que un comprador, e fóra, tan só un que vende; ambas as cousas favorecen ao Mercador, porque desta maneira merca en casa máis barato para vender fóra a prezos máis altos. E no estranxeiro non hai senón un comprador de Mercadoría foránea, e tan só un que a venda no país; cousas, as dúas, de proveito para os especuladores.

Deste dobre Monopolio unha parte non é vantaxosa para os nacionais, a outra para os estranxeiros. Porque no país, polo feito deste xénero exclusivo de exportación, poñen o prezo que lles peta na agricultura e mais na industria; e polo mesmo referido á importación fan o propio con todos os produtos estranxeiros que as persoas precisan; ambas as cousas nada boas para a xente. Ao contrario, tan só pola venda dos produtos nativos no exterior,

e pola compra dos artigos foráneos no país natal, alzan o prezo daqueles e diminúen o destes, para desvantaxe do estranxeiro. Polo que onde se vende a Mercadoría resulta máis cara, sendo máis barata onde se compra. Estas Corporacións non son máis que Monopolios, e serían de moito proveito para un Estado se estando vencelladas a unha corporación nos Mercados exteriores gozasen de liberdade no país para que cadaquén mercase ou vendese ao prezo que puidese.

A finalidade destas Corporacións de Mercadores, ao non ser de proveito común para todo o Corpo (que non ten patrimonio común, senón o que se deduce das empresas particulares para a construción, compra, fornecemento e manutención dos barcos) senón dirixidas ao beneficio de cada especulador, é a razón que todos se lles dea a coñecer o emprego; ou sexa, que cada un estea na Asemblea que teña o poder para artellar o conxunto e estar ao corrente das contas. E xa que logo o Representante de semellante Corporación debe ser unha Asemblea, onde cada membro da Corporación estea presente nas deliberacións, se este é o seu desexo.

Se un Corpo Político de Mercadores contrae unha débeda cun estraño polo acto da súa Asemblea Representativa, cada Membro responderá por el mesmo do conxunto. Porque un estraño non pode decatarse das súas Leis privadas senón considerándoas como tantos particulares, obrigados individualmente a todo o pago, ata que o pago feito por un descargue todo o resto. Mais se a débeda é cun da Compañía, o acredor deberalle a totalidade a el mesmo, e non poderá xa que logo demandar o que se lle debe, agás do patrimonio común se é que tal houbese. Se o Estado impón unha taxa á Corporación, enténdese que recaerá sobre cada membro proporcionalmente ao risco particular que teña corrido na Compañía. Porque neste caso non hai outro patrimonio común que aquel feito a partir dos riscos particulares.

Se unha Multa é imposta na Corporación por algún acto ilícito soamente recaerá naqueles que votasen que ese acto se

levase adiante ou que axudasen a que se executase, porque nos demais non cabe outro delito que pertencer á Corporación, de maneira que se hai tal delito (xa que na Corporación a que manda é a autoridade do Estado) non é seu.

Se algún dos Membros está endebedado coa Corporación pode ser multado por Esta, mais os seus bens non poden ser incautados nin a súa persoa feita prisioneira pola autoridade da Corporación, mais soamente pola Autoridade do Estado: porque se puidesen facelo pola súa propia Autoridade poderían vulgar igualmente, a través da súa Autoridade, que a débeda está cancelada, o que sería tanto como ser Xuíz e Parte.

Estas Corporacións feitas para o goberno dos Homes, ou para regular o Tráfico, poden ser perpetuas ou fixadas por escrito. Pero hai tamén Corporacións con tempo limitado, e iso soamente pola natureza dos seus choios. Por exemplo, se un Monarca Soberano ou unha Asemblea Soberana coidan axeitado ordenar ás cidades e outras partes diversas do seu territorio que lles envíen Deputados para que os informen das necesidades dos Súbditos, ou que os aconsellen na feitura de Leis axeitadas, ou por algunha outra razón, por medio dunha Persoa que represente a todo o País, estes Deputados, tendo un lugar e un tempo de xuntanza asignados, son daquela e nese tempo un Corpo Político que representa a cada Súbdito de tal Dominio; mais soamente para as materias que lles sexan propostas polo Home ou Asemblea que os enviase por mor da súa Soberana Autoridade, e cando se declare que nada máis pode ser proposto ou debatido por eles a Corporación ficará disolvida. Porque se eles fosen os Representantes absolutos da xente daquela serían a Asemblea Soberana, habendo así dúas Asembleas Soberanas, ou dous Soberanos riba da mesma xente, cousa imposible de coexistir en Paz. E xa que logo onde haxa unha Soberanía, non pode haber unha Representación absoluta da xente, senón por medio dela. E os límites de ata onde unha Corporación pode representar a toda a Xente veñen dispostos nas Escrituras que

lles fosen enviadas. Pois que a Xente non pode escoller os seus Deputados con outra intención que a que vén expresada nas Escrituras dirixidas a eles polo seu Soberano.

As Corporacións Privadas Regulares, e Legais, son aquelas constituídas sen Cartas ou outra Autoridade escrita, agás as Leis comúns a todos os outros Súbditos. E porque están vencelladas nunha Persoa Representativa son tidas por Regulares, tal como son todas as Familias nas que o Pai ou o Amo é quen manda en toda a Familia. Pois que el obriga os seus Fillos e Servos, en todo o que a Lei consinta, aínda que non máis, porque ningún deles está obrigado a obediencia naquelas accións que a Lei prohiba facer. En todas as demais, durante o tempo no que están baixo goberno doméstico, veñen suxeitos aos seus Pais e Amos como os seus Soberanos inmediatos. Xa que o Pai e o Amo ao ser diante da Institución do Estado, Soberanos absolutos nas súas propias Familias, non perden a partir de aquí máis Autoridade que a que a Lei do Estado poida tirarlles.

Corporacións Privadas Regulares, pero Ilegais, son aquelas que se vencellan nunha persoa Representativa sen Autoridade pública ningunha, tal como as Corporacións de Esmoleiros, Ladróns e Xitanos, constituídas para mellor artellar o seu choio de mendigar e roubar, e as Corporacións de homes que so da Autoridade de Persoas estranxeiras dan en xuntarse nun Dominio foráneo para así propagar máis doadamente Doutrinas e crear partidos contra do Poder do Estado.

Hai Sistemas Irregulares na súa natureza, que non son senón Ligas ou ás veces mero concurso de xente, sen unión para ningún designio particular, nin por obriga dos uns cos outros, senón que proceden soamente por similitude de desexos e inclinacións que chegan a ser Legais ou Ilegais segundo a legalidade ou ilegalidade do designio de cada elemento particular. Debe interpretarse ese designio segundo os casos.

As Ligas dos Súbditos (pois que as Ligas adoitan facerse para a defensa mutua) son nun Estado (que non é máis que

unha Liga que vencella a todos os Súbditos) innecesarias para a meirande parte, e translocen un designio ilegal; son por esta razón ilegais e adoitan recibir o nome de Faccións ou Conxuras. E xa que unha Liga vén sendo a conexión de individuos a través de Pactos, se non se lles dá poder a un Home ou Asemblea (cal na condición de mera Natureza) para que as obrigue a actuar son soamente válidas sempre e cando non produzan causa xusta de desconfianza; e xa que logo as Ligas entre Estados, sobre os que non hai Poder humano establecido que as manteña a raia, non son soamente legais mais tamén de proveito no tempo que duren. Porque todo agrupamento de forzas por privados é inxusto se a fin é mala, se non se lle coñecen as intencións, é perigoso para o Interese Público e non se debe aturar en xustiza.

Se o Poder Soberano reside nunha Asemblea grande, e un número de homes que forman unha desta, carecendo de autoridade, incitan a outra parte para ser os guieiros do resto, resultarán nunha Facción ou Conxura ilegal e son igualmente unha incitación ilegal da Asemblea para o seu interese particular. Mais se aquel, do que se debate e xulga na Asemblea o seu interese privado, fai tantas amizades como pode, nel non hai Inxustiza porque non é, para o caso, parte da Asemblea. E aínda que recompense a estes amigos con diñeiro (a menos de que haxa unha Lei expresa contra isto) non existe Inxustiza. Pois que ás veces (que así son as maneiras humanas) non pode haber Xustiza sen diñeiro, e cada home pode coidar que a súa causa é xusta ata que fose oída e xulgada.

En todos os Estados, cando un particular dispón de máis servos dos que require o goberno da súa facenda e o emprego legal que ten para eles, non está senón creando unha Facción, o que —ademais— resulta ilegal. Xa que tendo a protección do Estado non precisa da defensa de forza privada. E aínda que nas Nacións non totalmente civilizadas numerosas familias vivisen en hostilidade continua, invadíndose unhas a outras con forzas privadas, semella evidente que ou ben o fixeron inxustamente ou que non dispoñían de Estado.

Tanto as Faccións relativas aos Parentes, como as Faccións para o Goberno da Relixión, tal as dos Papistas, Protestantes, etc., ou do Estado, como Patricios e Plebeos dos vellos tempos en *Roma*, e dos Aristócratas e Demócratas dos tempos pretéritos en *Grecia*, son inxustas, por contrarias á paz e á seguridade da xente, e causa de que o Soberano deba botar man da Espada.

A concorrencia de xente é un Sistema Irregular, dependendo a súa legalidade ou ilegalidade da ocasión e do número de persoas que se xunten. Se a ocasión é legal e manifesta o Concurso é legal, como o encontro habitual de xente na Igrexa ou nunha Mostra pública coa concorrencia de costume, pois que se os números son extraordinariamente grandes a ocasión non é evidente, e xa que logo aquel que non pode dar conta particular e axeitada da súa presenza entre eles, será considerado consciente dun designio tumultuoso e ilegal. Pode ser ilegal que mil homes se agrupen nunha Petición que se lle entregue a un Xuíz ou Maxistrado, mais se mil homes fan acto de presenza para entregala, iso é unha Asemblea tumultuosa, porque non fan falta máis que un ou dous para semellante cousa. Mais en casos como este non é un conxunto numérico o que fai Ilegal a Asemblea, senón un número tal que os Funcionarios presentes non sexan quen de paralos e de levalos á Xustiza.

Cando se xunta un número inhabitual de homes contra outro a quen acusan, a Asemblea é un tumulto Ilegal, porque ben poderían presentar a súa acusación a un Maxistrado por medio duns poucos ou dun só home. Tal foi o caso de *San Paulo en Éfeso*, cando *Demetrio* e un gran número de homes trouxeron a dous dos compañeiros de *Paulo* diante dun Maxistrado, dicindo a unha soa Voz: *Grande é a Diana dos Efesianos*; que tal era a súa maneira de pedir Xustiza contra aqueles por ensinar á xente semellante doutrina, que ía contra da súa Relixión e do seu Comercio. A ocasión, coidando nas Leis desa Xente, era xusta, mais a súa Asemblea foi xulgada Ilegal, e o Maxistrado reprendeunos con estas palabras: *Se*

*Demetrio e os outros operarios poden acusar a alguén dalgunha cousa, hai Audiencias e Deputados; acúsense pois os uns aos outros. E se tedes algo máis que demandar o voso pode ser xulgado por unha Asemblea que se convoque de maneira Legal. Porque corremos o risco de ser acusados de sedición ao non haber causa pola que ningún home poida xustificar semellante Concorrenxia de Xente. Por iso a unha Asemblea da que non puidesen dar conta xusta, dicíanlle Sedición, de tal natureza que non a desen xustificada. E todo isto é o que quero dicir relativo aos Sistemas e Asembleas de Xente, que se poden comparar (como teño dito) ás partes Similares do Corpo do home; as Legais, aos Músculos, as Ilegais, aos Tumores, Cálculos e Apostemas, xerados pola confluencia antinatural dos tumores malignos.*

### **Capítulo XXIII. Dos ministros públicos do Poder Soberano**

No último Capítulo falei das partes Similares dun Estado: neste falarei das partes Orgánicas, que son os Ministros Públicos.

Un MINISTRO PÚBLICO é aquel empregado polo Soberano (trátase dun Monarca ou dunha Asemblea) nalgúns mesteres, con Autoridade para representar neste emprego á Persoa do Estado. E mentres que un home, ou asemblea que teña Soberanía, representa a dúas Persoas, ou (como se adoita dicir), ten dúas Capacidades, unha Natural, outra, Política (igual que un Monarca personifica non soamente ao Estado máis tamén a un home; unha Asemblea Soberana personifica non ao Estado mais tamén á Asemblea), os que serven desde a súa Capacidade natural non son Ministros Públicos; senón tan só aqueles que traballan na Administración do negocio Público. Xa que logo nin Uxieres, nin Sarxentos, nin aqueles Funcionarios que atenden na Asemblea sen outro fin que a comodidade dos homes alí reunidos, nunha Aristocracia ou



Democracia, nin os Administradores, Chambeláns, Caixeiros ou outros Funcionarios da Casa Civil dun Monarca son Ministros Públicos nunha Monarquía.

Entre os Ministros Públicos algúns teñen cargos que lle foron outorgados por unha Administración xeral, quer dun Dominio na súa totalidade, quer dunha parte. Do conxunto, como por exemplo a un Protector ou Rexente, é posible encomendarlle polo Predecesor dun Rei Infante, durante a súa minoría de idade, a Administración total do Reino. Neste caso cada Súbdito virá obrigado a obedecer, en tanto que o diten as Ordenanzas que faga, e as ordes que dea no nome do Rei, e non sexan inconsistentes co seu Poder Soberano. Dunha parte, ou Provincia, como cando ou ben un Monarca ou unha Asemblea Soberana dan o cargo xeral a un Gobernador, Tenente, Prefecto ou Vicerrei, e neste caso, todos os da Provincia, veñen obrigados a todo o que aquel dite en nome do Soberano, e que non sexa incompatible cos Dereitos Soberanos. Porque estes Protectores, Vicerreis e Gobernadores non teñen outro dereito máis que aqueles que dependen da Vontade do Soberano, e ningunha Comisión que se lles dea pode ser interpretada como Declaración da vontade de transferir a Soberanía, sen palabras expresas e enxeñosas, con esa fin. E esta clase de Ministros Públicos recorda os Nervios e Tendóns que moven os diversos membros dun corpo natural.

Outros teñen unha Administración especial; isto é, cargos de choios especializados, quer fóra, quer en casa. No país, en primeiro lugar, verbo da Economía do Estado, os que teñen Autoridade relativa ao Tesouro, como para impoñer Tributos, Imposicións, Rendas, Multas ou calquera ingreso público, así como para recompilar, recibir, publicar ou tomar as contas, son Ministros Públicos. Ministros porque serven á Persoa Representativa e non poden facer nada sen as súas Ordes nin a súa Autoridade. E Público pois que o serven desde a súa Capacidade Política.

En segundo lugar, aqueles que teñen Autoridade relativa á Militia, para ter a custodia de Armas, Fortes, Portos e facer Levas, Pagar ou Conducir Soldados, ou orzar todas as cousas precisas para a guerra, sexa por Terra ou Mar, son Ministros públicos. Mais un Soldado sen Mando, aínda que loite polo Estado, non representa á Persoa deste, porque non hai ninguén que o represente. Porque quen manda, representa soamente a aqueles a quen manda.

Igualmente os que teñen autoridade para ensinar, ou capacitar a outros para que ensinen á xente o seu deber co Poder Soberano, e instruílos no coñecemento do que é xusto e inxusto, de maneira que os súbditos poidan vivir en paz e harmonía, facéndolle fronte ao inimigo común, son Ministros Públicos. Ministros no que o que fan non é pola Autoridade propia senón dos outros, e Públicos porque o fan (ou deberan facelo) por non outra Autoridade que a do Soberano. O Monarca ou a Asemblea Soberana soamente teñen Autoridade inmediata de Deus, para ensinar e instruír a xente, e ningún home que non sexa o Soberano recibe este poder Dei Gratia, simplemente, ou sexa do favor tan só de Deus. Todos os demais reciben a súa autoridade do favor e providencia de Deus e os seus Soberanos, como nunha Monarquía Dei Gratia&Regis; ou Dei providentia&voluntate Regis.

Aqueles aos que se lles dá Xurisdición son tamén Ministros Públicos. Porque nas súas Cadeiras de administrar Xustiza representan á persoa do Soberano: e a Sentenza daqueles é a deste. Porque (como se ten declarado) toda Xudicatura ten un vencello esencial coa Soberanía, de maneira que todos os demais Xuíces non son senón Ministros daquel ou daqueles que teñan o Poder Soberano. E pois que as Controversias son de dúas clases, nomeadamente de Feito e de Dereito, así son tamén os Xuízos, uns de Feito, outros de Dereito. E xa que logo nas mesmas controversias pode haber dous Xuíces, un de Feito, outro de Dereito.

E en ambas as controversias pode xurdir unha controversia entre a parte que se Xulga e o Xuíz, xa que ao ser ambos Súbditos do Soberano deberán en Equidade ser Xulgados por homes que ambos aproben, pois que ningún home pode ser Xuíz na súa propia causa. Mais no Soberano xa cadraran os dous como Xuíz, e xa que logo ou ben escoita a Causa e resolve por si mesmo ou aproba como Xuíz aquel no que as dúas partes estivesen de acordo. Este acordo enténdese daquela como feito entre eles de maneira diversa; primeiro, se ao Acusado se lle permite rexeitar aqueles dos seus Xuíces que teñen un interese que lles levanta sospeitas (pois que o Acusador xa escollera o seu Xuíz) aqueles que non recusa son os Xuíces que aproba. Segundo, se apela a outro Xuíz non pode ir alén, porque esta apelación foi a súa escolla. Terceiro, se apela ao Soberano, e este dita Sentenza, por si mesmo, ou por medio de Delegados nos que as partes cadren, esa Sentenza é final, porque o Acusado está sendo Xulgado polos seus Xuíces, ou sexa, por si mesmo.

Consideradas estas propiedades da Xudicatura xusta e racional non podo deixar de observar a sobranceira constitución das Cortes de Xustiza, establecidas en Inglaterra tanto para os litixios Comúns como para os Públicos. Por Litixios Comúns entendo aqueles nos que tanto Demandante como Acusado son os Súbditos, e por Públicos (os que se chaman tamén Litixios da Coroa) aqueles nos que o Demandante é o Soberano. Porque no ínterim había dúas clases de homes, os Lores, e os Comúns, sendo así que os Lores tiñan o Privilexio de contar como Xuíces en delitos capitais, e tantos deles como estivesen presentes, sendo isto recoñecido como un Privilexio de favor, os seus Xuíces non eran senón aqueles que eles mesmos desexasen. E en todas as controversias cada Súbdito (como tamén nas controversias civís os Lores) tiña como Xuíces homes do País onde se desenvolvese a controversia, aos que poderían rexeitar, ata que cadrasen en polo menos Doce homes sen recusar, sendo xulgados por esa ducia. De xeito que ao ter os seus propios

Xuíces nada se puidese alegar pola parte interesada para que a sentenza non fose definitiva. Estas persoas públicas, con Autoridade do Poder Soberano, quer para Instruír, quer para Xulgar á xente, son membros do Estado e poden compararse cos órganos da Voz nun Corpo natural.

Os Ministros Públicos son tamén aqueles que teñen Autoridade do Soberano para procurar a Execución dos Xuízos xa desenvoltos, publicar as Ordes Soberanas, reprimir os Balbordos, prender e levar á cadea aos Malfeitores, e outros actos tendentes á conservación da Paz. Porque cada acto que fan en nome de tal Autoridade é un acto do Estado, e o seu servizo comparable ao das Mans nun Corpo natural.

Os Ministros Públicos no exterior son aqueles que representan a Persoa do seu Soberano diante de Estados estranxeiros. Como os Embaixadores, Mensaxeiros, Axentes e Heraldos, enviados pola Autoridade Pública.

Mais aqueles enviados pola Autoridade soamente dunha rexión privada dun Estado en conflito nin son Ministros Públicos nin Privados dese Estado, porque ningunha das súas accións teñen ao Estado como Autor. De igual maneira un Embaixador enviado por un Príncipe, para congratular, presentar condolencias ou asistir a unha solemnidade aínda que a Autoridade sexa Pública, e pois que o choio é Privado, sendo da súa incumbencia na súa capacidade natural, é unha persoa Privada. Igualmente se un home é enviado a outro País, en misión secreta para explorar a súa opinión e forza, aínda que a Autoridade e o Choio sexan Públicos, pois que non hai Persoa que se decate del senón el mesmo, sendo un Ministro Privado é un Ministro do Estado e pode compararse a un Ollo no Corpo natural. E aqueles nomeados para recibir as Peticións ou outras informacións da Xente, e veñen sendo o seu Oído Público, son Ministros Públicos, e representan o seu Soberano nese mester.

Nin un Conselleiro, nin o Consello de Estado poden coirdarse sen outra Autoridade de Xudicatura ou Mandato senón

soamente a de Aconsellar o Soberano cando sexa requirido, ou de ofrecelo cando non o sexa, é Persoa Publica. Porque o Consello vai dirixido soamente ao Soberano, quen non pode ser representado, na súa propia persoa, diante del por outro. Mais a unha Corporación de Conselleiros nunca lles falta algunha outra Autoridade, quer da Xudicatura ou dunha Administración inmediata. E ao igual que nunha Monarquía representan ao Monarca, cando entregan os seus Mandatos aos Ministros Públicos, nunha Democracia o Consello ou o Senado propoñen os resultados das súas deliberacións á xente, a maneira de consello; mais cando nomean Xuíces ou escoitan Causas, ou conceden Audiencia a Embaixadores, fan isto en calidade de Ministros da Xente, e nunha Aristocracia o Consello de Estado é a propia Asemblea Soberana, e non aconsellan a ninguén senón a eles mesmos.

#### **Capítulo XXIV. Da nutrición e procreación dun Estado**

A Nutrición dun Estado consiste na *Abundancia e Distribución de Materias* que conducen á Vida; na *Feitura ou Preparación* (e cando xa estea feito) na súa *Transferencia*, por condutos axeitados, para o seu emprego Público.

Consonte á Abundancia da Materia, esta é unha cousa limitada pola Natureza, a eses bens que Deus outorga libremente dos dous seos da nosa Nai común, Terra e Mar, ou dados á humanidade a cambio de traballo.

Posto que Deus dispuxo a Materia desta Nutrición, consistente en Animais, Vexetais e Minerais, diante nosa, dentro ou preto da face da Terra, non fai falta senón traballo e industria para recibilas. Da mesma maneira a Abundancia depende (á parte do favor divino) simplemente do traballo e mais da industria dos homes.

Esta Materia, chamada comunmente bens, é en parte *Nativa* e en parte *Estranxeira*. *Nativa*, a que está dentro do territorio

do Estado; *Estranxeira*, a que se importa de fóra. E porque non hai Territorio baixo do Dominio dun Estado (agás que sexa de moi grande extensión) que produza todas as cousas precisas para a mantenza e movemento de todo o Corpo, e poucos que non produzan algo máis do preciso, os artigos superfluos que se poden conseguir no país deixan de selo, mais provén as necesidades nacionais importando aquilo que se obtén fóra, quer por Intercambio, Guerra ou Traballo, porque o Traballo do home é igualmente unha necesidade tan intercambiable a xeito de beneficio como calquera outra cousa. E ten habido Estados que ao dispoñer de máis Territorio que aquel que lles serve de morada non soamente mantiveron senón que fixeron medrar o seu Poder, en parte polo traballo de comerciar dun lugar a outro, en parte vendendo as Manufacturas para as que os Materiais foron traídos doutros sitios.

A Distribución dos Materiais desta Nutrición é a constitución do *Meu, Teu e Seu*, ou sexa, a *Propiedade*, nunha palabra, e pertence en todas as clases de Estado ao Poder Soberano. Porque alí onde non existe Estado hai (como xa se ten demostrado) unha guerra perpetua de cada home contra o seu veciño. E xa que logo é seu o que consegue e mantén pola forza, o que non é *Propiedade* nin *Comunidade*, é *Inseguridade*. Cousa esta tan evidente que mesmo Cicerón (defensor apaixonado da Liberdade), nunha declaración pública atribúe toda a Propiedade á Lei Civil, *Deixade que a Lei Civil*, dixo, *fique abandonada ou gardada con neglixencia (por non dicir, oprimida) e non haberá nada que ningún home poida estar seguro de recibir dos seus Devanceiros ou deixar aos seus fillos*. Aínda máis: *Desbotade a Lei Civil e ningún home saberá que é seu e que dos demais*. Vese, xa que logo, que a Introducción da Propiedade é un efecto do Estado, que non pode facer nada senón por medio da Persoa que o Representa, o que vén sendo o acto único da Soberanía, e consiste nas Leis que ninguén pode facer se non ten ese Poder Soberano. Sabíano moi ben os

antigos, que chamaban Nomoz (ou sexa, *Distribución*) ao que nós chamamos Lei, e definían a Xustiza, como *distribuír* a cada home o que é *seu*.

Nesta Distribución a Lei Primeira é para a División da propia Terra, pola que o Soberano asigna a cada home unha porción segundo o que el, e non outro ou outros Súbditos, coiden conforme á Equidade e o Ben Común. Os Fillos de Israel eran un Estado no Deserto, mais precisaban dos bens da Terra, ata que fosen os amos da Terra Prometida, que logo foi dividida entre eles, non segundo o seu criterio senón o de *Eleazar* o Sacerdote, e *Xosué*, o seu Xeneral, e pois que daquela había doce Tribos, mudadas en trece pola subdivisión da Tribo de *Xosé*, non fixeran senón doce porcións de Terra, non dispoñendo terra para a Tribo de *Leví*, mais asignándolle a Décima parte da totalidade dos froitos; así esta división é Arbitraria. E aínda que un Pobo entre en posesión dunha Terra a través da guerra non sempre exterminan os antigos habitantes (como fixeran os Xudeus) senón que lles deixan a moitos, ou á maioría, ou a todos as súas Facendas, por máis que é manifesto que acabarán apañándoas como parte da distribución dos Vencedores, cal o pobo de *Inglaterra* recibindo todas as súas de *Guillherme* o *Conquistador*.

Do que podemos inferir que a Propiedade que un súbdito ten nas súas terras consiste no dereito de excluír a todos os demais súbditos do seu uso, mais non ao Soberano, xa sexa unha Asemblea ou un Monarca. Pois que ao ver que o Soberano, ou sexa, o Estado (Persoa á que representa), non fará nada, xa se entende, senón para manter a Paz e a Seguridade común, entenderase igualmente que esta Distribución de terras non ten outra finalidade. E consecuentemente calquera Distribución que se faga con prexuízo será contraria ao desexo de cada súbdito que encomendara a súa Paz e seguridade a discreción e conciencia daquel, sendo xa logo reputada como inválida pola vontade de cada un destes. É certo que un Monarca Soberano,

ou a meirande parte dunha Asemblea Soberana, pode ordenar facer moitas cousas seguindo os ditados das súas Paixóns, contrariando así as conciencias propias, o que non é máis que ir contra da confianza e das Leis da Natureza. Mais isto non abonda para autorizar os súbditos a facer a guerra ou para laiarse da inxustiza ou para calquera outra maneira de falar mal do seu Soberano, porque tiñan autorizado todas as súas accións, e ao confiar no Poder Soberano fan propios os seus actos. Mais os actos nos que os Mandatos dos Soberanos son contrarios á Equidade e mais á Lei da Natureza serán considerados máis adiante noutro lugar.

Na Distribución da terra pode acontecer que o Estado teña asignada unha porción, e ser posuída e feita medrar polos seus Representantes, e tal porción pode ser abondo como para terminar da Paz común e daquela defensa que se precise. Isto sería moi certo se se concibisen Representantes ceibes das paixóns e baixeiras humanas. Mais sendo a natureza dos homes tal cal é a asignación ao Estado de Terras Publicas, ou de certas rendas, non ten senso e tende á disolución do Goberno e á condición de mera Natureza e Guerra axiña que o Estado cae nas mans dun Monarca ou dunha Asemblea, quer negligentes de máis en cuestións de diñeiro, quer arriscados de máis en involucrar os choios públicos nunha guerra longa e custosa.

Os Estados non poden aturar a Dieta, porque ao ver que os seus gastos non están limitados polo seu propio apetito senón por Accidentes externos e as apetencias dos seus veciños, os Caudais Públicos non poden ser limitados por máis límites que aqueles requiridos polas ocasións emerxentes. E mentres que en *Inglaterra* había diversas Terras reservadas polo Conquistador para o seu propio uso (ademais de Bosques e Coutos, quer para o seu recreo, quer para a conservación Forestal) e diversas servidumes sobre a Terra que concedera aos seus Súbditos, semella que esa reserva non se fixo para a súa Conservación Pública senón pola súa Capacidade Natural.



Pois que tanto el como os seus Sucesores aplicaron Taxas Arbitrarias en todas as Terras dos Súbditos cando a coidaron precisa. E se estas Terras públicas e Servidumes foron previstas para que o Estado fose quen de mantelas abondo, isto ía contra a finalidade da Institución, sendo (tal como semella das Taxas que viñeron despois) insuficientes, e (tal como semella polas cativas rendas da Coroa) Suxeitas a Alleamento e Mingua. Xa que logo resulta inútil asignar unha porción ao Estado, pois que pode vender ou ceder, e vende ou cede cando tal fai o seu Representante.

Pertence ao Soberano a Distribución de Terras no país, como tamén asignar en que lugares e para que produtos o Súbdito poderá traficar no exterior. Porque se correse da conta das persoas privadas usar a súa discreción, algúns poderían ousar, levados do afán de lucro, en orzar o inimigo con produtos para danar o Estado, ao tempo que se danan eles mesmos, importando cousas que sendo pracenteiras para os apetitos humanos son prexudiciais ou, cando menos, carente de proveito para eles. E xa que logo o que lle corresponde ao Estado (ou sexa, ao Soberano soamente) é aprobar ou desaprobar tanto os lugares como as materias relativas ao Tráfico exterior.

Proseguindo, vendo que non abonda para Manter un Estado que cada home teña unha propiedade nunha porción de Terra, ou posúa uns cantos bens, ou dispoña dunha habelencia natural nalgunha arte práctica, e non hai arte no mundo que non sexa preciso para a existencia ou o benestar de case todos os particulares, é necesario que os homes distribúan aquilo que teñan de man, os uns aos outros, por intercambio ou contrato mutuo. Daquela é cousa do Estado (ou sexa, do Soberano) sinalar de que maneira todas as clases de contrato entre Súbditos (como mercar, vender, intercambiar, tomar prestado, prestar, alugar e tomar en alugueiro) deben ser feitos, e por medio de que sinais e palabras se entenderán como válidos. Consonte ás Materias e Distribución dos Elementos Nutritivos aos diferen-

tes Membros do Estado, coidando na estrutura de toda a obra, o devandito é abondo.

Por Acondicionamento entendo a redución de todos os produtos que non se consumen de momento, senón que se reservan para a Nutrición no tempo por vir a unha cousa de igual valor, e polo demais, tan portátil como para non atrancar as translacións dos homes de lugar en lugar; senón que por mor dela un home poda ter onde se atope tanta Nutrición como o lugar lle permita. E isto non é outra cousa que Ouro, Prata e Diñeiro. Pois que ao seren (como son) o Ouro e mais a Prata tan altamente estimados en todos os Países do mundo, é algo axeitado para medir o valor de todas as cousas entre os Súbditos dese Estado. E o Diñeiro (sexa cal fose a materia con que foi cuñado polo Soberano dun Estado) é unha medida suficiente para avaliar todas as cousas entre os Súbditos dese Estado. A través destas medidas todos os produtos, Móbeis e Inmóbeis, están feitos para acompañar a un home a todos os sitios onde se traslade, dentro ou fóra do seu lugar de residencia, e o mesmo acontece de Home a Home dentro do Estado, percorréndoo enteiro, mantendo, mentres pasa, todas as súas partes. De maneira que este Acondicionamento vén sendo como a Irrigación Sanguínea do Estado. Porque o Sangue se integra cos froitos da Terra, e ao circular nutre cada Membro do Corpo do Home.

E pois que a Prata e o Ouro atopan o seu valor na propia materia teñen en primeiro lugar o privilexio de que o seu valor non pode alterarse polo poder dun nin de varios Estados, ao ser unha medida axeitada dos produtos de todos os lugares. Mais a Moeda legal pode doadamente ser subida ou baixada. En segundo lugar, teñen o privilexio de facer que os Estados se movan e estendan os seus brazos, cando faga falta, a Países estranxeiros, orzando con Provisión, non soamente aos Súbditos particulares que viaxan senón tamén a Exércitos enteiros. Mais esa Moeda, nada considerable pola Materia mais polo Selo do lugar, ao non poder aturar a muda de aires, ten efectos no fogar

unicamente, onde tamén está suxeita ao cambio de Leis e xa que logo a minguar o seu valor, con prexuízo moitas veces para quen a posúan.

As Condutas e Maneiras polas que se somete a uso Público son de dúas clases, unha, que conduce o diñeiro aos Cofres Públicos; outra, que Establece o mesmo para os pagos públicos. Da primeira caste son os Recadadores, Receptores e Tesoueiros, da segunda, de novo os Tesoueiros e os Funcionarios nomeados para o pagamento de diferentes Ministros públicos ou privados. E nisto o Home Artificial mantén igualmente a súa semellanza co Natural, dono de Veas que apañando o Sangue de diferentes partes do Corpo fan que chegue ao Corazón, onde logo de ser feito Vital volve ser enviado polo Corazón a través das Arterias, para vivificar e capacitar o movemento de todos os Membros do Corpo.

A Procreación, ou os Fillos dun Estado, é aquilo que chamamos *Plantacións* ou *Colonias*, ou sexa, aqueles grupos de homes enviados desde o Estado, so dun Conductor ou Gobernador para habitar un País Estranxeiro, ou baldeiro de moradores de sempre ou baldeirado deles por mor dunha guerra. E cando se toma posesión dunha Colonia, aqueles son un Estado de seu, ceibes de suxeición ao Soberano que os enviou (como se ten feito por moitos Estados dos tempos vellos) e neste caso o Estado do que proceden leva o nome de Metrópole ou Nai e non precisa deles máis do que os Pais requiren dos fillos, aos que emancipan e ceiban do seu goberno doméstico, ou sexa Respecto e Amizade; ou ben fican vencellados ás súas Metrópoles tal como facían as Colonias da xente de *Roma*; e daquela non son Estados de seu senón Provincias e partes do Estado que os enviara. De maneira que o Dereito das Colonias (salvando o Honor e a Ligazón coas súas Metrópoles) depende por enteiro da súa Licenza ou das Cartas segundo as cales o Soberano autorízase a Plantación.

## Capítulo XXV. Do Consello

O enganoso que é vulgar a natureza das cousas, polo emprego cotián e inconstante das palabras, pode verse simplemente na confusión de Consellos e Ordes que xorden da maneira Imperativa de falar en ambos os casos, e a maiores en moitas outras ocasións. Porque as palabras *Fai isto* non son soamente as palabras de quen Manda, senón tamén do que Aconsella e mesmo do que Exhorta, e aínda así hai moi poucos que non vexan que estas son cousas moi diferentes, ou que non dean distinguido entre elas, cando perciben quen é o que fala, e a quen se dirixe o Discurso, e con que ocasión. Mais atopando estas frases nos documentos dos homes, e sendo incapaces, ou non desexando entrar a considerar as circunstancias, trabucan ás veces os Preceptos dos Conselleiros cos Preceptos dos que Mandan, e ás veces ao revés, de acordo co que mellor lles cadre coas conclusións que deberían inferir ou as accións que aprobar. Para evitar estes erros, e render aos termos de Mandato, Consello e Exhortación os seus significados axeitados e distintos, vou definilos así.

MANDATO é cando un home di, *Fai isto* ou *Non o fagas*, sen agardar outra razón que a Vontade de quen o di. Porque disto o que se manifesta é que aquel que manda procura o seu Proveito. Pois a razón do seu Mandato é a súa propia Vontade unicamente, e o obxecto directo da Vontade dos homes non é senón algún Ben para eles mesmos.

CONSELLO é cando un home di, *Fai ou Non fagas isto*, e deduce as súas razóns do proveito que chega a aquel a quen se fala. E disto dedúcese que quen dá Consello pretende soamente (sexo o que sexa o que tente) o ben daquel a quen llo dá.

Xa que logo entre Consello e Mandato hai unha grande diferenza, a de que o Mandato vai directo ao propio beneficio do home, e o Consello ao doutro home. E disto xorde outra diferenza, a de que un home pode ser obrigado a facer o que

se lle Manda, en canto tiña pactado obedecer, mais non se lle pode obrigar a facer o que se lle Aconsella, porque o prexuízo de non facelo recae nel, pois se non pactase seguilo daquela o Consello muda na natureza dun Mandato. Unha terceira diferenza entre eles é que ningún home pode pretender o dereito a ser Conselleiro doutro home, pois que non se trata de que aspire a proveito por iso para el, senón que demandar dereito a outro Conselleiro demostra unha vontade de coñecer os seus desigñios ou de acadar algún outro Ben, o cal (como xa dixeran antes) é o obxecto particular da vontade de cada un.

Isto é tamén consubstancial á natureza do Consello, que aquel que o solicite non poderá en equidade acusar ou castigar ao que aconsella. Pois que pedir Consello doutro é consentirlle que dea tal Consello tal como o coide máis axeitado. E consecuentemente o que dá consello ao seu Soberano (trátase dun Monarca ou dunha Asemblea) non pode ser castigado equitativamente, cadre ou non o consello á opinión da maioría diante da Proposición que se debate. Porque se non se pode percibir o senso da Asemblea, antes de que o Debate acabe, non poderán preguntar nin tomar Consello ningún ulterior. Pois que o Senso da Asemblea é a Resolución do Debate e a Fin de toda Deliberación. E en liñas xerais é o seu Autor o que demanda Consello, e xa que logo non pode castigar a quen o dá, e o que o Soberano non pode facer, ningún home será quen de facelo. Mais se un Súbdito aconsella a outro que faga algo contrario ás Leis, xa veña ese Consello dunha intención ruín ou tan só da ignorancia, é sancionábel polo Estado, xa que a ignorancia da Lei non é unha boa escusa xa que cada home vén obrigado a tomar nota das Leis ás que está suxeito.

EXHORTACIÓN e DISUASIÓN é o Consello acompañado por parte de quen o dá dun desexo vehemente de que sexa seguido ou, por dicilo máis brevemente, *Consello no que se teima con vehemencia*. Porque o que Exhorta non deduce as consecuencias do que aconsella facer, vencellándose a si

mesmo ao rigor do razoamento verdadeiro; senón que empuxa a aquel ao que Aconsella á Acción, da mesma maneira que quen Disuade fai por afastalo dela. E xa que logo botan nos seus discursos unha ollada ás Paixóns comúns e opinións dos homes ao deducir as súas razóns, e fan uso de Similitudes, Metáforas, Exemplos e outras ferramentas da Oratoria para persuadir os seus Oíntes da Utilidade, Honor e Xustiza case de seguir os seus consellos.

Do que se pode inferir, Primeiro, que a Exhortación e a Disuasión van dirixidas ao Ben do que dá o Consello, non de aquel que o pide, o que é contrario ao deber do Conselleiro; quen (por definición do Consello) debe procurar non o seu propio proveito senón o daquel a quen aconsella. E quen dirixe o Consello ao seu propio beneficio, o que fai é manifestarse abondo, pola urxencia longa e vehemente ou polos artificios empregados; pois que non sendo requirido del e, en consecuencia, procedendo segundo a ocasión, vai dirixido ao seu propio beneficio, e tan só accidentalmente ao ben daquel que é Aconsellado, ou de ningunha maneira.

En segundo lugar, que o emprego da Exhortación e mais a Disuasión xorde soamente cando un home debe falar a unha Multitude, porque cando o Discurso vai dirixido a un individuo, este pode interrompelo e examinar as súas razóns con meirande rigor do que se poida facer nunha Multitude, pois que daquela son moitos para entrar en Disputa e Diálogo con quen fala indiferentemente a todos ao tempo.

En terceiro lugar, os que Exhortan e Disuaden cando se lles require para que dean Consello son Conselleiros corruptos, cal se estivesen subornados polo seu propio interese. Porque aínda que o Consello que dan sexa óptimo, quen o dá non é un bo Conselleiro, como quen dá unha Sentenza Xusta a cambio dunha recompensa tampouco é un Xuíz Xusto. Mais cando un home poida Mandar legalmente, como un Pai na súa Familia, ou un Xefe no Exército, daquela as súas Exhortacións e Disuasións

non son soamente legais senón tamén necesarias e dignas de loanza. Pero entón xa non se trata de Consellos senón de Mandatos, que cando están para a Execución de labores penosas, ás veces a necesidade, a humanidade sempre, requiren que se faga con dozura a notificación para estimular, empregando mellor o ton e a frase do Consello que a máis ruda linguaxe dunha Orde.

Podemos tomar das formas de Discurso que se expresan nas Sagradas Escrituras exemplos da diferenza que vai do Mandato ao Consello. *Non teñades outros Deuses senón EU; Non fagades para vos mesmos Imaxes gravadas; Non tomades o nome de Deus en van; Santificade o Sábado; Honrade aos Pais; Non matedes; Non roubedes*, etc. son Mandatos; pois que a razón pola que debemos obedecelos, vén da vontade de Deus, o noso Rei, a quen vimos obrigados a obedecer. Mais estas palabras; *Vende todo o que teñas, entrégallo os pobres e ségueme*, son Consellos, porque a razón pola que tal facemos vén tirada do noso propio beneficio; isto é, que de tal maneira teremos *Tesouros no ceo*. Estas palabras: *Ide á vila diante vosa e atoparades unha Burriga atada e o seu Burriño, ceibádea e traédea onde min*, son un Mandato; pero estas outras: *Arrepentídevos e Bautizádevos no Nome de Xesús*, son Consellos, porque a razón pola que debemos facelo non tende a ningún beneficio do Deus Todopoderoso, que seguirá sendo Rei por máis que nos rebelemos, senón de nós mesmos, quen non temos outra maneira de evitar o castigo que pende riba nosa por culpa dos nosos pecados.

A diferenza entre Consello e Mandato deducírase, neste caso, da natureza do Consello, que consiste en deducir o beneficio ou dano que poda causárselle ao Aconsellado, polas consecuencias necesarias ou probables da acción proposta; do mesmo poden derivarse igualmente as diferenzas entre Conselleiros *aptos* ou *ineptos*. Sendo a Experiencia a Lembranza das consecuencias de accións semellantes e o Consello o Discurso pola que esa experiencia é dada a coñecer a outros, as Virtudes e Defectos do

Consello cadran coas Virtudes e Defectos intelectuais e sérvenlle á Persoa dun Estado os seus Conselleiros como Lembranza e Discurso Mental. Mais a esta semellanza do Estado cun home común úneselle unha diferenza de moita importancia; a de que un home normal recibe a súa experiencia dos obxectos naturais do sentido, que operan nel sen paixón ou interese propio; mentres que os que dan Consello á persoa Representativa dun Estado poden ter, e a miúdo teñen, as súas finalidades e paixóns particulares que fan os seus Consellos sempre sospeitosos e moitas veces de ningunha fiabilidade. Xa que logo podemos establecer como primeira condición dun bo Conselleiro: *Que os seus Intereses e Fins non sexan inconsistentes cos Intereses e Fins daquel a quen Aconsella.*

En segundo lugar, porque o mester dun Conselleiro, cando se delibera unha acción, é manifestar as súas consecuencias, de tal maneira que quen recibe o Consello poida ser informado con veracidade e evidencias, igualmente deberá presentar o seu consello con discurso tal como para facer que a verdade se mostre do xeito máis evidente; ou sexa, con raciocinio tan firme, linguaxe tan significativa e axeitada, e con tanta brevidade como a evidencia o permita. E xa que logo as *Inferencias, pouco traballadas e carentes de evidencia* (como aquelas tomadas soamente de Exemplos ou autoridade de Libros, e sen argumentos do que é bo ou malo, mais simples testemuñas de feito ou opinión) *as expresións escuras, confusas e ambiguas, tamén os Discursos metafóricos, tendentes a desatar Paixóns* (porque semellante razoamento e semellantes expresións, prácticas tan só para decepcionar ou dirixir a quen Aconsellamos cara a outras fins que as súas propias) *son noxentas para o Mester dun Conselleiro.*

En terceiro lugar, porque a Habelencia de Aconsellar procede da Experiencia e do estudo longo; e non se presume que ningún home teña experiencia en todas as cousas que a Administración dun Estado grande precisa que se coñezan. *Non se presume que ningún sexa un bo Conselleiro, senón naqueles negocios nos que*



*non soamente está moi versado, mais ten tamén considerado e meditado amplamente.* Porque se coidamos en que a misión dun Estado consiste en manter a xente en Paz no país, e defendela dunha Invasión estranxeira, atoparemos que se precisa un grande coñecemento da disposición da Humanidade, dos Dereitos do Goberno, e da natureza da Equidade, Lei, Xustiza e Honor, imposible de acadar sen estudo. E da Forza, Bens e Lugares, tanto do seu País como dos Veciños, e tamén das inclinacións e designios de todas as Nacións que dalgunha maneira puidesen amolarlles. E isto non se acada sen moita experiencia. Cousas estas que requiren non soamente a suma enteira senón tamén cada un dos particulares da idade e da observación dun home durante anos e de máis que o estudo común. O siso que se precisa para o Consello, como xa dixen antes (Capítulo VIII) é o Xuízo. E as diferenzas dos homes en tal punto veñen dunha educación diferente, nuns, referida a unha clase de estudo ou choio, noutros, a outra. Cando para a feita de calquera cousa hai normas Infalíbeis (como en Enxeños e Edificios, as regras da Xeometría) toda a experiencia do mundo non dá igualado o seu Consello, aprendido ou descuberto pola Norma. E cando non hai tal Norma o que teña máis experiencia nesta particular clase de choio será quen dispoña de mellor Xuízo, sendo o mellor Conselleiro.

En cuarto lugar, para pedir Consello a un Estado, nun choio que faga referencia a outro Estado, *é preciso estar familiarizados coas Intelixencias e as Cartas* que veñan deles, e con todos os rexistros de *Tratados e demais transaccións de Estado* entre eles, que ninguén pode facer senón aqueles que o Representante coide axeitados. Do que se pode inferir que os que non sexan chamados a Consello non terán bo Consello para impoñer en semellantes casos.

En quinto lugar, supoñendo un número de Conselleiros igual, un home será Aconsellado mellor se os escoita á parte, logo, nunha Asemblea; e iso por moitas razóns. Primeiro, por-

que escoitándoos á parte é doado ter a opinión de cada home, mais nunha Asemblea moitos ceiban o seu sentir cun *Si* ou *Non* ou coas mans e os pés, sen que os mova o seu sentido, senón a elocuencia dos outros, ou por medo a desgustar a algúns dos que teñen falado, ou a toda a Asemblea, por contradición ou por medo por semellar máis parvos á hora da comprensión que aqueles que teñen aplaudido a opinión contraria.

Segundo, nunha Asemblea de moitos non pode evitarse que haxa algúns con intereses contrarios aos do Público, e os seus Intereses mudan a estes en apaixonados, e a Paixón en elocuentes, e a Elocuencia empurra a outros cara a mesma opinión. Porque as Paixóns dos homes, que illadas adoitan ser moderadas, cal a calor dunha chama, en Asemblea son como moitas chamas que inflaman unhas ás outras (especialmente cando se avivan mutuamente con Oracións) ata prenderlle lume ao Estado, baixo a pretensión de Aconsellalo. En terceiro lugar, escoitando á parte a cada un, podemos examinar, cando conveña, a verdade ou probabilidade das súas razóns e das bases da opinión que dá, con frecuentes interrupcións e obxeccións, o que non se pode facer nunha Asemblea, onde (diante de cada pregunta difícil) un home fica máis ben abraiado ou perplexo coas variedades de discurso ao respecto que informado do percorrido que debe apañar. Ademais non pode haber unha Asemblea numerosa, convocada para que aconselle, na que non haxa alguén que se considere elocuente e versado igualmente en Política, de maneira que non dea consello que teña que ver co choio proposto senón procurando o aplauso para as súas arengas coloristas, cheas de diversos fíos de cores ou retallos de Autores; isto vén sendo cando menos unha Impertinencia, que rouba tempo a unha Consulta seria, doadamente evitable na maneira secreta de tomar Consello á parte. Cuarto, en Deliberacións que deben ser mantidas en secreto (das que hai moitas ocasións en Choios Públicos) os Consellos de moitos, nomeadamente en Asembleas, son perigosos, e xa que logo as

grandes Asembleas precisan confiar semellantes choios a grupos menos numerosos, compostos pola xente máis versada e das que se ten máis creto na súa confianza.

Concluindo: ¿quen iría tan lonxe como para aprobar a adopción dun Consello por unha Asemblea grande de Conselleiros, asumindo o risco, cando se tratase de casar os seus fillos, dispoñer das súas Terras, gobernar a súa casa, ou levar a súa Facenda privada, especialmente se entre aqueles houberse quen non desexase a súa prosperidade? Un home que leva adiante os seus negocios coa axuda de moitos e prudentes Conselleiros, con cadaquén facendo consultas á parte no seu propio elemento, é como quen utiliza boas Parellas no xogo do Tenis, colocados ambos nos lugares axeitados. Segue en perfección o que emprega soamente o seu Xuízo, como aquel que non ten en absoluto Compañeiro. Mais o que non fai senón dar pinchacarneiros co seu negocio, por causa dun Consello incompreensible á primeira ollada, que non dá bulido senón pola pluralidade das opinións que cadran, a execución —xa que logo— vén comunmente (ben por envexa ou intereses) adiada pola parte disidente, é quen o fai o peor de todos, como aquel que é levado á pelota, aínda que por bos Xogadores, nunha carreta ou trebello pesado de seu, retardado tamén polos xuízos que non cadran e as tentativas de quen o dirixen, e tanto máis canto maior número de mans anden no choio, con maior razón aínda cando entre eles hai un ou máis que desexan a súa perdición. E aínda que sexa certo que moitos ollos ven máis que un, non hai que deducir o mesmo de moitos Conselleiros senón soamente cando a Resolución derradeira está nun home. Por outra banda e porque moitos ollos ven a mesma cousa en planos diferentes e son aptos para procurar o beneficio propio, aqueles que non queren perder este de vista aínda que miren ao redor con dous ollos empregan soamente un para apuntar. E xa que logo nunca ningún gran Estado Popular se deu sostido senón por un Inimigo estranxeiro que o vencellou ou pola reputación

dalgún Home eminente nel ou polo Consello secreto duns poucos ou polo medo mutuo de faccións equivalentes e non polas Consultas abertas da Asemblea. E no que se refire a Estados moi pequenos, xa sexan Populares ou Monárquicos, non hai sabedoría humana que dea termado deles alén do que dure a Rivalidade entre dos seus poderosos Veciños.

## **Capítulo XXVI. Das leis civís**

Por LEIS CIVÍS entendo aquelas que os homes se ven obrigados a observar porque son membros non deste ou daquel Estado en particular, senón dun Estado. Porque o coñecemento das Leis particulares pertence a aqueles que profesan o estudo das Leis dos diversos Países, máis o coñecemento da Lei Civil que afecta en xeral a todos os homes. A Lei antiga de *Roma* levaba o nome de *Lei Civil*, da palabra *Civitas*, que significa un Estado; e aqueles Países, que logo de estar baixo o Imperio Romano e ser gobernados por esa Lei, manteñen aínda aquela parte dela que coidan axeitada, e dinlle a esta parte a Lei Civil para distinguila das súas propias Leis Civís. Mais non é isto do que tento falar aquí, que o que desexo non é mostrar o que é Lei aquí e alá, senón o que é Lei, tal como fixeron *Platón*, *Aristóteles*, *Cicerón* sen botar riba deles a profesión do estudo da Lei.

E o primeiro que se manifesta é que a Lei non é xeral Consello, senón Mandato, e non o Mandato de home a home, senón soamente daquel que dirixe o seu mandato a un obrigado a obedecerlle con anterioridade. E no que se refire á Lei Civil esta engade soamente o nome da persoa que Ordena, ou sexa *Persona Civitatis*, a Persoa do Estado.

Unha vez considerada eu defino a Lei Civil desta maneira. LEI CIVIL, é para cada Súdito aquelas normas que o Estado lle ten Ordenado, de Palabra, Escrito ou outro Sinal da Vontade suficiente para que faga uso delas, por mor de Distinguir entre o Correcto e o Incorrecto; ou sexa, o que é contrario e non o é á Norma.

Nesta definición non hai nada que non sexa evidente a primeira vista. Porque calquera home pode ver que algunhas Leis van dirixidas a todos os Súbditos en xeral, algunhas a Territorios en concreto, algunhas a Vocacións en particular, e algunhas a Homes en concreto; sendo xa que logo Leis para cada un daqueles aos que se dirixe o Mandato, e para ninguén máis. Igualmente que as Leis son as Normas do Xusto e Inxusto, sen que se poida reputar como Inxusto nada que non sexa contrario a algunha LEI. Do mesmo xeito ninguén pode promulgar Leis agás o Estado, porque estamos Suxeitos soamente ao Estado, tamén que os Mandatos teñen de vir sinalados por Sinais suficientes, porque se non o home non dará sabido como obedécelas. E xa que logo, sexa o que fose o que se deduza desta definición por consecuencia necesaria, deberá ser recoñecido como verdadeiro. Logo eu deduzo disto o que segue.

1. O Lexislador en todos os Estados é soamente o Soberano, xa sexa un Home, cal nunha Monarquía, ou unha Asemblea deles, como nunha Democracia ou Aristocracia. Pois que o Lexislador é o que fai a Lei. E o Estado soamente prescribe e ordena a observación das normas que chamamos Lei. Xa que logo o Estado é o Lexislador. Mais o Estado non é Persoa nin ten a capacidade de facer cousa ningunha senón a través do Representante (ou sexa, o Soberano), e xa que logo o Soberano vén sendo o único Lexislador. Pola mesma razón ninguén pode abolir unha Lei promulgada senón o Soberano, pois que unha Lei non pode ser derogada máis que por outra Lei, que prohibe que sexa executada.

2. O Soberano dun Estado, xa sexa unha Asemblea ou un Home non está Suxeito ás Leis Cívís. Porque tendo poder para facer e rexeitar Leis pode, cando lle pete, ceibarse desa suxeición, rexeitando aquelas Leis que o amolen, e facendo unhas novas, polo que se deduce que xa era ceibe antes. Porque é ceibe aquel pode ceibarse cando lle veña en gana e non é posible que ningunha persoa se vencelle a si mesmo, porque ao ser

quen de atar, pode tamén ceibar, e xa que logo quen se vencella a el soamente non fica obrigado.

3. Cando é o Emprego continuado o que outorga a autoridade dunha Lei non é a Longura do Tempo a que subliña a Autoridade, mais a Vontade do Soberano dada a coñecer polo seu silencio (porque o Silencio é ás veces un argumento de Consentimento); fai que deixe de ser Lei, ficando entón o Soberano calado. E daquela se o Soberano ten unha cuestión de Dereito baseada, non na súa Vontade actual senón nas Leis feitas con anterioridade, a Longura do Tempo non traerá dano ao seu Dereito senón que a cuestión será xulgada con Equidade. Porque moitas Accións inxustas e Sentenzas inxustas van sen control por máis tempo do que o home dea lembrado. E os nosos Xuristas non teñen en conta outras Leis Consuetudinarias, senón as que son asisadas, e coidan que os malos Costumes deben ser abolidos. Mais o Xuízo do que é razoable e do que debe ser abolido pertence a aquel que fai a Lei, ou sexa, á Asemblea Soberana ou ao Monarca.

4. A Lei da Natureza e a Lei Civil conteñen cada unha á outra, e son dunha extensión semellante. Porque as Leis da Natureza, que consisten en Equidade, Xustiza, Gratitude e outras Virtudes morais que dependen destas na súa condición de Natureza simple (como xa teño dito, no remate do Capítulo 15) non son Leis propiamente ditas, senón calidades que incitan aos homes á paz e mais á obediencia. Cando un Estado xa está disposto é cando son Leis en verdade e non antes; ao mudar daquela en mandatos do Estado, e ser xa que logo Leis Cívís. Porque é o Poder Soberano o que obriga os homes a obedecelas. Porque nas diferenzas entre os privados, ao declarar que é Equidade, que é Xustiza e que é Virtude moral, e ao facer a estas vencellantes, non hai necesidade de que as Ordenanzas de Poder Soberano e as sancións sexan decretados por quen poderían quebrantalos; pois que as devanditas Ordenanzas son, xa que logo, parte da Lei Civil. A Lei Natural é, daquela, unha parte da Lei Civil en todos

os Estados do mundo. Do mesmo xeito e de maneira recíproca a Lei Civil é parte dos Ditados da Natureza.

Porque a Xustiza, isto é, a Execución do Pacto e dar a cada home o seu, é un Ditado da Lei Natural. Pero cada súbdito dun Estado tiña pactado obedecer a Lei Civil (ou ben un cos outros cando se xuntan para crear un Representante común, ou a través do Representante mesmo, cando sometidos pola Espada prometen obediencia con tal de non perder a vida). E xa que logo a Obediencia á Lei Civil é parte tamén da Lei Natural Civil. As Leis, Natural e Civil, non son cousas diferentes senón partes diferentes da Lei; da que a parte escrita recibe o nome de Civil, e a non escrita, Natural. Mais o Dereito Natural, isto é, a Liberdade natural do home, pode ser minguada ou restrinxida pola Lei Civil. Aínda máis, a finalidade da feitura desa Lei non é outra que crear Restricións, sen as que non podería haber posiblemente Paz ningunha. E a Lei non foi traída ao mundo senón para limitar a liberdade natural dos homes particulares, de tal maneira, que non poidan ferir senón axudarse os uns aos outros e vencellarse contra dun Inimigo común.

5. Se o Soberano dun Estado somete a unha Xente que vivise baixo outras Leis escritas, gobernándoas despois polas mesmas Leis, coas que xa foran gobernadas antes; esas Leis serán as Leis Cívís do Vencedor, e non as do Estado Vencido. Porque o Lexislador non é aquel que fixese as leis segundo a súa autoridade senón o que fai que estas continúen a ser pola súa autoridade. E xa que logo cando haxa diversas Provincias dentro do Dominio dun Estado, e nesas Provincias diversidade de Leis, comunmente chamadas Costumes das diferentes Provincias, non debemos pensar que semellantes Costumes deriven a súa forza soamente da Longura do Tempo, senón que foran Leis escritas de antigo, ou doutra maneira dadas a coñecer polas Constitucións e Estatutos dos seus Soberanos, sendo agora Leis non por virtude da Prescrición do tempo senón polas Constitucións dos seus Soberanos actuais. Mais se unha Lei non

escrita, en todas as Provincias do Dominio, é observada en xeral e non aparece iniquidade no seu uso posterior, esa Lei non pode ser outra que unha Lei Natural que obriga a toda a humanidade.

6. Vendo daquela que todas estas Leis, escritas ou non escritas, atopan a súa Autoridade e forza na Vontade do Estado, ou sexa, na Vontade do Representante; nunha Monarquía, o Monarca, e noutros Estados a Asemblea Soberana, calquera podería preguntarse de onde proceden as opinións que se atopan nos Libros de Xuristas eminentes en diversos Estados, directamente, ou facendo que o Poder Lexislativo dependa, indirectamente, de privados ou Xuíces subordinados. Por exemplo, *Que a Lei Común non teña outro Control que o do Parlamento*; o que é verdade soamente alí onde o Parlamento teña o Poder Soberano, e non se dea congregado nin disolvido senón segundo o seu criterio. Porque se hai dereito en alguén para disolvelo, existe igualmente para controlalo, e xa que logo para controlar aos que o controlan. E se non houberse tal dereito, daquela quen Controla as Leis non é o *Parlamentum* senón o *Rex in Parlamento*. E cando un Parlamento é Soberano, por moitos e sabidos que sexan os homes que xunta, con calquera razón, dos países suxeitos a el, non haberá quen acredite en que tal Asemblea teña achegado deles un Poder Lexislativo. *Item*, que os dous brazos dun Estado son *Forza e Xustiza*; *está a primeira no Rei, a outra depositada nas mans do Parlamento*. Como se un Estado se dese mantido alí onde a Forza estivese noutra man e sen que a Xustiza tivese Autoridade para mandar e gobernar.

7. Os nosos Xuristas cadran en que a Lei nunca pode ir contra da Razón, e que non é a Carta (ou sexa, cada construción dela) senón o que cadra coa Intención do Lexislador é a Lei. E isto é certo: mais a dúbida é cal será a Razón que debe ser coidada como Lei. Non se pode tratar de ningunha Razón privada, porque daquela habería tanta contradición nas Leis como existe nas Escolas, nin tampouco (cal pretende Sir *Ed. Cooke*)



unha *Perfección Artificial da Razón, achegada por longos estudos, observación e experiencia* (como a súa foi). Porque é posible que un estudo amplo dea medrado e confirmado Sentenzas trabucadas, e alí onde os homes edifican en terreos falsos, canto máis constrúen meirande é a desfeita, e as razóns e resolucións dos que estudan e observan con igual tempo e dilixencia son e deben ficar discordantes, e xa que logo non é a *Juris prudentia* ou sabedoría dos Xuíces subordinados, mais a Razón deste noso Home Artificial do Estado e o seu Mandato os que fan a Lei. E ao non ser o Estado no seu Representante senón unha Persoa, non se pode erguer doadamente ningunha contradición nas Leis, e cando tal aconteza a propia Razón poderá, por interpretación ou alteración, desfacerse dela. En todas as Cortes de Xustiza, o Soberano (que é a Persoa do Estado) é quen Xulga. O Xuíz subordinado debe ter en conta a razón que levou ao seu Soberano a facer semellante Lei para que a súa Sentenza cadre con ela, de maneira que resulte ser a Sentenza do Soberano, doutra maneira sería a súa propia, e inxusta.

8. Disto, pois que a Lei é un Mandato, e un Mandato consiste nunha declaración ou manifestación da vontade do que ordena, de viva voz, documento escrito, ou algún outro argumento semellante e que abonde, podemos deducir que o Mandato dun Estado é Lei soamente para aqueles que teñan medios para decatarse dela. Sobre parvos, cativos ou loucos non hai máis Lei que a que rexe riba das bestas; e non poden ser chamados xustos ou inxustos, porque nunca tiveron poder de facer pacto ningún nin de comprender as consecuencias que se derivan destes, sen poñer riba deles —consecuentemente— a posibilidade de autorizar as accións de Soberano algún, como deben facer aqueles que se dotan dun Estado. Igualmente se a Natureza ou algún Accidente ten arrebatado o coñecemento de todas as Leis en xeral, aqueles aos que un accidente alleo á súa responsabilidade os privase de observar unha Lei particular están escusados de facelo. Falando con propiedade: esa Lei non

vai dirixida a eles. Xa que logo faise preciso considerar neste punto que argumentos e sinais abundan para o coñecemento de que cousa é a Lei; é dicir, cal é a vontade do Soberano, tanto nas Monarquías como noutras maneiras de goberno.

En primeiro lugar, se hai unha Lei que obriga a todos os Súbditos sen excepción, e non está escrita nin publicada en lugares dos que se poida tirar noticia, é a Lei da Natureza. Pois que calquera cousa da que os homes aprendan dela a través da Lei, non desde a palabra doutros homes senón da súa propia razón, debe ser aceptable pola razón de todos os homes, e isto non acontece con outra Lei que non sexa a da Natureza. As Leis da Natureza, xa que logo, non precisan de publicación nin Proclamación, xa que están contidas nesta Sentenza aprobada por todo o mundo: *Non lle fagas aos demais o que penses que non é razoable que os demais che fagan a ti.*

En segundo lugar, se hai unha Lei que obrigue soamente a algunha clase de homes ou a un home particular e non veña escrita nin fose feita pública de palabra, daquela é unha Lei da Natureza, e coñecida polos mesmos argumentos e sinais que distinguen os desta condición dos outros Súbditos. Porque calquera que sexa a Lei non escrita ou publicada dalgunha maneira por quen fai dela Lei, non poderá ser coñecida doutro xeito senón pola razón de quen debe obedécela; entón é unha Lei non soamente Civil senón Natural. Por Exemplo, se o Soberano nomea un Ministro Público sen Instrucións escritas que cumprir, estará obrigado a tomar como Instrucións os Ditados da Razón. De maneira que se nomea un Xuíz este debe comprender que as súas Sentenzas deben cadrar coa razón do seu Soberano, ben entendido que estas sempre acordan coa Equidade e que está obrigado a actuar así pola Lei da Natureza. Ou se se trata dun Embaixador este (en todas as cousas que non estean contidas nas súas Instrucións escritas) debe tomar como Instrución aquilo que lle dite a Razón como máis produtivo para o interese do seu Soberano, e igual en todo o referido

aos outros Ministros da Soberanía, pública ou privada. Poden abarcarse todas as Instrucións da Razón natural baixo o nome de *Fidelidade*; e é esta unha rama da Xustiza natural.

Exceptuada a Lei da Natureza pertence á esencia de todas as demais Leis que sexan dadas a coñecer aos homes que deben obedécelas, quer de palabra, por escrito ou dunha maneira procedente que lles fagan saber que proceden da Autoridade Soberana. Porque a vontade dos demais non pode entenderse senón polas súas palabras, actos ou conxecturas tomados das súas fins e propósitos; o que na persoa do Estado debe supoñerse sempre consonte á Equidade e mais á Razón. Nos tempos antigos, antes de que as cartas fosen de uso común, as Leis eran postas en verso moitas veces; de maneira que a xente ruda, ao lle prestar cantalas e recitalas, puidese retelas máis doadamente na memoria. Pola mesma razón *Salomón* aconsellou a un home que vencéllase os dez Mandamentos aos seus dez dedos. E para a Lei que *Moisés* dera ao pobo de Israel ao anovar o seu Pacto, pediulles que ensinasen aos seus fillos, a falar dela tanto na casa como no camiño, cando se deiten ou ergan, que a escriban nos montantes e limiares das súas, e que xunten á xente, homes, mulleres e nenos, para escoitar a súa lectura.

Non abonda con que a Lei sexa escrita e publicada, senón que debe haber sinais manifestos que procede da vontade do Soberano. Porque os particulares cando teñen, ou pensan que teñen, forza abondo como para asegurar os seus designios inxustos e aplicalos con proveito ás súas fins ambiciosas, poden publicar as Leis que lles peten, sen ou contra da Autoridade Lexislativa. Xa que logo non abonda coa Declaración da Lei senón que debe haber sinais suficientes do Autor e mais da Autoridade. O Autor ou Lexislador dáse por feito en cada Estado como evidente, pois que vén sendo o Soberano, quen logo de ser constituído polo consentimento de todos debe de ser coñecido abondo por todos. E aínda que a ignorancia e a afouteza dos homes sexa tal, na meirande parte dos casos,

que cando a memoria da primeira Constitución do seu Estado ten fuxido xa non se decatan de cal é o poder que empregan para defenderse dos seus inimigos e ter os seus choios protexidos e os seus dereitos afirmados cando se lles inxuria; igualmente porque igual que ningún home pode cuestionarse isto, ningunha escusa poderá derivarse da ignorancia do lugar onde se sitúa a Soberanía. E é un Ditado da Razón Natural, e consecuentemente unha Lei da Natureza evidente, que ningún home deberá minguar ese poder e a protección subseguinte que el mesmo ten demandado ou recibido contra outros sendo consciente diso. Xa que logo ninguén pode ter dubidas sobre quen é o Soberano, senón polo seus propios erros (suxiran o que queiran os homes ruíns). A dificultade consiste na evidencia da Autoridade que deriva del. A remoción desa dificultade depende do coñecemento dos Rexistros e Consellos públicos, Ministros e Selos igualmente públicos, por medio dos que todas as Leis son verificadas abondo. Verificadas, digo, non Autorizadas, porque a Verificación non é senón a Testemuña e Rexistro, non a Autoridade da Lei que consiste soamente no Mandato do Soberano.

Xa que logo se un home ten un litixio por Danos que dependan da Lei da Natureza, ou sexa, da Equidade Común, a Sentenza do Xuíz, que por Comisión ten Autoridade para entender en casos semellantes, abondará cunha Verificación da Lei da Natureza nese caso individual. Porque aínda que o consello do que profese o estudo da Lei sexa útil para evitar litixios, non é senón un consello e é o Xuíz o que debe dicirlles aos homes o que é Lei, logo de oír a Controversia.

Mais cando se trata dunha inxuria ou delito contra da Lei escrita, calquera home botando man dos Rexistros, poderá (se o desexa) por el mesmo ou por outros estar informado abondo antes de facer tal inxuria ou de cometer o delito, establecendo se é inxuria ou non. Nin sequera fai falta que o faga, pois que cando un home dubida se o acto que comete é xusto ou inxusto,

e pode informarse a si mesmo se quere, o feito é ilegal. De idéntica maneira o que se supón inxuriado, nun caso xa determinado pola Lei escrita, que poida ver e considerar por el ou por outros, se se queixa antes de consultar a Lei, actúa con inxustiza, e máis ben fai por vexar a outros homes que demandar o seu propio dereito.

Se se trata da Obediencia a un Funcionario público, ver a súa Comisión, co Selo Publico, e oír a súa lectura, ou dispoñer dos medios para informarse dela, se tal desexa o home, é Verificación da Autoridade suficiente. Porque todo home vén obrigado a facer canto estea da súa man para informarse de todas as Leis escritas que poidan concernir ás accións futuras que lle sexan propias.

Coñecido o Lexislador e as Leis, quer por escrito, quer pola luz da Natureza, publicadas abondo, falta aínda outra circunstancia moi material que as faga obrigatorias. Porque non é a Carta, mais a Intención ou Pretensión, ou sexa, a auténtica Interpretación da Lei (que estriba no siso do Lexislador) no que consiste a natureza da Lei. E xa que logo a Interpretación da Lei depende da Autoridade do Soberano, e os Intérpretes non poden ser outros que aqueles aos que o Soberano (a quen soamente o Súbdito debe obediencia) nomeará. Doutro xeito pola habelencia dun Intérprete a Lei pode ser feita para levar un senso contrario ao do Soberano; de maneiras que así o Intérprete devén Lexislador.

Todas as Leis, escritas e non escritas, precisan de Interpretación. A non escrita Lei da Natureza, aínda que sexa doada de entender para quen, sen parcialidade e paixón fan uso da súa razón natural, e xa que logo deixa sen escusa aos que a violan, fai igualmente coidar en que por causa dalgúns poucos, se cadra ningún, cegados ás veces polo egoísmo ou algunha outra paixón, ten mudado na máis escura de todas as Leis, sendo —consecuentemente— a que ten unha meirande necesidade de Intérpretes capaces. As Leis escritas, se son breves,

poden ser facilmente mal interpretadas, por mor dos diferentes significados dunha palabra ou dúas, se son longas, poden resultar máis escuras polos diversos significados de moitas palabras; neste senso, ningunha Lei escrita, ceibada en moitas ou poucas palabras, pode ser ben entendida sen unha comprensión perfecta das causas finais polas que a Lei foi feita; estando a comprensión desas causas finais no Lexislador. Para el, xa que logo, non pode haber ningún nó na Lei que sexa indisoluble, ben descubríndolle os remates, para desfacelos, ben elixindo os remates que lle peten (cal fixera *Alexandre* coa súa espada co nó Gordiano) por medio do poder Lexislativo, o que non pode facer ningún outro Intérprete.

A Interpretación das Leis da Natureza nun Estado non depende dos libros de Filosofía Moral. A Autoridade dos escritores sen a Autoridade do Estado non fai das súas opinións Lei por verdadeiras que estas sexan. O que levo escrito neste Tratado, referido ás Virtudes Morais, e á súa necesidade para procurar e manter a paz, aínda que sexa unha Verdade evidente non é por iso Lei senón por ser parte da Lei Civil en todos os Estados do mundo. Porque aínda que sexa razoable por natureza, resulta Lei por mor do Poder Soberano. De non ser así sería un erro grande chamar ás Leis da Natureza, Lei non escrita. Por iso que vexamos tantos volumes publicados, e neles tantas contradicións entre uns e outros e entre eles mesmos.

A Interpretación da Lei da Natureza é a Sentenza do Xuíz constituído pola Autoridade Soberana para oír e determinar aquelas controversias que dela dependen, e consiste na aplicación da Lei ao caso que se debate. Porque no que se refire á Xudicatura o Xuíz non fai senón considerar se a demanda da parte é consonte á razón natural e á Equidade, e a Sentenza que dá, xa que logo, é a Interpretación da Lei da Natureza e é esta Interpretación Auténtica non porque sexa a súa Sentenza particular, senón porque a outorga pola Autoridade do Soberano. É

así a Sentenza do Soberano, que vén sendo desta maneira Lei para as partes litigantes.

Ora, como non hai Xuíz Subordinado nin Soberano que non poida errar nun Xuízo de Equidade, se logo noutro caso semellante atopa máis consonte á Equidade dar unha Sentenza contraria, está obrigado a facelo. Ningún erro do home muda na súa propia Lei, nin o obriga a teimar nel. Nin (pola mesma razón) muda en Lei para outros Xuíces, aínda que a xurasen seguir. Porque aínda que se dea unha Sentenza errada pola autoridade do Soberano, se a coñece e consente vén sendo unha Lei nova, alí onde as Leis son mutábeis e mesmo as pequenas circunstancias son idénticas; mais cando as Leis non se poden mudar, como as Leis da Natureza, non hai Leis verbo dos mesmos ou doutros Xuíces para casos semellantes que poidan acontecer máis tarde. Os Príncipes sucédense os uns aos outros, e cando un Xuíz marcha, outro vén, mais nin o Ceo nin a Terra marchan, nin o fará un só título da Lei da Natureza, porque esta é a Lei Eterna de Deus. Xa que logo todas as Sentenzas dos Xuíces precedentes que fosen non darán feito entre todos unha Lei contraria á Equidade natural. Nin tampouco os Exemplos de Xuíces anteriores poden garantir unha Sentenza irracional nin ceibar o Xuíz actual da canseira de ter que estudar o que é a Equidade desde os principios da súa propia razón natural. A maneira de exemplo: vai contra da Lei da Natureza *Castigar o Inocente*, e Inocente é aquel que é exonerado Xudicialmente e recoñecido como Inocente polo Xuíz. Poñamos agora o caso de que un home é acusado dun delito capital, e ao ver o poder e a maldade dalgúns inimigos, e a corrupción frecuente e a parcialidade dos Xuíces, lisca por medo ao que pode acontecer, e logo é apañado e traído a un xuízo legal, onde logo de comparecer resulta que non era culpable do delito mais unha vez ceibe é condenado, aínda así, a perder os seus bens, no que é a condena manifesta dun Inocente. Sostegno, xa que logo, que non hai lugar no mundo onde isto poida ser unha interpreta-

ción da Lei da Natureza ou ser feita Lei polas Sentenzas dos Xuíces precedentes que fixesen o mesmo. Porque o que xulgou primeiro fíxoo inxustamente, e ningunha Inxustiza pode ser modelo de Xuízo para os Xuíces que veñan despois. Unha Lei escrita pode prohibir liscar os homes inocentes, que poden ser castigados por liscar. Pero que liscar por medo a un dano deba ser tomado como presunción de culpabilidade, logo de que un home xa fose absolto Xudicialmente dun delito, é contrario á natureza dunha Presunción que non pode ter lugar logo de que sexa outorgado o Veredicto. Máis aínda, isto foi establecido por un gran Xurista para a Lei común de Inglaterra. *Se un home (dixo) Inocente é acusado de Traizón, e polo mesmo lisca, aínda que sexa exonerado xudicialmente da Traizón, se se atopa que liscau por mor desta deberá perder, malia a súa Inocencia, bens, castelos, créditos e accións. Pois que no que se refire a estas perdas a Lei non admitirá probas contra da Presunción da Lei, baseada no feito de ter liscado. Así vedes como un Inocente, xudicialmente ceibado, malia a súa Inocencia* (cando ningunha Lei escrita prohibirá que liscase) logo de ser posto en liberdade, *por mor dunha Presunción de Lei*, é condenado a perder todos os seus bens. Se a Lei pon na súa fuga unha Presunción do feito (que era Capital) a Sentenza tería de ser igualmente Capital, mais se a Presunción non fose do Feito, ¿por que tería daquela que perder os seus bens? Daquela non se trata dunha Lei de *Inglaterra* nin se basea a condena nunha Presunción da Lei senón na Presunción dos Xuíces. Vai tamén contra da Lei dicir que non se admitirán Probas contra unha Presunción da Lei. Porque todos: Xuíces, Soberano e subordinados, se rexeitan oír as Probas, rexeitan facer Xustiza, porque aínda que a Sentenza sexa Xusta os Xuíces que condenan sen oír as Probas ofrecidas son Xuíces Inxustos, e a súa Presunción non é máis que Prexuízo, que ningún home deberá traer con el á Sede da Xustiza, sexan cales sexan os xuízos precedentes ou os exemplos que pretenda seguir. Hai outras cousas desta natu-



reza que os Xuízos dos homes teñen pervertido por confiar nos Precedentes, abondo para mostrar que aínda que a Sentenza do Xuíz sexa Lei para a parte litigante non o é para ningún Xuíz que o suceda neste Mester.

De idéntica maneira, cando o choio é o Significado das Leis escritas non é o seu Intérprete o que escribe un Comentario delas. Porque os Comentarios adoitan ser máis asunto sobre o que cavilar que o Texto, polo que precisarán, xa que logo, de máis Comentarios, de maneira que tal Interpretación nunca terá remate. E así pois a menos de que haxa un Intérprete autorizado polo Soberano, do que non poden afastarse os Xuíces subordinados, o Intérprete non será outro que os Xuíces de costume, da mesma maneira que o son nos casos da Lei non escrita; e as súas Sentenzas serán tomadas como Leis nese caso particular por aqueles que litigan, pero non como para vencellar a outros Xuíces en casos semellantes para dar semellantes xuízos. Porque un Xuíz pode errar mesmo na interpretación de Leis escritas, mais ningún erro dun Xuíz subordinado pode mudar a Lei que é a Sentenza xeral do Soberano.

Nas Leis escritas, os homes adoitan distinguir entre a Letra e a Sentenza da Lei. E cando se entende por Carta aquilo que resulte de agrupar palabras espidas, esa distinción está ben feita. Porque o significado de case todas as palabras, quer por elas, quer polo seu emprego metafórico, é ambiguo e pode ser mudado en argumento para acadar moitos sentidos, por máis que a Lei tan soamente teña un. Mais se por Carta o que se entende é o senso literal, daquela a Letra e a Sentenza ou intención da Lei, son todo o mesmo. Porque o senso literal, tal como pretendía o Lexislador, debe vir significado na letra da Lei. Ora, á Intención do Lexislador supónselle sempre a Equidade, porque sería grave inxuria que o Xuíz pensase outra cousa do Soberano. Debería, xa que logo, se a Palabra da Lei non autorizase totalmente unha Sentenza razoable, suplila coa Lei da Natureza, ou se o caso se presentase difícil, respectar o Xuízo ata que

recíbise unha meirande autoridade. Por Exemplo, unha Lei escrita ordena que aquel botado fóra da súa casa pola forza sexa restituído a ela tamén pola forza. Pode acontecer que un home deixe a súa casa baldeira por negligencia, e ao volver é botado fóra pola forza e non hai neste caso unha Lei especial ordenada. É evidente que este caso xa vén na mesma Lei, porque se non é así non existe remedio para el de ningunha maneira, o que se supón contra da Intención do Lexislador. De novo é a palabra da Lei a que manda Xulgar consonte á Evidencia.

Un home é acusado falsamente dun feito que o propio Xuíz vira feito por outro e non por aquel ao que acusan. Neste caso nin se segue a Letra da Lei para a condena do Inocente nin o Xuíz ditará Sentenza contra da evidencia das Testemuñas, porque a Letra da Lei vai en senso contrario, senón que procurará do Soberano que outro sexa feito Xuíz, e el mesmo Testemuña. De xeito que o desacougo que segue ás palabras espidas dunha Lei escrita pode levalo á Intención da Lei, facendo que esta se interprete da mellor maneira; ben entendido que ningún desacougo pode acreditar unha Sentenza que vaia contra da Lei. Porque os Xuíces do Correcto e Incorrecto non deben xulgar o que Acouga ou Desacouga ao Estado.

As habelencias que precisa un bo Intérprete da Lei, ou sexa, un bo Xuíz, non son as mesmas das dun Avogado; nomeadamente o estudo das Leis. Pois que un Xuíz, mentres que non debe tomar nota dos Feitos de ningún que non sexan as Testemuñas, tampouco deberá seguir a Lei senón a través dos Estatutos e Constitucións do Soberano alegados no litixio ou declarados a el por quen teña autoridade do Poder Soberano para facelo, e non precisa ocuparse de antemán do que vai Xulgar, porque lle será dado polas Testemuñas aquilo que deba dicir consonte aos Feitos, e do que dirá verbo da Lei por aqueles que o mostren nas súas alegacións e que o interpreten con autoridade no lugar mesmo. Os Lores do Parlamento de *Inglaterra* eran Xuíces e as causas menos doadas foron oídas e determinadas por eles;

mais poucos estaban moi versados no estudo das Leis e menos aínda fixeran profesión delas, e por máis que consultasen con Avogados, nomeados para facerse presentes con esa finalidade, eles eran os únicos con autoridade para ditar Sentenza. De idéntica maneira, nos xuízos ordinarios de Dereito, Doce homes nomeados de entre da Xente común son os Xuíces e ditan Sentenza, non soamente do Feito mais do Dereito, pronuncíándose sinxelamente a favor do Litigante ou do Acusado; ou sexa, son Xuíces non soamente do Feito senón tamén do Dereito, e nunha cuestión de delitos non se limitan a determinar o que se fixo ou non se fixo, se foi *Asasinato, Homicidio, Traizón ou Asalto*, e outras cousas semellantes, que son determinacións da Lei, mais como se supón que eles mesmos non coñecen a Lei, hai un con Autoridade para informarlles del no caso particular que deben Xulgar. Pero se non xulgasen consonte ao que se lles di non están suxeitos a sanción ningunha, a menos que se demostre que o fixeron contra das súas consciencias ou sendo corrompidos por medio dun suborno.

As cousas que mudan a un nun bo Xuíz, ou bo Intérprete das Leis, son, en primeiro lugar, *Unha comprensión correcta* desa Lei principal da Natureza que se chama Equidade que, dependendo non soamente da lectura dos Escritos dos outros homes senón da bondade da propia Razón natural do home e mais da Meditación, se presume que está máis presente naqueles que teñen máis vagar e son, xa que logo, máis proclives a meditar. En segundo lugar, *Desprezo das Riquezas innecesarias*, e preferencias. En terceiro, *ser quen de despoxarse á hora de xulgar de todo medo, carraxe, odio, amor e compaixón*. En cuarto e derradeiro lugar, ter *Paciencia para oír, atención dilixente ao facelo, e memoria para reter, dixerir e aplicar aquilo que se teña oído*.

A diferenza e división das Leis foi feita de diversas maneiras, cadrando cos diferentes métodos daqueles que teñan escrito delas. Porque é cousa que depende non soamente da Natureza, senón da perspectiva do Escritor, e é auxiliar de cal-

quera método propio. Nas Institucións de *Xustiniano* atopamos sete clases de Leis Cívís.

1. Os *Edictos, Constitucións e Epístolas do Príncipe*, ou sexa, do Emperador, porque todo o poder da xente ía nel. Semellantes son as Proclamacións do Rei de *Inglaterra*.

2. Os *Decretos da xente do común de Roma* (incluíndo o Senado) cando viñan aplicados á Cuestión polo *Senado*. Eran Leis, nun principio, en virtude do Poder Soberano que reside no pobo e, non sendo derogadas polos Emperadores, ficaban sendo Leis pola Autoridade Imperial. Porque todas as Leis que vencellan deben entenderse como Leis pola autoridade que ten poder para rexeitalas. Semellantes a estas Leis son as Actas do Parlamento de *Inglaterra*.

3. Os *Decretos da xente do común* (excluíndo o Senado); cando eran aplicados á cuestión pola *Tribuna* da xente. Porque ao non ser derogados polos Emperadores, ficaban sendo Leis da Autoridade Imperial. Deste xeito eran as Ordes da Cámara dos Comúns de *Inglaterra*.

4. *Senatus consulta*, as *Ordes do Senado*; pois que ao medrar tanto o pobo de Roma, de xeito que resultase pouco doado reunilo en asemblea, o Emperador coidou axeitado que os homes consultasen ao Senado en canto de facelo co pobo: o que tiña algunha semellanza coas Actas do Consello.

5. Os *Edictos dos Pretores*, e (nalgúns casos) dos *Edís*, tal como os Xustizas Maiores nas Cortes de *Inglaterra*.

6. *Responsa Prudentum*; ou sexa, as Sentenzas e Opinións daqueles Avogados, a quen o Emperador concedera Autoridade para interpretar a Lei, e dar resposta a canto demandase o seu consello en materia de Lei; Respostas que os Xuíces ao Xulgar viñan obrigados a observar segundo a Lei de *Inglaterra*. E serían como as recompilacións de casos xulgados se outros Xuíces fosen obrigados a observalas segundo a Lei de *Inglaterra*. Porque os Xuíces da Lei Común de *Inglaterra* non son —en puridade— Xuíces, senón *Juris Consulti*, de quen os Xuíces,

xa sexan os Lores ou os Doce homes do común, deben pedir consello verbo da Lei.

7. Igualmente os *Costumes non Escritos* (que son na súa mesma natureza unha imitación da Lei) son Leis por consentimento tácito do Emperador sempre que non resulten contrarias á Lei da Natureza.

Outra división das Leis é en *Naturais e Positivas*. *Naturais*, aquelas que foron Leis toda a Eternidade, chamándose non soamente Leis *Naturais* mais tamén *Morais*, e consisten nas Virtudes *Morais*, como Xustiza, Equidade e todos os hábitos da mente que conducen á Paz e mais á Caridade, dos que xa teño falado nos Capítulos catorce e quince.

*Positivas*, aquelas que non proceden da Eternidade pero que foron feitas Leis pola Vontade de quen ten Poder Soberano sobre outros, e foron escritas ou dadas a coñecer aos homes por algún outro argumento da vontade do seu Lexislador.

Pola súa banda, algunhas Leis Positivas son Humanas, e entre estas hainas *Distributivas e Penais*. *Distributivas* son as que determinan os Dereitos dos Súbditos, declarando a cada home segundo o que adquire e dispón como propio en terras, bens, dereito ou liberdade de acción; van dirixidas a todos os Súbditos. *Penais* son aquelas que declaran que pena será inflixida a aqueles que violan a Lei, e dirixen para que se executen os Ministros e Funcionarios nomeados con esta fin. Pois que aínda que cada un deba estar informado con antelación dos Castigos aos que leva a súa transgresión, o mandato de ningunha maneira vai dirixido ao Delincuente (quen non se supón que se castigará conscientemente a si mesmo), senón aos Ministros públicos nomeados para executar a Pena. E estas Leis Penais foron escritas, na súa parte meirande, coas Leis Distributivas, levando ás veces o nome de Xuízos. Porque todas as Leis son Xuízos xerais, ou Sentenzas do Lexislador, como igualmente cada Xuízo particular é unha Lei para aquel de quen se Xulga o caso.

As *Leis Positivas Divinas* (porque as Leis Naturais ao ser Eternas e Universais son todas Divinas) veñen sendo aquelas que ao ser os Mandatos de Deus (nin de toda a Eternidade, nin dirixidos universalmente a todos os homes, mais soamente a unha certa xente ou a determinadas persoas) son declaradas por aqueles autorizados por Deus para facelo. ¿Mais como se pode coñecer esta Autoridade do home para declarar cales son estas Leis Positivas de Deus? Deus pode mandar a un home, a través dunha maneira sobrenatural, que outorgue Leis a outros homes.

As *Leis Positivas Divinas* (porque as Leis Naturais ao ser Eternas e Universais son todas Divinas) veñen sendo aquelas que por resultar Mandamentos Divinos (non de toda a Eternidade nin dirixidas universalmente a todos os homes, senón a unha certa xente ou a certas persoas) son declaradas de tal xeito por quen Deus ten autorizado para facelo. ¿Mais como se pode coñecer esta Autoridade do home para declarar cales sexan estas Leis Positivas de Deus? Deus pode ordenar a un home, de maneira sobrenatural, outorgar Leis a outros homes. Mais porque se atopa na cerna da Lei que quen se vexa obrigado a cumprila estea seguro da Autoridade do que a declara, e nós non podemos achegala directamente de Deus: ¿Cómo pode un home sen unha Revelación sobrenatural ficar seguro da Revelación recibida polo declarante? e ¿*como pode estar obrigado a obedecela?* Verbo da primeira cuestión, que un home poida asegurarse da Revelación doutro sen unha Revelación particular para el mesmo é imposible evidentemente. Porque aínda que un home poida ser inducido a acreditar en semellante Revelación, a partir dos Milagres que ve facer a quen pretende posuíla, ou de ver a Extraordinaria santidad da súa vida, ou de ver a sabedoría Extraordinaria ou a felicidade Extraordinaria das súas accións, todas as cales son sinais do extraordinario favor Divino, aínda así non son evidencia asegurada dunha Revelación especial. Os Milagres son obras Marabillosas, pero o que é marabilloso para un pode non selo para outro. A

Santidade podería ser finxida, e as felicidades que se poden ver deste mundo adoitan ser o traballo de Deus por causas Naturais e ordinarias. E xa que logo ningún home poderá coñecer infaliblemente por razón natural que outro tivo a revelación sobrenatural da vontade Divina, mais soamente a crenza niso; e cadaquén terá (aparezan os sinais máis grandes ou máis cativos) unha crenza máis firme ou unha crenza máis feble.

Mais verbo da segunda cuestión, como pode vir obrigado a obedecelas, a cousa xa non é tan difícil. Porque se a Lei declarada non vai contra da Lei da Natureza (sendo sen dúbida ningunha Lei de Deus) e o interesado pretende obedecela, está obrigado polo seu propio acto; obrigado —digo— a obedecela pero non a acreditar nela, porque a crenza dos homes, e as súas meditacións interiores, non están suxeitas a mandatos, senón á operación Divina, ordinaria ou extraordinaria. A Fe nunha Lei Sobrenatural non é a realización mais o asentimento a esta, e non un deber que exhibimos diante de Deus mais un agasallo que Deus outorga libremente a quen lle peta, ao igual que a Descrenza non é o quebrantamento de ningunha das súas Leis senón rexeitar todas elas agás as Leis Naturais. Mais isto que digo aínda se verá máis nitidamente polos Exemplos e Testemuñas cadrando con este punto nas sagradas Escrituras. O Pacto que Deus fixo con *Abraham* (dunha maneira Sobrenatural) era así; *Este é o Pacto que debes observar entre Eu e Ti e a Semente que veña logo de ti*. A Descendencia de *Abraham* non tivera esta revelación, nin existía daquela, eran unha parte do Pacto, e viñan obrigados a obedecer o que *Abraham* declarase a eles por Lei Divina, que poderían non seguir senón en virtude da obediencia que lles debían aos seus Pais, quen (de non estar suxeitos a outro poder terreal, caso de *Abraham*) teñen poder Soberano sobre os seus fillos e servos. Mais aínda, cando Deus di a *Abraham*, *Serás bendito en todas as Nacións da terra, Porque sei que mandarás os teus fillos e o teu fogar, logo de ti, que garden o camiño do Señor e que observen Rectitude e Xuízo,*

é manifesto que a obediencia da súa Familia, quen non tiñan Revelación, dependían da súa obriga anterior para obedecer o seu Soberano. No Monte *Sinat* *Moisés* foi o único que ascendera onde Deus; o pobo tiña prohibido achegarse baixo pena de morte, mais viñan obrigados a obedecer todo aquilo que *Moisés* lles declarase como Leis Divinas. En que condición, se non a da submisión propia, dirían: *Fálanos e haberemos de te escoitar, pero non deixes que Deus nos fale ou morreremos?* Destes dous apartados semella deducirse abondo que nun Estado o súbdito que non teña unha Revelación certa e segura relativa á Vontade de Deus deberá obedecer como tal o Mandato do Estado; porque se os homes tivesen liberdade de tomar como Mandamentos de Deus os sonhos propios e fantasías, ou os sonhos e mais as fantasías dos particulares, apenas un par de homes cadrarían no que son os Mandamentos de Deus, e alén diso, por respecto a eles, todos rexeitarían os Mandatos do Estado. Conclúo, xa que logo, que en todas as cousas que non son contrarias á Lei Moral (isto é, á Lei da Natureza) todos os Súbditos veñen obrigados a obedecer por Lei divina, o que se declara como tal polas Leis do Estado. O que é tamén evidente para a razón de calquera; porque todo aquilo que non veña contra da Lei da Natureza pode mudar en Lei en nome dos que teñan o poder Soberano; e non hai razón para que o home veña menos obrigado a cumprilo cando iso se propoña en nome de Deus. Ademais non hai lugar no mundo onde aos homes se lles permita seguir outros Mandamentos de Deus que os declarados polo Estado. Os Estados Cristiáns castigan a aqueles que se reviran contra da Relixión Cristiá e a todos os demais Estados que artellan calquera Relixión prohibida por eles. Porque en todo aquilo que non veña regulado polo Estado será a Equidade (que vén sendo a Lei da Natureza, e xa que logo, unha Lei de Deus eterna) a que fai que cada home goce por igual da súa liberdade.

Hai outra distinción das Leis, en *Fundamentais e Non Fundamentais*, mais eu non dou visto en Autor ningún que sig-



nifica Lei Fundamental. Así e todo podemos distinguir Leis moi razoablemente desta maneira.

Porque a Lei Fundamental é aquela que en cada Estado, ao ser afastada, fai que o Estado fracase e remate disolvéndose; como un edificio ao que lle desficesen os Fundamentos. E consecuentemente unha Lei Fundamental é aquela pola que os Súbditos veñen obrigados a someterse ao poder que se lle outorgue ao Soberano, trátase dun Monarca ou dunha Asemblea Soberana, sen os que o Estado non pode existir, tal como o poder da Guerra e mais da Paz, da Xudicatura, da Elección de Funcionarios, e de facer canto se coide preciso para o benestar Público. Non Fundamental é aquela da que a súa derogación non implica a disolución do Estado, tal como son as Leis que teñen que ver coas Controversias entre súbdito e súbdito. E abonde isto verbo da División das Leis.

Atopo que as palabras *Lex Civilis* e *Jus Civile*, isto é, *Lei* e *Dereito Civil*, veñen empregadas promiscuamente pola mesma cousa, mesmo nos Autores máis sabidos; o que non debese acontecer. Porque *Dereito é Liberdade*, nomeadamente a Liberdade que nos deixa a Lei Civil. Mais *Lei Civil* é unha *Obriga*, e toma de nós a Liberdade que nos dera a Lei da Natureza. A Natureza deu a cada home un Dereito para que se asegurase por medio da súa propia forza, e que invadise a un veciño do que sospeitase a maneira de prevención, mais a Lei Civil afasta esa Liberdade en todos os casos nos que a protección da Lei poda ficar a salvo. Neste senso *Lex e Jus* son diferentes de *Obriga e Liberdade*

Do mesmo xeito as *Leis* e as *Cartas* son tomadas promiscuamente para a mesma fin. Mais as *Cartas* son Doazóns do Soberano, e non resultan Leis senón exencións da Lei. A frase empregada nunha Lei é *Jubeo, Injungo, Mando e Ordeno*; a dunha Carta é *Dedi, Concessi, Din, Outorguei*, mais o que se dá ou outorga a un home non se lle forza por medio dunha Lei. Unha Lei pode facerse para obrigar a Todos os Súbditos dun Estado: unha Liberdade ou Carta tan só para Un home

ou Algunha parte da xente. Porque dicir que toda a xente do Estado ten Liberdade no caso que sexa, é como dicir que, en tal caso, non se fixo Lei ningunha ou que, logo de ser feita, veña derogada agora.

## **Capítulo XXVII. Dos delitos, eximentes e atenuantes**

Un *Pecado* non é soamente unha Transgresión da Lei mais tamén un desprezo, dalgunha maneira, do Lexislador. Porque semellante Desprezo é a ruptura de todas as súas Leis ao tempo e pode consistir, xa que logo, non soamente na *Comisión* dun Feito, ou en Pronunciar Palabras prohibidas polas Leis, ou na *Omisión* do que manda a Lei, mais tamén na *Intención* ou propósito de transgredir. Porque o propósito de quebrantar a Lei é, dalgún xeito, desprezar a aquel a quen corresponde vela executada. Gozar na imaxinación soamente con posuír os bens, os criados ou a esposa doutro home, sen intención de tomalos por forza ou engano non é quebrantar a Lei que di, *Non has cobizar*; nin tampouco é Pecado o pracer que un home teña imaxinando ou soñando a morte daquel do que non espere, en vida, senón dano ou desgustos; é decidir poñer en execución un Acto que conduza a isto. Porque compracerse na ficción daquilo que gorentaría a un home se fose real é unha Paixón tan inherente á Natureza, dun home ou de calquera outra criatura viva, que facer diso un Pecado sería tanto como mudar en Pecado o feito de ser home. A consideración disto levoume a coidar con severidade de quen sosteñen que os Primeiros movementos da mente (aínda que refreados polo temor de Deus) son Pecado. Mais confeso máis asisado errar desta banda que da contraria.

Un DELITO é un pecado, que consiste na Comisión (de Feito, de Palabra) daquilo prohibido pola Lei ou a Omisión do que esta ordena. De maneira que cada Delito é un pecado, pero non cada pecado un Delito. Tentar roubar ou matar é un pecado, aínda que non se mostre en Palabra ou Feito, porque

Deus —quen ve os pensamentos do home— pode cargalo no seu deber. Mais ata que se mostre dito ou feito con algunha intención que poida ser argumentada por un Xuíz humano, non pode levar o nome de Delito; a distinción fora observada polos Gregos nas palabras *amartema* e *egjlema* ou *aitia*; das que a primeira (traducida como *Pecado*) significaba a transgresión dunha lei calquera, mais as últimas (traducidas como *Delito*) significan soamente ese pecado do que un home poida acusar a outro. Mais de Intencións, que nunca xorden por ningún acto exterior, non hai lugar para acusacións humanas. De idéntica maneira os Latinos por *Peccatum*, ou sexa, *Pecado*, significaban todas as maneiras de Desvío da Lei, mais por *Crime* (palabra que derivan de *Cerno*, ou sexa, percibir) significan soamente os pecados tal como poden aparecer diante dun Xuíz, e xa que logo non son simples Intencións.

Desta relación entre Pecado e Lei, e de Delito e Lei Civil pode inferirse, Primeiro, que onde a Lei cesa, cesa o Pecado. Mais porque a Lei da Natureza é eterna, a Violación dos Pactos, a Ingratidade, a Arrogancia e todos os Feitos contrarios as virtudes Morais, xamais deixarán de ser Pecado, porque non habendo outra Lei que a da Natureza non hai lugar para a Acusación; sendo cada home o seu propio Xuíz, acusado soamente pola súa propia Conciencia e absolto pola Rectitude da súa propia Intención. Cando, xa que logo, a súa Intención é Correcta o seu feito non é Pecado; se é doutra maneira o seu feito será Pecado mais non Delito. En terceiro lugar, que cando cesa o Poder Soberano o Delito tamén cesa, porque cando non hai tal Poder non pode haber protección da Lei e pode, xa que logo, protexerse cada home polo seu propio poder, porque non pode coidarse en que ningún home da Institución do Poder Soberano vaia desbotar o Dereito de preservar o corpo de seu, porque para salvagardalo foi instituída, precisamente, toda Soberanía. Mais isto debe entenderse soamente daqueles que non contribúisen a desfacerse do Poder que os protexese desde o comezo.

A fonte de cada Delito é algún defecto da Comprensión, algún erro no Razoamento ou algunha forza súbita da Paixón. O defecto da Comprensión é a *Ignorancia*, do Razoamento, a *Opinión Errada*. Máis: a Ignorancia é de tres clases: da *Lei*, da *Soberanía* e da *Pena*. A Ignorancia da Lei da Natureza non Exime o home, porque cada home que teña acadado o uso da Razón xa se supón que sabe o que non lle debe facer a outro nin o que non se deberá facer a si mesmo. Consecuentemente onde queira que vaia o home, se fai algo contrario á Lei, estará incurso en delito. Se un home vén das *Indias* e persuade aos homes de aquí de recibir unha nova Relixión, ou lles aprende calquera cousa que tenda a desobedecer as Leis do seu País, aínda que el mesmo estea moi convencido da verdade do que ensina comete un Delito, e pode ser castigado xustamente polo mesmo, non soamente porque a súa doutrina é falsa, senón tamén porque fai aquilo que non aprobaría noutro, nomeadamente, que indo de aquí tentase alterar a Relixión de alí. Mais a ignorancia da Lei Civil eximirá a un home nun País estraño, ata que lle sexa declarada, porque deica logo, ningunha Lei Civil pode obrigalo.

De idéntica maneira se a Lei Civil do propio país dun home, non vén declarada abondo como que para que el poida coñecerla se tal é o seu desexo, nin tampouco a Acción contra da Lei da Natura, a Ignorancia é unha boa Escusa. Noutros casos a Ignorancia da Lei Civil non serve de Escusa.

A Ignorancia do Poder Soberano no lugar cotián de residencia dunha persoa non o Escusa, porque debería tomar nota do Poder polo que fora protexido alí.

A ignorancia da Pena, onde se declara a Lei, non escusa o home. Pois que ao quebrantar a Lei, que sen medo ao castigo que a sucede non sería Lei senón palabras ocas, sofre a pena, aínda que non saiba que é, porque quen queira que sexa que faga voluntariamente unha acción deberá aceptar as súas consecuencias; mais o Castigo é unha consecuencia coñecida da

violación das Leis en cada Estado, punición á que aquel estará suxeito se xa vén determinado pola Lei, se non daquela estará suxeito a un castigo Arbitrario. Porque é de razón que quen comete unha Inxuria sen máis limitación que a da súa propia Vontade, debe sufrir un castigo sen máis limitación que a da Vontade á que pertence a lei que é por isto violada.

Mais cando unha pena, ou vén anexa ao Delito na propia Lei, ou ben fose inflixida en casos semellantes; daquela o Delincuente fica Escusado dunha pena maior. Porque o castigo que se coñece con antelación, se non abonda para disuadir os homes de tal acto, está convidándoos a facelo. Porque cando os homes comparan o proveito da súa Inxustiza, co dano do seu castigo, por necesidade da Natureza optan polo que semella mellor para eles, e xa que logo, cando se lles castiga máis do que a Lei determinase previamente ou máis do que outros fosen sancionados polo mesmo Delito, será a Lei quen os tente e conduza ao erro.

Ningunha Lei, elaborada logo de que se cometa o Feito, pode mudalo en Delito, porque se o Feito vai contra da Lei da Natureza, esta estaba antes do Feito, e unha Lei Positiva non pode decatarse de cousa ningunha antes de que sexa feita, e xa que logo non pode ser Obrigatoria. Pero cando se fai a Lei que prohibise un Feito antes de que se produza o Feito, o culpable poderá sufrir a Pena que se establecese con posterioridade, en caso de que anteriormente unha pena non menor se coñecese por Escrito ou por vía de Exemplo.

Referido a fallos no Razoamento (isto é, a Erros), os homes son proclives a violar as Leis de tres maneiras. Primeiro, por Presunción de Falsos Principios, como cando os homes logo de ter observado como se autorizan en todos os lugares e en todas as épocas Accións Inxustas, pola forza e as conseguíntes vitorias daqueles que as cometeron, e que cando os homes poderosos, quebrando as Leis do seu País, coidan como únicos Delinquentes aqueles máis frouxos fracasados, toman ademais

como Principios e fundamentos do seu Razoar frases como as seguintes: *Que a Xustiza non é senón unha palabra baldeira. Que canto poida conseguir un home pola súa propia Industria e risco vén sendo seu. Que a Práctica de todas as Nacións non pode ser inxusta. Que os Exemplos dos vellos tempos son bos Argumentos para volver facer o mesmo.* E moitas máis do mesmo estilo: que ao estar avaliado, ningún Acto poderá ser un Delito en si mesmo, senón que será tal non pola Lei senón polo éxito acadado por aqueles que o cometen, e o mesmo Feito será virtuoso ou maligno segundo sobre a Fortuna, de maneira que se *Mario* comete un Delito, será *Sila* quen o faga meritório, e *César* (baixo das mesmas Leis) o que o mude de novo en Delito, para perpetuo desacougo da Paz do Estado.

En segundo lugar, por mor de falsos Profesores, que mal interpretan a Lei da Natureza, facéndoa repugnante á Lei Civil, ou ensinando como Leis Doutrinas da súa autoría ou Tradicións de tempos antigos, que son incoherentes cos deberes dun Súdito.

En terceiro lugar, por Inferencias Erradas dos Principios Verdadeiros, que adoitan acontecer a homes que son lixeiros e precipitados en concluír e resolver que facer, como o son aqueles que teñen unha grande opinión da súa capacidade de razoar e coidan que as cousas desta natureza non precisan de tempo e estudo mais soamente de experiencia común e unha boa agudeza natural, do que ninguén se atopa a si mesmo orfo, da mesma maneira non haberá home que pretenda ter o coñecemento do Correcto e Incorrecto, que non é menos difícil, sen un estudo grande e demorado. E de todos estes defectos do Razoamento non haberá ningún que poida Escusar (aínda que algúns poidan procurarlle Atenuantes) un Delito nun home que pretenda administrar o seu propio choio privado, moito menos naqueles a cargo dun oficio público, pois que presumen de ter a Razón mentres teñen que apoiar a exención na súa Escusa.

Das Paixóns que adoitan ser as causas do Delito, unha é a Vangloria ou unha exaltación louca do mérito propio, como se

as diferenzas de mérito fosen o efecto da agudeza, riquezas ou sangue, ou algunha outra calidade natural, sen depender da Vontade dos que dispoñen da Autoridade Soberana. Do que se deduce a Presunción de que o castigo ordenado polas Leis, e estendido en xeral a todos os Súbditos, non debe ser inflixido nestes co mesmo rigor con que lle impón aos homes pobres, escuros e simples comprendidos baixo o nome de *Vulgo*.

Séguese disto comunmente que aqueles que se valoran pola importancia das súas riquezas aventúranse en Delitos coa esperanza de liscar do castigo corrompendo á Xustiza pública ou conseguindo o Perdón a través do diñeiro e outras recompensas.

E aqueles que teñen moitos Parentes Poderosos e os homes populares que teñen gañado reputación entre das Multitudes ousan violar as Leis desde a confianza de oprimir o Poder ao que corresponde executalas.

E están os que se arrogan, tendo unha opinión grande e falsa da súa Sabedoría, a función de amoestar e poñen en cuestión a Autoridade dos que os gobernan, desestabilizando as Leis co seu discurso, como se non existise máis Delito que aqueles que requiran os seus propios designios. Acontece tamén que os mesmos homes son proclives a todos os Delitos que se baseen na Habelencia e no engano dos seus Veciños, porque pensan que os seus designios son sutís abondo como para ser percibidos. Estes, como veño dicindo, son efectos dunha falsa presunción da súa Sabedoría. Porque de entre eles, que son os primeiros promotores do desacougo do Estado (o que non pode darse sen unha Guerra Civil), moi poucos fican vivos para ver establecidos os seus novos Designios, de maneira que o proveito dos seus Delitos redunda a prol da Posteridade, como soamente eles terían desexado en derradeira instancia; o que demostra que non eran tan listos como acreditaban ser. E aqueles que enganar coa esperanza de non ser observados non fan senón enganarse a eles mesmos (a escuridade na que coidan ficar agachados non é outra cousa que a súa propia cegueira) non sendo

máis listos que aqueles Nenos que pensan que todo o agachan agachando os seus propios ollos.

E en xeral todos os homes fachendosos (a menos que sexan medorentos) están suxeitos á Carraxe, ao ser máis proclives que outros a desprezar a liberdade de expresión. E hai poucos Delitos que non sexan producidos pola Ira.

Consonte aos Delitos que se producen polas Paixóns do Odio, Luxuria, Ambición e Cobiza, son tan obvios á experiencia e comprensión de cada home que non é preciso dicir nada deles, agás que son doenzas tan vencelladas á natureza, tanto do home como de todas as outras criaturas vivas, que os seus efectos tan só poden ser impedidos polo emprego extraordinario da Razón ou unha severidade continuada en castigalos. Porque nas cousas que os homes odian estes atopan unha carga continua e inevitable, polo que ou a paciencia do home é duradeira ou este encontrará acougo desfacéndose do poder que o amola. O primeiro non é doado, o derradeiro, imposible moitas veces sen algunha transgresión da Lei. A Ambición e a Cobiza son Paixóns absorbentes e opresoras, mentres que a Razón non está decote presente para resistilas, e xa que logo sempre e cando apareza a esperanza de impunidade os seus efectos xorden. E verbo da Luxuria o que lle manca de continuidade, sóbralle en vehemencia, o que abonda para rebaixar o temor a castigos incertos e doados de evitar.

De todas as Paixóns as que refrean máis aos homes de quebrantar as Leis é o Medo. Máis aínda, exceptuando algunhas naturezas xenerosas é a única cousa (cando semella que haberá proveito ou pracer indo contra das Leis) que obriga aos homes a respectalas. E aínda así en moitos casos un Delito pódese cometer por Medo.

Porque non todo Medo xustifica a Acción que produce senón soamente o medo do castigo corporal, ao que podemos chamar *Medo Físico*, e do que o home non se pode ceibar senón é por medio da acción. Se un home é asaltado e os seus medos pre-



senten unha morte da que non ve como liscar senón ferindo a aquel que o asaltou. Se o fere ata matalo isto non é un Delito, porque non se supón que os homes ao se constituír os Estados teñan renunciado á defensa da súa vida ou das partes do seu corpo cando a Lei non dea chegado a tempo de asistilo. Mais matar a un home, porque por mor das súas accións ou ameazas poida argüír que me matará cando poida (vendo que teño tempo e medios para demandar protección do Poder Soberano) é un Delito. Mais, un home recibe insultos ou feridas leves (para o que as Leis non teñen asignado castigo nin coidado en que pague a pena que tomen nota deles quen teñan uso da Razón) e ten medo de ser desprezado a menos de que se vingue, sendo xa que logo proclive a recibir idénticas feridas leves dos outros, e para evitar isto quebranta a Lei, protexéndose para o futuro polo terror da súa vinganza privada, isto é un Delito. Porque o dano non é Corpóreo senón Fantástico e (aínda que neste curruncho do mundo sexa considerado intolerable á luz dun costume encebado hai moitos anos, entre homes novos e vaidosos) tan cativo que un home afoutado, seguro do seu propio valor, non debería tomar nota diso. Un home igualmente pode ter medo dos Espíritos, quer pola súa propia superstición, ou ben polo creto dado a outros homes que lle falen de Soños e Visións estraños, facéndolle crer xa que logo que lle farán dano, por facer ou omitir cousas, contrarias á Lei pola súa práctica ou omisión. E o que se fai ou omite non atopa Atenuante neste medo, senón que é un Delito. Porque (como demostrei anteriormente, no segundo Capítulo) os Soños non son naturalmente mais que as fantasías que fican no sono, logo das impresións que os nosos Sentidos teñan recibido formalmente na vixilia, e cando os homes non están seguros por algunha circunstancia de ter durmido, semellan ser Visións auténticas, e xa que logo o que presume de rachar a Lei baseándose no Soño propio ou alleo, ou nunha Visión aparente, ou en calquera outra Fantasía do poder de Espíritos Invisíbeis, desbota a Lei da Natureza, o que non deixa

de ser un delito, e segue a imaxinación propia ou a dos miolos doutro particular, que nunca saberá se significa algunha cousa ou nada, nin se aquel que comunica o seu Soño di verdade ou mente; porque se calquera particular tivese licenza para facer isto (como podería facelo pola Lei da Natureza, se algunha existise) non podería haber ningunha Lei, de maneira que todos os Estados serían disolvidos.

Destas diferentes fontes de Delito, semella xa mostrarse que non todos os Delitos son (tal como os Estoicos de antano mantiñan) da mesma caste. Hai lugar, non soamente para os EXIMENTES, segundo os cales o que semellaba un Delito probou non selo en absoluto, senón para os ATENUANTES polos que o Delito, que semellaba grande, faise menor. Porque aínda que todos os Delitos merezan igualmente o nome de Inxustiza, pois todo desvío dunha liña recta resulta tamén ruindade, tal como os Estoicos observaron correctamente, non ha seguirse que todos os Delitos son igualmente inxustos, non máis que todas as liñas reviradas son todas reviradas da mesma maneira, o que os Estoicos non tiveron en conta, ao coidar tan grande Delito, contra da Lei igualmente, matar unha Galiña como matar a un Pai.

Aquilo que Escusa totalmente un Feito, afastándoo da natureza dun Delito, non pode ser senón o que, ao mesmo tempo, o afasta do cumprimento da Lei. Porque o feito cometido unha vez contra da Lei, se quen o comete vén obrigado a cumprir esa Lei, non será máis que un Delito.

A carencia de medios para coñecer a Lei, escusa por completo. Porque a Lei da que un home non ten medios para informarse, non é obrigada. Mais a falla na dilixencia para inquirir non se coidará carencia de medios, nin se vai supoñer que ningún home con razón abondo para o Goberno dos seus propios choios mancará de medios para coñecer as Leis da Natureza, porque son ben coñecidas da razón que pretende ter. Soamente os Nenos e os Tolos veñen escusados de delitos contra da Lei Natural.

Cando un home está cativo ou no poder do inimigo (e está en poder do inimigo cando tal acontece coa súa persoa e os seus medio de vida) se non é por culpa súa a Obriga da Lei cesa. Porque debe obedecer ao inimigo ou morrer, e xa que logo tal obediencia non é Delito, porque ningún home está obrigado (cando fracasa a protección da Lei) a non protexerse a si mesmo polos mellores medios de que dispoña.

Se un home, por medo á morte inmediata, vese obrigado a cometer un acto contra da Lei, fica Escusado totalmente, porque ningunha Lei pode obrigar a un home a desbotar a súa propia conservación. E supoñendo que tal Lei fose obrigada aínda así un home podería razoar desta maneira: *Se non o fago, acto continuo morro; se o fago, morro despois; xa que logo tempo de vida que gaño*. Así pois é a Natureza a que o obriga ao feito.

Cando a un home se lle priva da comida ou doutra cousa necesaria para a súa vida, e non pode manterse de ningunha maneira, senón é facendo algo que vaia contra da Lei, como se no medio dunha fame negra tomase alimento pola forza ou roubase o que non pode obter por diñeiro ou caridade; ou se apoderase en defensa da súa vida da Espada doutro home, viría totalmente Escusado pola razón que se alegou hai un momento.

Os Feitos cometidos contra da Lei pola autoridade doutro, fican Escusados por esa autoridade e recaen no Autor, porque ningún home pode acusar dos seus feitos a outro que non é senón o seu instrumento; mais non se Escusa contra unha terceira persoa que resulte danada, porque na violación da Lei tanto o Autor como o Actor son os Delinquentes. Do que se segue que cando ese Home ou Asemblea, que teñen o Poder Soberano, ordenan a un home que faga algo contrario a unha Lei anterior, o feito está Escusado totalmente. Porque non debe condenarse a si mesmo, sendo o propio soberano o Autor, e o que non pode ser condenado en xustiza polo Soberano non poderá selo por ningún outro. Ademais cando o Soberano ordena que se faga algo contra dunha Lei súa anterior, o Mandado, relativo a este feito particular, é unha abrogación da Lei.

Se ese Home ou Asemblea, que teñen o Poder Soberano, reclama calquera Dereito esencial á Soberanía polo que fai medrar no Súbdito liberdades inconsistentes co Poder Soberano, ou sexa, co propio ser do Estado, se o Súbdito rexeitase obedecer o Mandato nalgún aspecto, contrario á liberdade outorgada, iso será un Pecado oposto aos deberes do Súbdito, porque este debe saber canto é inconsistente coa Soberanía, porque esta se artellou no seu consentimento e pola súa defensa, e que tal liberdade se levou adiante, ao ser inconsistente con ela, a través da ignorancia das consecuencias ruíns que dela se seguen. Mais non soamente desobedecer, senón resistirse a un Ministro público na súa execución, é un delito; porque el podería defender os seus dereitos (sen quebrantamento ningún da Paz) por medio dunha reclamación.

Os Graos do Delito teñen diversas Escalas e medicións. Primeiro, pola ruindade da Fonte ou Causa. Segundo, polo Contaxio do Exemplo; Terceiro, pola malignidade do Efecto, e Cuarto, pola concorrencia de Tempos, Lugares e Persoas.

O mesmo Feito cometido contra da Lei, se procede da Presunción de forza, riquezas ou amigos para resistirse aos que executan a Lei, é un Delito maior que se procede da esperanza de non ser descuberto ou escapar a través dunha fuga. Porque a Presunción de impunidad pola forza é a Raíz da que chouta, en todo momento e en todo xénero de tentacións un desprezo de todas as Leis; mentres que no último caso a aprehensión dun perigo, que fai ao home liscar, fai que sexa máis obediente no futuro. Un Delito que entendamos como tal é meirande que o mesmo Delito procedendo da falsa crenza de que é Lícito. Porque quen o comete contra da súa propia conciencia, presume da súa forza ou doutro poder que o empurra a volver facer o mesmo, mais quen o comete por erro, logo de que se lle mostre ese erro, non fai senón conformarse coa Lei.

Aquel con erro procedente da autoridade dun Mestre ou dun Intérprete da Lei publicamente autorizado non comete tanta

falta como aquel que erra con erro procedente dunha perentoria prosecución dos seus principios e razoamentos. Porque o que se explica por algún que ensina por Autoridade pública e o Estado o ensinante, e ten unha semellanza coa Lei ata que é a mesma Autoridade quen o controla; e en todos os Delitos que non levan neles unha negación do Poder Soberano, nin van contra unha Lei evidente, exime de xeito total, mentres que en quen basea as súas accións no seu Xuízo privado, ficará en pé ou caerá consonte á súa rectitude ou erros.

O mesmo Feito, se foi castigado decote noutros homes, é un Delito meirande que se houbese moitos Exemplos precedentes de impunidade. Porque estes Exemplos son tantos desexos de Impunidade, outorgados polo propio Soberano. E pois que quen orza a un home con semellante confianza e presunción de impunidade, como para empurralo a ofender, ten parte na ofensa; de maneira que non pode cargar ao ofensor coa totalidade desta.

Un Delito que xurda dunha Paixón súbita non é tan grande como cando o mesmo xorde dunha delongada meditación. Porque no caso anterior hai un lugar para a atenuación na doenza común da natureza humana, mais quen o teña feito con premeditación ten usado circunspección e proxectado a súa ollada, na Lei, no castigo e na consecuencia para a sociedade humana, todo o cal desprezou ao cometer o Delito, pospoñendo o seu propio apetito. Mais non hai aparición súbita da Paixón que abonde para un Atenuante total. Porque todo o tempo entre o primeiro coñecemento da Lei e a Comisión do Feito será tomado a xeito de deliberación, porque deberá rectificar a irregularidade das súas Paixóns pola meditación da Lei.

Cando a Lei é pública e continuada, antes de ser lida e interpretada por toda a xente, un feito cometido contra ela é un Delito meirande que cando aos homes se lles deixa sen tal instrución inquirir dela con dificultades, incertezas e interrupcións da esixencia de que se cumpra a Lei, e sendo informados por particulares. Porque neste caso parte da culpa descarga nunha

doenza común, mais no anterior hai unha negligencia aparente, que non pode existir sen certo desprezo do Poder Soberano.

Aqueles feitos condenados expresamente pola Lei mais que o Lexislador aproba tacitamente por outros sinais manifestos da súa vontade, son menos Delito que os mesmos feitos cando veñen condenados pola Lei e o Lexislador. Porque vendo que a vontade do Lexislador é unha Lei, o que se dan, neste caso, son dúas Leis contraditorias, o que Eximiría totalmente se os homes estivesen obrigados a percibirse da aprobación do Soberano por outros argumentos que os expresados polo seu mandato. Pois que habendo castigos conseguintes, non soamente á transgresión da Lei mais tamén á súa observación el vén sendo, en parte, unha causa da transgresión e xa que logo non pode imputar razoablemente todo o Delito ao Delincuente. Por exemplo, o castigo faise preciso pois que a Lei condena os duelos ao castigo. Por outra banda, quen rexeita o Duelo está suxeito a desprezo e burla, sen remedio, e ás veces polo propio Soberano, coidando que o tal non poderá ter cargo ou posto preferente en caso de Guerra. Se acepta o Duelo en consideración a isto, coidando que todos os homes procuran gozar legalmente da opinión dos que teñen o Poder Soberano, non debería en xustiza ser castigado rigorosamente, ao ver que parte da falta pode recaer en quen castiga. O que digo non implica liberdade para as vinganzas públicas ou calquera outra caste de desobediencia mais que os Gobernadores teñan coidado en non consentir oblicuamente aquelas cousas que prohiben directamente. Os exemplos dos Príncipes, para aqueles que os ollan, son, e foron sempre, mais poderosos para gobernar as súas accións que as propias Leis. E aínda que sexa o noso deber facer non o que eles fan senón o que din, ese deber nunca será cumprido ata que lle preste a Deus dar aos homes unha graza extraordinaria e sobrenatural para seguir ese Precepto.

Doutra banda, se comparamos os Delitos co agravio dos seus Efectos, veremos en primeiro lugar que o mesmo feito cando

redunda en dano de moitos é meirande que cando redunda en prexuízo de poucos. E xa que logo cando un feito fai dano non soamente no presente mais tamén (poñamos) no futuro é meirande que se o fai tan só no presente; porque o primeiro é un Delito fértil e multiplica o dano de moitos mentres que o segundo é estéril. Manter doutrinas contrarias á Relixión establecida no Estado é unha falta meirande nun Predicador autorizado que nunca particular. Tamén o é vivir profana, incontinentemente, ou cometer calquera acto irrelixioso sexa o que fose. Da mesma maneira nun Catedrático de Dereito manter posición ou cometer actos que tendan a minguar o Poder Soberano, é un Delito meirande que noutro home. Igualmente quen teña reputación de sabedoría, sendo os seus consellos e acción imitados por moitos, os seus actos contra da Lei serán un Delito meirande que se se dese noutro. Porque estes homes non soamente cometen Delitos, senón que os ensinan como se fosen Leis a outros homes. E en xeral os Crimes son meirandes polo escándalo que dan, isto é, por ser un atranco para o feble, que non miran tanto o carreiro polo que se internan como a luz que outros homes van portando diante deles.

Da mesma maneira, os Feitos de hostilidade contra o sistema Estatal en vigor son Delitos meirandes que os mesmos actos cometidos contra particulares. Porque o dano se estende a todos. Tal acontece coa traizón ás forzas do Estado ou a revelación dos seus secretos a un Inimigo, tamén os atentados contra do Representante do Estado, sexa un Monarca ou unha Asemblea, e todo canto se faga, de palabra ou obra, para minguar a súa Autoridade, xa sexa no momento presente ou no que virá despois; isto é, os Delitos que os Latinos coñecían como *Crimina laesae Majestatis*, e consisten en propósitos ou en accións contrarios ás Leis Fundamentais.

Igualmente, aqueles Delitos, que renden Xuízos sen efecto, son Delitos meirandes que as Inxurias feitas a unha ou unhas poucas persoas; como recibir diñeiro por dar xuízo Falso ou

testemuña, é un Delito meirande que doutra maneira enganar a un home verbo dunha suma semellante ou doutra meirande. Porque non soamente incorre en erro o que non acerta neses xuízos senón en todos aqueles Xuízos que resultan sen froito e poden ser empregados para a forza e vinganzas privadas.

Tamén o Roubo e a Fraude do Tesouro Público ou as súas Rendas é un Delito maior que roubar ou defraudar a un Particular, porque facelo ao público é roubar a moitos ao tempo.

Igualmente, a usurpación Fraudulenta do Ministerio público, a Falsificación de Selos públicos ou Moedas públicas é máis Delito que a usurpación dunha persoa privada ou do seu selo, porque daquela a fraude vai en prexuízo de moitos.

Dos feitos contra da Lei, levados contra de particulares, o Delito meirande é aquel que se produce cando o dano é máis sensible na opinión común dos homes.

E consecuentemente, matar contra da Lei é un Delito meirande que calquera outra inxuria, caso de que a vida se conserve.

E matar con Tormento maior que simplemente matar.

E a Mutilación dun membro meirande que arruinarlle a un home as súas propiedades.

E a desfeita das propiedades dun home, por medio de Terror á morte ou a feridas que por subtracción clandestina.

E por subtracción clandestina meirande que por consentimento obtido por medio de fraude.

E a violación da castidade pola Forza meirande que por afagos.

E a dunha muller Casada maior que o dunha solteira.

Porque todas estas cousas adoitan ser valoradas, aínda que algúns homes presenten maior ou menor sensibilidade diante da mesma ofensa. Mais a Lei contempla non a inclinación particular senón a xeral da humanidade.

E xa que logo as ofensas que os homes fan por contumelia en palabras ou xestos, cando non causan máis dano que o agravio



presente de quen o recibe, son esquecidas nas Leis dos Gregos, Romanos e outros Estados, antigos e modernos; suposto que a verdadeira causa de semellante agravio consiste non na contumelia (que non se apodera dos homes conscientes da súa propia virtude) mais da Pusilanimidade de quen se sente ofendido por el.

Igualmente un Delito contra dun particular resulta moi agravado pola persoa, tempo e lugar.

Porque matar o Pai propio é un Delito meirande que matar o alleo; pois que o Proxenitor debe ter o honor do Soberano (aínda que rendese o seu Poder á Lei Civil) xa que o ostenta orixinalmente pola Natureza. E roubar a un pobre é un Delito meirande que roubar a un rico, porque lle causa ao pobre un dano máis sensible.

E un Delito cometido nun Tempo e Lugar destinados á Devoción, é meirande que se se comete noutro tempo ou lugar, xa que xorde dun maior desprezo da Lei.

Poderían engadirse outros casos de Agravantes e Atenuantes, mais dos que teño establecido é obvio como calquera home poderá coidar na altura de cada Delito proposto.

Finalmente, pois en case que todos os Delitos hai cometida unha Inxuria, non soamente a algúns Particulares senón tamén ao Estado, o mesmo Delito, cando a acusación é en nome do Estado, recibe o nome de Delito Público, e cando é no nome dun Particular, Delito Privado. E os xuízos relativos a eles chámanse Públicos, *Judicia Publica*, Xuízos da Coroa ou Xuízos Privados. Se nunha Acusación de Asasinato e o acusador é un Particular, o xuízo é Privado, se o acusador é o Soberano, o xuízo é Publico.

## **Capítulo XXVIII. Dos castigos e recompensas**

UN CASTIGO é unha Pena imposta pola Autoridade pública en quen fixo ou omitiu aquilo que é Xulgado pola mesma Autoridade como Transgresión da Lei; coa fin de que os desexos humanos estean a partir de aquí mellor dispostos para a obediencia.

Antes de que eu deduzo nada desta definición hai que responder a unha pregunta de moita importancia; a cal é a de saber por que porta entrara o Dereito ou Autoridade para Castigar. Porque polo que xa se ten dito ningún home vén obrigado por Pacto ningún a non resistirse diante da violencia, e xa que logo, non se pode pretender que conceda dereito a ninguén a poñer mans violentas riba da súa persoa. Na creación do Estado os homes rexeitan o dereito de defender os demais pero non de facer o propio consigo mesmos e obrígase igualmente a asistir ao que ten a Soberanía cando se trata de castigar a outro, pero non a el. Mais pactar en asistir ao Soberano en punir a outro, a menos de que quen tal acordara teña dereito de facelo el mesmo, non é outorgarlle o Dereito a Castigar. Maniféstase, xa que logo, que o Dereito que ten o Estado (isto é, el ou quen o represente) a Castigar non se basea en ningunha concesión ou agasallo aos Súbditos. Mais eu tamén demostrei anteriormente que diante da Institución do Estado todos os homes teñen dereito a todo, e a facer canto coiden preciso para a súa conservación, sometendo, ferindo ou matando a quen sexa con esta finalidade. E é este o fundamento dese dereito de Castigo que se exercita en cada Estado.

Porque os Súbditos non concederon ao Soberano tal dereito, soamente que ao depoñer os seus déronlle ao Soberano máis forza para exercitar o seu, tal como o coidase axeitado para a conservación de todos os deles; de maneira que non o entregaban senón que o cedían, e a el tan só, e (con excepción dos límites impostos pola Lei natural) tan por enteiro como na condición de mera natureza e máis de guerra de cada un contra do seu veciño.

Da definición de Castigo, deduzo, Primeiro, que nin vinganças privadas nin inxurias de particulares, poden ser coidadas axeitadamente como castigos, pois que non proceden da Autoridade pública.

Segundo, que ser preterido ou desprezado polo favor público non é un Castigo, porque non se lle impón ningunha pena nova a ninguén senón que se lle deixa no estado no que se atopaba anteriormente.

Terceiro, que a pena imposta pola Autoridade pública, sen unha condena pública precedente non pode ser axeitada co nome de Castigo senón co de acto hostil, porque o feito polo que un home é Castigado debe ser xulgado primeiro pola Autoridade pública ao ser unha transgresión da Lei.

Cuarto, que a pena imposta polo poder usurpado e por Xuíces sen Autoridade do Soberano non é Castigo mais un acto de hostilidade; porque os actos do poder usurpado non teñen por Autor a persoa condenada, e xa que logo non son actos da Autoridade pública.

Quinto, que toda pena que se impoña sen intención ou posibilidade de obrigar ao Delincuente ou (polo seu exemplo) a outros homes a obedecer as Leis, non é Castigo mais un acto de hostilidade porque sen tal fin non habería baixo dese nome ningún dano.

Sexto, verbo de certas accións hai, vencelladas por mor da Natureza, diversas consecuencias danosas, como cando un home ao asaltar a outro resulta el mesmo morto ou ferido, ou como cando enfermo como consecuencia dalgún acto ilegal; tal dano, aínda que con respecto a Deus, quen é o autor da Natureza, pode dicirse que foi imposto, e ao ser xa que logo un Castigo divino non pode levar o nome de Castigo respecto dos homes, porque non é imposto pola Autoridade do home.

Sétimo, se o dano que se inflixe é menor que o beneficio ou satisfacción que seguen ao delito cometido ese prexuízo non se pode definir, sendo máis o Prezo ou Redención que o Castigo dun Delito. Porque está na natureza do Castigo ter como finalidade a disposición dos homes a obedecer a Lei; finalidade (sendo inferior ao beneficio da transgresión) que non se acaba senón o seu efecto contrario.

Oitavo, se un Castigo foi determinado e prescrito na propia Lei, e logo de cometido o delito devén Castigo maior, o exceso non é Castigo senón acto de hostilidade. Porque vendo que o propósito do Castigo non é vinganza senón temor; e se o temor dun gran Castigo descoñecido vén afastado pola declaración dun menor, o engadido inesperado non é parte do Castigo. Mais cando non hai Castigo en absoluto determinado pola Lei, aquilo que se impón, sexa o que fose, ten a natureza dun Castigo. Porque quen se aventura a violar unha Lei que non ten unha penalidade determinada, debe agardar un Castigado indeterminado, ou sexa, arbitrario.

Noveno, o Dano causado por un Feito producido antes que houberse unha Lei que o prohibe, non é Castigo senón un acto de Hostilidade. Porque antes da Lei non pode haber transgresión Dela. Mais o Castigo supón un feito xulgado como transgresión da Lei. Xa que logo o Prexuízo cometido antes de que se promulgase a Lei non é Castigo mais un acto de Hostilidade.

Décimo, o Dano inflixido nun Representante do Estado non é Castigo mais un acto de Hostilidade. Porque vén na natureza do Castigo que esta sexa inflixido pola Autoridade pública que é soamente a Autoridade do Representante.

Finalmente, o Dano imposto a un inimigo declarado non recae baixo do nome de Castigo. Porque ao ver que os inimigos ou ben nunca estiveron suxeitos a esa Lei, e xa que logo non a poden transgredir, ou ao estar suxeitos a ela mais deixando de profesarlle devoción, rexeitan que poidan transgredila, todos os Danos que lles poidan ser feitos deben ser tomados como actos de Hostilidade. Mais nunha Hostilidade declarada toda imposición de pena é legal.

Do que se segue que se un súbdito, de feito ou palabra, consciente e deliberadamente rexeita a autoridade do Representante do Estado (sexa cal fose a penalidade promulgada anteriormente por Traizón) pode ser obrigado legalmente a sufrir todo canto desexa este.

Porque ao rexeitar a subxección fai o mesmo que foi ordenado pola Lei. Porque os Castigos establecidos pola Lei son para os Súbditos, non para os Inimigos; tal como son aqueles que ao ser Súbditos pola súa propia vontade, ao se revirar deliberadamente rexeitan o Poder Soberano.

A primeira, e máis xeral distribución de Castigos, é en *Divinos e Humanos*. Dos primeiros terei ocasión de falar, posteriormente, nun lugar máis axeitado.

*Humanos* son aqueles Castigos inflixidos por Mandato do Home, e poden ser *Corporais, Pecunarios, de Ignominia, Prisión* ou *Desterro*, ou unha mestura de todos eles.

*Castigo Corporal* é aquel inflixido no corpo directamente, cadrando coa intención de quen o inflixe: tal como a flaxelación, as feridas ou a privación de praceres do corpo tal como os reos viñan gozando con anterioridade.

Destes algúns son *Capitais*, outros menos *Graves* que os *Capitais*. O Capital consiste en Inflixir a Morte, ben directamente ou a través do tormento. Menos Graves que o Capital son a Flaxelación, as Feridas, as Cadeas e calquera outro Castigo corporal que non sexa mortal na súa natureza. Porque se na Imposición dun Castigo a morte non vai implícita na intención de quen Castiga, o Castigo non se coidará Capital aínda que o dano resulte mortal por un accidente non previsto; neste caso a morte non é inflixida senón acelerada.

O *Castigo Pecuniario* consiste non soamente na privación dunha Suma de Diñeiro mais tamén de Terras e de todos os bens que se adoitan mercar ou vender a cambio de diñeiro. E en caso de que a Lei que ordena semellante castigo fose feita coa idea de recadar diñeiro de quen a transgrida, non se trata propiamente dun Castigo, mais o Prezo do privilexio e exención da Lei que non prohibe absolutamente o feito senón a aqueles que non poden pagar o diñeiro, agás cando se trate dunha Lei Natural ou parte da Relixión; porque neste caso non é unha exención da Lei mais unha transgresión dela. Así cando unha Lei impón

unha multa Pecuniaria a quen toman o nome de Deus en van, o pago da multa non é o prezo dunha dispensa para xurar senón o Castigo dunha Lei indispensable. De idéntica maneira se a Lei impón que se pague unha Suma de Diñeiro a quen foi injuriado, isto non é senón a satisfacción do dano que lle causou, e extingue a acusación da parte injuriada pero non o delito do ofensor.

*Ignominia* é a imposición dunha Pena que resulta Deshonrosa ou a privación dun Ben mudado en Honorable dentro do Estado. Porque existen cousas Honrosas por Natureza como os efectos do Valor, Magnanimidade, Forza, Sabedoría e outras habelencias do corpo e mais da mente. Outras son feitas Honrosas polo Estado; como Insignia, Títulos, Oficios e calquera outra marca senlleira do favor Soberano. Os primeiros (aínda que poidan perderse por natureza ou accidente) non poden ser arrebatados por Lei; e xa que logo a súa perda non é Castigo. Mais os últimos poden ser retirados polo autoridade que os fixo Honrosos, e son Castigos en puridade; como degradar os condenados dos seus Títulos, Insignias ou Oficios, ou declarándoos incapaces deles no tempo por vir.

*Prisión* é cando un home é privado da liberdade pola Autoridade pública, e pode acontecer con dúas finalidades diferentes; unha, a custodia segura do home acusado, outra, a de inflixir dor ao condenado. O primeiro non é Castigo, porque ningún home debe ser castigado antes de que sexa escoitado e declarado culpable Xudicialmente. E daquela sexa cal fose o dano, por cadeas ou privacións, sufrido por un home antes de que a súa causa sexa oída e por riba do preciso para asegurar a súa custodia, vai contra da Lei da Natureza. Mais o último é Castigo porque se trata dunha Pena inflixida pola Autoridade pública por aquilo que a mesma Autoridade ten xulgado como Transgresión da Lei. So desta palabra Prisión entendo toda privación de movemento causada por un atranco externo, xa sexa un Edificio, coñecido polo nome xeral de Presidio, ou unha Illa, na que se obriga a confinarse aos homes, ou un lugar onde os

homes deben traballar, como cando nos vellos tempos se lles condenaba a ir ás Canteiras e nestes ás Galeras, ou a estar encadeados ou algún outro impedimento semellante.

*Exilio* (Deportación) é cando un home por mor dun delito debe deixar os dominios do Estado, ou saír dunha certa parte del, sen poder volver durante un tempo prefixado ou para sempre; semellando na súa propia natureza, sen outras circunstancias, ser máis que un Castigo unha fuxida ou un mandato público para evitar o Castigo liscando. E *Cicerón* di que nunca se ordenara semellante Castigo na Cidade de *Roma*, chamando a esta refuxio dos homes en perigo. Porque se un home é deportado, permitiéndolle en cambio gozar dos seus Bens e da Renda das súas Terras, o mero troco de aires non é Castigo nin isto tende ao proveito do Estado polo que se ordenan todos os Castigos (ou sexa, para formar as vontades dos homes na observación das Leis) senón moitas veces ao prexuízo do Estado. Porque un Deportado é un inimigo legal do Estado que o deportara, ao non ser xa un Membro deste. Mais se é privado, conxuntamente, das súas Terras ou Bens, daquela o Castigo non vai no Exilio mais debe coidarse entre os Castigos Pecuniarios.

Todos os Castigos dos súbditos Inocentes, sexan grandes ou pequenos, van contra da Lei da Natureza. Porque o Castigo é tan só para a Transgresión da Lei e xa que logo non pode darse o Castigo do Inocente e é xa que logo unha violación, Primeiro, desa Lei da Natureza que prohibe a todos os homes, nas súas vinganzas, procurar nada que non sexa algún ben futuro. Porque non pode chegar ningún ben ao Estado Castigando o Inocente. En segundo lugar, porque esa lei prohibe tamén a Ingratidade; porque vendo que todo o Poder Soberano xorde orixinalmente polo consentimento de cada un dos seus Súbditos, coa finalidade de que sexan protexidos por el mentres observan obediencia, o Castigo do Inocente é render Mal por Ben. E en terceiro lugar, viola a Lei que ordena Equidade, isto é, unha distribución equitativa da Xustiza, que non se observa Castigando o Inocente.

Mais a Imposición da pena que sexa a un Inocente, que non sexa Súbdito, se é para proveito do Estado, sen violación de ningún Pacto previo, non supón quebranto da Lei da Natureza. Porque todos os homes que non son Súbditos ou ben son Inimigos ou deixaron de selo por pactos anteriores. Pero contra Inimigos, a quen o Estado coidou merecentes de ser castigados, é legal polo Dereito da Natureza orixinal facerlles a guerra. De aí que a Espada non xulgue, nin faga que o Vencedor distinga entre Culpable e Inocente, como no tempo anterior; nin ten máis consideracións de piedade que as que conducen ao ben da súa propia Xente. E neste senso acontece tamén que en Súbditos que rexeiten deliberadamente a Autoridade do Estado establecido a vinganza esténdese legalmente non soamente aos Pais mais tamén á terceira e cuarta xeración aínda por vir, e consecuentemente inocentes do feito que os aflixe; porque a natureza do seu delito consiste en renunciar á subordinación, o que vén sendo unha recaída na condición de guerra, chamada comunmente Rebelión, e que os que así delinquen sofren non como Súbditos mais como inimigos. Porque a *Rebelión* non é outra cosa que a guerra anovada.

RECOMPENSA: pódese dar como *Gratificación* ou *Contrato*. Cando é por Contrato, recibe o nome de *Salario* ou *Soldo*, e vén sendo un proveito que se outorga por servizo realizado ou prometido. A Gratificación consiste nun beneficio procedente da *graza* de quen a outorgan para estimular ou capacitar os homes para que lles presten servizo. E xa que logo cando o Soberano dun Estado sinala un Salario a calquera Oficio público, quen o recibe vén obrigado en Xustiza a levar adiante o seu mester; doutra maneira está obrigado por honor a recoñecemento e propósito de restitución. Porque aínda que os homes non teñan escusa legal, cando se lles pide que deixen os seus choios privados para satisfacer un público, sen Recompensa ou Salario, non veñen obrigados pola Lei da Natureza nin pola Institución do Estado a menos de que o



servizo non se dea feito doutra maneira; pois que xa se supón que o Soberano pode facer uso de todos os seus medios, tanto como o Soldado máis común pode demandar o soldo dos seus quefaceres bélicos a xeito de débeda.

Os beneficios que un Soberano outorgue a un Súbdito, por medo a algún poder ou habelencia que teña para facer dano ao Estado, non son en puridade Recompensas; pois que non son Salarios, xa que neste caso non se espera ningún contrato, ao estar cada home obrigado a non deixar de servir ao Estado; nin tampouco son Grazas, porque veñen outorgadas pola extorsión por causa dun medo que non deberá afectar o Poder Soberano, senón máis ben Sacrificios que o Soberano (coidando na súa persoa natural e non na do Estado) fai, porque ao sosegar o descontento daquel que coida máis poderoso que el mesmo, non fai por animalo á obediencia mais, ao contrario, á continuidade e medra da futura extorsión.

Mentres que algúns Salarios son seguros e proceden do público Tesouro, outros son inseguros e ventureiros e proceden da execución do mester para o que se ordenaran, sendo no último caso gravosos para o Estado, cal no caso da Xudicatura. Porque cando os beneficios dos Xuíces e Ministros da Corte de Xustiza, xorde da chea de Causas que traen para o seu coñecemento, aparecen necesariamente dos Obstáculos: Un, o aprovisionamento de cotas, porque a máis cotas, meirande beneficio, e outro que depende do que vén sendo litixio verbo da Xurisdición; cada Corte atraendo para ela cantas Causas poida. Mais nos mesteres de carácter Executivo non existen semellantes Obstáculos, porque os seus choios non poden medrar por ningunha solicitude propia. E isto deberá abondar igualmente para a natureza dos Castigos e Recompensas, que veñen sendo os Nervios e Tendóns que moven os membros e articulacións dun Estado.

Deste xeito teño determinado a natureza do Home (a quen o Orgullo e outras Paixóns fixeron que se sometese el mesmo

ao Goberno) xunto co grande poder do seu Gobernador, a quen comparei con *Leviatán*, tirando a comparación dos dous derradeiros versículos do Capítulo corenta e un de Xob, cando Deus unha vez determinado o grande poder de *Leviatán* chamoulle Rei da Arrogancia. *Non hai nada, di, que se lle poida comparar na terra. Está feito de maneira que non coñece o medo. Ve todas as cousas altas debaixo súa, e é o Rei de todos os fillos do orgullo.* Mais porque é mortal e suxeito á decadencia como todas as demais criaturas Terreais, e porque existe no ceo (aínda que non na terra) a quen temer e de quen debe obedecer as Leis, contarei nos seguintes Capítulos as súas Doenzas e as causas da súa Mortalidade, e que Leis da Natureza ven obrigado a seguir.

### **Capítulo XXIX. Das cousas que debilitan ou tenden a disolver o Estado**

Aínda que nada do que os homes fan pode ser inmortal, se os homes empregasen a razón da maneira que finxen facelo, poderían, cando menos, evitar que os seus Estados finasen por mor de males internos. Pois que, pola natureza da súa institución veñen obrigados a vivir tanto tempo coma a humanidade, ou tanto coma as leis da natureza ou a propia xustiza que lles dá vida. Xa que logo cando son disolvidos, non por violencia externa mais por desorde intestina a causa non está nos homes en canto que materia senón pois que son eles quen a modelan e organizan. Porque os homes cando finalmente cansan de ataques mutuos e desexan de todo corazón mudar nun edificio sólido e duradeiro, por falta ou de arte para facer leis axeitadas para dirixir as súas accións, ou tamén da humildade e paciencia para aceptar que suprimen os aspectos groseiros e ruíns da súa grandeza actual, non conseguen sen a axuda dun arquitecto moi habelencioso vencellarse noutra cousa que non sexa un edificio desordenado, o cal, aínda que dea aturado a súa propia época acabará caendo riba da cabeza da posterioridade.

Desta maneira entre as doenzas dun Estado incluirei en primeiro lugar aquelas que teñen orixe nunha institución imperfecta, asemellándose ás doenzas dun corpo natural que provén dunha procreación defectuosa.

Esta é unha desas doenzas: Un home para acadar un reino, conténtase moitas veces con menos poder do preciso para a paz e defensa do Estado. Disto séguese que cando o exercicio do poder é asumido para a salvación pública, ten a aparencia dun acto inxusto que predispón á revolta a un número grande de homes (cando se presenta a ocasión); da mesma maneira que os corpos dos nenos xerados por pais doentes son suxeitos ou ben á morte ou a purgar as enfermidades, que se derivan da súa concepción ruín, rompendo en cálculos e pústulas. E cando os Reis rexeitan ese Poder tan preciso non o fan sempre (aínda que si ás veces) por ignorancia do que é necesario para o mester que os ocupa, senón moitas veces para recuperalo cando lles pete. Non obstante, non razoan ben, porque os que antes mantiñan o seu poder poden ser protexidos polos Estados estranxeiros, quen coa finalidade de favorecer os Súbditos propios non deixarán pasar ocasión de facer *minguar* a condición dos seus Veciños. Así fora *Tomas Becket*, Arcebispo de *Canterbury*, apoiado contra *Henrique Segundo* polo Papa; a subxección dos Eclesiásticos ao Estado foi dispensada por *Guillermo o Conquistador* á súa recepción, cando tomara o Xuramento de non infrinxir a liberdade da Igrexa. E tal fixeron os *Baróns*, que aumentaron o seu poder por *Guillermo Rufo* (para que o axudasen a transferir a Sucesión do seu irmán Maior a el mesmo) ata un grao incompatible co Poder Soberano, mantido na súa Rebelión contra do Rei *Xoán* polos Franceses.

Isto non acontece soamente na Monarquía. Porque mentres que o antigo Estado Romano se baseaba no *Senado e o Pobo de Roma*, nin o Senado nin o Pobo ansiaban todo o Poder, causante, primeiro, das sedicións de *Tiberio Graco*, *Caio Graco*, *Lucio Saturnino* e outros, e máis tarde das guerras entre o Senado e o

Pobo, baixo *Mario e Sila*, e de novo baixo *Pompeio e César*, ata a Extinción da Democracia e o establecemento da Monarquía.

O pobo de *Atenas* obrigárase a unha única acción, que ningún, baixo pena de morte, propuxera que se volvese acometer a guerra pola Illa de *Salamina*. E así e todo se *Solón* non provocase que o tomasen por louco, e logo, con xestos e hábitos de tolo, e en verso, propuxese tal cousa ao Pobo amoreado ao redor del, terían en perpetua ameaza a un inimigo mesmo ás portas da súa cidade. Así pois semellantes prexuízos e alteracións obrigan a todos os Estados a limitar o seu Poder por pouco que sexa.

En segundo lugar observo as *Doenzas* dun Estado que proceden do veneno de doutrinas sediciosas, unha das cales: *Que cada particular é Xuíz das accións Boas e Malas*. Isto é certo na condición da mera Natureza, cando non hai Leis Cívís, e tamén baixo dun Goberno Civil, con casos aínda non determinados pola Lei. Polo demais maniféstase que a medida das accións Boas e Malas é Lei Civil, e o Xuíz, o Lexislador, Representante sempre do Estado. Por mor desta falsa doutrina os homes están dispostos a debater con eles mesmos e disputar os mandamentos do Estado, e logo a obedecelos e desobedecelos cal como coiden axeitado nos seus xuízos privados. Consecuencia disto o Estado cae en distraccións e *Enfraquece*.

Outra doutrina repugnante á Sociedade Civil é a que di que *faga o que faga o home contra da súa Conciencia é pecado*; dependendo da presunción de facelo xuíz do Ben e mais do Mal. Porque a Conciencia dun home e o seu Xuízo son a mesma cousa, e igual que o Xuízo tamén a Conciencia pode ser errónea. Xa que logo aínda que non esta suxeito a ningunha Lei Civil peca en todo canto fai contra da súa Conciencia, porque non ten máis normas que seguir que a súa propia razón, mais non acontece isto con aquel que vive nun Estado; porque a Lei é a Conciencia pública baixo da cal debe ser guiado. Doutra maneira en tal diversidade como hai de Conciencias privadas, que non son máis que opinións particulares, haberá confusión

no Estado e ningún home quererá obedecer o Poder Soberano alén do que lle pareza ben aos seus ollos.

Ensinouse comunmente *Que a Fe e a Santidade non se acadan polo Estudo e a Razón senón por Inspiración sobrenatural ou Infusión*. Concedido isto non vexo por que ningún home deba render razón da súa Fe, ou por que cada Cristián non deberá ser tamén un Profeta, ou por que cada home ten de coller a Lei do seu País antes que a súa propia Inspiración como norma da súa acción. E de aí que volvamos caer de novo no erro de botar riba nosa Xulgar do Bo e mais do Malo, e mudar en Xuíces a particulares que pretenden estar Inspirados sobrenaturalmente para a Disolución de todo o Goberno Civil. A Fe chega de escoitar, e do escoitar daqueles accidentes que nos guían á presenza de quen nos falan; accidentes todos arbitrados polo Deus Todopoderoso, mais que aínda así non son sobrenaturais mais de imposible contemplación soamente polo grande número deles que concorren a todos os efectos. Fe e Santidade non son en verdade moi frecuentes, pero non son Milagres senón calidades achegadas pola educación, disciplina, corrección e outras vías naturais polas que Deus actúa no seu elixido cando o coida axeitado. E estas tres opinións, perniciosas para a Paz e o Goberno, procederon nesta parte do mundo sobre todo das linguas e as plumas de Divinos pouco sabidos, quen agrupando as palabras das Sagradas Escrituras, de maneira diferente ao que a razón admite, fan pensar os homes que a Razón Natural e a Santidade non poden ir vencelladas.

Unha cuarta opinión, repugnante á natureza do Estado é esta, *Que o que ten o Poder Soberano está suxeito ás Leis Civís*. É certo que os Soberanos están todos suxeitos ás Leis da Natureza, porque esas leis son Divinas, e non poden ser derogadas por ningún home ou Estado. Mais non está suxeito a aquelas Leis feitas polo propio Soberano, isto é, o Estado. Porque vir suxeito ás Leis é facelo co Estado, isto é, ao Representante Soberano, que é el mesmo; o que non é suxeición mais liberdade das Leis. O que é

un erro, porque isto pon as Leis por riba do Soberano, poñendo tamén un Xuíz por riba del e un Poder para castigalo; e de novo pola mesma razón, un terceiro para castigar o segundo, e así seguido, sen parar, ata chegar ao Caos e á Disolución do Estado.

Unha Quinta doutrina que tende á Disolución dun Estado di *Que cada particular ten unha Propiedade absoluta nos seus Bens, tal que exclúe o Dereito do Soberano*. Cada home ten en verdade un Dereito de Propiedade que exclúe o dos demais Súbditos e tena soamente do Poder Soberano, porque sen a súa protección todos os homes terían idéntico Dereito ao mesmo. Mais se o Dereito do Soberano fica tamén excluído non pode exercitar o mester que lle outorgaran, ou sexa, defender os súbditos dos inimigos e das injurias dos outros, e —consecuentemente— deixaría de haber un Estado.

E se a Propiedade dos Súbditos non exclúe o Dereito aos seus Bens do Representante Soberano, moito menos aos encargados da Xudicatura e Execución, nos cales Representan ao propio Soberano.

Hai unha Sexta doutrina, que vai sinxela e directamente contra da cerna do Estado. E é esta: *Que o Poder Soberano non se pode dividir*. ¿Porque que é dividir o Poder dun Estado senón disolvelo? Porque os Poderes divididos esnaquízanse mutuamente. E por mor destas doutrinas os homes terman principalmente de quen facendo profesión das Leis tratan de facelas depender das súas ensinanzas e non do Poder Lexislativo.

E pois que é unha Doutrina Falsa, acontece tamén a miúdo que o Exemplo dun Goberno diferente nunha Nación veciña predispón os homes á alteración dunha forma previamente artellada. Así os Xudeus foron empurrados a rexeitar a Deus e a chamar ao Profeta *Samuel* Rei. Igualmente as Cidades máis pequenas de *Grecia* viñan alteradas decote con sedicións das faccións Aristotélicas e Democráticas; unha parte de case cada Estado desexando imitar os Lacedemonios, a outra, os Atenenses. E non teño dúbida de que moitos homes se conten-

tarían de ver os derradeiros disturbios en *Inglaterra* cal se fosen unha imitación dos Países Baixos, coidando que para facerse máis ricos non tiñan senón mudar, como estes fixeran, as formas do seu Goberno. Porque a constitución da natureza humana está de seu suxeita ao desexo de novidades. Xa que logo, cando se senten provocados a facer o mesmo que aqueles veciños que se enriqueceron, é case que imposible non cadrar cos que lles solicitan cambiar, prestándolles os comezos aínda que lles amole a continuidade das desordes, tal como aqueles pouco pacientes que padecendo dun próido non fan senón rañarse coas unllas ata que non dan aturado máis.

Consonte á Rebelión en particular contra da Monarquía, un dos casos máis frecuentes é a Lectura de libros de Política e Historias dos antigos Gregos e Romanos, das que os novos e todos os demais desprovistos dos Antídotos da Razón sólida reciben unha impresión potente e pracenteira dos grandes proveitos das guerras atinxidos polos Caudillos dos seus Exércitos. Achegando desta maneira unha Idea grata de canto fixeron, imaxinando que a súa grande prosperidade non procede da emulación dos particulares senón da virtude da súa forma popular de goberno. Sen coidar nas frecuentes Sedicións e guerras Civís producidas polas imperfeccións da súa Política. Da lectura, xa digo, de semellantes libros os homes tiraron a idea de matar os seus Reis porque os escritores Gregos e Latinos nos seus libros e discursos de Política mudaron en legal e loable que calquera home o fixese. Porque non din que sexa legal o *Rexicidio*, ou sexa, matar a un Rei, senón o *Tiranicidio*, ou sexa, matar a un Tirano. Dos mesmos libros os que viven baixo dunha Monarquía tiran a opinión de que os Súbditos nun Estado Popular gozan de Liberdade, mais os que o fan nunha Monarquía son Escravos. Mais eu sosteño que os que viven so dunha Monarquía conciben opinión semellante, non así os que viven baixo dun Goberno Popular, porque non atopan tal materia. En resumo, non dou imaxinado como nada pode ser máis prexudicial para unha

Monarquía que consentir que semellantes libros sexan lidos publicamente sen que se apliquen correccións de Mestres discretos preparados para afastar o seu Veleno. Veleno que non dubido en comparar coa trabadela dun Can louco, esa doenza que os Físicos chaman *Hidrofobia* ou *medo á Auga*. Porque aquel a quen o trabasen vén decote atormentado pola sede e, ao tempo, aborrece a auga, nun estado tal como se o veneno fixese corpo nel ata mudalo en Can. Así, cando unha Monarquía é trabada ao vivo por eses escritores Democráticos que non deixan de rosmar diante de tal réxime, non fai falla senón un Monarca forte, a quen —non obstante— cando o teñen, por causa dunha certa *Tiranofobia* ou medo de ser gobernados con forza, non deixan de aborrecer.

Igual que houbo Doutores que sosteñen que no home hai tres Almas, hai tamén quen pensa que pode haber máis Almas (isto é, máis Soberanos) que un por Estado, e erguen unha *Supremacía* contra da *Soberanía*, *Canons* contra *Leis*, e unha *Autoridade Espiritual* contra da *Civil*, traballando nas mentes dos homes con palabras e distincións que de seu nada din, mais que mostran (na súa escuridade) que avanza (aínda que se coide invisible) outro Reino, cal se fose un Reino de Fadas, no escuro. Ora, vemos manifesto que o Poder Civil e o Poder do Estado son a mesma cousa, e que a Supremacía e o Poder de facer Canons e outorgar Facultades implica un Estado; do que se segue que onde un é Soberano, o outro é Supremo, onde un pode facer Leis, o outro, Canons ten de haber dous Estados para os mesmos Súbditos, o que vén sendo un Reino dividido en si mesmo e que non pode durar. Porque deixando á parte a insignificante distinción entre *Temporal* e *Espiritual* fican aínda dous Reinos e cada Súbdito vén suxeito a dous Amos. Porque vendo que o Poder *Espiritual* se arroga o Dereito de declarar que é Pecado, arrógase consecuentemente o de declarar que é Lei (o Pecado non é senón a transgresión da Lei). De maneira que o Poder Civil ao arrogarse o declarar que é Lei fai que cada



Súbdito deba obedecer a dous Amos, pois que ambos quererán que os seus Mandatos sexan observados como Lei, cousa imposible. E se non hai máis que un Reino, o *Civil*, que é o Poder do Estado debe subordinarse ao *Espiritual* e non hai daquela máis *Soberanía* que a *Espiritual*, ou ben esta terá de subordinarse á *Temporal* e non hai entón máis *Supremacía* que a *Temporal*. Xa que logo cando estes dous Poderes se opoñen un ao outro o Estado non poderá estar senón nun grande risco de Disolución. Porque a Autoridade *Civil*, ao ser máis visible e estar á luz nidia da razón natural non pode escoller mais que atraer cando ela en todo momento unha parte moi considerable da xente. E a *Espiritual*, aínda que se atope na escuridade das distincións Escolásticas e os seus pouco doados discursos, precisamente porque o medo á Escuridade e aos Espíritos é meirande que outros medos, non pode desexar un partido abondo para Desacougar e, ás veces, Esnaquizar o Estado. E esta é unha Doenza que se pode comparar axeitadamente coa Epilepsia, ou Perda do Equilibrio (que os Xudeus tomaron como unha posesión polos Espíritos) no Corpo Natural. Porque así como nesta Doenza hai un espírito non natural, ou vento na cabeza que atranca as raíces dos Nervios, apoderándose ao mexelos violentamente do movemento que deberan ter naturalmente do poder da Alma nos Miolos, causando mocións violentas e irregulares (que os homes chaman Convulsións) nos distintos membros; ata o extremo de que aquel así dominado cae ás veces na auga, outras, no lume, cal un home privado dos seus sentidos; o mesmo acontece no Corpo Político, cando é o poder *Espiritual* o que fai bulir os Membros dun Estado polo temor aos castigos e aos desexos de recompensas (que son os seus Nervios) máis que polo Poder *Civil* (ou sexa, a Alma do Estado), que é o que debería facelos bulir. E ao afogar a súa capacidade de comprensión con discursos estraños e pouco doados, trastornan necesariamente ao pobo, esganando ao Estado con Opresión ou proxectándoo no Lume dunha guerra Civil.

Ás veces, no que soamente é goberno Civil hai máis dunha Alma. Como cando o Poder de recadar diñeiro (ou sexa, a facultade Nutritiva) depende dunha Asemblea xeral, o Poder de conducir e mandar (a facultade do Motivo) fica nun home, e o Poder de facer Leis (ou sexa, a facultade Racional) no consentimento accidental non soamente nestes dous, mais tamén nun terceiro. Isto pon en perigo ao Estado, ás veces porque lle manca semellante Nutrición como é precisa para a Vida e mais o Movemento. Porque aínda que poucos se decaten de que semellante goberno non é tal senón división do Estado en tres Faccións, levando así o nome de Monarquía mista, por máis que a verdade sexa que non hai un Estado independente mais tres Faccións independentes, non unha Persoa Representativa senón tres. No Reino de Deus pode haber tres Persoas independentes, sen que se rache a unidade no Deus Rei, mais onde Reina o home, suxeito á diversidade de opinión, non pode ser así. E xa que logo se o Rei porta a persoa da Xente, e a Asemblea xeral adopta tamén a persoa da Xente, e outra Asemblea fai o propio coa persoa dunha Parte da xente, non sendo unha Persoa, nin un Soberano, mais tres Persoas e tres Soberanos.

A que Doenza do Corpo Natural do home podo comparar con exactitude esta irregularidade dun Estado, non o sei. Mais teño visto a un home que tiña outro home medrando pegado a el, con cabeza, brazos, peito e bandullo propios. Se tivese outro home medrando pegado ao seu outro lado a comparación podería ser exacta.

De aí que teña nomeado semellantes Doenzas do Estado como do perigo meirande actual. Pode haber outras, non tan grandes, mais que non son tan axeitadas para ser observadas. Como primeira, a dificultade de achegar diñeiro para os usos precisos do Estado, cando vén a guerra. Esta dificultade xorde da opinión de que cada Súbdito ten a Propiedade das súas terras e bens, excluindo o Dereito do Soberano para o uso destes. Do que se deduce que o Poder Soberano, que prevé as necesidades e peri-

gos do Estado (atopando o traspaso do diñeiro ao Tesouro público obstruído pola teimosía da xente) deberá aplicarse a bater con estes riscos e telos en conta nos seus comezos, restrinxíndose canto lle sexa posible, e cando non loitando coa xente con falcatruadas legais para achegar pequenas sumas, que ao non abondar empúrrao á violencia ata conseguir ese orzamento ou, caso contrario, Finar; e sendo moitas veces levado a estes extremos termina reducindo á xente á actitude axeitada pois se non é así o Estado finará. De maneira que podemos comparar esta Enfermidade cunha Febre Intermitente, estando as partes carnosas conxeladas ou obstruídas por materia pezoñenta; as Venas ao baldeirarse no Corazón seguindo o curso natural, non son (como deberan) subministradas desde as Arterias, do que lles acontece primeiro unha contracción fría e un tremor dos membros e logo un esforzo forte e violento do corazón para forzar a pasaxe do Sangue, contentándose, ata que isto se dea producido, cos pequenos alivios das cousas que de momento refrescan, ata que (se a Natureza é abondo forte) termina rachando coa teimosía da parte obstruída disolvendo o veneno en suor ou (se a Natureza é feble de máis) o Paciente morre.

Dáse ás veces nos Estados unha Doenza que lembra a Pleuresía, e que consiste, cando o Tesouro do Estado saíndo do seu curso normal fai por amorearse, de máis, nun cantos particulares, a través de Monopolios ou Contratos de Rendas Públicas, do mesmo xeito que o Sangue nunha Pleuresía, ao se introducir nas Membranas do peito, produce Inflamación e proídos magoantes.

Igualmente, a Popularidade dun Súbdito poderoso (a menos de que o Estado ande con moito tento coa súa fidelidade) é unha Doenza perigosa, porque a xente (que debера recibir o seu movemento da Autoridade do Soberano) por mor da adulación e pola reputación dun home ambicioso, son afastadas da súa obediencia ás Leis, para seguir a un home do que descoñecen virtudes e designios. E isto adoita ser de máis perigo nun Goberno

Popular que nunha Monarquía, porque un Exército é de forza e número tan grande que pode facer doadamente crible que se trata do Pobo. Deste xeito foi como *Xulio César*, quen fora alzado polo Pobo contra do Senado e atinxido o afecto do seu Exército, mudou en Caudillo, tanto do Senado como do Pobo. E esta maneira de actuar de homes populares e ambiciosos é Rebelión, pura e dura, e pode recordar os efectos da Bruxería.

Outra enfermidade do Estado é a grandeza inmoderada dunha Cidade, cando é quen de tirar do seu propio Ámbito, a cantidade de xente e o gasto que supoñen un Exército grande. Como tamén o grande número de Corporacións, que son como se fosen Estados moito máis pequenos nos intestinos dun meirande, como vermes nas entrañas dun home natural. Ao que se lle pode engadir a Liberdade de Disputar contra do Poder absoluto por aspirantes á Prudencia Política, que aínda que mantidos maiormente no Vento que sopra do pobo; mais animados polas Falsas Doutrinas non fan senón remexer coas Leis Fundamentais amolando o Estado como eses vermiños que os Físicos chaman *Ascárides*.

Podemos aínda engadir o apetito insaciable, ou *Bulimia*, de agrandar os dominios, coas *Feridas* recibidas moitas veces dos inimigos; e nos *Tumores*, de conquistas por consolidar, que son a miúdo unha carga e con menos perigo perdidas que mantidas. Como tamén o *Letargo do doado* e a *Consunción* dos Motíns e da Dilapidación.

Finalmente, cando nunha guerra (con foráneos ou intestina) e os inimigos acadan a Vitoria final, en tanto que as forzas do Estado no sigan no campo máis tempo, non ficará protección para os Súbditos que lles sexan leais; daquela o Estado DISÓLVESE e cada home ten liberdade para protexerse das maneiras que lle suxira a súa discreción. Porque o Soberano é a Alma pública que dá Vida e Movemento ao Estado; de xeito que ao finar os seus Membros xa non están gobernados por el non máis que a Carcasa dun home pola súa ausente (aínda que

Inmortal) Alma. Porque por máis que o Dereito dun Monarca Soberano non poida extinguirse polo acto doutro as Obrigas dos seus membros, si. Pois que o que desexa protección pode procurala en calquera parte, e cando a teña (sen a preten- sión fraudulenta de se ter sometido por medo) coidar da súa Protección canto lle sexa posible. Mais unha vez que se suprima o Poder dunha Asemblea, o seu Dereito deixa de existir, porque a Asemblea fica extinta de seu, e consecuentemente non hai posibilidade de que se reincorpore a Soberanía.

### **Capítulo XXX. Do mester do Representante Soberano**

O MESTER do Soberano (sexo un Monarca ou unha Asemblea) ten como finalidade, para a que se lle confiara o Poder Soberano, nomeadamente a procura *da seguridade da xente*; á que vén obrigado pola Lei da Natureza e a renderlle contas a Deus, o Autor desa Lei, e a ninguén que non sexa El. Mais a Seguridade neste caso non quere dicir unha mera Conservación da vida, que cada home por Industria legal, sen perigo nin dano para o Estado, deberá conseguir para el mesmo.

E isto tería de facerse, non por coidados que se apliquen aos Individuos, alén de protexelos de danos cando presenten queixas, senón a través dunha Providencia xeral contida nunha Instrución pública, de Doutrina e Exemplo; e na feitura e execución de Leis axeitadas ás que os particulares poidan aplicar os seus propios casos.

E porque, caso de que os Dereitos esenciais de Soberanía (especificados con anterioridade no Capítulo dezaeito) sexan afastados, o Estado será disolvido, e os homes devoltos á condición calamitosa da guerra cos seus conxéneres (o mal meirande que poida acontecer en vida,) é o Mester do Soberano manter por enteiro eses Dereitos indo consecuentemente contra do seu deber, Primeiro, transferíndoo a outro ou rexeitando algún deles. Porque quen deserta dos Medios, deserta das Fins; e

rexeita dos Medios quen sendo Soberano recoñece vir suxeito ás Leis Cívís e renuncia ao Poder da Xudicatura Suprema, ou de proclamar a Guerra ou a Paz pola súa propia Autoridade, ou de Xulgar as Necesidades do Estado, ou o de recadar Diñeiro ou recrutar Soldados cando os coide precisos en conciencia, ou o de nomear Profesores e examinar que Doutrinas son conformes ou contrarias á Defensa, Paz e Beneficio da xente. En segundo lugar, vai contra do seu Deber deixar que a xente ignore ou estea mal informada dos fundamentos e razón dos Dereitos esenciais que lle son propios a el, xa que desta maneira resulta máis doado seducir os homes e resistir ao Soberano cando o Estado precise do seu emprego e exercicio.

E os fundamentos deses Dereitos teñen necesidade de ser ensinados sincera e dilixentemente, porque non se lles pode manter por Lei Civil ningunha ou medo a un castigo legal. Porque unha Lei Civil que prohiba a Rebelión (e non outra cousa é toda resistencia aos Dereitos esenciais de Soberanía) non é (en canto que Lei Civil) unha obriga, senón soamente por virtude da Lei da Natureza que prohibe a violación da Fe; e se os homes non coñecen esta obriga natural non poden entender o Dereito de ningunha Lei promulgada polo Soberano. E tomarán o Castigo como un acto de Hostilidade, que cando coiden ter forza abondo tenderán a evitar por medio de actos hostís.

Igual que teño sentido a algúns dicir que a Xustiza non é senón unha palabra sen substancia, e que calquera cousa que un home poida achegar para el mesmo por forza ou arte (non soamente na condición de guerra mais tamén no Estado) pasa ser propia, o que teño demostrado ser falso, hai quen mantén que non hai fundamentos nin Principios de Razón para termar deses Dereitos esenciais, que mudan a Soberanía en absoluta. Porque se os houberse serían atopados nun lugar ou noutro, mentres que vemos que nunca existiu un Estado onde eses Dereitos fosen recoñecidos ou disputados. Arguméntase de tal xeito co mesmo erro que se os pobos Salvaxes de América denegasen que hou-

bera fundamentos ou Principios da Razón para construír unha casa tanto como durasen os materiais, porque eles nunca viran nada tan ben construído. O Tempo e mais a Industria producen decotío novos coñecementos. E igual que a arte de construír ben deriva dos Principios da Razón, observados polos homes industriosos que teñen estudado de vagar a natureza dos materiais e os diversos efectos da figura e proporción, moito tempo despois de que a humanidade comezase (aínda que pobremente) a construír; de idéntica maneira de que co tempo os homes comezasen a facer Estados, imperfectos e proclives a desaxei-tarse, puideron atopar por medio dunha meditación industriosa Principios de Razón para mudar a súa constitución (agás por mor dunha violencia externa) duradeira. E tales son os que des-exaba examinar neste discurso. Que non teñan chegado á vista de quen teñen Poder para empregalos, ou ser rexeitados ou non por eles é cousa que me concirne, a día de hoxe, moi pouco. Mais supoñendo que os meus non sexan Principios de Razón aínda así estou seguro de que son Principios de Autoridade de Escritura, tal como farei notar cando chegue falar do Reino de Deus (administrado por *Moisés*) sobre os Xudeus, ao seu pobo elixido a través dun Pacto.

Pero teñan en que aínda que os Principios sexan correc-tos a xente do Común non ten capacidade abondo como para entendela. Eu daríame por contento se os Ricos e os Súditos Poderosos dun Reino, ou aqueles que se coidan os máis Sabidos, non fosen menos incapaces que aqueles. Mais todos os homes saben que os atrancos a esta caste de doutrina procede non tanto da dificultade do choio como do interese daqueles que deben aprender. Os Poderosos aturan dificilmente nada que dispoña un Poder que os limite, e os Sabidos aquilo que descubra os seus erros, facendo minguar así a súa Autoridade; mentres que as mentes da Xente do Común, a menos de que veñan condicionados pola dependencia dos Poderosos, ou atordados pola opinión dos seus Doutores son como papel en branco, dis-

posto e recibir todo o que se imprima neles. ¿Serán traídas todas as Nacións á *aquiescencia* nos grandes Misterios da Relixión Cristiá, que están por riba da Razón; e millóns de persoas feitas crer que o mesmo Corpo poida estar en moitos lugares, ao mesmo tempo, o que vai contra da Razón; e non serán quen de acreditar, pola súa ensinanza e predicación, protexidas pola Lei, o que é consonante á Razón, que calquera home sen prexuízos non precisa máis para aprendelo que escoitalo? Disto conclúo que na instrución da xente nos Dereitos Esenciais (que son as Leis Naturais e Fundamentais) de Soberanía non hai dificultade (mentres que un Soberano manteña o seu Poder enteiro) senón as que procedan dos erros propios, ou dos daqueles aos que confía a administración do Estado, e consecuentemente é o seu Deber instruílos, e non soamente o seu Deber mais tamén o seu Proveito e Seguridade contra do risco que da rebelión dea chegado a el na súa Persoa natural.

E (descendendo a particulares), á Xente cómpre ensinarlle, Primeiro, que non deberían namorar de calquera forma de Goberno que vexan nas Nacións veciñas, máis do que da propia (por moita prosperidade que observen en Nacións gobernadas doutra maneira que na súa), nin desexar cambios. Pois que a Prosperidade dunha Xente rexida por unha asemblea Aristocrática ou Democrática non vén da Aristocracia nin da Democracia senón da Obediencia e Concordia dos Súbditos, nin o pobo medra nunha Monarquía porque un home teña o dereito de rexelos senón porque o obedecen. Afastade en calquera caste de Estado a Obediencia (e xa que logo a Concordia da Xente) e veredes non soamente como non medran senón como se disolven en pouco tempo. E aqueles que optan pola desobediencia, para non facer outra cousa que reformar o Estado, atoparán que o único que fan é destruílo, como as tordas fillas de *Peleo* (na fábula), que ansiando retornarlle a mocidade ao seu decrepito Pai, seguindo o Consello de *Medea*, esnaquizárono, cocéndoo con estrañas herbas, mais sen dar feito del un home novo. Este



desexo de cambio é como rachar co primeiro dos Mandamentos de Deus. Porque nel dinos Deus, *Non habebis Deos alienos*; Non adorarás o Deus doutras Nacións, e noutro lugar, concernindo os *Reis*, di que son *Deuses*.

En segundo lugar, cómpre ensinarlles que non os debe conducir a admiración pola virtude de ningún dos demais Súbditos, por altos que estean, nin por moito que brillen no Estado; nin de ningunha Asemblea (agás a Asemblea Soberana) como para outorgarlle obediencias ou honores axeitados soamente ao Soberano, a quen (nas súas respectivas sedes) representan, nin de recibir influencia ningunha deles senón aquela que proceda da Autoridade Soberana. Porque non se pode imaxinar a ese Soberano amando o seu Pobo cando está celoso del e sen permitir que sexa, polos afagos dos homes Populares, ser seducido e afastado da súa lealdade, como ten acontecido a miúdo, e non só en segredo mais abertamente, como para proclamar Matrimonio con eles *in facie Ecclesiae* polos Predicadores, e publicando mesmo abertamente nas rúas, o que se pode comparar axeitadamente coa violación do segundo dos dez Mandamentos.

En terceiro lugar, e como consecuencia disto, deben ser informados de que gran falta é esta; falar mal do Representante Soberano (trátase Dun home ou dunha Asemblea deles) ou argumentar ou disputar o seu Poder, ou empregar o seu Nome irreverentemente, de maneira que poida caer en Desprezo polo seu Pobo, e a súa Obediencia (na que se basea a seguridade dun Estado) moi minguada. A esta doutrina apunta por analoxía o terceiro Mandamento.

En cuarto lugar, vendo que ao pobo non se lle pode ensinar todo isto, nin cando se lle ensina facerllo lembrar, nin mesmo após dunha xeración, tanto como para saber en quen se atopa o Poder Soberano, sen afastarse do seu traballo cotián algunhas veces para poder escoitar a quen están designados para instruílos, é preciso que se determinen momentos en que poidan congregarse e (logo de que se envían pregos e oracións a Deus,

o Soberano dos Soberanos) escoitar os Deberes que se lles encomendan, e as Leis Positivas, tal como lles concirnen, lidas e explicadas, e postas na mente das Autoridade que as muda en Leis. Con esta finalidade tiñan os *Xudeus* cada sete días un *Sabbath* no que se lía e expoñía a Lei, e en tal solemnidade explicábaselles que Deus era o seu Rei, que logo de crear o mundo en seis días, o sétimo acougara; e que ao acougar nese día do seu traballo ben se vía que ese Deus era o seu Rei, o que os redimira do seu traballo servil e magoante en *Exipto* e que lles dera un tempo, logo de que se reconciasen con Deus, para alegrarse con eles mesmos por medio dun lecer proveitoso. Así que a primeira Táboa dos Mandamentos se apurou toda en anotar a suma dos Poderes absolutos de Deus; non soamente como Deus senón tamén como Rei por pacto (en particular) dos Xudeus, e poder así alumear a quen lles conferisen Poder Soberano por consentimento dos homes, para ver que doutrina Terían de ensinarlle aos seus Súbditos.

E pois que a primeira instrución dos Fillos depende do coitado dos Pais é preciso que lle obedezan mentres que estean baixo da súa tutela, e non soamente iso senón que despois (tal como require a gratitude) recoñezan o proveito da súa educación por medio de sinais honoríficas externas. Con esta fin débéselles ensinar que en orixe o Pai de cada home era tamén o seu Señor Soberano, con poder de vida e morte riba del, e que os Pais das familias, ao se constituír o Estado, renunciaron a ese Poder absoluto, mais sen pretender xamais que perdesen o honor que se lles debe pola súa educación. Porque renunciar a ese dereito non é preciso para a Institución do Poder Soberano, nin debería haber razón pola que ningún home desexase ter fillos ou preocuparse en mantelos e instruílos se logo non tivesen meirandes beneficios deles que doutros. E isto cadra co quinto Mandamento.

Todos os Soberanos Deben facer que se ensine a Xustiza, o que (ao consistir en que ningún home apañe o que non é seu) é o

mesmo que dicir que cómpre que os homes aprendan a non privar os seus Veciños, por violencia ou fraude de calquera cousa que lles pertenza por Autoridade Soberana. Das cousas que lle son propias as máis prezadas polo home son a vida e os seus membros, e acto continuo (na meirande parte dos homes) as que teñen que ver coa estima conxugal, e logo despois as riquezas e os medios de vida. Xa que logo á Xente ensínaselle que se absteña da violencia entre persoas por vinganzas privadas, da violación do honor conxugal, da rapina violenta e da subtracción fraudulenta dos bens alleos. Con semellante propósito é tamén preciso que se mostren as consecuencias malignas dos falsos Xuízos, por corrupción dos Xuíces ou das Testemuñas, cando se afasta a distinción da propiedade e a Xustiza non chega a ter efecto; estando todas estas cousas incluídas nos Mandamentos sexto, sétimo, oitavo e noveno.

Finalmente cómpre igualmente ensinarlles que non soamente os actos inxustos, mais tamén os desexos e intencións de cometelos (aínda que non se leven á práctica), son tamén Inxustiza, consistente na ruindade da vontade e na irregularidade do acto. E esta é a intención do décimo Mandamento, e o resumo da Segunda Táboa, reducida a este Mandamento de Caridade mutua, *Amarás o próximo como a ti mesmo*; así como o resumo da primeira Táboa se centraba *no amor a Deus*; a quen tiña de novo recibido a xeito de Rei.

Verbo dos Medios e Condutas segundo os que a xente pode recibir esta Instrución debemos pescudar a través de que xeitos, tantas Opinións contrarias á paz da Humanidade, a partir de Principios frouxos e fracos, teñan enraizado tan fundamente neles. Refírome a aqueles que especifiquei no Capítulo precedente: como que os homes Xulgarán o que é legal e ilegal non pola propia Lei senón a partir das súas propias Conciencias; isto é, polos seus Xuízos particulares. Que os Súditos pecan ao obedecer os Mandados do Estado, a menos de que eles mesmos as teñan considerado legais. Que a Propiedade dos seus bens é

tal como para excluír o Dominio que o Estado puidese ter sobre estes. Que é lexítimo que os Súbditos maten a quen teñan por Tiranos. Que se pode dividir o Poder Soberano, e outras ideas semellantes que adoitan introducir no Pobo por procedementos desta caste. Aqueles a quen a necesidade ou a cobiza fan estar moi atentos ao seu choio ou traballo, e aqueles a quen, doutra banda, a súa frivolidade ou preguiza os levan aos praceres sensuais (estes dous grupos de persoas abarcan a meirande parte do xénero humano), afastándoos da fonda meditación, que a aprendizaxe da verdade, non soamente no choio da Xustiza Natural mais tamén das outras Ciencias que se precisan, reciben as Nocións do seu deber, principalmente dos Sacerdotes desde o Púlpito, en parte tamén dos seus Veciños ou parentes, quen tendo a facultade de discorrer de maneira loable e axeitada semellan máis sabidos e aprendidos que eles en casos de Lei e mais de Conciencia. E os Sacerdotes, e todos os demais que fan demostración de Sabedoría, derivan o seu coñecemento das Universidades, e das Escolas de Leis, ou dos Libros que teñen publicado os homes eminentes desas Escolas e Universidades. Maniféstase, xa que logo, que a Instrución da xente depende, na súa totalidade, da aprendizaxe correcta da Mocidade nas Universidades. Mais non están as Universidades de *Inglaterra*, poderán dicir algúns, preparadas para isto? Proponédevos, acaso, ensinarlles a elas? Preguntas de pouco doada resposta. Para a primeira non dubido en responder que deica o derradeiro momento de *Henrique Oitavo*, o Poder do Papa sempre se erguía contra o Poder do Estado, nomeadamente polas Universidades, e que as doutrinas mantidas por tantos Predicadores, contra do Poder Soberano do Rei, e por tantos Xuristas e similares que alí se educaran, son argumento abondo para sinalar que aínda que as Universidades non fosen as autoras desas falsas doutrinas non sabían como facer medrar a verdade. Porque en tal contradición de Opinións é máis certo que non foron instruídos abondo; e non sorprende que se reteñen un resaibo de licor tan

sutil é porque foron primeiro sazonados contra da Autoridade Civil. Verbo da cuestión derradeira non vén a conto, nin é preciso que diga Si ou Non, porque calquera home que vexa o que ando a facer entenderá moi doadamente o que penso.

A seguridade do Pobo, require alén disto, do que ten ou teñen o Poder Soberano que a Xustiza sexa administrada igualmente a todos os graos da Xente, ou sexa, que da mesma maneira que os ricos e os poderosos gozan dos mesmos dereitos que a xente pobre e ignota diante das inxurias que se lles fagan, así o grande non pode ter meirande esperanza de impunidade cando comete violencia, deshonra ou inxuria contra unha clase máis baixa, que cando un destes fai o mesmo a un daqueles. Porque a Equidade consiste nisto; en que ao ser un Precepto da Lei da Natureza, o Soberano está tan suxeito a ela como o máis pobre do seu Pobo. Todos os quebrantamentos da Lei son ofensas contra do Estado, pero hai algunhas que van igualmente contra dos Particulares. Aquelas que concirnen soamente ao Estado poden ser perdoadas sen rachar coa Equidade, porque cada home pode perdoar o que se fai contra el mesmo consonte á súa discreción. Mais unha ofensa contra dun particular non se pode perdoar en Equidades sen o consentimento do inxuriado ou unha satisfacción axeitada.

A Desigualdade dos Súditos procede dos Actos do Poder Soberano, e xa que logo non ten lugar en presenza do Soberano, isto é, na Corte de Xustiza, tampouco hai Desigualdade entre Reis e Súditos na presenza do Rei de Reis. O honor das Persoas de importancia cómpre medirse polos seus actos de beneficencia, e as axudas que conceden aos homes de rango inferior, de non ser así, non se miden en absoluto. E as violencias, presións e inxurias que fan non se atenúan senón que se agravan pola importancia das súas persoas, pois teñen menos necesidade de cometelas. As consecuencias desta parcialidade cara aos grandes vai desta maneira: a Impunidade provoca a Insolencia, a Insolencia, o Odio, e o Odio un esforzo por abater

toda a grandeza opresiva e teimosa, aínda que arriscando desfacer o Estado.

A unha Xustiza Igual correspóndelle tamén unha Imposición Igual de Taxas, dependendo daquela a Igualdade non soamente da Igualdade de riquezas senón da Débeda que cada home compromete co Estado para a súa defensa. Non abonda que un home traballe para manter a súa vida senón tamén para loitar (sendo preciso) para asegurarse o seu choio. Deben igualmente, ou tal como fixeran os Xudeus logo do retorno do cativeiro ao reedificar o Templo, construír cunha man e brandir a Espada coa outra; ou ben pagar a outros para que loiten en canto deles. Porque os Impostos que carga ao Pobo o Poder Soberano non son senón os Salarios debidos a aqueles que apañan a Espada pública para defender os particulares no exercicio dos Choios e Reclamacións diversos. Vendo entón que o beneficio que cadaquén recibe é o goce da vida, igualmente estimada polo pobre e mais o rico, a débeda que o desfavorecido ten con aqueles que defenden a súa é a mesma que ten o rico cos que fan igual con el; coa cousa de que os ricos, que contan co servizo dos pobres, poden ser debedores non soamente das súas propias persoas senón de moitas máis. Así considerado a Igualdade de Imposición consiste máis na Igualdade do que se consome que na das riquezas das persoas que consomen o mesmo. ¿Por que razón quen traballa moito e, aforrando os froitos do seu traballo, consome pouco debe ter máis cargas que aquel que vivindo con preguiza produce pouco e gasta canto gaña, cando ambos reciben do Estado unha protección semellante? Mais cando os impostos recaen riba das cousas que os homes consomen cada home paga igualmente polo que usa. De maneira que o Estado non fica defraudado polos gastos luxosos dos particulares.

E pois que algúns homes, por accidente inevitable, se volven incapaces de se manter polo seu traballo non deben ficar expostos á Caridade dos particulares, senón auxiliados (en canto que o requiran as necesidades da Natureza) polas Leis do

Estado. Porque da mesma maneira que vai contra da Caridade abandonar ao que non se pode valer, fai o propio o Soberano dun Estado que o expón ao chou dunha Caridade tan incerta.

Porque para os que teñen forza o caso é diferente; veñen obrigados a traballar, e para evitar escusa de non atopar emprego debe haber Leis que dean estimulado todo xénero de Artes; como a Navegación, Agricultura, Pesca e todas as maneiras de Manufacturas que requiran man de obra. Todos os pobres, cando se trate de xente forte aínda medrando, deben ser levados a Países aínda non abondo habitados, onde non van exterminar aqueles aos que alí atopen senón instalos a convi- vir, non apañando unha grande extensión de terreo coa idea de rapinar canto atopen senón a de cultivar cada Leira con arte e esforzo, para que lles dean froito na estación axeitada. E cando o mundo estea sobrecargado de Habitantes a Guerra ficará como derradeiro remedio, provendo a cadaquén, por medio da Vitoria ou a Morte.

Ao coidado do Soberano deberá estar a feitura de Leis Boas. Mais que cousa é unha Lei boa? Por Lei Boa non quero dicir unha Lei Xusta; porque ningunha Lei pode ser Inxusta. A Lei vén feita polo Poder Soberano, e todo o que fai semellante Poder está avaliado e pertence a todos os homes, e o que cadaquén quere como seu ninguén poderá dicir que é inxusto. Coas Leis dun Estado acontece como nas Leis do Xogo, que naquilo no que cadran os Xogadores non poderá haber Inxustiza con ningún deles. Unha Lei boa é aquela que ao ser *Precisa* para o *Ben do Pobo* semella *Evidente*.

Porque o uso das Leis (que non son máis que Normas Autorizadas) non pretende limitar ao Pobo das accións Voluntarias, senón dirixilo e mantelo nun movemento tal como para que non se danen por mor dos seus propios desexos, precipitacións ou indiscrecións, do mesmo xeito que as Sebes non se puxeron para deter os Viaxeiros senón para que non se afasten do camiño. E xa que logo unha Lei que non é precisa, care-

cendo da Finalidade verdadeira que a Lei debe ter, non é Boa. Unha Lei pode entenderse como Boa cando é para o proveito do Soberano, aínda non sendo necesaria para o Pobo. Mais isto non se pode dar porque o beneficio do Soberano e mais do Pobo non poden separarse. É un Soberano feble o que ten Súditos frouxiños, e un Pobo feble o que ten un Soberano ao que lle manca vontade para regulalo segundo a súa vontade. As Leis que non son precisas non son Leis boas, senón trampas para o Diñeiro, superfluas alí onde se recoñece o Poder Soberano, e onde non se recoñece insuficientes para defender o Pobo.

A Evidencia consiste non tanto nas palabras da propia Lei como na Declaración das Causas e Motivos polas que fora feita. Isto é o que nos mostra o propósito do Lexislador; e unha vez coñecido este a Lei entenderase máis doadamente a través dunhas poucas que por moitas palabras. Pois que todas as palabras veñen suxeitas á ambigüidade, sendo daquela a multiplicación de palabras no corpo da Lei, multiplicación da ambigüidade. Á parte isto semella implicar (por exceso de dilixencia) que quen eluda as palabras está evadindo o compás da Lei. E esta é a causa de moitos Procesos innecesarios. Porque cando penso no cativas que eran as Leis dos tempos antigos, e como foron medrando gradualmente, coido ver unha loita entre os Redactores e os Argumentadores da Lei; os primeiros procurando circunscribir os segundos, e estes tentando evadir esas circunscricións; acadando a Vitoria os Argumentadores. Correspóndelle ao Mester do Lexislador (papel reservado en todos os Estados ao Representante Supremo, trátase dun Home ou dunha Asemblea) facer Evidente a razón de por que se fixera a Lei, e o Corpo da Lei mesmo, tan breve mais en termos tan axeitados e significativos como sexa posible.

Corresponde tamén ao Mester do Soberano facer a aplicación axeitada dos Castigos e Recompensas. E vendo que a fin do castigo non é a vinganza e a descarga da carraxe, senón a corrección, ou de quen ofende, ou dos demais pola vía do



exemplo, os Castigos máis severos son aqueles inflixidos polos delitos que son de máis Lesivos para o Público; tal como os que xorden de actos maliciosos contra do Goberno establecido, os que supoñen desprezo á Xustiza, os que provocan Indignación nas Multitudes, e aqueles que, ao non recibir castigo, semellan Autorizados, como cando son cometidos por Fillos, Criados ou Favoritos de quen teñen Autoridade. Porque a Indignación leva os homes non soamente contra dos Actores e Autores das Inxustizas senón contra do Poder favorable a protexelos, como no caso de *Tarquino*, quen por mor do acto Insolente dun dos seus fillos se vira obrigado a deixar *Roma*, ficando así disolvía a Monarquía. Mais os Delitos de Debilidade, como aqueles que proceden dunha gran provocación, un gran medo, unha gran necesidade, ou na ignorancia de se o Feito era ou non un Delito de importancia, dan lugar moitas veces a Transixencias en prexuízo para o Estado, e a Transixencia, cando hai lugar para ela, vén requirida pola Lei da Natureza. O Castigo dos Líderes e os instigadores, e non o da Xente pobre que foran seducidos, pode servir de proveito ao Estado co seu exemplo. Ser severos co Pobo é castigar unha ignorancia, que pode en gran parte ser imputada ao Soberano, quen ten a culpa de que non recibisen unha mellor instrución.

De idéntica maneira correspóndelle ao Mester e Deberes do Soberano aplicar as Recompensas sempre de tal xeito que poidan redundar en beneficio para o Estado, e niso consiste o seu Emprego e Finalidade, e acontece cando aqueles que teñan servido ben ao Estado son recompensados con xeito e tan pouco gasto para o Tesouro Común como sexa posible, de maneira que outros sexan estimulados para servilo coa meirande fidelidade posible, e estudar as artes que os capaciten para facelo aínda mellor. Mercar, con Diñeiro ou Favores, o sosego dun Súdito Popular mais ambicioso e absterse de producir unha mala impresión nas mentes da Xente non se corresponde coa natureza da Recompensa; (que non se outorga polo que non se fai

mais polos servizos prestados), nin é sinal de Gratidade mais de Medo, nin tende ao Beneficio mais ao Dano da Causa Pública. Contende coa Ambición, tal como facía *Hércules* co Monstro *Hidra*, que tendo moitas cabezas por cada unha que perdía medrábanlle tres. De idéntica maneira cando a teimosía dun home Popular se abate cunha Recompensa, xorden moitos máis (por mor do Exemplo) a facer a mesma Falcatruada, agardando un Beneficio semellante: e igual que en toda caste de manufacturas a Malicia medra cando é doadamente venal. E aínda que ás veces unha Guerra Civil pode diferirse por maneiras semellantes aos xa citados, o perigo é meirande e a ruína Pública fica asegurada. Vai xa que logo contra do Deber do Soberano, a quen se outorga a Seguridade Pública, Recompensar a quen aspiran á grandeza alterando a Paz do País, en canto que opoñerse a eses homes nun principio para evitar que ese perigo cativo remate por facerse meirande.

Outro Choio do Soberano é escoller bos Conselleiros; isto é aqueles dos que se debe tomar consello para o Goberno do Estado. Porque esta palabra Consello, *Consilium* é corrupción de *Considium*, ten un significado amplo e comprende todas as Asembleas de homes que sentan xuntos, non soamente para deliberar o que farán a partir de aquí senón tamén para xulgar os Feitos pasados, e da Lei relativa ao presente. Aplícome aquí ao primeiro senso tan só. Dándose o caso de que non hai elección de Consello, nin na Democracia nin na Aristocracia, porque as persoas que Aconsellan forman parte da persoa Aconsellada. A elección de Conselleiros é, xa que logo, propia da Monarquía. Nela o Soberano que se propón non escoller aqueles máis capaces non desenvolve o seu Mester tal como debera. Os Conselleiros máis capacitados son os que teñen menos esperanza de aproveitarse dando malos Consellos, e máis coñecemento das cousas que levan á Paz e Defensa do Estado. Non é cousa doada saber quen agarda proveito das liortas públicas, mais os sinais que levan á unha suposición xusta

consisten en que a xente atopa nos seus agravios, con ou sen razón, o apoio dos que non teñen facendas abondo para cubrir os gastos de costume, e poden ser observados doadamente por calquera a quen lle concirna sabelo. Mais distinguir a quen teña o meirande coñecemento dos asuntos Públicos é aínda máis complexo; e quen o saben son quen menos o precisan. Porque quen xa coñece as Regras de case que cada Arte dispón dun grao importante do coñecemento da mesma Arte; xa que ningún home pode estar seguro da verdade das outras Normas, senón aquel que aprende primeiro a comprendelas. Ora, os mellores sinais do Coñecemento da Arte que sexa son o falar decote dela tirando proveito continuo. O bo Consello non vén nin por Casualidade nin por Herdanza; e xa que logo non hai maior razón para agardar bo Consello do rico e do nobre en materia de Estado que en deliñar as dimensións dunha fortaleza, a menos de que coidemos que non hai método no estudo da Política (tal como existe no da Xeometría), senón soamente parar a observala, o que non é así. Porque o da Política é o menos doado de ambos. Nestas rexións de *Europa*, pénsase como Dereito de certas persoas ocupar un posto por Herdanza no Consello de Estado máis alto; o que se deriva das Conquistas dos antigos Xermanos, entre dos cales moitos Señores absolutos, vencellados para conquistar outras Nacións, non ingresarían na Confederación sen certos Privilexios que terían de marcar nos tempos vindeiros a diferenza entre a súa Posteridade e a Posteridade dos seus Súbditos. Sendo estes Privilexios incoherentes co Poder Soberano semellan mantidos polo favor do Soberano, mais caso de loitar por eles como dereito propio, gradualmente terían os Súbditos que desbotalos, ficando ao remate sen outro honor que aquel inherente ás súas habelencias.

E por moi capaces que sexan os Conselleiros en calquera choio o beneficio do seu Consello será meirande cando o dan individualmente, deixando á parte as súas razóns, que cando o fan nunha Asemblea, por medio de Admonicións; e cando o

teñen meditado máis que se o fan de súpeto, en ambos casos porque dispoñen de máis tempo para aturar as consecuencias da acción e son menos proclives a ser empurrados á contradición pola Envexa, Emulación e outras Paixóns que poden xermolar de opinións diversas.

O mellor Consello, naquelas cousas que non afecten a outras Nacións, senón soamente ao sosego e beneficio que poidan gozar os Súbditos por Leis que miren unicamente para o seu, procede tan só das informacións xerais e das queixas da xente de cada Provincia, ao estar máis familiarizadas coas súas propias carencias e, xa que logo, deberán ser diligentemente informados cando reclamen cousas que non teñan que ver coa derogación dos Dereitos Esenciais de Soberanía. Porque sen eses Dereitos Esenciais, como a miúdo teño dito, o Estado non poderá en absoluto subsistir.

Un Comandante en Xefe dun Exército, se non é Popular, non será querido nin temido como debера polo seu Exército, e consecuentemente non pode exercer o seu mester con éxito. Xa que logo terá de ser Industrioso, Afoutado, Agarimoso, Liberal e Afortunado para gañar dos seus Soldados unha opinión de suficiencia e amor a estes. A Popularidade é isto; alimentar nos soldados desexo e coraxe de recomendarse a eles mesmos no favor de quen os manda; e protexe a severidade do Xeneral para castigar (cando sexa preciso) os Soldados que se amotinen e aos negligentes. Mais este amor dos Soldados (se non existe garantía da fidelidade do Comandante) é perigoso para o Poder Soberano, nomeadamente cando está nas mans dunha Asemblea non popular. Interesa, xa que logo, para a seguridade da Xente, que sexan bos Xefes e Súbditos de fiar aqueles a quen o Soberano encomenda os seus Exércitos.

Mais cando o Soberano é Popular; ou sexa, reverenciado e querido da Xente, non hai perigo en absoluto na Popularidade dun Súbdito. Porque os Soldados nunca son tan xeralmente inxustos como para aliñarse xunto ao seu Capitán, aínda que o

amen, contra do Soberano, cando apoian non soamente á súa Persoa, mais tamén á súa Causa. E xa que logo aqueles que teñan suprimido, nalgún momento e por violencia, o Poder do seu Soberano lexítimo, antes de poder poñerse no seu lugar foron sempre obrigados a arbitrar os seus Títulos para evitarlle ao Pobo a vergoña de ter que recibilos. Dispoñer dun Dereito recoñecido ao Poder Soberano é unha calidade tan popular que o que a ten non precisa de máis, pola súa banda, para virar os corazóns dos Súbditos cara a el, senón que o coiden absolutamente capaces de gobernar a súa propia familia; ou, verbo dos seus inimigos, de desbandar os seus Exércitos. Porque a parte meirande e máis activa da Humanidade nunca está moi contenta co presente.

Verbo dos Oficios dun Soberano con outro, comprendidos nesa Lei que se adoita coñecer como *Lei das Nacións*, non preciso dicir nada neste lugar, porque a Lei das Nacións e a Lei da Natureza son a mesma cousa. E cada Soberano ten o mesmo Dereito en procurar a seguridade da súa Xente, que calquera particular en facelo coa seguridade do seu propio Corpo. E a mesma Lei, que dita aos homes que non teñen un Goberno Civil, o que deben facer e evitar os uns verbo dos outros, dita o mesmo aos Estados, ou sexa, ás Conciencias dos Príncipes Soberanos e Asembleas Soberanas; non hai Tribunal de Xustiza Natural, mais que nas Conciencias tan só, onde non reina o Home senón Deus, e as Leis (que obrigan a toda a Humanidade) verbo de Deus, pois que el vén sendo o Autor da Natureza, son *Naturais*, e verbo do mesmo Deus, en canto que Rei de Reis, son *Leis*. Mais do Reino de Deus, como Rei de Reis, e como Rei tamén dun Pobo peculiar falarei no resto deste discurso.

### **Capítulo XXXI. Do Reino de Deus por natureza**

No que xa levo escrito teño probado abondo que a condición da mera Natureza, isto é, da Liberdade absoluta, tal como a daqueles que non son nin Soberanos nin Súbditos, é Anarquía e condición Bélica, que os Preceptos polos que se guían os

homes para evitar esa condición son as Leis da Natureza, que un Estado sen Poder Soberano non é máis que unha palabra sen substancia imposible de manter, que os Súbditos deben aos Soberanos Obediencia simple en todas as cousas sempre e cando esa obediencia non repugne ás Leis de Deus. O único que falta, para o coñecemento completo do deber Civil, é saber cales son esas Leis de Deus. Porque sen iso un home non sabe, cando se lle encomenda calquera cousa polo Poder Civil, se esta é contraria ou non á Lei de Deus, e cando por exceso de obediencia civil ofende á Maxestade Divina ou, por medo a ofender a Deus, transgride os mandamentos do Estado. Para evitar estes dos Atrancos é preciso saber cales son as Leis Divinas. E vendo que o coñecemento de toda a Lei depende do coñecemento do Poder Soberano direi no que vén agora algo verbo do REINO DE DEUS.

*Deus é Rei, deixade que se alede a Terra, dixo o Salmista. E máis adiante afirma: Deus é Rei aínda que as Nacións estean alporizadas; e o que senta entre os Querubíns aínda que a terra se conmova.* Quéíranos ou non os homes deben estar suxeitos ao Poder Divino. Denegando a Existencia ou Providencia de Deus, os homes poderán desfacerse do seu Acougo mais non do seu Xugo. Mais darlle a este Poder de Deus, que se estende non soamente ao Home, mais tamén ás Bestas e Plantas e Corpos inanimados, o nome de Reino, non é senón un uso metafórico da palabra. Porque o único que se pode dicir con xeito que Reina é aquel que goberna os Súbditos por medio da Palabra, e con promesas de Recompensa para aqueles que o obedecen, e ameazando con Castigos a quen non o fan. Os Súbditos, xa que logo, no Reino de Deus non son os Corpos Inanimados nin as criaturas Irracionais, porque non entenden os Preceptos como seus, nin os Ateos, nin os que non coidan que a Deus non lle importan as accións da humanidade: e isto porque non recoñecen a Palabra de Deus como súa, nin teñen esperanza nas súas recompensas nin medo das súas ameazas. Xa que logo

os que acreditan en que hai un Deus que goberna o mundo, e que ten dado Preceptos e proposto Recompensas e Castigos á Humanidade, son Súbditos de Deus, e a todos os demais considéraselles Inimigos.

Regular por Palabras require que se fagan coñecer de maneira manifesta as ditas palabras, porque senón non hai Leis. Porque a natureza das Leis ten de vir acompañada dunha Promulgación clara e suficiente, como para afastar a escusa da Ignorancia; nas Leis dos homes non pode haber máis dunha clase, Proclamación ou Promulgación pola voz do home. Mais Deus ten declarado as súas Leis de tres maneiras; polos Ditados da *Razón Natural*, pola *Revelación* e pola *Voz* dalgún home, a quen por medio de Milagres, ten procurado creto cos demais. Do que se deriva unha triplo Palabra de Deus, *Racional*, *Sensible* e *Profética*, que se Corresponde cunha triplo Audición: *Razón Correcta*, *Senso Sobrenatural* e *Fe*. Verbo do Senso Sobrenatural, que consiste en Revelación ou Inspiración, non foron dadas Leis Universais, porque Deus non falou de tal maneira, senón a particulares, manifestando cousas diferentes a homes diferentes.

Da diferenza entre as outras dúas clases de Palabras Divinas, *Racional* e *Profética*, podemos atribuír a Deus un Reino de dúas caras, *Natural* e *Profética*; Natural en que goberna a todos aqueles Humanos que recoñecen a súa Providencia polos Ditados naturais da *Razón Auténtica*, e Profética pois que ao escoller unha Nación particular (a dos Xudeus) como Súbditos, gobernamos, e non máis que a eles, non soamente pola *Razón natural* mais polas Leis Positivas que lles dera polas bocas dos seus sagrados Profetas. Do Reino Natural de Deus tentarei falar neste Capítulo.

O Dereito da Natureza, polo que Deus reina nos homes e castiga os que quebrantan as súas Leis, dérivase non de Crealos, como se precisase de obediencia como Gratidade polos seus servizos, senón do seu *Poder Irresistible*. Mostrei con anterioridade como o Dereito Soberano xorde do Pacto. Demostrar como

o mesmo Dereito pode xermolar da Natureza non require máis que probar en que caso non se lle pode afastar de ningunha maneira. Vendo que todos os homes por Natureza teñen Dereito a Todas as cousas, cada un deles terá Dereito a reinar sobre os demais. Pero porque ese Dereito non se pode obter pola forza concirne á seguridade de cadaquén renunciar a ese Dereito, organizando homes (con Autoridade Soberana) que os regulen e defendan por consentimento común: mentres que se houbese algún home de Poder Irresistible non habería razón pola que empregando ese Poder non regulase e defendese a el mesmo e a eles segundo a súa propia discreción. Por conseguinte aqueles con Poder irresistible exercen o dominio sobre todos os homes pola excelencia do seu Poder, e consecuentemente é dese Poder que o Reino nos homes, e o Dereito de aflixir os homes segundo lles pete, pertence Naturalmente a Deus Todopoderoso, non como Creador e Xerador de Graza mais como Omnipotente. E aínda que o Castigo veña imposto soamente por mor do Pecado, xa que por semellante palabra se entende Aflición polo Pecado, o Dereito de Aflixir non se deriva sempre do Pecado dos homes senón do Poder de Deus.

Esta pregunta: *por que os homes Malos a miúdo Prosperan e os homes Bos sofren de Adversidades?* tense discutido moito polos Antigos, vencellándose con estoutra: *con que Dereito Deus dispensa as Prosperidades e Adversidades desta vida?*; sendo nesta dificultade onde se atopa o que bate a fe no que concirne á Divina Providencia, non soamente do Vulgo mais tamén dos Filósofos e, o que é máis, dos Santos. *Verdadeiramente Bo* (di *David*) é o Deus de Israel para os que son Limpos de Corazón; mais os meus pés case que zouparan, e os meus pasos estiveran a piques de esvarar, pois que tiven envexa dos Ruíns cando vin os Impíos gozar de semellante Prosperidade. *¿E Xob*, como é que rifa con tanta severidade a Deus polas moitas Aflicións que sufrira malia a súa Rectitude? Esta cuestión no caso de *Xob* decídese polo propio Deus, non por argumentos derivados do



Pecado de *Xob* mais do seu propio Poder. Porque mentres que os amigos de *Xob* tiraban argumentos da Aflición deste diante do Pecado, o propio Deus ocupábase do choio, e xustificaba a Aflición con argumentos que viñan do seu Poder, como este, ¿Onde estabas ti cando artellei os fundamentos da terra?, e outros semellantes, aprobando ao tempo a Inocencia de *Xob* e reprobando a doutrina Errada dos seus amigos. Consonte a esta doutrina é a sentenza do noso Salvador, referida ao home Cego de nacemento, con estas palabras: *Nin este home pecara nin seus pais, mais para que as obras do Señor puidesen manifestarse nel.* E aínda que se dixese *Que a Morte entrara neste mundo polo pecado* (o que quere dicir que se *Adán* non pecase nunca morrería, é dicir, sufrido separación da alma do seu corpo) non se debe seguir que Deus non o puidese ter Aflixido xustamente, aínda que non Pecase, da mesma maneira que affixira outras criaturas vivas que non poden pecar.

Logo de falar dos Dereitos da Soberanía Divina como baseada soamente na Natureza, debemos considerar o acto continuo que son as Leis Divinas ou os Ditados da Razón Natural e que Leis concirnen ou aos Deberes naturais dos uns para os outros, ou cal é o Honor debido naturalmente ao noso Divino Soberano. As primeiras son as mesmas Leis da Natureza, das que xa falei nos Capítulos 14 e 15 deste Tratado; nomeadamente Equidade, Xustiza, Piedade, Humildade, e todas as demais Virtudes Morais. Fican, xa que logo, por considerar que Preceptos son ditados aos homes, pola súa Razón Natural soamente, sen outra palabra de Deus que afecte o Honor e a Adoración da Divina Maxestade.

O Honor consiste no pensamento íntimo e opinión do Poder e Bondade doutro, e xa que logo Honrar a Deus é pensar tan Altamente do seu Poder e Bondade como sexa posible. E de semellante opinión os sinais externos que se mostran nas Palabras e Accións dos homes reciben o nome de *Adoración*, que é unha parte do que os Latinos entenden pola palabra *Cultus*.

Pois que *Cultus* significa o labor, axeitado e teimoso, que o home pon nunha cousa coa intención de tirar proveito dela. Ora, esas cousas que se tira beneficio ou ben están suxeitas a nós, e o proveito que se obtén delas segue ao esforzo que nelas se pon como un efecto natural, ou non estando suxeita a nós, responden ao noso labor segundo as nosas Vontades. No primeiro senso o labor aplicado á Terra recibe o nome de *Cultura*; sendo a educación dos Nenos a *Cultura* das súas mentes. No segundo senso, no que as vontades dos homes non veñen forxadas pola Forza senón pola Aceptación, iso é tanto como Cortexar, ou sexa, gañar o favor por bos oficios, loando, recoñecendo o seu Poder, e polas maneiras que fosen aplaudindo a aqueles dos que agardamos algún beneficio. E isto é en puridade *Adoración*, significando *Publicola* neste senso Adorador da Xente, e *Cultus Deis*, a Adoración de Deus.

Do Honor íntimo, que consiste na opinión do Poder e mais a Bondade, xorden tres Paixóns: *Amor*, que fai referencia á Bondade, e *Esperanza* e *Medo*, referidos ao Poder. E tres maneiras de adoración externa; *Loanza*, *Exaltación* e *Beizón*. O suxeito da Loanza é a Bondade, o suxeito da Exaltación e a Beizón vén sendo o Poder, e o seu efecto a Felicidade. Loanza e Exaltación exprésanse por Palabras e Accións. Por Palabras cando dicimos que un home é Bo ou Grande. Por Accións, cando lle agradeecemos os seus Favores e obedecemos o seu Poder. A opinión da Felicidade allea pódese expresar soamente por palabras.

Existen algunhas mostras de Honor (tanto en Atributos como en Accións) que son Naturalmente así; entre os Atributos, *Bo*, *Xusto*, *Liberal* e semellantes; entre as Accións, *Pregos*, *Accións de Graza* e *Obediencia*. Outros xorden por Institución e Costume dos homes, sendo nalgúns tempos e lugares Honorábeis, noutros Deshonrosos e noutros Indiferentes, tal como son os Xestos de Saúdo, Pregos e Accións de Graza, empregados de xeito diferente en momentos e lugares diversos. A primeira é *Adoración Natural*, a última, *Arbitraria*.

Verbo da Adoración Arbitraria hai dúas diferenzas. Pois que algunhas veces é unha Adoración *Mandada*, outras, *Voluntaria*: Mandada, cando se fai cal a require o Adorado. Ceibe, cando é como a coida axeitada o Adorador. Cando é Mandada, a Adoración virá na obediencia, non nas palabras nin no xesto. Mais cando é Ceibe, a Adoración consiste na opinión de quen a leva adiante, porque se para eles as palabras ou as accións que pretenden honrar semellan ridículas e tenden á contumelia non son Adoración, porque non hai sinais de Honor, e non hai mostras de Honor porque un sinal non vai a aquel que a dá senón a aquel para quen se fai: isto é, ao espectador.

Existe unha Adoración *Pública* e unha *Privada*. Pública é a Adoración que o Estado realiza, cal se fose unha Persoa. Privada é a que exhibe un Particular. A Pública, no que se refire a todo Estado, é Ceibe, mais verbo dos Particulares non é así. A Privada, é Ceibe se se fai en segredo, mais se é á vista do Xentío, non é nunca sen Restricións, ben sexa das Leis ou da Opinión dos homes, o que é contrario á natureza da Liberdade.

A Finalidade da Adoración entre os homes é o Poder. Porque cando un home ve que outro é adorado, coida que é poderoso e está máis disposto a obedecelo; o que fai o seu Poder meirande. Mais Deus non ten Fins; a adoración que lle dispensamos procede do noso deber, e vai dirixida segundo as nosas capacidades por aquelas regras de Honor que a Razón dita que sexan respectadas polos máis frouxos cara aos máis poderosos, agardando beneficios, por medo a danos ou en agradecemento por bens xa recibidos deles.

Do que sabemos verbo da adoración de Deus e que nos fora ensinado pola luz da natureza comezarei polos seus Atributos. Primeiro, é manifesto que debemos atribuírlle *Existencia*. Porque ningún home pode ter vontade de honrar a quen pensa que non Existe.

Segundo, que aqueles Filósofos que dixeron que o Mundo, ou a Alma do Mundo era Deus, falaron barato del, denegando

a súa Existencia; porque por Deus entendemos a causa do Mundo, e dicir que o Mundo é Deus é dicir que non hai causa del, ou sexa, que non hai Deus.

Terceiro, dicir que o Mundo non se creou senón que é Eterno (vendo que o que é Eterno carece de causa) é desmentir que hai Deus.

Cuarto, que aqueles que atribúen (tal como pensan) Despreocupación a Deus, tiran del o coidado da Humanidade; afastan del o seu Honor, porque arredan del o amor e o medo que lle teñen os homes, a raíz do Honor.

Quinto, nas cousas que significan Grandeza e Poder, dicir que é *Finito* non é Honralo; porque non é mostra da Vontade de Honrar a Deus atribuírlle menos do que se pode; porque ao Finito pódenselle engadir máis cousas.

Xa que logo atribuírlle *Figura* non é Honralo; porque toda Figura é Finita.

Nin tampouco atribuírlle *Partes* ou *Totalidade*; que non máis que os Atributos das cousas Finitas.

Nin dicir que está nese ou noutro *Lugar*; porque sexa o lugar que sexa é limitado e Finito.

Nin que se *Mova* ou *Acougue*, porque lles adscriben un Lugar a ambos os dous Atributos.

Nin que haxa máis Deuses que un, porque implica que todos eles son Finitos, xa que non pode haber máis dun Infinito.

Nin adscribilo (a menos de que se faga Metaforicamente, significando non a Paixón mais o Efecto) a Paixóns que impliquen Agravio; como *Arrepentimento*, *Carraxe*, *Piedade* ou Carencia; como *Apetito*, *Esperanza*, *Desexo* ou dalgunha facultade Pasiva; porque a Paixón é o Poder limitado por algunha outra cousa.

E xa que logo cando adscribimos a Deus unha *Vontade*, non se debe entender esta como a dun Home por un *Apetito Racional*, mais referida ao Poder polo que efectúa todas as cousas.

Da mesma maneira cando lle atribuímos *Vista* e outros actos do Sentido; como tamén *Coñecemento* e *Comprensión*, o que en

nós non é nada máis que un barullo da mente orixinado por cousas externas que premen nas partes orgánicas do corpo do home. Porque en Deus non hai cousa tal e ao ser choios que dependen de causas naturais non se lle poden atribuír.

Quen non atribúa a Deus senón o que vén garantido pola Razón natural debe empregar Atributos Negativos, como *Infinito, Eterno, Incomprensible* ou Superlativos, como *o Máis Alto, Meirande* e por aí seguido; ou Indefinidos, así *Bo, Xusto, Sagrado, Creador*, e en tal senso, cal se o home non quixese declarar o que é (porque fose circunscribilo nos límites da nosa Fantasía) senón canto o admiramos e o preparados que estamos para obedecelo; o que é un sinal de Humildade e Vontade de honralo canto sexamos quen. Porque non hai máis que signifique a nosa Concepción da súa Natureza, e ese é, EU SON, e non máis que un Nome para expresar a súa Relación con nós, e ese é *Deus*, no que se conteñen o Pai, o Rei e mais o Señor.

Verbo das accións da Adoración Divina existe un Precepto de Razón xeral, que mostra cales son as mostras da intención de Honrar a Deus. Tal como, Primeiro, os *Pregos*. Porque non se pensaba que os Escultores, ao esculpir as imaxes, andaban a facer Deuses, mais a xente que *Prega* diante delas.

En segundo lugar, *Acción de grazas*, que difire do Prego na Adoración Divina, soamente en que os Pregos preceden e as Grazas veñen despois da mercé, sendo a finalidade dos primeiros e das segundas, recoñecer a Deus como Autor de todos os beneficios, pasados e futuros.

Terceiro, os *Agasallos*; ou sexa, os *Sacrificios* e as *Oblacións* (se son do mellor) supoñen sinais de Honor; ao ser Accións de grazas.

Cuarto, *Non prestar xuramento por nada que non sexa Deus*, é naturalmente unha mostra de Honor, pois que vén sendo unha confesión de que soamente Deus coñece o corazón, e ningunha renartería nin fortaleza poderá protexer o home da vinganza de Deus contra do perxurio.

Quinto, forma parte da Adoración Racional falar de Deus con Consideración, porque proba Temor del, e o Temor é unha admisión do seu Poder. Do que se segue que o nome de Deus non se debe empregar á lixeira e sen propósito, porque iso é tanto como facelo en Van. E isto non ten razón, a menos de que sexa a través dun Xuramento, ou por orde do Estado para afirmar a certeza do Xuízo, ou entre dos Estados para evitar a Guerra. E que disputar sobre da natureza de Deus é contrario ao seu Honor. Xa que se supón que no Reino de Deus natural non hai outra maneira de coñecer nada que non sexa pola Razón natural; é dicir, a partir dos Principios da Ciencia natural; tan afastados de nos ensinar nada sobre a natureza de Deus como de facelo sobre a nosa propia nin sobre a natureza da máis pequena criatura viva. E xa que logo cando os homes, a partir dos Principios da Razón natural, disputan sobre os Atributos de Deus non fan senón deshonoralo. Porque nos Atributos que lle outorgamos a Deus non coidamos no significado da Verdade Filosófica mais no da Intención Piadosa de lle facer o meirande Honor de que somos quen.

Sexto, en *Pregos, Accións de Grazas, Ofrendas e Sacrificios* hai un Ditado da Razón natural que sinala que deben ser as mellores da súa caste, e o máis sobranceiro dos Honores. Por exemplo: os Pregos e as Accións de Grazas deben vir feitos en Palabras e Frases nin improvisadas, nin lixeiras, tampouco Plebeas; senón fermosas e ben compostas; pois que senón non honramos a Deus tanto como debemos. Velaí a razón de que os Pagáns tiveran un comportamento absurdo ao adorar Imaxes dedicadas aos Deuses. Mais o facelo en Verso, e con Música, de Voz e Instrumento, axeitábase á razón. Tamén que os Animais que ofrecían en sacrificio, e os Agasallos que ofrecían, e os seus actos de Adoración, cheos de submisión e conmemorativos de beneficios recibidos, cadraban coa razón como procedentes dunha intención de honrar a Deus.

Sétimo, a Razón diríxese non soamente a adorar a Deus en segredo, senón tamén, e especialmente, en Público, e á vista

dos homes. Porque sen iso (o que en cuestión de honor é o máis aceptable) se perde a posibilidade de que outros o fagan.

Finalmente, a Obediencia ás Leis (ou sexa, ás Leis da Natureza) é a meirande adoración de todas. Porque se a Obediencia é máis aceptable a Deus que o Sacrificio; igualmente tomar á lixeira os seus Mandamentos é a meirande de todas as contumelias. E estas son as Leis da Adoración Divina que a Razón natural dita aos particulares.

Mais vendo que un Estado non é máis que unha Persoa, non se debe presentar diante de Deus máis que unha Adoración, que debe ser feita Publicamente cando se ordena que sexa presentada por Particulares. E esta vén sendo a Adoración Pública; tendo de ser a súa feitura *Uniforme*, pois que as accións que son feitas de xeito diverso por homes diferentes non se pode dicir que sexan unha Adoración Pública. E, xa que logo, cando se permiten moitas clases de Adoración, procedentes das diferentes Relixións dos Particulares, non se pode dicir que haxa ningunha Adoración Pública, nin que o Estado sexa de ningunha Relixión en absoluto.

E pois que as palabras (e consecuentemente os Atributos de Deus) atopan significado por acordos e constituicións dos homes, eses Atributos deben expresar o Honor que pretenden cumprir, e todo o que se dea feito polas vontades dos particulares, onde non haxa Lei pero si Razón, poderá facerse pola vontade do Estado a través de Leis Civís. E pois que un Estado non ten Vontade, nin fai Leis, senón aqueles dispostos pola Vontade daquel ou aqueles que ostentan o Poder Soberano, cómpre seguir que os Atributos que ordena o Soberano para a Adoración Divina, como sinais de Honor, deben ser apañados e empregados para tal fin polos particulares na súa Adoración pública.

Mais porque non todas as Accións son signos por Constitución, senón que algúns son sinais Naturais de Honor, outras de Contumelia, as últimas (que son aquelas das que se avergoñan de facer os homes á vista daqueles aos que reverencian) non

poden ser convertidas polo poder humano como unha parte da adoración Divina; nin as primeiras (tal como son, mostras dun Comportamento decente, modesto, Humilde) afastadas del xamais. Mais como existe un número infinito de Accións e Xestos de natureza indiferente, como aqueles que o Estado ordena que estean en uso Público e Universal, deben ser tomados como sinais de Honor e elementos da Adoración Divina, e empregados con esta finalidade polos Súbditos. E o que se di nas Escrituras: É mellor obedecer a Deus que aos homes, ten lugar no reino de Deus por Pacto e non por Natureza.

Logo de falar brevemente do Reino Natural de Deus e das súas Leis Naturais, engadirei a este Capítulo tan só unha curta declaración dos seus Castigos Naturais. Non hai acción do home nesta vida que non sexa o comezo dunha cadea tan longa de Consecuencias, como non hai humana Providencia abondo quen de calcularlle un remate. E nesta Cadea van vencellados acontecementos pracenteiros e ruíns, de tal maneira que calquera cousa que faga polo seu pracer obrigarao a sufrir todas as dores a el incorporadas, e semellantes dores son os Castigos Naturais destas accións, principios de máis Mal que Ben. Do que se deduce que a Intemperanza vén castigada naturalmente con Doenzas, a Precipitación coa Desfeita, a Inxustiza coa Violencia Inimiga, o Arrualllo coa Ruína, a Covardía co Asoballamento, o goberno Neglixente dos Príncipes coa Rebelión, e a Rebelión coa Masacre. Porque vendo que os Castigos son consecuencia do quebrantamento das Leis; os Castigos Naturais deben ser a consecuencia natural do quebrantamento das Leis da Natureza; seguíndolles por tal causa a maneira de efectos non naturais senón arbitrarios.

Abonda xa polo que concirne á Constitución, Natureza e Dereito dos Soberanos e tamén ao que concirne aos Deberes dos Súbditos derivados dos Principios da Razón Natural. E agora, coidando que diferente é esta Doutrina da que se Practica na parte meirande do mundo, especialmente nestas partes



Occidentais, que recibiron aprendizaxe moral de *Roma* e *Atenas*; e a fondura de Filosofía Moral que se require nos que teñen a Administración do Poder Soberano, estou no punto de crer que este traballo meu é tan inútil como o Estado de *Platón*. Porque el é tamén da opinión de que é imposible que as desordes do Estado e as mudas de Gobiernos pola Guerra Civil desaparezan mentres que os Soberanos non sexan Filósofos. Mais cando considero que a Ciencia da Xustiza Natural é a única Ciencia necesaria para os Soberanos e os seus Ministros principais, e que non precisan aplicarse ao estudo das Ciencias Matemáticas (como o eran por *Platón*) máis do que a Leis boas que empurran aos homes a aprendelas, e que nin *Platón* nin ningún outro Filósofo teñen ordenado e probado de xeito suficiente e posible todos os Teoremas da doutrina Moral que os homes poidan coñecer, sobre como gobernar e obedecer, recupero algunha esperanza de que máis tarde ou cedo esta escritura miña terá de caer nas mans dun Soberano, quen considerará (pola súa brevidade e claridade) sen a axuda de ningún Intérprete interesado e envexoso, e polo exercicio da enteira Soberanía, mudar esta Verdade Especulativa en Utilidade Práctica ao protexer o seu Ensino Público.



PARTE III  
DUN ESTADO CRISTIÁN



## Capítulo XXXII. Dos principios da política cristiá

Derivei os Dereitos do Poder Soberano e o deber dos seus Súbditos soamente dos Principios da Natureza, tal como a Experiencia demostrou verdadeiros ou o Consentimento (verbo do emprego das palabras) tal fixo; ou sexa, da natureza dos Homes, dada a coñecer a nós pola Experiencia, e de Definicións (daquelas palabras Esenciais a todo o razoamento Político) universalmente acordadas. Mais no que vou entrar agora, ou sexa na Natureza e nos Dereitos dun ESTADO CRISTIÁN do que dependen moito as nosas Revelacións Sobrenaturais da Vontade Divina, a base do meu discurso debe ser non soamente a Palabra Natural de Deus mais tamén a Profética.

Non obstante non debemos rexeitar os nosos Sentidos e Experiencia, nin (o que é a indubidable Palabra de Deus) a nosa Razón natural. Porque son os talentos que puxera nas nosas mans cos que debemos negociar ata a chegada do noso Salvador bendito; e xa que logo non están para que os envolvamos no Pano dunha Fe Implícita, mais na procura da Xustiza, Paz e Relixión Verdadeira. Porque aínda que haxa moitas cousas na Palabra de Deus por riba da Razón, ou sexa, que non se poidan demostrar ou refutar pola razón natural, non hai nada contrario; mais cando tal semelle a culpa está na nosa Interpretación carente de habelencia ou nun Raciocinio errado.

Xa que logo, cando calquera cousa alí escrita sexa difícil de máis para o noso exame estamos obrigados a vencellar a nosa comprensión ás Palabras, e non facer esforzos por substituír unha verdade Filosófica pola Lóxica verbo daqueles misterios que non se comprenden se non caen baixo ningunha norma da ciencia natural. Porque cos misterios da Relixión acontece como con certas pímulas para os doentes, que tragadas enteiras teñen a virtude de curar, mais mastigadas temos que cuspi-las, na meirande parte dos casos, sen que produzan efecto ningún.

Mais o Curto da nosa capacidade de Comprensión non implica a Submisión da facultade Intelectual diante da Opinión de calquera outro home mais a Vontade de Obedecer alí onde a obediencia é obrigada. Porque non está no noso poder trocar Sentido, Memoria, Comprensión, Razón e Opinión, senón que sempre é necesariamente segundo nos suxiran as cousas que vemos, escoitamos e consideramos: e xa que logo non son efectos da nosa Vontade, senón a nosa propia Vontade. Daquela Acurtam os nosos Entendemento e Razón cando nos abtemos da contradición, cando falamos (por Autoridade legal) tal como se nos manda, e cando vivimos consonte a ela. O que é, en resumo, a Confianza e mais a Fe acougando naquel que fala aínda que a mente sexa incapaz de captar Noción algunha de todas as palabras pronunciadas.

Cando Deus lle fala a un home debe facelo ou ben inmediatamente ou por mediación doutro home, a quen xa lle falase por El mesmo e de xeito inmediato. A maneira en que Deus lle fala a un home inmediatamente é doadamente comprensible por aqueles a quen xa lles falara, mais como se entendería a mesma cousa por outros resulta difícil ou imposible de saber. Porque se un home pretende diante miña que Deus lle falase sobrenatural e inmediatamente e eu teño dúbidas ao respecto, non podo percibir doadamente que argumentos vai tirar para obrigarme a crelo. É certo que se el é o meu Soberano pode obrigarme a obedecer, isto é, a non declarar por acto ou palabra que non o creo, mais non a pensar calquera cousa diferente a aquela á que me persuade a razón. Mais se un sen autoridade sobre min pretende a mesma cousa non habrá nada que me obligue, quer á crenza, quer á obediencia.

Porque dicir que Deus lle fale nas Sagradas Escrituras non é dicir que o fixese inmediatamente, senón por mediación dos Profetas, ou dos Apóstolos, ou da Igrexa, en tal maneira como lles fala a todos os demais Cristiáns. Dicir que lle falou a el nun Soño, non é máis que dicir que soñara que Deus lle falara, o

que carece de forza para outorgarlle crenza de ningún home que saiba que os soños son cousa maiormente natural e poden proceder de pensamentos anteriores; e que soños semellantes non son máis que unha manifestación da alta autoestima e fachenda parva e falsa opinión da bondade e virtude que un home ten de si mesmo; polas que pensa ser merecente dunha Revelación extraordinaria. Dicar que tivo unha Visión ou que escoitara unha Voz, é como dicir que soñara entremedias do durmir e o espertar, porque de tal maneira un home moitas veces, de xeito natural, toma o seu soño por unha visión como se non se decatase ben de que estaba en vixilia. Dicar que fala por inspiración sobrenatural é dicir que atopa un desexo ardente de falar, ou algunha opinión poderosa del mesmo, mais á que non se pode outorgar unha razón natural e suficiente. Así que aínda que o Deus Todopoderoso pode falar a un home a través de Soños, Visións, Voces e Inspiracións, non obriga a ninguén a crer que falase así a quen pretende escoitalo, quen non deixa de ser un home e, o que é máis, pode mentir. ¿Como saberá entón aquel, a quen Deus nunca revelou a súa Vontade inmediatamente (agás por vía da razón natural), saber cando debe ou non obedecer á Palabra ceibada por El, que di que se trata dun Profeta? Dos 400 Profetas, aos que o Rei de *Israel* demandara consello, verbo da guerra que mantiña con *Ramoth Xilead*, tan só *Miqueas* era o verdadeiro. O Profeta a quen mandaron profetizar contra do Altar disposto por *Xerobam*, aínda sendo un verdadeiro Profeta, e que polos dous milagres feitos na súa presenza semella ser un Profeta enviado de Deus, foi enganado por outro vello Profeta, que o convenceu, tal como se falase por boca Divina, a comer e beber con el. ¿Se un Profeta engana a outro que certeza hai de que coñecerá a vontade de Deus por un camiño diferente ao da Razón? Ao que respondo que, segundo as Sagradas Escrituras, hai dúas marcas polas que xuntas, e non separadas, se debe coñecer a un Profeta. Unha, a de facer milagres, outra, a de non ensinar ningunha outra Relixión que a que xa estea establecida.

Por separado (xa digo) ningunha delas é abondo. *Se se revira un Profeta contra ti, ou un Soñador de soños, e pretende facer milagres, e o milagre acontece; se di, sigamos a Deuses estraños, que non coñeces, non debes escoitalo, etc. Mais ese Profeta e Soñador de soños deberá morrer, porque demanda que te Revires contra do Señor, o teu Deus.* Nesas palabras compre observar dúas cousas, Primeiro, que Deus non fai milagres que tan só sirvan como argumentos para probar a vocación dos Profetas, mais (como no terceiro versículo) para experimentar a teimosía da nosa adhesión a el. Porque as obras dos Feiticeiros *Exipcios*, aínda non sendo tan importantes cal as de Moisés, eran grandes milagres. Segundo, que por grande que sexa o milagre, a tendencia é a de provocar revoltas contra do Rei ou aquel que goberna pola autoridade do Rei, o que fai tal milagre non debe ser coidado máis que como un enviado para xulgar a nosa adhesión. Porque estas palabras, *revirarse contra do Señor o teu Deus*, son equivalentes neste lugar a *revirarse contra o teu Rei*. Porque fixeran a Deus o seu Rei por pacto ao pé do Monte *Sinaí*, aqueles gobernados por *Moisés* soamente, porque fora o único que falara con Deus, e declarara de cando en vez os Mandamentos de Deus ao pobo. De idéntica maneira, logo de que o noso Cristo Salvador fixese que os seus Discípulos o recoñecesen como *Mestías* (isto é, como unxido por Deus, a quen a nación dos *Xudeus* agardaba decotío, para rexeitalo cando chegou), non esqueceu avisalo dos perigos dos milagres. *Aparecerán (dixo) falsos Cristos e falsos Profetas, e farán grandes asombros e milagres, mesmo para seducir (se fose posible) aos máis selectos.* Do que se infire que os falsos Profetas poden ter o poder de facer milagres, mais non debemos tomar as súas doutrinas como palabra de Deus. San *Paulo* dille, ademais, aos *Gálatas* que *se el ou un Anxo do ceo lles predica a eles un Evanxeo diferente ao que el ten predicado, sexa anatema.* Segundo ese Evanxeo Cristo era Rei, de maneira que toda predicación contra do poder do Rei recoñecido, consonte a estas palabras, é anatematizado por San Paulo. Porque este discurso



vai dirixido a aqueles, que pola súa predicación recibiron a Xesús como *Cristo*, ou sexa, como Rei dos *Xudeus*.

E como os Milagres, sen a predicación da Doutrina establecida por Deus, son un argumento insuficiente da Revelación inmediata; o mesmo acontece coa predicación da Doutrina verdadeira sen que se produzan Milagres. Porque se un home que non ensina Doutrina falsa pretendese ser un Profeta sen facer ningún Milagre, non debe ser atendido no que pretende tal como se deduce no *Deutoronomio*, 18, *versículos*, 21, 22: *E se dixeses no teu corazón: ¿Como saberemos que a súa palabra (a do Profeta) non é a que ten falado o Señor? Cando o Profeta falase en nome do Señor, e non acontecese tal cousa, esa non é a palabra que o Señor ten falado, mais ten saído do orgullo do propio corazón do Profeta; non o temas.* Mais un home chegando a este punto podería preguntarse: ¿Cando o Profeta teña prognosticado unha cousa, como sabemos se acontecerá ou non? Porque el pode predicar se unha cousa chegará logo dun certo período de tempo demorado, máis longo que a vida dun home, ou indefinidamente, isto é, que acontecerá máis cedo ou máis tarde; sendo neste caso a marca do Profeta inútil, e xa que logo os milagres que nos obrigan a acreditar nun Profeta deben ser confirmados por un acontecemento inmediato ou non moi aprazado. Maniféstase logo que o ensino da Relixión que Deus ten establecido e a mostra dun Milagre presente, xuntadas, son os únicos sinais segundo os cales as Escrituras terían un Profeta verdadeiro, isto é, unha Revelación inmediata para ser recoñecida; sen que ningunha das súas abonden para obrigar a ningún home a atender o que di.

Vendo, xa que logo, que os Milagres agora cesan, non nos quedan sinais para recoñecer as presuntas Revelacións ou Inspiracións de ningún particular, nin obrigas de prestar atención a Doutrina ningunha, alén da que se axeite ás Sagradas Escrituras, que desde o tempo do noso Salvador ocupan o lugar e recompensan abondo a carencia de todas as outras Profecías,

e das que se poden deducir doadamente por interpretación sabida e aprendida e un raciocinio coitado todas as regras e preceptos precisos para o coñecemento dos nosos deberes, tanto con Deus e co home, sen Entusiasmo e Inspiración sobrenatural. E estas Escrituras son das que teño que apañar os Principios do meu Discurso, relativo aos Dereitos daqueles que son os Gobernantes Supremos na terra, dos Estados Cristiáns, e dos deberes dos Súbditos Cristiáns cara aos seus Soberanos. E a esta finalidade enderezarei o seguinte Capítulo, sobre os Libros, Escritores, Propósito e Autoridade da Biblia.

### **Capítulo XXXIII. Do número, antigüidade, propósito, autoridade e intérpretes dos Libros das Sagradas Escrituras**

Por Libros das Sagradas ESCRITURAS entendemos aqueles que deben ser o *Canon*, ou sexa, as Normas de vida Cristiá. E porque todas as Normas de vida, que os homes veñen obrigados a seguir en conciencia, son Leis; a cuestión das Escrituras é cal é a Lei que debe rexer a través de toda Cristiandade, tanto Natural como Civil. Porque aínda que non se determine nas Escrituras que Leis deberá promulgar cada Rei Cristián nos Dominios que lle son propios, si que se determina que leis non deberá promulgar. Vendo, xa que logo, o que xa teño probado, que os Soberanos nos seus Dominios son os únicos Lexisladores, eses Libros soamente son Canónicos, isto é, Leis, en cada nación onde son establecidos como tales pola Autoridade Soberana. Sen dúbida que Deus vén sendo o Soberano de todos os Soberanos, e por iso cando se dirixe a calquera Súbdito, debe ser obedecido, por máis que o Poderoso terreal que sexa ordene o contrario. Mais a cuestión non é de obediencia a Deus, mais de *cando e que* foi dito por Deus; o que non pode ser coñecido por Súbditos que non gozan da revelación sobrenatural, senón pola razón natural que os guiara, por mor da obtención da Paz

e mais da Xustiza, a obedecer a autoridade dos seus diversos Estados, é dicir, dos seus Soberanos lexítimos. Consonte a esta obriga non podó recoñecer como Sagradas Escrituras outros Libros do Antigo Testamento senón aqueles recoñecidos como tales pola Autoridade da Igrexa de *Inglaterra*. Sábese abondo de que Libros se trata aínda sen un Catálogo deles diante nosa; e son os mesmos recoñecidos por San *Xerome*, quen coidara como *Apócrifos* os demais, nomeadamente a *Sabedoría de Salomón*, o *Eclesiastés*, *Xudith*, *Tobías*, o primeiro e o segundo dos *Macabeos*; aínda que vise o primeiro en *Hebreu*, e o terceiro e cuarto de *Esdras*. Dos Canónicos, *Xosefo*, un *Xudeu* moi sabido, que escribira no tempo do Emperador *Domiciano*, aprobara *vinte dous*, facendo cadrar o número co Alfabeto *Hebreo*. San *Xerome* fai o propio, aínda que enumerando de xeito diferente. Porque *Xosefo* numera *cinco* Libros de *Moisés*, *trece* dos *Profetas*, que escriben a Historia dos seus tempos (que xa veremos a partir de aquí como cadra cos contidos dos Profetas contidos na Biblia) e *catro* de *Himnos* e Preceptos Morais. Mais San *Xerome* conta *cinco* Libros de *Moisés*, *oito* de *Profetas*, e *nove* doutras escrituras *Sagradas*, ás que chama *Haxiografías*. Os *Septuaxinta* que eran 70 eruditos de entre os *Xudeus*, enviados por *Tolomeo*, Rei de Exipto, para traducir a lei *Xudea* do *Hebreo* ao *Grego*, non nos deixaron outra Sagrada Escritura na lingua *Grega* que a mesma que é recoñecida pola Igrexa de *Inglaterra*.

Verbo dos Libros do Novo Testamento, estes son igualmente recoñecidos como Canon por todas as Igrexas Cristiás, e por todas as Seitas de Cristiáns que admiten algúns libros como Canónicos.

Quen foron os escritores orixinais dos diferentes Libros das Sagradas Escrituras non se ten evidenciado por ningunha testemuña suficiente doutra Historia (a única proba en materia de feito), nin pode selo por argumento ningún da Razón natural: porque a Razón serve soamente para demostrar a verdade, non de feito mais de consecuencia. Xa que logo a luz que ten de

guiarnos nesta cuestión debe ser aquela que veña riba nosa dos propios Libros. E esta luz, aínda que non nos mostre ao escritor de cada libro, así e todo serve para darnos coñecemento do tempo en que foron escritos.

En primeiro lugar, verbo do *Pentateuco* non é argumento abondo dicir que porque se lle chame os cinco Libros de *Moisés* estes fosen escritos por *Moisés*; pola mesma razón de que o Libro de *Xosué*, o Libro dos *Xuíces*, o Libro de *Ruth* e os Libros dos *Reis*, non son argumentos abondo para demostrar que foron escritos por *Xosué*, polos *Xuíces*, por *Ruth* ou polos *Reis*. Porque nos títulos dos Libros os temas veñen subliñados tan a miúdo como o escritor. A *Historia de Livio* denota o Escritor, mais a *Historia de Scanderbeg* chámase así polo asunto. Lemos no Capítulo derradeiro do *Deuteronomio*, *versículo 6*, referido ao sepulcro de *Moisés*, *que ningún home coñece o seu sepulcro a día de hoxe*, ou sexa, ao día en que se escribiron estas palabras. Dedúcese, xa que logo, que estas palabras foron escritas logo de que fose soterrado. Porque sería unha interpretación caprichosa dicir que *Moisés* falou do seu sepulcro (aínda que fose a través dunha Profecía), de que non fose atopado a esa altura, mentres estaba vivo. Podería alegarse que o derradeiro Capítulo tan só, e non todo o *Pentateuco* fose escrito por algún outro home, mais o resto non. Coidemos, pois, no que atopamos no Libro do Xénese, capítulo, 12, *versículo, 6*, *E Abraham pasou por aquela terra deica chegar ao lugar de Sichem, na chaira de Moreh, e o Cananeo estaba daquela no país; que deben de ser as palabras dun que escribiu cando o Cananeo non estaba no país, xa que logo non veñen de Moisés, quen morreu antes de que aquel chegase. Da mesma maneira en Números, 21, versículo, 14, o Escritor cita outro Libro aínda máis antigo, titulado O Libro das Guerras do Señor, onde se rexistran os Actos de Moisés, no Mar Vermello e na ponte de Arnon. Ponse de manifesto, desta maneira, que os Libros de Moisés foron escritos logo da súa vida, aínda que non se manifeste canto tempo despois.*

Mais aínda que *Moisés* non compilase eses Libros por enteiro, e na forma que hoxe os temos, escribirá todo o que se dixo ter escrito, como por exemplo o Volume da Lei, contido, tal como semella, no Capítulo 11 do *Deuteronomio*, e nos Capítulos sucesivos ata o 27, que se ordenou que fosen escrito nas pedras ao tempo da súa entrada en Canáan. E isto escribira *Moisés*, entregándollo aos Anciáns e Sacerdotes de *Israel* para que fose lido cada sete anos a todo *Israel* e a súa asemblea na festa dos Tabernáculos. E esta é a Lei da que Deus ordenara que os seus Reis (cando tivesen artellado a forma de Goberno) levasen unha copia dela aos Sacerdotes e os Levitas, e que *Moisés* ordenase a Príncipes e Levitas que a deitasen na beira da Arca, e é a mesma que logo de que se perdesse foi atopada por *Hilkiah* e enviada ao Rei *Xosías*, quen ao facerlla ler ao Pobo anovou o Pacto entre Deus e eles.

Que se escribise o Libro de *Xosué* moito despois do tempo deste pode deducirse de moitas pasaxes do propio Libro. *Xosué* chantara doce pelouros no medio do *Xordán* a maneira de monumento para lembrar o seu cruce; do que sinala o Escritor isto, *E alí ficaron deica hoxe*; porque *deica hoxe* é unha frase que significa un tempo pasado, alén da memoria do home. De idéntica maneira, despois de dicir do Señor, que ceibara á xente da Aldraxe de *Exipto*, o Escritor di, *O lugar chámase Xilgal hoxe*, nome que no tempo de *Xosué* non sería axeitado de dicir. Así tamén o nome do Val de *Achor*; da perturbación que *Achan* causara no Campamento o Escritor dixo que *ten durado deica hoxe*; o que necesariamente debeu ser escrito moito tempo despois do tempo de *Xosué*. Hai moitos argumentos desta caste; tal como en *Xosué*, 8.29, 13.13., 14.14, 15.63.

Maniféstase o mesmo con argumentos semellantes no Libro dos *Xuíces*, capítulo, I, 21.26., 6.24., 10.4., 15.19., 17.6. e *Ruth*, I.I, nomeadamente en *Xuíces*, 18.30 onde se di que *Xonatán e os seus fillos eran Sacerdotes da Tribo de Dan, deica o día da catividade do país*.

Que os Libros de *Samuel* foron escritos logo do seu tempo próbase con argumentos semellantes, I *Samuel*, 5.5, 7.13, 15., 27.6., e 30.25., logo de que *David* gardase unha parte igual dos despoixos aos que gardaban a Munición coa que loitaran, o Escritor di: *Fixo diso un Estatuto e unha Ordenanza para Israel dicía hoxe*. Máis: cando *David* (desgustado de que o Señor matase a *Uzzah* por tender a man para termar da Arca) chamou ao lugar *Perez-Uzzah*, o Escritor dixo que levou ese nome *deica hoxe*: xa que logo o tempo da escrita dese Libro debeu de ser moito tempo despois do feito; ou sexa, logo da época de *David*.

En canto aos dous Libros dos *Reis*, e os dous libros das *Crónicas*, os lugares que mencionan tales monumentos, a dicir do Escritor, ficaron alí deica os seus días: tal como se ve en I *Reis* 9.13., 9.21., 10.12., 12.19. 2 *Reis* 2.22., 8. 22., 10. 27., 14. 7., 16. 6., 17. 23., 17. 34., 17. 41., I *Crónicas*, 4.41, 5.26. Argumento abondo de que foron escritos logo da catividade en *Babilonia*, e de que a Historia neles seguiu ata ese tempo. Porque os Feitos Rexistrados son sempre máis vellos que os Rexistros; e moito máis vellos que os Libros que fan mención dos propios Rexistros; pois que eses Libros en diversos lugares remiten ao Lector ás *Crónicas* do Rei de Xudá, ás *Crónicas* dos Reis de *Israel*, aos Libros do Profeta *Samuel*, do Profeta *Natán*, do Profeta *Ahijah*, á Visión de *Xehdo*, aos Libros do Profeta *Serveiah* e do Profeta *Addo*.

Os Libros de *Esdras* e *Nehemías* foron escritos certamente logo da súa volta da catividade, pois que conteñen o seu retorno, a reedificación das murallas de *Xerusalén*, a renovación do Pacto e as ordenanzas da súa policía.

A Historia da Raíña *Esther* e do tempo da Catividade, e xa que logo debeu ser compilada por quen viviu ese tempo, ou posterior.

O Libro de *Xob* non presenta sinais do tempo en que fora escrito, e aínda que evidencie abondo (*Ezequiel*, 14.14., e *Xacobe*, 5. II) que non era persoa fantasiosa, o propio Libro non

semella ser Historia mais Tratado concernente a unha cuestión moi discutida nos tempos vellos, *Por que os malos teñen prosperado a miúdo neste mundo e os bos sufrido aflicións?*; e é o máis probable, porque desde o comezo, deica o terceiro verso do capítulo terceiro, onde comezan os laios de *Xob*, o *Hebreo* aparece (tal como xustifica San Xerome) en prosa, e desde aquí ata o sexto verso do derradeiro capítulo en Verso Hexámetro; e o resto do capítulo outra vez en prosa. Así que toda a disputa vén en verso; e a Prosa, engadida, agás un Prefacio ao comezo e un Epílogo ao remate. Pero o Verso non é o estilo cotián da xente aflixida por unha grande mágoa como *Xob*, ou de quen acoden a consolalo como os seus amigos, mais si é frecuente en Filosofía, nomeadamente na Filosofía moral, frecuente nos tempos vellos.

Os *Salmos* foron escritos maiormente por *David*, para uso dos Cantores. A estes engadíronselle algunhas Cancións de *Moisés* e outros homes santos; e algúns deles logo do retorno da Catividade, como o 137 e o 126, do que se deduce que o Salterio fora recompilado e posto na forma que agora ten logo da volta dos *Xudeus* de *Babilonia*.

Non se pode pensar con probabilidade que os *Proverbios*, *ao ser unha Escolma* de Ditos sabidos e piadosos, pois veñen en parte de *Salomón*, en parte de *Agur*, o fillo de *Xakeh* e en parte da Nai do Rei *Lemuel*, foran recollidos por *Salomón*, máis que por *Agur* ou a Nai de *Lemuel*, e que aínda que as sentenzas sexan súas a recolleita ou compilación delas neste Libro fora o traballo dalgún home temeroso de Deus que viviu despois de todos eles.

Os Libros do *Eclesiastés* e os *Cánticos* non teñen nada que non sexa de *Salomón* agás os Títulos e as Inscricións. Porque *As Palabras do Predicador*, o *Fillo* de David, *Rei de Xerusalén*, e *O Cantar dos Cantares*, que é de *Salomón*, semellan que foron feitos con propósito de distinción, cando os Libros das Escrituras foron reunidos nun corpo Legal, coa fin de que subsistisen, non soamente a Doutrina senón tamén os Autores.

Dos Profetas os máis antigos son *Sofonías*, *Xonás*, *Hosea*, *Isaías*, e *Miqueas*, que viviron no tempo de *Amacías* e *Azarías*, doutro xeito, *Ozías*, Reis de *Xudá*. Mais o Libro de *Xonás* non é en puridade un Rexistro da súa Profecía (porque se contén nestas poucas palabras: *Corenta días* e *Nínive* será destruída) mais a Historia da Narración da súa perversidade e rebelión contra dos mandatos Divinos, de maneira que hai poucas probabilidades de que sexa o autor vendo que el é o suxeito. Mais o Libro de *Amós* é a súa Profecía.

*Xeremías*, *Abdías*, *Nahum* e *Habakkuk* profetizaran no tempo de *Xosías*.

*Ezequiel*, *Daniel*, *Axeo* e *Zacarías* na Catividade.

Non se evidencia nas súas Escrituras cando profetizaron *Xoel* e *Malaquías*. Mais coidando nas Inscricións ou Títulos dos seus Libros maniféstase abondo que toda a Escrita do Antigo Testamento fora posta na forma en que a temos hoxe logo da volta dos *Xudeus* da súa Catividade en *Babilonia*, e antes do tempo de *Tolomeo Filadelfio* quen fixera que a traduciran ao *Grego* setenta homes, que lle foran enviados de *Xudea* con esta finalidade. E se temos de acreditar neste punto aos Libros *Apócrifos* (que nos foron recomendados pola Igrexa, aínda que non como Canónicos senón como libros de proveito para a nosa instrución) a Escritura foi posta na forma que hoxe coñecemos por *Esdras*; tal como pode semellar do que el mesmo dixo, no libro segundo, versículos, 21, 22 e demais, cando falando a Deus di así: *Queimaron a túa lei, por iso ningún coñece as cousas que fixeches nin as que están por comezar. Mais se atopo graza diante túa manda dentro miña o Espírito Santo, e escribirei todo o que leves feito, desde o principio, que estaba escrito na túa Lei, que os homes dean atopado o teu camiño e para que poidan vivir os que deben vivir os días últimos.* E no versículo 43: *E pasou que cando se cumprisen os corenta días que o Altísimo falou, dicindo, publíquese abertamente o primeiro que escribiches, para que o digno e mais o indigno sexan quen de lelo, mais*



*garda os setenta últimos, que poidas darllo soamente aos máis sabidos de entre a xente.* E abonde isto no que concirne á escrita dos Libros do Antigo Testamento.

Os Escritores do Novo Testamento viviron todos menos dunha xeración logo da Ascensión de Cristo, e todos eles viron o noso Salvador, e foron os seus Discípulos, agás *San Paulo* e *San Lucas*; e consecuentemente canto fose escrito por eles é tan vello coma o tempo dos Apóstolos. Mais o tempo en que os Libros do Novo Testamento foron aprobados e recoñecidos pola Igrexa como auténticos non nos queda moi lonxe. Porque se os Libros do Antigo Testamento veñen a nós dunha época non moi anterior á de *Esdras*, quen os recuperara baixo da inspiración do Espírito Santo cando estaban perdidos; os do Novo Testamento, do que non había moitas copias non podían proceder dun tempo anterior a cando os Governos da Igrexa fixeran por recollelos, aprobalos e recomendalos, cal os escritos dos Apóstolos e Discípulos quen os asinan. A primeira enumeración de todos os Libros, tanto do Antigo como do Novo Testamento, está nos Canons dos Apóstolos, que se supoñen recompilados por *Clemente*, o primeiro (logo de *San Pedro*) Bispo de *Roma*. Mais como isto é tan só unha suposición, por moitos cuestionada, o Concilio de *Laodicea* é o primeiro coñecido que recomendara a Biblia ás Igrexas Cristiás daquela, como Escritos dos Profetas e dos Apóstolos. E este Concilio tivo lugar no ano 364 despois de Cristo. Nese tempo, aínda que a ambición prevalecese nos grandes Doutores da Igrexa, como para non estimar os Emperadores, por Cristiáns que fosen, como Pastores do pobo senón á maneira de Ovellas; e aos Emperadores non Cristiáns como Lobos, pretendo facer pasar a súa Doutrina non por Consello e Guía, a xeito de Predicadores, mais por Leis, como Gobernadores absolutos, e aínda que coidasen que tales falcatruadas eran piadosas pois que tendían a facer á xente máis obediente á Doutrina Cristiá, isto fai crer que non chegaron falsificar as Escrituras, aínda que as copias dos Libros do Novo Testamento estivesen

soamente nas mans dos Eclesiásticos, porque se esa fose a súa intención, serían feitas máis favorábeis ao seu poder riba dos Príncipes Cristiáns e da Soberanía Civil do que o son. Xa que logo non teño razón para dubidar de que o Antigo e o Novo Testamento tal como os temos agora son os Rexistros das cousas que foron feitas e ditas polos Profetas e mais os Apóstolos. E se cadra algúns deses Libros que chamamos Apócrifos ficaron fóra do Canon non por desconformidade da Doutrina co resto senón soamente porque non se atopaban no Hebreo. Porque logo da conquista de Asia por Alexandre o Grande, había poucos Xudeus sabidos que non tivesen un coñecemento perfecto da lingua Grega. Pois que os setenta Intérpretes que verteran a Biblia en Grego eran todos Hebreos, e aí temos as obras de *Filo* e *Xosefo*, escritas por ambos en Grego do máis elocuente. Mais non é o Escritor, mais a autoridade da Igrexa, a que fai que un Libro sexa Canónico. E aínda que estes Libros fosen escritos por homes diversos, ponse de manifesto que viñan todos imbuídos do mesmo Espírito en que se moven todos coa mesma finalidade, a de sentar os Dereitos do Reino de *Deus, Pai, Fillo e Espírito Santo*. Porque do Libro do *Xénese* dérvase a Xenealoxía do pobo de Deus, desde a creación do Mundo á fuga a Exipto; os outros catro Libros de *Moisés* conteñen a Elección de Deus como Rei e as Leis que prescribira para o seu Goberno. Os Libros de *Xosué, Xuíces, Ruth e Samuel*, deica chegar ao tempo de *Saúl*, describen os actos do pobo de Deus, ata o tempo en que se ceiban da xugada de Deus e proclaman un Rei ao xeito das nacións veciñas. O resto da Historia do Antigo Testamento explícanos a sucesión da liña de *David* deica a Catividade, desa liña virá o restaurador do Reino de Deus, xustamente o noso bendito Salvador, *Deus Fillo*, adiantada a súa chegada nos Libros dos Profetas, a partir dos que os Evanxelistas describiron a súa vida e actos, e a súa reivindicación do Reino mentres vive na terra; e finalmente as Actas e Epístolas dos Apóstolos declaran a chegada de Deus, o *Espírito Santo*, e a Autoridade

que deixou con eles e os seus sucesores para dirixir os Xudeus e converter os Xentís. Resumindo: as Historias e as Profecías do Antigo Testamento, e os Evanxeos e as Epístolas do Novo Testamento teñen un único e idéntico propósito, o de converter os homes á obediencia de Deus; 1. En *Moisés* e os Sacerdotes; 2. En *Cristo* home; e 3, nos *Apóstolos* e os seus sucesores no poder Apostólico. Porque estes tres representan a persoa de Deus en varios momentos: *Moisés* e os seus sucesores, os Sumos Sacerdotes, e Reis de Xudá, no Antigo Testamento: o propio *Cristo* no tempo no que vivirá na terra; e os Apóstolos e os seus sucesores desde o día de Pentecostes (cando o *Espírito Santo* descenderá sobre eles) deica hoxe.

Dispútase moito entre as diversas seitas da Relixión Cristiá esta cuestión: *de onde derivan as Escrituras a súa Autoridade?*; cuestión que se formula igualmente noutros termos, *como sabemos que son a Palavra de Deus?* ou *por que acreditamos que así sexa?* E a dificultade de resolvelo xorde principalmente da impropiedade das palabras nas que se presenta a propia cuestión. Con efecto, acréditase onde queira que sexa que o *Autor* primeiro e orixinal delas é Deus; polo que, en consecuencia, a cuestión que se disputa non é esta. Doutra banda é manifesto que ninguén pode saber se son Palabras de Deus (aínda que todos os Cristiáns verdadeiros acrediten niso) senón aqueles aos que se teña revelado o propio Deus sobrenaturalmente; e xa que logo a cuestión non se formula correctamente desde o noso *Coñecemento* dela. Finalmente, cando se propón a cuestión relativa á nosa Fe, porque a algúns lles move a crer unhas e a outros, outras razóns, non pode existir unha resposta global para todos. A cuestión correctamente formulada é esta: *En virtude de que Autoridade son feitas Leis?*

En canto que non difiran das Leis da Natureza non hai dúbida de que son a Lei de Deus e levan a súa Autoridade con eles, lexible para todos os homes que teñan o uso da razón natural: mais esta non é outra Autoridade que a de todas as outras

Doutrinas Morais, consonte á Razón; daquela os Ditados son Leis, non *feitas* senón *Eternas*.

Se fosen feitas Leis polo propio Deus son da natureza da Lei escrita, Leis soamente para aqueles a quen Deus llas teña comunicado abondo, de maneira que ningún home poida escusarse dicindo que non sabía que eran Súas.

Xa que logo, aquel a quen Deus non lle revelase sobrenaturalmente que eran Súas, nin que aquelas que comunicou fosen enviadas por El, non está obrigado a obedecelas por ningunha Autoridade mais a de quen que dá Ordes que teñen de seu a forza de Leis; é dicir, por ningunha outra Autoridade que a do Estado, que reside no Soberano que soamente ten o poder Lexislativo. Se non é a Autoridade Lexislativa do Estado a que lles dá a forza das Leis, debe de ser algunha outra Autoridade que deriva de Deus, ben privada ou pública: se é privada obriga tan só a aquel a quen Deus se compracese en revelarlle. Porque se cada home se vise obrigado a tomar como Leis Divinas aquelas que os particulares, coa pretensión dunha Inspiración ou Revelación privadas, tentasen impoñerlles (entre eles certo número de homes que por fachenda ou ignorancia tomasen os seus propios Soños e Fantasías extravagantes e Loucuras como testemuñas do Espírito Divino; ou por mor da ambición pretendesen testemuñas Divinas, falsas e contrarias ás súas propias consciencias) sería imposible que se recoñecese ningunha Lei Divina. Se é pública, é a Autoridade do *Estado* ou da *Igrexa*. Mais a *Igrexa*, se é unha persoa, cadra coa Comunidade de Cristiáns, chamada *Estado* porque consta de homes unidos nunha persoa, o seu Soberano; e *Igrexa* porque consta de Cristiáns unidos nun Soberano Cristián. Mais se a *Igrexa* é unha persoa, daquela non ten autoridade en absoluto; nin pode mandar nin facer actos; nin é quen de ter poder nin dereito a facer nada; nin ten Vontade, Razón nin Voz pois que todas esas calidades son persoais. Ora, se todo o número de Cristiáns está nun Estado, non son unha persoa nin hai unha *Igrexa* Universal

que dispoña de autoridade neles; e xa que logo as Escrituras non son feitas Leis pola Igrexa Universal. Se existe un Estado daquela todos os Monarcas Cristiáns e os Estados son persoas privadas, suxeitas a ser xulgadas, depostas e castigadas por un Soberano Universal de toda a Cristiandade. De xeito que a cuestión da Autoridade das Escrituras se reduce a isto: *Saber se os Reis Cristiáns e as Asembleas Soberanas nos Estados Cristiáns son absolutos nos seus propios Territorios, inmediatamente por debaixo de Deus; ou veñen suxeitos a un Vicario de Cristo constituído por riba da Igrexa Universal; para ser xulgados, condenados, depostos ou executados, tal como o axeitado ou preciso para o ben común.*

Esta cuestión non se pode resolver sen unha consideración máis particular do Reino de Deus; a partir da que xulgaremos a Autoridade de Interpretar a Escritura. Porque sexa quen teña un poder legal sobre calquera Escritura para facela Lei, ten tamén o poder de aprobar ou desaprobar a súa interpretación.

#### **Capítulo XXXIV. Do significado de *Espírito, Anxo e Inspiración nos Libros das Sagradas Escrituras***

Vendo que os fundamentos de todo o auténtico Raciocinio é o Significado constante das palabras, que na Doutrina subseguinte non dependen (como na ciencia natural) na Vontade dos Escritos, nin (cal na conversa común) no uso vulgar mais no senso que atopan nas Escrituras; é preciso, antes de que siga, determinar a partir da Biblia o significado de tales palabras que pola súa ambigüidade poden facer escuro e discutible o que tento inferir delas. Comezarei coas palabras CORPO e ESPÍRITO, que na linguaxe Escolástica reciben o nome de *Substancias, Corpóreo e Incorpóreo.*

A Palavra *Corpo*, significa na súa acepción máis xeral o que enche ou ocupa certo espazo ou lugar imaxinado; e depende non da imaxinación mais é unha parte real do que chamamos

o *Universo*. Pois que no *Universo*, sendo o Conxunto de todos os *Corpos*, non hai parte real ningunha que non sexa tamén *Corpo*; nin cousa ningunha que ao ser propiamente un *Corpo* non constituía parte (en canto que Conxunto de todos os *Corpos*) do *Universo*. O mesmo, pois que os *Corpos* están suxeitos a trocos, isto é, a variedade de aspecto con respecto aos sentidos das criaturas vivas, pode chamarse, igualmente, *Substancia*, isto é, *Suxeito* a diversos accidentes; pois que unhas veces non fai senón Moverse, ficando en Repouso, outras, semellante aos nosos sentidos resulta, ás veces Quente, outras, Frío, por veces dunha Cor, Cheiro, Sabor ou Son, por veces doutra. E esta diversidade de Aparencia (producida pola diversidade de actuación de operación dos corpos nos órganos nos nosos sentidos) atribuímos a alteracións dos corpos actuantes e dámoslles os nomes de *Accidentes* destes corpos. Segundo a acepción da palabra *Substancia* e *Corpo* significan a mesma cousa; e xa que logo *Substancia incorpórea* son palabras que cando se vencellan desfán unha á outra tal como se un home dixese *Corpo Incorpóreo*.

Mais, como o entende a xente común non todo o *Universo* recibe o nome de *Corpo*, senón soamente aquelas partes que podemos discernir polo sentido do Tacto, para resistir a súa forza, ou polo sentido da Vista, que impiden unha visión máis de lonxe. Xa que logo na linguaxe común dos homes, o *Aire* e as *substancias aéreas* non adoitan ser consideradas como *Corpos* senón (pois que os homes adoitan ser a miúdo sensíbeis aos seus efectos) que se denominan *Vento* ou *Hálito* (e pois que en Latín se lles chama *Spiritus*) *Espíritos*; como cando se lle dá tal nome a esa substancia aérea, que no corpo de calquera criatura viva causa vida e movemento, *Espíritos Vitais e Animais*. Mais consonte a aqueles *Ídolos* do cerebro, que nos representan *Corpos*, alí onde non os hai, como nun *Espello*, nun *Sóño* ou no *espertar Destemperado* dos miolos, non son (tal como o Apóstolo di en xeral de todos os *ídolos*) nada. Nada en absoluto, engado eu,

onde semellan estar, e no propio cerebro, nada senón un boureo, que procede ou da acción dos obxectos, ou do bulir desordenado dos Órganos dos nosos Sentidos. E os homes, empregados en cousas distintas á pescuda das causas, non coñecen deses espíritos o que coidan como tales, e poden ser persuadidos xa que logo por aqueles do que tanto reverencian o coñecemento a chamarlles nalgúns casos *Corpos*, pensando que están feitos dun aire que un poder sobrenatural fixese compacto, pois que a vista coida que son corpóreos; e algúns dinlles *Espíritos* porque o sentido do Tacto nada discirne, no lugar onde se mostran, que se opoña aos seus dedos. De maneira que o verdadeiro significado de *Espírito* na linguaxe común ou é un Corpo sutil, fluído e invisible, ou un Espírito ou calquera outro Ídolo ou Fantasma da Imaxinación. Mais no que respecta aos significados metafóricos hai moitos; xa que ás veces se toma por Disposición ou Inclinación da mente, como cando ao referirnos a disposición a controlar as afirmacións doutros homes, dicímoslle, *espírito de contradición* e á *disposición á impureza* chamámoslle *espírito impuro*, á perversidade, espírito perverso, á *brutalidade*, *espírito brután*, e á *inclinación á divindade e ao servizo de Deus*, o *Espírito de Deus*; tomándose ás veces por algunha habelencia eminente, ou paixón extraordinaria ou doenza da mente, como cando unha *sabedoría grande* leva o nome de *espírito da sabedoría*; e dos *loucos* dise que están *posuídos por un espírito*.

Non atopo outro significado do *Espírito*, e se algunha delas pode satisfacer o senso desta palabra nas Escrituras, a pasaxe non está so da Comprensión humana; xa que a nosa Fe non consiste na nosa Opinión mais na nosa Submisión, pois que se di en todas as pasaxes que Deus é un *Espírito* ou naquelas outras nas que por *Espírito de Deus* entendemos a Deus mesmo. Porque a natureza de Deus é incompreensible; ou sexa, non entendemos nada *do que é* mais soamente *que é*, non para significar a nosa opinión da súa Natureza, senón o noso desexo de honralo cos nomes que concibimos máis dignos de honor entre nós mesmos.

*Xénese, 1,2 O Espírito de Deus movéndose riba da superficie das augas.* Aquí, se por *Espírito de Deus* o que se entende é o propio Deus, o *Movemento* deberá atribuírse a Deus, e conseqüentemente o *Lugar*, intelixible soamente dos Corpos e non das substancias incorpóreas, e así a pasaxe esta vai por riba da nosa comprensión, que non pode concibir nada que se poida mover que non mude de lugar ou non teña dimensión, mais canto teña dimensión é Corpo. Así e todo o significado destas palabras enténdese mellor nunha pasaxe análoga, *Xénese, 8.1.* Onde cando a terra volve estar cuberta polas Augas, como ao principio, Deus tentando abatelas e descubrir de novo a terra enxoiata, emprega palabras similares, *Traerei o meu Espírito riba da Terra, e as augas minguarán,* entendéndose nesa pasaxe por *Espírito* un Vento (que é un Aire ou un *Espírito movido*) que podería chamarse (como no lugar anterior) o *Espírito de Deus*, porque era obra de Deus.

*Xénese, 41.38 O Faraón chamou á Sabedoría de Xosé o Espírito de Deus.* Porque ao aconsellarlle Xosé que procurase un home sabido e discreto, para poñelo á fronte da terra de Exipto, falou así: *¿Podemos atopar a un home que sexa como este, en quen estea o Espírito de Deus? E en Éxodo, 28.3.: Falarás (dixo Deus) a todos os sabidos de corazón, aos que eu enchín co Espírito de Sabedoría, para facer os Vestidos de Aarón e consagra-lo.* Onde a Comprensión extraordinaria, aínda que empregada en facer Vestidos, ao ser o *Agasallo* de Deus recibe o nome do *Espírito* de Deus. O mesmo volve aparecer en Éxodo, 31.3.4.5.6. e 35.31. E en *Isaías 11.2.3,* cando o Profeta falando do Mesías, di: *O Espírito do Señor acougará nel, o Espírito da sabedoría e o entendemento, o Espírito do consello e a fortaleza; e o Espírito do temor ao Señor.* Onde o que se manifesta non son moitos Espíritos mais tantas *grazas* eminentes cal Deus quixo darlle.

No Libro dos *Xuíces*, o Celo e a Afouteza sobranceiros na defensa do pobo de Deus levan o nome de *Espírito* de Deus;



como o que empurrou a Otoniel, Xedeón, Xefté e Sansón para que os ceibara da servidume, *Xuíces*, 3.10. 6.34., 11.29, 13.25., 14.6, 19. E de *Saúl*, verbo das novas da insolencia dos Amonitas cara aos homes de Xabeth Xilead dise (I *Samuel*, 11.6) que *O Espírito de Deus veu riba de Saúl e a súa Carraxe* (ou como din en Latín, a súa *Furia*) prendeu en gran maneira. O que moi probablemente non significa un Espírito, mais un *Celo* extraordinario en castigar a crueldade dos Amonitas. De idéntica maneira polo *Espírito* de Deus, que veu riba de Saúl, cando estaba entre dos Profetas que loaban a Deus con Cancións e Música, debe entenderse non un Espírito, mais un *celo* súpeto e inesperado en vencellarse a eles na súa devoción.

O falso Profeta *Zedequías* dicía a *Miqueas* (I *Reis* 22.24) ¿Por onde se fora de min o Espírito de Deus *para ir falar contigo?* Isto non se pode entender como a intervención dun Espírito; pois que *Miqueas* declarara diante dos Reis de Israel e Xudá os sucesos da batalla, como procedentes dunha *Visión* e non dun *Espírito* a lle falar.

Da mesma maneira semella, nos Libros dos Profetas, que aínda que falasen polo *Espírito* de Deus, isto é, por unha graza especial da Predición, o seu coñecemento do futuro non lles viña dun Espírito que estivese dentro deles mais a través dalgún *Soño* ou *Visión* sobrenaturais.

En *Xénese*, 2.7 dise: *Deus fixo ao home do po da Terra, e alentou nas súas ventas (spiraculum vitae) o alento de vida, e o home mudou nunha alma viva.* Aí o *alento de vida* inspirado por Deus non significa máis que que Deus lle dera vida, E (*Xob*, 27.) *mentres que o Espírito de Deus estea nas miñas narinas:* non equivale máis que a dicir, *mentres que eu estea vivo.* Da mesma maneira en *Ezequiel*, 1,20, o *Espírito da vida estaba nas rodas,* equivale a dicir, *as rodas estaban vivas.* E (*Ezequiel* 2.30) *o Espírito entrou en min, poñéndome en pé, ou sexa, recuperei a miña forza vital;* non que ningún Espírito ou substancia incorpórea entrase nel posuíndo o seu corpo.

No capítulo 11 de *Números*, versículo 17, *Tomarei* (di Deus) *do Espírito que está en ti, e hei poñelo neles, e levarán o peso da xente contigo*; isto sobre os setenta Anciáns, e dise acto continuo que dous dos setenta profetizaran no campamento; algúns queixáronse deles e Xosué pretendía que Moisés llelo prohibise, cousa que Moisés non fixo. Do que se deduce que Xosué sabía que non tiña autoridade para facelo e profetizaran segundo a mente de Moisés, é dicir, por un *Espírito* ou *Autoridade* subordinados ao seu propio.

En senso idéntico lemos (*Deuteronomio*, 34.9) que *Xosué estaba cheo do Espírito da sabedoría, porque Moisés impuxera as súas mans nel*; isto é, porque Moisés lle *ordenara* proseguir o labor que el mesmo comezara (nomeadamente, o de traer o pobo de Deus á terra prometida) mais que impedido pola morte non o dera acabado.

En senso análogo dise (*Romanos*, 8.9): *Se algún home non ten o Espírito de Cristo, non é dos seus*: sen que isto signifique o *Espírito* de Cristo mais unha *submisión* á súa Doutrina. Como tamén (1 *Xoán* 4.2) *Nisto coñeceredes o Espírito de Deus; Cada Espírito que confese que Xesús Cristo ha vir en carne, é de Deus*; o que quere dicir o *Espírito* da Cristiandade verdadeira, ou *de submisión* ao Artigo principal da fe Cristiá, que Xesús é Cristo; o que non pode ser interpretado como un *Espírito*.

Do mesmo xeito estas palabras (*Lucas*, 41) *E Xesús cheo do Espírito Santo* (tal como se fala en *Mateo*, 4.1 e *Mateo*, 1.12 do *Espírito Santo*) pode entenderse como *Celo* por mor de facer o traballo para o que o enviara o Deus Pai; pero para interpretalo como dun *Espírito*, isto é, do propio Deus (porque iso era o noso Salvador) enchíase de Deus, maneira de falar pouco axeitada e insignificante. Como chegamos a traducir *Espíritos por Aparicións*, o que non quere dicir nada nin no ceo nin na terra, mais os habitantes Imaxinarios do cerebro, non o contemplo; mais en cambio sosteño que a palabra *Espírito* no texto non significa máis nada que unha *substancia* real, ou Metaforicamente algunha *habelencia* ou *afección* extraordinarias da Mente ou do Corpo.

Os Discípulos de Cristo, vendo que camiñaba sobre o mar (*Mateo*, 14.26 e *Marcos*, 6.49) supuxeron que era un *Espírito*, co que querían dicir un *Corpo* Aéreo e non un Fantasma; con efecto, todos o viron, o que non se pode entender como aberracións do cerebro (que non son comúns a moitos ao tempo, cal os *Corpos* visíbeis; mais senlleiras, por mor das diferenzas das *Fantasías*), senón dos *Corpos* unicamente. De idéntica maneira acontecera cando foi tomado por un *Espírito* polos mesmos Apóstolos (*Lucas*, 24, 3.7). Tampouco (*Feitos* 12.15) se acreditou cando cebaran a San Pedro da cadea, mais cando a Doncela sinalou que estaba na porta, dixeron que era o seu *Anxo*, polo que debe entenderse unha substancia corpórea, e debemos dicir que os propios Discípulos seguían as opinións comúns de Xudeus e Xentís de que algunhas aparicións non eran Imaxinarias senón Reais e non precisaban da fantasía dos homes para a súa Existencia. Os Xudeus chamaban a estes *Espíritos* e *Anxos*, Bos ou Malos; mentres que os Gregos coñecían a estes como *Demos*. E tales aparicións poden ser reais e substanciais; ou sexa, *Corpos* sutís, que Deus pode formar polo mesmo poder polo que formou todas as cousas, e facer uso delas cal Ministros e Mensaxeiros (ou sexa, *Anxos*) para declarar a súa vontade e executala cando lle petase de maneira extraordinaria e sobrenatural. Mais cando as teña formado son Substancias dotadas de dimensións, e ocupan lugares e poden moverse de lugar a lugar, tal como os *Corpos*; e xa que logo non son *Espíritos incorpóreos*, ou sexa, *Espíritos* que non están en *ningún lugar*; é dicir, que se atopan en *ningures*; que semellando ser *algo* non son *nada*. Mais se tomamos o Corpóreo da maneira máis vulgar, como aquelas substancias que poden percibir os nosos sentidos externos, trátase daquela dunha Substancia Incorpórea, algo Imaxinario mais Real; en esencia unha fina Substancia Invisible, mais que ten as mesmas dimensións que están nos *Corpos* meirandes.

Adoitamos darlle o nome de ANXO a un *Mensaxeiro*, e máis a miúdo a un *Mensaxeiro de Deus*. E por *Mensaxeiro*

de Deus queremos dicir calquera cousa que nos faga coñecer a súa Presenza extraordinaria; ou sexa, a manifestación extraordinaria do seu poder, especialmente por medio dun Soño ou Visión.

Verbo da creación dos *Anxos* nada se nos di nas Escrituras. Que son Espíritos repítese a miúdo, mais polo nome de Espírito o que se entende nas Escrituras e, comunmente, tanto nos Xudeus como nos Xentís, Corpos ás veces tan sutís, como o Aire, o Vento, os Espíritos Vitais e Animais, das criaturas vivas; e por momentos as Imaxes que xorden nas fantasías, en Soños e Visións, que non son Substancias reais, nin duran moito máis do que o Soño ou a Visión nos que se mostran; a estas Aparicións, aínda non sendo Substancias reais mais accidentes do cerebro pois que Deus non fixo senón crealas sobrenaturalmente para dar a coñecer a súa Vontade, non é inapropiado chamarlles Mensaxeiros de Deus, ou sexa, os seus *Anxos*.

E do mesmo xeito que os Xentís concibiron vulgarmente as Imaxes do cerebro como cousas que podían subsistir realmente sen eles, independentemente da fantasía, e a partir delas trazaban as súas opinións dobre *Demos*, Bos e Malos; ao que semellaba subsistir realmente chamaron *Substancias*; e pois que non podían apalpalas coas mans coidaban que eran *Incorpóreas*; igualmente os Xudeus, a partir da mesma base, sen nada no Antigo Testamento que os obrigase, tiñan en xeral a opinión (agás a seita dos Saduceus) de que esas aparicións (das que se compracía Deus en poñer ás veces na fantasía dos homes, para o seu propio servizo, e ás que chamaba xa que logo os seus *Anxos*) non eran substancias, independentes da fantasía, mais criaturas permanentes de Deus. Por iso aquelas que pensaban que eran boas para eles estimábanas como *Anxos de Deus* e as que coidaban que poderían facerlles dano eran *Anxos Ruíns* ou *Espíritos Malignos*; tales como o Espírito de Pitón e os Espíritos dos Loucos, Lunáticos e Epilépticos. E pois que os atormentaban semellantes doenzas coidaban que eran *Demoníacos*.

Mais se pensamos nos lugares do Antigo Testamento onde se mencionan os Anxos, atoparemos que na maioría deles non pode haber nada máis que se entenda pola palabra *Anxo*, agás algunha imaxe que xorde (sobrenaturalmente) na fantasía, significando a presenza de Deus na execución dalgún labor sobrenatural, e xa que logo no resto, onde a súa natureza non vén expresada, pode entenderse da mesma maneira.

Porque lemos no *Xénese*, 16 que a mesma aparición recibe o nome non soamente de *Anxo* mais de *Deus*; do que (versículo 7) o chamado *Anxo* do Señor di a Agar no versículo décimo, *Farei medrar a túa semente multiplicándoa*; ou sexa, fala na persoa de Deus. Do que se manifesta que *Anxo* non significa aquí outra cousa que o propio *Deus* quen fíxese que Agar, de maneira sobrenatural, apañase unha voz do ceo; ou, se acaso, non outra cousa que unha Voz sobrenatural que testemuñaba a presenza de Deus alá no alto. ¿Por que razón, xa que logo, os Anxos que se lle apareceran a Lot, a quen se lles chama no *Xénese* (19. 13) *Homes*; e a quen, aínda que eran dous, Lot fala (versículo 18) cal se fosen un, e a ese un, como a Deus (porque así son as palabras: *Lot díxolles, Non o fagades, Señor*) non tiñan de ser entendidos como imaxes de homes formados sobrenaturalmente na Fantasía, da mesma maneira que antes se entendese por *Anxo* unha Voz fantástica? Cando o *Anxo* chamou a Abraham desde o ceo para pedirlle que afastase a man (*Xénese*, 22.11) coa que ía sacrificar a Isaac, non houbo Aparición mais unha Voz; aínda así esta voz chamouse con propiedade abondo un Mensaxeiro ou *Anxo* de Deus, porque declaraba sobrenaturalmente a vontade de Deus, aforrando o traballo de supoñer Aparicións permanentes. Os Anxos que viron a Xacobe na Escada do Ceo (*Xénese*, 28.12) eran unha Visión durante o seu sono, e xa que logo soamente Fantasía ou Soño: mais sendo sobrenaturais e sinais da presenza especial de Deus, esas aparicións non se chaman *Anxos*, impropriamente. O mesmo debe entenderse (*Xénese*, 31.11) cando Xacobe falou así: *O Anxo do Señor aparecéuseme*

*no sono*. Porque unha aparición que xorde no sono do home é aquilo que todos os homes chaman un Soño, sexa natural ou sobrenatural ese Soño; e o que Xacobe chamaba un *Anxo* era o propio Deus; porque foi o mesmo Anxo quen dixo (versículo 13): *Son o Deus de Bethel*.

Así tamén (Éxodo, 14.9) o Anxo que precedía ao Exército de Israel no Mar Vermello, poñéndose despois detrás súa (versículo 19,) era o propio Señor; e non se aparece na maneira dun home fermoso, mais (de día) na dunha *columna de nubes*, e (de noite) na dunha *columna de lume*; e esta Columna era toda a aparición, e o Anxo prometera a Moisés (Éxodo, 14.9) que sería o guía dos Exércitos. Porque esta columna neboenta, seica, descendera, ficando á porta do Tabernáculo, e falara con Moisés.

Vedes aquí como ese Movemento e Palabra, que se adoitan atribuír comunmente aos Anxos, atribúense a unha Nube, porque a Nube servía como sinal da presenza de Deus; e non era menos un Anxo que se tivese a forma dun Home ou un Neno de fermosura incomparable; ou dispuxese de Ás, como adoitan pintarse para a falsa instrución da xente do común. Porque non é a súa figura mais o seu uso o que os muda en Anxos. Ora, a súa finalidade é ser a da presenza de Deus nas operacións sobrenaturais. Como cando Moisés (Éxodo, 33.14) desexara que Deus fose con el no seu Camiño (como sempre fixera antes da feitura do Cuxo de Ouro), Deus non respondeu: *Irei*, nin *Mandarei a un anxo en canto miña*; mais, *a miña presenza irá contigo*.

Mencionar todos os lugares do Antigo Testamento onde se atopa o nome do Anxo sería prolixo de máis. Xa que logo, sosteño que para abarcar todo isto dunha vez, non hai texto nesta parte do Antigo Testamento que a Igrexa da Inglaterra manteña como Canónico, do que podemos concluír que exista ou se teña creado calquera cousa permanente (que se entenda polo nome de *Espírito* ou *Anxo*) que non teña cantidade e non poida ser dividida polo entendemento, isto é, considerada por partes, de maneira que unha parte estea nun lugar e a seguinte no lugar

inmediato; en resumo, que non é (tomando como Corpo aquilo que é algo ou está nalgues) Corpórea, mais que en cada pasaxe o sentido apañará a interpretación do Anxo como Mensaxeiro, da mesma maneira que se chama Xoán o Bautista, Anxo e a Cristo, o Anxo do Pacto, e (consonte á mesma Analoxía) a Pomba e as Linguas de Lume, nas que había sinais da presenza especial de Deus, poderían ser chamados Anxos igualmente. Aínda que atopemos en Daniel dous nomes de Anxos, *Gabriel* e Miguel, do propio texto (*Daniel*, 12, 1) semella deducirse que por Miguel debemos entender a *Cristo*, non como Anxo mais como Príncipe: e que *Gabriel* (como as aparicións semellantes feitas a outros homes santos durante o sono) non era nada máis que un fantasma sobrenatural, pola que lle semellara a *Daniel*, no seu soño, que dous Santos estaban parolando, e que lle dicía un ao outro: *Gabriel, fagamos que este home entenda a súa Visión*. Porque Deus non precisaba distinguir os seus servos Celestiais por nomes, que soamente serven para a memoria curta dos Mortais. Nin que no Novo Testamento haxa ningún lugar do que se poida probar que os Anxos (agás aqueles homes aos que Deus impuxo como Mensaxeiros ou Ministros das súas palabras ou feitos) son cousas permanentes e, xa que logo, incorpóreas. Que son permanentes pode conxecturarse das palabras do propio Salvador (*Mateu*, 25.41) cando di o que lle será dito aos pecadores no día derradeiro: *Ide, malditos, ao lume eterno preparado para o Demo e os seus Anxos*; lugar manifesto para que nel fiquen os Anxos Malignos (a menos que puidésemos pensar que as palabras, Diaño e os seus anxos, comprendan aos Inimigos da Igrexa e os seus Ministros), mais daquela é noxento á súa Inmaterialidade, porque o lume Eterno non é castigo para substancias impasíbeis como son as cousas Incorpóreas. Os Anxos, xa que logo, non está probado que o sexan. De idéntica maneira cando San Paulo di (*Corintios*, 6.3 ) ¿Non sabedes que xulgaremos os Anxos? E (*2 Pedro*, 2.4) *Porque se Deus non perdoase os Anxos que pecaran, senón que os botou ao inferno*.

E (*Xudas*, 1.6): *E aos Anxos que non mantivesen o seu primeiro estado, mais que deixaron a súa morada, fóranlles reservadas por El prisións eternas baixo da escuridade deica o Xutzo do día derradeiro*; aínda que demostra a Permanencia da natureza Anxélica confirma igualmente a súa Materialidade. E (*Mateu*, 22.30): *Ao resucitar nin os homes casarán, nin se darán en matrimonio, senón que serán todos cal os Anxos de Deus*; pero ao resucitar os homes serán Permanentes e non Incorpóreos, así son tamén, xa que logo, os Anxos.

Hai outras pasaxes diferentes das que se poden tirar idénticas conclusións. Para aqueles que entenden o significado destas palabras, *Substancia* e *Incorpórea* pois que *Incorpórea* non se toma por un corpo sutil mais por un *non Corpo* implican unha contradición; tanto como para dicir que un Anxo ou un Espírito son (neste senso) unha Substancia Incorpórea, como dicindo que, de feito, non hai Anxo nin Espírito en absoluto. Coidando xa que logo no significado da palabra Anxo no Antigo Testamento, e a natureza dos Soños e Visións que lles acontecen aos homes pola vía habitual da Natureza, síntome inclinado á opinión de que os Anxos non eran nada senón aparicións sobrenaturais da Fantasía, creados pola mediación especial e extraordinaria de Deus, coa finalidade de facer que a humanidade coñecese a súa presenza e mandato, nomeadamente o seu propio pobo. Mais as moitas pasaxes do Novo Testamento, e as propias palabras do noso Salvador, e nos mesmos textos cando non hai sospeita de manipulación das Escrituras, estimularon desde a miña feble Razón, o recoñecemento e a crenza de que hai tamén Anxos substanciais e permanentes. Mais acreditar que non están en lugar ningún, ou sexa, en ningures, isto é, que non son nada, como din (aínda que indirectamente) os que os coidan incorpóreos, non pode atopar evidencia nas Escrituras.

Do significado da palabra *Espírito* depende o da palabra INSPIRACIÓN; que debe ou ben ser tomado con xeito, e nese caso non é nada senón insuflar nun home un aire fino e sutil ou



vento, á maneira dun home que enche unha vexiga co seu alento, ou ben se os Espíritos non son corpóreos mais existen soamente na fantasía, iso non é máis que a insuflación nun Fantasma; o que é pouco axeitado de dicir e, ademais, imposible; porque os Fantasmas non son senón que soamente o semellan. Xa que logo estas palabras cando se din nas Escrituras é tan só nun senso metafórico. Como cando se di (*Xénese*, 2.7) que Deus *inspirou* no home alento de vida non se quere dicir máis que Deus puxo dentro del moción vital. Porque non debemos pensar que Deus fixo primeiro un alento de vida, para insuflalo despois en Adán logo de que o fixese, xa fose ese alento verdadeiro ou non fixese máis que semellalo; senón soamente (*Feitos*, 3.16) *que lle dera vida e alento*; ou sexa, que o mudara nunha criatura viva. E cando se di (*Timoteo*, 3.16); *toda Escritura vén dada pola Inspiración Divina*, ao referirse á Escrita do Antigo Testamento, é unha metáfora doada de entender; significa que Deus proxectou o seu espírito e a súa mente naqueles Escritores, para que estes escribisen cousas proveitosas en ensinar, reprobar, corrixir e instruír os homes no camiño dunha vida asisada. Mais cando San Pedro (*Pedro*, I.21) dixo que *a Profecía non viñera nos vellos tempos pola vontade do home, senón que os homes consagrados por Deus faláron como se estivesen movidos polo Espírito Santo*, quería dicir como tal a voz de Deus nun Soño, ou unha Visión sobrenatural, o que non é *Inspiración*. Tampouco cando o noso Salvador alentando nos seus Discípulos dixo: *Recibide o Espírito Santo*, quería dicir que ese Alento era o Espírito senón un sinal das grazas espirituais que lles outorgara. E aínda que se dixese de moitos, e do noso Salvador mesmo, que estaba cheo do *Espírito Santo*, esa Plenitude non debe entenderse como *Insuflación* da substancia de Deus, senón como acumulación dos seus agasallos, tales como o presente da santidade de vida, de don de linguas, e semellantes, xa se conseguiran sobrenaturalmente ou por estudo ou industria; porque en todos os casos son agasallos de Deus. De idéntica maneira cando Deus di

(*Xoel, 2.28*) *Verterei o meu Espírito riba de toda carne, e os vosos Fillos e Fillas profetizarán, os vosos Anciáns soñarán Soños, e os vosos Novos verán Visións*, non debemos collelo no senso estrito como se o seu *Espírito* fose como auga suxeita a efusión ou infusión: senón como se Deus prometese darlles Soños Proféticos e Visións. Porque o emprego axeitado da palabra *infuso*, ao falar das grazas de Deus, é un abuso, porque esas Grazas son Virtudes, non Corpos para ser portados aquí e acolá e imbuídos nos homes como se fosen bocois.

Da mesma maneira, tomar *inspiración* no senso axeitado, ou dicir que os *Espíritos* de Deus entraron nos homes para facelos profetas, ou os *Espíritos* Malignos naqueles que se volveron Frenéticos, Lunáticos ou Epilépticos, non é coller a palabra no senso das Escrituras: porque o Espírito se toma alí como o poder de Deus, traballando por causas para nós descoñecidas. Como tampouco (*Feitos, 2.2*) o vento, do que se di nesa pasaxe que enchía a casa onde os Apóstolos deran en xuntarse o día de Pentecoste, debe entenderse como o *Espírito* Santo, que é a propia Deidade; senón común un sinal Externo do labor especial de Deus nos seus corazóns, para deixar neles grazas internas e as virtudes santas que se coidaban precisas para que levasen adiante o seu Apostolado.

### **Capítulo XXXV. Do significado nas Escrituras de Reino, Deus, Santo, Sagrado e Sacramento**

O *Reino de Deus* nos Escritos dos Relixiosos, e especialmente nos Sermóns e Tratados de Devoción, adoita entenderse como Felicidade Eterna, logo desta vida, no Altísimo Ceo, o que se coñece tamén como o Reino da Gloria, e ás veces (o máis serio desta felicidade) como Santificación, o que denominan Reino da Graza, mais nunca como Monarquía, ou sexa, o Poder Soberano de Deus achegado polo seu propio consentimento, que é ó verdadeiro significado de Reino.

Polo contrario atopo que o REINO DE DEUS significa en moitas pasaxes das Escrituras, *un Reino propiamente así chamado*, constituído polos Votos do Pobo de Israel de xeito peculiar; a partir do que escolleran a Deus como Rei por Pacto feito con el coa promesa Divina de posuír a terra de Canaán. Poucas veces empregada metaforicamente, e daquela tomada como *Dominio riba do pecado* (e tan só no Novo Testamento), porque tal dominio será o que cada Súbdito deba ter no Reino de Deus, sen prexuízo para o Soberano.

Desde a mesma Creación Deus non soamente reinara sobre todos os homes *naturalmente* polo seu poder, senón que tiña tamén Súbditos *peculiares* aos que mandaba por unha Voz, de maneira semellante a como un home fala co outro. *Reinaba* sobre Adán de tal xeito, dándolle ordes para que se abstivese da árbore da ciencia do Ben e do Mal, que cando este non o obedeceu, senón que ousou probar a froita, xulgando entre o Ben e o Mal sen seguir os ditados do Creador, senón o seu propio sentido, levou como castigo o da privación do estado de vida Eterna, no que fora creado por Deus. Despois Deus castigara os seus descendentes, polos seus vicios, a todos agás a oito persoas, cun dioivo universal. E nesas oito baseárase o daquela *Reino de Deus*.

Despois disto Deus quixo falar con Abraham e (*Xénese*, 17.7, 8) facer un Pacto con El con estas palabras: *Artellarei o meu Pacto entre min e ti, e a túa semente nas súas xeracións, por un Pacto eterno, de ser un Deus para ti e para a semente que veña detrás túa; e heiche dar a ti, e á semente logo de ti, a terra onde es un estraño; toda a terra de Canaán como posesión eterna.* (21.7) E como recordo e símbolo deste Pacto ordenou (verso 11) o *Sacramento da Circuncisión*. Isto é o que se chama o *Antigo Pacto* ou *Testamento*; e contiña un Contrato entre Deus e Abraham polo que se obrigaban, Abraham e os seus descendentes, nunha maneira peculiar a suxeitarse á Lei positiva de Deus, porque á Lei Moral xa viña obrigado con anterioridade, a través dun

Xuramento de Alianza. E se ben o nome de *Rei* non se lle dera aínda a Deus, nin o de *Reino* a Abraham e á súa semente, a cousa vén sendo a mesma; nomeadamente unha Institución por pacto, da peculiar Soberanía de Deus sobre a semente de Abraham; o que se chama expresamente un peculiar *Reino de Deus* sobre os Xudeus cando o mesmo Pacto é anovado por Moisés no Monte Sinaí; e é de Abraham (e non de Moisés) do que San Paulo di (*Romanos*, 4.11) que é o *Pai dos Crentes*, isto é, daqueles que son leais e non violan a Alianza que lle xuraran a Deus, daquela pola Circuncisión, logo polo Bautismo no *Pacto Novo*.

Este Pacto, ao Pé do Monte Sinaí, fora anovado por Moisés (Éxodo, 19.5) cando o Señor mandara a Moisés que lle falase ao pobo desta maneira: *Se obedecedes a miña voz de verdade, e gardades o meu Pacto, seredes para min unha xente moi peculiar, porque toda a Terra é miña; e mudaredes nun Reino Sacerdotal e nunha Nación sagrada*. Para pobo *Peculiar* o Latín vulgar ten, *Peculium de cunctis populis*; a Tradución Inglesa feita nos comezos do Reino do Rei Xacobe presenta un *Tesouro peculiar en min por riba de todas as Nacións* e a Francesa, de Xenebra, *a Xoia máis fermosa de todas as Nacións*. Mais a Tradución máis auténtica é a primeira, porque é o propio San Paulo quen a confirma (*Tito*. 2.14) onde se di, aludindo a esa pasaxe, que o noso bendito Salvador: *dérase El a nós por mor de purificarnos para El mesmo, como un pobo peculiar* (ou sexa, extraordinario): pois que a palabra Grega é periousioz que se adoita opoñer a epiousioz e pois esta significa *ordinario, cotián* ou (como no Prego do Señor) *de emprego diario*; a outra quere dicir *excedente, atinxido*, e *gozado dunha maneira especial*, o que os Latinos chaman *Peculium*; e o significado da pasaxe confírmase pola razón explicada por Deus, que vén acto continuo, e na que engade, *Porque toda a Terra é miña*, como querendo dicir, *Todas as Nacións do mundo son miñas*; mais non se trata de que vós sexades meus, senón dunha *maneira especial*. Porque todos sodes meus por causa do meu Poder, mais seredes meus polo

voso propio Consentimento e Pacto; o que é un engadido ao seu título de costume a todas as nacións.

O mesmo volve confirmarse en palabras expresas no mesmo texto: *Seredes para min un Reino Sacerdotal e unha Nación sagrada*. En Latín Vulgar *Regnum Sacerdotale*, ao que engade a Tradución desa pasaxe (1. *Pedro*, 2.9) *Sacerdotium Regale*, un *Sacerdocio Real*; como tamén a propia Institución pola que ningún home podería inquirir a vontade de Deus inmediatamente do propio Deus, mais soamente do Sumo Sacerdote. A Tradución Inglesa anteriormente citada, que vén despois da de Xenebra, presenta un *Reino de Sacerdotes*; que ou ben significa a sucesión dun Sumo Sacerdote logo doutro ou ben non cadra nin con San Pedro nin co exercicio dun Sacerdocio Sumo. Porque nunca houbera ninguén que non fose soamente o Sumo Sacerdote para informar ao Pobo da Vontade de Deus; nin se lle permitía a Congregación de Sacerdotes ningunha entrar no *Sanctum Santorum*.

O título de *Nación Santa* vén confirmar o mesmo. Porque *Santa* significa o que é de Deus por Dereito especial e non por Dereitos xerais. Toda a Terra (tal como se nos di no texto) é de Deus; mais non toda a Terra recibe o nome de Sagrada, senón soamente aquela posta á parte para o seu servizo especial, como era a Nación dos Xudeus. Xa que logo esta pasaxe manifesta abondo que polo *Reino de Deus* debemos entender, en puridade, un Estado instituído (por consentimento daqueles que ían ser os súbditos) para o seu Goberno Civil, e a regulación do seu comportamento, non soamente cara a Deus, o seu Rei, mais tamén o dos uns cos outros en cuestión de xustiza, e respecto das restantes Nacións, tanto na paz como na guerra; pois que isto era propiamente un Reino no que Deus era o Rei, e o Sumo sacerdote tiña de ser (logo da morte de Moisés) o seu único Vicerrei ou Lugartenente.

Pero hai moitas outras pasaxes que proban nitidamente o mesmo. En primeiro lugar (1 *Samuel*, 8.7) cando os Anciáns

de Israel (apesarados coa corrupción dos Fillos de Samuel) demandaron un Rei, Samuel descontento con isto pregoulle ao Señor: e o Señor respondera: *Escoita a voz do Pobo, porque eles non te rexeitaron, senón que me rexeitaron a min, para que eu non reinase neles.* Evidénciase disto que o propio Deus era daquela o seu Rei; e Samuel non mandaba no pobo senón que lles encomendaba soamente aquilo que lle indicaba de vez en cando Deus.

Pois que (*Samuel*, 12.12) cando Samuel di ao pobo: *Ao ver que Nashah, Rei dos Amonnitas, viña contra vós, dixerádesme, Non, senón que un Rei debe reinar en nós, cando o Señor, o voso Deus, era o voso Rei.* Maniféstase aquí que Deus era o seu Rei e gobernaba o Réxime Civil do seu Estado.

E logo de que os Israelitas rexeitasen a Deus, os Profetas agoiraran a súa restitución: desta maneira (*Isaías*, 24) *Entón trabucarase a Lúa e o Sol ficará avergoñado cando o Señor dos Exércitos reine no Monte de Sión e en Xerusalén;* daquela falaba expresamente do seu Reino en Sión e en Xerusalén, ou sexa, do seu Reino sobre a Terra. E (*Micaías*, 4.7): *E o Señor reinará sobre eles no Monte de Sión.* Este Monte de Sión está en Xerusalén sobre da Terra. E (*Ezequiel*, 20.33) *Tan vivo como estou, di o Señor Deus, mandarei sobre vós, seguro, con man poderosa e brazo estendido, vertendo furia, e (versículo 37) pasaredes baixo da miña vara, e heivos de vencellar ao Pacto.* Ou sexa, reinarei sobre vós, e farei que obedezades o Pacto que fixestes comigo a través de Moisés, e que rachastes en contra miña nos días de Samuel, ao escoller outro Rei.

E no Novo Testamento o Anxo Gabriel dixo do noso Salvador (*Lucas*, 1.32.33): *Será grande e hanlle chamar o Fillo do Altísimo, e o Señor terá de darlle o trono do seu Pai David; e haberá reinar sobre a casa de Xacobe para sempre; e o seu Reino non terá fin.* Era tamén un Reino na Terra; porque ao ser proclamado, por esta razón, inimigo do César, foi condenado a morte e titulado na cruz como *Xesús de Nazaré, Rei dos Xudeus;* despois

coroárono burlándose cunha coroa de Espiñas; e ao proclamalo díxose dos Discípulos (*Feitos*, 17.7) *Que contradixeran todos eles os decretos do César, dicindo que había outro Rei, un que se chamaba Xesús*. Xa que logo o Reino de Deus é un Reino real non metafórico; aparecendo desta maneira non soamente no Antigo Testamento mais tamén no Novo, porque cando se di nel: *Porque teus son o Reino, o Poder e a Gloria*, debemos entender o Reino de Deus, pola forza do noso Pacto, non polo Dereito do Poder de Deus, porque Deus sempre dispón dese Reino, de xeito que sería superfluo dicir no noso prego, *Veña a nós o teu Reino*, a menos que signifiquemos a Restauración dese Reino de Deus, que se interrompera na elección de Saúl polas revoltas dos Israelitas. Nin sería propio dicir, *O Reino do Ceo está veciño* ou pregar, *Veña a nós o teu Reino*, se este aínda continuase.

Hai tantas outras pasaxes que confirman esta interpretación que sería sorprendente que non houbera noticia meirande disto mais a moita luz que achega aos Reis Cristiáns para que vexan os seus dereitos ao Goberno Eclesiástico. Observárono aqueles que en canto dun *Reino Sacerdotal* traducen un *Reino de Sacerdotes*; porque igualmente poderían traducir *Sacerdocio Rexio* (como en San Pedro) por un *Sacerdocio de Reis*. E pois que por *pobo peculiar* poñen *unha xoia fermosa* ou *tesouro*, ben poderían chamar a un Rexemento especial ou a Compañía que manda un Xeneral, a Xoia preciosa do Xeneral ou o seu Tesouro.

Abreviando, o Reino de Deus é un Reino Civil, que consiste, primeiro na obriga do pobo de Israel con aquelas Leis que Moisés lles trouxera do Monte Sinaí, e que logo, o Sumo Sacerdote do momento, había de entregarlles diante dos *Querubíns* no *Sancta Santorum*; e que ese Reino, logo de ser rexeitado, na elección de Saúl, segundo anticiparan os Profetas, sería restaurado por Cristo, sendo a Restauración, xa que logo, aquela pola que pregamos decotío cando dicimos nos Pregos do Señor, *Veña a nós o teu Reino*, e o Dereito o que recoñecemos cando engadimos, *Porque voso é o Reino, o Poder e a Gloria*,

*polos séculos dos séculos, Amén*; sendo a proclamación deste a Predicación dos Apóstolos, para a que os homes están preparados por quen ensinan os Evanxeos, e abrazar eses Evanxeos (ou sexa, prometer obediencia ao goberno de Deus) é estar no *Reino da Graza*, porque Deus lles outorgara *gratis* o poder de ser os seus súbditos (ou sexa, os seus Fillos) posteriormente, cando Cristo veña en Maxestade para xulgar o mundo e gobernar en verdade ao seu propio pobo, o que se chama o *Reino da Gloria*. Se o Reino de Deus (chamado tamén o Reino do Ceo, pola altura gloriosa e admirable dese trono) non fose un Reino que Deus, a través dos seus Lugartenentes ou Vicarios, quen entregaran os seus Mandamentos á xente, exercitara na Terra, non habería tantas liortas e guerra verbo de quen sexa aquel polo que Deus nos ten falado, nin se atribularían moitos Sacerdotes con Xurisdicións Espirituais nin ningún Rei habería de rexeitalas.

Destá interpretación literal do *Reino de Deus* xorde tamén a interpretación verdadeira da palabra SANTO. Porque é unha palabra que no Reino de Deus responde ao que os homes nos seus Reinos adoitan chamar *Público* ou os *Reis*.

O Rei de calquera País é a Persoa *Pública* ou Representante de todos os seus Súbditos. E Deus, o Rei de Israel, era o *Santo* por antonomasia de Israel. A Nación que está suxeita a un Soberano terreal é a Nación do Soberano, ou sexa, a Persoa Pública. Por iso os Xudeus, que eran a Nación de Deus, foron chamados (Éxodo, 19.6) *unha Nación Santa*. Porque por *Santo* entendemos sempre, ou o propio Deus ou aquilo que está en propiedade de Deus; mentres que por *Público* o que se entende sempre é ou a Persoa do Estado ou algo que pertence de tal maneira ao Estado que ningún particular poida reclamalo.

Xa que logo o Sabbath (día de Deus) é un día Santo; o Templo (a casa de Deus), unha *Casa Santa*; os Sacrificios, Décimos e Ofrendas (tributos a Deus), *deberes Santos*; Sacerdotes, Profetas e Reis xunguidos baixo Cristo (Ministros de Deus), *homes Santos*; os Espíritos ministeriais Celestes (Mensaxeiros de



Deus), *Santos Anxos* e así sucesivamente, e onde queira que se tome a palabra Santo con propiedade, fica algo de Propiedade por consentimento. Ao dicir *Santificado sexa o teu nome*, pregamos pola graza de Deus para gardar o primeiro Mandamento, o de *non ter outro Deus que non sexa El*. A Humanidade é a Nación de Deus en propiedade; mais soamente os Xudeus eran unha *Nación Santa*. E logo? Porque chegaron a ser a súa Propiedade por un pacto.

Adoita tomarse a palabra *Profano* nas Escrituras no mesmo senso que *Común*; e consecuentemente os seus contrarios, *Santo* e *Propio* serán o mesmo no Reino de Deus. Mais figuradamente son chamados *Santos* aqueles homes que levaron vidas tan beatas cal se esquecesen os desingnios humanos, dedicándose devota e enteiramente a Deus. No senso real quen é feito *Santo* por Deus, afastándoo ou facéndoo propio para o seu uso, dise estar *santificado* por Deus, como o Sétimo día no cuarto Mandamento, ou como se di que están *santificados* os Elixidos no Novo Testamento cando foron unidos co Espírito da santidad. E aquel que é feito *Santo* pola súa dedicación aos homes e entrega a Deus, como para empregarse soamente ao seu servizo público, leva tamén o nome de SAGRADO, dicíndose que está consagrado, como os Templos e outros Lugares de Oración Pública, e os seus Utensilios, Sacerdotes, Ministros, Vítimas, Ofrendas e a materia externa dos Sacramentos.

Hai graos de *Santidade*: porque daquelas cousas que se afastan para o servizo de Deus, outras poden volver afastarse para un servizo máis próximo e especial. A Nación enteira dos Israelitas eran un pobo Santo ante Deus; mais a tribo de Leví era entre os Israelitas unha tribo Santa; e entre os Levitas os Sacerdotes eran aínda máis Santos; e entre os Sacerdotes o Sumo Sacerdote era o máis Santo. Da mesma maneira a Terra de Xudea era a Terra Santa, mais a Cidade Santa, onde adoraban a Deus, era máis Santa, e o Templo máis Santo que a Cidade, e o *Sancta Santorum* máis Santo que o resto do Templo.

Un SACRAMENTO é a separación dalgunha cousa visible do uso común, e a súa consagración ao servizo de Deus, por medio dun sinal, ou ben da nosa admisión no Reino de Deus, para formar parte da súa xente peculiar, ou a xeito de Conmemoración deste. No Antigo Testamento o sinal de Admisión era a *Circuncisión*; no Novo Testamento, o *Bautismo*. A Conmemoración disto no Antigo Testamento era o *Xantar* (nun certo tempo, que viña sendo o do Aniversario) do *Cordeiro Pascual*; co que lembraban a noite en que foron ceibados da súa escravitude en Exipto, e no Novo Testamento a celebración da *Cea do Señor*, coa que se nos lembra como ficamos ceibes da escravitude do pecado por mor da morte do noso Salvador Bendito na cruz. Os Sacramentos de *Admisión* non son empregados senón unha vez, porque non fai falla máis que unha soa *Admisión*; pero pois que precisamos que se nos lembre a nosa liberación e a nosa Alianza, os Sacramentos da Reiteración teñen de ser reiterados. E estes son os Sacramentos principais e significan os xuramentos solemnes que facemos da nosa Alianza. Hai outras Consagracións que poden levar o nome de Sacramentos, pois que a palabra implica tan só Consagración ao servizo de Deus; mais ao levar tamén un xuramento ou promesa de Alianza con Deus non había no Antigo Testamento senón *Circuncisión* e *Extrema unción*, nin hai no Novo Testamento outras que o *Bautismo* ou a *Cea do Señor*.

### **Capítulo XXXVI. Da palabra de Deus e dos Profetas**

Cando se menciona a *Palabra de Deus* ou do *Home* isto non significa unha parte do Discurso, tal como os Gramáticos denominan un Nome, un Verbo ou unha simple voz, sen un contexto con outras palabras que o fagan significativo, senón unha Oración ou Discurso perfecto a través do que o falante *afirme, negue, mande, prometa, ameace, desexe* ou *interroque*. Neste senso non é *Vocabulum*, o que significa unha *Palabra*, senón *Sermo* (en grego, λόγος), ou sexa, *Oración, Discurso* ou *Enunciado*.

Ademais, se dicimos a *Palabra de Deus* ou do *Home*, poderíase entender, ás veces, o Falante (como as palabras que Deus ou un Home falasen): neste senso cando dicimos o Evanxeo de San Mateo entendemos a San Mateo como o seu autor; outras veces, o que se significa é o Asunto. Neste senso cando lemos na Biblia: *As palabras dos días dos Reis de Israel ou Xudá* significa que os actos que foron feitos naqueles días eran o Tema destas Palabras. E en Grego, que (nas Escrituras) mantén moitos Hebraísmos, pola Palabra de Deus adoita entenderse non o que Deus fala mais o que concirne a Deus e o seu goberno; isto é, a Doutrina da Relixión. Tanto así que vén sendo o mesmo dicir logoz deou e *Teoloxía*, ou sexa, a Doutrina que adoitamos chamar *Divindade*, como se manifesta nas pasaxes seguintes (*Feitos*, 13.46): *Daquela Paulo e Bernabé, usando de liberdade, dixeron: Foi preciso que a Palabra de Deus fose falada a vós primeiro, pero véndoa posta diante vosa, e que vos coidarades inmerecentes dunha vida eterna e, velaí vai, volvémonos aos Xentís*. Iso que se chama aquí a Palabra de Deus era a Doutrina da Relixión Cristiá, como se deduce evidentemente do devandito, expresándose no versículo derradeiro do mesmo Capítulo: *Decotío no Templo, e en cada causa, non cesaba Xesús Cristo de ensinar e predicar*. Manifestábase nesa pasaxe que Xesús Cristo era o asunto desta *Palabra de vida* ou (o que é o mesmo) o tema das *Palabras desta vida eterna* que lles ofrecera o noso Salvador. De maneira que (*Feitos*, 15.7) a Palabra de Deus leva o nome de *a Palabra do Evanxeo* porque contén a Doutrina do Reino de Cristo; e a mesma palabra (*Romanos*, 10.8.9) leva por denominación *Palabra de Fe*; ou sexa, tal como se expresa alí a Doutrina de Cristo que vén e xorde logo da morte. Tamén (*Mateo*, 13,19) *Cando se escoita a Palabra do Reino*; ou sexa, a Doutrina do Reino explicada por Cristo. Ademais, a mesma Palabra ao dicir (*Feitos*, 12.24) *medrade e multiplicádevos*; explica que entender a Doutrina Evanxélica é doado, mais a Voz ou Discurso de Deus é algo difícil e estraño. En senso análogo

a *Doutrina dos Diaños*, non quere dicir as Palabras de ningún Diaño, mais a Doutrina dos Pagáns relativas aos *Demos*, e aqueles Espíritos que adoraban cal se fosen Deuses.

Coidando nestes dous significados da PALABRA DE DEUS, tal como se entende nas Escrituras, maniféstase neste último senso (do que se toma para a Doutrina da Relixión Cristiá) que as Escrituras son por enteiro a Palabra de Deus; mais non acontece isto no caso anterior. Por exemplo, aínda que estas palabras, *Son o Señor, o voso Deus, etc.*, cara ao remate dos Dez Mandamentos, foron faladas por Deus a Moisés; o Prefacio, *Deus falou con estas palabras e dixo*, debe entenderse como as palabras daquel que escribiu a Historia sagrada. A *Palabra de Deus*, tal como se entende por quen a falara, cóllese ás veces con *Propiedade*, outras *Metaforicamente*. *Propiamente*, como as palabras que lle dirixira aos seus Profetas: *Metaforicamente*, polo seu Poder, Sabedoría e Designios eternos ao crear o mundo; nese senso, aqueles *Fiats: Fágase a luz, Fágase o firmamento, Fágase o home, etc.* (*Xénese*, 1) son a Palabra de Deus. E no mesmo senso dise (*Xoán*, 1.3): *Todas as cousas foron feitos por El, e sen El nada sería feito*. E (*Hebreos*, 1.3): *Terma de todas as cousas pola palabra do seu Poder*; ou sexa, polo Poder da súa Palabra: é dicir, polo seu Poder; e (*Hebreos*, 11.3): *Os mundos foron artellados pola Palabra de Deus*; e moitas outras pasaxes no mesmo senso. Como se toma tamén entre os Latinos a palabra *Fado*, que significa en puridade *A palabra falada*, no mesmo senso.

En segundo lugar, polo efecto da súa Palabra; ou sexa, pola cousa mesma, que se Afirma, Ordena, Ameaza ou Promete; como cando se di (*Salmos*, 105.19) que Xosé tería que ficar na cadea *ata que a súa Palabra viñese*; ou sexa, deica que acontecese o que predixese (*Xénese*, 40.13) ao Copeiro do Faraón, relativo a que sería devolto ao seu mester. Da mesma maneira (*Reis*, 18.36), Elías dixo a Deus: *Fixen todas estas cousas as túas palabras*, en canto de dicir, *Fixen todas estas cousas á túa*

*Palabra* ou mandato. E (*Xeremías*, 17.15): *Onde estea a Palabra do Señor*, mudouse por un *Onde estea o Mal co que ameazara*. E (*Ezequiel*, 12.28): *Non se delongará máis ningunha das miñas Palabras*; entendéndose por *palabras* aquelas cousas, que Deus prometerá ao seu pobo. E no Novo Testamento (*Mateo*, 24.35) dise: *ceo e terra pasarán máis a miña Palabra non pasará*; ou sexa, non hai nada que teña anticipado ou prometido que non veña pasar. E é neste senso que San Xoán o Evanxelista, e coído que foi San Xoán o único que chamara ao noso Salvador encarnación da *Palabra de Deus*, di (en *Xoán*, 1.14) *o verbo fíxose Carne*; ou sexa, *Palabra* ou *Promesa* de que Cristo viría ao mundo; *aquel quen no principio estaba con Deus*; ou sexa, Deus Pai tiña a intención de mandar a Deus Fillo no mundo, para alumear os homes no camiño da vida Eterna; mais non foi ata entón que o puxo en práctica, encarnándoo en verdade. De maneira que o noso Salvador se chama alí a *Palabra* non o fai porque fose a promesa mais a cousa prometida. Aqueles que a propósito desta pasaxe adoitan chamarlle o Verbo Divino, non fan senón escurecer aínda máis o texto. Igualmente poderían chamarlle o Nome de Deus; porque por *Nome*, mais tamén por *Verbo*, os homes non entenden outra cousa que unha parte do discurso, unha voz, un son que nin afirma, nin nega, nin ordena, nin promete, nin é ningunha substancia corporal nin espiritual; e xa que logo non pode ser chamado Deus ou Home, mentres que o noso Salvador é as dúas cousas. E esta *Palabra*, que San Xoán dixo no seu Evanxeo estar con Deus, chámase (na súa Epístola 1, versículo 1) *Palabra de vida*; e (versículo 2) *a vida Eterna que estaba co Pai*; de maneira que non pode nomearse como *Palabra* senón naquel ao que se lle chama vida Eterna; ou sexa naquel *que nos tiña procurado vida Eterna* pola súa vida feita carne. Igualmente (*Apocalipse*, 19. 13) o Apóstolo ao falar de Cristo, vestido cunha túnica enchoupada de sangue, dixo: o seu nome é *a Palabra de Deus*; que debe entenderse como se dixese que o seu nome fose *Aquel que tiña de vir consonte o plan*

*de Deus desde o principio, e cadrando coa súa Palabra e as promesas ceibadas polos Profetas.* De maneira que nada hai aquí da Encarnación da Palabra mais da Encarnación do Fillo de Deus, chamado xa que logo a *Palabra*, porque a súa Encarnación era o Cumprimento da Promesa; da mesma maneira en que o Espírito Santo recibe o nome *da Promesa*.

Hai tamén pasaxes das Escrituras onde por *Palabra de Deus* entendemos aquelas Palabras, consonte á razón e equidade, aínda que ás veces expostas nin por un Profeta nin por un santo. Porque aínda que o Faraón Neco era un idólatra as súas Palabras ao bo Rei Xosías na que lle advertía por Mensaxeiros que non se opuxese na súa marcha contra *Carchemish*, dise que procedían da boca de Deus, e que por non escoitalas Xosías fixo una batalla; tal como se le en (2 *Crónicas*, 35, versículos, 21, 22, 23). É certo que tal como se conta a mesma Historia no primeiro Libro de Esdras, non foi o Faraón mais Xeremías quen lle dixo estas palabras a Xosías, da boca do Señor. Mais non debemos acreditar na Escritura Canónica, calquera que sexa o que vén escrito nos Apócrifos.

A *Palabra de Deus* compre tomala igualmente polos Ditados da razón e equidade cando se di nas Escrituras que iso mesmo vén escrito no corazón do home: *Salmos*, 36.31. *Xeremías*, 31.33, *Deuteronomio*, 30.11, 14 e en moitas outras pasaxes igualmente.

O nome de PROFETA significa nas Escrituras, ás veces, *Prolocutor*, ou sexa, o que fala de Deus ao home ou do home a Deus: e ás veces *Praedictor*, ou anticipador de cousas por vir. E ás veces un que fala incoherentemente cal o fan aqueles homes atordados. Emprégase máis frecuentemente no senso do falar de Deus ao Pobo. De maneira que *Moisés*, *Samuel*, *Elías*, *Isaías*, *Xeremías* e outros eran *Profetas*. E neste senso o Sumo Sacerdote era un *Profeta*, porque soamente el entraba no *Sancta Santorum* para preguntarlle a Deus e declararlle ao pobo as súas respostas. E xa que logo cando Caifás dixo que

era preciso que un home morrese polo pobo, San Xoán dixo (capítulo 11.51) que *El non falaba del mesmo, mais que ao ser Sumo Sacerdote ese ano profetizara que un home debía morrer pola nación*. Dise que tamén profetizaban aqueles que nas Congregacións Cristiás ensinaban ao pobo (1 *Corintios*, 14.3). Nun senso semellante vai aquilo que Deus dixera a Moisés (Éxodo, 4.16) relativo a Aarón: *El será o teu voceiro diante do pobo, e será a túa boca, e ti serás para el en canto de Deus*. Interpretábase Profeta por *Voceiro*. *Olla* (dixo Deus), *eu fixen de ti un Deus para o Faraón, e Aarón, teu irmán, será o teu Profeta*. No senso de falar o home con Deus, a Abraham pódesele chamar un Profeta (*Xénese*, 20.7) cando Deus nun Soño falou a Abimelech desta maneira, *Xa que logo, agora, devolve o home á súa muller, porque é profeta e pregará por ti*; do que pode igualmente inferirse que o nome de Profeta pode darse, e non sen xeito, a aquel que nas Igrexas Cristiás ten Vocación para dicir pregos públicos para a Congregación. Nun senso análogo dos Profetas que baixaron dun Outeiro (ou Outeiro de Deus) cun Salterio, un Tamboril, unha Frauta e unha Arpa (1 *Samuel*, 10.5, 6), e (versículo 10) Saúl entre eles, dise que Profetizaban en que loaban a Deus, publicamente, dese xeito. Da mesma maneira Miriam (Éxodo, 15.20) é chamada Profetisa. Da mesma maneira cómpre entender (1 *Corintios* 11.4.5) cando San Paulo di: *Todos os homes que preguen ou profeticen coa cabeza cuberta, etc., e todas as mulleres que preguen ou profeticen coa cabeza descuberta*. Porque Profecía nesa pasaxe non significa outra cousa que loar a Deus en Salmos e Cantos Sagrados, o que as mulleres podían facer na Igrexa aínda que non lles fose permitido dirixirse á Congregación. E é nesta acepción que os Poetas dos Pagáns que compoñían Himnos e outras clases de Poemas en honor dos seus Deuses eran chamados *Vates* (Profetas) como é ben sabido por todos os que están versados nos Libros dos Xentís, como se evidencia cando San Paulo dixo dos Cretenses que un Profeta dos seus dixera que

eran mentiráns; e non é que San Paulo tivese os seus Poetas por Profetas, mais recoñecía que a palabra Profeta adoitaba empregarse para aqueles que honraban a Deus en Verso.

Cando por Profecía o que se entende é a Predición ou anticipar Continxencias futuras, non soamente serían Profetas os que ao ser Voceiros de Deus anunciaban aos demais aquelas cousas que Deus lles predixera; senón tamén todos os Impostores que pretenden, coa axuda de espíritos familiares ou a través das adiñas de feitos pasados predicir, a partir de falsas causas, acontecementos semellantes nos tempos que virán; destes (como xa declarei no capítulo 12 deste Discurso) hai moitas clases, que gañan unha meirande reputación de Profetas por unha circunstancia casual terxiversada para a súa fin, mais que se pode perder de novo por unha chea de fracasos. A Profecía non é unha Arte, nin (cando se toma como Predición) unha Vocación constante; senón un Encargo extraordinario e ventureiro de Deus, máis a miúdo aos seus homes pero ás veces tamén aos Ruíns. A muller de Endor, de quen dicían que tiña un espírito familiar, e a partir del espertara ao Fantasma de Samuel, e anunciado a Saúl a súa morte, non era xa que logo unha Profetisa, porque nin tiña ciencia para erguer semellante Fantasma, nin parece que Deus lle fixese tal encomenda, senón que soamente aproveitara esa Impostura como medio para provocarlle a Saúl medo e desánimo e, como consecuencia, a desfeita na que sucumbirá. E por mor do seu Discurso Incoherente tomábase entre os Xentís como Profecía aquelas dos Profetas dos seus Oráculos, quen intoxicados por un espírito ou vapor procedente da cova do Oráculo Pitio de Delfos estaban durante un tempo loucos, e falaban tal como se o fosen. E das súas palabras inconexas podería tirarse un senso axeitado a calquera situación, da mesma maneira que se pode dicir que todos os corpos están feitos de *Materia prima*. Nas Escrituras atopo (1 *Samuel* 18.10) algo semellante nestas palabras: *E o espírito Maligno veu riba de Saúl, e Profetizou no medio da casa.*



E aínda que nas Escrituras haxa moitos significados da palabra *Profeta*, a máis frecuente é a que indica que é tomado como tal aquel a quen Deus expresa acto continuo o que o Profeta debe dicir, como emanado de Deus, a outro home ou ao pobo. E disto pode xurdir a cuestión de que maneira fala Deus a este Profeta. Pódese (alguén daría formulado) dicir propiamente que Deus ten voz e linguaxe, cando non é posible dicir en puridade que ten lingua ou outros órganos semellantes aos do home? O Profeta David argumentaba deste xeito: Pode non ver o que fixo o ollo e non oír o que fixo o oído? Mais isto pode ser enunciado non (como adoita acontecer) para significar a natureza de Deus mais a nosa intención de honralo. Porque *ver* e *oír* son Atributos Honorábeis, e poden ser outorgados a Deus para declarar (tanto como a nosa capacidade poida concibir) o seu Poder Omnipotente. Mais se houbese que tomalo no senso propio e estrito podería argumentarse que ao facer El todas as partes do corpo humano tería o mesmo uso delas que o que nós temos, sendo moitas tan pouco axeitadas que sería a meirande contumelia do mundo adscribírllelas. Xa que logo debemos interpretar o discurso inmediato de Deus aos homes como a maneira (sexa esta cal fose) que Deus emprega para facerlles entender a súa vontade. E as maneiras polas que fai isto son moitas e cómpre procuralas nas Sagradas Escrituras, onde aínda que se dixese moitas veces que Deus falou a este e mais a aquel sen declarar de que maneira hai moitas pasaxes que mostran tamén os sinais polas que recoñecer a presenza Súa e os Seus mandatos; e a través deles pode entenderse como falou a moitos dos restantes.

Non se expresa de que maneira Deus falou a *Adán e Eva*, e a *Caín e Noé*, nin como lle falara a *Abraham*, ata o momento en que saíra do se propio país para dirixirse a *Sichem* na terra de *Canaán*, e daquela (*Xénese*, 12.7) é cando se di que Deus se lle aparecera. É esta unha das maneiras coas que Deus manifestou a súa presenza; por medio dunha *Aparición* ou *Visión*. Máis

(*Xénese*, 15.1) A Palabra do Señor veu a Abraham nunha Visión; ou sexa, como sinal da presenza de Deus en forma de Mensaxeiro Divino para lle falar. E de novo o Señor mostráraselle de novo a Abraham (*Xénese*, 18.1) por medio da aparición de tres Anxos; e a Abimelech (*Xénese*, 20.3) nun soño. A Lot (*Xénese*, 19.1) pola aparición de dous Anxos: e a Hagar (*Xénese*, 21.17) pola aparición dun Anxo. E a Abraham, unha vez máis (*Xénese*, 22.11) pola aparición dunha voz do ceo. E a Isaac (*Xénese*, 26.24) na noite (ou sexa, no seu sono ou soño). E a Xacobe (*Xénese*, 18-12) nun soño; isto é (tal como vén no texto) *Xacobe soñou que vira unha escada, etc.* E (*Xénese*, 32.1) nunha Visión de Anxos. E a Moisés (*Éxodo*, 3.2) na aparición dunha chama que saía dunha silveira. E logo do tempo de Moisés (onde se expresa a maneira como Deus falou de inmediato ao home no Antigo Testamento) faino sempre a través dunha Vision ou un Soño: como fixo con *Xedeón, Samuel, Elías, Eliseo, Isaías, Ezequiel* e o resto dos Profetas, e a miúdo no Novo Testamento, cal fixo con *Xosé, San Pedro, San Paulo* e *San Xoán* o Evanxelista na Apocalipse.

Soamente falara a Moisés dun maneira máis extraordinaria no Monte *Sinaí*, e no *Tabernáculo*, e ao Sumo Sacerdote no *Tabernáculo*, e no *Sancta Sanctorum* do Templo. Mais Moisés, e despois del os Sumos Sacerdotes eran Profetas dun lugar e categoría máis eminentes no favor de Deus. E o propio Deus con palabras expresas declarou que lles falara aos outros Profetas en Soños e Visións mais ao seu servo Moisés de tal maneira como un home fala ao seu amigo. As palabras foron estas (*Números*, 12.6.7.8) *Se houberse un Profeta entre vós, Eu, o Señor, fareime coñecido del nunha Visión, e falarei con el nun Soño. Co meu servo, Moisés, será diferente, pois que é leal en toda a miña casa; con el falarei man a man, mesmo en aparencia, non en discursos escuros; e verá o Señor tal como é.* E (*Éxodo*, 33.11): *O Señor falou a Moisés cara a cara, tal como o home lle fala ao seu amigo.* E aínda así estas palabras de Deus a Moisés foron por mediación dun Anxo, ou Anxos, tal como se mostra expre-

samente, *Feitos*, 7, versículos 35 e 53 e *Gálatas*, 3.19 e houbera xa que logo unha Visión, por máis que unha Visión máis clara da que se lle dese a outros Profetas. E que cadraba co que dixo Deus (*Deuteronomio*, 13. 1): *Se xorde entre vós un Profeta ou un Soñador de Soños*, a última palabra non é máis que unha interpretación do anterior. E (*Xoel*, 2.28): *Vosos fillos e fillas Profetizarán; os vosos anciáns soñarán Soños, e os vosos novos verán Visións*; aquí, unha vez máis, a palabra *Profecía* enténdese como *Soño* e *Visión*. E Deus faloulle da mesma maneira a Salomón, prometéndolle Sabedoría, Riquezas e Honor; pois que o texto di ( *1 Reis*,3.15): *E Deus espertou e viu que era un Soño*. De maneira que en xeral os Profetas do Antigo Testamento non tiveron noticia da Palabra de Deus doutra maneira que non fosen a través dos seus Soños e Visións, ou sexa, das imaxinacións que tiveran nos seus soños ou nunha Éxtase; imaxinacións que en cada Profeta verdadeiro eran sobrenaturais, mais nos falsos Profetas naturais ou finxidas.

Os mesmos Profetas, non obstante, dicían falar polos Espíritos: (228) como (*Zacarías*, 7.12) cando o Profeta falando dos Xudeus dicía: *Fixeron os seus corazóns duros como Diamante, para non oír a Lei, e a palabra que o Señor dos Exércitos lles enviara ao seu Espírito por medio dos Profetas anteriores*. Do que se manifesta que falar a través do *Espírito* ou da *Inspiración* non era unha maneira particular do discurso Divino, diferente da Visión, cando aqueles dos que se dicía que falaban por medio do Espírito eran Profetas extraordinarios, de tal xeito que para cada mensaxe nova tiñan de ter unha Comisión particular ou (todo o mesmo) un novo Soño ou Visión.

Entre dos Profetas que existirán por unha Vocación Perpetua no Antigo Testamento algúns eran *supremos*, outros, *subordinados*. Entre os Supremos, primeiro, Moisés, e logo del o Sumo Sacerdote, cada un no seu tempo, mentres que o Sacerdocio foi Rexio, e logo de que o pobo Xudeu rexeitase a Deus para que deixase de reinar neles, aqueles Reis que se someterán ao

gobierno de Deus foron tamén os seus Profetas máis importantes, e o mester dos Sumos Sacerdotes mudou en Ministerial. E cando tiñan de consultar a Deus, poñían as vestiduras sacras e inquirían do Señor cando llo ordenaba o Rei, e ficaban privados do seu mester cando o coidaba axeitado o propio Rei. Porque o Rei Saúl (1 *Samuel*, 13. 9) ordenou que lle trouxesen a ofrenda do holocausto e (1 *Samuel*, 14. 18) ordenou aos Sacerdotes que lle achegasen a arca; e (versículo, 19) que o deixasen só porque vía vantaxes sobre os seus inimigos. E no mesmo capítulo Saúl pedíralle consello a Deus. De idéntica maneira dise que o Rei David, logo de ser unxido, aínda que xa tomara posesión do seu Reino, *preguntou ao Señor* se debía loitar contra os Filisteos en *Kelilah*, e (versículo 10) mandou ao Sacerdote que lle trouxese a Túnica Sacerdotal, para inquirir se debía ficar en *Kelilah* ou non. E o Rei Salomón (1 *Reis* 2.27) tomou o Sacerdocio de *Abiathar* dándollo (versículo 35) a *Zadoc*. Xa que logo Moisés e os Sumos Sacerdotes, e os piadosos Reis, que inquiriron de Deus en todas as ocasións extraordinarias como tiñan que comportarse ou en que acontecementos debían participar, eran todos Profetas Soberanos. Mais non se manifesta a maneira que empregou Deus para lles falar. Dicir que a subida de Moisés ao Monte *Sinaí* para reunirse con Deus non foi senón un Soño ou unha Visión semellante ao dos outros Profetas, o que vén sendo contrario á distinción que Deus fixera entre Moisés e os outros Profetas, *Números*, 12.6.7.8. Dicir que Deus falara ou aparecera tal como é na súa propia natureza é denegar a súa Infinidade, Invisibilidade, Incomprensibilidade. Dicir que falou por Inspiración ou Infusión do Espírito Santo, en canto que Espírito Santo significa a Deidade, é igualar a Moisés con Cristo, en quen soamente a Divindade (como dixo San Paulo en *Colosenses*, 2.9) habitou corporalmente. E, finalmente, dicir que falou polo Espírito Santo, significando as grazas e os dons do Espírito Santo, é non atribuírlle nada sobrenatural. Porque Deus dispón aos homes á Piedade, Xustiza, Misericordia, Verdade,

Fe e todas as maneiras de Virtude, Morais e Intelectuais, pola doutrina, exemplo e por diversos motivos, naturais e ordinarios.

E de igual xeito que estas maneiras non poden ser aplicadas a Deus cando falou a Moisés no Monte *Sinaí*, tampouco se lle poden aplicar cando falou aos Sumos Sacerdotes desde a Cadeira da Clemencia. Xa que logo non é intelixible a maneira en que Deus falou aos Profetas Soberanos do Antigo Testamento que tiñan como mester preguntarlle. Nos tempos do Novo Testamento non había outro Profeta Soberano que o noso Salvador, que era simultaneamente o Deus que falaba e o Profeta ao cal El falaba.

Non atopo pasaxe que probe que Deus falara sobrenaturalmente aos Profetas da Vocación perpetua; mais soamente a través da maneira que empurra naturalmente aos homes á Piedade, á Fe, á Honestidade, e todas as virtudes restantes dos demais Cristiáns. E aínda que este procedemento consiste na Constitución, Instrución, Educación e nas ocasións e propensións que os homes teñen ás virtudes Cristiáns, debe atribuírse en verdade á actuación do Espírito de Deus ou Paracleto (o que chamamos na nosa linguaxe, Espírito Santo). Porque non hai boa inclinación que non veña da man de Deus. Mais tales obras non son sempre sobrenaturais. Xa que logo cando se di que un Profeta fala no Espírito ou polo Espírito de Deus cómpre non entender senón que fala consonte á vontade de Deus, declarada polo Profeta supremo. Pois que a acepción máis común da palabra Espírito vén no que implica a intención, mente ou disposición do home.

No tempo de Moisés había setenta homes, ademais del, que *Profetizaban* no Campamento dos Israelitas. A maneira en que Deus lles falara declárase no capítulo II de *Números* (versículo 25): *O Señor baixou nunha nube, falándolle a Moisés, e apoderouse do Espírito que nel estaba, dándollo aos Setenta Anciáns. E aconteceu que cando o Espírito acougara neles Profetizaran. Pero isto non volveu repetirse.* Do que se manifesta, primeiro,

que as súas Profecías ao pobo, cadraban axeitándose a aquelas de Moisés, por iso Deus apañara o Espírito de Moisés para poñelo neles; de maneira que Profetizaran como o faría Moisés pois que doutra maneira non terían Profetizado en absoluto. Porque (versículo 27) houbera unha queixa presentada a Moisés contra deles, e Xosué pretendía que Moisés os vetase, o que non fixo senón que lle dixo a Moisés, *Non esteas celoso por min*. En segundo lugar, que o Espírito de Deus nesta pasaxe non significa outra cousa que a Mente disposta a obedecer e asistir a Moisés na administración do Goberno. Porque se se quixese dicir que tiñan o Espírito de Deus, ou sexa, a natureza Divina infundida neles, daquela non terían en menor maneira ao propio Cristo, en quen soamente habitaba corporalmente o Espírito de Deus. Significa, xa que logo, o Don e mais Graza de Deus, que os guiaba a cooperar con Moisés, do que se derivaba o Espírito deles. E semellaba (versículo 16) que eran tal como Moisés coidaba para que fosen os Anciáns e Funcionarios do Pobo. Porque nas palabras: *Xúntame setenta homes, de quen saibas que son Anciáns e Funcionarios do pobo: aí, de quen saibas, é o mesmo que nomees ou teñas nomeado para cousa tal*. Porque se nos dixo antes (Éxodo, 18) que Moisés, seguindo o consello de Xetro, o seu sogro, designara Xuíces e Funcionarios entre do pobo temeroso de Deus, e no medio deles estaban aqueles Setenta a quen Deus, poñendo neles o Espírito de Deus empurrou a que axudasen a Moisés na Administración do Reino; e neste senso seica o Espírito de Deus (1 Samuel, 16.13.14) logo da unción de David veu riba deste deixando a Saúl. De maneira que Deus dá as súas grazas ao que escolle para gobernar ao seu pobo, afastándoas daquel a quen rexeita. Por iso que por Espírito debemos entender a Inclinação ao Servizo de Deus e non ningunha Revelación sobrenatural.

Deus falou tamén moitas veces por medio do Azar: ordenado por aqueles aos que outorgara Autoridade no pobo. Así lemos que Deus manifestara a través da Sorte e a instancias de Saúl a

falta que Xonatán cometera ao comer dun panal, contrariando o xuramento tomado polo pobo. E (*Xosué*, 18. 10) Deus dividirá a terra de Canaán entre os Israelitas, polas *sortes que Xosué fixera botar diante do Señor en Shiloh*. De idéntica maneira semella que Deus descubriuse (*Xosué*, 7.16, etc.) o delito de Achan. E son estas as maneiras a través das cales Deus declarara a súa Vontade no Antigo Testamento.

Empregou tamén todos eses xeitos no Novo Testamento. Declarou a súa Vontade Á *Virxe María*, pola Visión dun Anxo, a *Xosé*, nun Soño, a Paulo no camiño de Damasco nunha Visión do noso Salvador, e a Pedro na Visión dunha franxa que caía do ceo con castes diversas de carne, de bestas puras e impuras e no cárcere pola Visión dun Anxo. E a todos os Apóstolos e Autores do Novo Testamento polas grazas do seu Espírito, e aos Apóstolos, ademais (na escolla de Matías en canto de Xudas Iscariote) polo azar.

Vendo daquela todas as Profecías como supostas Visións ou Soños (todo o mesmo cando son naturais) ou algún agasallo especial de Deus, tan raramente observado na humanidade como para ser por tal razón admirado, e vendo que tales agasallos, como os Soños e as Visións máis extraordinarios poden proceder de Deus, non soamente polo súa obra, sobrenatural e inmediata mais tamén natural e por mediación de segundas causas, é preciso ter Razón e Xuízo para discernir entre Dons naturais e sobrenaturais, e entre Visión e Soños naturais e sobrenaturais. Consecuentemente os homes teñen de ser moi circunspectos e precavidos á hora de obedecer a aquel que pretendendo ser Profeta require de nós obedecer a Deus nese vieiro que o propio Deus di ser o carreiro da felicidade. Porque quen pretende ensinar os homes o camiño a felicidade tan grande, o que quere é gobernalos; ou sexa, mandar e reinar sobre eles, cousa esta que todos os homes desexan e merece, xa que logo, ser sospeitosa de Ambición e Impostura, e —consecuentemente— ser examinada e comprobada polos homes

antes de que lle rendan obediencia, a menos de que isto xa se teña feito na institución dun Estado, como cando o Profeta é o Soberano civil ou vén Autorizado por este. E se este exame de Profetas e Espíritos non se lles permitise a todo o mundo, non tería senso sinalar as marcas polas que cadaquén podería distinguir entre aqueles aos que deben e non deben seguir. Xa que logo vendo que tales marcas están postas (*Deuteronomio*, 13, 1, etc.) para coñecer o Profeta, e (*Xoán*, 4.1 etc.) ao Espírito, e vendo igualmente que hai tanta Profecía no Antigo Testamento e tanta Predicación no Novo Testamento contra dos Profetas, e un número cada vez meirande de falsos profetas que de verdadeiros, todos están avisados de obedecer as súas directrices ao seu risco. E, en primeiro lugar, que houbera moitos máis Profetas falsos que verdadeiros déixase ver nisto; que cando Ahab (1 *Reis* 12) consultara a catrocentos Profetas, eran todos Impostores agás un só, Micaías. E un pouco antes da Catividade os Profetas adoitaban ser mentireiros. *Os Profetas* (dixera o Señor a través de *Xeremías*, capítulo 14, versículo 14) *profetizan Mentiras no meu nome. Nin os enviei, nin lles ordenei, nin falei con eles para que vos profetizasen unha falsa Visión, unha cousa babeca que enganase os corazóns.* O que é máis, Deus ordenara ao Pobo por boca do Profeta *Xeremías* (capítulo 14, versículo, 14) non obedecelos. *Así falou o Señor dos Exércitos, non escoitedes as palabras dos Profetas que vos profetizan. Fanvos vaidosos, falan dunha Visión desde o seu corazón, e non da boca do Señor.*

Vendo pois que no tempo do Antigo Testamento había semellantes liortas entre os Profetas Visionarios, os uns pelexando cos outros, a preguntar: Cando marchou o Espírito de xunto a min para ir onde ti?, como entre Micaías e os restantes dos catrocentos, e que se imputaban mentiras entre eles (así en *Xeremías*, 14.14), e existindo análogas controversias no Novo Testamento a día de hoxe entre os Profetas Espirituais, cada home estaba daquela e agora obrigado a facer uso da súa Razón Natural para aplicar a toda Profecía aquelas Normas que nos



dera Deus para discernir o certo do falso. Destas Normas, no Antigo Testamento, unha era a doutrina consonte ao que lles ensinara Moisés, o Profeta Soberano, e a outra, o poder milagreiro de anticipar o que Deus faría acontecer, como xa demostrarei a partir do *Deutoronomio*, 13.1, etc. E no Novo Testamento había un sinal apenas, e era a predicación desta doutrina, *Que Xesús é Cristo*, isto é o Rei dos Xudeus prometido no Antigo Testamento. Quen queira que sexa que denegou ese Artigo era un falso Profeta, fosen cales fosen os milagres que semellaba producir: e quen o ensinou era un Profeta verdadeiro. Porque San Xoán (1 *Epístolas*, 4.2, etc.) falando expresamente das maneiras de examinar Espíritos, fosen divinos ou non, logo de que lles dixese que aparecerían falsos Profetas, falou así: *Por isto coñeceredes o Espírito de Deus. Cada Espírito que confese que Cristo terá de vir en carne, é de Deus*: ou sexa, que se lle aproba e permite como Profeta de Deus; pero non porque sexa un home divino ou un dos Escollidos por ter confesado, profesado ou predicado que Xesús sexa o Cristo, senón por ser un Profeta declarado. Porque ás veces Cristo falaba a través de Profetas, sen que aceptase as súas persoas; como fixo por Balaán, e cando Saúl profetizara a súa morte a través da Meiga de Endor. Ademais no versículo inmediato dise: *O Espírito que non confese que Xesús Cristo terá de vir en carne non é de Cristo. É o Espírito do Anticristo*. De xeito que a Norma é perfecta en ambos casos; que é un verdadeiro Profeta que predicou que o Mesías xa vira na persoa de Xesús; e é un profeta falso o que nega que viñera e anda a procuralo nun Impostor futuro, que botará riba súa ese honor con falsidade, ese a quen o Apóstolo chamou con propiedade Anticristo. Cada home debe coidar quen é o Profeta Soberano, ou sexa, quen é o Representante de Deus na Terra, e ten, logo despois de Deus, a Autoridade de Gobernar os Cristiáns, e de observar como Norma a Doutrina que mandou que fose ensinada no nome de Deus, e como consecuencia examinar e comprobar a verdade desas Doutrinas que

os pretendidos Profetas, con ou sen milagres, anticipaban, e se coidaban que eran contrarias á Norma facer como fixeran os que se presentaron diante de Moisés a se queixar de que había algúns que Profetizaban no Campamento, cunha Autoridade da que dubidaban, e deixar ao Soberano, tal como fixeran con Moisés apoiálos ou vetálos, segundo lle cadrase. E caso de que os desautorizase non volver obedecer a súa voz, como homes a quen Deus dese unha parte do Espírito da súa Soberanía. Porque cando os Cristiáns non toman ao seu Soberano Cristián por Profeta de Deus deben ou ben optar polos seus propios Soños como a Profecía pola que pretenden ser gobernados, ou polos seus corazóns inchados polo Espírito de Deus, ou ben sufrir o ser conducidos por algún Príncipe estranxeiro, que poida fascinalos cara a rebelión contra o goberno sen outro milagre que confirme a súa vocación, ás veces un suceso e unha Impunidade extraordinarios, que esnaquice por estes medios todas as leis, divinas e humanas, reducindo Orde, Goberno e Sociedade ao Caos primitivo da Violencia e mais da guerra Civil.

### **Capítulo XXXVII. Dos milagres e o seu uso**

Por *Milagres* entendemos as obras que nos Admiran de Deus: chamadas consecuentemente *Marabillas*. E pois que na meirande parte son feitas para manifestar o seu mandato e nas ocasións en que se botan en falta, os homes son proclives a dubidar (seguindo o seu propio razoamento natural) o que se lles ordenara e o que non, reciben o nome de *Sinais* nas Sagradas Escrituras, no mesmo senso en que eran coñecidos polos Latinos como *Ostentia* e *Portenta*, por mostrar e anticipar aquilo que o Omnipotente se dispón a facer que aconteza.

Xa que logo para entender que é un Milagre, que cousa son as obras diante das que se Admiran e marabillan os homes. E hai dúas cousas que fan aos homes marabillarse en cada acontecemento: unha, que se trate de algo estraño ou moi raras

veces acontecido, a outra, que cando se produza non poidamos imaxinalo senón da man inmediata de Deus. Mais cando o coidamos posible, ou hai unha causa natural para iso por raro que sexa unha cousa semellante, ou se ten acontecido a miúdo algo parecido, por imposible que nos pareza imaxinalo por medios naturais, non nos marabillemos nin pensemos que estamos diante dun Milagre.

Xa que logo se un Cabalo ou unha Vaca desen falado sería un Milagre; porque a cousa é estraña e, ao tempo, semella pouco doada de imaxinar. Seríao da mesma maneira o ver unha estraña desviación da natureza na produción dunha nova forma dunha criatura viva. Mais cando un home ou outro Animal xeran algo semellante, aínda que non saibamos mellor como se fixo isto que o outro porque mudou en cotián, xa non é Milagre. De idéntica maneira se un home metamorfosea nunha pedra ou nunha columna é un Milagre, pois que resulta estraño, mais se unha peza de madeira sofre un cambio semellante, tal como vemos a miúdo, non é Milagre, pero sen que saibamos porque intervención divina aconteceu esta cousa e non a outra.

O primeiro Arco da Vella visto no mundo era un Milagre, porque foi o primeiro e, consecuentemente, estraño, e servirá como sinal Divino posto no ceo para asegurar á xente de que non habería unha destrución do mundo por mor da Auga. Mais hoxe, pois que son frecuentes, deixan de ser Milagres, nin para quen coñecen as súas causas nin para aqueles que non o fan. Ademais existen obras raras producidas pola Arte humana; ora, se sabemos como foron feitas e coñecemos os medios empregados, non podemos contalas como Milagres, porque non foron artelladas pola man de Deus mais a través da Industria dos homes.

Vendo, ademais, que Admiración e Abraio son conseguíntes ao coñecemento e mais á experiencia co que os homes están dotados, uns máis, outros menos, a dedución é que a mesma cousa pode ser para uns un Milagre e non para outros. Do que se infire que hai homes ignorantes e supersticiosos que coidan

Marabillosas certas Obras que outros, sabendo que proceden da Natureza (que non é a obra inmediata mais cotiá de Deus), non admiran de ningunha maneira. Como cando os Eclipses de Sol e Lúa son tomados por obras sobrenaturais pola xente do común; mentres que outros poderían, a partir das súas causas naturais, predicir a hora exacta en que ían acontecer. Ou como cando un home que, por confidencia ou intelixencia secreta, coñece os actos privados dun home ignorante e inculto é quen de dicir-lle o que ten feito en tempos anteriores. Tal cousa parécelle Milagreira, mais entre homes sabidos e cautelosos Milagres como ese non son doados de executar.

Ademais, corresponde á natureza dun Milagre que se produza para procurarlle creto aos Mensaxeiros, Ministros e Profetas de Deus, que por tales feitos os homes poidan saber que son chamados, enviados e empregados por Deus, e xa que logo estean máis dispostos a obedecelos. E, consecuentemente, aínda que a creación do mundo, e logo a destrución de todas as criaturas vivas no dioivo universal, foron obras dignas de admiración, porque non se fixeran para procurarlle creto a ningún Profeta ou calquera outro Ministro de Deus, non adoitaban chamarse Milagres. Porque por moi admirable que calquera obra poida ser, a Admiración non consiste no factible que sexa, porque o Deus Todopoderoso pode executar calquera cousa, senón porque se faga a través do Prego ou da Palabra dun home. Mais as obras de Deus en Exipto, da man de Moisés, foron en puridade Milagres, porque se levaron adiante coa intención de conseguir que o pobo de Israel viñese a eles, non por mor do seu propio interese e designio, mais como enviado de Deus. Xa que logo despois de que Deus lle encomendase ceibar aos Israelitas da escravitude Exipcia, cando dixo *Non me van crer, senón que dirán que o Señor non se me ten aparecido*, Deus dera en outorgarlle poder de mudar a Cana que tiña na man nunha Cóbrega, e volver trocala en Cana, e poñéndolle a man no seo convertelo en leproso, e afastándoo curalo de novo para que os fillos de

Israel cresen (como no versículo 3) que o Deus dos seus Pais se lle aparecera. E por se isto non fose abondo deulle poder para volver as augas en sangue. E unha vez que fixera estes Milagres diante da xente dise (versículo 41) que *acreditaran nel*. Non obstante, por medo ao Faraón, non ousaron aínda obedecelo. Por esta razón, as outras obras realizadas para verter as pragas sobre o Faraón e os Exipcios tenderon a facer que os Israelitas acreditasen en Moisés, e foron en puridade Milagres. De idéntica maneira se coidamos en todos os Milagres feitos pola man de Moisés, e todos os demais Profetas deica a catividade, e os dos noso Salvador e os seus Apóstolos despois, atoparemos que a súa finalidade era sempre suscitar ou confirmar a crenza de que eles non viñeran por un pulo propio senón enviados por Deus. Máis adiante podemos observar nas Escrituras que a finalidade dos Milagres era fomentar a fe, non universalmente en todos os homes, os escollidos e os rexeitados, mais soamente nos escollidos; isto é naqueles nos que Deus determinara que ían ser os seus Súbditos. Pois que aquelas milagreiras pragas de Exipto non tiñan como fin a conversión do Faraón, porque Deus xa lle dixerá antes a Moisés que endurecería o corazón do Faraón para que non deixara liscar o pobo. E cando os deixara marchar finalmente, non foi por mor dos milagres senón que foron as pragas as que o forzaron a facelo. Así tamén do noso Salvador (*Mateo*, 13.58) está escrito que non dispuxera moitos Milagres no seu propio país por causa da súa descrenza; e (*Mateo*, 6.5) en canto de *non dispuxera moitos di non deu feito ningún*. Non era porque ansiase poder, porque dicir iso sería blasfemar contra Deus; nin que a finalidade fose converter os incrédulos na fe de Cristo; pois que o propósito de todos os Milagres de Moisés, dos Profetas, do noso Salvador e dos seus Apóstolos era engadir á Igrexa non a todos os homes mais a aqueles que terían de ser salvados; ou sexa, a aqueles que Deus escollera. Vendo, xa que logo, que o noso Salvador viñera enviado do seu Pai, non podería empregar o seu poder na conversión de quen

o seu Pai rexeitara. Aqueles que ao coidar esta pasaxe de San Marcos din que a expresión *Non podía* substitúe a *Non quería*, non se apoian en exemplos da lingua Grega (onde *Non quería* substitúe ás veces a *Non podía* en cousas inanimadas, que non teñen vontade; mais *Non podía* a *Non quería*, nunca) e por conseguinte poñía un atranco diante dos Cristiáns máis frouxiños, cal se Cristo non dese feito Milagres senón entre os crédulos.

Do que veño manifestando da natureza e emprego dos Milagres podemos definir a estes do seguinte xeito: *Un MILAGRE é unha obra de Deus (á parte da súa operación por vía Natural, ordenada na creación) feita para manifestar aos seus elixidos a misión dun Ministro extraordinario para a súa salvación.*

E desta definición inferimos; Primeiro, que en todos os Milagres a obra feita non é o efecto de virtude ningunha no Profeta, senón o efecto da man inmediata de Deus, ou sexa, que fora El quen o fixera sen empregar ao Profeta como causa subordinada.

En segundo lugar, que ningún Diaño, Anxo ou outro Espírito creado pode facer un Milagre. Porque debe vir en virtude dalgunha ciencia natural ou por Encantamento, ou sexa, virtude de palabras. Porque se os Encantadores gozan dun poder independente é que hai un poder que non procede de Deus, cousa que todos os homes negan, e caso de que o fagan polo poder que se lles dese, daquela non é obra da man inmediata de Deus, senón natural, e xa que logo non se trata dun Milagre.

Hai algúns textos das Escrituras, que semellan atribuír o poder de facer marabillas (iguais a algúns dos Milagres inmediatos, artellados polo propio Deus) a certas Artes de Maxia e Encantamento. Por exemplo cando lemos que a cana de Moisés logo de ser botada contra do chan mudara en cóbrega, *os Magos de Exipto fixeron o propio cos seus Encantamentos*; e logo de que Moisés mudara en sangue as augas dos Mananciais, Ríos, Estanques e Pozos de Exipto, *os Magos de Exipto fixeron o propio cos seus Encantamentos*, e logo de que Moisés polo poder de

Deus enchera de ras o país, os *Magos fixeron a mesma cousa cos seus Encantamentos e encheron de ras a terra de Exipto* ¿non será quen o home de atribuír os Milagres aos Encantamentos, ou sexa, á eficacia do son das Palabras, e coidar que todo isto está moi ben probado nesta e noutras pasaxes? E así e todo non hai pasaxe na Escritura que nos diga que cousa é un Encantamento. Xa que logo se un Encantamento non é, como moitos pensan, a elaboración de efectos estraños por medio de feitizos e palabras, mais Imposturas e fraudes artellados por medios normais, e tan lonxe do sobrenatural que os Impostores non precisan para facelos estudar as causas naturais tanto como a ignorancia, estupidez e superstición humanas, os textos que semellan abarcar o poder da Maxia, Bruxería e Encantamentos teñen de precisar outro senso que aquel que a primeira vista aparentan levar.

Porque é evidente que as Palabras non teñen efecto mais que en aqueles que as entenden, e aínda así non teñen outro que significar as intencións e paixóns dos que as falan, e xa que logo producir esperanza, temor ou outras paixóns ou concepcións no oínte. Así pois cando unha Cana semella Cóbrega, ou as Augas, Sangue ou calquera outro Milagre semellen feitos por Encantamento; de non ser para edificar o pobo de Deus, nin a Cana nin a Auga nin outra cousa están encantadas, isto é, artelladas polas Palabras; o único enfeitizado é o Espectador. De xeito que todo o Milagre consiste nisto, en que o Encantador ten enganado os homes; o que non é un Milagre mais unha cousa moi doada de facer.

Porque, en xeral, tales son a ignorancia e a propensión ao erro de todos os homes, especialmente dos que, ao non ter moito coñecemento das causas naturais e da natureza e os intereses humanos, se pode abusar doadamente. ¿Que fama de poderes milagreiros podería acadar un home, antes de que se soubese que había unha Ciencia do curso das Estrelas, por dicirlle á xente que a tal hora e en tal día o Sol habería escurecer?

Coidaríase que un xograr, a manexar os seus gobeletes e demais argalladas, se estas non se practicasen habitualmente, faría marabillas co poder cando menos do Diaño. Un home que tivese practicado contendo o alento (ese tipo de homes que no tempo vello eran chamados *Ventriloqui*) e así conseguir que a febleza da súa voz semelle proceder non do pulo frouxiño dos órganos da Fala mais dun lugar distante, é quen de facer crer a moitísimas persoas que se trata dunha voz procedente do ceo, sexan o que sexan as cousas que lles pete dicirlles. E para un home mañoso, que teña inquirido nos secretos e confesións familiares que un home normal fai a outro das súas accións e aventuras pasadas, volver contarllas non é para el choio pouco doado, e aínda así hai moitos que por medios semellantes acadan a reputación de Esconxuradores. Mais é complexo de máis recoñecer as variadas castes dos homes aos que os Gregos chamaban *Taumaturgos*, ou sexa, operadores de cousas milagreiras, e así e todo fan todo canto fan pola súa propia e sinxela habelencia. Mais se coidamos nas Imposturas que poden ser artelladas pola Confabulación non hai nada tan imposible de se facer que non se poida dar crido. Porque dous homes confabulados, un en semellar coxo, outro en curalo cun feitizo, enganarán a moitos; pero moitos confabulados, un en semellar coxo, outro en curalo, e os restantes en achegar testemuña, enganarán a un número maior.

Diante desta propensión da humanidade en outorgar fe lixeira de máis a pretendidos Milagres non pode haber precaución mellor, nin penso que haxa outra, que a prescrita por Deus, primeiro por Moisés (como xa dixen con anterioridade, no capítulo precedente) no comezo do 13 e remate do 18 do *Deuteronomio*. Que non tomemos por Profetas a quen ensinen outra Relixión que aquela establecida polo Representante de Deus (nese tempo, Moisés); nin a ninguén (aínda que ensine a mesma Relixión) que Predique cousas que non vexamos que aconteza. Xa que logo a Moisés no seu tempo, e a Aarón e sucesores nos seus, e ao Gobernador Soberano do pobo de Deus, quen vén



inmediatamente despois de Moisés, ou sexa, a Cabeza da Igrexa en todos os tempos, cómpre consultarlles que doutrina é a establecida, antes de que deamos creto a un Milagre ou Profeta pretendidos. E cando se faga o que pretenden ser un Milagre, debemos velo feito, e empregar todos os medios precisos para coidar se se fixo realmente, e non soamente iso, senón coidar se é tal que ningún home o dea feito polo seu poder natural mais coa man inmediata de Deus. E aquí debemos recorrer tamén ao Representante de Deus, a quen, en todos os casos dubidosos, temos sometido os nosos xuízos privados. Por exemplo; se un home pretende que logo de certas palabras pronunciadas riba dun anaco de pan Deus ten mudado este non en pan mais nun Deus ou nun home, ou ambas as cousas, e aínda así segue a semellar tan pan como sempre, non hai razón para que ninguén pense que nada se fixo, nin en consecuencia temelo, ata que inquiera a través de Deus, o seu Vicario ou Representante se se fixo realmente ou non. Se di que non, daquela é que se segue que Moisés dixera (*Deuteronomio*, 18.22): *falara fachendoso, non debes temerlle*. Se di que si, entón non se lle contradiga. Igualmente se non o vemos, mais tan só sentimos falar dun Milagre, debemos consultar á Igrexa Lexítima; isto é, á Cabeza lexítima dela, en canto que deamos creto aos seus relatores. E este é nomeadamente o caso dos homes que viven nestes días baixo Soberanos Cristiáns. Porque nestes tempos non coñezo a ningún home que vise ningunha obra abraiante feita por encantamento, palabra ou prego dun home que alguén, dotado dunha razón ruín, coide sobrenatural; e a cuestión non é outra que se aquilo que viramos feito é un Milagre, se o Milagre que sentimos ou do que limos era unha obra verdadeira e non o Acto dunha lingua ou unha pluma, senón, en definitiva, se o que se dixo é certo ou unha mentira. Nesta cuestión non debemos inquirir a nosa Razón ou Conciencia privadas mais a Razón Pública, isto é, a razón do Xuíz, Representante Supremo de Deus, a quen verdadeiramente teremos feito xa Xuíz, se lle temos outorgado

todo o preciso para a nosa paz e defensa. Un particular ten sempre a liberdade (pois que o pensamento é ceibe) de crer ou non, no seu corazón, aqueles actos que se lle fixeran pasar por Milagres, coidando no que el vexa os beneficios que poida tirar das crenzas dos homes, para quen os recoñezan ou ataquen, e a partir diso conxectar se son Milagres ou Mentiras. Mais cando se chega á confesión desta fe, a Razón Privada debe someterse á Pública, ou sexa, ao Representante de Deus. Mais quen sexa este Representante de Deus e Cabeza da Igrexa terá consideración máis adiante, en lugar axeitado.

### **Capítulo XXXVIII. Do significado nas Escrituras de *Vida Eterna, inferno, salvación, mundo por vir e redención***

Manter a Sociedade Civil depende da Xustiza, e a Xustiza do poder de Vida e Morte, e doutras Recompensas e Castigos menores que residen naqueles que teñen a Soberanía do Estado. É imposible que se sosteña un Estado alí onde outros que non sexan o Soberano teñan un poder de outorgar recompensas meirandes que a da Vida, e de provocar castigos meirandes que o da Morte. Agora vendo que *vida Eterna* é unha recompensa maior que a *vida presente*; e o *tormento Eterno* un castigo meirande que a *morte Natural*, paga a pena que todos os homes que desexan (obedecendo a Autoridade) evitar as calamidades do Caos e da guerra Civil, coiden moi ben no que se entende nas sagradas Escrituras, por *Vida Eterna e Tormento Eterno*, e por que ofensas e contra quen foron cometidas os homes deben ser *atormentados Eternamente* e por que accións terán de obter *vida Eterna*.

E o primeiro que atopamos é que Adán fora creado en tal condición de vida que de non ter quebrantados os mandamentos de Deus, gozaría no Paraíso dun Edén eternamente. Porque alí estaba a Árbore da vida, do que se lle permitía comer, mentres que tiña de absterse de comer da árbore da Ciencia do Ben e do

Mal, o que non lle estaba consentido. E, xa que logo, axiña que comese del, Deus decidirá botalo fóra do Paraíso, *porque non alongue a man e tome tamén da árbore da vida e viva para sempre*. O que me semella (axeitándome, non obstante, tanto nesta como en todas as demais cuestións que dependan na súa determinación das Escrituras, á interpretación da Biblia autorizada polo Estado do que son Súbdito) que se Adán non pecase tería unha Vida Eterna na Terra: e que a Mortalidade entrase na súa posteridade polo Pecado orixinal. E non é que a Morte, como tal, entrase daquela, pois que nese caso Adán nunca podería ter fillos, cando o caso é que viviu moito tempo, tanto como para ver unha numerosa posteridade antes de morrer. Mais cando se di: *A partir do día en que comas del, terás de morrer sen remisión*; o que se significa necesariamente con isto é a súa Mortalidade e certeza da morte. Vendo que Adán perdera a vida Eterna pola súa transgresión ao cometer pecado, quen cancele tal falta poderá recuperar de novo esa Vida. Ora, Xesús Cristo xa satisfizera polos pecados de todos os que nel acreditan, recuperando desta maneira para todos os crentes a VIDA ETERNA que se perdera polo pecado de Adán. E é nese senso cando a comparación de San Paulo ten valor: (*Romanos*, 5, 18. 19): *Así como pola ofensa dun o Xuízo trouxo a condena para todos os homes, da mesma maneira pola rectitude dun a graza virá sobre todos os homes como Xustificación da Vida*. O que se expresa ademais (1 *Corintios*, 15. 21, 22) con meirande evidencia nestas palabras: *Porque se do home viñese a morte, del virá tamén a resurrección dos mortos. Porque se por Adán todos morren, igualmente en Cristo todos vivirán*.

Verbo do lugar no que os homes gozarán da Vida Eterna, que Cristo achegara para eles, os textos aducidos antes semellan situalo na Terra. Porque se con Adán todos morren, perdendo así o Paraíso e a Vida Eterna na Terra, da mesma maneira en Cristo todos serán vivificados; daquela todos os homes terán de vivir tamén na terra porque se non a comparación non sería

axeitada. Con isto semella cadrar co Salmista (*Salmo 133.3*): *Sobre Sión envía Deus a bendición e mesmo a Vida eterna*, porque Sión está en Xerusalén, ou sexa, na Terra. O mesmo volve confirmarse en San Xoán (*Apocalipse, 21.2*) cando di: *Eu, Xoán, vin a Cidade Santa, a Nova Xerusalén, baixando de Deus, do ceo, preparada como unha Noiva engalanada para o seu esposo*; e volve no versículo 10 coa mesma idea. Como se dixese que a nova Xerusalén, o Paraíso de Deus, diante da volta de Cristo, viría ata o pobo de Deus desde o Ceo, e non subiría desde a Terra. E isto non difire do que os dous homes de vestiduras brancas (ou sexa, os dous Anxos) dixeran aos Apóstolos que ollaban a Ascensión de Cristo (*Feitos, 1.11*): *O mesmo Xesús, que fora tomado de vós ao Ceo, volverá, tal como o virades subir ao Ceo*. O que semellaba como se dixesen que baixaría para gobernalos baixo do seu Pai, Eternamente aquí, en canto de levalos a gobernar no Ceo; e cadra coa Restauración do Reino de Deus instituída baixo Moisés, que era un goberno Político dos Xudeus na Terra. Ademais, cando se di do noso Salvador (*Mateo, 22.30*) *que na Resurrección nin se casan nin se lles dá en matrimonio, senón que son cal os Anxos de Deus no ceo*, é unha descrición da Vida Eterna, que nos lembra a que perdemos con Adán no momento do Matrimonio. Porque vendo como Adán e Eva, de non pecar, vivirían Eternamente na Terra nas súas persoas individuais, é manifesto que non darían procreado a súa estirpe. Porque se os Inmortais xerasen, tal como a Humanidade fai agora, a Terra en pouco tempo non serían quen de ofrecer sitio para todos. Os Xudeus que formularon ao noso Salvador a cuestión que de quen sería esposa na resurrección a muller que casara con varios irmáns, descoñecían cales eran as consecuencias da Vida Eterna, e xa que logo o que fai o noso Salvador é darlles a coñecer esta consecuencia da Inmortalidade: que non hai Xeración e —consecuentemente— non máis do que haxa Matrimonio ou Xeración entre dos Anxos. A comparación entre esa Vida Eterna que Adán perdera e que o noso Salvador recu-

perara logo da súa Vitoria sobre da morte baséase tamén nisto, que así como Adán perdeu a Vida Eterna polo seu pecado, e aínda así viviu por algún tempo, da mesma maneira o Cristián Crente recuperará a Vida Eterna a través da Paixón de Cristo, aínda que morra de morte natural e fique morto durante un tempo deica a Resurrección. Porque da mesma maneira que entendemos a morte desde a condena de Adán e non da Propia Morte, a Vida enténdese desde a Absolución e non desde a Resurrección dos escollidos en Cristo.

Que o lugar onde os homes van vivir eternamente logo da Resurrección é o Ceo, significando como tal aquelas partes do mundo que son as máis remotas da Terra, como onde están as estrelas, ou riba delas, noutro Ceo Máis Alto, chamado *Caelum Empyrium* (do que non hai mención nas Escrituras, nin fundamento na Razón) non se pode tirar doadamente de ningún texto que eu poida atopar. Polo Reino do Ceo enténdese o Reino do Rei que habita no Ceo, e o seu Reino era o pobo de Israel, ao que gobernaba a través dos Profetas, os seus Representantes, desde Moisés, e logo de Eliecer, e os Sumos Sacerdotes, ata que se rebelaran nos días de Samuel e tiveron un Rei mortal á maneira doutras Nacións. E cando o noso Salvador Cristo, por mor das predicacións dos seus Ministros, teña persuadido aos Xudeus a volver, e chamado aos Xentís á súa obediencia, daquela haberá un novo Reino do Ceo; porque entón o noso Rei será Deus, tendo como *trono* o Ceo, sen ningunha necesidade de que as Escrituras dean evidencia de que o home vaia ascender á súa felicidade máis alto que o *tallo* de Deus, a Terra. Polo contrario, atopamos escrito (*Xoán*, 3.13) *que ningún home ten ascendido ao Ceo, senón que foi El quen baixou do Ceo, pois que mesmo o Fillo do home está no Ceo*. E por certo que observo que estas palabras non son, como aquelas que van inmediatamente antes, as palabras do noso Salvador, mais do propio San Xoán, porque Cristo non estaba daquela no Ceo mais na Terra. Algo así dise de David (*Feitos*, 2.34) cando

San Pedro, para probar a Ascensión de Cristo, empregando as palabras do Salmista (*Salmos*, 16.1): *Non deixarás a miña alma no inferno, nin permitirás que o teu santo vexa corrupción* di que foron enunciadas non por David senón por Cristo; e para probalo engade esta Razón: *Porque David non ascendera ao Ceo*. Mais a isto o home pode responder doadamente e dicir que aínda que os corpos non ascenderán ata o día do Xuízo Final as súas almas xa estaban no Ceo unha vez que partirán dos seus corpos; o que tamén semella vir confirmado polas palabras do noso Salvador (*Lucas*, 20, 37, 38) que probando a Resurrección coas palabras de Moisés dixo: *Que os mortos teñen de resucitar, precisamente Moisés, na silveira, ensinouno así, cando chamou ao Señor o Deus de Abraham e o Deus de Isaac e o Deus de Xacobe. Porque non é un Deus dos Mortos mais dos Vivos; porque todos viven NEL*. Mais se estas palabras deben entenderse referidas tan só á Inmortalidade da Alma, non demostran en absoluto o que o noso Salvador desexaba probar, ou sexa, a Resurrección do Corpo, ou sexa, a Inmortalidade do Home. Xa que logo o noso Salvador quería dicir que aqueles Patriarcas eran Inmortais, non por algunha propiedade consecuenta á esencia e natureza da humanidade, mais pola vontade de Deus, quen se compracía pola súa mera graza en outorgar *vida Eterna* ao fiel. E aínda que nese tempo os Patriarcas e moitos outros fieis estaban mortos, tal como se di no texto *vivían en Deus*; ou sexa, estaban escritos no Libro da Vida con aqueles que foran absoltos dos seus pecados e ordenados para a Vida eterna na Resurrección. Que a Alma do home está na súa propia natureza Eterna e é unha Criatura viva independentemente do corpo; ou que ningún home simple é Inmortal, doutra maneira que pola Resurrección do día derradeiro (agás *Enós* e *Eltás*) é unha doutrina que non aparece nas Escrituras. Todo o Capítulo 14 do *Libro de Xob*, que fala non dos seus amigos mais del mesmo, é un lamento contra da Mortalidade da Natureza; mais non contradí a Inmortalidade na Resurrección. *Hai esperanza nunha*

*árbore (di no versículo 7) cando a coutan. Porque aínda que as raíces sexan vellas e o tronco morra no chan, cando sinta a auga reverdecerá erguendo a copa cal se fose unha Planta. Mais ao morrer o home e desfacerse, si, o seu Espírito lisca, ¿onde vai parar?* e (versículo 12) *o home xace non se ergue ata que non haxa ceo. ¿Mais cando será iso de que non haxa ceo? San Pedro dinos que acontecerá cando a Resurrección xeral porque na súa Epístola 2, Capítulo 3, versículo 7, di que os Ceos e a Terra que agora son están reservados para o lume no día do Xuízo para a perdición dos impíos e (versículo, 12) procurando e meténdoos présa diante da chegada de Deus, cando o Ceo arda e se disolva e se derretan os Elementos con calor fervente. Non obstante, cadrando coa promesa procuramos un Ceo novo e unha nova Terra onde vivir con rectitude. Xa que logo cando Xob di que o home non se ergue ata que non haxa Ceo, é tal como se dixese que a Vida Inmortal (e Alma e Vida adoitan significar a mesma cousa nas Escrituras) non comeza no home deica a Resurrección e o día do Xuízo, e non teñen como causa a súa natureza específica e xeración, mais a Promesa. Porque San Pedro dixo: *Procuramos ceos novos e unha nova terra, non da Natureza mais da Promesa.**

Por último, vendo como xa se ten probado de diversas pasaxes cheas de evidencias das Escrituras, no capítulo XXXV deste libro, que o Reino de Deus é un Estado Civil onde o propio Deus é Soberano, primeiro por virtude do *Vello* e logo do *Novo Pacto*, de onde dera en reinar por medio do seu Vicario ou Representante; as mesmas pasaxes proban igualmente que logo da volta do noso Salvador na súa Maxestade e gloria a reinar activa e Eternamente o Reino de Deus está na Terra. Mais porque esta doutrina (aínda que demostrada a partir de pasaxes das Escrituras, nin poucas nin escuras) semellará novidade a moitos homes, non fago senón propoñela, sen ánimo de manter con isto ningún outro paradoxo da Relixión, senón atendendo á finalidade da liorta da espada, concernente á Autoridade

(aínda non decidida entre os meus paisanos) pola cal deben ser aprobadas ou rexeitadas todas as sortes de doutrina, e os mandatos, tanto orais como escritos (sexan cales fosen as opinións dos particulares), que deben ser obedecidos por todos os homes que pretenden que os protexan as súas Leis. Porque os aspectos de doutrina relativos ao Reino de Deus teñen unha influencia tan grande no Reino do Home como para non ser determinados mais que por aqueles que teñen o Poder Soberano baixo Deus.

Igual que o Reino de Deus e a Vida Eterna tamén os Inimigos de Deus e os seus Tormentos logo do Xuízo aparecen nas Escrituras tendo o seu lugar na Terra. O nome do lugar onde ficán ata a Resurrección todos os homes que foron soterrados ou engulidos pola Terra, adoita chamarse nas Escrituras con palabras que significan *baixo terra*; que os Latinos interpretan xeralmente como *Infernus e Inferni*, e os Gregos ἄδης; ou sexa, un lugar onde os homes non poden ver, comprendendo a cova como tamén calquera outro lugar máis fondo. Mais o lugar dos condenados logo da Resurrección non está determinado, nin no Antigo nin no Novo Testamento por anotación ningunha que sirva para situalo, senón soamente pola compañía de tantos homes ruíns como Deus nos tempos que pasaran, fixo desaparecer, esnaquizándoos, da faciana da Terra. Por poñer un exemplo están no *Inferno*, no *Tartarus* ou no pozo sen fondo; porque *Corah*, *Dathan* e *Ahiron* foron engulidos vivos pola terra. Non é que os Autores das Escrituras quixesen facernos crer que houbera no globo Terráqueo, que non soamente é finito senón (comparado coa altura da Estrelas) de non moi considerable magnitude, un pozo sen fondo; ou sexa, un buraco de fondura infinita, ese que os Gregos na súa *Demonoloxia* (ou sexa na súa Doutrina relativa aos Demos) e logo deles os Romanos chamaron *Tartarus*, do que Virxilio di:

Bis patet in praeceps, tantum tenditque sub umbras,  
Quantus ad aethereum coeli suspectus Olymum;



porque é algo que a proporción entre Terra e Ceo non pode aturar, mais que nós teriamos de crer alí, indefinidamente, onde están aqueles home aos que Deus inflixira ese Castigo exemplar.

Ademais porque aqueles homes poderosos da Terra que viviron no tempo de Noé, antes do dioivo (o que os Gregos chamaran *Herois*, e as Escrituras *Xigantes*, creados ambos por copulación dos fillos de Deus cos fillos dos homes), foran destruídos por mor da súa vida disoluta polo dioivo universal; o sitio dos Condenados vén, xa que logo, subliñado ás veces pola compañía dos finados Xigantes; como en *Proverbios* 21.16: *Aquel que se saía do camiño da sabedoría, ficará na congregación dos Xigantes*, e Xob, 26.5: *Mantéñense os Xigantes a laiarse baixo das augas, e aqueles que habitan con eles*. Aquí o lugar dos Condenados estará baixo da auga. E *Isaías*, 14.9: *O Inferno bule procurando como atoparte* (refírese ao Rei de Babilonia) *e desprazará aos Xigantes por ti*; e tamén o lugar dos Condenados (sendo o senso literal) ten de estar baixo da auga.

Terceiro, porque as Cidades de Sodoma e Gomorra, pola carraxe extraordinaria de Deus, foron consumidas pola súa maldade con Lume e xofre, e xunto con elas os arredores mudaron nun cheirento lago bituminoso; como na *Apocalipse*, Capítulo, 21, 8: *Mais os medorentos, incrédulos, ruíns e Asasinos; e Fornicarios e Feiticeiros, e os Idólatras e todos os Mentiráns terán todos a súa parte no Lago que arde con Lume e Xofre, o que é a morte segunda*. Do que se infire que o Lume do Inferno, que aquí se expresa con Metáfora polo Lume real de Sodoma, quere dicir non calquera certa clase ou lugar de Tormento senón que debe tomarse indefinidamente por Destrución, tal como aparece no Capítulo 20, versículo 14; onde se di que *Morte e Inferno foron chimpados no Lago de Lume*; ou sexa, foron abolidos e destruídos, como se logo do Día do Xuízo xa non houbese máis Mortes nin máis ir ao Inferno; ou sexa, non máis ir ao *Hades* (do que se cadra se deriva a palabra inglesa *Hell*).

En cuarto lugar, da Praga de Escuridade que se lle inflixira aos Exipcios, da que está escrita: *Non se vían os uns aos outros, nin ningún home se erguera do seu sitio durante tres días; mais todos os Fillos de Israel tiñan luz nas súas moradas*; o lugar dos malvados logo do Xuízo leva por nome *Tebra Absoluta* (ou como din no orixinal) *Escuridade Total*. E así é expresada (*Mateo*, 22.13) cando o Rei manda aos seus Servos *que atasen de man e pé ao home que non levase posta a súa vestimenta de Voda, e expulsalo*, εις το σκοτος το εξωτερικον á *Tebra Absoluta*, á *Escuridade Total*. Que aínda que ao traducilo por *Tebra Absoluta* non indique *tamaño* mais o *lugar* onde está; isto é *fóra da morada* do Elixido de Deus.

Por último, había un lugar preto de Xerusalén chamado o *Val dos Fillos de Hinnon*, nunha parte do cal que recibía o nome de *Tophet* os Xudeus cometeran unha Idolatría moi penosa, sacrificando os seus fillos ao Ídolo Moloch, e fora alí onde Deus castigara os seus inimigos con moi graves punicións, e fora alí onde Xosías queimara os Sacerdotes de Moloch nos seus propios Altares tal como se mostra no libro 2 de *Reis*, capítulo 23. O lugar empregárase despois para recoller o lixo e mais os despojos que eran levados fóra da cidade, e facían alí lumes para purificar o aire e afastar o cheiro da prea. Deste lugar tan desprezable os Xudeus adoitaron chamar ao lugar dos Condenados *Gehenna* ou *Val de Hinnon*. E *Gehenna* é a palabra que adoitamos empregar agora para traducir INFERNO, e dos lumes que alí arden de cando en cando temos a noción de *Eterno e Inextinguible*.

Vendo agora que non hai nada que se interprete nas Escrituras como que logo do Día do Xuízo os malvados van ser castigados todos Eternamente no Val de Hinnon, ou que volverán erguerse para ser soterrados ou mergullados para sempre, ou que despois da Resurrección non volverán verse os uns aos outros, ou que serán remexidos de acó para aló; séguese, paréceme a min, que canto se diga relativo ao Lume do Inferno, é

falar metaforicamente, e que —xa que logo— cómpre inquirir un senso axeitado (porque en todas as Metáforas hai unha base real que se pode expresar con palabras que teñan xeito) tanto do *Lugar do Inferno* como da natureza dos *Tormentos Infernais* e dos *Atormentadores*.

Comecemos polos Atormentadores, dicindo que temos as súas naturezas e propiedades expresadas con exactitude e xeito polos nomes do *Inimigo* ou *Satán*, *O Acusador* ou *Diabolus*, *O Destrutor* ou *Abadón*. Pero eses nomes significativos, *Satán*, *Diaño*, *Abadón*, non son para nós persoas Individuais, como os nomes propios adoitan ser, senón tan só un mester ou calidade, sendo xa que logo Apelativos, que non deberan ser deixados sen traducir, tal como o están, nas Biblias Latina e Moderna, xa que semellan ser os nomes propios dos *Demos*, e os homes son os máis doadamente seducidos para que acrediten na doutrina dos Diaños, que nese tempo era a Relixión dos Xentís, e contraria á de Moisés e de Cristo.

E porque polo *Inimigo*, o *Acusador* e o *Destrutor* se entende o Inimigo de todos aqueles que estarán no Reino de Deus, se o Reino de Deus logo da Resurrección está na Terra (tal como semella estar segundo nas Escritura e demostrei no Capítulo previo) o Inimigo e o seu Reino deberán estar na Terra tamén. Porque xa o estaba no tempo anterior a que os Xudeus depuxeran a Deus. Porque o Reino de Deus estaba en Palestina, e as Nacións dos arredores eran os Reinos do Inimigo, e por *Satán* entendemos, consecuentemente, calquera Inimigo Terreal da Igrexa.

Os Tormentos do Inferno exprésanse ás veces por *pranto e renxer de dentes*: así en *Mateo*, 8.12. Outras polo *verme da Conciencia*, como en *Isaías*, 66.24 e *Marcos*, 9.44.46.48; ás veces por *Lume*, como na pasaxe agora citada, *onde o verme non morre e o lume non se extingue*, e en moitas outras pasaxes; ás veces como *vergoña e desprezo*, como en *Daniel*, 12. 2. *E moitos deles que dormen no po da Terra espertarán; algúns á vida Eterna, e outros á vergoña e ao desprezo eterno*. Todos estes lugares desig-

nan metaforicamente unha mágoa, unha mente desacougada diante da visión da felicidade Eterna noutros, que eles mesmos teñen perdido pola súa incredulidade e desobediencia. E pois que tal felicidade allea non se percibe senón por comparación coas súas desgrazas, séguese que han sufrir aquelas calamidades e dores corporais que recaen sobre quen non soamente viven baixo malignos e crueis Gobernadores, senón que teñen como Inimigo ao Rei Eterno dos Santos, Deus Todopoderoso. E entre esas dores corporais debemos considerar tamén unha segunda Morte para cada un deses malvados. Porque aínda que as Escrituras sexan nidas no que se refire a unha Resurrección universal non se le en parte ningunha que aos réprobos se lles prometa unha vida Eterna. E se San Paulo (1 Corintios, 15.42, 43) diante da cuestión relativa a con que corpos volverán os homes erguerse de novo di que *o corpo sementado corrupto haberá de erguerse incorrupto, e o sementado sen honor haberá volver con gloria, e o que sementaran feble volverá a se erguer con poder*. Gloria e Poder non se poden aplicar aos corpos dos malvados. Nin se pode aplicar o nome dunha *Segunda Morte* aos que non poden morrer senón unha vez, e aínda que nun discurso Metafórico unha vida Calamitosa Eterna pode ser chamada unha *Morte Eterna*, non pode ser totalmente entendida como unha *Segunda Morte*. O lume preparado para os malvados é un Lume Eterno, ou sexa, o estado no que un home non poderá pasar sen torturas, de corpo e mente, logo da Resurrección, e durará para sempre, e nese senso o Lume será inextinguible e os tormentos Eternos, mais non debe inferirse disto que o que sexa botado a ese lume, ou atormentado con eses tormentos, terá de sufrilos e resistilos ata ser eternamente queimado e torturado, e non obstante non ser destruído nunca nin morrer. E aínda que haxa moitos lugares que confirman o Lume Eterno e os Tormentos (aos que un home pode ser sometido sucesivamente, un tras outro para sempre) non atopo pasaxe que afirme que haxa Vida Eterna para unha persoa individual, senón o

contrario, unha Morte Eterna, ou sexa, unha Segunda Morte. *Porque logo da Morte a Cova ceibará aos mortos que estaban nela, e cada home será xulgado consonte ás súas obras; a Morte e a Cova serán chimpadas tamén no Lago de Lume. Esta é a Segunda Morte.* Do que semella evidenciarse que debe haber unha Segunda Morte para todos os que sexan condenados no Día do Xuízo, logo do cal ninguén volverá morrer.

As alegrías da Vida Eterna veñen comprendidas todas nas Escrituras baixo do nome de SALVACIÓN, ou *ser salvados*. *Ser salvados* é asegurarse ou, relativamente, contra Males espaciais ou, absolutamente, contra todos os Males, incluíndo Carencias, Doenzas e a propia Morte. E pois que o home foi creado nunha condición Inmortal, non suxeito a corrupción e, consecuentemente, a nada que tenda á disolución da súa natureza, e caera da felicidade polo pecado de Adán, deducimos que *salvarse* do Pecado é salvarse de todos os Males e Calamidades que o Pecado trouxera riba nosa. E xa que logo nas Sagradas Escrituras a Remisión do Pecado e a Salvación da Morte e da Infelicidade son a mesma cousa como se infire das palabras do noso Salvador, quen ao curar a un Paralítico dicíndolle (*Mateo, 9.2*): *Confía, Fillo, os teus Pecados sonche perdoados*, e sabendo que os Fariseos tomaban por blasfemia que un home pretendese perdoar Pecados, preguntoulles a estes (versículo 5) *se era máis doado dicir, os teus Pecados sonche perdoados* ou Érguete e anda; querendo dicir que para curar a un enfermo é o mesmo dicir *Os teus pecados sonche perdoados* que Érguete e anda; e que empregaba esa maneira de falar soamente para mostrar que tiña poder para perdoar Pecados. E ademais resulta evidente para a razón que xa que Morte e Infelicidade eran os castigos do Pecado, a descarga do Pecado debe ser tamén a descarga da Morte e da Infelicidade; isto é, Salvación Absoluta, tal como a que o que sexa fiel gozará logo do día do Xuízo, polo poder e favor de Xesús Cristo, quen se chama por esta causa o noso SALVADOR.

Consonte ás Salvacións Particulares, tal como se entende en *Samuel*, 1, 14.39, *vive o Señor que salvou a Israel*, ou sexa, dos seus inimigos temporais, e en *Samuel*, 2, 22.4: *Ti es o meu Salvador, salváchesme da violencia* e en *Reis*, 13.15, *Deus dera aos Israelitas un Salvador, e así ficaron ceibas da man dos Asirios*, e verbo de textos semellantes non preciso dicir nada, ao non haber dificultade ou interese en corromper textos desta caste.

Mais relativo á Salvación Xeral, pois que esta debe de estar no Reino do Ceo, hai unha gran dificultade consonte ao Lugar. Dunha banda por *Reino* (que é un estado artellado polos homes para a súa perpetua seguridade contra dos inimigos e as carencias) parece inferirse que esta Salvación tería de estar na Terra. Porque por Salvación se artella en nós un glorioso Reino do noso Rei por dereito de Conquista, non unha seguridade a través da Fuga; e xa que logo onde procuramos a Salvación debemos procurar tamén o Triunfo, e antes do Triunfo, a Vitoria, e antes da Vitoria, a Batalla; cousa que non teremos de supoñer correctamente que aconteza no Ceo. Pero por boa que esta razón poida ser, non confiarei nela sen pasaxes das Escrituras que sexan moi evidentes. O estado de Salvación vén descrito polo miúdo en *Isaías*, 33, versículos 20, 21, 22, 23, 24.

*Olla para Sión, a Cidade das nosas solemnidades; os teus ollos verán a Xerusalén, morada sosegada, tabernáculo que non darán abatido, sen que removan ningunha das súas estacas nin rachen ningunha das súas cordas.*

*Porque alí o Señor será para nós lugar de ríos e regatos grandes, onde non andarán Galeras de remos, nin pasarán barcos de grande porte. Porque o Señor é o noso Xuíz, o Señor é o noso Lexislador, o Señor é o noso Rei, El terá de nos salvar.*

*As túas cordas afrouxaron, non podían termar ben dos seus mastros, non daban despregado as velas, daquela é cando se dividirá a presa dun grande despoxo; e os coxos apañarán a presa.*

*E o Morador non dirá, estou doente. Á xente que alí more perdoaráselle a súa Inquedanza.*

Nestas palabras atopamos o lugar do que vai proceder a Salvación, Xerusalén, *morada sosegada*, a súa Eternidade, *tabernáculo que non darán abatido*, etc. O Salvador, *o Señor, o seu Xuíz, o seu Lexislador, o seu Rei, o que nos salvará*: a Salvación, *o Señor será para eles como unha amplísima extensión de auga corrente*, etc., a condición dos seus Inimigos, *as súas cordas están frouxas, os seus mastros, sen forza, o coxo apañará os seus despoños*. A condición dos Salvados: *O Morador non dirá: estou enfermo*, e finalmente, todo isto vén comprendido no Perdón do pecado, *Ás xentes que alí moren perdoaráselles a iniquidade*. Do que se evidencia que a Salvación estará na Terra daquela, cando Deus reine (ao retorno de Cristo) en Xerusalén; e de Xerusalén procederá a Salvación dos Xentís que serán recibidos no Reino de Deus: tal como se declara expresamente polo mesmo Profeta, Capítulo 65, 2.21. E eles (ou sexa, os Xentís que tiñan os Xudeus na escravitude) *portarán a todos os vosos irmáns como ofrenda ao Señor, de todas as nacións, a cabalo, en carros, en liteiras, en mulas e en bestas veloces, á miña montaña sagrada de Xerusalén, dixo o Señor, como os fillos de Israel levan ofrendas nun cacifo á Casa do Señor*. Do que se manifesta que a sede principal do Reino de Deus (que é o Lugar do que virá a Salvación para nós, que fomos Xentís) será Xerusalén. E o mesmo vén confirmado polo noso Salvador, na súa conversa coa muller de Samaria, verbo do lugar de adoración a Deus; á quen lle dixo, *Xoán*, 4.22 que os Samaritanos adoraban o que non coñecían, mais os Xudeus adoraban algo que coñecían, *Porque a salvación é dos Xudeus* (ex *Iudeais*, ou sexa, que comeza nos Xudeus); como se dixera, adorades a Deus, mais non sabedes por quen vos salvará, como facemos nós, que sabemos que será por un da tribo de Xudá, un Xudeu, non un Samaritano. E xa que logo a muller retrucoulle de maneira discreta: *Sabemos que o Mesías virá*. De maneira que cando o noso Salvador di que *a Salvación é dos Xudeus* é o mesmo que cando Paulo di (*Romanos*, 1.16.17) *O Evanxeo é o poder de Deus para levar á Salvación*

a todos os crentes; ao Xudeu, primeiro, e tamén ao Grego. *Velat a rectitude de Deus revelado de fe a fe.* Da fe do Xudeu á fe do Xentil. En senso idéntico o Profeta *Xoel* describe o día do Xuízo (Capítulo, 2.3 31) dicindo que Deus *mostrará marabillas no ceo e na terra, sangue e lume e columnas de fume. O Sol mudará en escuridade, e a Lúa en sangue, antes do día grande e terrible en que o Señor veña,* e engade no versículo 32, *e acontecerá que quen queira que invoque o nome do Señor, haberá de salvarse. Porque no Monte de Sión e en Xerusalén estará a Salvación.* E *Abdías*, versículo 17, di o mesmo: *No Monte de Sión estará a Liberación e haberá santidade e a casa de Xacobe posuirá as súas posesións,* ou sexa, as posesións dos *Pagáns, posesións* que se expresan máis particularmente nos seguintes versículos, polo *monte de Esaú, a Terra dos Filisteos, os campos de Efraín, de Samaria, Xileah* e as *Cidades do Sur,* concluindo con estas palabras *O Reino será do Señor.* Todos estes lugares son para a Salvación e o Reino de Deus (logo do día do Xuízo) sobre da Terra. Doutra banda non teño atopado ningún texto fiable que se poida tirar para probar algunha Ascensión dos Santos ao Ceo, ou sexa ao *Caelum Empyreum* ou outra Rexión etérea, agás aquela á que se lle chama o Reino dos Ceos, nome que pode vir de que Deus, que era Rei dos Xudeus, a quen gobernaba a través dos seus mandamentos, enviados a Moisés por medio de Anxos do Ceo, e despois da súa revolta mandara ao seu Fillo do Ceo para reducilos á súa obediencia, e a partir do día do Xuízo volverá envíalos para que os regule Eternamente tanto a eles como aos demais crentes, e a partir de aí que o Trono da Súa Maxestade estea no Ceo non sendo a Terra máis que o seu Tallo. Mais que os Súditos de Deus teñan un lugar máis alto que o seu Trono ou máis que o seu Tallo é algo que non semella axeitado á dignidade dun Rei nin dou atopado ningún texto que o evidencie nas Sagradas Escrituras.

Logo do que se ten dito do Reino de Deus e da Salvación non é difícil de interpretar o que se entende polo MUNDO



VINDEIRO. Hai tres expresións nas Escrituras, o *Mundo Vello*, o *Mundo Actual* e o *Mundo Vindeiro*. Do primeiro di San Pedro: *Se Deus non perdoou ao Mundo Vello, mais salvou a Noé como oitava persoa e Predicador da rectitude, traendo o dioivo sobre do mundo dos malvados, etc.* Así que o primeiro Mundo ía de Adán ao Dioivo universal. Do Mundo actual di o noso Salvador (*Xoán*, 18.36): *O meu Reino non é deste Mundo*. Porque viñera soamente para achegar aos homes o camiño da Salvación, e anovar o Reino do Seu Pai a través da súa doutrina. Do Mundo vindeiro San Pedro di: *Non obstante agardemos, consonte á súa promesa, procurar Ceos novos e unha nova Terra*. Velaí ese MUNDO, onde Cristo, baixando do Ceo entre nubes, con grande poder e gloria, enviará os seus Anxos, e vencellará os elixidos dos catro ventos e das partes máis diferentes da Terra, para reinar sobre eles (baixo o seu Pai) Eternamente.

A *Salvación* dun pecador implica unha REDENCIÓN precedente; porque o culpable dun Pecado fica exposto á súa Expiación, e debe pagar (ou algún outro por el) un Rescate cal o requira aquel que fose ofendido e que o teña no seu poder. E vendo que a persoa ofendida é o Deus Todopoderoso, con poder sobre todas as cousas, ese Rescate debe pagarse antes de que acade a Salvación, e tal como a Deus lle pete esixilo. Porque este Rescate non pretende unha satisfacción polo Pecado, equivalente á Ofensa, que ningún pecador por el mesmo, nin ningún home recto é quen de facer por outro. O dano que lle fai un home a outro pode arranxarse por medio da restitución ou indemnización, mais o pecado non lle pode ser perdoado por unha indemnización, pois que tal sería facer cousa vendible a liberdade de pecar. Mais os pecados pódenselle perdoar a quen se arrepinta, ou *gratis* ou a través dunha penalidade que a Deus lle pete aceptar. O que Deus adoitaba aceptar no Antigo Testamento era un Sacrificio ou Oblación. Perdoar pecados non é acto de Inxustiza. Aínda que se ameazaba co castigo. Mesmo entre os homes, aínda que a promesa Divina vencelle a quen

promete, as ameazas, ou sexa as promesas dun Mal, non o ven-  
cella. Moito menos terá de facelo con Deus, infinitamente máis  
misericordioso ca os homes. Xa que logo o noso Cristo Salvador  
para redimírnos non dese satisfacción nese senso polos peca-  
dos dos homes, de maneira que en virtude da súa propia Morte  
puidese facer inxusto en Deus castigar os pecadores coa Morte  
Eterna, senón que fixo nese Sacrificio e Oblación del mesmo na  
súa primeira chegada, o que a Deus lle prestaba requirir para  
a Salvación; na súa segunda chegada daqueles que no ínterim  
terían de arrepentirse e acreditar nel. E aínda que este acto da  
nosa *Redención* non se chame sempre nas Escrituras *Sacrificio*  
e *Oblación*, senón algunhas veces *Prezo*, por *Prezo* non debemos  
entender nada, polo valor de algo polo que puidese vir perdón  
para nós do seu ofendido Pai, senón ese Prezo que a Deus Pai  
lle prestará pedir na súa misericordia.

### **Capítulo XXXIX. Do significado nas Escrituras da palabra *Igrexa***

A palabra *Igrexa* (*Ecclesia*) significa nos Libros das Sagradas  
Escrituras diversas cousas. Ás veces (aínda que non moi a miúdo)  
tómase por *Casa de Deus*, isto é un Templo, onde os Cristiáns  
adoitaban xuntarse en asemblea para levar adiante publica-  
mente os seus deberes sagrados; como en *Corintios*, 14, versículo  
34. *Que as vosas mulleres garden silencio nas Igrexas*; mais isto  
debe entenderse Metaforicamente, pois que a Congregación era  
alí onde se xuntaba en asemblea e empregaban para iso o propio  
Edificio, para distinguir entre os Templos dos Cristiáns e dos  
Idólatras. O Templo de Xerusalén era a *casa de Deus* e a Casa  
de Oración, e tal acontece con todos os Edificios dedicados polos  
Cristiáns á adoración de Cristo, *a casa de Cristo*, e xa que logo os  
Padres Gregos dinlle κυριακή, *A casa do Señor*, e daquela que  
en inglés deramos en chamar *Kyrke* e *Church*.

*Igrexa* (cando non se interpreta como Casa) significa o  
mesmo que o facía *Ecclesia* nos Estados Gregos, isto é, unha

Congregación ou Asemblea de Cidadáns, convocados para escoitar o que lles tiña que dicir o Maxistrado; e que se chamaba *Concio* no Estado de Roma, mentres que o que falaba recibía o nome de *Ecclesiastes* e *Conciniator*. E cando quen os convocaba era unha Autoridade lexítima daquela era *Ecclesia legitima*, *Igrexa Lexítima*, ἐννομοζ Εκκλησία. Mais cando bulían por un clamor barulleiro e sedicioso entón era unha *Igrexa confusa*, εκκλησία συγκεχημένη.

Interprétase tamén polos homes que teñen dereito a ser da Congregación aínda que non se xunten realmente en asemblea; isto é, por toda a multitude de Cristiáns, por moi dispersos que estean; como cando se di (*Feitos*, 8.3) que *Saúl esnaquizara a Igrexa*. E neste senso dise que *Cristo* é a Cabeza da Igrexa. E, ás veces, para un certo sector dos Cristiáns, (*Colonosenses*, 4.15): *Saudade á Igrexa, que está na súa casa*. Ás veces, tamén, para os Elixidos soamente, como en *Efesios*, 5.27: *Unha Igrexa gloriosa, sen mancha nin mácula, sagrada e sen defectos*, ou *sexa, Igrexa triunfante*, ou *Igrexa vindeira*. Ás veces como unha Congregación na que se xunten sabios na Cristiandade, xa *sexa a súa profesión verdadeira ou falsa tal como se entende*, *Mateo*, 18.17 onde se di: *Enviádello á Igrexa e se rexeitan escoitala tratádeo cal se fose un Xentil ou un Publicano*.

É neste senso unicamente onde a Igrexa pode ser tomada como unha Persoa; ou *sexa*, que se pode dicir que ten poder para querer, pronunciar, mandar, ser obedecida, legislar ou facer calquera acción. Porque sen a Autoridade dunha Congregación lexítima, *sexa cal fose o acto que se faga contando coa participación do pobo será o acto particular de todos os presentes, axudando a que teña lugar, e non a acto de todos en común, como un só corpo, moito menos dos que estaban ausentes ou que, estando presentes, non desexaban que se celebrase*. Consonte a isto defino a IGREXA como: *Un conxunto de homes que profesan a Relixión Cristiá, unidos na persoa dun Soberano; quen deben xuntarse en asemblea á súa orde, mais non o farán sen a*

*súa autoridade*. E pois que en todos os Estados a Asemblea que non teña garantía do Soberano Civil é ilexítima, igualmente a Igrexa que se reúna en asemblea en calquera Estado que o teña prohibido, é unha Asemblea ilexítima.

Séguese tamén que non hai na Terra unha Igrexa tan universal como para que todos os Cristiáns se vexan vencellados a obedecela, porque non hai poder na Terra ao que estean suxeitos todos os demais Estados. Hai Cristiáns nos Dominios de Príncipes e Estados diversos; mais cada un deles está suxeito a Estado do que el mesmo é membro e, consecuentemente, xa non pode estar suxeito aos mandatos de ningunha outra Persoa. E xa que logo unha Igrexa, sendo quen de Mandar, Xulgar, Absolver, Condenar ou facer calquera outro acto, é o mesmo que un Estado Civil que conste de Cristiáns; e recibe o nome de *Estado Civil* porque os seus súbditos son *Homes*; e o de *igrex*a porque os seus súbditos son *Cristiáns*. *Gobernos Temporais e Espirituais* non son máis que dúas palabras achegadas ao mundo para que os homes vexan dobre e trabuquen ao seu *Soberano Lexítimo*. É certo que os corpos dos crentes, logo da Resurrección, non serán Espirituais senón Eternos, mais nesta vida son ruíns e proclives á podremia. Xa que logo non existe un Goberno nesta vida, nin de Estado nin de Relixión senón Temporal, nin existe ensinanza de ningunha doutrina, que sendo lexítima para calquera Súdito o Gobernador, quer do Estado, quer da Relixión, prohiba que se explique. E ese Gobernador debe ser un, pois de non ser así haberá necesariamente Faccións e Guerra Civil no Estado, entre a *Igrexa* e o *Estado*; entre *Espiritualistas* e *Temporalistas*; entre a *Espada da Xustiza* e o *Escudo da Fe*; e (o que é máis) no peito de cada Cristián entre o *Cristián* e mais o *Home*. Os Doutores da Igrexa chámanse Pastores e son tamén Soberanos Cívís. Mais se os Pastores non se subordinan os uns aos outros, de maneira que poida haber un Pastor principal, aos homes ensinaránselles Doutrinas contrarias, sendo así que as dúas poidan ser, sendo unha delas necesariamente falsa. Quen

sexa o Pastor principal, de acordo coa lei da Natureza, xa se ten demostrado; nomeadamente o Soberano Civil. E a quen designan as Escrituras tal Mester verémolo no Capítulo seguinte.

## **Capítulo XL. Dos dereitos do Reino de Deus en Abraham, Moisés, os Sumos Sacerdotes e os Reis de Xudá**

O Pai dos Fieis, e primeiro no Reino de Deus polo Pacto, foi *Abraham*. Porque foi con el que se fixera por vez primeira o Pacto, polo que se obrigaban, primeiro el e despois á súa semente a recoñecer e obedecer os mandamentos de Deus, non soamente como puidese ter novas deles (como Leis Morais) pola Luz da Natureza, senón tamén tal como Deus puidese entregarllos por medio de Soños e Visións. Porque referido á lei Moral xa viñan obrigados, e non precisaban de contrato ningún, pola promesa da terra de Canaán. Nin había ningún Contrato que puidese engadirse a ela ou facer aínda máis forte a Obriga, pola que ambos, el e os seus descendentes e todos os demais homes, viñan obrigados a obedecer naturalmente a Deus Todopoderoso. E xa que logo o Pacto que Abraham fixera con Deus era tomar os Mandamentos de Deus, que se lle encomendaran no nome de Deus nun Soño ou Visión e entregalos á súa familia e obrigarlles a observalos.

No Contrato de Deus con Abraham podemos observar tres puntos de consecuencias importantes para o goberno do pobo de Deus. Primeiro, que ao facer o Pacto Deus falou soamente con Abraham, e xa que logo non contratara con ningún da súa familia ou semente, senón en canto as súas vontades (que conforman a esencia de todos os Pactos) estaban antes do Contrato involucradas na vontade de Abraham, a quen se lle supoñía xa que logo ter un poder lexítimo para levar adiante todo o que pactara por eles. Consonte a isto (*Xénese*, 18.18, 19) Deus dixera: *Nel serán benditas todas as Nacións da Terra. Porque eu sei que mandará os seus fillos e descendentes, e seguirán o*

*camión do Señor.* Porque de aquí pode concluírse o primeiro punto, que aqueles a quen Deus non ten falado inmediatamente recibirán os mandatos positivos de Deus, do seu Soberano; que os recibira a familia de Abraham deste, o seu Pai, Señor e Soberano Civil. E, xa que logo, en cada Estado, aqueles que non teñan unha Revelación sobrenatural cara ao contrario, deberán obedecer as leis do Soberano propio, nos actos externos e profesión da Relixión. En canto ao *pensamento* interno, e *crezas* dos homes, do que os Gobernantes humanos non se poden decatar (porque soamente Deus coñece o corazón) nin son voluntarios nin o efecto das leis, senón do desexo non revelado e do poder de Deus, e xa que logo non se atopan baixo obriga ningunha.

Do que se infire outro aspecto; que Abraham estaba no seu dereito de castigar a quen pretendesen ter Visións Privadas ou Espíritos ou outras Revelacións Divinas para, desta maneira, termar de doutrinas prohibidas, ou aos que se vencellasen a quen tal fixesen; e consecuentemente que é lexítimo hoxe que o Soberano castigue a calquera que opoña o seu Espírito Privado contra das Leis. Porque ten o mesmo lugar no Estado que Abraham tiña na súa propia Familia.

Do mesmo derívase igualmente un terceiro aspecto; que ninguén senón Abraham na súa familia, e tampouco outro máis que o Soberano nun Estado Cristián, pode decatarse do que é e non é a Palabra de Deus. Porque Deus lle falara unicamente a Abraham; e era o único quen de saber o que Deus lle dixera, e de interpretalo á súa familia. E xa que logo aqueles que teñen o lugar de Abraham nun Estado son os únicos Intérpretes do que Deus falara.

O mesmo Pacto anovara con Isaac, e logo con Xacobe, mais aquí cesara ata que os Israelitas ficasen ceibes dos Exipcios, e chegasen ao Pé do Monte Sinaí; e daquela fora Moisés quen o anovara (tal como xa expliquei, no capítulo XXXV), de maneira que de aquí en diante mudaron no Reino Peculiar de Deus; sendo o seu Representante, Moisés, no seu propio tempo; recaendo a

sucesión no seu mester en Aarón e os seus herdeiros, mudando diante de Deus nun Reino Sacerdotal para sempre.

Deus recibe un Reino por unha institución semellante. Mais vendo que Moisés non tiña autoridade para gobernar os Israelitas, como sucesor do dereito de Abraham, porque non podía reclamálo como herdanza, non semella que o pobo tivese de tomalo como Representante de Deus, alén de que acreditasen que Deus se dirixise a eles. E xa que logo a súa autoridade (malia o Pacto que fixeran con Deus) dependía simplemente da opinión que tivesen da súa Santidade e da realidade das súas Conversas con Deus e da veracidade dos seus Milagres; mudada esta opinión non estaban máis obrigados a tomar nada por lei de Deus que aquilo que se lles propuxese no nome de Deus. Debemos xa que logo considerar que outra razón había que os obrigase a obedecelo. Porque non existía un mandamento de Deus que puidese obrigalos, porque Deus non lles falara de inmediato senón por mediación do propio Moisés. E se o noso Salvador dixese de si mesmo, *Se achego testemuño propio o meu testemuño non é certo*, moito menos debería ser aceptado o testemuño de Moisés vindo del (especialmente se se tratase do poder Real sobre o pobo de Deus). A súa autoridade, xa que logo, como a autoridade de todos os outros Príncipes debe basearse no Consentimento do Pobo a súa Promesa de obedecelo. E así tiña de ser: Porque *o pobo (Éxodo, 20.18) cando viron os Tronos e os Lóstregos, e o son da Trompeta, e o fume da montaña, buliron afastándose, dicíndolle a Moisés, fala con nós e imos escoitarte, mais que non fale Deus con nós porque morreremos*. Esta foi a súa promesa de obediencia, e por ela viñan obrigados a obedecer o que lles transferirá polo mandato de Deus.

E non obstante o Pacto constitúe un Reino Sacerdotal, ou sexa, un Reino hereditario para Aarón; mais que tería de entenderse para os sucesores logo de que Moisés morrese. Porque quen ordene e artelle o Réxime, como primeiro fundador dun Estado (xa sexa Monarquía, Aristocracia ou Democracia) pre-

cisa ter Poder Soberano sobre toda a xente mentres que o estea organizando. E que Moisés tiña o poder no seu tempo vén afirmado con evidencias nas Escrituras. Primeiro, no texto que se vén de citar, porque prometera obediencia, non a Aarón mais a el. Segundo (Éxodo, 24.1.2): *E Deus dixo a Moisés. Subide onde o Señor, ti, e Aarón, Nadan e Abihu, e setenta dos Anciáns de Israel. E só Moisés virá preto do Señor, mais os outros non se achegarán máis, nin o pobo subirá con el.* Do que se infire que soamente Moisés foi chamado a subir onde Deus e non Aarón, nin os outros Sacerdotes, nin os Setenta Anciáns, nin o Pobo, ao que se lle vetara subir, senón tan só el, quen representaba diante dos Israelitas a Persoa de Deus; isto é, era o único Soberano baixo Deus. E aínda que despois se dixese (versículo 9): *Logo subirán Moisés e Aarón e Nabab e Abihu, e setenta dos Anciáns de Israel e viran ao Deus de Israel, e baixo dos seus pés había un pavimento de pedra de zafiro, etc.*, isto non acontecerá ata despois de que Moisés estivese con Deus e transmitido á xente as palabras que lle Deus lle dixese. El soamente fora polos mesteres do seu pobo; os outros, como os Nobres do seu séquito, foron admitidos honrando esa graza especial que non se lle permitía ao pobo e que era (tal como se mostra no versículo que vén despois) ver a Deus e vivir. *Deus non pousara a súa man neles, viron a Deus e comeron e beberon* (isto é, viviron). Reitérase isto onde se di *O Señor falou a Moisés*, como en todas as outras ocasións de Goberno; así tamén nas ordenanzas das Cerimonias Relixiosas, nos Capítulos 25, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 do Éxodo e ao longo do *Levítico*; a Aarón moi poucas veces. Deus botou ao lume o Cuxo que Aarón fixera. Finalmente a cuestión da Autoridade de Aarón, con ocasión da súa rebelión e da de Miriam contra Moisés fora (*Números*, 12) xulgada polo propio Deus por Moisés. Tamén no preito entre Moisés e o Pobo, sobre quen tiña o Dereito de Gobernar o Pobo, cando Corah, Dathan e Abiram, e douscentos Príncipes da Asemblea *amoreanse* (*Números*, 16.3) *contra Moisés e Aarón*,



*dicíndolles, Tomades de máis sobre vós, se vedes que todos os da Congregación son Santos, cada un deles, e o Señor vai entre eles, ¿por que vos erguedes contra da congregación do Señor?* Deus fixo que a Terra papase a Corah, Dathan e Abiram coas súas esposas e fillos vivos, consumindo no lume a aqueles dous cincuenta Príncipes. Xa que logo nin Aarón nin o Pobo nin a Aristocracia dos Príncipes máis importantes do Pobo mais Moisés soamente tiña, logo de Deus e baixo del, a Soberanía nos Israelitas. E non soamente en causas de Gobernación Civil mais tamén de Relixión. Porque Moisés fora o único que falara con Deus e xa que logo non había outro que lle puidese dicir ao Pobo o que Deus requiría das súas mans. Ningún home, so pena de morte, podía ser tan afoutado como para achegarse á montaña onde Deus falaba con Moisés. *Marcarás lindeiros* (di o Señor, Éxodo, 19. 12) á xente ao redor, e haslles dicir, coidádevos de non subir ao Monte, ou luír as súas beiras; porque o que tal faga con certeza será morto. E de novo (versículo 21): *Baixa, e avisa a xente para que non traspasen os lindeiros para ollar ao Señor.* Do que podemos concluír que quen queira que ocupe nun Estado Cristián o lugar de Moisés é o único Mensaxeiro de Deus e Intérprete dos seus Mandamentos. E consonte a isto ningún home deberá, na interpretación das Escrituras, ir alén dos lindeiros postos polos diversos Soberanos. Pois que as Escrituras, ao falar Deus nelas, son o Monte Sinaí e os lindeiros son as súas Leis, que representan a Persoa de Deus na Terra. Permítese miralas e abraiarse diante da obra marabillosa do Deus, e aprender a temelo; mais interpretalo, isto é, inquirir no que Deus lle dixera cando o nomeou para gobernar baixo del, e facelos Xuíces para xulgar se goberna tal como Deus lle encomendara ou non, é exceder os lindeiros que Deus nos impuxera e ollar a este con irreverencia.

Non houbo Profeta no tempo de Moisés, nin pretendente ao Espírito de Deus, senón os que Moisés aprobouse e autorizase. Porque neste tempo non houbera senón Setenta homes, dos que

se dixo que Profetizaban polo Espírito de Deus, e foron todos escollidos por Moisés; consonte ao que Deus dixerá a Moisés (*Números*, 11.16): *Xunta diante miña a Setenta dos Anciáns de Israel, deses que ti sabes que son os máis Vellos de Israel*. Deus impartirá a estes o seu Espírito, mais non era un Espírito diferente do de Moisés, porque como se di: *Deus baixou nunha nube e apañou do Espírito que estaba riba de Moisés, dándollo aos Setenta Anciáns*. Mais como xa teño mostrado antes (capítulo XXXVI) por *Espírito* enténdese a *Mente*; de maneira que o senso da pasaxe non é outro que este, que Deus imbuirá neles unha mente doada de conformar e subordinada á de Moisés, para que puidesen Profetizar, isto é, falar ao pobo no nome de Deus, de tal maneira que levasen adiante a súa doutrina (como Ministros de Moisés e pola súa autoridade) cadrando coa do propio Moisés. Porque non eran senón Ministros, e cando dous deles Profetizaran no Campamento, coidouuse que se trataba de algo novo e ilexítimo; e tal como se ve nos versículos 27 e 28 do mesmo Capítulo, foron acusados diso, e Xosué aconsellou a Moisés que os vetase, sen saber que era a través do Espírito de Moisés polo que Profetizaban. Do que fica manifesto que ningún Súdito debe pretender dispoñer da Profecía ou do Espírito en oposición á doutrina establecida por aquel a quen Deus dispuxera no lugar de Moisés.

Morto Aarón, e logo del tamén Moisés, o Reino, pois que se trataba dun Reino Sacerdotal, pasara por virtude do Pacto, ao fillo de Aarón, Eliecer, o Sumo Sacerdote. E Deus declarou, (inmediatamente despois del) por Soberano, ao tempo que nomeaba a Xosué como Xeneral do seu Exército. Porque así se expresara Deus (*Números*, 27.21) relativo a Xosué: *Ficará diante de Eliecer o Sacerdote, quen pedirá consello para el, diante do Señor, e á súa palabra marchará e volverán, el e os Fillos de Israel, con el*. Xa que logo o Poder Supremo da Guerra e mais da Paz estaba no Sacerdote. O Poder Supremo da Xudicatura pertencía tamén ao Sumo Sacerdote. Porque o Libro

da Lei estaba na súa custodia, e os únicos Xuíces subordinados nas causas Cívís eran os Sacerdotes e os Levitas, tal como se mostra en *Deuteronomio*, 17.8, 9, 10. E verbo da maneira de adorar a Deus, nunca houbera dúbida, senón que quen tiña a Autoridade Suprema ata o tempo Saúl era o Sumo Sacerdote, e así tiña que ser en quen queira que gobernase por Dereito Divino, ou sexa, pola Autoridade inmediata de Deus.

Logo da morte de Xosué, deica o tempo de Saúl, hai un lapso temporal que se percibe decote no Libro dos Xuíces desta maneira; *neses días non houbera Rei en Israel*. Ás veces con este engadido: *que cada home fixo o axeitado aos seus ollos*. Polo que debemos deducir que cando se di que *non había Rei*, cómpre entender que *non había Poder Soberano* en Israel. E así foi se coidamos no Acto e Exercicio de tal poder. Porque logo da morte de Xosué e Eliecer *houbera outra xeración (Xuíces, 2.10) que non coñecían ao Señor nin as obras que fixera por Israel, mais cometeu maldades á vista do Señor e serviu a Baalim*. E os Xudeus tiñan esa calidade da que se decatara San Paulo, *de procurar un sinal*, non soamente antes de que se sometesen ao goberno de Moisés, mais despois de que se tivesen obrigado pola súa submisión. Cando os Sinaís e os Milagres teñen por Fin procurar a Fe, non gardar aos homes de violala unha vez que se lles dá, porque a iso os homes están obrigados pola lei da Natureza. Mais se non coidamos no Exercicio mais no Dereito de Gobernar, o poder Soberano estaba aínda no Sumo Sacerdote. Xa que logo fose cal fose a obediencia rendida a calquera dos Xuíces (que eran homes escollidos por Deus en circunstancias extraordinarias para salvar os súbditos rebeldes das mans dos inimigos) non pode ser empregada como argumento contra o Dereito que o Sumo Sacerdote tiña ao Poder Soberano, en todas as cuestións, de Política e de Relixión. E nin os Xuíces nin o propio Samuel tiñan unha vocación ordinaria senón extraordinaria polo Goberno, e se os Israelitas obedeceran non por foi por obriga mais por reverencia ao favor que

recibían de Deus e que se deixaba ver na súa sabedoría, valor ou felicidade. Xa que logo o Dereito de Regular o Goberno e mais a Relixión era inseparábel.

Os Reis sucederán os Xuíces, e mentres que antes toda a autoridade, quer na Relixión, quer no Goberno, estaba no Sumo Sacerdote, agora viña no Rei por enteiro. Porque a Soberanía no pobo, que antes estaba, non soamente en virtude do Poder Divino, senón tamén por un pacto concreto dos Israelitas con Deus, e despois, co Sumo Sacerdote como Representante seu na Terra, fora deixada polo Pobo, con consentimento do propio Deus. Porque cando dixeran a Samuel (1 *Samuel*, 8.5) *danos un Rei que nos xulgue, como a todas as Nacións*, querían dicir que xa non volverían ser gobernados polos mandatos que lles foran ordenados polo Sacerdote no nome de Deus; senón por aquel que os mandase da mesma maneira coa que as demais nacións eran mandadas, e xa que logo ao despoñer ao Sumo Sacerdote de autoridade Real depoñían a ese peculiar Goberno de Deus. E aínda así Deus cadraba con iso ao dicir a Samuel (versículo 7): *Escoita a voz do Pobo, a todo o que che digan; porque non é que te rexeitaran a ti, senón a min, para que non reinase neles*. Tendo xa que logo rexeitado a Deus, sendo así que os Sacerdotes gobernaban segundo o seu Dereito, a estes non lles quedaba outra autoridade senón a que lle quixese outorgar o Rei; meirande ou menor segundo os Reis foran bos ou malos. Consonte ao Goberno dos Asuntos Cívís maniféstase que estaba todo nas mans do Rei. Porque no mesmo Capítulo, versículo 20, dise que serán como todas as Nacións, que o seu Rei será o seu Xuíz e irá diante deles e loitará nas súas batallas, ou sexa, que terá toda a autoridade tanto na Paz como na Guerra. No que se contén igualmente o ordenamento da Relixión; pois que non había outra Palabra de Deus nese tempo pola que regular a Relixión, senón a Lei de Moisés, que era a súa Lei Civil. Ademais lemos (1 *Reis*, 2.27) que Salomón *expulsara a Abiathar do Sacerdocio diante do Señor*. Tiña xa que logo autoridade no Sumo Sacerdote, como

riba de calquera outro Súbdito, o que é unha marca grande de Supremacía en Relixión. E lemos tamén (1 Reis 8) que dedicara o Templo, que bendicira á Xente, e que el mesmo en persoa fixera ese prego sobranceiro que se emprega nas Consagracións de todas as Igrexas e casas de Oración. Máis aínda, lemos (2 Reis 22) que cando había cuestións relativas ao Libro da Lei atopado no Templo, non eran decididas polo Sumo Sacerdote, senón que Xosiáh enviaba a este e aos demais a inquirir ao respecto a Hulda, a Profetisa; o que vén sendo outro sinal de Supremacía en Relixión. Finalmente lemos (1 Crónicas, 26.30) que David adestrou a Hashabiah e os seus irmáns Hebronitas, gobernadores de Israel na parte Occidental, *en todos os choios do Señor e ao servizo do Rei*. De igual maneira (versículo 32) que fixo que os Hebronitas *rexesen os Rubenitas, os gaditas e a media tribo de Manasseh* (eran os restantes israelitas que moraban alén do Xordán) *en cada asunto relativo a Deus e aos choios do Rei*. ¿E non é este Poder absoluto, *temporal e espiritual*, como lle chaman, o que queren dividir? Concluindo: desde a primeira institución do Reino de Deus, deica a Catividade, a Supremacía da Relixión estaba na mesma man que aquela da Soberanía Civil, e a dos Sacerdotes e que logo da elección de Saúl, non era Maxistral senón Ministerial.

Aínda que o goberno, en Política e Relixión, viña unido, primeiro no Sumo Sacerdote e logo nos Reis, en todo canto tivese que ver co Dereito, así e todo semellaba da mesma Historia Sagrada que a xente non o entendía; habendo entre eles unha parte grande, e sen dúbida a meirande que en canto que vían grandes milagres ou (o que equivale a un milagre) grandes habelencias ou feitos importantes nas empresas dos seus Gobernos, outorgaban creto abondo, quer á fama de Moisés, ou aos Coloquios entre Deus e os Sacerdotes, aproveitando a ocasión, tan a miúdo como non lles prestasen os seus Gobernos, para botarlle a culpa ás veces á Política, outras á Relixión, para trocar o Goberno ou revirarse ao seu pracer contra da súa

obediencia. E disto procedían, de cando en vez, os desacougos civís, as división e as calamidades da Nación. Por exemplo, logo da morte de Eliecer e Xosué, a seguinte xeración que non tiñan visto as marabillas de Deus, mais ficaran deixados á súa propia e feble razón sen saberse obrigados polo Pacto dun Reino Sacerdotal, cesaron de ollar para os Mandamentos do Sacerdote e para as leis de Moisés, senón que cada home fixo o que lle pareceu correcto aos seus ollos, e obedeceron nos asuntos Civís a aqueles que coidaban de tempo en tempo que serían quen de ceibalos das Nacións veciñas que os oprimían, e consultaban non a Deus (tal como deberían facer) senón aos homes e mulleres que coidaban ser Profetas polas súas Predicións das cousas por vir; e aínda que tiñan un Ídolo na súa Capela, e mesmo un Levita como Capelán, facían conta de que adoraban ao Deus do Israel.

E, despois, cando demandaron un Rei ao xeito das outras nacións non foi co desexo de afastarse de Deus, o seu Rei, senón que desesperando da xustiza dos fillos de Samuel ansiaban un Rei que os xulgase nas acción Civís, pero ao que non lle ían consentir que mudase a Relixión que coidaban que lles fora recomendada por Moisés. Para manter sempre na recámara un pretexto, quer de Xustiza, quer de Relixión, que os descargase de obedecer cando ansiasen facer valer os seus desexos. Samuel estaba desgustado co pobo porque desexaban un Rei (pois que Deus xa era o seu Rei e Samuel non tiña autoridade senón baixo súa); mais Samuel, cando Saúl non seguira o seu consello de esnaquizar a Agag tal como Deus lle mandara, nomeou outro Rei, David, para que collese a sucesión dos seus herdeiros. Rehoboam non era Idólatra, mais cando o pobo coidou que se trataba dun Opressor, semellante suposición civil privouno de dez tribos que pasaran a Xeroboam, quen si era un Idólatra. En xeral a través de toda a Historia dos Reis, como a de Xudá e a de Israel, houbera Profetas a controlar sempre os Reis por transgredir a Relixión; e ás veces tamén por Erros de Estado,

como Xosafat fora reprobado polo Profeta Xehu por axudar o Rei de Israel contra dos Sirios, e Hezekiah por Isaías, por mostrar os seus tesouros aos Embaixadores de Babilonia. De todo isto semella deducirse que aínda que o poder, quer do Estado ou da Relixión estivese nos Reis, ningún deles estaba sen control no seu uso, senón aqueles que tiñan facilidade e habellencia para empregalo. Igualmente da práctica deses tempos non se pode tirar argumento de que o Dereito de Supremacía en Relixión non estaba nos Reis, a menos de que o chantemos nos Profetas, e concluír que pois que Ezequías ao pregarlle ao Señor diante dos Querubíns non fora respondido daquela senón despois polo Profeta Isaías este era a Cabeza Suprema da Igrexa. Ou porque Xosías consultase a Hulda, a Profetisa, verbo do Libro da Lei deducir que nin el, nin o Sumo Sacerdote, mais Huida a Profetisa era quen tiña a Autoridade Suprema e materia de Relixión. O que non penso que sexa a opinión de ningún Doutor.

Durante a Catividade os Xudeus non tiveran Estado en absoluto. E logo da súa volta aínda que anovasen o seu Pacto con Deus non fixeran promesa ningunha de obediencia, nin a Esdras nin a ningún outro, acabando por ficar suxeitos aos Gregos (quedando a súa Relixión moito máis corrompida, polos seus Costumes e Demonoloxía, e a doutrina dos Cabalistas). De tal sorte que nada pode inferirse da súa confusión, nin no que se refire ao Estado nin á Relixión, verbo da Supremacía nelas. E xa que logo, no relativo ao Antigo Testamento podemos concluír que quen queira que teña a Soberanía do Estado entre dos Xudeus terá igualmente a Autoridade Suprema en materia da adoración externa de Deus, e representa a Persoa de Deus, que é a persoa de Deus Pai, aínda que non recibise o nome de Pai ata que fose enviado ao mundo o seu Fillo Xesús Cristo, para redimir a humanidade dos seus pecados, e conducilos ao seu Reino Eterno para ser salvados para sempre xamais. Disto imos falar no Capítulo seguinte.

## Capítulo XLI. Do mester do Noso Salvador Bendito

Atopamos nas Sagradas Escrituras tres elementos relativos ao *Mester do Mesías*: O primeiro como *Redentor* ou *Salvador*. O segundo como *Pastor, Conselleiro* ou *Mestre*, ou sexa como Profeta enviado por Deus para converter a aqueles aos que Deus escollera para ser Salvados. O terceiro como *Rei*, un *Rei eterno*, pero baixo seu Pai tal como Moisés e os Sumos Sacerdotes estiveran en momentos diversos. E a estes tres elementos corresponden tres momentos. Porque a nosa Redención fora tecida por El na súa primeira chegada, por medio do Sacrificio, ofrecéndose na Cruz polos nosos pecados. A nosa Conversión fora, en parte, a través da súa Persoa, e en parte —agora— polos seus Ministros, e continuará deica que retorne. E cando o faga comezará o seu Reino glorioso sobre os seus escollidos, e isto terá de durar eternamente.

Ao *Mester de Redentor*, isto é, o que paga o Rescate do Pecado (sendo tal Rescate a Morte), corresponde o seu Sacrificio, portándoo na súa propia cabeza e afastando de nós as nosas inquedanzas tal como Deus lle pedira. Non é que a morte dun home, aínda que sen pecado, abundase para satisfacer as ofensas de todos os homes no Rigor da Xustiza mais na Piedade de Deus, que ordenou polos pecados tales Sacrificios como lle prestaba aceptar. No Antigo Testamento (tal como podemos ler no *Levítico*, 16) o Señor requiría que unha vez ao ano fose feita unha Reparación polos Pecados de todo Israel, tanto os Sacerdotes como os demais; para o cal Aarón, só, debía sacrificar por el e os Sacerdotes, un boi noviño; e polo resto da xente tiña de recibir deles dous Castróns novos, dos que tiña de *sacrificar* un, mais en canto ao outro, o *Castrón Expiatorio*, debía poñerlle as mans na testa e logo da confesión das inquedanzas da xente pousar estas na testa do animal e despois, por medio dun home xa disposto, facer que o Castrón fose levado ao deserto e alí deixalo *liscar*, marchando desta maneira coas



maldades da xente. De maneira que se o Sacrificio dun Castrón abundaba (pois que era aceptable) como prezo polo Rescate de todo Israel, tamén a morte do Mesías é prezo suficiente polos Pecados de toda a humanidade, porque non se requiría máis nada. Os sufrimentos de Cristo, o noso Salvador, semellan expresarse tan claramente aí como na oblación de Isaías, ou calquera outra caste de sacrificio no Antigo Testamento. El era ao tempo o Castrón que se sacrificaba e o Castrón Expiatorio; *Estaba oprimido e aflixido* (Isaías, 53.7); *non abría a boca, era levado como un año ao matadoiro, e así como unha ovella está muda diante do tosquiador el tampouco abría a boca*. Aquí está o *Castrón expiatorio*. *El aturara as nosas Mágoas* (versículo 4) *e portaba as nosas dores*. Máis: (versículo 6) *o Señor botara riba súa as iniquidades de todos nós*. E por iso vén sendo o *Castrón Expiatorio*. *Fora afastado da terra dos vivos* (versículo 8) *pola Rebelión do meu Pobo*. Aí volve ser o *Castrón expiatorio*. E de novo (versículo 11): *cargará cos seus pecados*. El é o *Castrón Expiatorio*. Trátase do Cordeiro de Deus, equivalente a eses dous Castróns, sacrificado, pois que morreu, mais tamén porque marcha unha vez que expiara, na súa Resurrección, sendo axeitadamente alzado e levado da morada dos homes na Ascensión.

Porque por moito que *redimise*, non podía chamarse da *cousa redimida*, deica a *Redención* unha vez que se pagase o Rescate. E este Rescate era a Morte do Redentor. Maniféstase, pois, que o noso Salvador (por home) non era Rei daqueles aos que Redimira antes de sufrir a morte, ou sexa durante o tempo en que se fixese corpo na Terra. E sosteño que non era Rei daquela en virtude do Pacto que os crentes asinan con el no Bautismo. Non obstante ao anovar o Pacto con Deus no Bautismo viñan obrigados a obedecelo como Rei (baixo seu Pai) cando lle petase tomar o Reino da súa man. Consonte a isto o noso Salvador dixerá expresamente (*Xoán, 18.36*): *O meu Reino non é deste mundo*. Ora, vendo que as Escrituras mencionan dous mundos, o que temos agora e ficará deica o día do Xuízo (e que se chama,

xa que logo, o *día derradeiro*), e o que virá logo do día do Xuízo, cando haxa un Ceo novo e unha nova Terra, o Reino de Cristo non comezará ata o día da Resurrección xeral. E iso é o que dixera o noso Salvador (*Mateo, 16.27*): *O Fillo do home virá na gloria do seu Pai, cos seus Anxos, e entón recompensará os homes consonte ao que fixeran*. Recompensar a cada home segundo o que fixese é executar o Mester dun Rei, e isto non acontecerá ata que chegue á gloria do seu Pai cos seus Anxos. Cando o noso Salvador di (*Mateo, 23.2*): *Os Escribas e os Fariseos sentan na cadeira de Moisés, xa que logo facede e observade canto vos pidan que fagades*, anda a declarar nitidamente que outorga o Poder Rexio nese momento non para El senón para eles. E fai o propio cando di, (*Lucas, 12.14*): *Quen me fixo Xuíz ou Árbitro voso?* E (*Xoán, 12.47*) *Non vin aquí xulgar o mundo mais a salvalo*. E aínda así o noso Salvador veu a este mundo para poder ser Rei e Xuíz no mundo que estaba por vir. Pois que el era o Mesías, ou sexa, o Cristo, ou sexa, o Sacerdote Designado e o Profeta Soberano de Deus; ou sexa, ía ter todo o poder que estaba en Moisés o Profeta, nos Sumos Sacerdotes que sucederon a Moisés e nos Reis que sucederon os Sacerdotes. E San Xoán di expresamente (capítulo, 5, versículo 22): *O Pai non xulgaba os homes mais deixaba todos os xuízos ao Fillo*. E isto non se contradí coa outra pasaxe: *Non vin aquí xulgar o mundo*; porque aquí do que se fala é do mundo actual, e na outra do que virá, como cando se di que na segunda chegada de Cristo (*Mateo, 19.28*): *Os que me seguistes na Rexeneración, cando o Fillo do home sente no trono da súa Gloria, habedes de vos sentar en doce tronos, xulgando ás doce tribos de Israel*.

E logo se Cristo, mentres estaba na Terras, non tiña Reino neste mundo, que finalidade tivera a súa primeira chegada? Tratábase de devolverlle a Deus, por medio dun Pacto novo, o Reino, que sendo seu polo Pacto Antigo, rachárase por mor da rebelión dos Israelitas na elección de Saúl. Veu predicarlles que el era o *Mesías*, ou sexa, o Rei prometido a eles polos Profetas;

e ofrecerse en sacrificio polos pecados de quen deberan someterse por mor da fe, e caso de que a nación en xeral rexeitase facelo chamar á súa obediencia a aqueles que entre os Xentís acreditasen nel. Así que hai dúas partes do Mester do noso Salvador durante a súa estadía na Terra; unha, Proclamarse a si mesmo Cristo, outra, a través do Ensino e a feitura de Milagres, convencer e preparar os homes para vivir de maneira tal de ser merecentes de gozar de condición de Crentes Inmorredoiros, para cando El viñese con maxestade tomar posesión do Reino do Pai. E por iso ese tempo de predicación é chamado por el mesmo a *Rexeneración*, que non é un Reino en puridade, e que non outorga licenza para rexeitar obediencia aos Maxistrados que daquela había (porque El mandaba obedecer aos que sentaban na cadeira de Moisés, e pagar tributo a César) senón soamente un anticipo do Reino de Deus que estaba por vir para aqueles aos que Deus dera a graza de seren os seus discípulos e de acreditaren nel. Por esta razón os Beatos xa están no *Reino da Graza*, como naturalizados nese Reino celestial.

Xa que logo non existe nada feito ou ensinado por Cristo que tenda a minguar os Dereitos Civís dos Xudeus ou de César. Porque no relativo ao Estado que había daquela entre os Xudeus, tanto nos que eran rexidos como naqueles que gobernaban, estaban todos a agardar o Mesías e o Reino de Deus, o que non poderían facer se as súas Leis lle prohibisen a El (cando viñera) manifestarse como tal e así declaralo. Vendo, xa que logo, que non fixo máis que predicar e que fosen os Milagres os que probasen que El era o Mesías, non foi en absoluto contra das leis. O Reino do que se proclamaba tiña que estar noutro mundo. Ensinara a todos os homes a obedecer ao tempo que sentaban na cadeira de Moisés. Consentiuilles que lle desen a Cesar o seu tributo, e rexeitou para si o ser Xuíz. Como poderían, daquela, as súas palabras ou accións ser sediciosas ou tender a derrubar o seu Goberno Civil? Mais Deus logo de determinar o seu sacrificio e reducir aos elixidos por El

á obediencia pactada con anterioridade, sérvese para esta fin da súa malicia e ingratidade. Porque aínda que o propio Pilatos (para compracer os Xudeus) entregárallo para ser sacrificado, antes pronunciara abertamente que non atopaba delitos nel. E encabezara a súa condena non como requirían os Xudeus cun *que pretendía ser Rei*, mais simplemente con *Que era o Rei dos Xudeus*, e non obstante o seu clamor rexeitou alterar isto dicindo: *O escrito, escrito está.*

Verbo da terceira parte do seu Mester, o de ser *Rei*, teño demostrado xa que este Reino non comeza ata que chegue a Resurrección. Mais daquela será *Rei*, non soamente como Deus, pois que nese senso xa é Deus, e terá de selo sempre, de toda a Terra, en virtude da súa omnipotencia; mais moi en particular dos seus propios Elixidos, en virtude do pacto que fan con El no Bautismo. Velaí a causa de que o noso Salvador dixera (*Mateo*, 16.27) que os seus Apóstolos sentarían en doce tronos, xulgando as doce tribos de Israel: *Cando o Fillo do home sente no trono da súa gloria*; significando con isto que daquela habería reinar na súa natureza humana; e (*Mateo*, 16.27): *O Fillo do home virá na gloria do seu Pai, cos seus Anxos, e entón recompensará os homes consonte ao que fixeran.* O mesmo podemos ler en *Marcos*, 13.26 e 14.26, e máis expresamente pois que se atén ao momento en *Lucas*, 22.29, 30. *Dispoño para ti un Reino, tal como meu Pai dispuxera un para min, que poidas comer e beber á miña mesa, e sentar en tronos xulgando as doce tribos de Israel.* Do que se manifesta que o Reino de Cristo disposto para El polo seu Pai non o está antes de que o Fillo do Home veña en Gloria, e faga dos seus Apóstolos Xuíces das doce tribos de Israel. Mais calquera podería preguntarse que pois que no Reino do Ceo non existe o matrimonio, pois que os homes comerán e beberán ¿que se entende por comer nesta pasaxe? A resposta vén dada polo noso Salvador (*Xoán*, 6.27): *Non vos esforcedes pola carne perecedoira, senón por aquela que dure unha vida eterna, aquela que vos ha dar o Fillo do home.*

De maneira que por comer á mesa de Cristo debe entenderse comer da Árbore da Vida; ou sexa, gozar da Inmortalidade no Reino do Fillo do Home. Destas pasaxes e moitas outras evidénciase que o Reino do noso Salvador vai ser exercitado por El na súa natureza humana.

E se agora vai ser o Rei non o será de maneira diferente a dun subordinado ou Representante de Deus o Pai, cal o foi Moisés no deserto, e como os Sumos Sacerdotes diante do reinado de Saúl, e como o foron os Reis despois. Porque nunha das Profecías relativas a Cristo dise que será (no Mester) semellante a Moisés: *Ergueri un Profeta* (di o Señor, *Deuteronomio*, 18.18), *coma ti de entre os seus Irmáns, e poñerei as miñas palabras na súa boca*, e a similitude con Moisés móstrase tamén nas accións do propio Salvador mentres que estivo en corpo na TERRA. Porque así como Moisés escollera a doce Príncipes das tribos para gobernar baixo del, tamén o noso Salvador escollera a doce Apóstolos que sentarán en doce tronos e xulgarán as doce tribos de Israel. E así como Moisés autorizara a Setenta Anciáns recibir o Espírito de Deus, igualmente o noso Salvador ordenara a setenta Discípulos predicar o seu Reino e a súa Salvación a todas as Nacións. E como cando se presentara unha queixa a Moisés contra aqueles dos Setenta que profetizaran no campamento de Israel, xustificounos dicindo que desa maneira servían o seu goberno, igualmente o noso Salvador, cando San Xoán lle protestou de certo home que expulsaba os demos no seu nome, dicindo: (*Lucas, 9.50: Non é mester prohibirillo, porque quen non está contra nós está da nosa parte.*

Non só iso, o noso Salvador lembra a Moisés na institución dos *Sacramentos*, tanto o da *Admisión* no Reino de Deus, coma na *Conmemoración* da liberación dos Elixidos do seu estado pecadento. E así como os Fillos de Israel tiñan como Sacramento da súa Recepción no Reino de Deus, antes do tempo de Moisés, o rito da *Circuncisión*, rito que logo que fora omitido no Desterro foi restaurado axiña que chegaron á Terra

de Promisión, os Xudeus tiñan, antes da chegada do noso Salvador, o rito do *Bautizo*, ou sexa, o de lavar con auga a todos aqueles que sendo Xentís abrazasen o Deus de Israel. Este rito era empregado por San Xoán o Bautista na recepción de cantos desen o seu nome ao Cristo, de quen El predicaba que xa tiña chegado ao mundo, e o noso Salvador instituíra o mesmo como Sacramento para que o tomasen cantos crían nel. A causa primeira da que procedía o rito do Bautismo non se expresa formalmente nas Escrituras, pero pode coidarse que se trata dunha imitación da lei de Moisés relativa aos Leprosos. Xa que ao Leproso se lle ordenaba ficar fóra do campamento de Israel por un certo tempo, para que logo do tempo preciso para que o Sacerdote xulgase que estaba xa limpo, era admitido no campamento logo dun Lavatorio solemne. E así debemos entender, xa que logo, a clase de Lavatorio que se dá no Bautismo, xa que por medio del os homes fican limpos da Lepra do Pecado pola Fe e son recibidos na Igrexa coa solemnidade do Bautismo. Hai outra conxectura que se tira das Cerimonias dos Xentís en certo caso que non adoita acontecer, e isto é cando a un home a quen se coidaba morto mais que acabara recobrándose os demais tiñan escrúpulos de lle falar, como se o tivesen de facer cun Espírito, a menos que fose recibido de novo entre os homes por un Lavatorio, tal como os Cativos acabados de nacer eran lavados do lixo que traían con eles ao nacer, sendo aquilo unha clase de nacemento novo. Esta cerimonia dos Gregos, no tempo en que Xudá estaba baixo do Dominio de Alexandre e os Gregos, os seus sucesores, ben poderían medrar na Relixión dos Xudeus. Mais vendo que non era probable que o noso Salvador contemplase un rito Pagán, tiña moitas posibilidades de vir da Cerimonia Legal do Lavatorio unha vez superada a Lepra. Verbo do outro Sacramento, o de comer o *Cordeiro Pascual* imítase manifestamente no Sacramento da *Cea do Señor*, na que a Partición do Pan e o vertido do Viño fanse en memoria da nosa liberación da Mágoa do Pecado, en lembranza da liberación dos

Xudeus da Escravitude de Exipto. Vendo, xa que logo, que a autoridade de Moisés non era senón subordinada e el non máis que un Representante de Deus, séguese que Cristo, quen como home tiña unha autoridade idéntica á de Moisés, non era máis ca un subordinado á autoridade do seu Pai. O mesmo exprésase significativamente por aquel que nos ensinara a pregar: *Pai Noso, veña a nós o teu Reino*, ou, *Porque teu é o Reino, o poder e a Gloria*, e por iso se di que *El virá na Gloria do seu Pai*, e tamén polo dito por San Pablo (1 *Corintios*, 15.24): *entón virá a fin, cando El teña entregado o Reino a Deus, o Pai*; e outras pasaxes aínda máis expresas.

O Noso Salvador, xa que logo, tanto na Ensinanza como no Mandato, representa (tal como fixera Moisés) a Persoa de Deus, pola que Deus a partir de aquí, mais non antes, é chamado Pai, e sendo unha e a mesma substancia é unha Persoa representada por Moisés, e outra polo seu Fillo, o Cristo. Porque entendendo como *Persoa* algo relativo a *Representante*, haberá consecuentemente unha pluralidade de Persoas, aínda que se trate dunha e da mesma Substancia.

## **Capítulo XLII. Do Poder Eclesiástico**

Para comprender o PODER ECLESIASTICO, que é e en quen está, cómpre distinguir o tempo da Ascensión do noso Salvador en dúas partes: unha antes da Conversión dos Reis e os homes investidos do Poder Soberano, a outra, logo da devandita Conversión. Porque foi moito despois da Ascensión que houberese Reis ou Poderes Cívís dispostos a abrazar publicamente e consentir a propagación da Relixión Cristiá.

No ínterim é manifesto que o *Poder Eclesiástico* ficaba nos Apóstolos, e logo deles quen eles ordenaran Predicar o Evanxeo e converter os homes á Cristiandade, e dirixir a aqueles xa convertidos polo camiño da Salvación; e logo disto o Poder recaera nos que estes ordenasen, e isto fora feito por Imposición de mans

sobre dos ordenados, co que se significaba a entrega do Espírito Santo, ou Espírito de Deus, a aqueles que se ordenaran como Ministros de Deus para que avanzasen o seu Reino. De maneira que a Imposición de mans non era senón o Selo da súa Comisión para que Predicasen a Cristo e ensinasen a súa Doutrina, e o outorgamento do Espírito Santo por medio da cerimonia da Imposición de mans era unha imitación do que Moisés fixera. Pois que Moisés empregara a mesma cerimonia co seu Ministro Xosué, tal como lemos no *Deuteronomio*, 34, versículo 9. *E Xosé, o Fillo de Nun, estaba enchido do Espírito da Sabedoría; porque Moisés pousara as súas mans riba súa.* O Noso Salvador, xa que logo, entre a súa Resurrección e a súa Ascensión, dera o seu Espírito aos Apóstolos; primeiro, *Alentando neles e dicindo (Xoán, 20.22): Recibide o Espírito Santo;* e logo da Ascensión (*Feitos, 2.2,3*) enviándolles un *vento poderoso, e linguas de lume Divididas*, e non por imposición de mans, pois que Deus non fixera tal cousa con Moisés, mais os seus Apóstolos transmitiron o mesmo Espírito por Imposición de mans tal como Moisés fixera con Xosué. Así que aquí se manifesta en quen o Poder Eclesiástico ficara permanentemente naqueles primeiros tempos, nos que aínda non había Estado Cristián ningún, nomeadamente naqueles que o recibiran dos Apóstolos, a través dunha imposición de mans continuada.

Aquí temos a Persoa Divina nada agora por terceira vez. Porque igual que Moisés e os Sumos Sacerdotes foran Representantes de Deus no Antigo Testamento, e o noso Salvador como Home durante a súa estadía na Terra, o Espírito Santo, ou sexa, os Apóstolos e os seus sucesores, no Mester de Predicar e Ensinar, que recibiran do Espírito Santo, foran os seus Representantes desde aquela. Mais unha Persoa (como xa teño mostrado antes, no capítulo 16) é aquel a quen se Representa todas as veces que tal cousa acontece, e xa que logo en Deus, quen foi Representado (isto é, Personificado) tres voltas, ben pode dicirse que hai tres Persoas, aínda que non se lle



adscriban na Biblia nin a palabra *Persoa* nin *Trindade*. O propio San Xoán ten dito: *No ceo hai tres testemuñas, o Pai, a Palabra e o Espírito Santo, e os Tres son un Só*. Mais isto non desacorda senón que canxa perfectamente coas tres Persoas no significado axeitado de Persoas; ou sexa, aqueles Representados por outros. Desta maneira Deus, Pai, en canto que representado por Moisés é unha Persoa, e en canto que Representado polo seu Fillo, outra Persoa, e unha terceira Persoa en canto que Representado polos Apóstolos e polos Doutores que ensinaron a través dunha autoridade deles derivada; e así e todo cada Persoa aquí representada é a Persoa dun Deus que é un e o mesmo. Mais alguén podería preguntar de que cousa estes tres achegan testemuña. San Xoán dinos (versículo 11): que o que testemuñan é que Deus *nos ten dado vida eterna no seu Fillo*. Máis; se se preguntase onde aparece tal testemuña a Resposta é doada; porque EL ten dado testemuña a través dos milagres que tecera, primeiro por medio de Moisés; en segundo lugar, a través do seu propio Fillo; e finalmente polos Apóstolos que recibiran o Espírito Santo; todos os que no seu momento profetizaran e predicaran a Xesús Cristo. E verbo dos Apóstolos estaba no carácter do Apostolado, nos primeiros doce e grandes Apóstolos, dar Testemuña da súa Resurrección; tal como se mostra expresamente (*Feitos*, versículos 21, 22) cando San Pedro, ao ser escollido un novo Apóstolo en canto de Xudas Iscariote, emprega estas palabras: *Destes homes que viñeron con nós todo o tempo en que o Señor Xesús andara á nosa beira, desde o Bautismo de Xoán ata o mesmo día en que nos fora levado, cómpre ordenar unha Testemuña xunto coa nosa da súa Resurrección*; sendo mencionadas por San Xoán as palabras que interpretan ese *achegar Testemuña*. Na mesma pasaxe menciónase outra Trindade de Testemuñas na Terra. Porque (versículo 8) el di: *son tres os que outorgan Testemuña na Terra, o Espírito, a Auga e o Sangue, e os tres cadran nun*; é dicir, son as grazas do Espírito Divino, e os dos Sacramentos, o Bautismo e a Cea do Señor, cadrando todos

nunha Testemuña para asegurar a vida nas consciencias dos crentes; desta Testemuña dise (versículo 10): *Aquel que acredita no Fillo do home ten a Testemuña nel mesmo*. Nesta Trindade na Terra a Unidade non está na cousa, porque o Espírito, a Auga e o Sangue non son a mesma substancia aínda que dean a mesma testemuña. Mais na Trindade do Ceo as Persoa son as persoas dun Deus único e o mesmo, aínda que se Represente en tres momentos e ocasións diferentes. Concluindo; a doutrina da Trindade, en canto que recollida directamente das Escrituras é, en substancia, esta; que Deus, que é sempre Un e o mesmo, era a Persoa Representada por Moisés; a Persoa Representada polo seu Fillo Encarnado, e a Persoa representada polos Apóstolos. En canto que Representado polos Apóstolos o Espírito Santo a través do que falan é Deus; como Representado polo seu Fillo (que era Deus e Home), o Fillo é Deus; en canto que representado por Moisés, e os Sumos Sacerdotes, o Pai, ou sexa, o Pai do noso Señor Xesús Cristo é Deus. Do que se deduce porque eses nomes, *Pai, Fillo e Espírito Santo* no significado de Divindade, nunca se empregan no Antigo Testamento; porque son Persoas, isto é, teñen nomes do representante, o que non poderían ter ata que diversos homes Representasen a Persoa de Deus, regulando ou dirixindo so da súa autoridade.

Así vemos como o noso Salvador deixara o Poder Eclesiástico aos Apóstolos, e como estes (coa finalidade de que puidesen exercer mellor ese Poder) foron imbuídos co Espírito Santo, que é xa que logo no Novo Testamento *Paráclito*, ou sexa, *Asistente*, aquel a quen se lle pide axuda, aínda que se traduza ás veces como *Confortador*. Coidemos agora no propio Poder, o que foi, e sobre quen.

O Cardeal Belarmino na súa terceira Controversia xeral manexou unha chea de cuestións relativas ao Poder Eclesiástico do Papa de Roma, e comeza con esta; se debe ser Monárquico, Aristocrático ou Democrático. Poderes todos estes Soberanos e Coercitivos. Se agora resultase que o noso Salvador non lles

deixase a eles Poder Coercitivo, senón soamente un Poder para proclamar o Reino de Cristo e persuadir os homes a someterse a el, e por medio de preceptos e bos consellos ensinarlles aos xa sometidos que facer para que poidan ser recibidos no Reino de Deus cando chegue, e que os Apóstolos e os demais Ministros do Evanxeo son os nosos Profesores e non quen nos Mandan, e os seus Preceptos non son Leis senón simplemente Consellos; daquela toda esta liorta sería en van.

Xa teño probado (no último Capítulo) que o Reino de Cristo non é deste mundo, e xa que logo tampouco poden os seus Ministros (a menos de que sexan Reis) requirir obediencia no seu nome. Porque se o Rei Supremo non ten Poder Real neste mundo; ¿con que autoridade poderá requirirse obediencia aos seus Representantes? Tal como me mandara o meu Pai (así falou o noso Salvador) así vos mando eu a vós. Mais o noso Salvador fora enviado a persuadir os Xudeus a volver, e a invitar os Xentís a recibir o Reino do seu Pai, e non a Reinan en Maxestade nin tampouco como Representante do seu Pai deica o día do Xuízo.

O tempo que vai da Ascensión á Resurrección xeral non se chama de Reino, mais de Rexeneración, isto é, de Preparación dos homes para a segunda e gloriosa chegada de Cristo no día do Xuízo, tal como se deduce das palabras do noso Salvador, *Mateo, 19.28. Aqueles que me seguistes na Rexeneración, cando o Fillo do home sente no trono da súa gloria teredes de vos sentar nos doce Tronos*. E de San Paulo (Éfesos, 6.15): *Tendo os vosos pés calzados coa Preparación do Evanxeo da Paz*.

E o noso Salvador compara isto coa Pesca; ou sexa, trátase de gañar aos homes á obediencia, non por Coerción e Castigo, senón por Persuasión; e xa que logo non lle dixo aos seus Apóstolos que criaría moitos Nemrods, *Cazadores de homes; senón Pescadores de homes*. Compárase tamén co Lévedo, con Sementar a Semente e coa Multiplicación do grao de Mostaza: do que se exclúe a Forza, sen que se poida haber nese tempo

ningún Reino efectivo. O labor dos Ministros de Cristo é a Evanxelización; ou sexa, a Proclamación de Cristo e a preparación para a súa segunda chegada; igual que a Evanxelización de Xoán Bautista fora a preparación para a primeira chegada.

Máis: o Mester dos Ministros de Cristo neste mundo é facer Crer os homes, e que teñan Fe en Cristo. Mais a Fe non ten relación nin tampouco dependencia en absoluto con Mandatos ou Compulsións, senón coa certeza ou probabilidade de Argumentos tirados da Razón ou de algo no que os homes xa acreditan. Xa que logo os Ministros de Cristo neste mundo non teñen Poder a tal título para Castigar a ninguén por non Crer ou por Contradicir o que din; eu digo que non teñen Poder en canto que Ministros de Cristo para Castigalos; mais se dispoñen de Poder Civil Soberano, por institución política, en verdade que poden legalmente Castigar calquera Contradición ás súas leis, calquera que estas fosen. E San Paulo dixo con palabras expresas, del mesmo e os demais, daquela Predicadores do Evanxeo: *Non temos Dominio sobre da vosa Fe, mais Axudamos á vosa Leducia.*

Outro Argumento, de que os Ministros de Cristo neste mundo presente non teñen dereito a Mandar, pódese tirar da Autoridade legal que Cristo deixou a todos os Príncipes, tanto Cristiáns como Infieis. San Paulo dixo (*Colosenses*, 3.20): *Os Fillos obedecen aos Pais en todas as cousas, porque iso comprace o Señor.* E no versículo 22: *Os Servos obedecen en todas as cousas aos seus Amos, consonte á carne, non traballando só baixo vixilancia, como para compracer os homes, senón con simplicidade de corazón, temendo o Señor.* Isto díselles a aqueles que tiñan Amos Infieis, e aínda así a exhortación é a que os obedezan *en todas as cousas*. Máis: relativo á obediencia aos Príncipes (*Romanos*, 16, seis primeiros versículos), cando se exhorta *a suxeitarse aos Poderes Superiores*, o que se di é *que todo Poder vén ordenado de Deus*; e *que cómpre suxeitarse a eles non soamente por medo en incorrer na súa carraxe*, mais tamén por razón de conciencia.

E San *Pedro* (1 Epístolas, capítulo 2, versículo 13, 14, 15.): *Sometédevos a cada Orde do Home por amor de Deus, xa sexa ao Rei en canto que Autoridade Suprema, ou aos Gobernadores, pois que son enviados por El para castigar os malféitores e loar a aqueles que actúan ben; pois que esa é a vontade de Deus.* E volve San Paulo (*Tito*, 3.1): *Teñan os homes en mente que deben suxeitarse aos Principais e aos Poderes e obedecer aos Maxistrados.* Estes Príncipes e Poderes dos que falan aquí San Pedro e San Paulo eran todos Infieis; con maior razón nós, xa que logo, temos que obedecer aqueles Cristiáns aos que Deus ordenara ter Poder Soberano riba nosa. ¿Daquela como poderíamos estar obrigados a facer nada contrario ás Ordes do Rei ou de calquera outro Representante Soberano do Estado do que somos membros e polo que procuramos estar protexidos? Maniféstase, xa que logo, que Cristo non ten deixado os seus Ministros neste mundo, a menos de que veñan imbuídos con Autoridade Civil, autoridade ningunha para Mandar noutros homes.

Mais, que acontecería (pódese obxectar) se un Rei, un Senado ou outra Persoa Soberana prohibe que acreditemos en Cristo? A isto respondo que tal prohibición non ten efecto, porque as Crenzas ou Descrenzas xamais seguen as Ordes dos homes. A Fe é un agasallo de Deus, que o Home nin pode dar nin afastar a través de recompensas ou ameazas de torturas. E podemos preguntar aínda: Que acontecerá se o noso Príncipe lexítimo demanda que digamos coa nosa lingua que non cremos? Deberemos obedecer semellante mandato? Profesar coa lingua non é máis que unha cousa externa, nada diferente a calquera outro xesto co que signifiquemos obediencia; por iso un Cristián que acolla firmemente no seu corazón a Fe de Cristo ten a mesma liberdade que o Profeta Eliseo outorgara a Naaman, o Sirio. Naaman convertérase no seu corazón ao Deus de Israel. Porque El dixera (2 Reis 5.17): *O teu servo, a partir de agora, non ofrecerá holocaustos nin sacrificios a outro Deus que non sexa o Señor. E que o Señor perdoe ao teu servo este xesto, cando*

*o meu Amo entra no templo de Rimón para anicarse, apoiándose na miña man, eu farei o propio no templo de Rimón; e cando me anique no templo de Rimón que o Señor perdoe por isto ao teu servo. Isto aprobouno o Profeta dicíndolle: Vai en paz. Naamán creu de corazón, mais ao anicarse diante do Ídolo Rimón estaba rexeitando ao verdadeiro Deus, tal como se o fixese de viva voz. ¿Mais cal será daquela a resposta ao noso Salvador cando di: A quen renegue de min diante dos homes haberei de desprezalo diante do meu Pai que está no Ceo?* Disto podemos inferir que calquera que fosen as accións que Naaman viña obrigado a facer en obediencia ao seu Soberano, e non consonte ao seu pensar senón ás leis do seu país, a responsabilidade non era súa senón do Soberano; non sendo el quen rexeita a Cristo diante dos homes, senón quen o Goberna e a lei do seu país. Se algún acusa a esta doutrina como contraria á auténtica e verdadeira Cristiandade, terei de preguntarlle se no caso de que houbera un súbdito nalgún Estado Cristián que sentise no fondo do seu corazón a Relixión Mahometana, e o seu Soberano mandase que asistise, so pena de morte, a un servizo divino da Igrexa Cristiá, pensaría que o Mahometano vén obrigado en conciencia a sufrir a morte por esa causa antes de obedecer semellante orde do seu Príncipe lexítimo. Se iso di, que debería sufrir a morte, daquela está autorizando a todos os particulares a desobedecer aos seus Príncipes para manter a súa Relixión, falsa ou verdadeira. Se afirma que debe obedecer, estase concedendo o que lle nega ao outro, contrariamente ás palabras do noso Salvador: *Todo o que queiras que che fagan a ti faillo ti aos demais;* e contrariamente á Lei da Natureza (que é a indubidable e eterna Lei de Deus): *Non lle fagas aos demais o que non desexes que che fagan a ti.*

Mais, daquela que diremos de todos eses Mártires dos que lemos na Historia da Igrexa que teñen sen necesidade renunciado ás súas vidas? Para responder a isto debemos distinguir entre as persoas que foron por esa causa levadas á morte; algunhas recibiron unha Chamada a partir da que predicar e profesar

abertamente o Reino de Cristo; outras non recibiron semellante Chamada, senón que delas se requiriu soamente a súa propia fe. Os primeiros, se foron mortos por levar a testemuña ata ese punto, de que Xesucristo resucitou logo de finar, resultan ser Mártires verdadeiros; porque un *Mártir* (para definir con exactitude a palabra) é unha Testemuña da Resurrección de Xesús o Mesías; e non poden ser outros que aqueles que conversasen con el na terra e que o visen logo de que resucitase. Porque unha Testemuña debe ver o que testifica; se non o seu testemuño non é válido. E que non outros senón eles poden ser chamados con propiedade Mártires de Cristo vén manifesto nas palabras de San Pedro, *Feitos*, 1.21, 22: *De entre todos os homes que nos acompañaran todo o tempo en que o Señor Xesús andara con nós, desde o Bautismo de Xoán ata o mesmo día en que nos fora levado, un debe ser designado como Mártir* (isto é, Testemuña) *xunto con nós da súa Resurrección*. Nisto observamos que quen sexa Testemuña da verdade da Resurrección de Cristo, isto é, da verdade deste artigo fundamental da Relixión Cristiá, que Xesús era Cristo, debe de ser algún Discípulo que converse con El, e que o vise antes e despois da súa Resurrección, e consecuentemente ten de ser un dos seus Discípulos orixinais; mentres que o que tal non fixeron non poden ser Testemuñar senón o que os seus antecesores dixesen, e non poden senón testificar o testemuño doutros; sendo así Mártires segundos ou Mártires das Testemuñas de Cristo.

Aquel que, para manter as doutrinas que el mesmo tira da Historia da vida do noso Salvador, e dos Feitos ou Epístolas dos Apóstolos, ou quen crendo na autoridade dun particular se opón ás Leis e Autoridade do Estado Civil, está moi lonxe de ser un Mártir de Cristo ou un Mártir dos seus Mártires. Hai soamente un Artigo polo que morrer merece un nome tan honorable; e ese Artigo é este, *Xesús é Cristo*; ou sexa, Aquel que nos ten redimido e volverá de novo a darnos salvación e vida eterna no seu Reino glorioso. Non se require morrer por cada doutrina que

sirva á ambición ou proveito do Clero, nin tampouco a Morte das Testemuñas senón a propia Testemuña que fai o Mártir; pois que a palabra non significa nada senón que o home que achega Testemuño sexa levado á morte por el ou non.

Tamén quen non é enviado a predicar este artigo fundamental, senón que se fai cargo del de propia iniciativa, aínda sendo unha Testemuña e xa que logo un Mártir, directamente de Cristo ou indirectamente dos seus Apóstolos, Discípulos ou Sucesores, non vén obrigado a sufrir morte por tal causa; pois que ao non estar chamado a isto tampouco se lle pide, nin debe queixarse se perde a recompensa que agarda de quen non o fixeron traballar xamais. Daquela ninguén pode ser un Mártir, nin de primeiro nin de segundo grao, a menos que teña o mandato de predicar que Cristo se fixo carne, ou sexa ninguén mais aqueles enviados a converter Infieis. Porque ningún home é Testemuña para aquel que xa cre, e así pois non precisa de Testemuñas; senón máis para aquelas que rexeitan ou dubidan ou non o teñen sentido. Cristo enviou os seus Apóstolos, e os seus Setenta Discípulos, con autoridade para predicar; non enviou a todos os que crían; enviou aos que non facían tal. *Envíovos (dixo) como ovellas entre lobos*; non como ovellas onde as outras ovellas.

Por último, ningún dos aspectos do seu Cometido, como veñen sinalados expresamente no Evanxeo, falan de autoridade sobre da Congregación.

Temos en primeiro lugar (*Mateo*, 10) que os doce Apóstolos foron enviados *onde as ovellas perdidas da casa e Israel*, coa orde de Predicar, *que o Reino de Deus estaba preto*. Ora, no orixinal Predicar vén sendo o acto que o Pregoeiro, Heraldou ou outro Funcionario acostuma facer publicamente na Proclamación dun Rei. Mais un Pregoeiro non ten dereito a dar Ordes a ningún home. E (*Lucas*, 10.2) os setenta Discípulos son enviados como *Traballadores, non como Señores da Colleita*; e ordénaselles dicir (versículo 9): *O Reino do Señor ténevos achegado*, e aquí o que se entende por Reino non é o Reino da Graza mais



o Reino da Gloria; porque a eles se lles pide que avisen (versículo 11) como ameaza, a aquelas Cidades que non recibirán aquilo que fose máis aturable para *Sodoma* nese día que para unha Cidade tal. E (*Mateo*, 20.28) o noso Salvador díxolles aos seus Discípulos que procuraban Prioridade de lugar que o seu Mester era ser ministros, e que mesmo o Fillo do home viñera a servir non a ser servido. Os Predicadores, xa que logo, non teñen poder Maxistral senón Ministerial: *Que non vos chamen Mestres* (di o noso Salvador, *Mateo*, 23.10) *porque un é o voso Mestre, xustamente Cristo.*

Outro aspecto do seu Cometido é *Ensinar a todas as nacións*: como en *Mateo*, 28.19 ou como en *San Marcos*, 16.15 *Ide por todo o mundo a ensinar o Evanxeo a todas as criaturas.* Xa que logo Ensinar e Predicar é a mesma cousa. Porque aqueles que proclaman a chegada dun Rei deben dar a coñecer que dereito é o que lle asiste e se os homes terán se someterse a El. Como fixera San Paulo cos xudeus de Tesalónica cando *tres días do Sabbath* razoou con eles sobre as *Escrituras, abertamente, e alegando que Cristo houbera de sufrir necesariamente e resucitar de entre os mortos, e que este Xesús é Cristo.* Mais ensinar a partir do Antigo Testamento que Xesús era Cristo (ou sexa, Rei) e que resucitara de entre os mortos non é dicir que os homes estean obrigados, logo de crelo, a obedecer a aqueles que tal din, contra das leis e ordes dos seus Soberanos, senón que actuasen a sabendas agardando a chegada de Cristo, con Paciencia, Fe e Obediencia aos seus actuais Maxistrados.

Outro aspecto do seu Cometido é *Bautizar no nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.* Que é o Bautismo? Mergullar na auga. Mais, que é Mergullar a un home en auga en nome do que sexa? O significado destas palabras do Bautismo é este: *Quen se Bautiza é mergullado ou lavado como sinal de que muda nun home novo e un súbdito leal a ese Deus, que fora representado como Persoa no tempo vello por Moisés e os Sumos Sacerdotes cando reinaba nos Xudeus: e a Xesús Cristo, o seu Fillo, Deus*

e Home, que nos ten redimido, e que Representará na súa natureza humana á Persoa do seu Pai no seu Reino eterno logo da Resurrección, e que reconece a Doutrina dos Apóstolos, quen asistidos polo Espírito do Pai e do Fillo foron deixados como guías para levarnos a ese Reino como guías únicos e seguros. Está é a nosa promesa no Bautismo, e a Autoridade dos Soberanos Terreais non poderá ser derrubada deica o día do Xuízo; (porque se afirma expresamente por San Paulo, *Corintios*, 15.22, 23, 24, alí onde se di: *Igual que en Adán todos morren, en Cristo todos vivirán. Mais cada un na súa orde, as primicias, logo os que sexan de Cristo na súa vida ao mundo. Entón virá a fin, cando entregue o Reino a Deus Pai, cando teña abolido toda Norma, Autoridade e Poder*) semella nidio que no Bautismo non erguemos riba nosa outra autoridade pola que se gobernan as nosas accións externas nesta vida; senón que prometemos apañar a doutrina dos Apóstolos para que nos dirixan no camiño que leva á vida eterna.

O Poder de *Remisión e Retención de Pecados*, chamado tamén o Poder de *Desatar e Atar*, é ás veces as *Chaves do Reino do Ceo*, é consecuencia da Autoridade de Bautizar ou Rexeitar o Bautismo. Porque este é o Sacramento da Alegación, daqueles que van ser recibidos no Reino de Deus, ou sexa, na vida Eterna; isto é, na Remisión do Pecado. Porque se se perdese a vida Eterna por Pecar, recupérase pola Remisión do pecado. A finalidade do Bautismo é a Remisión dos Pecados dos homes, cando aqueles que se converteran polo seu Sermón no día de Pentecostes preguntaban que facer, aconsellounos que se *arrepentisen e Bautizasen no nome de Xesús, para a Remisión dos Pecados*. E ao ver, xa que logo, que Bautizar é declarar a Recepción dos homes no Reino de Deus, e rexeitar o Bautismo é declarar a súa Exclusión; séguese que o Poder de Expulsalos ou Retelos nel fora outorgado aos mesmos Apóstolos e aos seus Substitutos e Sucesores. E xa que logo despois de que o noso Salvador alentase neles, dicindo (*Xoán*, 20.22): *Recibide*

ao Espírito Santo, engadira no seguinte versículo: *A quen Perdoedes os Pecados, seranlles perdoados; a quen Reteñades os Pecados, seranlles Retidos.* Con estas palabras non se garante unha Autoridade para Perdoar ou Reter Pecados, sinxela e absolutamente, tal como Deus é quen de Perdoalos ou Retelos, Deus, que coñece o Corazón do home, e a sinceridade da súa Penitencia e Conversión, mais condicionando ao Penitente. E este Perdón ou Absolución, no caso de que o absolto teña finxido o Arrepentimento, resulta sen outro acto ou sentenza do que Absolve algo baldeiro e sen efecto ningún para a Salvación senón que, ao contrario, non fai senón Agravar o Pecado. Xa que logo os Apóstolos e os seus Sucesores non farán máis que seguir os sinais exteriores do Arrepentimento; que se aparentes non teñen Autoridade para rexeitar a Absolución, carecendo en caso contrario de autoridade para Absolver. O mesmo vale tamén para o Bautismo; porque a un Xudeu converso ou a un Xentil os Apóstolos non teñen Poder para negarlle o bautismo, nin para concederllo a quen non estea arrepenido. Mais vendo que non hai ninguén capaz de discernir a sinceridade do Arrepentimento doutro home, senón a través de sinais externas, apañadas de palabras e feitos suxeitos á hipocrísia; xorde outra cuestión: ¿quen pode constituírse como Xuíz deses sinais? E esta cuestión vén decidida polo propio Salvador (*Mateo*, 18, 15, 16, 17): *Se teu Irmán (dixo) peca contra ti, vai e dille a súa culpa, entre ti e mais el soamente; se te escoita terás gañado un Irmán. Mais se non te escoita, leva contigo unha ou dúas persoas máis. E se non quere escoitalas, dío na Igrexa; mais se se nega a escoitar á Igrexa, sexa para ti un Pagán ou un Publicano.* Do que se manifesta que o Xuízo relativo á sinceridade do Arrepentimento non pertence a ningún Home senón á Igrexa, ou sexa, á Asemblea dos Fieis, ou a aqueles que teñen autoridade para ser os seus Representantes. Máis á parte do Xuízo é preciso tamén que se pronuncie a Sentenza. E esta está sempre nas mans do Apóstolo ou dalgún Pastor da Igrexa que faga de

Voceiro; e disto fala o noso Salvador no versículo 18; *Aquilo que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo*. E consonte a isto a práctica de San Paulo (1 Corintios, 5.3,4 e 5) cando di: *Pois que eu en verdade, ausente en corpo mais presente en espírito, teño xa determinado, cal se estivese presente, verbo do home que tal feito cometera; no nome do noso Señor Xesús Cristo cando esteades reunidos, e o meu espírito, co poder do noso Señor Xesús Cristo, que entreguedes ese home a Satán*; ou sexa, que o expulsedes da Igrexa, como aquel a que non se lle Perdoan os seus Pecados. Paulo pronuncia aquí a Sentenza; mais a Asemblea tiña que escoitar a Causa primeiro (pois que San Paulo estaba ausente) e consecuentemente condenalo. Mais no mesmo capítulo (versículos 11 e 12) o Xuízo nun caso semellante é atribuído máis expresamente á Asemblea: *Mais escribovos agora que non acompañades a ningún que sendo chamado Irmán resulte un Fornicador, etc., e que tampouco comades con el. Por que teño que xulgar eu aos de fóra? Non xulgades vós aos que están dentro? Xa que logo a Sentenza pola que un home fora posto fóra da Igrexa viña pronunciada polo Apóstolo ou Pastor, mais o Xuízo relativo ás circunstancias da causa pertencía á Igrexa; isto é (en tempos anteriores á conversión dos Reis e que os homes tivesen Autoridade Soberana no Estado) á Asemblea dos Cristiáns que moraban na mesma Cidade; así en Corinto, na Asemblea dos Cristiáns de Corinto*.

Esta parte do Poder das Chaves, polo que os homes foron expulsados do Reino de Deus, é o que se chama *Excomuñón*; sendo *excomungar* no Orixinal, ἀποσυνάγωγον ποιειν, *mandar fóra da Sinagoga*; isto é, fóra do servizo Divino; unha palabra tomada do costume dos Xudeus de expulsar das súas Sinagogas aos que sostiñan maneiras ou doutrinas contaxiosas, igual que os Leprosos eran segundo a Lei de Moisés separados da congregación de Israel ata o tempo que o Sacerdote decretase que xa estaban limpos.

O Uso e Efecto da Excomuñón, mentres que non viñese apuntalado polo Poder Civil, non era outra cousa que aqueles que non estaban Excomungados tiñan de evitar a compañía dos que si o estaban. Non abondaba asimilalos cos Pagáns, quen nunca foran Cristiáns; porque con estes podían comer e beber, mentres que coas persoas Excomungadas non podían facelo, tal como se mostra nas palabras de San Paulo (1 *Corintios*, 5 versículo 9, 10, etc.) onde se di que xa lles prohibirá anteriormente *a compañía dos Fornicadores*; mais (porque non era doado sen saír do mundo) circunscribir isto aos Fornicadores e outras persoas viciosas que formaban parte dos seus irmáns; *con xente así* non deberían estar en compañía, *nin tampouco comer*. E isto non é máis que o que o noso Salvador dixera (*Mateo*, 18.17): *Que non sexa para vós senón un Pagán ou un Publicano*. Porque Publicanos (que significaba Granxeiros e Recadadores das rendas do Estado) eran tan odiados e detestados polos Xudeus que debían pagalo, tanto que *Publicano* e *Pecador* eran tidos entre eles como a mesma cousa; ata tal punto que cando o noso Salvador aceptara o convite de *Zaqueo*, un Publicano; aínda que se tratase de convertelo, presentouse diante del como un Delito. E xa que logo cando o noso Salvador a *Pagán* engadira *Publicano*, prohibíralles comer cun home Excomungado.

Verbo de mantelos fóra das súas Sinagogas ou lugares de Asemblea non tiñan Poder para facer tal, senón quen fose propietario do lugar, xa fose Cristián ou Pagán. E porque todos os lugares pertencen, por dereito, ao Dominio do Estado; tanto o Excomungado como aquel ao que nunca Bautizaran, podería entrar nelas por Comisión do Maxistrado Civil; como Paulo antes da súa conversión entraba nas Sinagogas de Damasco, para prender a Cristiáns, homes ou mulleres, e levalos atados a Xerusalén, por Comisión do Sumo Sacerdote.

Do que se deduce que, sobre un Cristián que mudara en Apóstata, nun lugar onde o Poder Civil perseguise ou non asistirá á Igrexa, o efecto da Excomuñón non tiña consecuencia, nin

de dano neste mundo nin de temor. Non de temor por causa da falta de crenza, nin de dano, pois que con iso volvían á graza do mundo; e no mundo por vir, non deberían atoparse nunha condición peor que aquela na que nunca terían acreditado. O dano recaía máis ben na Igrexa, por provocar naqueles que expulsara a unha execución máis desinhibida da súa maldade.

A Excomuñón, xa que logo, tiña efecto soamente naqueles que crían que Xesús Cristo ía volver na Gloria, a reinar e a xulgar aos vivos e aos mortos, rexeitando, así pois, a entrada no Reino a aqueles a quen se lles Retiña os Pecados; ou sexa, a aqueles Excomungados pola Igrexa. E isto é, daquela, o que San Paulo chamaba Excomuñón, a entrega a Satán da persoa Excomungada. Porque sen o Reino de Cristo todos os demais Reinos logo do Xuízo veñen comprendidos no Reino de Satán. Isto é o que os fieis temen, en tanto que estean Excomungados, ou sexa, nun estado no que os seus pecados non estean Perdoados. Pódese deducir disto que a Excomuñón no tempo en que a Relixión Cristiá non viña autorizada polo Poder Civil, empregábase soamente para corrixir maneiras, non erros de opinión; porque se trata dun castigo ao que ningún podía ser sensible senón en canto que cría e agardaba o retorno do noso Salvador para xulgar o mundo; e aqueles que crían non precisaban doutra opinión, senón tan só dunha rectitude de vida, para ser salvados.

A Inxustiza é causa de Excomuñón; así en *Mateo*, 18: Se teu Irmán te ofendese dillo en privado; logo, con Testemuñas; finalmente, dillo á Igrexa, e se aínda así non te obedecese, *Que sexa para ti un Pagán e un Publicano*. E hai tamén Excomuñón para as Vidas Escandalosas, (*Corintios*, 5.11): *Se alguén que se fai chamar Irmán, resulta ser Fornicador, Avaro, Idólatra, Borracho ou Defraudador, con tal home non debes comer*. Mais para Excomungar a un home que sostén que *Xesús era Cristo*, e facelo soamente por diferenza de opinión noutros puntos que non van contra ese Criterio, non se atopa autoridade nas

Escrituras nin exemplo nos Apóstolos. Mesmo hai un texto en San Paulo (*Tito*, 3.10) que semella indicar o contrario. *A un que sexa Herexe, logo da primeira e segunda admonición, rexéitao.* Porque un *Herexe* é aquel que, sendo membro da Igrexa, ensina aínda así opinións privadas prohibidas pola Igrexa; e San Paulo aconsellou a *Tito*, logo da primeira e segunda admonicións, que rexeitase a tal individuo. Mais *Rexeitar* (nesta pasaxe) non é *Excomungar* o Home, mais *deixalo só logo de amoestalo, para que loitase consigo mesmo*, como aquel que se convence soamente por el mesmo. O mesmo Apóstolo dixo (*Timoteo*, 2.23): *Evitade as preguntas parvas e ignorantes.* A palabra *Evitar* nesta pasaxe, e *Rexeitar* no anterior, é a mesma no Orixinal, παραιτου̇ mais as preguntas Parvas poden ser superadas sen botar man da Excomuñón. E tamén en *Tito*, 3.9, *Evitade as preguntas parvas*, onde o Orixinal περι̇στωσο (*desbotar*) equivale á palabra anterior *Rexeitar*. Non hai outra palabra que deseñe con tantas cores para xustificar que sexan afastados da Igrexa homes fieis que acreditan nos seus fundamentos, soamente por unha senlleira superestrutura súa que proceda, talvez, dunha conciencia boa e piadosa. Ao contrario todas esas pasaxes pois que ordenan evitar tales liortas foron escritas para Adoutrinar a Pastores (como Timoteo e Tito), non para facer novos Artigos de Fe, que dilucidan cada pequena controversia que obriguen aos homes a unha carga innecesaria de Conciencia ou que os inciten a rachar a unidade da Igrexa. Os propios Apóstolos decatáronse ben desta Lección. S. Pedro e S. Paulo, aínda que as súas controversias foron grandes (como podemos ler en *Gálatas*, 2.11) non expulsaron o un ao outro da Igrexa. Non obstante, nos tempos dos Apóstolos, houbera outros Apóstolos que non se decataran. Así Diotrefes (3 *Xoán*, 9, etc.) quen foi expulsado da Igrexa, sendo así que o propio San Xoán coidaba que deberá ser recibido nela, por causa dun orgullo que mudara en Preeminencia; e así de cedo fora que a Vangloria e mais a Ambición fixeran entrada na Igrexa de Cristo.

Para que a Excomuñón poida recaer nun home son precisas moitas condicións; primeiro que este sexa membro dalgunha Comunidade, ou sexa, dalgunha Asemblea legal, isto é, dalgunha Igrexa Cristiá que teña poder para xulgar a causa pola que debe ser Excomungado. Porque se non hai Comunidade non pode haber Excomuñón; nin onde non haxa poder para Xulgar non pode haber poder para emitir Sentenza.

Do que se segue que unha Igrexa non pode ser Excomungada por outra. Porque ou ben teñen igual poder para Excomungar unha á outra, e neste caso a Excomuñón non é Disciplina nin un Acto de Autoridade senón Cisma e Disolución da caridade; ou ben unha está subordinada á outra, de maneira que ambas non teñen senón unha voz e daquela non son máis que unha Igrexa, e a parte Excomungada deixa de ser Igrexa pasando a ser un número disoluto de persoas individuais.

E porque a sentenza de Excomuñón implica o aviso de non estar en compañía nin de comer con aquel que está Excomungado, se un Príncipe Soberano ou unha Asemblea sofren a Excomuñón a sentenza non ten efecto. Xa que todos os Súbditos están obrigados por lei Natural e cando sexan requiridos a estar na compañía e a presenza do seu Soberano; nin poden lexitimamente ou expulsalo de ningún lugar do seu Dominio, xa sexa profano ou sagrado, nin ausentarse del sen o seu permiso, e moito menos (se son chamados a tal honor) a rexeitar comer con el. En canto aos outros Príncipes e Estados, pois que non son parte dunha mesma congregación, non precisan de ningunha outra sentenza que os afaste de acompañar ao Estado Excomungado, porque a propia Institución igual que vencella a moitos homes nunha Comunidade disocia unha Comunidade doutra; de xeito que a Excomuñón non é precisa para manter os Reis e os Estados afastados; nin ten ningún efecto ulterior que estea na natureza da Ordenación Política, agás a de instigar os Príncipes a guerrear aos uns contra dos outros. Tampouco produce efecto ningún a Excomuñón dun



Súbdito Cristián que obedeza as leis do seu propio Soberano, xa sexa Cristián ou Pagán. Porque se acredita que *Xesús é Cristo, ten o Espírito de Deus* (1. Xoán 4.1) e *Deus mora nel e el en Deus* (IXoán, 4.15). Mais quen ten o Espírito de Deus; aquel que mora en Deus, aquel en quen Deus mora, non pode recibir dano pola Excomuñón dos homes. Xa que logo quen cre que Xesús é Cristo está ceibe de todos os perigos que ameazan ás persoas Excomungadas. O que non cre, non é Cristián. Un Cristián sincero, non finxido, non é proclive á Excomuñón. Nin tampouco o que teña feito profesión de tal, ata que a Hipocrisía apareza nas súas Maneiras, ou sexa, ata que o seu comportamento se mostre contrario á lei do seu Soberano, que é o regulamento das Maneiras ás que Cristo e os seus Apóstolos nos teñen mandado suxeitarnos. Porque a Igrexa non pode xulgar as Maneiras senón por Accións Externas, e esas Accións nunca será ilegais senón cando van contra da Lei do Estado.

Se un Pai, unha Nai ou un Amo son Excomungados, non se lle prohibirá aos Fillos que estean na súa Compañía nin que Coman con eles; porque iso sería obrígalos (á meirande parte deles) a obrígalos a non comer en absoluto, por falta de medios para apañar comida, e autorízalos a desobedecer aos seus Pais e Amos, contrariando desta maneira os Preceptos dos Apóstolos.

En resumo, o Poder de Excomungar non pode estenderse alén da finalidade para a que os Apóstolos e Pastores da Igrexa foron comisionados polo noso Salvador; unha norma que non se deu por Mandatos nin Coaccións, senón para Ensinar e Dirixir aos homes no camiño de Salvación no mundo por vir. E así como un Mestre en calquera Ciencia pode abandonar ao seu Alumno cando este teima en descoidar a práctica das regras, mais non pode acusalo de Inxustiza porque nunca fora obrigado a obedecelo, igualmente un Profesor de doutrina Cristiá pode abandonar a aqueles Discípulos que proseguen con teimosía nunha vida non cristiá; mais non pode dicir que erran porque non están obrigados a obedecelo. Porque ao Profesor que de

tal se laiase poderían aplicarlle a Resposta de Deus a Samuel en pasaxe semellante, *Non te rexeitaran a ti mais a min*. A Excomuñón, xa que logo, cando precisa da axuda do Poder Civil, como acontece cando se Excomunga a un Estado Cristián ou un Príncipe por unha Autoridade estranxeira, carece de efecto; e consecuentemente non hai que lle ter medo. O termo *Fulmen Excommunicationis* (ou sexa, *o Raio da Excomuñón*) procedeu da imaxinación do Bispo de Roma que foi o primeiro en empregala porque era Rei de Reis, igual que os Pagáns fixeran a Xúpiter Rei dos Deuses; asignándolle nos seus Poemas e Representacións un Raio, co cal someter e castigar os Xigantes que ousasen rexeitar o seu poder. Semellante imaxinación baseábase en dous erros, un, que o Reino de Cristo é deste mundo, contrariando así as propias palabras do noso Salvador, *O meu Reino non é deste mundo*; o outro, que o Vicario de Cristo non é soamente dos seus propios Súbditos, senón de todos os Cristiáns do Mundo; para o que non hai razón nas Escrituras, e probaremos o contrario en lugar axeitado.

Cando *San Paulo* viñera a *Tesalónica*, onde había unha Sinagoga dos Xudeus (*Feitos*, 17.2.3): *Como adoitaba entrou entre eles, e durante tres Sabbaths razoou con eles sobre as Escrituras, manifestando e alegando que cumpría que Cristo padecese e resucitase de entre dos mortos; e que este Xesús, a quen el predicaba, era Cristo*. As Escrituras que aquí se mencionan eran as Escrituras dos Xudeus, ou sexa, o Antigo Testamento. Os homes, a quen tiña que probar que Xesús era Cristo, quen resucitara de entre dos mortos, eran tamén Xudeus, e acreditaba xa en que esta era a palabra de Deus. Mais (como se di no versículo 4) algúns deles crían e (como se di no versículo 5) algúns, non. ¿Por que razón, se todos acreditaban nas Escrituras, non crían de idéntica maneira, senón que uns aprobaban e outros desaprobaban a Interpretación que San Paulo lles facía e cadaquén Interpretábaos segundo lle cadraba? Era esta: San Paulo viñera onde eles sen ningunha Comisión Legal e coas maneiras de que non vén Mandar senón

Persuadir; cousa que precisa facer, ou por Milagres, como os que Moisés fixera aos Israelitas en Exipto, cos que puideran ver a súa Autoridade nas obras de Deus, ou Argumentando das Escrituras xa recibidas que poderían ver as verdades da súa doutrina na Palavra de Deus. Mais quen persuade razoando a partir de principios escritos, fai a quen fala Xuíz de dúas cousas, do significado deses principios e tamén da forza do que se infire deles. Se non eran os xudeus de Tesalónica, quen sería o xuíz do que San Paulo alegaba a partir das Escrituras? Se o era San Paulo, que necesidade tiña de citar pasaxes para probar a súa doutrina? Abondaría con dicir; atopo isto nas Escrituras, isto é, nas vosas Leis, das que son intérprete, pois que enviado por Cristo. Xa que logo o Intérprete das Escrituras, Interpretación á que viñan obrigados os Xudeus de Tesalónica, non podía ser ninguén, cada un podía crer ou non, consonte as Alegacións cadrasen con el ou non o fixesen o significado das pasaxes alegadas. E en xeral en todos os casos do mundo, o que pretende probar algo muda en Xuíz da súa proba aquel a quen dirixe o seu discurso. E no caso dos Xudeus en particular viñan obrigados recibir por palabras expresas (*Deuteronomio*, 17) a determinación de todas as preguntas pouco doadas de parte dos Sacerdotes e Xuíces de Israel nese momento. Mais isto debe entenderse dos Xudeus que non se convertesen.

Verbo da conversión dos Xentís, non ten senso esgrimir as Escrituras pois que non acreditan nelas. Os Apóstolos, xa que logo, argumentaron Razoando para refutar a súa idolatría; e fixeron isto para persuadilos á lei de Cristo testemuñando a súa Vida e Resurrección. De maneira que non houbera controversia ningunha relativa á súa autoridade para Interpretar as Escrituras; vendo que ningún home viña obrigado, mentres fose infiel, a seguir Interpretación de ningunha Escritura, agás a Interpretación Soberana das Leis do seu país.

Coidemos agora na propia Conversión, e ver o que hai nela que puidese ser causa de obriga. Os Homes non se converteran a outra cousa que á Crenza no que os Apóstolos predicaran; e os Apóstolos

non predicaran nada senón que Xesús era Cristo, isto é, o Rei que tería de salvalos e reinar eternamente sobre eles no mundo por vir, e —consecuentemente— que non estaba morto senón que resucitara de entre os mortos e subir aos Ceos, e viría algún día xulgar ao mundo (que resucitaría tamén para ser xulgado) e recompensaría aos homes consonte ás súas obras. Ningún deles predicou que el ou calquera outro Apóstolo fose un Intérprete tal das Escrituras como para que todos os que se fixesen Cristiáns deberan tomar a súa Interpretación por Lei. Porque Interpretar as Leis é parte da Administración dun Reino actual, cousa da que non dispoñían os Apóstolos. Daquela pregaban, e desde entón tal fixeron todos os demais Pastores, *Veña a nós o teu Reino*, e exhortaban aos que se Converteran a obedecer aos que daquela eran os seus Príncipes Naturais. O Novo Testamento aínda non se publicara nun Corpo único. Cada un dos Evanxelistas era Intérprete do seu propio Evanxeo, e cada Apóstolo da súa propia Epístola. E do Antigo Testamento dixera o noso Salvador aos Xudeus (*Xoán*, 5.39): *Procurade as Escrituras, porque vos semella que nelas tedes vida eterna, e elas son as que dan de min testemuña*. Se El non pretendese que as Interpretasen non lles pediría que tomasen dela a proba de que El era Cristo; teríaa Interpretado El mesmo ou referido á Interpretación dos Sacerdotes.

Cando xurdía unha dificultade xuntábanse os Apóstolos e os Anciáns da Igrexa, e determinaban que debería ser predicado e ensinado, e como tiñan de Interpretar as Escrituras para o Pobo; mais non afastaban deste a liberdade de lelas e interpretalas por eles mesmos. Os Apóstolos enviaron diversas Cartas ás Igrexas e outros Documentos para a súa instrución; o que sería un esforzo baldeiro se non lles permitisen Interpretar, ou sexa, coidar no significado deles. E tal como fora no tempo dos Apóstolos así debeu de ser deica o tempo en que houberse Pastores que puidesen autorizar a un Intérprete, por mor de que se atendese a Interpretación en xeral. Mais iso non aconteceu ata que os Reis foron Pastores, ou os Pastores, Reis.

Hai dous sentidos nos que un Documento pode chamarse *Canónico*, porque *Canon* significa *Norma*; e unha Norma é un Precepto polo que se guía ou dirixe a un home na acción que sexa. Eses Preceptos, aínda que sexan dados por un Profesor ao seu Discípulo, ou un Conselleiro ao seu amigo, sen poder a Obrigalo a observalos, son así e todo Canons, pois que son Normas. Mais cando son outorgados por un, a quen o que os recibira vén obrigado a obedecer, daquela eses Canons non son soamente Normas mais Leis. A cuestión daquela é onde reside o Poder para facer das Escrituras (que son as Normas da Fe Cristiá) Leis.

Esa parte da Escritura, que foi primeiro Lei, eran os Dez Mandamentos, escritos en dúas Táboas de Pedra, e entregados polo propio Deus a Moisés; e por Moisés dados a coñecer ao pobo. Antes non houbera Lei de Deus escrita, pois que este, ao non escoller xente para conformar o seu Reino peculiar non lle dera outra Lei aos homes que a Lei da Natureza, isto é, os Preceptos da Razón Natural, escritos no propio corazón de cada home. Destas dúas Táboas, a primeira contiña a lei da Soberanía; 1. Que non debían obedecer nin honrar aos Deuses doutras Nacións con estas palabras, *Non habebis Deos alienos coram me*, ou sexa, *Non tomaredes por Deuses aqueles Deuses que as outras Nacións adoran; senón soamente a min*; polo que se lles prohibía obedecer ou honrar como Rei e Gobernador seus a ningún outro Deus que aquel que lle falase a través de Moisés, e despois do Sumo Sacerdote. 2. Que *non deberían facer ningunha Imaxe que o representase*; ou sexa, que non debían escoller para eles, nin no ceo nin na terra ningún Representante da súa propia fantasía senón obedecer a Moisés e Aarón, a quen designaran para ese mester. 3. Que *non tomasen o Nome de Deus en van*; é dicir, que non falasen mal do Rei, nin disputasen o seu Dereito, nin as comisións de Moisés e Aarón, os seus Representantes. 4. Que *se abstivesen cada Sétimo día do seu labor cotián* e empregasen ese tempo en renderlle Honor

Público. A Táboa segunda insería o Deber de cada home co outro, como *Honrar os Pais; Non matar; Non Cometer Adulterio; Non roubar; Non podrecer un Xuízo prestando falsas testemuñas; Non concibir no corazón inxurias contra dos demais*. Ora, a cuestión que se formula é esta: Quen debe dar a estas Táboas escritas a forza obrigatoria das Leis? Non hai dúbida senón de que foron Leis feitas polo propio Deus. Mais porque unha Lei obriga non é tal para ninguén senón para aqueles que a recoñecen como un acto do Soberano, ¿como podería o pobo de Israel ao que se lle prohibira achegarse á Montaña a escoitar o que Deus lle dixera a Moisés, verse obrigado a obedecer todas aquelas leis que Moisés lles promulgara? Algunhas delas eran verdadeiramente as Leis da Natureza, como toda a Segunda Táboa, e xa que logo recoñecidas como Leis de Deus, non só para os Israelitas, senón para toda a xente. Mais naquelas peculiares para os Israelitas, como eran as da primeira Táboa, fica a cuestión de se estas non se vencellarían coa obediencia a Moisés, pouco despois de ser promulgadas, con estas palabras (Éxodo, 20.19): *Fala con nós e escoitarémoste, mais non deixes que o faga Deus, ou morreremos*. Xa que logo foi soamente Moisés, e logo del o Sumo Sacerdote, a quen (a través de Moisés) declarara como administrador deste seu Reino peculiar na Terra, con poder de mudar esta breve Escritura do Decálogo en Lei do Estado de Israel. Mais Moisés e Aarón, e os sucesivos Sumos Sacerdotes foron os Soberanos Cívís. Xa que logo, a partir de aquí, a Canonización ou feitura da Lei Escrita pertencía ao Soberano Civil.

A Lei Xudicial, ou sexa, as Leis que Deus prescribirá aos Maxistrados de Israel, para regular a súa administración de Xustiza, e das Sentenzas e Xuízos que deberían pronunciar nas cousas entre home e home. E a Lei Levítica, isto é, a norma prescrita por Deus relativa a Ritos e Cerimonias dos Sacerdotes e Levitas, foron entregadas a eles por Moisés unicamente, e xa que logo mudaron en Leis en virtude da mesma promesa de obediencia a Moisés. Non se expresa no Texto se estas leis foron

daquelas escritas ou non escritas, senón ditadas ao Pobo por Moisés (logo dos seus corenta días con Deus no Monte) de viva voz; pero todas foron Leis positivas, e equivalentes ás Sagradas Escrituras, e feitas Canónicas por Moisés, o Soberano Civil.

Logo de que os Israelitas fosen levados ás Chairas de Moab contra Xericó, preparados para entrar na terra de Promisión, Moisés engadiu outras ás Leis primitivas; que desde aquela son chamadas *Deuteronomio*; ou sexa, *Segundas Leis*. E son (tal como está escrito, *Deuteronomio*, 29.1): *As palabras dun Pacto que o Señor mandara a Moisés facer cos Fillos de Israel, ademais do Pacto que fixera con eles en Horeh*. Porque logo de explicar esas Leis primeiras, no comezo do Libro do *Deuteronomio*, engadira outras que empezan no Capítulo 12 e seguen ata o remate do 26, do mesmo Libro. A Lei (*Deuteronomio*, 27.1) que mandaran escribir sobre grandes pedras calcificadas ao cruzar o Xordán. Esa Lei fora tamén escrita polo propio Moisés nun Libro, e pousada nas mans dos *Sacerdotes e os Anciáns de Israel* (*Deuteronomio*, 39.1) e ordenada (versículo 26) *ser posta á beira da Arca*; porque na Arca non podían estar senón os *Dez Mandamentos*. Esta foi a Lei da que Moisés (*Deuteronomio*, 17.18) mandara facer unha copia aos Reis de Israel. E esta é a Lei que despois de estar perdida moito tempo volveu aparecer no Templo no tempo de Xosías, e recibida como Lei de Deus pola súa autoridade. Pero ambos, Moisés na escritura, Xosías, na recuperación, tiñan a Soberanía Civil. Xa que logo o Poder de facer Escritura Canónica estaba no Soberano Civil.

Á parte deste Libro da Lei non houbera outro Libro, desde o tempo de Moisés, deica despois da Catividade, recibido entre os Xudeus como Lei de Deus. Porque os Profetas (agás uns cantos) viviron no propio tempo da Catividade, e o resto un pouco antes; e lonxe de que as súas Profecías fosen aceptadas xeralmente a xeito de Leis as súas persoas foron perseguidas, en parte por falsos profetas, en parte por Reis seducidos por estes. E este Libro, que fora confirmado por Xosías como Lei de Deus, e con el toda

a Historia das Obras de Deus, perdérase na Catividade e saco da Cidade de Xerusalén, tal como aparece en *Esdras*, 14.21: *A túa lei ardeu, e por iso ninguén coñece as cousas que fixeches nin as obras que comezarán*. E antes da Catividade, entre o tempo en que se perdera a Lei (o que non se menciona nas Escrituras, mais que se pode considerar na época de Rehoboam, cando Sishak, Rei de Exipto, espoliara o Templo) e o de Xosías, cando reapareceu, non houbera Palabra de Deus senón que se regulaba consonte a propia discreción ou segundo a dirección de quen eran estimados Profetas.

Disto podemos inferir que as Escrituras do Antigo Testamento de que dispoñemos hoxe nin eran Canónicas, nin unha Lei para os Xudeus, deica a renovación do seu Pacto con Deus á súa volta da Catividade e a restauración do seu Estado baixo *Esdras*. Mais desde aquela en adiante consideróuselles a Lei dos Xudeus, en como tal traducidas ao Grego por Setenta Anciáns de Xudea, e postas na Biblioteca de Tolomeo de Alexandría, e aprobadas como Palabra de Deus. Ora, vendo que Esdras era o Sumo Sacerdote, e o Sumo Sacerdote era o seu Soberano Civil, maniféstase que as Escrituras nunca foran feitas Leis senón polo Poder Civil Soberano.

Nos Documentos dos Padres que viviron no tempo anterior á que a Relixión Cristiá fose recibida, e autorizada polo Emperador Constantino, podemos atopar que os Libros que agora temos do Novo Testamento, foron tidos polos Cristiáns dese tempo (agás por uns cantos, algúns chamados Herexes, e o resto —polo seu número cativo— chamados Igrexa Católica) como ditados polo Espírito Santo; e consecuentemente como Canon ou Norma de Fe; tal era a reverencia e opinión que tiñan dos seus Mestres; como en xeral a reverencia que os Discípulos mostran para os seus Mestres primeiros non é cativa. Xa que logo non hai dúbida de que cando San Paulo escribira á Igrexa dos convertidos, ou calquera outro Apóstolo ou Discípulo de Cristo a aqueles que abrazaran a Cristo, recibían eses Escritos



como verdadeira Doutrina Cristiá. Mais nese tempo, cando non eran o Poder e Autoridade do Mestre, senón a Fe a que levaba a Escoitar e Recibilos, non eran os Apóstolos os que mudaban os seus Escritos en Canónicos, mais aqueles que se Converteran eran os que facían tal para eles mesmos.

Mais a cuestión que se formula non é que ningún Cristián fixera unha Lei ou Canon para el mesmo (que podería rexeitar pola mesma razón que o aceptara); senón que aquilo que se fixese Canon para eles non podería, sen inxustiza, ser feito nun xeito contrario. Pois que o Novo Testamento fose Canónico neste senso, isto é, como Lei en calquera lugar onde non se artellara a Lei do Estado, é contrario á natureza da Lei. Porque unha Lei (como xa ten mostrado) é o Mandato dun Home ou Asemblea a quen demos Autoridade Soberana para facer Normas que dirixan as nosas accións como coiden axeitadas e para castigarnos cando fagamos o contrario a isto. Así pois cando calquera outro home nos ofrezca Normas que o Rexedor Soberano non teña prescrito, non serán Consellos senón Avisos; que, sexan bos ou malos, o aconsellado pode sen inxustiza rexeitar observar, e cando sexan contrarios ás Leis xa establecidas non os poderán observar sen inxustiza, por bos que lles semellen. E sosteño que en tal caso non pode poñelo en práctica nas súas accións nin nos seus discursos con outros homes; aínda que poida sen culpa crer aos seus Mestres privados e desexar ter a liberdade de poñer en práctica os seus consellos, e que estes sexan aceptados publicamente como Leis. Porque a Fe interna é na súa propia natureza invisible, e consecuentemente exenta de todas xurisdición humana; mentres que as palabras e accións que procedan dela, ao semellar crebas da nosa obediencia Civil, son inxustizas tanto diante de Deus como do Home. Vendo que o noso Salvador negara que o seu Reino fose deste mundo, e vendo que dixera que non viñera a xulgar senón salvar ao mundo, non se suxeitaba a outras Leis que aquelas do Estado; ou sexa, os Xudeus á Lei de Moisés

(que di, *Mateo*, 5, que non viñera destruír senón completar) e outras Nacións ás Leis dos seus diferentes Soberanos, e todos os homes ás Leis da Natureza; tales observacións fóronos recomendadas tanto por El como polos seus Apóstolos como condición necesaria para ser admitidos por El no día derradeiro no seu Reino eterno, onde haberá Protección e Vida para sempre xamais. Vendo daquela que o noso Salvador e os seus Apóstolos non nos deixaron Leis novas para obrigarnos neste mundo senón Doutrinas novas que nos preparasen para o vindeiro, os Libros do Novo Testamento que conteñen a Doutrina, ata que a obediencia a eles foi ordenada por aqueles aos que Deus dera poder na terra para ser Lexisladores, non foron Canons obrigados, ou sexa Leis, senón soamente consellos, bos e sabidos, para dirixir aos pecadores no camiño da salvación que cada home podía aceptar ou rexeitar baixo da súa responsabilidades sen incorrer en inxustiza.

Ademais a Encomenda do noso Salvador Cristo aos seus Apóstolos e Discípulos era a de proclamar o seu Reino, non actual senón por vir; e Ensinar a todas as Nacións; e Bautizar a aqueles que cresen, e entrar nas casas dos que os recibisen, e onde non fixesen o consabido bater o po dos seus pés contra deles; pero non pedir lume do ceo para destruílos, nin obrigalos a obedecer por medio da Espada. En todo isto nada había de Poder senón de Persuasión. Mandounos como Ovellas onde os Lobos, non como Reis cara aos seus Súbditos. Non tiñan a Encomenda de facer Leis; mais a de obedecer e ensinar obediencia ás Leis xa feitas; e consecuentemente non podían facer dos seus Escritos Canons Obrigados, sen a axuda do Poder Civil Soberano. E xa que logo nos Textos do Novo Testamento hai Lei soamente alí onde o dispuxera o Poder Civil lexítimo. E tamén o Rei ou Soberano fixo del Lei para el mesmo; someténdose a través dela non ao Doutor ou Apóstolo que o convertera senón ao propio Deus e ao seu Fillo Xesús Cristo, tan inmediatamente cal fixeran os propios Apóstolos.

O que pode semellar outorgar ao Novo Testamento, respecto daqueles que abrazasen a Doutrina Cristiá, a forza das Leis, nos tempos e lugares de persecución, son os decretos feitos entre eles nos Sínodos. Porque vemos (*Feitos*, 15.28) que o Concilio dos Apóstolos, os Anciáns e a Igrexa enteira atopan expresión deste xeito: *Préstalle ao Espírito Santo e a nós non poñer riba nosa outro vulto que o preciso, etc.*, xeito de expresión que fala dun Poder para pousar o peso naqueles que recibiran a súa Doutrina. Ora, *pousar un peso noutro*, semella o mesmo que *obligar*; e xa que logo as Actas dese Concilio eran Leis para os daquela Cristiáns. Aínda así non eran máis Leis que todos estes outros Preceptos: *Arrepentídevos; Bautizádevos; Gardade os Mandamentos; Acreditade no Evanxeo; Vinde onda min; Vendede canto teñades; Dádello aos pobres; e Seguídeme*; non son Ordes senón Convites e Chamamentos dos homes á Cristiandade, cal os de *Isaías*, 55.1: ¡Ou, todos aqueles que tedes sede vinde ás augas, vinde, e comprade viño e leite sen diñeiro! Porque, primeiro, o poder dos Apóstolos non era outro que o do noso Salvador para invitar aos homes a abrazar o Reino de Deus; que eles mesmos recoñecían como un Reino non presente senón por vir; sendo así que os que non teñen Reino non poden facer Leis. E en segundo lugar, se as súas Actas do Concilio eran Leis, non se podían desobedecer sen incorrer en pecado. Mais non se le en parte ningunha que os que non se acollesen á Doutrina de Cristo incorrían en pecado, morrendo así pois en pecado; ou sexa, que non se lles perdoaban os seus pecados contra das Leis ás que debían obediencia. E esas Leis eran as Leis da Natureza, e as Leis Civís do Estado, ás que todos os Cristiáns se tiñan sometido por pacto. E así pois polo Peso, que os Apóstolos poderían chantar naqueles que se convertesen, non deben ser entendidas como Leis, senón como Condicións impostas a aqueles que procuran a Salvación: que poderían aceptar ou rexeitar ao seu risco, sen novo pecado, aínda que non sen a posibilidade de ser condenados e excluídos do Reino de Deus polos seus pecados

pasados. E xa que logo, relativo aos Infieis, San Xoán non dixo que a ira de Deus *viría* sobre eles, senón que *a ira de Deus ficaría neles*; e non que ían ser condenados senón que *xa estaban condenados*. Tampouco se pode deducir que o beneficio da Fe é a *Remisión dos pecados*, a menos de que entendamos que o prexuízo da Infidelidade é a *Retención dos mesmos pecados*.

Mais alguén podería preguntarse con que finalidade deberían xuntarse, pasado o tempo, os Apóstolos e outros Pastores da Igrexa, para acordar que Doutrina cumpriría ensinar, tanto na Fe como nas Maneiras, se os homes non estivesen obrigados a seguir os seus Decretos. A isto pode responderse que os Apóstolos e os Anciáns dese Concilio viñan obrigados, mesmo pola súa entrada nel, a ensinar a Doutrina alí establecida e da que se decretara a súa ensinanza, mentres que ningunha Lei precedente que os obrigaba a prestar obediencia non dixese o contrario; mais non que todos os Cristiáns tivesen a obriga de observar o seu ensino. Porque aínda que puidesen deliberar o que cada un deles deba ensinar, non podían deliberar o que outros tiñan de facer, a menos de que a súa Asemblea tivese un Poder Lexislativo; cousa que ninguén podería posuír de non ser Soberano Civil. Porque aínda que Deus fose o Soberano de todo o mundo, non estamos obrigados a tomar como Lei súa calquera cousa proposta por cada home no seu nome; nin nada contrario á Lei Civil que Deus nos ordenara expresamente obedecer.

Vendo que as Actas dos Concilios dos Apóstolos non era daquela Leis senón Consellos, moito menos serían Leis as Actas dos demais Doutores e Consellos, se vencellados sen a Autoridade do Soberano Civil. E consecuentemente os Libros do Novo Testamento, aínda sendo as Normas máis perfectas da Doutrina Cristiá non podían ser feitas Leis por outra autoridade que non fose a dos Reis ou Asembleas Soberanas.

Non consta o primeiro Concilio que fixo as Escrituras que agora temos. Porque a Colección dos Canons dos Apóstolos, atribuída a *Clemente*, o primeiro Bispo de Roma logo de San

Pedro, vén suxeito a controversia. Porque aínda que os libros Canónicos fosen alí compilados; estas palabras, *Sint vobis omnibus Clericis&Laicis Libri venerandi, etc.* conteñen unha distinción entre Clérigos e Laicos que non se empregaba tan preto do tempo de San Pedro. O primeiro Concilio para sentar a Escritura Canónica do que temos noticia é o de Laodicea, *Canon, 59*, que prohibe a lectura nas Igrexas doutros libros que non sexan eses; un mandato que non se dirixe a todos os Cristiáns senón soamente a aqueles que teñan autoridade de ler calquera cousa en público na Igrexa; isto é, Eclesiásticos tan só.

Verbo dos Funcionarios Eclesiásticos no tempo dos Apóstolos algúns eran Maxistrais, outros, Ministeriais. Maxistrais eran os Mesteres de predicar o Evanxeo do Reino de Deus aos Infieis; de administrar os Sacramentos e os Servizos Divinos, e de ensinar as Normas de Fe e as Maneiras a aqueles que se converteran. Ministerial era o Oficio dos Diáconos, isto é, daqueles designados para a administración das necesidades seculares da Igrexa, en tempos nos que subsistían dun fondo común achegado polas contribucións voluntarias dos fieis.

Entre os Funcionarios Maxistrais os primeiros, e principais, eran os Apóstolos, que ao principio non eran senón doce, e estes foran escollidos e formados polo propio Salvador, e o seu Mester non era soamente Predicar, Ensinar e Bautizar mais tamén ser Mártires (Testemuñas da Resurrección do noso Salvador). Esta Testemuña era o sinal específico e esencial para distinguir o Apostolado das demais Maxistraturas Eclesiásticas; como precisas para que un Apóstolo, ben por ver ao noso Salvador logo da Resurrección, ou por conversar con El antes e contemplado as súas obras e outros argumentos da súa Divindade, puidese ser tomado como Testemuña suficiente. E xa que logo, na elección dun Apóstolo novo en canto de Xudas Iscariote, San Pedro dixo (*Feitos, 1.21.22*): *Destes homes que nos acompañaran, todo o tempo que o Señor Xesús andara entre nós, desde o Bautismo de Xoán ata o mesmo día en que o levaron de nós, un ten de ser*

ordenado como Testemuña con nós da súa Resurrección; esta palabra, *debe*, implica necesariamente a característica dun Apóstolo que teña acompañado aos primeiros Apóstolos na época en que o noso Salvador se fixera carne.

O primeiro Apóstolo daqueles que non fora instituído por Cristo no tempo en que estivera na Terra, foi *Matías*, escollido da seguinte maneira: xuntáranse en Xerusalén uns 120 Cristiáns (*Feitos*, 1.15): nomearan a dous, *Xosé* o *Xusto* e *Matías* (versículo, 23) botando a sortes entre eles; e (versículo 26) a *Sorte caera en Matías, pasando formar parte do número dos Apóstolos*. De maneira que aquí vemos que a ordenación dos Apóstolos era un acto da Congregación e non de San Pedro nin dos once, polo demais Membros da Asemblea.

Despois del non se ordenara ningún outro Apóstolo, agás Paulo e Bernabé; o que se fixo (tal como lemos en *Feitos* 13.I, 2, 3) da seguinte maneira; *Había na Igrexa de Antioquía certos Profetas e Mestres, como Bernabé e Simeón, a quen chamaban Niger, e Lucio de Cirene e Manaen, a quen trouxeran con Herodes o Tetrarca e Saúl. Mentres servían o Señor e xaxuaban, o Espírito Santo dixo, Separádeme a Bernabé e a Saúl para o labor para o que os teño chamado. E cando xaxuaran e predicaran, e pousara as súas mans neles, foron enviados a cumprir o seu mester.*

Polo que se pon de manifesto que aínda que foran chamados polo Espírito Santo, a súa Vocación foi declarada e a súa Misión autorizada pola Igrexa particular de Antioquía. Mostrándose que a chamada era ao Apostolado en que ambos levan o nome de Apóstolos (*Feitos*, 14.14). E que fora en virtude deste acto da Igrexa de Antioquía que se convertesen en Apóstolos San Paulo decláralo nitidamente empregando (*Romanos*, 1.1) a palabra que o Espírito Santo usara na súa chamada. Porque el fala del mesmo como dun *Apóstolo separado no Evanxeo do Señor*; aludindo ás palabras do Espírito Santo, *Separádeme a Bernabé e Saúl, etc.* Mais vendo que a obra dun Apóstolo era ser Testemuña da Resurrección de Cristo alguén podería pre-

guntarse como San Paulo, que non conversara co noso Salvador antes da súa Paixón, sería quen de saber que este resucitaría. Ao que se pode responder doadamente que o noso Salvador se lle aparecerá no camiño que leva a Damasco, vindo do Ceo logo da súa Ascensión; *escolléndoo como vasalo para que levase o seu nome diante dos Xentís, Reis e Fillos de Israel*; e consecuentemente (ao ver ao Señor logo da súa Paixón) era unha Testemuña competente da súa Resurrección. En canto a Bernabé este xa era Discípulo antes da Paixón. Evidénciase xa que logo que Paulo e Bernabé eran Apóstolos, escollidos e autorizados, non soamente polos primeiros Apóstolos senón pola Igrexa de Antioquía, como Matías fora escollido e autorizado pola Igrexa de Xerusalén.

*Bispo*, palabra que se forma na nosa lingua a partir do Grego *Episcopus*, significa observador ou Supervisor de calquera mester, e particularmente un Pastor ou Gardador de Ovellas; e de aí a metáfora foi tomada non soamente entre os Xudeus, que eran orixinalmente Pastores, senón tamén entre os Pagáns, significando o Mester dun Rei, ou calquera outro Rexedor ou Guía do Pobo, xa regulado polas Leis ou a Doutrina. De maneira que os Apóstolos foron os primeiros Bispos Cristiáns, instituídos polo propio Cristo; sendo o Apostolado de Xesús chamado nese senso (*Feitos*, 1,20) *Bispado*. E despois, cando foron nomeados Anciáns nas Igrexas Cristiás, encargadas de guiar os rabaños de Cristo por medio da súa doutrina e consello, estes Anciáns recibiron tamén o nome de Bispos. Timoteo era un Ancián (significando semellante palabra no Novo Testamento un Mester ao tempo que unha Idade) pero tamén era un Bispo. E daquela os Bispos estaban satisfeitos co Título de Anciáns. Mesmo San Xoán, o Apóstolo amado do noso Señor, comeza a súa Segunda Epístola con estas palabras, *O Ancián para a Dona Escollida*. Do que se evidencia que *Bispo*, *Pastor*, *Ancián*, *Doutor*, isto é, *Mestre* non eran máis que nomes diversos para o mesmo Mester no tempo dos Apóstolos. Porque daquela non se gobernaba por

Coerción senón soamente por Doutrina e Persuasión. O Reino de Deus estaba aínda por vir nun mundo novo, de maneira que non podía haber autoridade para obrigar a pertencer a Igrexa ningunha ata que o Estado abrazase a Fe Cristiá, e consecuentemente non había diversidade de Autoridades aínda que a houbese de Mesteres.

Ademais destes mesteres Maxistrais na Igrexa, nomeadamente Apóstolos, Bispos, Anciáns, Pastores e Doutores, que tiñan por vocación proclamar a Cristo aos Xudeus e aos Infieis, e dirixir e ensinar aos crentes, no Novo Testamento non se sabe doutros. Porque baixo dos nomes de *Evanxelistas* e *Profetas* non se atopa ningún Mester, senón varios Dons, polos que diversos homes eran de proveito á Igrexa: como os Evanxelistas ao escribir encol da vida e feitos do noso Salvador; así S. *Mateo* e S. *Xoán*, Apóstolos, e S. *Marcos* e S. *Lucas*, Discípulos, e todos aqueles que escribiron desta materia (como se dixo que fixeran S. *Tomé* e S. *Bernabé*; aínda que a Igrexa non recibirá os Libros que ían so dos seus nomes), e como Profetas, polo don de interpretar o Antigo Testamento; e ás veces por declarar as súas Revelacións especiais á Igrexa. Porque nin eses dons, nin os dons de Linguas, nin o de Expulsar os Diaños, nin o de Curar outras doenzas, nin ningunha outra cousa servía para crear un Ministro da Igrexa, agás a vocación e a elección inherentes ao cargo de Ensinar.

Da mesma maneira que os Apóstolos, Matías, Paulo, Bernabé non foron proclamados polo propio Salvador senón elixidos pola Igrexa, isto é, pola Asemblea de Cristiáns; nomeadamente, Matías, pola Igrexa de Xerusalén, e Paulo e Bernabé, pola de Antioquía, o mesmo aconteceu cos *Presbíteros* e *Pastores* doutras Cidades, elixidos polas Igrexas desas cidades. Para demostralo coidemos, primeiro, en como S. Paulo procederá a Ordenar Presbíteros nas Cidades nas que convertera homes á Fe Cristiá, logo despois de que el e Bernabé recibisen o seu Apostolado. Lemos (*Feitos*, 14.23) que *ordenaran Anciáns en cada Igrexa*;



o que nunha primeira ollada puidese ser tomado como un Argumento que eles mesmo escolleran e ao que outorgaran a súa autoridade. Mais se coidamos no texto Orixinal ponse de manifesto que foran autorizados e escollidos pola Asemblea dos Cristiáns de cada Cidade. Pois que as palabras que nel aparecen διη χειροτονήσαντες αυτοις πρεσβυτερους χατ' ἐκκλησίαν, ou sexa, *Cando os fixeran Anciáns por alzamento de mans en cada Congregación*. Ora, sábese abondo que en todas esas Cidades a maneira de escoller Maxistrados e Ministros era por pluralidade de sufraxios, e xa que o xeito normal de distinguir os Votos Afirmativos dos Negativos era a Alzando as Mans, para ordenar un Ministro en calquera das Cidades non había máis que agrupar á xente para elixilos por maioría de Votos, xa fose por maioría de mans alzadas, ou por maioría de voces, ou maioría de bolas, ou fabas, ou pedriñas, dos que cada un puidese pousar unha, nunha vaixela marcada con Afirmativo ou Negativo, porque as diferentes Cidades teñen diversos costumes ao respecto. Xa que logo era a Asemblea a que escollía os seus propios Anciáns; sendo os Apóstolos unicamente Presidentes da Asemblea para convocalos para semellante Elección, e pronunciar aos Elixidos, e outorgarlles a beizón, chamado a partir de agora Consagración. E por esta causa aqueles que eran os Presidentes da Asemblea, como (na ausencia dos Apóstolos) os Anciáns, recibían o nome de προεστῶτες, e en Latín *Antistites*; palabras que significan a Persoa Principal da Asemblea, que tiña como mester o de numerar os Votos, e declarar a partir disto o elixido; e cando os Votos fosen iguais, decidir o tema en cuestión engadindo o seu, e ese é o Mester do Presidente dun Concilio. E pois que todas as Igrexas tiñan os seus Presbíteros ordenados da mesma maneira, alí onde aparece a palabra *Constituír* (como en *Tito*, 1.5) ἵνα καταστεσες χατὰ πόλιν πρεσβιτέρους, ou sexa, *Por esta razón deixeiivos en Creta que constituirades Anciáns en cada cidade*, debemos entender a mesma cousa; fundamentalmente que convocaba os fieis agru-

pados e ordenaba os Presbíteros por pluralidade de sufraxios. Sería cousa estraña que se nunha Cidade, onde os homes se cadra nunca visen outros Maxistrados que aqueles escollidos por unha Asemblea, aqueles Cidadáns que se fixeran Cristiáns, coidaran doutra maneira de Elixir os seus Mestres e Guías, ou sexa, os seus Presbíteros, chamados tamén Bispos, entón nesta pluralidade de sufraxios, indicada por San Paulo (*Feitos*, 14. 23) coa palabra χειροτονήσαντες non habería elección de Bispos (antes de que os Emperadores atoparen preciso regulalos coa fin de manter a paz entre eles) senón polas Asembleas de Cristiáns en cada Cidade.

Confírmase o mesmo coa práctica continuada ata hoxe na Elección dos Bispos de Roma. Porque se o Bispo de calquera lugar tivese o dereito de escoller a outro para a sucesión do Mester Pastoral en calquera Cidade no momento de deixala por mor de instituír o mesmo noutro sitio, con máis razón tería Dereito de nomear ao seu sucesor no derradeiro lugar en que residirá e morrerá. E non atopamos que xamais ningún Bispo de Roma nomease ao seu sucesor. Porque durante moito tempo foron elixidos polo Pobo, tal como se ve da sedición que se argallara ao redor da Elección entre *Dámaso* e *Ursicino*, da que Amiano Marcelino dixera ser tan grande que *Xuencio*, o Perfecto, incapaz de manter a paz entre eles fora obrigado a deixar a Cidade; e que por riba de cen homes apareceron mortos nesa ocasión na propia Igrexa. E aínda que foran escollidos despois, primeiro, polo Clero enteiro de Roma, e despois polos Cardeais, nunca ningún fora nomeado como sucesor por quen o precedese. Xa que logo, se non pretendían ter dereito para designar os seus sucesores, coido que podería concluír, razoablemente, que tampouco tiñan dereito para designar os sucesores dos outros Bispos sen recibir algún poder novo, ningún podería tomar da Igrexa o de conferirlos, senón soamente quen tivese autoridade lexítima non soamente para Ensinar senón para Mandar na Igrexa, e iso ninguén o podía facer senón o Soberano Civil.

A palabra *Ministro* no Orixinal Διάκονος significaba o que facía voluntariamente o mester doutro home, diferenciándose dun Servo soamente nisto, que os Servos viñan obrigados pola súa condición a facer o que se lles mandase, mentres que aos Ministros os obrigaba soamente o seu compromiso, de maneira que tan só os vencellaba aquilo no que se comprometesen. De xeito que tanto os que ensinan a Palabra de Deus como os que administran os choios seculares da Igrexa, son ambos Ministros, mais Ministros de diferentes Persoas. Porque os Pastores da Igrexa chamados (*Feitos*, 6.4) *Ministros da Palabra* son Ministros de Cristo, de quen é a súa Palabra. Mais o Ministerio dun *Diácono*, que se chama (versículo 2 do mesmo Capítulo) *Servizo de Altares*, é un servizo feito á Igrexa ou Congregación. De maneira que nin un home nin toda a Igrexa puidesen dicir nunca do seu Pastor que era o seu Ministro, mais dun Diácono se o cargo que tomara era o de servir altares ou distribuír manutención aos Cristiáns cando nas cidades vivían dun fondo común ou de colectas, como nos primeiros tempos, ou de ocuparse da Casa de Oración ou das Rendas ou de calquera outro asunto mundano da Igrexa, a Congregación enteira podería chamalo propiamente Ministro.

Con efecto, o seu emprego como Diáconos era servir á Congregación, aínda que se a ocasión se prestaba non esquecían predicar o Evanxeo e manter a Doutrina de Cristo, cada un segundo os seus dons tal como fixera San Estevo, e ao tempo Predicar e Bautizar, cal fixera Filipe. Pois que ese Filipe que Predicara o Evanxeo en Samaria (*Feitos*, 8.5), e (versículo 38) Bautizara ao Eunuco era Filipe o Diácono non Filipe o Apóstolo. Porque se manifesta (versículo 1) que ao tempo de Filipe predicar en Samaria, os Apóstolos estaban en Xerusalén e (versículo 14) *cando escoitaran que Samaria recibira a Palabra de Deus enviarán a Pedro e a Xoán onde eles*; recibindo o Bautismo por imposición das súas mans (versículo 15), e tamén (o que non recibiran antes do Bautismo de Filipe) o Espírito Santo. Porque

era preciso para a que se lles conferise o Espírito Santo que o seu Bautismo fose administrado ou confirmado por un Ministro da Palabra non por un Ministro da Igrexa. E xa que logo para confirmar o Bautismo daqueles que Bautizara Filipe o Diácono, os Apóstolos enviaron de entre eles, de Xerusalén a Samaria, a Pedro e a Xoán; que conferiran a aqueles que antes non foran senón Bautizados as grazas que eran sinal do Espírito Santo e que nese tempo acompañaban aos que eran Crentes de verdade, que se pode entender o que eran polo que di S. *Marco* (capítulos, 16.17): *Estes sinais van cos que acreditan no meu Nome; expulsarán os Diaños; falarán linguas novas; desbotarán serpes, e se beben bebedizos mortais non lles farán dano; pousarán mans nos doentes e sandaranos.* Semellante cousa non a podía facer Filipe; mais os Apóstolos, si, e (tal como se mostra nesta pasaxe) tal facían cos homes que en verdade crían e foran Bautizados por un Ministro de Cristo; un poder que ou os Ministros de Cristo non poden conferir neste tempo, pois que ou ben hai moi poucos Crentes sinceros ou Cristo dispón dun número moi cativo de Ministros.

Que os primeiros Diáconos foron escollidos non polos Apóstolos senón por unha Congregación de Discípulos, isto é, de Cristiáns de todas as castes, maniféstase en *Feitos*, 6, onde lemos que os *Doce*, logo de que se multiplicara o número de Discípulos, xuntáronse, e logo de lles dicir que non tiña xeito que os Apóstolos deixasen a Palabra de Deus para servir altares, díxoselles: *irmáns, procurade entre vós sete homes de comportamento honesto, enchede co Espírito Santo e de Sabedoría a quen poidamos designar para este choio.* Maniféstase aquí que aínda que os Apóstolos os declarasen elixidos fora a Congregación quen os escollera, o que se expresa aínda máis nitidamente (versículo quinto) onde se di que *o discurso compracera á multitude, e escollera sete, etc.*

Segundo o Antigo Testamento, a Tribo de Leví eran soamente quen de ocuparse do Clero e outros Mesteres inferiores

da Igrexa. A terra fora dividida entre as outras Tribos (agás a de Leví), que pola subdivisión da Tribo de Xosé, en Efraín e Manasés, eran soamente doce. Para habitalas á Tribo de Leví fóronlles designadas certas Cidades, reservando os arrabaldes para o gando, pero para a súa mantenza correspondíalles a décima parte dos froitos da terra dos seus Irmáns. Ademais, os Sacerdotes tiñan para eles a décima dese décimo, xunto con parte das oblacións e dos sacrificios. Porque Deus lle dixerá a Aarón (*Números*, 18.20): *Non terás herdanza na súa terra, nin terán parte ningunha entre eles, Eu son a túa parte e a túa herdanza entre os Fillos de Israel.* Porque ao ser Deus daquela Rei, e ao constituír a Tribo de Leví como o seus Ministros Públicos, consentiu en que dispuxesen para a súa mantenza das rendas Públicas, ou sexa, da parte que Deus se reservara para el mesmo, o que é tanto como dicir, Décimos e Ofrendas; e iso é o significado das palabras de Deus cando dicía, son a túa herdanza. E xa que logo aos Levitas non se lles podía atribuír en puridade o nome de *Clero*, de κληρος, que significa Caudal ou Herdanza; non porque fosen máis herdeiros do Reino de Deus máis que outros, senón que a herdanza de Deus era a súa mantenza. Agora, vendo que neste tempo o propio Deus era o seu Rei, e Moisés, Aarón e os Sumos Sacerdotes sucesivos, os seus Representantes, fica manifesto que o Dereito de Décimos e Ofrendas viña dado polo Poder Civil.

Logo de rexeitar a Deus ao demandar un Rei gozaron da mesma renda; mais o Dereito derivaba de que o Rei nunca a revogara: porque a Renda Pública estaba a disposición de quen fose a Persoa Pública e que fose o Rei ata a Catividade. E logo da súa volta da Catividade, pagaran os Décimos como fixeran antes ao Sacerdote. De aí que os Subsidios da Igrexa fosen determinados polo Soberano Civil.

Verbo da mantenza do noso Salvador e os seus Apóstolos lemos soamente que tiñan unha Bolsa (que a levaba Xudas Iscariote) e que os Apóstolos, en canto que Pescadores, facían

uso ás veces do seu choio; e que cando o noso Salvador enviara aos Doce Apóstolos a predicar prohibíralles *levar Ouro e Prata e Cobre nas súas bolsas, porque o operario é merecente de paga propia*. Polo que é probable que a súa mantenza non se axeitase ao seu choio, porque este era (versículo., 8) *dar libremente o que libremente recibisen*; e a súa mantenza era o *agasallo libre* daqueles que acreditaban na boa nova que levaban sobre a chegada do Mesías, o seu Salvador. Ao que podemos engadir aquilo que se menciona por gratitude por tanta doenza curada polo noso Salvador; como por exemplo *Certas mulleres* (Lucas, 8.2,3) *sandadas de espíritos malignos e enfermidades*; *María Magdalena, da que saíran sete Díaños, e Xoana, a muller de Cuza, Administrador de Herodes, e moitos outros, que lle axudaban cos seus bens*.

Logo da Ascensión do Salvador, os Cristiáns de cada Cidade vivían en Común do diñeiro que fixeran coa venda das súas terras e posesións, botándose aos pés dos Apóstolos, voluntariamente e non por obriga; porque *mentres que a terra estaba sen vender* (dixo San Pedro a Ananías, *Feitos*, 5.4) *non era túa? E logo de vendida non estaba no teu poder?* o que demostraba que non precisaba mentir para conservar a súa terra nin o seu diñeiro, porque non tiña a obriga de facer contribución ningunha a menos de que lle petase facelo. E igual que no tempo dos Apóstolos tamén no que veu despois, deica despois de Constantino o Grande, atopamos que a mantenza dos Bispos e Pastores da Igrexa Cristiá non era outra cousa que a contribución voluntaria daquelas que abrazaran a súa Doutrina. Non se falaba aínda de Décimos, pero no tempo de Constantino e os seus Fillos tal fora o cariño dos Cristiáns aos seus Pastores, como dixeran Amiano Marcelino (ao describir a sedición de *Dámase* e *Ursicino* verbo do Bispado) que tal liorta pagara a pena porque como consecuencia os Bispos desa época, pola liberalidade do seu rabaño, especialmente das Matronas, eran levados en carrozas e marchaban finos na táboa e mais na vestimenta.

Mais aquí poderíase preguntar que se os Pastores estaban obrigados a vivir de contribucións voluntarias, cal se se tratase de esmolos, *Por que terán de ir á guerra* (di San Paulo, I Corintios, 9.7) *pagando do seu peto?* ou *quen que mantendo a un rabaño non fan uso do leite deste?* Máis ¿Sabedes que os que administran as cousas sagradas viven das que pertencen ao Templo, e os que serven o Altar participan parte deste? Ou sexa, toman parte do que se ofrece no Altar para a súa manutención. E conclúe: *O Señor ten declarado que os que predican o Evanxeo deben vivir do Evanxeo.* Desta pasaxe pode inferirse que os Pastores da Igrexa teñen de ser mantidos polos seus rabaños; pero non que os Pastores deban determinar nin a cantidade nin a clase das súas asignacións e facer (por así dicilo) eles mesmos de trinchadores. A súa asignación, xa que logo, debe vir determinada ou pola gratitude e liberalidade de cada home particular do seu rabaño ou pola de toda a Congregación. Pola desta non podería ser, porque os seus Actos non eran Lei daquela, xa que logo a manutención dos Pastores, antes de que os Emperadores e Soberanos Cívís establecerán Leis para termar dela, non era outra cousa que Benevolencia. Os que atendían o Altar vivían do que se lles ofrecía. De maneira que os Pastores poden tamén coller o que se lles ofrece polo seu rabaño, mais non esixir o que non se lles ofrece. ¿En que Corte terían que querelarse cando non tiñan Tribunais? Ou se tivesen Árbitros entre eles quen escotaría os seus Fallos se non tiñan poder para armar aos seus Homes? Daquela ficaba a idea de que non podía haber manutención asignada a ningún Pastor da Igrexa senón por toda a Congregación, e iso soamente cando os seus Decretos tivesen a forza non soamente de *Canons* mais tamén de *Leis*; Leis que non poderían ser promulgadas senón por Emperadores, Reis ou outros Soberanos Cívís. O Dereito de Décimos na Lei de Moisés non podía aplicarse aos que eran daquela Ministros do Evanxeo, porque Moisés e os Sumos Sacerdotes eran os Soberanos Cívís do pobo sometido a Deus, con Reino presente

entre os Xudeus, sendo así que o Reino de Deus por medio de Cristo estaba aínda por vir.

Ata aquí tempos mostrado que son os Pastores da Igrexa, cales son os obxectivos da súa Comisión (Predicar, Ensinar, Bautizar, ser Presidentes das diversas Congregacións), que é a Censura Eclesiástica, ou sexa, a Excomuñón, é dicir, aqueles lugares nos que a Cristiandade viña prohibida polas Leis Cívís, un aloxamento da compañía dos Excomungados, e onde a Cristiandade era ordenada pola Lei Civil, un aloxamento dos Excomungados da Congregación dos Cristiáns; quen os consagraba e beicía (isto é, era o seu Pastor), cal era a renda que lle correspondía (non outra que as súas propiedades, o seu propio traballo, e as contribucións dos Cristiáns devotos e agradecidos). Agora temos de considerar que Mesteres teñen aquelas persoas que, sendo Soberanos Cívís, abrazaran tamén a Fe Cristiá.

E primeiro temos que lembrar que o Dereito de Xulgar as Doutrinas que son axeitadas para a Paz e deben ser ensinadas aos Súbditos, vén en todos os Estados incorporada inseparablemente (tal como xa se probara no capítulo 18) ao Poder Civil Soberano, xa estea nun Home ou nunha Asemblea de homes. Porque é evidente, mesmo para os máis incapaces, que as accións dos homes veñen derivadas das opinións que estes teñen do Bo e do mal que desas accións redundan neles; e consecuentemente os homes que unha vez estiveran posuídos da opinión de que a súa obediencia ao Poder Soberano será máis danosa para eles que a súa desobediencia, farán caso omiso das Leis, botando desta maneira abaixo o Estado, e introducindo confusión e Guerra Civil: e para evitar iso foron instituídos os Gobiernos Cívís. E xa que logo en todos os Estados dos Pagáns os Soberanos levaban o nome de Pastores do Pobo porque non había Súbditos que puidesen lexitimamente Ensinarlle á xente se non era co seu permiso e autoridade.

Este Dereito dos Reis Pagáns non se lles pode afastar pola súa conversión á Fe de Cristo, quen nunca ordenara que os



Reis por acreditar nel deberan ser depostos, isto é, suxeitos a ninguén que non fose el, ou (todo o mesmo) privado do poder preciso para a conservación da Paz entre os seus Súbditos e a súa defensa contra os Inimigos. E xa que logo os Cristiáns seguen a ser os Pastores Supremos do seu pobo, e teñen poder para ordenar o que lles pete aos Pastores, isto é, ensinar ao Pobo posto ao seu cargo.

Ademais, deixando á parte que o dereito de escollelos (como antes da conversión dos Reis) estea na Igrexa, tal como era no tempo dos propios Apóstolos (cal se demostrara xa neste capítulo), mesmo así tamén o Dereito estará no Soberano Civil Cristián. Porque no que ten de Cristián permite o Ensino, e no que ten de Soberano (o que é tanto como dicir a Igrexa por Representación) os Mestres que escolle son elixidos pola Igrexa. E cando unha Asemblea de Cristiáns escollen o seu Pastor nun Estado Cristián é o Soberano quen o elixe, porque isto vén dado pola súa Autoridade. Da mesma maneira como cando unha Cidade escolle o seu Alcalde é un acto do que ten o Poder Soberano. Porque cada acto que se faga vén daquel que o valida co seu consentimento. E xa que logo sexan cales fosen os exemplos que se poidan tirar da Historia, verbo da Elección dos Pastores, polo Pobo ou polo Clero, non son argumentos contra do Dereito de ningún Soberano Civil porque quen o elixiran tal fixeran pola súa Autoridade.

Vendo daquela que en cada Estado Cristián o Soberano Civil é o Pastor Supremo, que ten ao seu cargo o rabaño enteiro dos seus Súbditos, e que consecuentemente todos os demais Pastores son nomeados pola súa autoridade e teñen poder para ensinar e levar adiante todos os demais mesteres Pastorais, séguese igualmente que é do Soberano Civil de onde os outros Pastores derivan o seu dereito de Ensinar, Predicar e demais funcións relativas ao seu Mester, e que non son máis que os seus Ministros; da mesma maneira que os Maxistrados das Cidades, os Xuíces das Cortes de Xustiza e os que Mandan nos

Exércitos non son senón Ministros do que exerce a Maxistratura do Estado enteiro, Xulga en todas as Causas e manda na Milicia enteira; non sendo este outro que o Soberano Civil. E a razón estriba non en que sexan os seus súbditos os que Ensinen senón aqueles que deben Aprender. Porque supoñamos que un Rei Cristián ceda a Autoridade de Ordenar Pastores nos seus Dominios a outro Rei (tal como fan diferentes Reis Cristiáns, ao ceder ese poder ao Papa): non por iso constituirá un Pastor riba del mesmo nin un Pastor Soberano riba do seu pobo; porque tal cousa sería privarse do Poder Civil, o que dependendo da opinión que os homes teñan dos seus Deberes cara a el, e do medo ao Castigo noutro mundo, dependerá tamén da habelencia e lealdade dos Doutores, non menos suxeitos á Ambición nin tampouco á Ignorancia que calquera outra caste de homes. De xeito que cando un estraño ten autoridade para nomear Mestres vénlle dada polo Soberano dos Dominios nos que ensina. Os Doutores Cristiáns son os nosos Mestres de Escola no que se refire ao Cristianismo, mais os Reis son os Pais de Familia e poden recibir a Mestres para os seus Súbditos por recomendación dun estraño, mais non por orde; especialmente cando un ensino ruín redundará nun proveito grande e manifesto de quen os recomenda, non podendo estar obrigado a mantelo alén do que o esixa o ben Público, ao que deben atender mentres reteñan calquera outro Dereito esencial da Soberanía.

Xa que logo se un home preguntase a un Pastor, ao executar o seu Mester, o que os Sacerdotes e Anciáns do pobo (*Mateo*, 21, 23) demandaran do noso Salvador: *Con que autoridade fas estas cousas, ou quen che deu esta autoridade?*: non poderá dar outra resposta xusta senón que o fai pola Autoridade do Estado, outorgada a el polo Rei ou Asemblea que o representa. Todos os Pastores, agás o Supremo, executan os seus cargos en virtude do Dereito conferido pola autoridade do Soberano Civil, isto é, *Jure Civii*. Mais o Rei, e calquera outro Soberano, executan o seu Mester de Pastor Supremo, pola Autoridade inmediata de Deus,

no Dereito de Deus ou *Jure Divino*. E xa que logo ninguén, agás os Reis, poden poñer nos seus Títulos (marca da súa submisión a Deus unicamente) *Deis gratia Rex, etc.* os Bispos deben dicir no comezo dos seus Mandatos, *Bispo de tal Diocese polo favor da Maxestade Rexia*, ou como Ministros Cívís *No Nome da súa Maxestade*. Porque ao dicir, *Divinâ Providentiâ*, que é o mesmo que *Dei gratiâ*, aínda que disimulado, negan recibir a súa autoridade do Estado Civil, desfacéndose sutilmente do Colar da Submisión Civil, contraria á unidade e defensa do Estado.

Mais se cada Soberano Cristián é o Pastor Supremo dos seus propios Súbditos, semella que deberá ter tamén a Autoridade non soamente de Predicar (o que se cadra ninguén vai negar) senón a de Bautizar e Administrar o Sacramento da Cea do Señor, e de Consagrar tanto Templos como Pastores ao servizo de Deus; o que a meirande parte dos homes negan, en parte porque non adoitan facelo, e en parte porque a Administración dos Sacramentos e a Consagración de Persoas e Lugares para usos sagrados require a Imposición das mans de homes que foron investidos por unha Imposición idéntica transmitida sen interrupción desde o tempo dos Apóstolos. Como proba de que os Reis Cristiáns teñen poder para Bautizar e Consagrar debido razón ao tempo de por que non adoitan facelo e como sen a habitual cerimonia de Imposición de mans son quen de facelo cando lles peta.

Non hai dúbida de que ningún Rei, caso de que tivese habelencia no terreo das Ciencias, podería explicar Leccións destas co mesmo Dereito que lle outorga o seu Oficio a aqueles que o fan nas Universidades. Non obstante e como o coidado dos negocios do Estado ocupa todo o seu tempo non sería conveniente para el dedicarse en Persoa a ese particular. Un Rei pode igualmente, se lle peta, tomar asento en Xuízos, escoitar e determinar todas as maneiras das Causas, ao igual que outorgar a outros autoridade para facelo no seu nome. Ora, os cargos que ocupa, relativos ao Mando e Goberno, fan que estea

decote ocupado, debendo delegar os Mesteres Ministeriais nos que están por debaixo del. Da mesma maneira o noso Salvador (quen tiña, sen dúbida, poder para Bautizar), non Bautizaba El mesmo senón que enviaba a facelo aos seus Apóstolos e Discípulos. Igualmente San Paulo, pola necesidade de Predicar en lugares diversos e afastados, Bautizara a poucos. Entre todos os Corintios bautizara soamente a *Crispo, Caio e Estefano*; e a razón era que o seu Cargo principal era o de Predicar. Disto maniféstase que o Cargo meirande (cal é o Goberno da Igrexa) dispensa dos máis cativos. A razón pola que os Reis Cristiáns non adoitaban Bautizar é evidentemente a mesma pola que a día de hoxe hai poucos Bautizados por Bispos, e por Papas aínda menos.

Verbo da Imposición das Mans, se é preciso para autorizar a un Rei a Bautizar e Consagrar temos de considerar o que segue.

A Imposición de Mans era unha cerimonia pública moi antiga entre os Xudeus por medio da cal se designaba, facéndose certa, a persoa ou outra cousa aludidas nun prego, beizón, sacrificio, consagración, condena ou outra caste de discurso. Así Xacobe, ao bendicir os fillos de Xosé (*Xénese*, 48.14): *Pousou a súa Man dereita en Efraín, o máis novo, e a Man esquerda en Manasés, o que nacera primeiro*; e fixo isto conscientemente (aínda que foran presentados a el por Xosé, de xeito que tivo que estender os seus brazos a xeito de cruz) para designar aquel ao que destinaba a beizón meirande. Igualmente ao sacrificar a ofrenda ardida a Aarón pídeselle (*Éxodo*, 29.10): *que Pouse as súas Mans na testa do boi* e (versículo 15) *que Pouse a súa Man na testa do carneiro*. Volve dicirse o mesmo en *Levítico* 1.4 e 8.14. De idéntica maneira cando Moisés ordenara a Xosué como Capitán dos Israelitas, isto é, consagrándoo ao servizo de Deus, (*Números*, 27.23): *Pousou as súas Mans nel, dándolle o Cargo*, designando e dando por certo quen era ao que tiñan que obedecer na guerra. E na consagración dos Levitas (*Números*, 8.19) Deus ordenara que *os Fillos de Israel Puxeran*

as *Mans nos Levitas*. E ao condenar a quen blasfemara do Señor (*Levítico*, 24.14) Deus ordenou que *todos os que o escoitaran Pousaran as Mans na súa cabeza, e que fose lapidado por toda a Congregación*. ¿E por que soamente aqueles que o escoitaran terían de Pousar as Mans riba del e non un Sacerdote, Levita ou outro Ministro da Xustiza, sen que ningún outro fose quen de nomear e demostrar diante dos ollos da Congregación quen fora o que blasfemara e tería de morrer? E nomear a un home ou o que sexa pola Man ao Ollo vén menos suxeito a erro que cando se fai ao Oído por un Nome.

E tanto se respectaba esta cerimonia que á hora da beicer toda a Congregación ao tempo, o que non se pode facer por Imposición de Mans, aínda daquela *Aarón* (*Levítico*, 9.22) *ergueu a súa Man cara á xente ao bendicilos*. E lemos tamén dunha cerimonia similar da Consagración dos Templos entre Os Pagáns, como cando o Sacerdote pousaba as súas Mans nalgún poste do Templo mentres pronunciaba algunhas palabras da Consagración. Así de natural é designar calquera cousa individual, mellor de Man, para asegurar os Ollos, que por Palabras para informar ao Oído en materias de servizo Público a Deus.

Xa que logo, esta cerimonia non era nova no tempo do noso Salvador. Porque Xairo (*Marcos*, 5.23), tendo doente á súa filla, pediulle ao noso Salvador, non que a sandase senón que *Pousara as súas Mans nela*. E (*Mateo*, 19.13) *trouxeron onde El cativiños para que Puxese as súas Mans neles e Pregase*.

De acordo con este antigo Rito os Apóstolos e Presbíteros e o propio Presbiterado Pousaban as Mans sobre aqueles aos que ordenaban Pastores e pregaban por eles para que recibisen ao Espírito Santo, e non tan só unha vez senón que adoitaban facelo, sempre que se presentaba unha nova ocasión, mais a finalidade era, así e todo, a mesma, nomeadamente a designación concreta e relixiosa da persoa, ordenada ou para un Cargo Pastoral en xeral ou para unha Misión particular; así *Os Apóstolos Pregaban e Pousaran as Mans* nos sete Diáconos; o

que se fixo non para outorgarlles o Espírito Santo (porque xa estaban cheos do Espírito Santo antes de que fosen escollidos, como se mostrara inmediatamente antes, versículo 3) senón coa fin de designalos para ese Mester. E logo de que Filipe o Diácono convertese a certas persoas en Samaria, Pedro e Xoán baixaron (*Feitos*, 8.17) e *Pousaran as súas Mans neles, e recibirón o Espírito Santo*. E non soamente un Apóstolo, senón un Presbítero, tiñan este poder. Porque xa San Paulo aconsellara a Timoteo (1 *Timoteo*, 5.22) *Non Pouses as Mans de súpeto sobre ninguén*; ou sexa, non nomees con rudeza a ninguén para o Mester de Pastor. Todo o Presbiterado Pousara as súas Mans en Timoteo, como lemos en 1 *Timoteo*, 4.14, mais isto debemos entendelo como que algúns fixeron isto por encargo do Presbiterado, e o máis probable do seu προεστῶς ou Prolocutor, que se cadra era o propio San Paulo. Porque na súa Epístola segunda, versículo 6 a *Timoteo*, dille: *Abanexa o don Divino que hai en ti pola Imposición das miñas Mans*, un pode percibir que Espírito Santo non quere dicir a terceira Persoa da Trindade senón os Dons precisos para o Mester Pastoral. Lemos tamén que a San Paulo se lle Impuxeron as Mans dúas veces; unha, por parte de Ananías en Damasco (*Feitos*, 9.17, 18) no tempo do seu Bautismo, e de novo (*Feitos*, 13.3) en Antioquía, cando o mandaran a predicar a primeira vez. A finalidade entón desta cerimonia prevista na Ordenación de Pastores era nomear a Persoa á que se lle outorgaba semellante Poder. Mais se houbera algún Cristián con Poder de Ensinar anteriormente, o seu Bautizo, ou sexa, o feito de mudalo en Cristián, non lle daría un Poder novo senón que soamente faría que predicase Doutrina verdadeira, isto é, empregar o seu Poder dun xeito cabal, e xa que logo a Imposición de Mans sería innecesaria, abondando co Bautismo mesmo. Pero todos os Soberanos, antes de que existise a Cristiandade, tiñan o poder de Ensinar e Crear Mestres; e xa que logo a Cristiandade non lles daba Dereitos novos, senón que os dirixía polo camiño de Ensinar a Verdade, e consecuen-

temente non precisaban de Imposición de Mans (á parte do que xa se fixera no Bautismo) para autorizalos a exercer calquera parte da Función Pastoral, basicamente, Bautizar e Consagrar. E no Antigo Testamento aínda que soamente o Sacerdote tivese dereito a Consagrar durante o tempo que a Soberanía estaba no Sumo Sacerdote isto non fora así cando a Soberanía estaba no Rei. Porque lemos (1 Reis, 8) que Salomón Bendicira á Xente, Consagrara o Templo e pronunciara a Oración Pública, o que é agora o modelo para a Consagración de todas as Igrexas e Capelas Cristiás, do que se deduce que non tiña soamente o dereito do Goberno Eclesiástico mais tamén o de exercer as Funcións Eclesiásticas.

Desde esta consolidación de Dereito Político e Eclesiástico nos Soberanos Cristiáns evidénciase que estes teñen todas as maneiras de Poder nos seus Súbditos que poidan ser dadas a un home, para o goberno das accións externas dos seres humanos, tanto en Política como en Relixión, e poden facer todas as Leis como coiden axeitadas para o goberno dos seus propios Súbditos, quer do Estado, quer da Igrexa, porque ambos, Estado e Igrexa son os mesmos homes.

Se lles peta, xa que logo, poden (tal como fan moitos Reis Cristiáns) delegar o goberno dos seus Súbditos, en materias de Relixión, ao Papa; mais daquela o Papa está Subordinado a eles nese punto, e exercita ese Cargo no Dominio dos outros, *Jure Civili*, en virtude do Dereito do Soberano Civil; non *Jure Divino*, por Dereito Divino; podendo desta maneira exoneralos dese Mester cando o Soberano coide que é necesario polo ben dos seus Súbditos. Poden tamén, se lles peta, delegar o coidado da Relixión nun Pastor Supremo, ou nunha Asemblea de Pastores, e outorgarlles o poder que estimen axeitado na Igrexa, ou duns sobre outros, ou os títulos honoríficos, así os de Bispos, Arcebispos, Sacerdotes ou Presbíteros que desexen, promulgando Leis para mantelos, ou ben por Décimos ou, se non, como lles pete, de maneira que o fagan a partir dunha

conciencia sincera, da que o único Xuíz é Deus. É o Soberano Civil o que debe nomear Xuíces e Intérpretes das Escrituras Canónicas, pois que é el quen as fai Leis. É el tamén o que lle dá forza ás Excomuñóns, que servirían de ben pouco se non fose por estas Leis e Castigos quen de humillar a Libertinos teimosos, e reducilos á unión co resto da Igrexa. En resumo, el ten o Poder Supremo en todas as causas, tanto nas Eclesiásticas como nas Cívís, no que concirne ás accións e ás palabras, porque soamente estas son coñecidas e poden ser acusadas; e das que non o poden ser non hai outro Xuíz que Deus, que é quen coñece o corazón. E estes Dereitos son propios de todos os Soberanos, trátese de Monarcas ou Asembleas; porque os que son os Representantes dun Pobo Cristián son Representantes da Igrexa; porque unha Igrexa e un Estado do Pobo Cristián, son a mesma cousa.

Aínda que todo canto dixen aquí, e noutros lugares deste Libro, semellen claros abondo para afirmar o Poder Eclesiástico Supremo diante dos Soberanos Cristián; pois que a pretensión do Papa de Roma de manter ese Poder universalmente, foi mantida principalmente, e de maneira tan forte como é posible, polo Cardeal Belarmino na súa Controversia *De Summo Pontifice*; coidei preciso, tan brevemente como me sexa posible, examinar os fundamentos e forza do seu discurso.

Dos cinco Libros que levo escritos sobre este tema o primeiro contén tres Cuestións: Unha, Cal é sinxelamente o mellor goberno, *Monarquía*, *Aristocracia* ou *Democracia*; para concluír que ningunha, senón un goberno mixto das tres. Outra, cal delas supón o mellor Goberno para a Igrexa, concluindo que a combinación delas mais con vantaxe para a forma monárquica. A terceira se nesta Monarquía mixta San Pedro tería de ocupar o posto do Monarca. Verbo da primeira Conclusión, teño probado abondo (capítulo 18) que todos os Gobernos, aos que os homes veñen obrigados a obedecer, son Simples e Absolutos. En Monarquía non hai senón Un Home Supremo, e todos os



outros homes que teñen algunha clase de Poder no Estado é por Comisión súa mentres que lle pete, executándoo no seu nome. E en Aristocracia e Democracia non hai máis que Unha Asemblea Suprema, co mesmo Poder que na Monarquía pertence ao Monarca, sendo desta maneira non unha Soberanía Mixta senón Absoluta. E das clases non se disputa cal é a mellor alí onde xa está establecida unha delas, senón que a presente debe ser sempre preferida, mantida e coidada como a superior, porque vai tanto contra da Lei da Natureza como da Lei Divina positiva facer nada que conduza á subversión. Porque nada afecta ao Poder de ningún Pastor (a menos de que teña a Soberanía Civil) a clase de Goberno que sexa mellor; porque a súa Vocación non é gobernar aos homes por Mandato senón ensinalles e persuadilos a través de Argumentos, e deixarlles a eles que consideren se deben abrazar ou rexeitar a Doutrina ensinada. Porque Monarquía, Aristocracia e Democracia marcan en nós tres clases de Soberanos, non de Pastores, ou —poderíamos dicir— tres clases de Cabezas de Familia, non tres clases de Mestres para os seus fillos.

E xa que logo a segunda Conclusión, verbo da mellor forma de Goberno da Igrexa, non ten nada que ver co asunto do Poder do Papa nos Dominios que lle son propios. Porque en todos os outros Estados o seu Poder (se é que algún ten) é o de Mestre unicamente, e non o do Cabeza de Familia.

Para a terceira Conclusión, é dicir, a de que San Pedro era Monarca da Igrexa achega a pasaxe de San *Mateo* (capítulos 16, 18, 19): *Ti es Pedro, e sobre esta pedra construirei a miña Igrexa, etc. E dareiche as chaves do Ceo, e o que ates na Terra estará atado no Ceo, e o que desatares na Terra estará desatado no Ceo.* Ben entendido esta pasaxe non proba máis que a Igrexa de Cristo tiña como fundamento un só Artigo; nomeadamente, ese polo que Pedro no nome de todos os que profesaran como Apóstolos daba pé ao noso Salvador para dicir as palabras que aquí se citan. Para poder entender nitidamente isto debemos

coidar en que o noso Salvador predicou, El mesmo, e a través de Xoán o Bautista e os seus Apóstolos ningunha outra cousa que este Artigo de Fe, *que El era o Cristo*; sendo así que os demais Artigos non requiren máis fe que a que se basea neste, *O Reino de Deus está próximo*. Daquela o noso Salvador (*Mateo, 10.7*) predicou o mesmo. E non hai mostras de que aos Doce Apóstolos cando lles outorgara a súa Comisión (*Mateo, 10.7*) predicáralles outro Artigo que non fose este. Este era o Artigo fundamental, isto é, o Fundamento da Fe da Igrexa. Despois, cando os Apóstolos volveran onde El, preguntoulles a todos, (*Mateo, 16.13*), e non soamente a Pedro: *Quen dicían os homes que era El?*, e responderon, *que uns dicían que Xoán o Bautista, outros que Elías, e outros Xeremías ou un dos Profetas*. Entón (versículo 15) volveu preguntarlles (e non a San Pedro soamente) *Quen dicides que son eu?* E Respondeu San Pedro (por todos eles): *Ti es Cristo, o Fillo do Deus Vivo*; e é iso, como xa dixeran, o Fundamento da Fe de toda a Igrexa, do que o noso Salvador aproveita para dicir, *Sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa*, cando sería igualmente obvio, sen ambigüidade ningunha, dicir, *En ti edificarei a miña Igrexa*; producíndose así idéntica alusión ao seu nome.

E verbo das seguintes palabras, *E dareiche as chaves do Ceo, etc.* non é máis que o que o noso Salvador dera aos demais dos seus Discípulos (*Mateo, 18.18*): *O que ates na Terra, será atado no Ceo. E o que desates na Terra, será desatado no Ceo*. Aínda que se interprete como se interprete isto non hai dúbida de que o Poder que aquí se outorga pertence aos Pastores Supremos, en tanto que son todos Soberanos Civís Cristiáns nos seus propios Dominios. Tanto como se San Pedro, o noso Salvador mesmo, convencesen a estes para acreditar nel e recoñecer o seu Reino, mais porque o seu Reino non é deste mundo non deixara a outro que non fose El o coidado supremo de converter aos seus súbditos, xa que senón o tería privado da Soberanía á que vai inseparable o Dereito de Ensinar. E non diremos máis

da refutación do seu primeiro Libro, no que se pretendía probar que San Pedro sería o Monarca Universal da Igrexa, isto é, de todos os Cristiáns do mundo.

O segundo Libro ten dúas Conclusións: Unha, que San Pedro chegou a Bispo de Roma e morreu despois. A outra, que os Papas de Roma son os seus Sucesores. Ambas as dúas foron disputadas por outros. Mais supoñendo que sexan certas, se por Bispo de Roma debemos entender ou o Monarca da Igrexa ou o seu Pastor Supremo, ese Bispo non sería Silvestre senón Constantino (quen fora o Emperador Cristián), e igual que Constantino todos os demais Emperadores Cristiáns foron por Dereito Bispos Supremos do Imperio Romano; do Imperio Romano, digo, e non de toda a Cristiandade. Porque os outros Soberanos Cristiáns teñen o mesmo Dereito non seus diferentes Territorios, como se se tratase dun Mester vencellado á súa Soberanía. O que servirá como resposta ao seu Libro segundo.

No terceiro Libro manexa a cuestión de se o Papa é o Anticristo. Pola miña banda non vexo argumento que o probe, no senso no que as Escrituras empregan o termo, nin empregarei argumentos derivados da calidade do Anticristo para contradicir a Autoridade que exercita, ou que teña exercitado nos Dominios de ningún outro Príncipe ou Estado.

É evidente que os Profetas do Antigo Testamento vaticinaron e os Xudeus agardaban un Mesías, isto é, un Cristo que restablecese entre eles o reino de Deus, que fora rexeitado por eles no tempo de Samuel, cando requirirán un Rei á maneira das outras Nacións. Esta expectativa posibilitara a impostura dalgúns que tiñan, ao tempo, a ambición de tentar conseguir ese Reino e a arte de enganar ao Pobo aparentando milagres por medio dunha vida hipócrita ou a través de oracións e doutrinas seguidoras da norma. Daquela o noso Salvador e os seus Apóstolos avisaran aos homes dos Falsos Profetas e dos Falsos Cristos. Aos Falsos Cristos como aqueles que pretenden ser *Cristo*, pero non o son, chámaselles con xeito *Anticristos*, de idéntica maneira

que cando acontece un Cisma na Igrexa pola elección de dous Papas un chama ao outro *Antipapa* ou falso Papa. E xa que logo Anticristo no seu significado preciso ten dúas características esenciais; Unha, que nega que Xesús sexa Cristo, e outra que el mesmo pretende ser Cristo. O primeiro Sinal vén establecido por *San Xoán* na súa *Epístola* 1, capítulo 4, versículo, 3 *Todo Espírito que non confese que Xesús Cristo se fixo carne non é de Deus; E este é o Espírito do Anticristo*. O outro sinal exprésase nas palabras do noso Salvador (*Mateo*, 24.5) *Moitos virán no meu nome dicindo, Eu son Cristo, e ademais, Se Algun vos dixese, velaquí o Cristo, este é o Cristo, non acreditedes nel*. E xa que logo o Anticristo ten de ser un Falso Cristo, ou sexa, un daqueles que pretenden ser Cristo. E deses dous Sinais, *negar que Xesús sexa Cristo*, e afirmar que *el é Cristo*, séguese que debe de ser tamén un *Adversario de Xesús, o verdadeiro Cristo*, o que vén sendo outro significado habitual da palabra Anticristo. Mais destes moitos Anticristos hai un en especial ὁ Αντίχριστος, *O Anticristo*, ou *Anticristo* definidamente, como unha persoa certa; non indefinidamente, *un Anticristo*. Ora, vendo que o Papa de Roma nin pretendía selo el, nin negaba que Xesús fose Cristo, non entendo como se lle pode chamar Anticristo; sen que por esa palabra deba entenderse un que é o *Seu* Representante ou Vicario xeral, mais *El*. Hai tamén algún Sinal do tempo deste Anticristo especial, como cando se di (*Mateo*, 24.15) que ese abominable Destrutor, do que fala Daniel, ficará no lugar Sagrado e semellante tribulación, como non o a houbera desde o comezo do mundo, non volverá a repetirse, porque se durase máis (versículo 22) *ningunha carne podería salvarse; senón por amor dos escollidos dos que se acurtarían os días* (feitos menos numerosos). Mais esa tribulación aínda non chegou, pois que será seguida inmediatamente (versículo 29) por un escurecemento do Sol e mais da Lúa, a caída das Estrelas, a colisión dos Ceos, e a gloriosa arribada do noso Salvador entre nubes. Así pois *O Anticristo* aínda non veu, mentres que moitos

Papas viñeron e marcharon. É certo que o Papa ao arrogarse o dar Leis a todos os Reis Cristiáns e ás Nacións usurpou un Reino neste mundo, ese que Cristo non quixo tomar para El: mais non o fai *como Cristo* senón *para Cristo*, de maneira que non ten nada do *Anticristo*.

No Libro cuarto, para probar que o Papa é o Xuíz supremo en todas as cuestión relativas á Fe e Costumes (*o que vén sendo tanto como ser o Monarca absoluto de todos os Cristiáns do mundo*) achega tres Proposicións. A primeira, a infalibilidade dos seus Xuízos. A segunda, que el mesmo pode promulgar Leis e castigar a aqueles que non as observen. A terceira, que o noso Salvador outorgara toda a Xurisdición Eclesiástica ao Papa de Roma.

Verbo da Infalibilidade dos seus Xuízos alegou as Escrituras: e primeiro, a de *Lucas, 22.31: Simón, Simón, Satanás quixo peneirarte como trigo, mais eu preguei por ti, para que a túa fe non decaia, e que cando te convertas fortifiques os teus irmáns*. Isto, segundo a exposición de Belarmino, é que Cristo lle dera a Simón Pedro dous privilexios: un, que nin a súa Fe decaería nin a Fe de ningún dos seus sucesores: a outra, que nin el nin ningún do seus sucesores debería definir puntos relativos á Fe ou aos Costumes de xeito erróneo ou contrario á definición dun Papa anterior. Que é unha interpretación estraña e moi forzada. Mais o que lea este capítulo con atención atopará que non hai pasaxe en todas as Escrituras que faga máis contra a Autoridade dos Papas que este mesmo. Os Sacerdotes e Escribas procuraban matar o noso Salvador na Pascua, e Xudas fora posuído coa resolución de traizoalo, e chegara o día de inmolar a Pascua e o noso Salvador celebraba o mesmo cos seus Apóstolos, dicindo que deica que non chegase o Reino do Señor El non ía facer máis e dilles que un deles ía traizoalo. Daquela preguntáronlle quen sería este e ao mesmo tempo (sabendo que a vindeira Pascua que o seu Mestre celebrase sería xa sendo Rei) comezaron unha disputa sobre quen sería deles o home máis grande. O noso Salvador díxolles daquela que os Reis das Nacións

tiñan Dominio sobre os seus Súbditos, e que se lles chama (en Hebreo) cun nome que significa Xeneroso, mais eu non podo ser tal para vós, vós debédesvos esforzar de servir os uns aos outros, destínovos un Reino, mais é como aquel que meu Pai destinara para min; un Reino que debo procurar co meu sangue, e que non debo posuír ata a miña segunda chegada, daquela comerei e beberei á miña Mesa, e sentarei nos Tronos, xulgando ás doce Tribos de Israel. E entón, dirixíndose a San Pedro, dixo, *Simón, Simón*, Satanás procura enfracuecer a túa fe no futuro suxerindo un dominio presente; mais eu teño pregado por ti, para que a túa fe non decaia. Xa que logo ti (decátate disto) xa convertido, e entendendo que o meu Reino é doutro mundo, confirma a mesma fe nos teus Irmáns. Ao que San Pedro contestou (como quen non agardase ningunha autoridade neste mundo): *Señor, estou preparado a ir contigo, non soamente ao Cárcere, mais á Morte*. Do que se manifesta que a San Pedro non soamente se lle dera xurisdición neste mundo, senón a encomenda de ensinar a todos os outros Apóstolos, sendo así que eles non terían ningunha. E verbo da Infallibilidade das sentenzas definitivas de San Pedro en materias de fe, non se lle atribúe máis neste Texto senón que San Pedro deberá continuar crendo no xa sabido, que Cristo terá de volver, a posuír o Reino no día do xuízo. O que non lles foi transferido daba por este Texto a todos os seus Sucesores, pois que vemos que seguen a reclamálo no Mundo actual.

A segunda pasaxe é a de *Mateo*, 16: *Ti es Pedro e sobre esta rocha construirei a miña Igrexa, e as portas do Inferno non prevalecerán contra ela*. Do que (como xa teño demostrado neste capítulo) non se proba máis que as portas do Inferno non prevalecerán contra da confesión de Pedro, o que dera ocasión a ese discurso; nomeadamente isto, que *Xesús é Cristo, o Fillo de Deus*.

O terceiro Texto é de *Xoán*, 21, versículos 16, 17. *Alimenta as miñas ovellas*; o que non contén senón unha Encomenda para Ensinar. E se coidamos en que os restantes Apóstolos están

contidos na denominación *Ovellas*, isto quere dicir o supremo Poder de Ensinar, pero soamente para o tempo en que non había Soberanos Cristiáns que posuíran xa esa Supremacía. Mais eu xa teño probado que os Soberanos Cristiáns son nos seus propios Dominios os Supremos Pastores, instituídos como tales por ser Bautizados, aínda que sen outra Imposición de Mans. Porque semellante Imposición ao ser unha Cerimonia que serve para designar a persoa non é precisa cando esta xa está nomeada para o Poder de Ensinar a doutrina que desexe, en virtude da súa institución ao Poder Absoluto sobre os seus Súbditos. Porque como xa teño probado anteriormente os Soberanos son Mestres supremos (en xeral) polo seu Mester, e así pois obríganse (polo seu Bautismo) a ensinar a Doutrina de Cristo. E cando declinan noutros o ensino da súa xente arriscando as súas propias almas, porque é aos Cabezas de Familia a quen Deus pedirá contas da instrución de Fillos e Servos. É do propio Abraham, non dun servo eventual, de quen Deus dixo (*Xénese*, 18.19): *Sei que mandará nos seus Fillos, e na súa casa, para que sigan o camiño do Señor, facendo xustiza e xuízo.*

A cuarta pasaxe é aquela do Éxodo, 28.30, que di: *Poñerás no Peitoral do Xuízo o Urim e mais o Tummin*: o que dixo que se interpreta polos Setenta como *δήλωσιν καὶ ἀλήθειαν*, ou sexa, *Evidencia e Verdade*: do que se conclúe que Deus outorgara Evidencia e Verdade (case que Infalibilidade) ao Sumo Sacerdote. Mais fose a Evidencia e a Verdade a que se desen, ou unha Admonición ao Sacerdote para animalo a que informase con claridade, outorgando un recto xuízo, pois que se daba ao Sumo Sacerdote estábanelle dando ao Soberano Civil. Porque inmediatamente baixo Deus viña o Sumo Sacerdote no Estado de Israel, e este é un argumento a prol da Evidencia e da Verdade, ou sexa, a favor da Supremacía Eclesiástica dos Soberanos Cívís sobre dos seus propios Súbditos contra do pretendido Poder do Papa. Estes son todos os Textos que achega a prol da Infalibilidade do Xuízo do Papa en materia de Fe.

Verbo da Infalibilidade do seu Xuízo relativo ás Maneiras achega un Texto, o de *Xoán*, 16.13: *Cando veña o Espírito da verdade habrá de vos traer toda a verdade*: alí onde di *toda a verdade*, quer dicir, cando menos, *toda a verdade precisa para a salvación*. Mais con esta advertencia non atribúe máis Infalibilidade ao Papa que a calquera home que profesando a Cristiandade non teña de ser condenado. Porque se calquera home erra en calquera cuestión, onde para a Salvación é preciso non errar, é imposible que se salve; con efecto, soamente isto é preciso para a Salvación, sen o cal salvarse é imposible. Que aspectos sexan estes heinos de declarar a partir das Escrituras no Capítulo seguinte. De momento non digo máis que aínda que estivese comprobado que o Papa non puidese ensinar erro ningún isto non o titularía sobre Xurisdición ningunha nos Dominios doutro Príncipe, a menos de que digamos tamén que un home vén obrigado en conciencia a facer traballar en todas as ocasións ao mellor operario, aínda que lle teña prometido anteriormente ese choio a outro.

Apoiándose no Texto argumenta Razoando desta maneira: se o Papa dese errado no necesario daquela Cristo non tería previsto abondo para a Salvación da Igrexa, porque lle ordenaría seguir as directrices do Papa. Mais este Razoamento non serve a menos de que nos mostre cando e onde Cristo mandase iso ou tivese noticia dalgún Papa, ou demostre que calquera cousa que se lle dese a San Pedro era outorgada tamén ao Papa. Mais vendo que nas Escrituras non se lle ordena a ningún home obedecer a San Pedro ningún home será xusto se lle obedece cando os seus mandatos son contrarios aos do seu Soberano lexítimo.

Por último, non se ten declarado pola Igrexa nin polo propio Papa que sexa o Soberano Civil de todos os Cristiáns do mundo, e xa que logo non todos os Cristiáns veñen obrigados a recoñecer a súa Xurisdición en materia de Costumes. Porque a Soberanía Civil e a Xudicatura suprema en controversia de Costumes son a mesma cousa. E os Facedores de Leis Cívís



non soamente Declaran senón que Institúen tamén a xustiza e inxustiza das accións, sen que haxa nada nos Costumes dos homes que os fagan rectos ou errados senón a súa conformidade coa Lei do Soberano. E xa que logo cando o Papa reclama a Soberanía nas controversias relativas aos Costumes ensina aos homes a desobedecer ao Soberano Civil; o que é unha Doutrina errada, contraria aos moitos preceptos do noso Salvador e os seus Apóstolos que se nos mostran nas Escrituras.

Para probar que o Papa ten Poder para facer Leis alega moitas pasaxes; en primeiro lugar, o *Deuteronomio*, 17.12: *O home que procede con presunción, sen obedecer ao Sacerdote (que está para Servir alí diante do Señor, o teu Deus, ou o Xuíz), ese home morrerá, e ti afastarás o mal de Israel.* Para responder a isto temos de lembrar que o Sumo Sacerdote (inmediatamente despois de Deus) era o Soberano Civil, e todos os Xuíces tiñan de ser constituídos por el. As palabras que se alegan veñen sendo estas: *Quen pretenda desobedecer o Soberano Civil, hoxe en día, ou a calquera dos seus Funcionarios, na execución dos seus mandatos, ese home debe morrer, etc.* o que vai nitidamente a prol da Soberanía Civil e contra do poder Universal do Papa.

En segundo lugar, alega a pasaxe de *Mateo*, 16: *O que atares, etc.*, interpretando semellante *ligazón* como atribuída (*Mateo*, 23.4) aos Escribas e Fariseos: *Atan cargas pesadas e pouco doadas de levar, pousándoas nos ombreiros dos homes;* o que se interpreta (dinos) como Promulgación de Leis; para concluír que o Papa pode promulgar Leis. Mais isto vén referido unicamente ao poder Lexislativo dos Soberanos Cívís. Porque os Escribas e os Fariseos sentaban na Cadeira de Moisés mais Moisés era, inmediatamente despois de Deus, o Soberano do Pobo de Israel, e xa que logo era o noso Salvador quen lles mandaba facer que dicir pero non que facer. Ou sexa, obedecer as súas Leis mais non seguir o seu Exemplo.

A terceira pasaxe é *Xoán*, 21.16: *Alimenta ás miñas ovellas;* e non se trata dun Poder para promulgar Leis mais unha orde

para Ensinar. Facer Leis corresponde ao Señor da Familia; quen escolle ao seu criterio Capelán, como igualmente a un Profesor para os seus fillos.

A cuarta pasaxe, *Xoán, 20.21* vai contra del. As palabras son *Tal como me enviara meu pai, así fago eu contigo*. Mais o noso Salvador fora enviado para Redimir (pola súa Morte) a quen creesen; por mor de preparalos por mediación súa e a predicación dos seus Apóstolos para que entrasen no seu Reino; o que El mesmo dixera que non era deste mundo, ensinándonos a pregar pola súa chegada aínda que rexeitara (*Feitos, 1.6,7*) dicirilles aos seus Apóstolos cando tal acontecería; e no que, ao chegar, os doce Apóstolos sentarán en doce Tronos (cada un, se cadra, tan alto como o de San Pedro) para xulgar ás doce tribos de Israel. Daquela vendo que Deus Pai non enviara ao noso Salvador para promulgar Leis no mundo presente, podemos concluír do Texto que tampouco o noso Salvador mandara a San Pedro a facer Leis aquí mais a persuadir aos homes a agardar a súa chegada con fe firme, e no ínterim, se Súbditos, a obedecer aos seus Príncipes, e se Príncipes tanto a crer como en obrigar aos seus Súbditos a facer o propio, sendo este o Mester dos Bispos. Xa que logo esta pasaxe subliña moi fortemente o vencello da Supremacía Eclesiástica á Soberanía Civil, contrariamente a aquilo aducido polo Cardeal Belarmino.

A quinta pasaxe é *Feitos, 15.28: Parecéralle ben ao Espírito Santo, e a nós, impoñer riba vosa unha carga non meirande que aquelas cousas precisas, como que vos absteñades de carnes ofrecidas aos Ídolos, e de sangue, e de cousas esganadas e da fornicación*. Aquí é onde subliña a expresión *imposición de cargas* para o Poder LEXISLATIVO. ¿Mais quen será capaz, ao ler este Texto de dicir que o estilo dos Apóstolos non se pode empregar con xeito tanto ao dar Consello como ao promulgar Leis? O estilo dunha Lei vén sendo, *Ordenamos*, mais *Parécenos ben* é o estilo común de quen non dá senón Consello; e os Apóstolos impoñen unha Carga que dá Consello, aínda que este sexa condicional,

isto é, se aqueles ao que llo dan compren as súas finalidades. E tal é a Carga de absterse de cousas esganadas e de sangue, non absoluta, mais non caso de que non queiran errar. Xa teño probado anteriormente (capítulo, 25) de que a Lei se distingue do Consello en que a razón da Lei xorde do designio e proveito de quen a prescribe, mais a razón do Consello do designio e proveito daquel ao que se lle dá o Consello. Mais, para o caso, os Apóstolos procuran soamente o proveito dos Xentís convertidos, nomeadamente a súa Salvación, non o seu propio beneficio, porque unha vez levado adiante o seu propósito acadarían a súa recompensa, fosen obedecidos ou non. E xa que logo os Feitos deste Concilio non foron Leis senón Consellos.

A sexta pasaxe é a de *Romanos, 13: Que cada Alma se suxeite aos Poderes máis Altos, porque non hai outro Poder que o de Deus*: do que se entende que non se refire soamente aos Príncipes Secular mais aos Eclesiásticos. Ao que respondo que non hai Príncipes Eclesiásticos senón aqueles que son tamén Soberanos Cívís, sen que as súas Xurisdicións excedan os límites da súa Soberanía Civil; fóra deses límites aínda que poidan ser recibidos como Doutores non poden ser recoñecidos como Príncipes. Porque se o Apóstolo quixese que nos suxeitásemos tanto aos nosos Príncipes como ao Papa estaría ensinándonos unha doutrina que o propio Cristo conceptuase como imposible, basicamente, *servir a dous Amos*. E aínda que o Apóstolo dixera noutro lugar, *Escribo estas cousas en ausencia, porque de estar presente empregaría unha acritude de acordo co Poder que me ten outorgado o Señor*, non se trata de que exhibise o Poder para condenar a morte, aprisionar, prohibir, azoutar, ou multar a calquera, con cousas que son Castigos, senón soamente para Excomungar o que (sen o Poder Civil) non é máis que evitar a súa compañía evitando que teñan máis que ver con eles que o que terían un Pagán ou un Publicano, o que en moitas ocasións podería ser unha mágoa meirande para quen Excomunga que para o Excomungado.

A sétima pasaxe é *Corintios*, 4.21: ¿irei con vós con vara ou con amor e espírito de mansedume? Mais aquí, de novo, non é o Poder dun Maxistrado para castigar os ofensores, simbolizado cunha Vara, senón soamente o Poder de Excomungar, que non é na súa propia natureza un Castigo, senón soamente o Aviso dun castigo que Cristo inflixirá cando estea en posesión do seu Reino no día do Xuízo. Nin será daquela propiamente un Castigo, cal o que se dispensa a un Suxeito que teña crebado a Lei, senón unha Vinganza como a que recae nun Inimigo ou Sublevado que denega o Dereito do noso Salvador ao Reino. Exa que logo non proba o Poder Lexislativo de calquera Bispo que non teña o Poder Civil.

A Oitava pasaxe é, *Timoteo*, 3.2 *Un Bispo debe ser esposo dunha soa muller, vixiante, sobrio, etc.*, o que segundo dixo era unha Lei. Pensaba que ninguén podía promulgar unha Lei na Igrexa agás o Monarca da Igrexa, San Pedro. Mais dando por suposto que este Precepto viña dado pola autoridade de San Pedro, non vexo razón pola que chamarlle Lei, senón máis ben Consello, vendo que Timoteo non era Súbdito senón Discípulo de San Paulo, nin o rabaño a cargo de Timoteo os seus Súbditos no Reino, senón os Escolares na Escola de Cristo. Se todos os Preceptos que dá a Timoteo son Leis, ¿por que esta non é tamén unha Lei, *non bebedes máis auga senón un pouco de viño para gozar de boa saúde?* ¿E por que non son os Preceptos dos Médicos bos tamén Leis? Mais non é a maneira Imperativa de falar, senón unha Subxección absoluta a unha Persoa, a que fai dos seus Preceptos, Leis.

De idéntica maneira, a pasaxe novena, 1 *Timoteo*, 5.19: *Non aceptes acusacións contra dun Ancián, senón diante de dúas ou tres Testemuñas*, é un Consello sabio, pero non unha Lei.

A décima pasaxe é, *Lucas*, 10.16: *O que te escoite, escóitame a min; e o que te rexeite, anda a me rexeitar*. E non hai dúbida de que aquel que despreza o Consello dos que foran enviados por Cristo, despreza o Consello do propio Cristo. ¿Pero quen son

agora aqueles que foron enviados por Cristo senón os ordenados Pastores pola Autoridade lexítima? E quen son ordenados lexitimamente senón o foron polo Pastor Soberano? E quen é ordenado polo Pastor Soberano nun Estado Cristián que non fora ordenado en virtude da autoridade do Soberano do Estado? Desta pasaxe o que se deduce que quen escoita o seu Soberano se é Cristián, escoita a Cristo, e o que despreza a Doutrina que un Rei, sendo Cristián, autoriza, despreza a Doutrina de Cristo (que non é o que Belarmino tentaba probar aquí, senón o contrario). Pero nada disto ten que ver cunha Lei. O que é máis, un Rei Cristián, en canto que Pastor e Mestre dos seus Súbditos, non promulga desta maneira as súas Leis Doutrinais. Non pode obrigar aos homes a crer, aínda que como Soberano Civil poida facer Leis axeitadas á súa Doutrina, que poden obrigar aos homes a certas accións, e ás veces a algunhas que noutras circunstancias non cumprirían e que non debería ordenar; e aínda así cando son ordenadas deveñen Leis, e as accións externas feitas para obedecelas, sen aprobación interna, son actos do Soberano e non do Súbdito, quen é para o caso un instrumento sen vontade propia, porque Deus comandou que as obedecese.

A undécima é cada pasaxe onde o Apóstolo en canto de Consello emprega palabras coas que os homes adoiten significar Ordes, ou ben pidan Obediencia a seguir o seu Consello. E xa que logo alega en *Corintios*, 1, 11.2: *Ordénovos que gardedes os meus Preceptos tal como volos dispensei*. O que está lonxe de significar que fosen Leis, ou calquera outra cousa, senón bos Consellos. Tamén en *Tesalónicos*, 4.2: *Xa sabedes que ordes vos deramos*, onde a palabra Grega é παραγγελίας ἐδώκαμεν, equivalente a παρεδώκαμεν, *o que vos consignáramos*, tal como se mostra na pasaxe citada inmediatamente antes desta, o que non proba que as Tradicións dos Apóstolos sexan máis que Consellos; aínda que como se di no versículo 8, *quen os despreza, non despreza os homes senón a Deus*. Porque o noso Salvador non veu aquí a Xulgar, isto é, a ser Deus neste mundo, mais a

Sacrificarse El mesmo polos Pecadores, e deixar os Doutores da Igrexa que dirixan, non que conduzan, os homes cara a Cristo, quen nunca aceptara accións forzadas (que é todo o que produce a Lei) senón a conversión interior do corazón; mais esta non é o labor das Leis, senón do Consello e mais da Doutrina.

En *Tesalonicenses*, 3.14: *Se algún home non Obedece a nosa palabra nesta Epístola, sinaládeo, e non vos xuntedes con el para que se avergoñe*; do que se infire que esta Epístola viña sendo unha Lei para os Tesalonicenses. As Epístolas do Emperador eran, en verdade, Leis. Xa que logo se as Epístolas de San Paulo eran igualmente unha Lei, tiñan de obedecer a dous Amos. Mais a palabra *Obedecer*, en Grego ὑπακούει, significa *escoitar con atención* ou *poñer en práctica*, non soamente o que se Ordena por aquel que ten dereito a castigar senón tamén o que se nos di a maneira de Consello polo noso ben: e xa que logo San Paulo non nos pide que matemos a quen desobedece, nin que o batamos nin o metamos no cárcere, nin o multemos, o que todos os Lexisladores poden facer, senón evitar a súa compañía para que se avergoñe; do que se evidencia que non era o Imperio dun Apóstolo o que suxeitaba os Cristiáns, senón a súa Reputación entre os Fieis.

A derradeira pasaxe é de *Hebreos*, 13.17: *Obedecede os vosos guieiros, e sometédevos a eles, porque velan polas vosas almas pois que deben dar conta delas*. Enténdense aquí por Obediencia o seguimento do seu Consello. Porque a razón da nosa Obediencia non procede da vontade e mandato dos nosos Pastores, senón do noso propio proveito, ao procurar eles a Salvación das nosas almas, e non a Exaltación do seu Poder e Autoridade. Ademais, os que están obrigados a obedecer os seus Pastores non teñen poder para examinar as súas ordes. Que lle diremos a San Xoán, quen nos ordena (Epístola 1, capítulo, 4, versículo, 1) *Non acreditedes en todos os Espíritos, mais tratade de que todos procedan de Deus, porque moitos falsos Profetas viñeron ao mundo?* Manifestase, xa que logo, que podemos disputar a Doutrina dos

nosos Pastores, pero que ningún home pode discutir unha Lei. Os Mandatos dos Soberanos Cívís veñen sancionados en todos os casos polas Leis; se algún outro pode facer unha Lei, ademais del, o Estado enteiro, e consecuentemente a Paz e a Xustiza cesan, o que contraria todas as Leis, Divinas e Humanas. Así pois nada pode tirarse, destas ou outras pasaxes das Escrituras, para probar que os Decretos do Papa son Leis, alí onde este non ten a Soberanía Civil.

O punto derradeiro que cómpre probar é este: *Que o noso Salvador Cristo non ten encargado a Xurisdición Eclesiástica a ningún senón ao Papa*. Xa que non manexa a Cuestión da Supremacía entre o Papa e os Reis Cristiáns senón entre o Papa e os outros Bispos. E en primeiro lugar di que hai acordo en que a Xurisdición dos Bispos é, polo menos na súa natureza, *de Jure Divino*, isto é, no Dereito Divino; para probar o cal cita a San Paulo, *Efesios*, 4.11, onde se di que Cristo, logo da súa Ascensión ao ceo, *dera dons aos homes, entre eles, aos Apóstolos, Profetas, Evanxelistas, Pastores e Mestres*. Do que se deduce que basean a súa Xurisdición no Dereito Divino, pero que non garanten que a reciban acto continuo de Deus senón derivada a través do Papa. Mais se se di que un home recibe a súa Xurisdición *de Jure Divino*, pero non inmediatamente; Que Xurisdición lexítima, aínda que non sexa Civil, hai nun Estado Cristián que non sexa tamén *de Jure Divino*? Porque os Reis Cristiáns reciben o seu Poder Civil de Deus inmediatamente, e os Maxistrados so del exercitan os seus cargos diversos en virtude da súa Comisión, de maneira que o que fan non ten menos *de Jure Divino mediato*, que aquilo que os Bispos fan en virtude da Mediación Papal. Todo Poder lexítimo vén de Deus, inmediatamente no Gobernador Supremo e de maneira mediata naqueles que teñen Autoridade subordinada a del. De maneira que ou ben debe recoñecer que calquera Alto Funcionario do Estado retén o seu Mester por Dereito Divino ou non debe admitir que calquera Bispo faga o propio, ademais do propio Papa.

Mais toda esta Disputa, sobre se Cristo deixou a Xurisdición unicamente ao Papa, ou tamén a outros Bispos, se considerada fora dos lugares onde o Papa ten Soberanía Civil é unha discusión de *lana Caprina*. Porque ningún deles (alí onde non son Soberanos) carece absolutamente de Xurisdición. Porque a Xurisdición é o Poder de escoitar e determinar Causas entre homes, e non pertencerá a ninguén senón a aquel que ten Poder para prescribir as Leis do Xusto e do Errado, isto é, de promulgar Leis, e coa Espada da Xustiza obrigar aos homes a respectar as súas Decisións, pronunciadas por el ou por aqueles Xuíces aos que ordenara con esta finalidade; o que non pode facer lexítimamente outro que non sexa o Soberano Civil.

Xa que logo ao aducir a partir de *Lucas, 6*, que o noso Salvador vencellara aos seus Discípulos, escollendo a unha ducia deles aos que chamou Apóstolos, probou que os Elixira (a todos, agás a Matías, Paulo e Bernabé) dándolles Poder e Mando para Predicar, mais non para Xulgar Causas entre home e home, porque se trata dun Poder que El rexeitara tomar para si, dicindo *Quen me fixo Xuíz ou Árbitro entre vós?*, e noutro lugar, *O meu Reino non é deste mundo*. Mais de quen non teña Poder para escoitar e determinar Causas entre home e home non hai xeito de dicir que teña Xurisdición en absoluto. E isto non é atranco ningún senón que significa que o noso Salvador lles dera Poder para Predicar e Bautizar en todas as partes do mundo, supoñendo que non foran vetados polo seu propio Soberano. Porque o propio Cristo ten ordenado os nosos Soberanos e os seus Apóstolos en lugares diversos que sexamos obediénte en todas as cousas.

Os argumentos polos que deben probar que os Bispos reciben a súa Xurisdición do Papa (vendo que o propio Papa non ten Xurisdición nos Dominios dos outros Príncipes) son todos baldeiros. Mais xa que proban, ao contrario, que todos os Bispos reciben Xurisdición cando lles vén dos seus Soberanos Cívís omitirei enumeralos.



O primeiro está en *Números* 11. Cando ao non ser quen Moisés de aturar toda a carga de administrar os asuntos do Pobo de Israel, recibira a orde de Deus de escoller Setenta Anciáns, e tomando Deus parte do espírito de Moisés infundiuno neses Setenta Anciáns, do que se deduce non que Deus enfraquecera o espírito de Moisés porque iso non lle facilitaría as cousas senón que lle outorgara a todos eles a súa autoridade, dándolle así á pasaxe unha interpretación correcta e enxeñosa. Mais vendo que Moisés tiña completa Soberanía no Estado dos Xudeus, é onde atopa significado esta pasaxe; que recibían a súa Autoridade do Soberano Civil. E xa que logo a pasaxe proba que os Bispos en cada Estado Cristián reciben a súa Autoridade do Soberano Civil, e do Papa soamente nos Territorios deste, e non nos Territorios doutro Estado.

O segundo argumento está na natureza da Monarquía, pois que nela a Autoridade reside nun Home, e noutros por derivación súa. Mais o Goberno da Igrexa, asegura, é Monárquico. Isto vale tamén para os Monarcas Cristiáns. Pois que son realmente Monarcas da súa propia xente, é dicir, da súa propia Igrexa (porque a Igrexa e o pobo Cristián son a mesma cousa;) mentres que o Poder do Papa, aínda que o ostente San Pedro non ten nada de *Árchico* nin *Crático*, mais soamente de *Didáctico*. Porque Deus non acepta unha obediencia forzada senón voluntaria.

O terceiro ten que ver con que a *Sede* de San Pedro é chamada por San Cipriano, *Cabeza*, *Manancial*, *Raíz*, *Sol*, derivándose dela a Autoridade dos Bispos. Mais segundo a Lei da Natureza (qué é un Principio do Xusto e mais o Inxusto mellor que a palabra de calquera Doutor, quen non é máis que un home) o Soberano Civil en cada Estado é *Cabeza*, *Manancial* *Raíz* e *Sol*, dos que se deriva a Xurisdición. E xa que logo a Xurisdición dos Bispos deriva do Soberano Civil.

O cuarto apáñase da Desigualdade das súas Xurisdicións. Porque se Deus (dixo el) as outorgase inmediatamente daría da mesma maneira Igualdade de Xurisdición e mais de Orde. Mais

vemos que algúns non son Bispos senón da súa Cidade, outros de cen Cidades, e algúns de Provincias enteiras; diferenzas que non veñen determinadas polo mandato Divino, sendo a súa Xurisdición, xa que logo, non de Deus mais do Home; tendo un máis, outro menos, segundo lle pete ao Príncipe da Igrexa. Tal argumento, se o demostrase antes, que o Papa tiña Xurisdición Universal sobre todos os Cristiáns, sería para a súa utilidade. Mais vendo que non foi probado, e que é ben coñecido que a gran xurisdición do Papa lle foi outorgada por quen a tiñan, ou sexa, polos Emperadores de Roma (porque o Patriarca de Constantinopla, baixo o mesmo título, esencialmente o de ser o Bispo da Capital do Imperio e Sede do Emperador, coida ser igual a el) séguese que todos os demais Bispos reciben a súa Xurisdición dos Soberanos do lugar onde exercitan esta. E por esa razón non teñen Autoridade *de Jure Divino*, agás unicamente onde el é tamén o Soberano Civil.

O seu quinto argumento é este: *Se os Bispos reciben a súa Xurisdición inmediatamente de Deus, o Papa non lla pode afastar, porque non pode facer nada contrario ao ordenado por Deus.* E esta consecuencia é boa e está ben demostrada. Pero (di el) *o Papa pode facer isto, e foi o que fixo.* Concedámoslle tamén isto, de maneira que o faga nos seus propios Dominios ou nos Dominios de calquera outro Príncipe que lle teña dado ese Poder, pero non universalmente, por Dereito do Papado. Porque ese Poder pertence a cada Soberano Cristián dentro dos límites do seu propio Imperio e é inseparable da Soberanía. Antes o Pobo de Israel (por mandato de Deus a Samuel) puxera riba deles un Rei, á maneira das outras Nacións, ocupándose o Sumo Sacerdote do Goberno Civil, e ninguén senón el podía depoñer a un Sacerdote inferior. Mais ese Poder pasara despois ao Rei, como se pode comprobar no mesmo argumento de Belarmino. Porque se o Sacerdote (fose o Sumo Sacerdote ou calquera outro) recibirá a súa Xurisdición inmediatamente de Deus daquela o Rei non podía tirarlle, pois que *non era quen*

*para facer nada contrario ás ordes de Deus.* Mais o certo é que o Rei Salomón (1 Reis, 2.26) privara a Abiatar, o Sumo Sacerdote, do seu Mester, poñendo a Zardok no seu lugar. Xa que logo os Reis poden, de idéntica maneira, Nomear e Cesar Bispos como coiden axeitado para o bo goberno dos seus Súbditos.

O seu argumento sexto é este: Se os Bispos teñen a súa Xurisdición *de Jure Divino* (ou sexa, *inmediatamente de Deus*), os que tal manteñan deberían achegar algunha Palabra de Deus que o probase. Mais non poden achegar ningunha. O argumento é bo, e —xa que logo— nada teño que dicir na súa contra. Pero non é un argumento menos bo probar que o propio Papa non ten Xurisdición no Dominio doutro Príncipe.

Por último, achega como argumento a testemuña de dous Papas, *Inocencio e León*, e non dubido que podería aducir, con tan boa razón, as testemuñas de todas os Papas case que desde San Pedro. Porque coidando o amor ao Poder implantado de xeito natural na humanidade, quen queira que fose feito Papa estaría tentado a manter a mesma opinión. Aínda así, non poden facer outra cousa que a que fixeran *Inocencio e Leo*, dar testemuña deles mesmos, non sendo válida semellante testemuña.

No quinto Libro presenta catro Conclusións. A primeira é *Que o Papa non é Señor de todo o mundo.* A segunda: *Que o Papa non é Señor de todo o mundo Cristián.* A terceira: *Que o PAPA* (fóra do seu propio Territorio) non ten DIRECTAMENTE ningunha Xurisdición Temporal. A cuarta: *Que o Papa ten* (nos Dominios dos outros Príncipes) INDIRECTAMENTE o *Poder Supremo Temporal*; o que se lle denega, a menos que con INDIRECTAMENTE signifique que o acadase por medios Indirectos, séndolle daquela outorgado. Mais entendo que cando di que o ten *Indirectamente* o que quere dicir que semellante Xurisdición Temporal lle corresponde por Dereito, mais que ese Dereito non é senón Consecuencia da súa Autoridade Pastoral, que non daría exercitado de non ter a outra tamén. E xa que logo ao Poder Pastoral (ao que chama Espiritual) ten

que ir necesariamente vencellado o Poder Civil Supremo, do que se deduce que ten Dereito para mudar Reinos, dándollos a un, e quitándollos a outro, cando que pensa que é preciso para a Salvación das Almas.

Antes de que chegue a considerar os Argumentos polos que debe probar esta Doutrina, bo será non omitir as Consecuencias que deixa aberta: que os Príncipes e Estados que teñen a Soberanía Civil nos seus diferentes Territorios pensen por eles mesmos se admitilo será conveniente para eles e conducirá ao ben dos seus Súbditos, dos que deben dar conta no día do Xuízo.

Cando se di que o Papa non ten (no Territorio dos outros Estados) o Poder Civil Supremo *Directamente*, debemos entender que non o ostenta, como fan outros Soberanos Cívís, desde a submisión orixinal daqueles que van ser gobernados. Porque é evidente, como se ten demostrado abondo neste Tratado, que o Dereito de todos os Soberanos deriva orixinalmente do consentimento de quen van ser gobernados, ben sexa porque quen os escollen o fan para a súa defensa común contra un Inimigo, como cando cadran entre eles sinalar un Home ou unha Asemblea que os protexan, ben porque o fan para salvar as súas vidas someténdose a un Inimigo que se apodera deles. O Papa, xa que logo, cando rexeita o Supremo Poder Civil sobre outros Estados *Directamente* o único que denega é que o seu Dereito viñera a el desa maneira. Non por iso deixa de reclamalo doutro xeito, non outro que (sen o sen o consentimento daqueles que van ser gobernados) a través dun Dereito que lle outorgara Deus (e que el chama *Indirecto*) na súa Asunción ao Papado. Mais sexa da maneira que sexa o Poder é o mesmo; e pode (se se lle garante que sexa o seu Dereito) depoñer Príncipes e Estados, tan a miúdo como sexa preciso para a Salvación das Almas, é dicir, coa frecuencia que o desexe. Pois que el reclama tamén o Poder Exclusivo de Xulgar, trátese da Salvación das Almas dos homes ou non. E esta é a Doutrina, non soamente a de Belarmino aquí presentada e a que moitos outros Doutores

ensinan nos seus Sermóns e Libros, senón tamén a que algúns Concilios teñen decretado e os Papas acordado poñer en práctica cando o requirise a ocasión. Porque o cuarto Concilio de Letrán, que tivo lugar mandando *Inocencio* terceiro (no terceiro Capítulo, *De Hereticis*), promulgara este Canon: *Se un Rei, so da admonición Papal, non purga o seu Reino de Herexes, e sendo polo mesmo Excomulgado non dá satisfacción no prazo dun ano, os seus súbditos ficarán exentos de Obedecelo.* E a práctica, consecuentemente, foi vista en diversas ocasións; así ao Depoñer a *Chilperico*, Rei de Francia; ao Trasladar o Imperio Romano a *Carlomagno*; ao Oprimir ao Rei *Xoán*, de Inglaterra; ao Transferir o Reino de *Navarra*; e —nos últimos anos— a Liga contra *Henrique* terceiro de Francia, e en moitas outras ocasións. Penso que haberá poucos Príncipes que non coiden isto como Inxusto e Inaxeitado, mais confío en que o resolvan como Reis e Súbditos. Os homes non poden servir a dous Amos. Deben, xa que logo, facilitarlles o labor, ou termendo das Rendas do Goberno por enteiro, nas súas propias mans ou pousándoas nas mans do Papa, de tal maneira que estes homes, ansiosos de ser obedientes, sexan protexidos na súa obediencia. Porque a distinción entre Poder Temporal e Espiritual non pasa de ser palabras. O Poder está tan dividido e resulta tan perigoso a todas as fins, cando se comparte con outro Poder, *indirecto* ou *Directo*. Mais vaiamos agora aos seus Argumentos.

O primeiro é este: *O Poder Civil está suxeito ao Espiritual. Xa que logo quen ten o Poder Supremo Espiritual ten Dereito a mandar nos Príncipes Temporais, e dispón das súas Temporalidades con vistas á Espiritualidade.* Verbo da distinción entre Temporal e Espiritual debemos considerar en que senso se pode dicir intelixiblemente que o Poder Temporal ou Civil está suxeito ao Espiritual. Non hai senón dúas maneiras para que esas palabras poidan ter senso. Porque cando dicimos que un Poder está suxeito a outro Poder, o significado é que quen ten un está suxeito a aquel que ten o outro, ou que un Poder resulta para

o outro xeitos de acadar unha finalidade. Porque non podemos entender que un Poder teña Poder sobre outro Poder, ou que un Poder poida ter Dereito ou Mando sobre outro. Porque Subxección, Mando, Dereito e Poder son accidentes, non de Poderes senón de Persoas. Un Poder pode subordinarse a outros, como a arte dun Albardeiro á arte dun Xinete. Aínda admitindo que o Poder Civil se institúe como medio para achegarnos unha felicidade Espiritual, non se segue diso que o Rei veña obrigado a obedecer ao Papa máis do que cada Albardeiro teña de obedecer a cada Xinete. Xa que logo igual que da Subordinación da Arte non se pode inferir a Subxección dun Mestre, da Subordinación dun Goberno non se pode inferir a Subxección do Gobernador. Así pois, cando se di que o Poder Civil está Suxeito ao Espiritual, o significado é que o Soberano Civil está Suxeito ao Soberano Espiritual. Ficando o Argumento desta maneira: *o Soberano Civil está suxeito ao Espiritual. Xa que logo o Príncipe Espiritual pode mandar nos Príncipes Temporais.* Daquela a Conclusión sería a mesma se o Antecedente estivese debidamente probado. Mais para probalo aducirá, primeiro, esta razón: *Reis e Papas, Clero e Laicos non compoñen senón un Estado; isto é, unha Igrexa. E en todos os Corpos os Membros dependen os uns dos outros. Mais as cousas Espirituais non dependen das Temporais. Xa que logo o Temporal depende do Espiritual. Estando así pois Suxeito a este.* Nesta Argumentación hai dous erros grosos: un, que todos os Reis Cristiáns, Papas, Clero, e todos os demais Cristiáns non fan senón un Estado. Porque é evidente que Francia é un Estado, España, outro, Venecia, un terceiro, etc. E están formados por Cristiáns, e xa que logo son tamén diversos Corpos de Cristiáns, ou sexa, varias Igrexas. Representadas polos diversos Soberanos, partindo da base de que son quen de mandar e obedecer, de facer e sufrir, o mesmo que un home normal; e non existe unha Igrexa Xeral ou Universal ata que teña un Representante, do que carece na Terra, porque de telo non hai

dúbida senón de que toda a Cristiandade formaríase un Estado, sendo o seu Soberano ese Representante, tanto nos asuntos Espirituais como nos Temporais. E ao Papa, para mudar el mesmo en Representante, mancaríanlle tres cousas que o noso Salvador non lle dera, *Mandar, Xulgar e Castigar*, ademais de liscar (por medio da Excomuñón) de quen non queiran aprender del. Porque aínda que o Papa fose o único Vicario de Cristo, non poderá exercitar o seu goberno ata a segunda chegada do noso Salvador. E daquela tampouco será o Papa senón o propio San Pedro xunto cos outros Apóstolos os Xuíces do mundo.

O outro erro neste primeiro Argumento é que el sostén que os Membros de Cada Estado, ao ser un Corpo natural, dependen os uns dos outros. É certo que gardan un vencello mutuo, mais dependen soamente do Soberano, que é a Alma do Estado, e cando este espírito manca o Estado acaba disolvéndose nunha guerra civil, pois que ningún home se vencella co outro ao fallar esa Dependencia común nun Soberano coñecido. Xusto como os Membros do Corpo normal veñen disolverse na Terra ao mancarlles unha Alma que os agrupe. Daquela non hai nada nesta similitude da que se poida inferir unha dependencia da Laicidade no Clero, ou dos Ministros Temporais nos Espirituais, mais de ambos no Soberano Civil, que debe en verdade dirixir os seus mandatos Cívís á Salvación das Almas; mais que non está suxeito a ninguén que non sexa o propio Deus. E aquí vemos a elaborada falacia do primeiro Argumento, ao enganar aos homes como para non distinguir entre a Subordinación de Accións no camiño á Finalidade e a Suxeición das Persoas, unhas ás outras, na administración dos Medios. Porque para cada Fin os Medios veñen determinados pola Natureza ou por Deus mesmo de maneira sobrenatural, mais o Poder para que os homes fagan uso dos Medios remítese en cada nación (pola Lei da Natureza que prohibe aos homes violar a Fe que se lles dera) ao Soberano Civil.

O seu Argumento segundo é este: *Cada Estado (pois que se supón perfecto e suficiente de seu) pode mandar en calquera outro*

*Estado non suxeito a el, e obrígallo a trocar a administración do Goberno; tamén depoñer o Príncipe, e mudalo de lugar, se non pode defenderse doutra maneira das inxurias que lle anda a producir; con meirande razón poderá un Estado Espiritual ordenar a outro Temporal que cambie a administración do seu Goberno, e pode depoñer a Príncipes e instituír a outros cando non dean defendido o Ben Espiritual...*

Que un Estado, para defenderse contra das inxurias, poida facer lexitimamente todo o que aquí se di, é moi certo, tén-dose xa demostrado abondo no que antecede a isto. E se fose tamén certo que hai agora neste mundo un Estado Espiritual, diferente do Estado Civil, daquela podería o Príncipe, ben por inxurias feitas a el, ben por precaución para que esas inxurias non lle sexan feitas nun tempo futuro, prepararse e asegurarse a si mesmo pola Guerra; que vén sendo, abreviando, depoñer, matar, someter ou facer calquera acto de Hostilidade. Mais por idéntica razón non sería menos lexitimo para un Soberano Civil, por mor das inxurias feitas a el ou por medo a elas, facerlle a guerra ao Soberano Espiritual; o que penso que é máis do que o Cardeal Belarmino inferiría da súa propia proposición.

Mais o Estado Espiritual non existe neste mundo, porque vén sendo a mesma cousa que o Reino de Cristo; pois que El mesmo dixera que non é deste mundo; mais será no vindeiro, na Resurrección cando aqueles que teñan levado unha vida xusta e acreditado en que El era o Cristo, resucitarán (aínda que teñan morto como corpos *Naturais*) a xeito de corpos *Espirituais*. E daquela o noso Salvador vulgará ao mundo, sometendo os seus Adversarios e criando un Estado Espiritual. Ao mesmo tempo, vendo que non existen homes na terra dotados de corpos Espirituais, non pode haber un Estado Espiritual entre homes que son aínda carne, a menos de que chamemos aos Predicadores, que teñen como Misión Ensinar e preparar aos homes para a súa recepción no Reino de Cristo na Resurrección, un Estado. O que non existe segundo teño probado xa.



O terceiro Argumento é este: *Non é lexítimo que os Cristiáns toleren a un Infiel, ou un Rei Herexe, caso de que se propoña levalos á súa Herexía ou Infidelidade. Mais xulgar se un Rei conduce aos seus súbditos á Herexía corresponde ao Papa. Xa que logo o Papa ten Dereito de determinar se o Príncipe debe ser deposto ou non.*

A isto respondo que ambas aseveracións son falsas. Porque os Cristiáns (ou os homes da relixión que sexa) se non aturan ao seu Rei, sexa cal fose a Lei que promulga, aínda que sexa relativa á Relixión, violan a súa fe, contrariando a Lei Divina, ao tempo *Natural e Positiva*. Nin hai ningún Xuíz de Herexías entre Súbditos, senón o seu propio Soberano Civil. Porque *a Herexía non é máis que unha opinión privada, mantida teimosamente e contraria á opinión que a Persoa Pública* (isto é, o Representante do Estado) *ordenara que se ensinara*. Do que se pon de manifesto que unha opinión indicada publicamente para a súa ensinanza non pode ser Herexía; nin tampouco Herexes os Príncipes Soberanos que a autorizan. Porque os Herexes non son máis que os particulares que defenden teimosamente algunha Doutrina prohibida polos seus Soberanos lexítimos.

Mais para probar que os Cristiáns non deben aturar Reis Infieis ou Herexes aduce unha pasaxe do *Deuteronomio*, 17, onde Deus prohibe aos Xudeus que cando deban instituír un Rei que reine neles opten por un estranxeiro. Do que se infire que é ilexítimo que un Cristián elixa a un Rei que non o sexa. E é certo que quen sexa Cristián, é dicir, que xa se teña obrigado a recibir ao noso Salvador cando chegue como o seu Rei, provocará a Deus escollendo a xeito de Rei neste mundo a aquel que saiba que vai procurar, por medio do terror e mais da persuasión, facer que viole a súa fe. Mais supón (díxonos) o mesmo perigo escoller como Rei a un que non sexa Cristián, e non depoñelo cando sexa elixido. A isto replico que o choio non ten que ver co perigo de non depoñelo; mais da Xustiza de facer tal. Porque escollelo pode nalgúns casos ser inxusto; mais

facelo cando xa foi elixido non é Xusto en ningún caso. Porque é sempre unha violación da fe, e vai consecuentemente contra da Lei da Natureza, que é a Lei de Deus eterna. Tampouco lemos que semellante Doutrina fose coidada Cristiá no tempo dos Apóstolos, nin no tempo dos Emperadores Romanos ata que os Papas tivesen a Soberanía Civil de Roma. Mais a isto Belarmino replicou que os Cristiáns vellos non depuxeran a *Nerón*, nin a *Diocleciano*, nin a *Xiao* nin a *Valente*, o Arriano, sinxelamente por mor de que lles mancasen forzas Temporais. Se cadra. ¿Mais o noso Salvador, que de precisalas chamaría a doce Lexións de anxos inmortais e invulnerábeis para que o asistisen, non tiña forzas para depoñer a *César* ou, cando menos, a *Pilatos*, quen inxustamente, sen atopar falta ningunha nel, o entregara aos Xudeus para que o crucificasen? ¿Ou se os Apóstolos carecían de forzas temporais para depoñer a *Nerón*, era preciso que nas súas Epístolas aos Cristiáns do trinque tentasen ensinalles (tal como facían) a obedecer os Poderes constituídos riba deles (entre os cales *Nerón* era un exemplo nese tempo) tendo que someterse a eles non por medo da súa carraxe senón por unha cuestión de conciencia? ¿Diremos que non soamente non obedeceron senón que ensinaron o que non querían porque lles mancou forza? Xa que logo non é por falta de forza, mais en conciencia, a razón de que os Cristiáns deban aturar aos seus Príncipes Pagáns, ou Príncipes (porque non puido chamar Herexe a ninguén que teña por Doutrina a Doutrina Pública) que autoricen o ensino dun Erro. E aínda que verbo do Poder Temporal do Papa alega máis adiante que San Paulo (1 *Corintios*, 6) nomeou Xuíces baixo a regra dos Príncipes Pagáns daqueles tempos a algúns que non foran ordenados por estes Príncipes; isto non é certo. Porque San Paulo non fai senón aconsellarlles que boten man dos seus Irmáns para arranxar as súas diferenzas como Árbitros, en canto de litigar os uns contra dos outros diante dos Xuíces Pagáns. O que vén sendo un Precepto san e cheo de Caridade, axeitado para

ser levado á práctica tamén nos mellores Estados Cristiáns. E verbo do perigo que se lle pode presentar á Relixión por morduns Súbditos tolerantes dun Príncipe Pagán ou Descarreirado dígase que é unha cuestión diante do cal un Súbdito non é Xuíz competente, porque se o fose os Súbditos do Papa poderían xulgar tamén a Doutrina do Papa. Porque cada Príncipe Cristián, como teño probado anteriormente, non é menos Supremo Pastor dos seus propios Súbditos do que o Papa dos seus.

O cuarto Argumento tómase do Bautismo dos Reis; a partir do cal os que se fan Cristiáns someten os seus Cetros a Cristo, e prometen gardar e defender a Fe Cristiá. Isto é certo: porque os Reis Cristiáns non son máis que Súbditos de Cristo, mais poden, por todo isto, ser colegas do Papa, pois que resultan Pastores dos seus propios Súbditos, e o Papa non é máis que un Rei e Pastor, mesmo en Roma.

O quinto Argumento vén das palabras pronunciadas polo noso Salvador, *Alimenta as miñas ovellas*, polas que se outorgaba todo o Poder que un Pastor precisa; cal é o Poder para facer liscar os Lobos, en tanto que Herexes; o Poder para pechar os carneiros se tolean ou turran as outras ovellas cos seus cornos, tal como fan os Reis Malos (aínda que sexan Cristiáns); e tamén Poder para dar ao Rabaño comida axeitada. Do que se infire que San Pedro tiña eses tres Poderes outorgados por Cristo. Ao que respondo que o derradeiro deses Poderes non é máis que o Poder ou, mellor, o Mandato para Ensinar. Para o primeiro, que é facer liscar os Lobos, ou sexa, os Herexes, a pasaxe que cita é (*Mateo, 7.15*): *Ollo aos falsos Profetas, que veñen onda vós con peles de Cordeiro, mais por dentro son Lobos feroces*. Mais os Herexes non son falsos Profetas, nin tan sequera Profetas; nin (admitindo que os Lobos sexan os Herexes) se lles mandaba aos Apóstolos que os matasen, ou —se fosen Reis— que os depuxesen, senón ter coidado con eles, fuxir deles, evitalos, nin era a San Pedro, nin a ningún dos Apóstolos, senón á multitude dos Xudeus que o seguirán á montaña, homes aínda por converter

na súa meirande parte, aos que lles dera o Consello de andar con ollo cos falsos Profetas. Xa que logo conferíase un Poder de facer liscar os Reis e este non era outorgado soamente a particulares, mais a homes que de ningunha maneira eran Cristiáns. E verbo do Poder de Separar e Pechar Carneiros furiosos (cos que se refería aos Reis Cristiáns que rexeitan someterse ao Pastor Romano) se o noso Salvador rexeitara exercer ese Poder no propio mundo, mais aconsellara deixar que o Trigo e mais o Xoio medrasen xuntos ata o Día do Xuízo, moito menos ía concederllo a San Pedro ou San Pedro aos Papas. A San Pedro e a todos os outros Pastores o que se lles pide é que consideren os Cristiáns que desobedecen á Igrexa, isto é, que desobedecen o Soberano Cristián, como Pagáns e Publicanos. Vendo daquela que hai homes que non reclaman autoridade ao Papa sobre os Príncipes Pagáns, tampouco deberían facelo sobre aqueles que consideran Pagáns.

Mais do Poder de Ensinar soamente Belarmino infire tamén un Poder Coercitivo nos Reis por parte do Papa. O Pastor (dinos) ten de dar comida axeitada ao seu rabaño. Xa que logo o Papa pode e debe obrigar os Reis a cumprir co seu deber. Do que se segue que o Papa, como Pastor de Cristiáns, é Rei de Reis, o que todos os Reis Cristiáns deben ou ben Confesar ou tomar riba deles o Cargo Pastoral Supremo, cada un no seu propio Dominio.

O seu Argumento, sexto e derradeiro, vén dos Exemplos. Ao que respondo, primeiro, que os Exemplos nada proban. Segundo, que os Exemplos que aduce significan pouco como probabilidade de Dereito. O acto de Xoiada ao Matar a Atalia (2 *Reis*, 11), ou ben fora por mor da Autoridade do Rei Xoás, ou foi un Crime terrible no Sumo Sacerdote, quen (sempre, a partir da elección do Rei Saúl) era un mero Súbdito. O acto de San Ambrosio ao Excomungar o Emperador Teodosio (se fose verdade que tal fixo) era un Crime Capital. E verbo dos Papas Gregorio I, Gregorio II, Zacarías e León III, os seus Xuízos carecen de valor pois que

dados na súa propia Causa, e os Actos feitos por eles consonte a esta Doutrina, son os meirandes Crimes (especialmente o de Zacarías) entre dos que afectan á Natureza Humana. E abonda xa co *Poder Eclesiástico*, que aínda podería ser máis breve se me abstivese de examinar estes Argumentos de Belarmino, de seren expostos como Particular e non como Campión do Papado contra todos os outros Príncipes Cristiáns e Estados.

### **Capítulo XLIII. Do que é preciso para que o home acade o Reino dos Ceos**

O pretexto máis frecuente de Sedición e Guerra Civil nos Estados Cristiáns veu durante longo tempo da dificultade, aínda non resolvida abondo, de obedecer simultaneamente a Deus e ao Home, aínda cando os seus Mandatos se opoñan. Maniféstase abondo que cando un home recibe dúas Ordes contrarias, e sabe que unha delas vén de Deus, debe obedecer esta e non a outra aínda que proceda do seu Soberano lexítimo, xa se trate dun Monarca ou dunha Asemblea, ou sexa mandato do seu Pai. A dificultade, xa que logo, consiste nisto: que os homes cando se lles ordena en nome de Deus non saben, en moitos Casos se a orde vén de Deus, ou ben o que manda non fai senón abusar do nome de Deus para fins particulares propias. Porque así como había na Igrexa dos Xudeus moitos falsos Profetas que procuraban reputación entre a xente por medio de Soños e Visión finxidos, igualmente ten habido en todas as épocas da Igrexa de Cristo falsos Mestres a procurar reputación no pobo por medio de Doutrinas fantásticas e falsas, e a través de semellante reputación (que así é a natureza da Ambición) gobernalo para o seu particular beneficio.

Mais esta dificultade de obedecer ao tempo a Deus e ao Soberano Civil na terra non vén a conto para aqueles que saben distinguir entre o que é *Preciso* e o que non é *Preciso* para acadar o *Reino de Deus*. Porque se o mandato do Soberano Civil é

tal que pode obedecerse sen arriscar a vida Eterna, non obedecelo é inxusto, e o precepto do Apóstolo ten lugar; *Servos, obedecede os vossos Amos en todas as cousas e Fillos, obedecede os vossos Pais en todas as cousas*; e tamén o precepto do noso Salvador, *Os Escribas e os Fariseos sentan na Cadeira de Moisés; xa que logo observade e facede todo canto digan*. Mais se o mandato é tal que non se pode obedecer sen ficar condenados a unha Morte Eterna, loucura sería obedecelo, e o Consello do noso Salvador semella axeitado, (*Mateo, 10.28*): *Non temades a quen matan o corpo mais non dan matado a alma*. Xa que logo a todos os homes que pretenden evitar tanto os castigos que lles poden ser inflixidos neste mundo por desobediencia ao seu Soberano terreal, e aqueles que lles serán inflixidos no mundo por vir por desobediencia a Deus, cómpre ensinarlles a distinguir ben entre o que é e non é Preciso para a Salvación Eterna.

Todo o que é PRECISO para a *Salvación*, aparece en dúas Virtudes, *Fe en Cristo* e *Obediencia ás Leis*. Esta última se fose perfecta sería abondo para nós. Mais porque temos todos a culpa de desobediencia á Lei de Deus, non tan só polo pecado orixinal de Adán, mais verdadeiramente tamén polas nosas propias transgresións, requírese de nós agora non soamente *Obediencia* polo resto das nosas vidas senón tamén *Remisión* dos pecados polo tempo que foi, sendo esa Remisión a recompensa da nosa Fe en Cristo. Que nada máis se coide Imprescindible para a Salvación maniféstase nisto, que o Reino de Deus non estea pechado mais que para os Pecadores; ou sexa, para os desobedientes e transgresores da Lei; pero tampouco para eles caso de que se Arrepintan e Acrediten en todos os Artigos de Fe Cristiá, Precisos para a Salvación.

A Obediencia que require de nós Deus, quen en todas as nosas accións olla as intencións e non os feitos, consisten en esforzarse seriamente en Obedecelo, e recibe cantos nomes implique ese Esforzo. E xa que logo a Obediencia recibe tamén ás veces os nomes de *Caridade* e *Amor*, pois que implican

a Vontade de Obedecer, e o noso mesmo Salvador fai que o noso Amor a Deus, e do que sentimos os uns polos outros, o Cumprimento de toda a Lei: ás veces so do nome de *Rectitude*, porque a Rectitude non é senón o desexo de dar a cada un o que lle é propio, ou sexa, a vontade de obedecer as Leis, e ás veces baixo do nome de *Arrepentimento*; porque Arrepentirse implica un afastarse do pecado, o que é o mesmo que a volta da vontade á Obediencia. Xa que logo, quen desexe observar sinceramente os Mandatos de Deus ou arrepentirse das súas transgresións de verdade, ou que ama a Deus con todo o seu corazón e ao próximo como a el mesmo, terá toda a Obediencia Precisa para acadar o Reino de Deus. Porque se Deus requirise unha Inocencia perfecta, ningunha carne podería salvarse.

Mais, que Mandatos son os que Deus nos dera? Son todas aquelas Leis que lles foran dadas aos Xudeus da man de Moisés, os Mandamentos de Deus? Se tal, por que non se lles ensina aos Cristiáns a Obedecelos? Porque o noso Salvador Cristo non nos deu Leis novas, senón Consellos para observar aqueles aos que estamos suxeitos, é dicir, as Leis da Natureza e as Leis dos nosos diversos Soberanos. Nin promulgou ningunha Lei nova aos Xudeus no Sermón da Montaña, limitándose a expoñer as Leis de Moisés, ás cales xa estaban suxeitos. As Leis de Deus, xa que logo, non son senón as Leis da Natureza, das que a principal é que non violemos a nosa Fe, ou sexa, un mandato para obedecer os nosos Soberanos Cívís, que constituímos riba nosa por un pacto mutuo dos uns cos outros. E esta Lei de Deus, que ordena Obediencia á Lei Civil, ordena consecuentemente Obediencia a todos os Preceptos da Biblia, o que (como xa probei no Capítulo precedente) non é máis que Lei, alí onde o Soberano Civil así o decretara, e noutros lugares nos pasa de Consello, de maneira que un home, ao seu propio risco, poda sen inxustiza rexeitar obedecelo. Sabendo xa o que é a Obediencia Precisa para a Salvación a quen se lle debe, temos de coidar no seguinte relativo á Fe, e en quen e por que crer,

e cales son os Artigos ou Puntos precisos nos que se precisan acreditar para salvarse. En primeiro lugar, verbo da Persoa en quen crer, porque é imposible acreditar en Persoa ningunha antes de que saibamos o que dixo, é preciso que sexa unha da que teñamos escoitado falar. Xa que logo a Persoa en quen Abraham, Isaac, Xacobe, Moisés e os Profetas creron, era o propio Deus, que lles falou sobrenaturalmente. E a Persoa, en quen crían os Apóstolos e os Discípulos que parolaran con Cristo, era o propio o noso Salvador. Pero, de ningún daqueles a quen nin Deus Pai nin o noso Salvador xamais falaran, podemos dicir que a Persoa en quen creron era Deus. Crían nos Apóstolos, e logo deles nos Pastores e Doutores da Igrexa que encomendaban aos seus fieis a Lectura do Antigo e Novo Testamento, de maneira que a Fe dos Cristiáns, tivo por fundamento, primeiro, a reputación dos Pastores, e despois, a autoridade daqueles que fixeron que o Antigo e o Novo Testamento fosen acollidos como Norma e Fe, o que ninguén podería facer son os Soberanos Cristiáns, quen son xa que logo os Pastores Supremos, e as únicas Persoas ás que os Cristiáns escoitan falar de Deus, agás aqueles aos que Deus fala nestes días de maneira sobrenatural. Mais porque hai tantos falsos Profetas *espallados polo mundo*, outros serán os homes que examinen a eses Espíritos (tal como nos aconsellara san Xoán, 1 Epístola, Capítulo 4, versículo 1) *para ver se son ou non de Deus*. E xa que logo, vendo que o Exame das Doutrinas pertence ao Pastor Supremo, a Persoa na que acreditan todos cantos carecen de especial relevancia, é (en cada Estado) o Pastor Supremo, ou sexa, o Soberano Civil.

As causas polas que os homes acreditan en calquera Doutrina Cristiá son diversas. Porque a Fe é un agasallo de Deus, e El xestiona nos diferentes homes das maneiras que lle semellan máis axeitadas. A causa inmediata máis normal das nosa crenzas, relativas a algún aspecto da Fe Cristiá, é que acreditemos en que a Biblia é a Palabra de Deus. Mais a razón pola que coidamos que a Biblia é a Palabra de Deus é cousa moi dispu-



tada, como precisan selo todas as cuestións que non están ben formuladas. Porque non fan que a cuestión sexa, *Por que cremos?*, senón, *como o sabemos?*; como se *Crer* e *Saber* fose todo o mesmo. E mentres que dunha banda basean o seu Coñecemento na Infalibilidade da Igrexa, e doutra, na Testemuña do Espírito Privado, ningún lado conclúe o que pretende. Como coñecerá un home a Infalibilidade da Igrexa senón coñecendo primeiro a Infalibilidade das Escrituras? Ou como saberá un home que o seu propio espírito Privado non é máis que unha crenza, baseado na Autoridade e Argumentos dos seus Mestres ou nunha Presunción dos seus propios Dons? Ademais non hai nada nas Escrituras do que se poida inferir a Infalibilidade da Igrexa; moito menos de ningunha Igrexa en particular, e menos aínda da Infalibilidade de ningún particular.

Maniféstase, xa que logo, que os Cristiáns non saben mais soamente cren que as Escrituras son a Palabra de Deus e que, en xeral, os medios para inducilos a crer que a Deus lle praxe poñer a disposición dos homes, son consonte á lei da Natureza, isto é, veñen orzados polos seus Mestres. É a Doutrina de San Paulo relativa á Fe Cristiá en xeral (*Romanos*, 10.17): *A Fe vén de escoitar*, ou sexa, de escoitar os nosos Pastores lexítimos. Di tamén (versículos 14,15 do mesmo Capítulo): *Como acreditaremos naquel do que non temos escoitado? E como o faremos se non hai Predicador? E como Predicarán agás que os envíen a facelo?* Disto evidénciase que a causa habitual de crer que as Escrituras son a Palabra de Deus é a mesma que leva a crer en todos os outros Artigos da nosa Fe, nomeadamente naqueles que a Lei permite e indica que nos Ensinen, tanto os nosos Pais nas Casas ou os Pastores nas Igrexas. O que se pon aínda máis de manifesto pola experiencia. Por que outra causa pode designarse pola que nalgúns Estados Cristiáns todos os homes ou ben acreditan ou cando menos profesan que as Escrituras sexan a Palabra de Deus e noutros Estados case ningún o fai, senón que nos Estados Cristiáns se lles ensina isto desde a súa nenez e noutros lugares outras son as ensinanzas?

Mais, se o Ensino é a causa da Fe, por que non todos cren? É certo que a Fe é un don de Deus, e que este llo dá a quen lle peta. Aínda así, e pois que aqueles a quen llo outorga é a través dos Mestres, a causa inmediata da Fe é o escoitar. Nunha Escola, onde se lle ensina a moitos, e uns aproveitan e outros non, a causa de que aprendan aqueles que si aproveitan é o Mestre, do que non se pode inferir que a aprendizaxe non sexa un don de Deus. Todas as cousas boas veñen de Deus, mais non todos aqueles que as posúan poden dicir que recibiran Inspiración, porque iso implica un don sobrenatural e a man inmediata de Deus, polo que aquel que pretenda telo e ser un Profeta deberá estar suxeito ao exame da Igrexa.

Mais, aínda que os homes xa *Coñecen* ou *Cren* ou *Admiten* que as Escrituras son a palabra de Deus, se baseándome naquelas pasaxes destas, ceibes de escuridade, mostro que Artigos de Fe son precisos e os únicos precisos para a Salvación, ese mesmos homes precisarán *Coñecer*, *Crer* ou *Admitir* os mesmos Artigos.

O *Unum Necessarium*, Único Artigo de Fe, que as Escrituras fan del estritamente Preciso para a Salvación é este, que XESÚS É O CRISTO. Polo nome de *Cristo* enténdese o Rei, que Deus tiña prometido anteriormente a través dos Profetas do Antigo Testamento enviar ao mundo a reinar (por riba dos Xudeus e de tantas nacións como acreditásen nel) baixo da súa férula eternamente; e darlles esa vida eterna que se perderá por mor do pecado de Adán. Cando teña probado isto, a partir das Escrituras, mostrarei cando e en que senso algúns Artigos poden ser chamados *Precisos*.

Para probar que a Crenza neste Artigo, *Xesús é o Cristo*, é toda a Fe que se require para a Salvación, o meu primeiro Argumento virá da Misión dos Evanxelistas, que era segundo a descrición da vida do noso Salvador, establecer o Artigo que di que *Xesús é o Cristo*. O resumo do Evanxeo de San Mateo é este: que Xesús era da rama de David e Nacera dunha Virxe; o que son os Sinais do verdadeiro Cristo: Que os *Magos* viñeron a ado-

ralo como Rei dos Xudeus; que pola mesma causa Herodes procurou matalo; que Xoán Bautista o proclamou: Que El predicou por el mesmo e a través dos Apóstolos que era Rei; que ensinou a Lei, non como Escriba senón como home de Autoridade; que curou doenzas unicamente pola súa Palabra, e fixo outros moitos Milagres que foran profetizados que o Cristo habería de facelos: Que o saudaron como Cristo cando entrara en Xerusalén: Que avisou á xente que andaran con ollo con todos os demais que pretendesen ser Cristo; Que foi detido, acusado e condenado a morte por dicir que era Rei; que a causa da súa condena, escrita na Cruz, foi XESÚS DE NAZARÉ, REI DOS XUDEUS. Todo o cal non leva a outra fin que esta, que os homes acrediten en que *Xesús é o Cristo*. Xa que logo tal fora o Obxectivo do Evanxeo de San Mateo. Mais a Misión de todos os Evanxelistas (como se pode comprobar léndoos) era a mesma. Xa que logo a Misión de todo o Evanxeo era o establecemento dese único Artigo. E San Xoán expresamente chega a esta conclusión: *Xoán, 20.31: Estas cousas foron escritas para que poidades saber que Xesús é o Cristo, o Fillo de Deus vivo.*

O meu segundo Argumento procede do Asunto dos Sermóns dos Apóstolos, tanto mentres o noso Señor viviu na terra, e logo da súa Ascensión. Os Apóstolos no tempo do noso Salvador foron enviados, *Lucas, 9.2* a Predicar o Reino de Deus. Porque nin aquí nin en *Mateo, 10.7* vemos que lles encomendara outra misión que esta: *Ide e Predicade dicindo que o Reino de Deus está preto*: ou sexa, que *Xesús é o Mesías, o Cristo, o Rei* que ten de vir. Que a súa Predicación logo da súa ascensión é a mesma vén manifesta en *Feitos, 17.6: Empurraron* (dixo San Lucas) *a Xasón e aos outros Irmáns diante das Autoridades da Cidade berrando, eses que louquearan o mundo veñen aquí tamén e Xasón recibiraos. E todos eles actúan contra dos decretos do César, dicindo que hai outro Rei, un tal Xesús*. E tamén nos versículos 2 e 3 do mesmo Capítulo, onde se di: *San Paulo, como adoitaba, foi onde eles, e logo de tres días de Acougo discutiu con*

*eles, declarando e expoñendo por medio das Escrituras que era preciso que Cristo padecese e resucitase de entre dos mortos, e que este Xesús (ao que el predicaba) é Cristo.*

O terceiro Argumento vén daqueles lugares das Escrituras nas que se declara como Doadá toda a Fe que se require para a Salvación. Porque se fose preciso para a Salvación un asentimento interior da mente a todas as Doutrinas relativas á Fe Cristiá que agora se ensinan (sendo así que a meirande parte están en discusión) non habería nada no mundo tan difícil como ser Cristián. O Ladrón da Cruz aínda que se arrepentise non podería salvarse dicindo, *Señor, lémbtrate de min cando esteas no teu Reino*; porque non testemuñara crenza noutro Artigo senón neste, que *Xesús era o Rei*. Nin se podería dicir (como en *Mateo*, 11.30) que *o xugo de Cristo é doado, e Lixeira a súa carga*. Nin como en *Mateo*, 18.6: que *Os Cativiños acreditan nel*. Nin San Paulo podería dicir (1 *Corintios*, 1.21): *Préstelle a Deus pola loucura da predicación, salvar aos que cren*. Nin o propio San Paulo podería salvarse, nin moito menos ser tan de súpeto un gran Doutor da Igrexa quen nunca pensara, talvez, na Transubstanciación, nin no Purgatorio ou en moito outros Artigos como agora se esixen.

O cuarto Argumento procede de pasaxes expresas, de maneira que non reciben controversias de Interpretación: en primeiro lugar, *Xoán*, 5.39, *Procurade as Escrituras, porque vós coidades ter vida eterna; e elas son as que dan testemuña miña*. O noso Salvador, ao falar aquí das Escrituras faino soamente do Antigo Testamento; porque os Xudeus nese tempo non podían esculcar as Escrituras do Novo Testamento que aínda non se escribiran. Mais no Antigo Testamento nada había de Cristo senón os Sinais polos que os homes poderían distinguilo cando viñese; como que descendería de David, nacería en Belén, dunha Virxe, faría grandes Milagres e demais. Xa que logo acreditar en que Xesús era El abondaba para unha vida eterna, e como non se precisa máis que aquilo que abonda non

se require ningún outro Artigo. Máis aínda (*Xoán, 11.26*): *Quen viva e acredite en min, non morrerá eternamente*. Así pois crer en Cristo é fe suficiente para a vida eterna, e consecuentemente non se precisa máis fe que esa. Mais crer en Xesús, e crer que Xesús é o Cristo, vén sendo o mesmo, tal como aparece nos versículos que veñen acto continuo. Porque cando o noso Salvador (versículo 26) lle dixo a Marta: *¿Cres isto?* ela respondeu (versículo 27): *Si, Señor, creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, que virá ao mundo*. Xa que logo este Artigo só é fe abondo para a vida eterna; e non é Preciso máis nada. En terceiro lugar, *Xoán, 20.31*: *Estas cousas foron escritas para que puiderades crer que Xesús é o Cristo, o Fillo de Deus, e para que ao crer teñades vida no seu nome*. Daquela crer que *Xesús é o Cristo*, é fe que abonda para obter a vida, e xa que logo ningún outro Artigo é Preciso. En cuarto lugar, *1 Xoán, 4.2*: *Todo Espírito que confese que Xesús Cristo ten de vir en carne é de Deus*. E *1 Xoán, 5.1*: *Quen acredite en que Xesús é o Cristo, é nado de Deus*. E no versículo 5: *¿Quen é o que vence ao mundo senón o que cre que Xesús é o Fillo de Deus?* En quinto lugar, *Feitos, 8*, versículos 36, 37: *Ollade (di o Eunuco) aquí hai auga; ¿quen vai impedir que eu sexa bautizado? E dixo Filipe, Se ti cres con todo o teu corazón, podes. E el respondeu e dixo, Acredito en que Xesús Cristo é o Fillo de Deus*. Xa que logo crer neste Artigo, *Xesús é o Cristo*, abonda para o Bautismo, isto é, para a nosa Recepción no Reino de Deus, e consecuentemente é o único que se Precisa. E en xeral en todas as pasaxes onde o noso Salvador dixo a quen sexa, *Salvoute a túa fe*, a razón á que alude é certa Confesión, que directa ou como consecuencia implica unha crenza en que *Xesús é o Cristo*.

O derradeiro Argumento vén das pasaxes onde este Artigo resulta Fundamento de Fe. Porque quen terme deste Fundamento haberá de salvarse. Estas pasaxes son, primeiro, *Mateo, 24.23*: *Se alguén vos dixera, aquí está Cristo, ou alí, non o creades, porque xurdirán falsos Cristos e falsos Profetas, e*

*hanvos mostrar grandes sinais e maravillas, etc.* Segundo vemos aquí debe acollerse o Artigo *Xesús é o Cristo* aínda que quen ensine o contrario faga grandes milagres. A segunda pasaxe é, *Gálatas, 1.8: Aínda que nós ou un Anxo do Ceo predique calquera outro Evanxeo diferente ao que vos temos predicado, sexa maldito.* Mais o Evanxeo que Paulo e os outros Apóstolos predicaran era soamente o Artigo, *Xesús é Cristo*. Así pois se na Crenza deste Artigo estamos a rexeitar a Autoridade dun Anxo do ceo, con máis razón a de calquera mortal se ensina o contrario. Este é, xa que logo, o Artigo Fundamental da Fe Cristiá. Unha terceira pasaxe é, *Xoán, 4.1: Amados, non acreditedes en todos os espíritos, probade que se trata do Espírito de Deus. Cada espírito que confese que Xesús Cristo se fixo carne, é de Deus.* Evidénciase disto que este Artigo é a medida e norma pola que estimar e examinar todos os outros Artigos; sendo, xa que logo, o único Fundamental. A cuarta é, *Mateo, 16.18, onde logo de profesar este Artigo San Pedro di ao noso Salvador: Ti es Cristo, o Fillo do Deus vivo.* O noso Salvador respondera: *Ti es Pedro, e sobre esta Rocha hei de edificar a miña Igrexa;* do que deduzo que este é o Artigo no que se basean todas as demais Doutrinas da Igrexa como sobre un fundamento. Unha quinta é (*1 Corintios, versículos 11, 12, etc.*): *Ninguén poderá poñer outro fundamento que o que xa está posto, pois Xesús é o Cristo. Ora, se sobre ese Fundamento alguén edifica con Ouro, Prata, Pedras preciosas, Madeira, Feo, Palla; a obra de cadaquén ficará manifesta porque o Día terá de revelala, e sexa o que sexa o lume haberá de probala. Se ficase a obra de alguén que sobre-edificara recibirá a súa recompensa. Se a obra de alguén arde sufrirá perda, mais el mesmo poderá salvarse, como aquel que pasa polo lume.* Estas palabras son en parte meridianas e en parte alegóricas e pouco doadas; do que é nidio podemos inferir que os Pastores que ensinan este Fundamento, que *Xesús é o Cristo*, aínda que tiren diso falsas consecuencias (ás que os homes están ás veces suxeitos), poderán aínda así salvarse;

e moito máis poderán ser salvados aqueles que non sendo Pastores, senón Oíntes, acreditan no que lles ensinan os seus Pastores lexítimos. Xa que logo a crenza neste Artigo abonda, e consecuentemente non se require ningún outro Artigo de Fe para acadar a Salvación.

Ora, verbo da parte que é Alegórica, como *O lume haberá de probala e Salvaranse, mais como o que pasa polo lume ou a través do lume* (porque o orixinal é dia puroz non vai en absoluto contra da conclusión que tirei das outras palabras, que son meridianas. Non obstante, e porque nesta pasaxe se basea un argumento para probar o lume do Purgatorio, quero tamén ofrecervos a miña conxectura verbo do significado deste xuízo de Doutrinas, e da salvación dos homes por medio do Lume. O Apóstolo semella aludir aquí ás palabras do Profeta Zacarías, Capítulo, 13.8.9, quen falando da Restauración do Reino de Deus falou así: *Dúas partes dela serán talladas, e finarán, mais a terceira ficará. E eu traerei a terceira parte a través do Lume, e hei de refinala como se refina a prata, e hei de tratala como se trata o Ouro. Chamarán no nome do Señor e eu hei de escoitalos.* O día do Xuízo é o día da Restauración do Reino de Deus, e nese día é cando, dinos San Pedro, será a Conflagración do mundo, no que os malvados perecerán, mais os restantes, aos que Deus salvará, pasarán a través do Lume, indemnes, e serán (como a Prata e o Ouro son refinados polo lume da súa escoura) tratados, e purificados da Idolatría, e obrigados a invocar o nome do Deus verdadeiro. Referíndose a isto San Paulo dixo que o Día (ou sexa o Día do Xuízo, o Día Grande da chegada do noso Salvador para restaurar o Reino de Deus en Israel) probará a doutrina de cada un dos homes, Xulgando o Ouro, a Prata, as Pedras Preciosas, a Madeira, o Feo, a Palla. E daquela quen teñan construído Consecuencias falsas no Fundamento verdadeiro verán as súas Doutrinas condenadas; non obstante terán de salvarse, e pasar indemnes a través deste Lume universal, e vivir eternamente se invocan o nome do Deus único e

verdadeiro. Nese senso non hai nada que non cadre co resto das Sagradas Escrituras ou coa visión do lume do Purgatorio.

Mais, aquí calquera podería preguntar se non é tan preciso para a Salvación crer que Deus é Omnipotente; Creador do mundo; que Xesús resucitou; e que todos os homes resucitarán de entre dos mortos no día derradeiro, como crer que *Xesús é o Cristo*. A isto respondo que así, e tal acontece con moitos Artigos máis, pero son de tal natureza que se conteñen neste, e poden deducirse del, con maior ou menor *dificultade*. Por que quen pode haber que non vexa que os que acreditan en que Xesús sexa o Fillo do Deus de Israel e que os Israelitas teñen por Deus ao Criador Omnipotente de todas as cousas non crerán tamén en que Deus é o Creador Omnipotente de todas as cousas? Ou como pode alguén acreditar en que Xesús é o Rei que reinará eternamente, a menos de que crea igualmente que ten resucitado de entre os mortos? Porque un morto non pode exercitar o Mester de Rei. Resumindo, o que manteña o Fundamento de que *Xesús é o Cristo*, mantén Expresamente todo o que ve deducido correctamente disto, e Implicitamente todo canto é consecuente con isto, aínda que non teña habelencia abondo como para discernir a consecuencia. E xa que logo abonda para seguir mantendo que a crenza neste Artigo é fe suficiente como para que o *Penitente* obteña a remisión dos seus pecados, e traelo consecuentemente ao Reino dos Ceos.

Agora que xa teño demostrado que toda a Obediencia que se require para a Salvación consiste na vontade de obedecer a Lei de Deus, isto é, en Arrepentirse; e que toda a Fe que se require para o mesmo vén comprendida na crenza deste Artigo, *Xesús é o Cristo*: aducirei aquelas pasaxes do Evanxeo que proban que o que é Preciso para a Salvación vén contido nestas dúas afirmacións vencelladas, Os homes aos que San Pedro predicara o día de Pentecostes, inmediatamente despois da Ascensión do noso Salvador, preguntáranlle a el, tamén ao resto dos Apóstolos, dicindo (*Feitos*, 2.37): *Homes e Irmáns,*



*que temos de facer?* Ao que San Pedro respondeu (no seguinte versículo): *Arrepentídevos e bautizádevos, todos vós, para a remisión dos pecados, e recibiredes o don do Espírito Santo.* Xa que logo Arrepentimento e Bautismo, ou sexa, crer que *Xesús é o Cristo*, é canto se Precisa para a Salvación. Máis, cando ao noso Salvador lle preguntara certo Rexedor, (*Lucas, 18.18*): *¿Que farei para acadar a vida eterna?*, respondéralle (versículo 20): *Xa coñeces os Mandamentos. Non cometas Adulterio. Non Mates. Non Roubes. Non levantes falsos testemuños. Honra o Pai e mais a Nai.* Ao que cando aquel dixera que xa os observaba, o noso Salvador engadiu: *Vende canto teñas, dállo aos Pobres, ven e sígueme*, o que era como se dixese, Confía en min que son o Rei. Xa que logo cumprir coa Lei e crer que Xesús é o Rei é todo o que se require para traer ao home á vida eterna. En terceiro lugar, San Paulo dixo (*Romanos, 1.17*): *Os Xustos vivirán pola Fe*; non todos, mais os *Xustos*; así pois *Fe* e *Xustiza* (isto é, a *vontade de ser Xustos*, ou o *Arrepentimento*), son todo o que se Precisa para a vida eterna. E (*Marco, 1.15*) o noso Salvador predicou dicindo: *Cumpriuse o tempo, e o Reino de Deus está preto, Arrepentídevos e Acreditade no Evanxeo*, ou sexa, a nova de Deus era que o Cristo ía vir. Xa que logo Arrepentirse e Crer que Xesús é o Cristo é todo o que se require para a Salvación.

Vendo que é Preciso que a Fe e a Obediencia (implicadas na palabra Arrepentimento) concorran ambas para a nosa Salvación; a cuestión por cal das dúas estamos Xustificados, vén formulada impertinente. Non obstante non será impertinente poñer de manifesto de que maneira cada unha delas contribúe a isto, e en que senso se di que temos de estar Xustificados por unha ou pola outra. E, primeiro, se por Rectitude debemos entender a Xustiza das propias Obras, ningún home poderá salvarse, pois que non hai ningún que non transgredise a Lei de Deus. E xa que logo cando dicimos estar Xustificados pola Obras, cómpre entender da Vontade, pois que Deus sempre acepta pola Obra mesma, tanto nos homes

bos coma nos malos. E é unicamente neste senso que un home pode ser chamado *Xusto* ou *Inxusto*, sendo a súa Xustiza a que o Xustifica, isto é, a que lle dá o título, aceptado por Deus, de Xusto, facendo que sexa quen de *vivir pola súa Fe*, o que antes non era. Así que Xustiza Xustifica nese senso no que *Xustificar* é o mesmo que *Denominar a un home Xusto*, e non co significado de exonerar a Lei, pois que daquela o castigo dos seus pecados sería inxusto.

Mais dise tamén que un home está Xustificado cando a súa Defensa, aínda que insuficiente, é aceptada como cando empregamos como Defensa a nosa Vontade, o noso Esfuerzo por cumprir coa Lei, Arrepentíndonos dos nosos erros, e Deus acepta isto en canto da Acción efectiva. E porque Deus non acepta a Vontade en canto dos Feitos, mais soamente nos Fieis, será a Fe, xa que logo, a que muda en válida a nosa defensa; e é neste senso no que tan só a fe xustifica. De maneira que *Fe* e *Obediencia* son as dúas precisas para a Salvación, podéndose dicir que cada unha delas xustifica en sentidos diferentes.

Logo de demostrar o que é Preciso para a Salvación, non é difícil reconciliar a nosa Obediencia con Deus coa nosa Obediencia co Soberano Civil, xa sexa Cristián, xa Infiel. Se é Cristián permitiráselle a crenza neste Artigo, que *Xesús é o Cristo*; e de todos os Artigos que contén, que se deducen del a través de consecuencias evidentes; que toda a Fe é Precisa para a Salvación. E pois que é Soberano require obediencia a canto lle é propio, isto é, a todas as Leis Cívís, nas cales están todas as Leis da Natureza, ou sexa, todas as Leis de Deus; porque á parte das Leis da Natureza, e das Leis da Igrexa, que son parte da Lei Civil (porque a Igrexa que pode facer Leis é o Estado) non hai outras Leis Divinas. Xa que logo nin crer nin obedecer a Deus impide a ninguén obedecer ao seu Soberano Cristián. Mais supoñamos que un Rei Cristián tirase deste Fundamento, *Xesús é o Cristo*, algunhas consecuencias falsas, ou sexa, que sobreconstruíra con Feo ou Palla, e mandara o ensino deste, Mais vendo que San Paulo

di que ese se salvará, moito máis o fará aquel que lles ensina so do seu mandato, e moito máis aínda quen non soamente ensina senón que acredita no seu Mestre Lexítimo. E caso de que a un Súbdito lle sexa prohibido polo Soberano Civil profesar algunha das súas opinións, que razón xustas pode ter para desobedecer? Os Reis Cristiáns poden errar ao deducir unha Consecuencia, ¿mais quen xulgará? Deberá Xulgar un particular cando a cuestión teña que ver coa súa propia obediencia? Ou deberá Xulgar un home calquera pero que fose nomeado pola Igrexa, ou sexa, polo Soberano Civil que a representa? Ou é que o Papa ou un Apóstolo cando Xulgan non poden errar ao deducir unha consecuencia? Non erraría un dos dous, San Pedro e San Paulo, nunha superestrutura cando San Paulo se opuxo a San Pedro na súa faciana? Xa que logo non pode haber contradición entre as Leis de Deus e as Leis dun Estado Cristián.

E cando o Soberano Civil é un Infiel, calquera dos seus Súbditos que se lle opoña peca contra das Leis de Deus (porque tales son as Leis da Natureza) e vai contra do consello dos Apóstolos, que advirten a todos os Cristiáns a que obedezan aos seus Príncipes, e a todos os Fillos e Servos que obedezan a Pais e Amos en todas as cousas. E verbo da súa *Fe*, esta é interna e invisible. Teñen a licenza que tiña Naamán, e non precisan arriscarse por iso. Mais se o fan, deben agardar a súa recompensa no Ceo, e non queixarse do seu Soberano Lexítimo, e moito menos declararlle a guerra. Porque a quen non lle presten as ocasións xustas de Martirio non ten a fe que profesa, senón que o único que pretende encubrir dalgunha maneira é a súa propia teimosía. ¿Mais que Rei Infiel é tan pouco razoable como para, sabendo que ten un Súbdito que agarda a segunda chegada de Cristo, logo de que o mundo presente arda, e tente obedecerlle (que esa é a intención de acreditar que Xesús é o Cristo) sentíndose no ínterim obrigado a seguir as Leis do Rei Infiel (o que todos os Cristiáns están obrigados en conciencia a facer), condenar a morte ou perseguir o devandito Súbdito?

Abondará o xa anunciado, relativo ao Reino de Deus e á Política Eclesiástica. Do que non pretendo avanzar ningunha Posición miña propia, senón soamente mostrar as Consecuencias que semellan deducirse dos Principios das Políticas Cristiás (que iso son as sagradas Escrituras) en confirmación do Poder dos Soberanos Cívís e os Deberes dos seus Súbditos E na alegación das Escrituras tentei evitar aqueles textos escuros ou de Interpretación controvertida; e non alegar ningún senón nun senso nidio e consonte coa harmonía e panorama da Biblia enteira, que foi escrita para o restablecemento de Deus en Cristo. Porque non son as Palabras espidas senón o Esfuerzo do escritor o que dá a luz verdadeira, pola que cómpre interpretar cada texto, e aqueles que teiman en Textos illados sen coidar no Designio global, non poden derivar cousas deles nitidamente, senón que máis ben, ao chimpar átomos das Escrituras, como poeira diante dos ollos dos homes fan todo máis escuro do que é; un artificio habitual para quen non procuran a verdade mais o seu propio proveito.

PARTE IV  
DO REINO DA ESCURIDADE



## Capítulo XLIV. Da Escuridade Espiritual orixinada por unha mala interpretación das Escrituras

Xunto a estes Poderes Soberanos, *Divino e Humano*, dos que xa teño discursado, nas Escrituras fálase doutros Poderes, sobre todo do *dos Rexedores da Escuridade neste mundo, do Reino de Satán e do Principado de Belcebú nos Demos*, isto é, nos Fantasmas que andan no Aire. Por iso Satán recibe o nome de *Príncipe do Poder do Aire*; e (xa que rexe a escuridade deste mundo) *O Príncipe deste mundo*. E en consecuencia aqueles que están so do seu Dominio, en oposición aos fieis (que son chamados os *Fillos da Luz*) reciben o nome de *Fillos da Escuridade*. Pois que coidando que Belcebú é o Príncipe dos Fantasmas, os Habitantes do seu Dominio do Aire e da Escuridade, os Fillos da Escuridade e estes Demos, Fantasmas ou Espíritos da Ilusión significan alegoricamente a mesma cousa. Coidando nisto o Reino da Escuridade, como aparece nesta e noutras pasaxes das Escrituras non é máis que unha *Conxura de Enganadores que obteñen dominio sobre os homes do mundo presente, procurando por medio dunha Doutrina errada e escura extinguir neles a Luz, tanto da Natureza como do Evanxeo, e desta maneira desaxeitálos para o Reino de Deus que está por vir*.

Así como os homes, que están totalmente privados desde o seu Nacemento da luz do Ollo corporal, non teñen Idea ningunha de semellante luz, e ningún home concibe na súa imaxinación unha luz meirande que a percibida nun momento ou outro polos seus Sentidos exteriores; igualmente acontece coa luz do Evanxeo e a luz do Entendemento que ningún home pode concibir que haxa un grao maior dela que aquel que xa ten acadado. Do que se infire que os homes non teñen outro xeito de recoñecer a súa propia Escuridade senón soamente desde as desgrazas non previstas que lles acontecen no seu camiño; a parte máis Escura do Reino de Satán é aquela que ocorre fóra da Igrexa de Deus, isto é, entre aqueles que non acreditan en

Xesús Cristo. Mais non podemos dicir que a Igrexa goza (como a terra do Goshen) de toda a luz precisa para o labor que Deus nos encomendara. Daquela, de onde sae que na Cristiandade houbera tanta expulsión dos lugares dos uns e dos outros tanto por guerras Cívís como con estranxeiros? De onde tanto zoupar diante das cativas adversidades da fortuna propia e dos mínimos éxitos dos outros? De onde tal diversidade de camiños ao correr cara a mesma meta, a *Felicidade*, se non houbera Noite entre nós ou cando menos, Néboa? Xa que logo estamos aínda na Escuridade.

O Inimigo ten estado aquí na Noite da nosa Ignorancia natural e sementado o xoio dos Erros Espirituais; Primeiro, abusando e apagando a luz das Escrituras, porque erramos a non coñecer as Escrituras. En segundo lugar, introducindo a Demonoloxía dos Poetas Pagáns, isto é, a súa Doutrina fabulosa relativa aos Demos, que non senón ídolos ou Fantasmas do cerebro, sen ningunha natureza real que sexa propia, distinta da fantasía humana; tal como son os Espíritos dos homes mortos, Fadas e outras materias de contos de Vellas. Terceira, ao mesturar coas Escrituras diversas reliquias da Relixión, e moito da van e errada Filosofía dos Gregos, especialmente de Aristóteles. Cuarto, remexendo con estas dúas Tradicións falsas ou incertas, e Historia imaxinada ou dubidosa. E así como erramos, *dando creto a Espíritos sedutores* e á Demonoloxía de aqueles *cando falan menten como Hipócrates* (ou tal como se di no Orixinal, 1 *Timoteo*, 4.1.2 *daqueles que xogan o papel de mentireiros*) *cunha conciencia endurecida*, ou sexa, de maneira contraria ao coñecemento. Relativo ao primeiro destes, que é a Sedución do home polo abuso das Escrituras, tentarei falar brevemente neste Capítulo.

O abuso meirande, máis importante das Escrituras, do que se seguen e dependen todos os demais, consiste en distorsionar o significado para mencionar que o Reino de Deus, citado tan a miúdo nas Escrituras, é a Igrexa actual, ou unha chea de Cristiáns agora vivos ou, se mortos, destinados a resucitar



no día derradeiro. Mentres que o Reino de Deus foi instituído primeiro polo Ministerio de Moisés, riba dos Xudeus soamente; quen foron despois chamados o seu Pobo Elixido, e máis tarde cesado coa elección de Saúl, cando rexeitaron ser gobernados por Deus, e demandaron un Rei á maneira das outras nacións; o que o propio Deus consentira tal como teño probado máis polo miúdo no Capítulo XXXV. Logo dese tempo non houbera outro Reino de Deus no mundo por un Pacto ou calquera outra cousa que non coidase que el era, é e será Rei de todos os homes e de todas as criaturas, gobernando consonte á súa Vontade e a través do seu Poder infinito. Non obstante, El prometera por medio dos seus Profetas, volver a restaurarlles o seu Goberno, cando o tempo para isto, designado por El en consulta secreta, chegase totalmente, e unha vez que se volvesen cara a El arrepentidos e coa vida corrixida. E non soamente iso, senón que invitara tamén aos Xentís a unirse e gozar a felicidade do seu Reino, nas mesmas condicións de conversión e arrepentimento; e prometeu tamén enviar ao seu Fillo ao mundo para expiar os pecados de todos eles a través da súa morte, e preparalos por medio da súa Doutrina para que o recibisen na súa segunda chegada. Esa segunda chegada aínda non foi, o Reino de Deus está por vir, e non temos máis Reis por Pacto que os nosos Soberanos Cívís; coa excepción de que os Cristiáns xa están no Reino da Graza, en tanto que xa teñen a Promesa de ser recibidos cando volva vir.

Consecuente con este Erro, que a Igrexa presente é o Reino de Cristo, tería de haber un Home ou Asemblea que servise para que o noso Salvador (agora no ceo) falase pola súa boca, lexislase e representase a súa Persoa a todos os Cristiáns ou diversos Homes e Asembleas que fan o mesmo coas diferentes partes da Cristiandade. Este poder Real baixo da autoridade de Cristo, sendo reivindicado, universalmente polo Papa, e en Estados particulares por Asembleas dos Pastores do lugar, (cando as Escrituras o confiren tan só a Soberanos Cívís), chega ser disputado con tanta paixón que apaga a luz da Natureza e

causa unha Escuridade tan grande na comprensión dos homes, que non distinguen a quen é aquel ao que teñen comprometido a súa obediencia.

Consecuentemente, con esta reivindicación do Papa como Vicario Xeral de Cristo na Igrexa actual (suposto que esta sexa o Reino de Cristo ao que se alude no Evanxeo) está a Doutrina que un Rei Cristián precisa para recibir a súa Coroa dun Bispo, como se fose desa Cerimonia da que el deriva a disposición de *Dei gratiâ* no seu título; e que unicamente é daquela cando é feito Rei polo favor Divino, ao ser coroado pola autoridade do Vicerrexente universal na terra; e que cada Bispo, sexa quen sexa o seu Soberano, toma na súa Consagración un xuramento de Obediencia absoluta ao Papa. Consonte ao mesmo é a Doutrina do cuarto Concilio de Letrán, que mantivo baixo da autoridade do Papa *Inocencio* terceiro (Capítulo 3, *de Haereticis*) *Que se un Rei á admonición do Papa non purga o seu Reino de Herexías, e sendo excomungado por este non dá satisfacción nun ano, os seus Súbditos fican absoltos do vencello da súa obediencia.* De aquí que por Herexías entendamos todas as opinións que a Igrexa de Roma teña prohibido manter. Desta maneira, cada vez que houbo un enfrontamento entre os designios Políticos do Papa e outros Príncipes Cristiáns, como acontece a miúdo, aparece unha Néboa tan mesta entre os seus Súbditos que non distinguen a un estraño que se apoderou do trono do seu Príncipe lexítimo, de quen eles mesmos colocaran; e esta Escuridade da mente é a que os leva loitar os uns contra dos outros, sen distinguir os inimigos dos amigos, guiados pola ambición dun terceiro.

Desa mesma opinión, que a Igrexa presente é o Reino de Deus, cómpre seguir que os Pastores, Diáconos, e todos os outros Ministros da Igrexa, tomen para eles o nome de *Clero*; dando aos outros Cristiáns o nome de *Laicidade*, ou sexa, simplemente *Pobo*. Porque Clero significa aqueles con mantenza dependente dos Ingresos que Deus se reservara para El durante

o seu Reinado sobre os Israelitas, asignado á tribo de Leví (quen tiñan de ser os seus Ministros públicos, sen porción de terras que vivir, como seus irmáns) á maneira de patrimonio. O Papa, xa que logo, ao pretender que a Igrexa actual sexa como o Reino de Israel, o Reino de Deus) reivindica para el e os seus Ministros subordinados idénticos ingresos, como Patrimonio de Deus, sendo o nome de Clero axeitado para semellante reivindicación. Por iso que os Décimos e os outros tributos pagados aos Levitas como Dereito Divino, entre os Israelitas, fosen demandados e tomados dos Cristiáns polos Eclesiásticos, *Jure divino*, ou sexa, como Dereito Divino. Isto quere dicir que o pobo viña obrigado a un dobre tributo; un ao Estado, outro ao Clero, de aí que o do Clero, sendo o décimo da súa renda, fose o dobre que o Rei de Atenas (coidado un tirano) tiraba dos seus Súbditos para cubrir todas as cargas públicas. Pois que non esixía máis que a vinteava parte, e aínda así mantiña abondo o Estado. E no Reino dos Xudeus, durante o Reinado Sacerdotal de Deus, os Décimos e Ofrendas eran toda a Renda Pública.

Da mesma confusión entre a Igrexa actual e o Reino de Deus viña a distinción entre as Leis *Civís* e as *Canónicas*. Son as Leis Civís os Actos dos *Soberanos* nos Dominios propios, e as Leis Canónicas os Actos do *Papa* nos mesmos Dominios. Eses Canons, aínda que non fosen máis que Canons, ou sexa *Normas Propostas* non recibidas senón voluntariamente polos Príncipes Cristiáns ata que o Imperio lle foi transferido a *Carlomagno*, mais despois, mentres que o poder do Papa medraba, mudaron en *Normas Impostas* e os propios Emperadores (para evitar erros maiores, aos que a xente cegada podería ser inducida) foron obrigados a deixar que se aprobasen como Leis.

Por iso que en todos os Dominios onde o poder Eclesiástico do Papa é recibido por enteiro, os Xudeus, Turcos e Xentís son tolerados nas súas Relixións pola Igrexa Romana, sempre e cando no exercicio e profesión delas non ofendan o poder civil, mentres que nun Cristián aínda que sexa estranxeiro, non per-

tencer á Relixión Romana, é asunto Capital, pois que o Papa pretende que todos os Cristiáns son Súbditos seus. Porque en caso contrario perseguir a un Cristián estranxeiro porque profesa a relixión do seu propio País como Infiel sería ir contra da lei das Nacións ou, máis aínda, pois que os que non van contra Cristo están con el.

Do mesmo pode inferirse que en cada Estado Cristián hai certos homes exentos, por liberdade Eclesiástica, dos tributos e dos tribunais do Estado Civil, como acontece co Clero secular, ademais dos Monxes e Frades, que en moitos lugares superan en semellante número á xente do común que se podería erguer tan só con eles un Exército abondo para que unha Igrexa militante botase man deles contra dos Príncipes propios ou os alleos.

Un segundo abuso xeral das Escrituras é mudar a Consagración en Esconxuro ou Encantamento. Porque *Consagrar* é, nas Escrituras, Ofrecer, Dar ou Dedicar, en linguaxe piadosa e honesta, un home ou outra cousa a Deus, afastándoo do emprego habitual; isto é, Santificalo, rendelo a Deus, que o empreguen soamente aqueles aos que Deus nomeou para ser os seus Ministros Públicos (como xa probei abondo no Capítulo XXXV): e por iso o cambio, non da cousa Consagrada mais do seu emprego, de ser Profana e común, a ser Sagrada, e destinada ao servizo de Deus. Mais cando con certas palabras, o que se pretende é mudar a natureza ou calidade da cousa en si, non se trata de Consagración, senón dunha obra extraordinaria de Deus ou dun Esconxuro inútil e impío. Mais vendo (pola frecuencia do cambio da Natureza na súa Consagración) que non se pode entender como unha obra fóra do habitual, trátase dun *Esconxuro* ou *Encantamento*, que levaría aos homes a acreditar nunha alteración da Natureza que non tivo lugar, e que sería contraria á testemuña Visual do home, e todos os seus demais sentidos. Como por exemplo, cando o Sacerdote en canto de Consagrar o Pan e mais o Viño ao servizo particular de Deus no Sacramento da Cea do Señor (o que non é senón afastalo do seu emprego

habitual, significando, ou sexa, poñendo na mente dos homes a súa Redención por medio da Paixón de Cristo, corpo esnaquizado e sangue vertido na Cruz por mor das nosas transgresións) pretende que por dicir as palabras do noso Salvador, *Este é o meu Corpo* e *Este é o meu Sangue*, a natureza do Pan deixa de estar, mais o que está é o seu propio Corpo; se ben non aparece á Vista nin diante de ningún outro Sentido do Receptor nada que non estivese xa antes da Consagración. Os Esconxuradores Exipcios, dos que se dicía que mudaran as súas Canas en Serpes, e a Auga en Sangue, e dos que se pensaba que enganaban os sentidos dos Espectadores cunha exhibición falsa de cousas, eran coitados Encantadores. Mais, que pensariamos deles se nas súas Canas non aparecese nada semellante a unha Serpe, e na Auga encantada nada semellante ao Sangue, e que aínda así fosen tan cínicos de lle dicir ao Rei que eran Serpes que semellaban Auga e que era Sangue que semellaba Auga? Que non houbera máis que Encantamento e Mentiras. E aínda así neste acto diario do Sacerdote estes fan exactamente o mesmo, mudando as palabras sagradas nun a xeito de Encanto, que non produce nada novo aos Sentidos, senón que teñen a fachenda de dicir que volveron o Pan nun Home, nada menos que nun Deus, e requiren dos homes que o adoren, como se o noso Salvador se fixese presente Home e Deus, cometendo así unha grossa idolatría. Porque se abundase para escusalo de Idolatría dicir que xa non é Pan senón Deus, por que non ía servir a mesma escusa para os Exipcios, en caso de que tivesen a cara de dicir que o que adoraban non eran os Allos porros ou as Cebolas senón unha *Divindade* baixo desas *Especies* ou cousa semellante? As palabras, *Este é o meu Corpo* son equivalentes a estas, *Isto significa ou representa o meu Corpo*; e vén sendo unha Figura da Fala corrente, mais tomala literalmente é un abuso, aínda que así tomada non vaia alén do Pan que Cristo Consagrara coas súas propias mans. Porque El nunca indicou que un Pan calquera porque un Sacerdote dixese, *Este é o meu Corpo* ou *Este é o Corpo de Cristo*, fose ficar axiña

transubstanciado. Nin a Igrexa de Roma xamais establecera esta Transubstanciación ata o tempo de *Inocencio* terceiro, o que aconteceu non hai máis de cincocentos anos, cando o Poder dos Papas estaba no máis Alto e a Escuridade da época medrara tanto que os homes non distinguían entre o Pan que se lles daba para comer, especialmente cando viña estampado coa figura de Cristo na Cruz, como se os homes tivesen que crer que se Transubstanciara non soamente no Corpo de Cristo mais tamén na Madeira da Cruz, comido todo conxuntamente no Sacramento.

Un Encantamento semellante, en canto da Consagración, emprégase igualmente no Sacramento do Bautismo. Onde o abuso do nome de Deus nas diferentes Persoas, e en toda a Trindade, co sinal da Cruz en cada nome, provoca o Engado. Ao principio, cando fai Sagrada a Auga, o Sacerdote di: *Esconxúrote, Criatura da Auga no nome de Deus Pai Todopoderoso, e no nome de Xesús Cristo o seu único Fillo, o noso Señor, e en virtude do Espírito Santo, para que te volvas auga Esconxurada, para afastar todos os Poderes do Inimigo, e erradiques e suplantes ao Inimigo, etc.* E o mesmo na Beizón do Sal, para que este se mesture coa auga: *Que te fagas Sal Esconxurado, que todos os Fantasmas e as Maldades das imposturas do Diaño lisquen e marchen do lugar onde sexas salferido; e que Aquel que virá xulgar os vivos e os mortos Esconxure a todos os Espíritos lixados.* E verbo do Neno que vai ser Bautizado cómpre dicir que está suxeito a moitos Engados; Primeiro, na porta da Igrexa o Sacerdote sopra tres veces na cara do Rapazolo, e di; *Lisca del, Espírito sucio, e déixalle sitio ao Espírito Santo, o Consolador.* Como se todos os pícaros ata que soprarse neles o Sacerdote fosen demoníacos. De novo, previo a entrar na Igrexa, repítese o mesmo Exorcismo unha vez máis antes de que se Bautice. Estes e outros encantamentos son os que se empregan en canto de Beizóns e Consagracións na administración do Sacramento do Bautismo e a Cea do Señor; onde todo canto serve a estes usos sagrados (agás no que se refire á Saliva do sacerdote que é cousa profana) adopta algunha maneira de Exorcismo.

Nin tampouco están ceibes de Engados os outros ritos, como os do Matrimonio, a Extremaunción, a Visita dos Enfermos, a Consagración de Igrexas e Camposantos, e cousas semellantes, pois que nelas vai o emprego do Aceite Encantado e mais a Auga, xunto co abuso da Cruz e da palabra sagrada de David, *Asperges me Domine Hyssopo*, como cousas eficaces para esco-rrentar os Fantasmas e os Espíritos Imaxinarios.

Outro Erro xeral procede do Malentendido coas palabras *Vida Eterna*, *Morte Inmorredoir*a e a *Segunda Morte*. Porque aínda que leamos nitidamente nas sagradas Escrituras que Deus creou a Adán nun estado de Vida Eterna, isto era condicional, ou sexa, con tal de que non desobedecerá os seus Mandamentos; o que non era esencial á Natureza Humana, mais consecuen-te coa virtude da Árbore da Vida; do que tiña liberdade de comer sempre cando non pecase; sendo expulsado do Paraíso logo de pecar, non fose ser que comese da árbore vivindo así para sempre; sendo a Paixón de Cristo unha Liberación do Pecado a todos os que cren nel. E como consecuencia unha restitución da Vida Eterna a todos os Fieis, e a eles unicamente, non obs-tante, hoxe e desde hai moito tempo que se ensina o contrario, nomeadamente, que todos os homes gozan dunha Vida Eterna por Natureza, en tanto que a súa Alma é Inmortal. De maneira que a Espada flamíxera da entrada do Paraíso, aínda que impide que os homes se acheguen á Árbore da Vida non afasta da Inmortalidade aos que Deus afastou do Pecado, nin obriga a precisar do sacrificio de Cristo, para recuperala; e consecuen-temente non só os fieis e rectos, mais tamén os malvados e os Pagáns, gozarán da Vida Eterna sen Morte ningunha; moito menos unha Segunda e Eterna Morte. Para salvar esta doutrina dise que por *Morte Segunda e Eterna* cómpre entender unha Vida Segunda e Eterna, mais con Tormentos; unha Figura que nunca se emprega agás exactamente neste Caso.

Toda esta Doutrina atópase soamente nalgúns dos lugares máis escuros do Novo Testamento, eses que aínda que non

considerados na panorámica global das Escrituras, son nidios abondo nun senso diferente e non preciso para Fe Cristiá. Porque supoñendo que cando un home morre non fica nada del senón a súa carcasa; non pode Deus que fixo nacer de po e arxila inanimadas unha criatura viva a través da súa Palabra, resucitar unha carcasa morta de novo á vida, e conseguir que siga vivindo para Sempre ou facela morrer outra vez por medio doutra Palabra? A *Alma* nas Escrituras significa sempre ou ben a Vida ou ben as Criaturas Vivas; e o Corpo e a Alma conxuntamente o *Corpo vivo*. No quinto día da Creación Deus dixo: Que a auga produza, *Reptile animae viventis*, a cousa que se arrastra e ten a Alma Viva; os Ingleses tradúceno como *que ten Vida*. Logo Deus criou as Baleas, *omnem animam viventem*, que en Inglés é *todas as Criaturas Vivas*. E de maneira semellante co Home, Deus fixo a este de terra, insuflando na súa face o alento da Vida, *factus est Homo in animam viventem*, ou sexa *O Home foi feito unha Criatura Viva*. E logo de que Noé saíse da Arca, Deus dixo que xa non feriría máis *omnem animam viventem*, ou sexa *a todas as Criaturas Vivas*. E *Deuteronomio*, 12.23: *Non comades Sangue, porque o Sangue é a Alma*, ou sexa, *a Vida*. Destas pasaxes se por *Alma* entendemos unha *Substancia Incorpórea*, o que vén sendo unha existencia afastada do Corpo, o mesmo podería inferirse de calquera outra Criatura Viva, cal no Home. Mais que as Almas dos Fieis non van pola súa propia Natureza, senón por Graza especial de Deus, ficar nos seus corpos desde a Resurrección xa para toda a Eternidade, penso que o teño probado a partir das Escrituras no Capítulo XXXVIII. Verbo das pasaxes do Novo Testamento onde se di que os homes serán chimpados, Corpo e Alma ao lume do Inferno, non é máis que dicir que en Corpo e Vida, ou sexa, que serán botados vivos ao lume perpetuo de Gehenna.

Esta é a fiestra que dá entrada á Doutrina Escura, primeiro, dos Tormentos Eternos e, despois, do Purgatorio, e consecuentemente da andaina ao exterior, sobre todo por paraxes



Consagradas, Senlleiras ou Escuras, dos Espíritos dos homes que finaron, e de aí as pretensións de Exorcismos e Esconxuros de Pantasmas, e tamén as Invocacións dos mortos, e as Doutrinas de Indulxencias, ou sexa, a exención por un tempo ou para sempre do lume do Purgatorio, onde se pretende que estas Substancias Incorpóreas arden coa finalidade de que fiquen limpas e dispostas para o Ceo. Pois que estando os homes xeralmente posuídos, antes do tempo do noso Salvador, por contaxio da Demonoloxía dos Gregos, da opinión de que as Almas dos homes eran substancias distintas dos Corpos, e xa que logo cando o Corpo estaba morto a Alma de cada home, quer bondadoso ou malvado, tiña de subsistir nalgures por virtude da súa propia natureza, sen recoñecerlle ningún don sobrenatural dos Deus; os Doutores da Igrexa dubidaron moito tempo sobre cal era o lugar no que as Almas debían situarse ata que se reunisen cos seus Corpos na Resurrección; coidando durante unha tempada que xacían baixo dos Altares, mais despois a Igrexa de Roma atopou máis proveitoso argallarlles este lugar chamado Purgatorio, que foi demolido por outras Igrexas recentemente.

Coidemos agora en que textos das Escrituras semellan confirmar máis os tres Erros xerais que teño abordado aquí. Consonte aos aducidos polo Cardeal Belarmino para o actual Reino de Deus administrado polo Papa (e non hai nada que sirva mellor como proba), xa os teño replicados; evidenciando que o Reino de Deus, instituído por Moisés, rematou coa elección de Saúl. Despois dese tempo o Sacerdote, baseándose na súa propia autoridade, xamais depuxo a ningún Rei. O que lle fixo o Sumo Sacerdote a Atalia non foi en base ao seu propio dereito mais no do novo Rei Xoás, o seu Fillo. Mais Salomón no seu propio dereito depuxo ao sumo Sacerdote Abiatar, poñendo a outro no seu sitio. A pasaxe máis difícil de responder, de cantas se poden achegar para probar que o Reino de Deus a través de Cristo está xa neste mundo, adúcese non por Belarmino nin ningún outro da Igrexa de Roma mais por Beza,

que terá que comezar a partir da Resurrección de Cristo. Mais se tenta con isto, outorgar ao Presbiterado o Supremo Poder Eclesiástico do Estado de Xenebra (e consecuentemente a todos os Presbiterados de todos os outros Estados) ou aos Príncipes e aos outros Soberanos Cívís, non o sei. Porque os Presbíteros teñen arrogado o poder de Excomungar os seus propios Reis e o de ser os Moderadores Supremos no relativo á Relixión, nos lugares onde teñen esa forma de gobernar a Igrexa, non menos que o Papa o ten arrogado universalmente.

As palabras son (Marcos, 9.1): *Dígovos, en verdade, que algúns dos que están aquí non catarán a morte ata que vexan vir o Reino de Deus con poder.* Esas palabras, tomadas no senso gramatical, certifican que ou ben algúns dos homes que estiveran á beira de Cristo aínda están vivos ou ben que o Reino de Deus debe de estar agora neste mundo actual. E aínda hai outra pasaxe máis difícil: Porque cando os Apóstolos logo da Resurrección do noso Salvador, e inmediatamente antes da súa Ascensión, preguntaron ao noso Salvador dicindo: (Feitos, 1.6): *¿Volverás agora restaurar de novo o Reino a Israel? El contestara, Non é da vosa incumbencia coñecer os tempos e as estacións que o Pai ten disposto no seu propio poder. Mais vos recibiredes poder coa chegada do Espírito Santo riba vosa, e seredes os meus Mártires (testemuñas) en Xerusalén, Xudea, Samaria e nas partes máis remotas da Terra.* O que é tanto como dicir, o meu Reino aínda non veu nin sabemos cando o fará, porque o fará como un ladrón na noite. Mais heivos de enviar ao Espírito Santo, e por el teredes poder para achegar testemuño a todo o mundo (pola vosa prédica) da miña Resurrección, e das obras que teño feito e da doutrina que levo ensinada, de que poidan acreditar en min e agardar vida eterna cando retorne. ¿Como cadra isto coa chegada do Reino de Cristo na Resurrección? E isto é o que San Paulo di (1 Tesalónicos, 1.9.10): *Que se tornaran dos Ídolos, para servir ao Deus vivo e verdadeiro, e a agardar a que o seu Fillo viñese do Ceo.* Onde agardar ao seu Fillo do Ceo é agardar

a que chegase a ter o poder de Rei, o que non sería preciso se este Reino estivese presente xa daquela. Unha vez máis, se o Reino de Deus comezase (tal como sinalaba *Beza* a partir desa pasaxe, *Marcos*, 9.1) na Resurrección; ¿que razón terían os Cristiáns para que os Cristiáns digan nos seus pregos, logo da Resurrección, *Veña a nós o teu Reino*. Maniféstase xa que logo que as palabras de San *Marcos* non deben interpretarse de tal maneira. Hai algúns dos que están aquí que non catarán a morte ata que vexan vir o Reino de Deus con poder. Daquela se este Reino ía vir coa Resurrección de Cristo, ¿por que se di, *algúns*, e non todos? Porque todos vivían logo de que Cristo resucitase.

Mais aqueles que requiren unha interpretación exacta deste texto que interpreten primeiro as palabras, as mesmas palabras a San Pedro relativas a San Xoán (capítulo 21.22): *Se quero que fique ata que eu veña, ¿a ti que che importa?* No que se basea a historia de que el non vai morrer. Non obstante a verdade desa historia nin se confirmou como ben argumentada, nin se refutou, como con mal apoio nesas palabras; senón deixadas como un dito que non se entendía ben. A mesma dificultade xorde na pasaxe de San Marcos. E se fose lexítimo conxecturar o seu significado, polo que vén acto continuo, tanto aquí como en San Lucas, onde se repite o mesmo, non é improbable dicir que teñen relación coa Transfiguración, que veñen descritas nos versos que aparecen inmediatamente despois; onde se di: *Despois de seis días Xesús levou con El a Pedro, Santiago e Xoán (non a todos, senón a algúns dos seus Discípulos) conductíndoos a unha outra montaña, á parte dos demais, para transfigurarse diante deles. E a súa aureola encheuse de brillo, branquísima como a neve, como ningún Batán na terra puíderse branquexala. E apareceron diante deles Elías e Moisés, e estiveran a falar con Xesús, etc.* De maneira que viron a Cristo coa mesma Gloria e Maxestade coa que terá de vir; chegando mesmo *a ter medo*. E así a promesa do noso Salvador callaba por medio dunha *Visión*. Porque se trataba dunha *Visión*, como se cadra pode inferirse

de San Lucas, que refire a mesma historia (capítulo 9, versículo 28) e di que Pedro e os que estaban con el caeron nun sono moi fondo. Pero con meirande certeza de Mateo, 17.19 (onde se relata o mesmo); porque o noso Salvador nos avisara dicindo, *Non lle contedes a ningún a Visión ata que o Fillo do home Resucite de entre os mortos*. Como queira que sexa non se pode apañar de aquí argumento válido para probar que o Reino de Deus comece antes do día do Xuízo.

Verbo doutros textos, para probar o Poder dos Papas nos Soberanos civís (ademais dos de *Belarmino*) como o das dúas Espadas que Cristo e os seus Apóstolos tiñan con eles era a Espada Espiritual e a Temporal, que seica lle foran dadas a San Pedro por Cristo ou o das dúas Lumieiras, a meirande significando o Papa, e menos, o Rei; podemos inferir igualmente do primeiro versículo da Biblia que o Ceo significa o Papa, e a Terra, o Rei. O que non é argumentar coas Escrituras, senón insultar caprichosamente aos Príncipes, tal como se puxo de moda logo de que os Papas medraran tanto no convencemento da súa grandeza como para condenar a todos os Reis Cristiáns e Poñer o Pé nas calugas dos Emperadores, para se burlar deles e das palabras das Escrituras no Salmo 91: *Triparás no León e na Víbora, e poñerás baixo do teu pé ao León novo e ao Dragón*.

Verbo dos ritos da Consagración, aínda que dependen na súa meirande parte do siso e mais o xuízo dos gobernadores da Igrexa, e non das Escrituras, estes gobernadores están obrigados a seguir as directrices requiridas pola propia natureza da acción; de maneira que as cerimoniais, palabras e acenos sexan decentes e significativos, ou polo menos consonte á acción. Cando Moisés consagrara o Tabernáculo, o Altar e os Cacifos que lles pertencían (Éxodo, 40) unxiunos co Aceite que Deus mandara facer con este propósito, ficando santos. Non se Exorcizara nada para escorrentar fantasmas. O mesmo Moisés (o Soberano civil de Israel) cando consagrara a Aarón (o Sumo Sacerdote) e os seus Fillos, lavounos con Auga (non

auga Exorcizada), vestiunos coas súas roupas e unxiunos con Aceite; ficando así santificados para oficiar en nome do Señor o ministerio do Sacerdote; o que non era senón unha limpeza e un adorno decente deles antes de que os presentase diante de Deus para que fosen os seus servos. Cando o Rei *Salomón* (o Soberano civil de Israel) consagrara o templo que construíra (2 *Reis* 8) ergueuse diante de toda a Congregación de Israel, e logo de bendicilos deulle as grazas a Deus, por poñer no corazón do seu pai a idea de construílo, e por darlle a el mesmo o don de comprar co mesmo; entón pregoulle, primeiro, que aceptase esa Morada, aínda que non combinase coa súa infinita Grandeza, e que escoitase os pregos dos seus Servos que ían pregar alí ou (caso de estar ausentes) cara a alí. E finalmente ofreceu un Sacrificio de Ofrenda de Paz e a Morada ficou dedicada. Non houbera Procesión. O Rei quedou quedo no seu lugar primeiro; non houbo Auga Exorcizada, non *Asperges me*, nin outro emprego impertinente de palabras faladas noutra ocasión, senón un discurso asisado e racional, máis axeitado para ofrecerlle a Deus o presente dunha Morada acabada de construír.

Non lemos que San Xoán Exorcizase a Auga do Xordán, nin Filipe a Auga do río onde bautizara ao Eunuco, nin que ningún Pastor do tempo dos Apóstolos apañase o seu cuspe para poñelo no nariz da persoa que ía ser Bautizada, e dicir *In odorem suavitatis*, ou sexa, *por un cheiriño grato ao Señor*, sen que nin a Cerimonia do Cuspe, pola súa falla de hixiene, nin a aplicación das Escrituras pola lixeireza, poida ser xustificada por ningunha autoridade do home.

Para probar que a Alma afastada do Corpo vive eternamente, non soamente as Almas dos Elixidos por unha graza especial, e a restauración da Vida eterna perdida por Adán polos seus Pecados, e que o noso Salvador restitúe os Fieis polo Sacrificio propio, mais tamén as Almas dos Réprobos, como unha propiedade que é consecuencia natural da esencia da humanidade, sen máis graza de Deus que aquela outorgada universalmente

a toda humanidade; hai diferentes pasaxes, que nunha primeira ollada semellan abondar para cumprir este propósito; mais cando os comparo con aqueles que teño aducido antes (Capítulo XXXVIII) a partir de *Xob 14*, entendo que se prestan moito máis a diferentes interpretacións que as propias palabras de *Xob*.

Primeiro están as palabras de Salomón (*Eclesiastés*, 12.7): *Entón o Po tornará ao Po, como xa o era, e o Espírito volverá ao Deus que o outorgara*. O que ben pode indicar (de non haber outro texto que vaia directamente contra el) esta interpretación, que soamente Deus coñece (mais o Home, non) o que é do espírito do home cando expira; e o mesmo Salomón, no mesmo Libro (Capítulo 3, versículos 20, 21) ceiba a mesma sentenza no senso no que eu a teño pronunciado. As súas palabras son: *Todos van (homes e bestas) ao mesmo lugar; todos proceden do po e volven de novo ao po: ¿quen é o que sabe que o espírito do Home sube e o espírito da Besta baixa á terra?* Ou sexa, ninguén o sabe senón Deus. Non é unha frase nada habitual dicir das cousas que non entendemos, *Sábeo Deus e Deus sabe onde*. No *Xénese 5.24* atopamos que *Enoc camiñara con Deus, e xa non estaba; porque Deus o levara consigo*; o que se explica en *Hebreos, 13.15*. *Non morreu senón que foi trasladado; e non o atoparon porque fora Deus quen o trasladara. Porque antes da súa Translación deixou esta testemuña, que lle prestara a Deus*, depoñendo a prol tanto da inmortalidade do Corpo como da Alma, probado que esta translación era familiar a aqueles dos que gustaba Deus; sorte que non partillaban cos malvados, que depende da Graza e non da Natureza. Mais ao contrario, ¿que interpretación haberemos de darlle, á parte do senso literal das palabras de Salomón (*Eclesiastés*, 3.19)? *A sorte dos Fillos dos Homes e das Bestas é a mesma, a mesma sorte corresponde aos uns e aos outros; cando un morre o outro, tamén; si, todos teñen un alento (un espírito); de maneira que un Home non ten predominio sobre unha Besta, pois que todo é vaidade*. No senso literal, vemos que non existe a Inmortalidade Natural da Alma, nin ningunha caste de

incompatibilidade coa Vida Eterna, que os Elixidos gozarán por medio da Graza. E (capítulo 4, versículo 3): *Mellor que ambos é aquel que aínda non foi*; isto é, que os que viven ou teñen vivído; o que sería duro de dicir se as Almas de todos os que viviron fosen Inmortais; porque daquela ter unha Alma Inmortal sería peor que non ter Alma en absoluto. Máis (Capítulo 9, 5): *Os vivos saben que terán de morrer, mais os mortos nada saben*; ou sexa, de morte Natural e antes da resurrección do corpo.

Outra pasaxe que semella apuntar á Inmortalidade Natural da Alma é aquela no que di o noso Salvador que Abraham, Isaac e Xacobe están vivos; mais isto fala da promesa de Deus e a súa certeza de resucitar, non dunha vida presente; e no mesmo senso no que Deus dixera a Adán que o dña en que comese da froita prohibida habería de morrer; a partir dese momento en adiante foi un home condenado a morte; mais isto non se executaría ata mil anos despois. De maneira que Abraham, Isaac e Xacobe estaban vivos daquela pola promesa de Cristo, pero non en verdade ata a Resurrección. E a Historia de Epulón e Lázaro non vai contra isto se a tomamos (tal como é) á maneira dunha Parábola.

Mais, hai outras pasaxes do Novo Testamento onde a Inmortalidade semella atribuída directamente aos malvados. Porque é evidente que resucitarán para o Xuízo. E dise ademais en moitas pasaxes que irán ao *Lume Eterno, Tormentos Eternos, Castigos Eternos e que o verme da conciencia xamais morre*; e que todo se inclúe na expresión *Morte Eterna* que se adoita entender como *Vida Eterna entre tormentos*. E aínda non dou atopado en que lugar vivirá un home atormentado Eternamente. Tamén semella duro dicir que Deus, quen é o Pai Compasivo, que fai en Ceo e Terra canto lle peta, que ten os corazóns de todos os homes ao seu dispor; que opera neles tanto os feitos como as vontades, sen que os homes, carentes do seu don grauíto, poidan tender ao ben nin arrepentirse do mal, castigue as transgresións destes sen ningún límite de tempo e con torturas

tan extremas como os homes poidan imaxinar, e máis aínda. Xa que logo temos de considerar que significa *Lume Eterno* e outras expresións semellantes das Escrituras.

Teño probado xa que o Reino de Deus, por medio de Cristo comeza o día do Xuízo. Que nese día os Fieis resucitarán con Corpos gloriosos e espirituais, para ser os seus Súbditos nese Reino que terá de ser Eterno. Que non casarán, nin serán dados en matrimonio, nin comerán nin beberán, mais vivirán para sempre nas súas persoas individuais sen a eternidade específica da xeración. E que os Réprobos resucitarán de novo, para recibir castigos polos seus pecados. Como tamén que aqueles dos Elixidos que vivan nos seus corpos terrealis ese día terán os seus corpos mudados subitamente, e serán feitos espirituais e Inmortais. Mais os corpos dos Réprobos, que conforman o Reino de Satanás, serán corpos gloriosos ou espirituais, semellantes aos dos Anxos de Deus, sen comer, beber nin xerar; que a súa vida será Eterna nas súas persoas individuais, como a vida de cada home fiel é, ou como sería a de Adán de non ter pecado, é algo que non está probado en ningunha pasaxe das Escrituras, agás naquelas relativas aos Tomentos Eternos, que poden ser interpretados doutra maneira.

Do que se pode inferir que igual que os Elixidos, logo da Resurrección, serán restituídos ao estado no que Adán se atopaba antes de pecar, os Réprobos estarán na mesma situación que Adán e os seus descendentes estaban logo de pecar, coa cousa de que Deus prometerá a Adán e á súa semente un Redentor sempre e cando confiasen nel e se arrepentisen, mais non a aqueles que morresen en pecado, tal como os Réprobos.

Así as cousas os textos que mencionan *Lume Eterno*, *Tormentos Eternos* ou o *Verme que nunca morre*, non contradín a Doutrina dunha Morte Segunda e Eterna, no senso propio e natural da palabra *Morte*. O Lume ou os Tormentos preparados para os malvados na *Gehenna*, no *Tofet* ou onde queira que sexa, poden continuar sempre que haxa malvados para ser atormen-



tados neles, aínda que non todos, nin cada un Eternamente. Porque se os malvados ficasen no estado no que estaban logo do pecado de Adán, poderían vivir na Resurrección tal como o facían, casar, ser dados en matrimonio, ter corpos materiais e incorruptíbeis tal como os ten agora a humanidade, e consecuentemente xerar perpetuamente logo da Resurrección tal como o fixeran antes. Porque non hai pasaxe nas Escrituras que indique o contrario. Porque San Paulo cando fala da Resurrección (1 *Corintios* 15) entende como tal soamente a Resurrección á Vida Eterna, e non a Resurrección ao Castigo. E do primeiro dise que o Corpo *Sementado en Corrupción, resucita en Limpeza; sementado en Fraqueza, resucita en Poder; sementado como un corpo Natural, resucita como un corpo Espiritual*. Non pode afirmarse o mesmo dos corpos que resucitan para o Castigo. Así tamén o noso Salvador cando ao falar da Natureza do Home logo da Resurrección refírese á Resurrección á Vida Eterna e non ao Castigo. O texto é *Lucas* 20, versículos 34, 35, 36, é un texto fértil. *Os Fillos deste mundo casan e son dados en matrimonio; mais os que se coidan que son merecentes de obter ese mundo e a Resurrección dos mortos, nin casan nin son dados en matrimonio. Nin morrerán nunca máis porque son semellantes aos Anxos, e son os Fillos de Deus, sendo os Fillos da Resurrección*. Os Fillos deste mundo que están no estado en que Adán os deixase, casarán e serán dados en matrimonio, isto é, corruptos e en condición de xerar sucesivamente, o que supón a Inmortalidade da Especie mais non das Persoas dos homes. Non son merecentes de ser contados entre aqueles que acadarán o mundo vindeiro e unha Resurrección absoluta dos mortos; senón só un breve tempo, como moradores deste mundo, e só coa finalidade de recibir un castigo axeitado á súa teimosía. Os Elixidos son os únicos fillos da Resurrección, isto é, os únicos herdeiros da Vida Eterna, e os únicos que poden non morrer de novo: niso son semellantes aos Anxos e son eles os fillos de Deus e non os Réprobos. Para os Réprobos queda

logo da Resurrección unha Morte *Segunda e Eterna*: habendo entre a Resurrección e a súa morte Segunda e Eterna non máis que un tempo de Castigo e Tormento, que durará por sucesión de pecadores en tales sufrimentos tanto como o faga a especie Humana por propagación, ou sexa, Eternamente.

Nesta Doutrina da Natural Eternidade das Almas separadas é onde se fundamenta (tal como xa dixen) a Doutrina do Purgatorio. Porque entendendo a Vida Eterna unicamente como Graza, non hai outra Vida que a Vida do Corpo, e ningunha Inmortalidade deica a Resurrección. Os textos aducidos por Belarmino para o Purgatorio a partir da Escritura Canónica do antigo Testamento, son, primeiro, o xaxún de *David* para *Saúl* e *Xonatán*, que se menciona en 2 Reis 1.12, e de novo (2 Samuel 3.35) pola morte de *Abner*. O xaxún de *David*, dixo, era por mor de acadar algo para eles das mans de Deus logo da súa morte, porque logo de que Xaxuase para procurar a recuperación do seu propio fillo, axiña que soubo que estaba morto, pedira carne. Vendo entón que a Alma ten unha existencia separada do Corpo e de que nada se pode obter por medio do Xaxún dos homes para as Almas que ou ben están no Ceo ou no Inferno, séguese que hai algunhas Almas de mortos que non están nin no Ceo nin no Inferno, e xa que logo deben estar nun terceiro lugar, que debe de ser o Purgatorio. E así, tensándoas moito, aduce estas pasaxes como probas dun Purgatorio, mentres que é nidio que as cerimoniais de Pranto e Xaxún, empregadas pola morte de homes, cunha vida que non era de proveito para os Enloitados, teñen utilidade para honrar ás súas persoas, e cando se fai pola morte daqueles con vidas de proveito para os Enloitados é gravoso para estes. E así *David* honrou a *Saúl* e mais a *Abner* co seu Xaxún, e na morte do seu propio fillo reconfortouse a el mesmo recibindo a comida que adoitaba.

Nas outras pasaxes que aducía do antigo Testamento, non existe tan sequera un anaquiño ou mostra que sirva como proba. Acheга todos os textos nos que aparezan as palabras *Carraxe*,

*Lume, Arder, Purga* ou *Limpeza*, en caso de que calquera dos Pais as teñan aplicado nun sermón teórico, á Doutrina xa crida daquela relativa ao Purgatorio. O primeiro versículo do *Salmo 37: Señor non me rifes na túa carraxe, nin me castigues no teu desgusto acalorado*. Que tería isto que ver co Purgatorio se San Agostiño non aplicase a *Carraxe* ao lume do Inferno, e o *Desgusto* ao do Purgatorio? Que xénero de Purgatorio é o do *Salmo, 66, 12: Marchamos a través do lume e da auga e ti trouxéchesnos a un lugar húmido*, e outros textos semellantes (cos que os Doutores daqueles tempos procuraban adornar ou estender os seus Sermóns ou Comentarios?) traídos a colación pola forza ou polo enxeño?

Mais el ten aducido outras pasaxes do Novo Testamento que non teñen resposta doada. En primeiro lugar o de *Mateo, 12.32: Quen queira que diga unha palabra contra o Fillo do home será perdoado, mais quen a diga contra o Espírito Santo, non terá perdón nin neste mundo nin no mundo por vir*. O Purgatorio será no mundo por vir, onde serán perdoados aqueles pecados que non o fosen neste mundo: malia o cal é manifesto que non hai senón tres Mundos, un da Creación deica o Dioivo, que foi esnaquizado pola Auga, e leva nas Escrituras no nome do *Mundo Antigo*; outro, que vai do Dioivo ao día do Xuízo, que é o *Mundo Actual* que será destruído polo Lume, e o terceiro, desde o día do Xuízo en adiante, para sempre, e que se chama o *Mundo por vir*, e no que todos cadran en que non haberá Purgatorio. E xa que logo o Mundo por vir, e o Purgatorio, son inconsistentes. ¿Pero cal pode ser o significado destas palabras do noso Salvador? Confeso que non son doadas de reconciliar con todas as Doutrinas agora aceptadas con unanimidade. Non é unha mágoa confesar que a fondura das Escrituras é grande de máis para que a sonde a cativeza do entendemento humano? Non obstante podo propoñer tales cousas á consideración dos Relixiosos máis versados, tal como o propio texto suxire. Primeiro, vendo que falar contra do Espírito Santo, como

terceira Persoa da Trindade, é facelo contra da Igrexa, na que reside o Espírito Santo; semella establecerse unha comparación entre a Sinxeleza do noso Salvador en aturar as ofensas que lle fixeron mentres que se aplicaba a ensinar ao mundo, isto é, cando estaba na terra, e a Severidade dos Pastores que viñeron logo del contra daqueles que rexeitasen a súa autoridade que viña do Espírito Santo. Como se dixese: Os que rexeitades o meu Poder, ou mesmo aqueles que me crucificades, seredes perdoados por min tan a miúdo como vos viredes cara a min mostrando Arrepentimento. Mais se rexeitades o Poder deses que vos ensinan de agora en adiante por virtude do Espírito Santo, serán inexorábeis, e non vos perdoarán senón que irán detrás vosa neste Mundo deixándovos sen absolución (aínda que vos viredes cara a min, a menos de que fagades o propio con eles) para os castigos (no que dependan deles) do Mundo por vir. E desta maneira as palabras poden tomarse como unha Profecía ou Predición consonte a épocas moi delongadas da Igrexa Católica. Ou se este non é o significado (pois que non son dogmático en pasaxes tan pouco doadas) se cadra queda espazo logo da Resurrección para o Arrepentimento de certos pecadores. E hai tamén outra pasaxe que semella cadrar con isto. Porque coidando nas palabras de San Paulo (1 *Corintios* 15. 29): *Que farán os que se Bautizan polos mortos, se os mortos non resucitan en absoluto? ¿Por que se bautizan tamén polos mortos?*, calquera podería inferir probablemente, como teñen feito algúns, que no tempo de San Paulo había o costume de recibir o Bautismo polos mortos (igual que hai algúns que agora acreditan que son Garantía de Fe para os cativos que aínda non son quen de crer), actuando no nome das persoas dos seus amigos defuntos, para que estean preparados para obedecer e aceptar o noso Salvador como Rei á súa chegada de novo, sen que teña daquela o perdón dos pecados a necesidade dun Purgatorio. Mais en ambas interpretacións hai tanto de paradoxo que non confío nelas, polo que as propoño a aqueles amplamente ver-

sados nas Escrituras para inquirir se non haberá pasaxes máis nidias nas Escrituras que as contradigan. No que a min respecta coido que as Escrituras son abondo claras como para convencerme de que nin a palabra Purgatorio, nin o Purgatorio mesmo, están neste nin noutro texto, tampouco de que haxa nada que probe a necesidade dun lugar para a Alma sen o Corpo, nin para a Alma de Lázaro durante os catro días nos que estivo morto, nin para as Almas daqueles que a Igrexa Romana pretende que estean atormentados agora no Purgatorio. Porque Deus, que puido dar vida a un anaco de arxila ten o mesmo poder para facer revivir a un morto, e anovar o seu Esqueleto, inanimado e podre, nun Corpo glorioso, espiritual e inmortal.

Outra pasaxe é a de 1 *Corintios* 3, onde se di que perigará o traballo dos que puxeron Palla, Feo, etc., no verdadeiro fundamento, mais *eles mesmos serán salvados, aínda que cruzando o Lume*. Este Lume, segundo el, será o Lume do Purgatorio. Estas palabras, como xa dixen antes, son unha alusión ás de *Zacarías*, 13. 9 cando se di: *Traerei a terceira parte a través do Lume, purificándoos como se purifica a Prata, probándoos como se proba o Ouro*, lugar onde se fala da chegada do Mesías con Poder e Gloria, é dicir, no Día do Xuízo e Conflagración do mundo presente; cando os Elixidos non se consumirán senón que serán purificados; ou sexa, desbotarán as súas Doutrinas e Tradicións erradas, ficando estas baixo das chamadas, e eles a invocar o nome do Deus verdadeiro. De idéntica maneira o Apóstolo dixo daqueles, que os que se apoiaron neste Fundamento, *Xesús é o Cristo*, e aínda que teñan artellado nel Doutrinas erradas non serán consumidos no lume que anova o mundo, senón que o cruzarán sendo salvados, desbotando antigos Erros. Os Construtores son os *Pastores*, o Fundamento, *Xesús é o Cristo*; a Palla e o Feo as *Falsas Conclusións tiradas da Ignorancia e a Fraqueza*, e a Purificación ou Purga o *Desbotar os seus Erros*. Todo isto exclúe que teñan que ser queimadas as Almas Incorporéas, ou sexa, Exentas de Paixón.

Unha terceira pasaxe é a I *Corintios* 15, antes mencionada, relativa ao Bautismo polos Mortos, do que deduce, primeiro, que dos Pregos polos Mortos se tira proveito, do que se infire que hai un Lume do Purgatorio. Mais erra nas dúas. Porque das moitas interpretacións da palabra Bautismo aproba en primeiro lugar esta; que por Bautismo se entende (metaforicamente) un Bautismo de Arrepentimento, e que os homes están neste senso Bautizados cando Xaxúan, Pregan e dan Esmolas. E desta maneira o Bautismo polos Mortos e o Prego polos Mortos é a mesma cousa. Mais isto é unha Metáfora, da que non hai exemplos, nin nas Escrituras nin en ningún outro emprego da linguaxe, e iso tampouco cadra coa harmonía e dimensión das Escrituras. A palabra Bautismo emprégase (*Marcos*, 10.38 e *Lucas*, 12.50) para o Bañarse no propio sangue dun, como fixera Cristo na cruz, e a meirande parte dos Apóstolos ao dar testemuño Seu. Pero non é doado dicir que Pregos, Xaxún ou Esmolas teñen algunha semellanza co Baño. O mesmo emprégase tamén, *Mateo*, 3.11 (no que semella ter algo que ver co Purgatorio) nunha Purga por medio do Lume. Mais é evidente que o Lume e mais a Purga aquí citados son o mesmo do que falaba o Profeta *Zacarías* (capítulo, 13, v. 9): *Traerei a terceira parte a través do Lume, purificándoos*, etc. E despois del San Pedro (I Epístola 1.7): *Para que a proba da vosa Fe, que é moito máis preciosa que o Ouro que perece, aínda que sexa tratado con Lume, se dea atopado na loanza, honor e gloria da Aparición de Xesús Cristo*. E San Paulo (I *Corintios* 3.13): *O Lume manifestará cal é a obra de cadaquén*. Mais San Pedro e San Paulo falan do Lume que estará na Segunda Aparición de Cristo e o Profeta *Zacarías*, do Día do Xuízo. E xa que logo esta pasaxe de San Mateo pode ser interpretada igual e daquela non será preciso o Lume do Purgatorio.

Outra interpretación do Bautismo polos Mortos é a que teño mencionado antes, que el prefería ao segundo lugar de probabilidade. E disto infería a utilidade de Pregas polos Mortos.

Porque se despois da Resurrección, se aqueles que nin oíron falar de Cristo nin acreditaron nel, poden ser aceptados no Reino de Cristo, cumprirá, logo da súa morte, que os seus amigos pregunten por eles ata que resuciten. Mais admitindo que Deus, aos pregos dos fieis, poida converter a El a algúns daqueles que nunca sentiran predicalo, e consecuentemente non puideran rexeitar a Cristo, e que non se pode culpar a caridade dos homes neste aspecto, non é posible aínda así concluír nada relativo ao Purgatorio, porque se resucitar da Morte á Vida é unha cousa, resucitar do Purgatorio á Vida é outra; ao ser unha resurrección da Vida á Vida, dunha Vida atormentada a unha Vida de ledicia.

Unha cuarta pasaxe é aquela de *Mateo*, 5.25: *Cadra co teu Adversario axiña, mentres que vos atopedes na mesma liña, non vaia ser que nalgún momento o teu Adversario te leve diante do Xuíz e o Xuíz te leve ao Alguacil, e sexas chimpado no cárcere. Dígoche en verdade que de ningunha maneira saíras do cárcere ata que non teñas pagado ata o derradeiro céntimo.* Nesta Alegoría o Ofensor é o *Pecador*, sendo o Adversario e Xuíz, *Deus*; a Prisión é a *Cova*, o Alguacil, a *Morte*; da que o pecador non resucitará de novo á vida eterna senón a unha segunda Morte, ata que non pague ata o derradeiro céntimo, ou Cristo pague por el coa súa Paixón, o que é un Rescate completo por todas as maneiras de pecar, tanto polos pecados menores como polos delitos meirandes; resultando ambos igualmente veniais pola paixón de Cristo.

A quinta pasaxe é a de *Mateo*, 5.22. *Quen queira que estea alporizado co seu Irmán sen causa será culpable no Xuízo. E quen chame ao seu irmán, RACA, será culpable no Consello. Mais quen queira que lle diga, Ti es Parvo, será culpable e guindado no lume do inferno.* Destas palabras infírense tres clases de Pecados e tres clases de Castigos, e ningún deses pecados, senón o derradeiro serán penados co lume do inferno, e consecuentemente que logo desta vida hai castigo para os

pecados menores no Purgatorio. Desta inferencia nada se atopa nas interpretacións que se teñan dado: ¿existirá despois desta vida unha distinción das Cortes de Xustiza como había entre os Xudeus no tempo do noso Salvador, para oír e determinar diversas castes de Delitos, como os Xuíces e o Consello? ¿Non pertencerán todas as Xudicaturas a Cristo e os seus Apóstolos? Para entender xa que logo este texto non debemos consideralo separadamente mais vencellado ás palabras precedentes e consecuentes. O noso Salvador interpreta neste Capítulo a Lei de Moisés, que os Xudeus coidaron cumprida cando non transgredían o senso gramatical desta mais ían contra da sentenza ou significado do Lexislador. Xa que logo mentres que pensaban que o Sexto Mandamento non se rachaba Matando a un home, nin o Sétimo, cando un home xacía cunha muller que non era a súa esposa, o noso Salvador dilles que a Carraxe interior dun home contra o seu irmán se non ten causa xusta é Homicidio. Sentistes (dilles) a Lei de Moisés: *Non Matarás e Aquel que Mate será condenado diante dos Xuíces* ou diante do Consello dos Setenta. Mais eu dígovos que Alporizarse co propio Irmán sen Causa, ou dicirle *Raca* ou *Parvo*, é Homicidio e será castigado no día do Xuízo, na Xuntanza de Cristo e os seus Apóstolos, con lume do Inferno: de maneira que tales palabras non eran empregadas para distinguir entre Delitos diversos e diversas Cortes de Xustiza e Castigos diversos, senón para taxar a distinción entre pecado e pecado, que os Xudeus non tiraban a diferenza das Vontades en Obedecer a Deus senón daquela das súas Cortes Temporais de Xustiza; e para mostrarlles que aquel que teña Vontade de ferir o seu Irmán, aínda que o efecto fiquese reducido a un Reproche, ou a nada en absoluto, será chimpado no lume do inferno, polos Xuíces ou polo Consello, o que é o mesmo que dicir que non haberá Tribunais diferentes no día do Xuízo. Así as cousas non dou imaxinado que se pode tirar deste texto para manter a idea do Purgatorio.



A sexta pasaxe é *Lucas 16.9: Facédevos amigos do inxusto Mammón, para que cando vos falle sexades recibidos nos Tabernáculos Eternos*. Semella deducirse disto unha Invocación aos Santos que xa non están. Que nos fagamos amigos dos Pobres coas nosas Riquezas, para achegar así os seus Pregos mentres vivan. *Que quen lle dá aos Pobres, anda a lle facer un préstamo ao Señor*.

A sétima é *Lucas, 23.42: Señor, lémbreme cando esteas no teu Reino*. Xa que logo, dinos, hai Remisión dos pecados logo desta vida. Mais a consecuencia non é boa. O noso Salvador perdoouno daquela, e cando volva de novo cheo de Gloria, lembrará resucitalo á Vida Eterna.

A Oitava é *Feitos, 2.24*, cando San Pedro di de Cristo, *que Deus resucitouno, ceibándoo das Dores da Morte, porque non era posible que ficase amarrado dela*. Do que interpreta ser un descenso de Cristo ao Purgatorio, para ceibar algunha Almas dos seus tormentos, ao tempo que é manifesto que é Cristo o ceibado, tamén que era El quen non podía ficar amarrado pola Morte ou a Cova e non as Almas do Purgatorio. Ora, se o que Beza di nas súas notas nesta pasaxe é observado con xeito, non haberá ninguén que non vexa que en canto de *Dores* debe dicir *Vencellos*, non habendo daquela meirande razón para procurar o Purgatorio neste Texto.

## **Capítulo XLV. Da Demonoloxía e outras reliquias da Relixión dos xentís**

A impresión producida nos órganos da Visión por Corpos luminosos, xa sexa en liña recta, ou en moitas liñas, reflectidas desde o Opaco, ou refractada ao pasar por Corpos Diáfanos, produce en Criaturas vivas nas que Deus ten colocado tales Órganos unha Imaxinación do Obxecto do que procede a Impresión; esa Imaxinación recibe o nome de *Visión*, e semella non ser unha mera Imaxinación, senón o propio Corpo fóra de nós; da mesma

maneira que cando un home preme con violencia o seu ollo, esculca unha luz, fóra e diante del, que ninguén percibe senón el mesmo; porque a verdade é que non hai cousa tal fóra del, senón soamente un movemento nos órganos interiores, que reaccionan contra da resistencia, facéndolle pensar así. E a moción causada por esta presión, continuando logo de que se afaste o obxecto que a provocaba, é o que chamamos *Imaxinación* e *Memoria*, e (no sono, e ás veces no medio dun grande malestar dos órganos por causa de Enfermidades ou Violencia) un *Soño*; cousas das que xa falei brevemente nos Capítulos segundo e terceiro.

Non foi descuberta esta natureza de Visión por quen de vello aspiraban a dispoñer do Coñecemento Natural, moito menos por aqueles que non consideran as cousas tan remotas (como o é ese Coñecemento) do seu emprego actual; era pouco doado para os homes concibir aquelas Imaxes na Fantasía e nos Sentidos doutro xeito que realmente fóra nosa. De entre elas algunhas (porque esvaece, sen que se coñeza o porqué) terán que ser absolutamente Incorpóreas, isto é Inmateriais, ou Formas sen Materia, Cor e Figura, sen que nelas haxa correspondencia cun corpo coloreado ou figurado; e que poden revestirse de corpos Etéreos (a xeito de roupaxe) para facerse Visíbeis cando lles pete diante dos nosos Ollos corporais, mentres que outras, din, son Corpos e Criaturas vivas pero feitas de Aire ou doutra Materia máis sutil e etérea, sendo daquela cando serán vistas condensadas. Mais Ambas cadran nunha denominación xeral delas, a de DEMOS. Cal se os Mortos cos que tiñan Soños, non fosen moradores do seu propio Cerebro, mais do Aire, do Ceo ou do Inferno; nin Fantasmas senón Espíritos, coa mesma razón que se un dixese que vira o seu propio Espírito nun Espello, ou os Espíritos das Estrelas nun Ríu, ou chamase o aspecto normal do Sol, que ten o tamaño dun pé aproximadamente, o *Demo* ou Espírito dese grande Sol que alumea ao todo o mundo visible.

E deste xeito tiveron medo deles, como cousas descoñecidas, isto é, dun poder ilimitado para facerlles ben ou mal, e dar con-

secuentemente ocasión aos Gobernadores dos Estados Pagáns para regular o seu medo, establecendo esa DEMONOLOXÍA (na que se empregaban, e eran reverenciados, os Poetas e Sacerdotes Principais da Relixión Pagá) como algo preciso para a Paz Pública e a Obediencia dos Súbditos; mudando algúns deles en *Demos* Bos e outros en Malos; uns como Espora para a Observación, os outros como Rendas para afastalos da Violación das Leis.

Que clase de cousas eran aquelas ás que se atribuíu o nome de *Demos*, aparece parcialmente na Xenealoxía dos seus Deuses, escrita por *Hesíodo*, un dos poetas máis antigos de entre os Gregos, e en parte noutras Historias; das cales teño descrito algunhas anteriormente, no Capítulo 12 deste discurso.

Os Gregos, polas súas Colonias e Conquistas transmitiron a súa Linguaxe e Escritos a Asia, Exipto e Italia, e como consecuencia necesaria a súa *Demonoloxía*, ou (tal como di San Paulo) as *súas Doutrinas de Diaños*. E por eses medios a influencia derivou tamén aos Xudeus, tanto de *Xudea* como de *Alexandría* e outras partes por onde se foron espallando. Mais o nome de *Demo* non o atribuíron (tal como fixeran os Gregos) aos Espíritos, Bos e Malos, senón aos Malos soamente. E aos *Demos* Bos déronlles o nome do Espírito de Deus, e estimaron como Profetas a aqueles nos corpos dos cales entraran. En resumo atribuíron toda singularidade, se Boa, ao Espírito de Deus, e se Mala, a ningún outro *Demo* que non fose un κακοδάμεν, un *Demo* Maligno, ou sexa, un *Diaño*. E xa que logo chamaban *Demoníacos*, isto é, *posuídos polos Diaños*, aos que nós chamamos Tolos ou Lunáticos, ou aos que sofren de Epilepsia ou que falan de cousas coidadas como absurdas por falla de entendemento. Como tamén dunha persoa Impura nun grao notable acostumaban dicir que tiña un Espírito Impuro, ou dun Mudo, que tiña un Diaño Mudo; e de *Xoán Bautista* (*Mateo*, 11.18) pola singularidade do seu xaxún que tiña un Diaño, e do noso Salvador porque segundo dicía aquel que gardase os seus man-

datos non vería a Morte *in aeternum*, *Agora sabemos que tes un Diaño; Abraham está morto, e os Profetas están mortos*. E ademais porque dixo (*Xoán*, 7.20): *Decidiron matalo*. E o pobo respondeu: *Tes un Diaño, quen decidiu matarte?* Do que se infire que os Xudeus tiñan a mesma opinión relativa aos Fantasmas, nomeadamente, que non eran fantasmas, isto é, Ídolos do cerebro, senón cousas reais e independentes da Fantasía.

Se esa doutrina non é certa, por que (poderían dicir algúns) o noso Salvador non a contradixo ensinando o contrario? E por que en diferentes ocasións emprega tales formas de discurso que semellan confirmalo? A isto respondo que, primeiro, cando Cristo di, *Un Espírito non ten carne nin osos*, aínda que mostrou que había Espíritos non nega que sexan Corpos. E cando San Paulo di, *Resucitaremos Corpos Espirituais* reconece a natureza dos Espíritos, mais non denega que son Espíritos Corporais, o que non é difícil de comprender. Porque o Aire e moitas outras cousas son Corpos, aínda que non Carne e Oso, ou calquera outro corpo tanxible que sexa discernido polo ollo. Pero cando o noso Salvador falou ao Diaño, ordenándolle que saíse dun home, non sería un discurso sen xeito se por Diaño entendemos unha Doenza, un Frenesí, unha Loucura ou un Espírito corpóreo? Acaso poden oír as doenzas? Ou pode haber un Espírito corpóreo nun Corpo de Carne e Oso, xa cheo de Espíritos vitais e animais? Non hai xa que logo Espíritos que nin teñen Corpos nin son simples Imaxinacións? Ao primeiro respondo que a interpelación do noso Salvador á Loucura ou á Demencia por el curadas, non ten menos xeito que o seu rexeitar da Febre, do Vento, do Mar; pois que ningún deles oen. Nin tampouco a interpelación de Deus á Luz, ao Firmamento, ao Sol, e ás Estrelas cando lles ordenaba ser, porque non podían sentilo antes de existir. Mais aqueles discursos tiñan xeito, porque significaban o poder da Palabra de Deus; nin xa que logo ten menos xeito ordenarlle á Loucura e á Demencia (baixo do apelativo de Diaños, polo que eran coñecidos daquela), saír do corpo

dun home. Ao segundo, relativo á súa existencia Incorporéa aínda non teño observado pasaxe ningunha nas Escrituras da que se poida inferir que ningún home foi xamais posuído por outro Espírito Corpóreo que aquel propio polo que o seu corpo bole naturalmente.

Dise por San *Mateo* (Capítulo 4.1) que o noso Salvador, inmediatamente despois de que o Espírito Santo descendese riba del en forma de Pomba, *fora levado polo Espírito ao Deserto*; e o mesmo predica *Lucas* (4.1) con estas palabras: *Xesús, totalmente impregnado do Espírito Santo foi levado en Espírito ao Deserto*. Evidénciase disto que por *Espírito* o que se interpreta é o Espírito Santo. E isto non se pode entender como unha Posesión. Porque Cristo e o Espírito Santo non son máis que unha soa substancia; o que non implica posesión dunha substancia ou corpo por outro. E pois que nos versículos seguintes dinos *que foi levado polo Diaño á Cidade Sagrada, e posto riba do pináculo do Templo*, teremos que concluír que fora posuído do Diaño ou levado alí con violencia? E ademais, *levado polo Diaño a unha montaña altísima, mostrándolle aquel entón todos os Reinos do mundo*. Con isto non debemos de crer que El fora posuído ou forzado polo Diaño; nin que ningunha Montaña é abondo alta (cadrando co senso literal) como para mostrarlle todo o Hemisferio. Pódese entender outra cousa nesta pasaxe que el foi pola súa conta ao Deserto e que o seu transporte de aquí para alá, do Deserto á Cidade, e desta á Montaña non foi máis que unha Visión? Cadrando con isto está tamén a afirmación de San Lucas de que foi levado ao Deserto non *por mais no Espírito*; mentres que no relativo a que El fose Levado á Montaña, e ao Pináculo do Templo, fala tal como fai San Mateo. O que encaixa coa natureza dunha Visión.

Ademais, está cando San Lucas di de Xudas Iscariote que *Satanás entrou nel, e que foi falar cos Sumos Sacerdotes e aos Escribas para procurar como podería traizoalo para eles*; a isto pode responderse que a Entrada de *Satanás* (isto é, o *Inimigo*)

nel pode entenderse como a intención hostil e traidora de vender ao seu Señor e Mestre. Pois que así como por Espírito Santo adoita entenderse nas Escrituras as Grazas e boas Inclinacións dadas por Aquel; igualmente pola entrada de Satanás poden comprenderse as Meditacións malignas e os Desingnios dos Adversarios de Cristo e os seus Discípulos. Porque así como non é doado dicir que o Diaño entrase en Xudas antes de que este tivese ningún desexo hostil, igualmente non vén a conto expoñer que fora primeiro inimigo de Cristo no seu corazón e que o Diaño entrou despois. Xa que logo na Entrada de Satanás, e a súa Intención Perversa eran unha e a mesma cousa.

Mais, de non existir un Espírito Imaterial nin ningunha Posesión de corpos humanos por ningún Espírito Corporal, pódese preguntar de novo por que o noso Salvador e os seus Apóstolos non ensinaron ao Pobo en tal senso con palabras tan nidias que xa non lles quedase dúbida ningunha ao respecto. Mais, semellantes cuestións atenden máis á curiosidade que á necesidade para a Salvación dun Cristián. Os homes ben poderían preguntar igualmente por que Cristo, quen dera a todas as persoas Fe, Piedade e as maneiras das Virtudes morais por enteiro, dera aquilo soamente a algúns e non a todos; e por que deixou a procura das Causas naturais e as Ciencias e a Razón natural e a Industria dos homes, sen revelarlles a todos, ou sequera a algúns, de xeito sobrenatural; e cabe aínda facer moitas outras preguntas, das que así e todo poden aducirse razóns piadosas e probábeis. Pois que así como Deus, cando levou os Israelitas á Terra de Promisión, non os asegurou alí sometendo a todas as Nacións do seu contorno, senón que as deixou, como espiñas nas súas costas, para incitalas a que non perdesen a Piedade e mais a Industria, igualmente o noso Salvador, ao nos conducir cara ao seu Reino Celestial, non desfixo todos os atrancos das Cuestións Naturais, senón que os deixou para que exercitásenos a nosa Industria e Razón; tendo o Panorama da súa prédica como única finalidade mostrarnos o camiño, nidio

e directo á Salvación, nomeadamente pola crenza neste Artigo; *que El era o Cristo, o Fillo do Deus vivo, enviado ao mundo para sacrificarse polos nosos Pecados, quen habería de volver, gloriosamente para reinar sobre os seus Elixidos, salvándoos dos seus Inimigos para sempre.* Ora, crer na Posesión por medio de Espíritos e Pantasmas non son atrancos no camiño, aínda que para algúns supoña ocasión de saírse del e seguir as súas propias Invencións. Se requirimos das Escrituras unha explicación polo miúdo das cuestións que poidan xurdir e atormentarnos no cumprimento de canto nos ten encomendado Deus, poderíamos igualmente queixarnos de Moisés por non ter posto por escrito o tempo da creación de semellantes Espíritos, o mesmo que a Creación da Terra e do Mar e dos Homes e das Bestas. Concluíndo, atopo nas Escrituras que hai Anxos e Espíritos, bos e malos, pero non que sexan Incorpóreos tal como o son as Aparicións que os homes ven na Escuridade, ou nos Soños ou nas Visións; o que os Latinos chaman *Spectra* e tomaron por *Demos*. E atopo que hai Espíritos Corpóreos (aínda que sutís e Invisíbeis) pero non que ningún corpo humano sexa posuído ou habitado por eles. E que os Corpos dos Santos serán, nomeadamente, Corpos Espirituais, tal como lles chama San Paulo.

Non obstante a Doutrina contraria, basicamente, que existan Espíritos Incorpóreos, prevaleceu na Igrexa de tal maneira que o emprego de Exorcismos (isto é, a expulsión dos Diaños por medio de Esconxuros) axiña fora artellado, e (aínda que practicada raras veces e un pouco timidamente) non se deu rematado. Que houbo moitos Diabólicos na Igrexa Primitiva e poucos dementes e vítimas de enfermidades singulares, mentres que nos nosos tempos vemos moitos Loucos e pouco Diabólicos, non vén dun cambio de Natureza senón de Nomes. Mais como que durante un tempo os Apóstolos e logo os Pastores curaban esas Doenzas singulares que agora non se ven, da mesma maneira poderíamos preguntarnos por que non está no poder dos verdadeiros Crentes de agora facer todo o que os Fieis facían daquela, ou sexa, tal

como lemos en *Marcos* (16.17): *No nome de Cristo, escorrentar os Diaños, falar con Linguas novas, coller Serpes, beber Velenos mortais sen sufrir dano, e curar os Enfermos impondo mans, e todo isto sen outras palabras mais no Nome de Xesús, xa é outra cuestión.* E é probable que estes agasallos extraordinarios non lle foron dados á Igrexa senón mentres que os homes confiaban por enteiro en Cristo, e procuraban a súa felicidade soamente no Reino que tería de vir; e consecuentemente que lles serían afastados estes agasallos sobrenaturais de Deus cando buscasen Autoridade e Riquezas dando tamén en confiar na súa propia Renartería para acadar un Reino neste mundo.

Outra reliquia do Xentilismo é a *Adoración das Imaxes*, que nin fora instituída por Moisés no Antigo, nin por Cristo no Novo Testamento; nin se tomou tampouco dos Xentís, senón que ficou entre eles unha vez que lle desen os seus nomes a Cristo. Antes da predicación do noso Salvador era a Relixión xeral dos Xentís adorar como Deuses as Aparicións que fican no Cerebro a partir da impresión dos Corpos externos nos órganos dos seus Sentidos, chamados comunmente *Ideas, Ídolos, Fantasmas, Imaxes*, que son Representacións dos Corpos externos que os provocan, sen que haxa neles de realidade máis que aquilo que hai nas cousas que semellan ficar diante nosa nun Soño. E esta é a razón pola que San Paulo di: *Sabemos que un Ídolo non é Nada.* E non é que coidase que unha Imaxe de Metal, Pedra ou Madeira non fose nada, senón que a cousa que honraban ou temían na Imaxe, e tiñan por un Deus, non era máis que unha mera Ficción, sen lugar, morada, moción ou existencia, senón nos movementos do Cerebro. E adorar a cousas semellantes con honores Divino é o que se chama nas Escrituras Idolatría, e Rebelión contra Deus. Porque ao ser Deus o Rei dos Xudeus, e o seu Representante, Moisés, en primeiro lugar e logo de permitir o Sumo Sacerdote que o pobo adorase e pregase ás Imaxes (que son Representacións da súa propia Fantasía), xa non dependerían do Deus verdadeiro, co que non cabe esta-



blecer semellanza ningunha; tampouco dos seus Ministros primeiros, Moisés e os Sumos Sacerdotes; senón que cada home se gobernaría cadrando co seu propio apetito, ata chegar á meirande subversión do Estado e ao seu propio esnaquizamento por falla de Unión. E por iso a primeira Lei de Deus foi: *Que non tomasen por Deuses, ALIENOS DEOS, ou sexa, os Deuses doutras nacións, senón soamente ao único Deus verdadeiro, que comunicou con Moisés, dando a través del leis e directrices, para a súa paz e salvagarda dos seus inimigos.* E a segunda foi, que *non artellasen para eles mesmos Imaxes para Adorar que fosen da súa propia Invención.* Porque é a mesma cousa depoñer a un Rei que someterse a outro Rei, xa veña establecido por outra nación ou por nós mesmos.

As pasaxes das Escrituras que se supón favorecen a construción de Imaxes como obxecto de culto, ou para ser colocadas nos lugares onde se adora a Deus son, en primeiro lugar, dúas; a dos Querubíns sobre da Arca de Deus, e a da Serpe de Bronce. En segundo lugar, algúns textos onde se ordena adorar certas Criaturas pola súa relación con Deus, como facelo coa súa Taboleta. E por último outros textos polos que se autoriza honrar de maneira relixiosa cousas Sagradas. Mais antes de examinar a forza destas pasaxes debo explicar primeiro que se entende por *Adorar*, e que por *imaxes* e Ídolos.

Xa demostrei no Capítulo XX deste Discurso que Honrar é valorar altamente o Poder dalgunha persoa; e que tal valor se mide comparándoa con outras. Mais como non hai nada comparable con Deus en Poder, debemos Honralo non para Deshonralo por ningún Valor inferior ao Infinito. E tal Honor é pola súa propia natureza, secreto e interior. Mais os pensamentos íntimos dos homes, que se manifestan exteriormente nas súas palabras e accións, son os sinais do noso Honrar, e reciben o nome de ADORAR, en Latín CULTUS. Xa que logo, Pregar, Xurar, Obedecer, ser Dilixente e Servizal; en resumo todas as palabras e accións que denotan Medo de Ofender ou Desexo de

Compracer é *Adorar*, xa sexan esas palabras e accións, certas ou finxidas, e pois que se mostran como sinais de Honrar, adoitan levar o nome de *Honor*.

A Adoración que exhibimos diante daqueles que entendemos que non son senón homes, como Reis e homes con Autoridade, é *Culto Civil*. Mais a adoración que exhibimos diante de quen coidamos que é Deus, sexan cales fosen as palabras, cerimoniais, xestos ou outras accións, é *Culto Divino*. Anicarse diante dun Rei, aquel que o ten soamente por un Home, non é senón Culto Civil. E quen tira o sombreiro na Igrexa, porque coida que está na Casa de Deus, rende un Culto Divino. Engánanse os que procuran a distinción entre Culto Divino e Civil, non na intención do Adorador, senón nas Palabras δουλεία e λατρεία. O certo é que hai dúas castes de servos; aqueles que están absolutamente no poder dos seus Amos, como Escravos apañados en Guerra, e os seus Descendentes, que non dispoñen dos seus propios corpos (as súas vidas dependendo dos seus Amos, ata o extremo de perdela á mínima desobediencia) e que son mercados e vendidos como Bestas; estes reciben o nome de Δούλοι, en puridade, Escravos, e o Servizo que prestan Δουλεία. A outra, a dos que serven (ben porque se alugan, ou agardan tirar proveito dos seus Amos) voluntariamente, reciben o nome Τῆτες, isto é, servidores domésticos; o servizo destes está estipulado nos Pactos feitos entre eles e os seus amos. Estas dúas castes de Servos teñen moito en común, pois que o seu traballo vén fixado por outro. E a palabra Λάτρις é nome xenérico de ambas, significando que un traballa para outro, ben como Escravo ou Servo voluntario. De maneira que se Λατρεία significa en xeral todo o Servizo, Δουλεία é o servizo dos Escravos unicamente e a condición da Escravitude. Empréganse ambas nas Escrituras (para significar o noso Servizo de Deus) promiscuamente. Δουλεία porque somos Escravos de Deus e Λατρεία porque o Servimos; e en todas as clases de Servizo aparece non soamente Obediencia senón tamén Adoración, ou sexa, accións, xestos e palabras que significan Honor.

Unha IMAXE (no senso estrito da palabra) é a Aparencia dunha cousa visible: senso no que as Formas Fantásticas, Aparicións ou Descricións de Corpos doadas á Vista son soamente *Imaxes*; tal como a Figura dun home ou outra cousa na Auga, por Reflexión ou Refracción; ou do Sol ou das Estrelas por Visión Directa no Aire; xa que non son reais nin as cousas vistas nin o lugar onde semellan estar, nin as súas magnitudes e figuras as mesmas que posúe o obxecto, senón que poden mudar pola variación dos órganos da Vista ou por medio de lentes, presentes a miúdo na nosa Imaxinación e nos nosos Obxectos cando o obxecto está ausente, ou ben trocados noutras cores e formas como cousas que dependen tan soamente da Fantasía. E estas son as Imaxes que son chamadas orixinalmente e con meirande propiedade *Ideas*, e ÍDOLOS, derivado da linguaxe dos Gregos, entre quen a palabra *Eidv* significaba *Ver*. Chámanse tamén FANTASMAS, o que na mesma linguaxe é *Aparicións*. E destas Imaxes xorde unha das facultades da Natureza humana que recibe o nome de *Imaxinación*. Do que se manifesta que nin hai nin pode haber ningunha Imaxe feita dunha cousa Invisible.

É tamén evidente que non pode haber Imaxes dunha cousa Infinita; porque todas as Imaxes e Fantasmas feitos pola Impresión de cousas visíbeis son figuradas: mais unha Figura é unha cantidade determinada dalgunha maneira. E xa que logo non pode haber Imaxe de Deus, nin da Alma do Home, nin do Espírito, mais soamente de Corpos Visíbeis, ou sexa, Corpos que teñen luz neles mesmos ou dos que son por estes acendidos.

E así como un home pode imaxinar Formas que nunca viu; artellando unha Figura a partir de partes de criaturas diversas, como os Poetas fan os seus Centauros, Quimeras e outros Monstros nunca vistos; igualmente pode dar Materia a esas Formas, mudándoas en Madeira, Arxila ou Metal. E estas levan o nome de Imaxes, non pola semellanza con calquera cousa corpórea, senón polo parecido con algúns Habitantes Fantásticos do Cerebro do Facedor. Mais nestes ídolos, pois que están ori-

xinalmente no Cerebro e xa que foron pintados, tallados, moldeados ou mudados en materia, hai unha similitude dos uns cos outros, polo que o Corpo Material feito a través da Arte, pode dicirse que é a Imaxe dun Ídolo Fantástico feito pola Natureza.

Mais un emprego máis amplo da palabra Imaxe contén igualmente a Representación dunha cousa por outra. De maneira que un Soberano terreal pode chamarse a Imaxe de Deus. E un Maxistrado inferior a Imaxe dun Soberano terreal. Moitas veces na Idolatría dos Xentís había pouco respecto á similitude entre o seu Ídolo Material e o Ídolo na súa fantasía, e aínda así era chamado a súa Imaxe. Desta maneira unha pedra áspera podía ser erixida para representar a Neptuno, modelándose outras formas moi diferentes daquelas atribuídas aos seus Deuses. E a día de hoxe vemos Imaxes da Virxe María e outros Santos, diferentes os uns dos outros, e sen correspondencia coa Fantasía de ninguén. E así e todo, serven abondo para a finalidade coa que foran erixidas; que non era outra que representar, polos Nomes unicamente, ás Persoas mencionadas na Historia; ás que cada home aplica unha Imaxe Mental da súa propia feitura, ou ningunha en absoluto. E desta maneira unha Imaxe, no senso lato, é ou ben a Semellanza, ou a Representación dalgunha cousa Visible, ou ambas, tal como acontece na meirande parte.

Mais o nome de ídolo esténdese aínda máis nas Escrituras, para significar tamén o Sol, as Estrelas ou calquera outra Criatura, visible ou invisible, cando son adorados como Deuses.

Unha vez demostrado que cousa é o *Culto* e que unha *Imaxe*, vencellarei ambas agora para examinar que é esa IDOLATRÍA que está prohibida no Segundo Mandamento e noutras pasaxes das Escrituras.

Adorar unha Imaxe é facer voluntariamente aqueles actos externos, que son sinais de honrar ou ben a materia da Imaxe, que é Madeira, Pedra, Metal ou algunha outra criatura visible ou o Fantasma do cerebro, pola semellanza ou representación a partir da cal a materia tivera forma e figura; ou ambas, cal

se se tratase dun Corpo animado, composto da Materia e da Pantasma, como dun Corpo e dunha Alma.

Descubrirse diante dun home de Poder e Autoridade, ou diante do Trono dun Príncipe, ou noutro lugar tal como el ordenara facelo con tal fin na súa ausencia, é Adorar a ese home ou Príncipe con Culto Civil; sendo isto un sinal, non de adorar o escano ou o lugar mais a persoa; e iso non é Idolatría. Mais se quen tal fixese, supuxese que a Alma do Príncipe está no Escano, ou presentase unha Petición ao Escano, iso sería Culto Divino e Idolatría.

Suplicarlle a un Rei por tales cousas como sexa quen de facer por nós, aínda que nos aniquemos diante súa non é senón Culto Civil, porque non recoñecemos nel outro poder que non sexa humano. Mais pedirle un tempo favorable ou calquera outra cousa que soamente Deus pode facer por nós, non é senón Culto Divino e Idolatría. Doutra banda se un Rei obriga a un home a tal cousa, por medo á Morte ou a outro gran castigo corporal non é Idolatría. Porque o Culto que o Soberano manda que lle presten por medo ás súas Leis non é síntoma de que quen o cumpra está honrándoo interiormente cal se fose un Deus, senón que o que desexa é salvarse da morte ou dunha vida ruín; e o que non é sinal dun honor interior non é Culto, e xa que logo non se lle pode chamar Idolatría. Nin se pode dicir que quen tal faga escandalice ao seu Irmán nin poña un atranco diante súa, porque por sabido e aprendido sexa quen adora de tal maneira, outro home non poderá argüír que o aproba senón que o fai por medo; e que isto non é responsabilidade súa, mais do Soberano.

Adorar a Deus nun lugar concreto, ou virar a face cara a unha Imaxe ou determinado Lugar non é venerar ou honrar o Lugar ou a Imaxe; senón recoñecela como Sagrada, isto é, recoñecer que a Imaxe ou o Lugar están á parte do uso común; pois que tal é o significado da palabra *Sagrado*; que non implica unha calidade nova no Lugar ou na Imaxe, senón soamente unha Relación nova por Apropiación a Deus. E xa que logo non

hai Idolatría; non máis que o fose adorar a Deus diante da Serpe de Bronce, ou para os Xudeus cando estaban fóra do seu propio país, virar as súas faces (cando pregaban) cara ao Templo de Xerusalén, ou para Moisés tirar os Zapatos cando estaba diante da Silveira Ardente; o lugar no que Deus escollera aparecer e dar as súas Leis ao Pobo de Israel, e era desta maneira terreo Sagrado, non por santidad inherente senón por telo separado para dedicalo a Deus; ou para os Cristiáns prestar culto nas Igrexas que foran unha vez dedicadas solemnemente a Deus con esa fin pola Autoridade do Rei ou outro Representante verdadeiro da Igrexa. Mais renderlle culto a Deus, como se animase ou habitase tal Imaxe ou lugar; isto é, á maneira dunha substancia infinita nun lugar finito é Idolatría, porque eses Deuses finitos non deixan de ser ídolos do cerebro, nada real, pois; e son chamados nas Escrituras, *Vaidade*, *Mentiras* e *Nada*. Iguamente adorar a Deus, non como ser inanimado, ou presente no lugar, ou á maneira dunha Imaxe, senón coa finalidade de ser lembrado, de seu ou polas súas obras, no Lugar ou Imaxe que lle fora dedicada ou establecida por unha autoridade privada, e non pola autoridade daqueles que son os nosos Pastores Soberanos é Idolatría. Porque o Mandamento é, *Non farás para ti mesmo ningunha imaxe esculpida*. Cando Deus mandara a Moisés erguer a Serpe de Bronce non a fixo para el mesmo; de maneira que non ía contra o Mandamento. Mais a feitura do Cuxo de Ouro por Aarón e o Pobo, ao ser feito sen autoridade de Deus era Idolatría; non só porque o tomaron por Deus, senón tamén porque lle deron un uso relixioso, sen garantía de Deus o seu Soberano, ou de Moisés, quen era o seu Representante.

Os Xentís veneraron como Deuses a Xúpiter e a outros, que se cadra en vida fixeron Actos grandes e gloriosos; e tomaron como Fillos de Deus a diferentes homes e mulleres que coidaban xerados entre unha Deidade Inmortal e un mortal. Isto era Idolatría, porque tal fixeran para eles sen autoridade de Deus, nin na súa Lei de Razón eterna nin na súa Vontade positiva e revelada.

Mais aínda que o noso Salvador era un home, de quen cremos que era o Deus Inmortal e o Fillo de Deus, iso non é Idolatría, porque non artellamos semellante crenza na nosa fantasía ou xuízo senón na Palabra de Deus revelada nas Escrituras. E verbo da adoración da Eucaristía, e as palabras de Cristo: *Este é o meu Corpo*, significan, *que el mesmo é o pan aparente na súa man, e non soamente iso, senón que todas os anacos aparentes e os anacos de pan que sempre foron e serán consagrados polos Sacerdotes son outros tantos corpos de Cristo e non obstante un só corpo*, isto non é Idolatría ao se tratar de algo autorizado polo noso Salvador; mais se ese texto significa outra cousa (porque nada hai distinto que se poida aducir nese senso), daquela, pois que é o culto a unha institución humana, será Idolatría. Porque non abonda con dicir que Deus pode transubstanciar o Pan en Corpo de Cristo. Pois que os Xentís tiñan tamén a Deus por Omnipotente, e nesa base poderían non con menos razón xustificar a súa Idolatría, pretendendo, igual que os outros, unha transubstanciación da súa Madeira e Pedra en Deus Todopoderoso.

Como queira que sexa os que pretenden que a Inspiración Divina sexa a entrada sobrenatural do Espírito Santo nun home, e non a achega da graza de Deus por medio da doutrina e mais do estudo atópanse, na miña opinión, nun Dilema moi perigoso. Pois que se non veneran aos homes a quen coidan estar inspirados, caen na mesma Impiedade que se non adorasen a Presenza sobrenatural de Deus. E ademais se os venerasen cometen Idolatría, porque os Apóstolos nunca consentirían que os adorasen. Xa que logo a maneira máis segura é crer que polo Descendemento da Pomba nos Apóstolos, e polo Alento de Cristo neles, cando lles outorgara o Espírito Santo; e ao lles entregar a Imposición de mans, podemos entender os sinais que Deus se compracese en empregar ou ordenar que fosen empregadas, ou a súa promesa en axudar a esas persoas no seu propósito de predicar o seu Reino, e na súa Conversa, que non podería ser motivo de Escándalo, senón Edificante para os outros.

Ademais da Adoración Idólatra das Imaxes hai unha Adoración Escandalosa delas, que vén sendo un pecado sen ser Idolatría. Porque a *idolatría* é adorar por medio de sinais dun honor interior e real, mais a *Adoración Escandalosa* non é senón unha Adoración Aparente, e ás veces vai vencellada a unha repulsión íntima e cordial, tanto da Imaxe e do *Demo Fantástico* ou *Ídolo*, ao que está dedicado, e procede unicamente do medo á morte a outro castigo magoante; é un pecado, non obstante, naqueles que así renden culto, caso de que sexan homes dos que as accións son olladas polos outros como luces que os guén; porque seguindo o seu camiño non farán máis que zoupar e caer no vieiro da Relixión. Mentres que o exemplo de aqueles aos que non ollamos como modelo, non actúa riba nosa en absoluto, senón que nos deixa ao noso coidado e dilixencia, de maneira que non son a causa das nosas caídas.

Xa que logo se un Pastor chamado lexitimamente a ensinar e dirixir a outros, ou calquera cun coñecemento do que se teña grande opinión, presta honor externo a un *Ídolo* por medo, a menos de que faga que o seu temor e falta de vontade sexan tan evidentes como a adoración que practica. Escandaliza o seu Irmán pois que semella aprobar a Idolatría. Pois que o seu Irmán, razoando a partir da acción do seu mestre ou daquel do que estima un coñecemento grande, deduce que é lexítima de seu. E este Escándalo é Pecado, e ademais un *Escándalo dado*. Mais se un que non é Pastor, nin ten reputación eminente polo seu coñecemento da Doutrina Cristiá fai o mesmo e é seguido por outro, isto non é dar Escándalo, porque non tiña causa para seguir semellante exemplo, senón que se trata dunha pretensión de Escándalo que toma de si mesmo para escusarse diante dos homes. Porque un home non sabido, que estea no poder dun Rei ou dun Estado Idólatras, se se lle obriga so pena de morte a adorar a un *Ídolo*, fai ben en adoralo aínda que o rexeite cordialmente; por máis que obraría mellor aínda se, en canto de adoralo, tivese a fortaleza de sufrir a morte. Mais se un



Pastor que, como Mensaxeiro de Cristo, ten encetado a tarefa de ensinar a Doutrina de Cristo a todas as nacións, fíxese o mesmo, non soamente cometería un Escándalo pecador verbo das conciencias dos outros Cristiáns, senón que iría con perfidia contra do seu cargo.

Resumindo canto levo dito relativo ao Culto das Imaxes direi que o que adora unha Imaxe ou a calquera Criatura, xa sexa unha Materia ou unha Fantasía creada por el na que pensa que debe morar, ou en ambas cousas ao tempo, ou cre que tales cousas escoitan os seus Pregos ou ven as súas Devocións, sen ter Oídos nin Ollos, comete Idolatría; e o que falsifica ese Culto por medo a un castigo, se é un home con poder exemplar entre os seus Irmáns, comete un pecado. Mais quen adora o Creador do mundo diante de tal Imaxe, ou nun lugar tal que non fose feito ou escollido por el mesmo senón tomado do mandato da Palabra de Deus, como fixeran os Xudeus adorando a Deus diante dos Querubíns, e diante da Serpe de Bronce durante un tempo, ou no Templo de Xerusalén ou cara a el, tamén soamente por un tempo, non comete Idolatría.

Agora, relativo á Adoración dos Santos e mais das Imaxes e Reliquias e outras cousas practicadas a día de hoxe pola Igrexa de Roma, digo que non están permitidas pola Palabra de Deus, nin traídas á Igrexa de Roma pola Doutrina nela ensinada; mais que alí ficaron na primeira conversión dos Xentís, e despois continuadas, confirmadas e aumentadas polos Bispos de Roma.

Verbo das probas aducidas nas Escrituras, nomeadamente, nos exemplos das Imaxes sinaladas por Deus para que fosen alzadas; non o foron para que as adorase o pobo nin ningún home en particular, senón para que os homes venerasen ao propio Deus diante delas; como diante dos Querubíns sobre da Arca, e a Serpe de Bronce. Porque non lemos que o Sacerdote ou ningún outro adorou os Querubíns; máis ben lemos (2 Reis 18.4) que Ezequías escachou a Serpe de Bronce que Moisés fixera artellar, porque o Pobo lle queimaba incenso. Ademais,

eses exemplos non foron postos para que os Imitásemos, coa fin de que ergamos tamén imaxes coa pretensión de adorar a Deus diante delas; porque as palabras do segundo Mandamento; *Non farás para ti mesmo ningunha imaxe esculpida*, etc. distinguen entre as imaxes que Deus mandou artellar e aquelas feitas por nós para nós mesmos. E xa que logo desde os Querubíns ou a Serpe de Bronce, ás Imaxes criadas polos designios humanos, e desde o Culto ordenado por Deus a aquela que xorde da vontade dos homes, o argumento non é bo. Pode tamén considerarse que igual que Ezequías esnaquizou a Serpe de Bronce, pois que os Xudeus a adoraban para que deixasen de facelo, tamén os Soberanos Cristiáns terían de escachar as Imaxes que os seus Súbditos adoitaban adorar; para que non houbera ocasión de semellante Idolatría. Porque ao día de hoxe a Xente ignorante, alí onde adoran Imaxes, cren que en verdade hai un Poder Divino nelas; e díselles polos seus Pastores que algunhas delas falaban, e sangraban, e os milagres feitos por elas; que segundo lles dixesen foran obras do Santo que coidan que ou ben é a propia Imaxe ou vai nela. Os Israelitas, cando adoraban ao Cuxo, coidaban que adoraban ao Deus que os trouxera de Exipcio; e así e todo era Idolatría, porque pensaban que o Cuxo ou era Deus ou estaba no seu bandullo. E aínda que algúns coiden imposible que a xente sexa tan parva, como para pensar que unha Imaxe poida ser Deus ou un Santo, ou adoralo a partir de semellante idea, as Escrituras manifestan que si era posible, pois que cando se fixera o Cuxo de Ouro, a xente dicía, *Estes son os vosos Deuses, ou, Israel*, e chamaban os seus Deuses ás Imaxes de Labán. E a experiencia cotiá en todas castes de xente dinos que tales homes, pois o único que estudan é a súa comida e o seu confort, están dispostos a crer calquera absurdo, mellor que incomodarse en examinalo, tendo a súa fe como un vencello inalienable, agás por unha Lei nova e expresa.

Mais dedúcese doutras pasaxes que é lexítimo pintar Anxos, e tamén ao propio Deus: a Deus camiñando polo Xardín, a

Xacobe vendo a Deus no periquito dunha escada, e outras Visións e Soños. Mais, as Visións e os Soños, xa sexan naturais ou sobrenaturais, non son senón Fantasmas, e quen pinta unha Imaxe de calquera deles non fai unha Imaxe de Deus senón do seu propio Fantasma, isto é, un Ídolo. E eu non digo que pintar un Cadro a partir dunha fantasía sexa un Pecado; mais cando se pinta ao xeito dunha Representación de Deus iso vai contra do segundo Mandamento, e non pode ter outro uso que non sexa o da adoración. E o mesmo podemos dicir das Imaxes dos Anxos e dos mortos, a menos que sexa como Monumento para os amigos ou homes merecentes de lembranza. Porque tal uso dunha Imaxe non é Adorar a Imaxe senón honrar a unha Persoa, non a que é senón a que foi. Mais cando lle facemos isto a unha Imaxe que facemos dun Santo, sen máis razón que a de pensar que oe os nosos pregos, e préstalle o honor que lle dedicamos cando se atopa morto e sen sentido, estamos atribuíndolle un poder superior ao humano, e isto é, xa que logo, Idolatría.

Vendo, xa que logo, que non hai autoridade, nin na Lei de Moisés, nin no Evanxeo, para a Veneración Relixiosa de Imaxes ou outras Representacións de Deus, que os homes artellan para eles mesmos, ou para a Adoración das Imaxes de calquera Criatura no Ceo, na Terra ou baixo Esta, e mentres que os Reis Cristiáns, que son Representantes de Deus vivos, non sexan adorados polos seus Súbditos por ningún acto que signifique unha meirande estimación do poder que a natureza do home mortal é quen de outorgar; non se pode imaxinar que a Veneración Relixiosa, actualmente en uso, fose incorporada á Igrexa por unha mala interpretación das Escrituras. Resta, xa que logo, o que ficou nela, por non escachar as propias Imaxes, na conversión dos Xentís que as adoraban.

A causa era a valoración inmoderada e os prezos postos aos produtos artesanais, que facían que os seus propietarios (aínda que convertidos de adoralos como fixeran anteriormente cos Demos) as retivesen nas súas casas, coa pretensión de facelo en

honor de *Cristo* ou da *Virxe María*, e dos *Apóstolos*, e os outros Pastores da Igrexa Primitiva; séndolles doado, dándolles nomes novos, mudar nunha Imaxe da *Virxe María*, e do seu *Fillo*, o noso Salvador, o que se cadra era chamado antes a Imaxe de *Venus* e *Cupido*; facendo igualmente dun *Xúpiter* un *Bernabé*, e dun *Mercurio* un *Paulo*, e por aí seguido. E pois que unha ambição tan mundana fose medrando gradualmente nos Pastores, botaron man delas nun esforzo para compracer os Cristiáns novos do trinque; ansiando tamén que esta caste de honor que tanto lles prestaba fose recaer neles unha vez que morresen, igual que naqueles que xa o recibiran, da mesma maneira a adoración das Imaxes de Cristo e os seus Apóstolos fíxose cada vez máis idolátrica, senón que algún tempo despois do tempo de Constantino diversos Emperadores e Bispos e Concilios xerais observaron, opoñéndose, a súa ilexitimidade; pero tarde de máis, e con excesiva transixencia.

A *Canonización dos Santos* é outra Reliquia dos Xentís. Non é unha mala interpretación das Escrituras nin unha invención nova da Igrexa Roma, mais un costume tan vello como a propia *Roma*. O primeiro canonizado en Roma foi *Rómulo*, e iso a partir do relato de *Julius Proculus*, que xurou diante do Senado que falara con el logo da súa morte, e que lle asegurara que moraba no Ceo onde recibía o nome de *Quirinus* e que ía ser propicio para o Desenvolvemento da súa nova Cidade. E a partir dese momento o Senado deu *testemuño público* da súa Santidade. *Julius Caesar*, e outros Emperadores despois del, gozaron de idéntica *testemuña*; é dicir, foron Canonizados como Santos, e por tal testemuña é como se define hoxe a CANONIZACIÓN, e vén sendo o mesmo que a ApoQevsiz dos Pagáns.

Os Papas recibiron tamén dos Pagáns Romanos o nome e poder de PONTIFEX MAXIMUS. Este era o nome de quen no antigo Estado de Roma tiña a Autoridade Suprema concedida polo Senado e o Pobo para regular todas as Cerimonias e Doutrinas relativas á súa Relixión. E cando *Augustus Caesar*

mudou o Estado nunha Monarquía concedeuse soamente este mester, e o do Tribuno do Pobo (isto é, o Poder Supremo tanto no Estado como na Relixión) e os Emperadores que viñeron despois gozaron do mesmo. Mais cando vivía o Emperador Constantino, o primeiro que profesara e autorizara a Relixión Cristiá, era consonte á súa Relixión o permitir que a Relixión fose regulada (so da súa autoridade) polo Bispo de Roma. Así e todo non semella que levasen tan cedo o nome de *Pontifex*, senón máis ben que os Bispos sucesivos o tomaran para eles, facendo medrar o poder que exercitaban sobre os Bispos das Provincias Romanas. Porque non se trata de ningún Privilexio de San Pedro senón dun Privilexio da Cidade de Roma que os Emperadores ansiaban sempre manter, xa que lles outorgaba autoridade sobre outros Bispos como se pode ver con toda evidencia en que o Bispo de Constantinopla, cando o Emperador fixo a esa cidade a Sede do Imperio, pretendese ser igual ao Bispo de Roma aínda que por fin, non sen loita, o Papa foi que se impuxo, mudando en *Pontifex Maximus*, mais de dereito tan só do Emperador, e non fóra dos límites do Imperio, e en nin-gures logo de que o Emperador perdese o seu poder en Roma; aínda que fora o propio Papa quen apañara o seu poder del. Do que podemos inferir que non hai lugar para a superioridade do Papa sobre outros Bispos agás nos territorios onde el mesmo é o Soberano Civil, e onde o Emperador ao ter o Poder Civil Soberano ten escollido ao Papa como Pastor principal so del e dos seus Súbditos Cristiáns.

O carretar Imaxes en *Procesión* é outra Reliquia da Relixión dos Gregos e Romanos, porque eles levaban tamén os seus Ídolos dun lugar para outro nunha clase de Carroza que estaba dedicada a semellante uso, chamada polos Latinos *Thensa* e *Vehiculum Decorum*; e a Imaxe era posta nun marco ou Templete chamado *Ferculum*. E o que eles chamaban *Pompa* é o mesmo que agora se chama *Procesión*. Consonte a isto, entre os Honores Divinos outorgados a *Julius Caesar* estaba o de

ter, na Poma (ou Procesión) dos Xogos Circenses, *Themsam* e *Ferculum*, unha Carroza sagrada e mais un Templete; o que viña sendo que o levasen dun lado para outro cal se fose un Deus. Igual que a día de hoxe os Papas son levados polos Gardas Suízos baixo un Dosel.

Esas Procesións implicaban tamén que se levasen Fachos ardendo e Velas, diante das Imaxes dos Deuses, tanto entre os Gregos como nos Romanos. Porque despois os Emperadores de Roma recibiron os mesmos honores; tal como lemos de *Calígula* que ao ser recibido no Imperio fora levado de *Misenum* a *Roma*, no medio dunha chea de xente, os camiños dispostos con Altares e Animais propiciatorios, e *Fachos* ardendo. E de *Caracalla* que fora recibido en *Alexandría* con Incenso, mentres lle botaban Flores, e con *δαδουχίαις*, isto é, con Fachos. Porque *Δαδοῦχοι* quere dicir aqueles que entre os Gregos levaban Fachos acesos nas Procesións dos seus Deuses. E ao longo do tempo a xente devota mais ignorante, honraron moitas veces aos seus Bispos coa mesma pompa das Velas de Cera, e as Imaxes do noso Salvador, e os Santos, decote, na propia Igrexa. E desta maneira apareceu o emprego dos Cirios, ficando establecido por algún dos Concilios antigos.

Os Pagáns tiñan tamén o seu *Aqua Lustralis*, ou sexa, *Auga Bendita*. A Igrexa de Roma imítaos tamén nos seus *Días Santos*. Tiñan as súas *Bacanais*, e nós temos as nosas *Vixilias* que se corresponden con aquelas. Eles as súas *Saturnalia* e nós os nosos *Entroidos*, e a liberdade dos Servos o Martes Lardeiro. Eles tiñan a súa Procesión de Priapo, e nós a recollida, erección e danza ao redor dos *Maios*; que a Danza é unha Caste de Adoración. Tiñan a súa Procesión chamada *Ambarvalia*, e nós a nosa Procesión ao redor dos campos na *semana da Rogativa*. Non é que pense que todas estas Cerimonias teñan ficado na Igrexa desde a primeira conversión dos Xentís, mais son todas as que podo lembrar neste momento, e se un home puidese observar ben o que se atopa nas Historias verbo dos Ritos

Relixiosos relativos aos Gregos e aos Romanos, non dubido que sería quen de atopar moitas máis desas baldeiras Garrafas de Xentilismo, que os Doutores da Igrexa Romana, quer por Neglixencia ou Ambición, volveron encher co Viño novo da Cristiandade que co tempo chegaría escachalas.

### **Capítulo XLVI. Da escuridade da Filosofía Va e das tradicións fabulosas**

Entendemos por FILOSOFÍA *o Coñecemento a través do Razoamento que vai da Maneira de Xerar calquera cousa ás Propiedades; ou das Propiedades a algunha Maneira posible de Xerar o mesmo; coa finalidade de producir, tanto como o permitan a materia e a forza humana os Efectos que a vida humana require.* Así as Xeómetras, a partir da Construción de Figuras, atopan moitas Propiedades, e das Propiedades novas Maneiras de Construílas por medio do Razoamento, coa finalidade de poder medir a Terra e a Auga, e para outros usos infinitos. Desta maneira o Astrónomo, do Orto, Ocaso e Movemento do Sol e das Estrelas nas diversas partes do Ceo atopa as Causas do Día e mais a Noite, e das diferentes Estacións do Ano, levando así conta do tempo. E o mesmo acontece coas outras Ciencias.

Desta Definición evidénciase que non debemos ter en conta como parte dela ese coñecemento orixinal chamado Experiencia, no que consiste a Prudencia. Porque non se acada por medio do Razoamento senón que se atopa igual nas Bestas que no Home; e non é senón unha Memoria de sucesión de acontecementos en tempos pasados, nos que a omisión de cada pequena circunstancia que altera o efecto frustra as expectativas do máis Prudente, mentres que nada se produce por Razoamento correcto mais que a Verdade xeral, eterna e inmutable.

Xa que logo non é que lle vaiamos dar ese nome a ningunha Conclusión falsa. Porque quen razoa correctamente con palabras que entende nunca poderá concluír un Erro.

Tampouco ao que os homes coñecen a través dunha Revelación sobrenatural, porque non o achega por Razoamento.

Nin ao que acada polo Razoamento a partir da Autoridade dos Libros, porque non o fai Razoando da Causa ao Efecto, nin do Efecto á Causa, e iso non é Coñecemento senón Fe.

A Facultade de Razoar, sendo consecuenta ao uso da Fala, non sería posible senón houberse algunhas Verdades xerais acadadas polo Razoamento, tan antigas como a propia Linguaxe. Os Salvaxes de América non están desprovistos dalgunhas boas Sentenzas Morais, posuíndo tamén un pouco de Aritmética para sumar e dividir en Números non moi grandes: mais non se lles pode chamar Filósofos. Pois que habendo en pequenas cantidades Plantas de Cereais e Viñedos espallados en Campos e Bosques, antes de que os homes coñecesen as súas virtudes, ou fixesen uso delas para a súa nutrición, ou as plantasen con siso en Campos e Viñas, mentres que se mantiñan de bagas e bebían auga, igualmente desde o principio houbo especulacións verdadeiras, xerais e proveitosas, en canto que fundamentos naturais da Razón humana. Mais sendo poucas en número ao principio os homes vivían a partir dunha Experiencia ruín; non tiñan Método, isto é, non Sementaban nin Cultivaban o Coñecemento de seu, á parte das Malas Herbas e das Plantas propias do Erro e mais da Conxectura. E ao ser a causa a falta de lecer ao estar ocupados satisfacendo as necesidades vitais e defendéndose contra dos inimigos, semellaba imposible que as cousas fosen doutra maneira ata a erección dos grandes Estados. O *Lecer* é a nai da *Filosofía*, e o *Estado* a nai da *Paz* e mais do *Lecer*. Onde antes aparecerán *Cidades* grandes e floridas, foi onde naceu o estudo da *Filosofía*. Os *Ximnosofistas* da India, os *Magos* de Persia, e os *Sacerdotes* de *Caldea* e *Exipto* cóntanse entre os Filósofos máis antigos, e estes países son os Reinos máis vellos. A *Filosofía* non xorde entre os *Gregos*, e outros pobos do Occidente, con *Estados* (non meirandes, se cadra, que *Lucca* ou *Xenebra*) que non tiñan nunca *Paz*, senón cando os medos dos



uns aos outros eran de igual calibre; nin *Lecer* para facer outra cousa que vixiarse os uns aos outros. Co tempo, unha vez que a Guerra se vencella a moitas desas Cidades *Gregas* pequenas noutras que así, sendo menos, eran meirandes comezaron os *Sete Homes* de varias partes de *Grecia* a acadar a reputación de *Sabidos*; algúns deles por Sentenzas *Morais* e *Políticas*, e outros pola aprendizaxe dos *Caldeos* e *Exipcios*, expertos en *Astronomía* e *Xeometría*. Mais aínda non sentiramos falar de ningunha *Escola de Filosofía*.

Logo de que os *Atenienses*, pola súa vitoria sobre os exércitos *Persas*, acadasen o Dominio do Mar, e consecuentemente de todas as Illas e Cidades Marítimas do *Arquipélago*, tanto de *Asia* como de *Europa*, facéndose ricos; carecían de choio, na casa e no exterior, de maneira que non tiñan cousa mellor que facer (como di San *Lucas*, *Feitos*, 17.21), ou en *dicir e escoitar novas*, ou en discursar sobre *Filosofía* publicamente aos mozos da Cidade. Cada Mestre ocupou un lugar con esa finalidade. *Platón* en certos paseos públicos chamados *Academia*, *Aristóteles* no Paseo do Templo de *Pan*, chamado *Lycaeum*, outros no *Stoa*, ou Paseo cuberto, onde eran traídas á terra as Mercadorías dos Comerciantes, outros noutros lugares onde botaban o seu tempo de *Lecer* ensinando ou disputando as súas Opinións, e algúns nalgún sitio onde poder xuntar aos novos da Cidade para que os escoitasen falar. Isto foi o que fixo *Carnéades* en *Roma* cando fora Embaixador, causando que *Catón* aconsellase ao Senado que o expulsasen axiña, por medo a que corrompese as maneiras dos novos encantados de oírle falar (ou iso coidaban eles) cousas fermosas.

Isto foi a causa de que o lugar onde algúns deles ensinaban e disputaban era chamado *Schola*, que na súa Lingua significaba *Lecer*, e as súas disputas *Diatribae*, ou sexa, *Paso do tempo*. Igualmente os propios Filósofos tiñan nomes para as súas Seitas, algúns deles tomados das súas Escolas. Así os que seguían a Doutrina de *Platón* eran chamados *Académicos*, os seguidores

de *Aristóteles*, *Peripatéticos*, do Paseo onde ensinaba, e aqueles que recibían as ensinanzas de *Zenón*, *Estoicos*, da *Stoa*; algo así como se nós chamásemos aos homes de *Morefields*, *Igrexa de Paulo* ou da *Bolsa*, porque é onde adoitan xuntarse para latricar ou lacazanear.

Non obstante, os homes apañaron tanta afección a este costume que co tempo acabou por espallarse por toda Europa e a meirande parte de África; como para que se erguesen Escolas públicas, mantidas para Conferencias e Disputas, case que en todos os Estados.

Antigamente houbera Escolas, antes e despois do tempo do nosos Salvador, entre os *Xudeus*, mais eran Escolas da súa Lei. Porque aínda que se chamaban *Sinagogas*, ou sexa, Congregacións do Pobo, xa que nelas cada *Sabbath* se lía, expoñía e disputaba a Lei, non diferían en nome, senón soamente na natureza das Escolas Públicas, e non estaban soamente en Xerusalén mais en todas as Cidades dos Xentís onde moraban os Xudeus. Había unha Escola destas en *Damasco*, na que ingresara *Paulo*, para mudar en perseguidor. Había outras en *Antioquía*, *Iconia* e *Tesalónica*, nas que ingresou para disputar. E estaban tamén as Sinagogas dos *Libertinos*, *Cireneos*, *Alexandrinos* e aquelas de *Asia*, ou sexa, a Escola dos *Libertinos* e dos *Xudeus*, que eran estranxeiros en Xerusalén, e desta Escola eran os que disputaran (*Feitos*, 6.9) con *San Estevo*.

Mais, ¿cal foi a Utilidade destas Escolas? Que Ciencia se acadara a día de hoxe nas súas Lecturas e Disputas? O que coñecemos de Xeometría, que é a Nai de todas as Ciencias Naturais, non llo debemos ás Escolas. *Platón*, o mellor Filósofo de entre os Gregos, prohibira a entrada na súa Escola a todos os que non fosen nalgunha maneira Xeómetras. Houbo moitos que estudaron esa Ciencia con grande proveito para a humanidade, pero non hai mención das súas Escolas, nin que existise ningunha Seita de Xeómetras, nin que acadasen o nome de Filósofos. A Filosofía natural desas Escolas foi máis un Soño que unha

Ciencia, e foi posta nunha Linguaxe sen sentido e cativa, o que non pode ser evitado por aqueles que vaian ensinar Filosofía sen atinxir, primeiro, un gran coñecemento de Xeometría. Porque a Natureza está en Movemento; e por iso os seus Rumbos e Graos non se poden coñecer sen o coñecemento das Proporcións e Propiedades das Liñas e Figuras. A súa Filosofía Moral non é senón a descrición das súas propias Paixóns. Porque a regulación das Maneiras, sen un Goberno Civil, é a Lei da Natureza; e nela a Lei Civil que determina o que é *Honesto* e *Deshonesto*, o que é *Xusto* e *inxusto*, e —en xeral— aquilo que é *Bo* e *Malo*, mentres que as Escolas establecen as Normas do *Bo* e do *Malo* segundo o que lles *Preste* ou *Desguste*. Por que medios, habendo tanta diversidade de opinións, non hai un acordo xeral; mais cadaquén fai (mentres ouse facelo) canto lle pareza ben aos seus propios ollos, para subverter o Estado. A súa *Lóxica*, que tería de ser o Método de Razoar, non é outra cousa que a expresión de Palabras Capciosas e Invencións para confundir a quen desexen discutir con eles. Concluíndo, non hai nada tan absurdo que os vellos Filósofos (como dixera *Cicerón* que era un deles) non teñan mantido en algures. E coido eu que será difícil atopar nada máis absurdo dito na Filosofía natural que iso que agora se chama *Metafísica Aristiotélica*; nin máis repugnante ao Goberno que moito do que sostivese na súa *Política*, nin máis ignorante que unha grande parte da súa *Ética*.

A Escola dos Xudeus era orixinalmente unha Escola da Lei de *Moisés*; quen mandara (*Deuteronomio*, 31.10) que ao remate de cada sétimo ano, na Festa dos Tabernáculos, fose lida a todo o pobo, para que puidesen oíla e aprendela. Xa que logo a lectura da Lei (que estivera en uso logo da Catividade) cada día Sabbath, non debería ter outra finalidade que achegarlle ao pobo os Mandamentos que tiñan de obedecer, e a exposición dos escritos dos Profetas. Mais ponse de manifesto, pola cantidade de veces que lles rifara o noso Salvador, que corromperan o Texto da Lei con Comentarios

falsos e Tradicións ocas; e tan pouco entenderán os Profetas que nin recoñeceran a Cristo nin as obras que este fixo e que tiñan profetizado. De maneira que por Lecturas e Disputas nas súas Sinagogas, mudaron a Doutrina da súa Lei nunha caste Fantástica da Filosofía, relativa á natureza incompreensible de Deus e dos Espíritos; que eles artellaron das baldeiras Filosofía e Teoloxía dos Gregos, mesturadas coas súas propias fantasías, tiradas das pasaxes máis escuras das Escrituras, e que mellor poderían axeitarse aos seus propósitos, e das Tradicións Fabulosas dos seus Entregos.

O que se chama agora *Universidade* non é máis que o agrupamento e incorporación baixo dun Goberno de moitas Escolas Públicas nunha e na mesma Vila ou Cidade. Nela as Escolas principais viñan organizadas nestas tres Profesións; ou sexa, da Relixión Romana, da Lei Romana e da Arte da Medicina. Verbo do estudo da Filosofía esta non ten máis lugar que o de doncela da Relixión Romana, e pois que a Autoridade de Aristóteles é a única que alí se estila, ese estudo non é Filosofía, en pureza, senón Aristotelidade. Verbo da Xeometría, ata tempos moi posteriores non tivo lugar en absoluto; sendo como era subsidiaria de nada que non fose a Verdade rixida. E se algún home, pola inxenuidade da súa propia natureza, acadase algún grao de perfección nela adoitaba ser considerado un Mago. E a súa Arte, Diabólica.

Descendendo agora aos Dogmas particulares da Filosofía Va, derivados ás Universidades e logo á Igrexa, en parte de Aristóteles, en parte da Cegueira de comprensión; considerarei primeiro os seus Principios. Hai unha certa *Philosophia prima*, da que deberían depender todas as outras Filosofías, e consiste basicamente nunha delimitación correcta dos significados de aqueles Nomes ou Apelacións, que son entre todos os máis Universais. Tales Limitacións serven para evitar ambigüidades e equivocacións no Razoamento, e adoitan ser chamados Definicións; tal como son as Definicións de Corpo,

Tempo, Lugar, Materia, Forma, Esencia, Suxeito, Substancia, Accidente, Poder, Acto, Finito, Infinito, Cantidade, Calidade, Movemento, Acción, Paixón e outras moitas precisas para explicar a Concepción dun home relativa á Natureza e Xeración de Corpos. A Explicación (ou sexa, o establecemento dun significado) deste e outros Termos similares, adoita chamarse nas Escolas *Metafísica*, en canto que é unha parte da Filosofía de Aristóteles que leva este título; mais noutro senso, porque significa tanto como *Libros escritos ou postos logo da súa Filosofía natural*; porque a palabra *Metafísica* comporta estes sentidos. E o certo é que o que neles vai escrito está na súa meirande parte tan afastado da posibilidade de ser entendido, e tan repugnante á Razón natural, que quen pense que hai algunha cousa que sexa comprendida por ela precisa coidala sobrenatural.

Destas Metafísicas que se mesturan coas Escrituras para facer Divindades Escolásticas hai quen nos di que hai no mundo certas Esencias separadas dos Corpos, chamadas *Esencias Abstractas e Formas Substanciais*. Para a Interpretación desa Xerga, e chegados a este punto é precisa algo máis que atención. Pido tamén perdón a aqueles que non están afeitos a esta caste de Discurso por dirixirme aos que si o están. O Mundo (non quero dicir a Terra unicamente, que denomina aos seus seareiros como *homes de Mundo*, senón o *Universo*, ou sexa, a masa enteira de todas as cousas que o compoñen) é Corpóreo, ou sexa, Corpo; e ten as dimensións da Magnitude, nomeadamente, Lonxitude, Anchura e Profundidade; igualmente cada parte do Corpo é de igual maneira, Corpo, e ten idénticas dimensións, e consecuentemente cada parte do Universo é Corpo, e o que non é Corpo non é parte do Universo. E porque o Universo é Todo, aquilo que non é parte del é *Nada*; e xa que logo, *ningures*. Non é que se infira de aquí que os Espíritos son *nada* porque teñen dimensións e así pois son *Corpos*; aínda que ese nome na Fala Común se lle dea aos Corpos, en tanto que se lles poida ver e apalpar; isto é aos corpos que teñen algún grao de Opacidade.

Mais aos Espíritos dinlles Incorpóreos, o que é un nome máis honorable, e que xa que logo pode atribuírse de maneira máis piadosa ao propio Deus: en quen non coidamos que Atributo expresa mellor a súa Natureza, que é Incomprensible, senón que expresa mellor o noso desexo de honralo.

Para saber en que se basean para dicir que hai *Esencias Abstractas* ou *Formas Substanciais*, temos de considerar que significan esas palabras propiamente. As Palabras serven para rexistrar diante nosa e manifestar a outros os Pensamentos e Concepcións das nosas Mentés. Entre estas palabras algunhas corresponden a nomes concibidos; como son os nomes de todas clases de Corpos que operan nos Sentidos e deixan unha Impresión na Imaxinación. Outros son os nomes das propias Imaxinacións, isto é, daquelas Ideas ou Imaxes mentais que temos de todas as cousas que vemos ou lembramos. E outras, aínda, son nomes de Nomes ou de diferentes clases de Discurso. Así *Universal*, *Plural*, *Singular*, son os nomes de Nomes; e *Definición*, *Afirmación*, *Negación*, *Certo*, *Falso*, *Siloxismo*, *Interrogación*, *Promesa*, *Pacto* son os nomes de certas Formas de Discurso. Outras serven para mostrar a Consecuencia ou o Noxo que uns nomes experimentan polos outros, como cando alguén di *Un Home é un Corpo*, o que intenta é que o nome de *Corpo* sexa necesariamente consecuente co nome de *Home*, ao non ser senón varios nomes da mesma cousa, *Home*, significando a Consecuencia o seu emparellamento coa palabra *É*. E mentres que nós empregamos o verbo *É*, os Latinos facían o propio co Verbo *Est*, e os Gregos co seu ἔσται a través das súas Declinacións. Se todas as Nacións do mundo teñen nas súas linguas diferentes unha palabra que se corresponda con ela, ou non, non sabería dicilo; mais estou seguro de que non o precisan. Porque a colocación de dúas palabras en orde pode servir para significar a súa Consecuencia, se fose costume (porque o Costume é o que lle dá as súas palabras a forza), da mesma maneira que as palabras *É*, *Ser*, *Son* ou similares.

Se en verdade existise algunha Lingua sen ningún Verbo que se correspondese a *Est, É* ou *Ser*, os homes que os empregasen non serían menos capaces, do que o foron os Gregos e os Latinos, de Inferir, Concluír e toda caste de Razoamentos. ¿Mais daquela que chegaría ser dos Termos, *Entidade, Esencia, Esencial, Esencialmente* que se derivan delas, e de moitos outros, de aplicación ben común que destas cuestións dependen? Non son, xa que logo, Nomes de Cousas, senón Sinais, polas que damos a coñecer que concibimos a Consecuencia que vencella un nome ou un Atributo a outro; como cando dicimos, *un Home é un Corpo Vivo*, non queremos dicir que o *Home* sexa unha cousa, o *Corpo Vivo*, outra e o *É* ou o *Ser* unha terceira: senón que o *Home* e o *Corpo Vivo* son a mesma cousa: porque a Consecuencia é que *Se el é un Home, é un Corpo Vivo*, é unha Consecuencia verdadeira, significada pola palabra *É*. Xa que logo *ser un Corpo, Camiñar, estar Falando, Vivir, Ver* e os Infinitivos similares; tamén, *Corporeidade, Camiñar, Falar, Vida, Vista* e demais, que significan exactamente o mesmo, son os nomes para *Nada*, como xa teño expresado con máis amplitude noutro lugar.

Mais, con que propósito (poderían dicir algúns) tanta sutileza nunha obra desta natureza, onde non pretendo outra cousa que aquilo preciso á doutrina do Goberno e mais da Obediencia? É co propósito de que os homes non aturen máis o abuso de quen, pola doutrina das *Esencias Separadas*, construídas na Filosofía Va de Aristóteles, os espanta de Obedecer as Leis dos seus propios Países, con nomes baldeiros; igual que os homes escorrentan os Paxaros do Gran cun chaleco baldeiro, un chapeu e un bastón dobrado. Porque, baseándose nisto, din que cando un Home morre e o soterran a súa Alma (ou sexa, a súa Vida) pode camiñar separada do seu Corpo, e este é visto, de noite, camiñando entre as tumbas. Cos mesmos argumentos din que a Figura, a Cor e o Sabor dun anaco de Pan existen alí onde non hai Pan. E con idénticas razóns din que Fe, Sabedoría e outras

Virtudes son ás veces *vertidas* nun home, outras *insufladas* nel desde o Ceo; como se os Virtuosos e as súas Virtudes puidesen diferenciarse, e moitas outras cousas que serven para minguar a dependencia dos Súbditos no Poder Soberano do seu país. Por que quen se esforzará en obedecer as Leis se agarda que a Obediencia sexa investida ou Insuflada nel? Ou quen non obedecerá a un Sacerdote, que faga un Deus mellor que o seu Soberano, ou que ao propio Deus? Ou quen, que teña medo dos Fantasmas, non gardará un grande respecto aos capaces de facer Auga Bendita, que os afasta del? E isto abondará como exemplo dos Erros que foron traídos á Igrexa das *Entidades e Esencias* de Aristóteles; quen pode que soubese que eran Filosofía falsa, mais que escribirán delas cal se fosen consonte e corroborativas da Relixión dos Gregos, temendo sufrir o fado de Sócrates.

Unha vez que se cae neste Erro das *Esencias Separadas*, o seguinte paso é enguedellarse en moitos outros absurdos que veñen detrás. Porque vendo que estas Formas acabarán sendo certas veñen obrigados a asignarlles *algún lugar*. Mais porque as teñen como Incorpóreas, sen a dimensión de Cantidade, e todos os homes saben que Lugar é Dimensión e non pode ser cuberto senón polo que é Corpóreo, están obrigados a manter o seu creto cunha distinción, e que é que non son en ningures *Circunscritivas* senón *Definitivas*. Termos, que non sendo máis que meras palabras e, nesta circunstancia sen significado, acontecen soamente en Latín, de maneira que se poida disimular a súa vaidade. Pois que a Circunscrición dunha cousa non é nada máis que a Determinación ou Definición do seu Lugar, e desta maneira os Termos da Distinción son os mesmos. E, en particular da Esencia dun Home, que (din eles) é a súa Alma, afirman atoparse toda enteira no seu Dedo maimiño, e toda enteira en cada outra Parte (por pequena que sexa) do seu Corpo; e non hai máis Alma en todo o Corpo que en cada unha destas Partes. Pode ningún pensar que se serve a Deus con semellantes absurdos? E



aínda así é preciso acreditar naqueles que coidan na Existencia dunha Alma Incorpórea Separada do Corpo.

E cando teñen que explicar como unha Substancia Incorpórea pode ser capaz de sentir dor e de ser atormentada no lume do Inferno ou do Purgatorio non teñen nada que responder, senón que non se pode saber como o lume pode queimar Almas.

Ademais, como sexa que o Movemento implica troco de Lugar, e as Substancias Incorpóreas non poden dispoñer de Lugar, non deixar de atormentarse en facer que semelle posible que unha Alma poida marchar de aquí, sen o Corpo, ao Ceo, Inferno ou Purgatorio, ou que os Espíritos dos homes (e podo engadir as roupas que adoitan levar) poidan camiñar de noite por Igrexas, Camposantos e outros lugares de Sepultura. Diante do cal non sei que poden responder, a menos que digan que camiñan de xeito *definitive non circumscriptive*, ou *espiritual* e non *temporalmente*; porque distincións tan egrexias son igualmente aplicábeis a calquera dificultade, a que sexa.

Verbo do significado de *Eternidade*, non queren que sexa unha Sucesión sen Fin do Tempo: pois que daquela non poderían render unha razón de como a vontade de Deus e a súa preordenación das cousas por vir non son anteriores á Prescencia destas, como a causa eficiente a anterior ao efecto e axente da acción, nin de moitas outras das súas opinións afoutadas relativas á Natureza Incomprensible de Deus. Mais terán de ensinarnos que a Eternidade é a Paralización do Tempo Presente, un *Nunc-stans* (como lle chaman as Escolas) que nin eles nin ningún outro dará entendido máis que o farían cun *Hic-stans* para unha grandeza Infinita de Lugar.

E mentres que os homes dividen un Corpo no seu pensamento numerando as partes, e ao numerar esas partes numeran tamén todas as partes do Lugar que ocupaba; isto non pode ser máis que ao facer moitas partes fagamos tamén moitos lugares desas partes; polo que non se pode concibir na mente de ningún home máis ou menos partes que lugares haxa para elas; non

obstante os escolásticos sosteñen que polo poder Omnipotente de Deus un corpo pode estar ao tempo nun e en moitos lugares, e moitos corpos ao mesmo tempo nun e en moitos lugares, e moitos corpos ao mesmo tempo no mesmo lugar; cal se houberse un recoñecemento do Poder Divino, para dicir o que é e non é, do que foi e non foi. E estas non son máis que unha parte cativa das Incongruencias ás que se ven obrigados por mor das súas disputas Filosóficas en canto de admirar e adorar a Natureza Divina e Incomprensible; sen que os seus Atributos dean significado o que é, senón que deben significar o noso desexo de honralo cos mellores Apelativos que poidamos pensar. Mais os que ousan argumentar sobre a Súa Natureza, a partir destes Atributos de Honor, perdendo a capacidade de comprensión no primeiro intento, caen dun Inconveniente noutro, indefinida e ilimitadamente, como cando unha persoa ignorante das Cerimonias da Corte, chega diante dunha Persoa de maior rango que aquelas coas que adoita falar, e zoupando na entrada, para evitar caer, deixa caer o Abrigo; e para recuperar este deixa caer o Sombreiro, e cunha zoupada detrás doutra non fai máis que mostrar o apampado que se encontra e o paifoco que é.

Destá maneira no referido á *Física*, isto é, o coñecemento das causas subordinadas dos acontecementos naturais, non ofrecen nada en absoluto, senón palabras baldeiras. Se un desexa saber por que algunhas clases de corpos caen naturalmente na Terra e outros ascenden naturalmente desde ela, as Escolas dirán con Aristóteles que os corpos que van cara abaixo son *Pesados*; sendo esta Gravidade a que os fai descender. Mais se se pregunta que cousa é a *Gravidade*, dirannos que se trata dun esforzo por ir ao centro da Terra, de maneira que a causa pola que as cousas descenden é un Esforzo por estar abaixo; o que é tanto como dicir que os corpos descenden ou ascenden porque tal fan. Ou dirán que o centro da Terra é o lugar de Acougo ou Conservación das Cousas Pesadas e por iso a súa teimosía en estar alí. Como se as Pedras ou os Metais tivesen o desexo, ou

puidesen discernir o lugar onde deberan estar, tal como fai o Home; ou devecesen por Acougar, ao contrario que o Home; ou que un anaco de Cristal estivese menos seguro nunha Fiestra que caendo na Rúa.

Se soubésemos por que o mesmo Corpo semella meirande (sen engadido ningún) unhas veces que outras; dinnos, cando semella, menor, que está *Condensado*; cando maior, *Enrarecido*, ¿Que quere dicir *Condensado* e *Enrarecido*? Condensado é cando hai na mesma Materia menos Cantidade que antes; e Enrarecido, cando hai máis. Como se puidese haber Materia que non determinase a Cantidade; cando a Cantidade non é outra cousa que a Determinación da Materia; ou sexa, do Corpo, polo que dicimos que un Corpo é meirande ou máis cativo que outro, por tal razón e ata tal punto. Ou como se un Corpo fose feito sen ningunha Cantidade en absoluto, e que logo se puxese máis ou menos nel para tentar que o Corpo fose máis ou menos Denso.

Verbo da causa da Alma do Home, din, *Creatur Infundendo* e *Creando Infunditur*; ou sexa, *Criada por Infusión* ou *Criada por Crianza*.

Verbo da Causa dos Sensos recorren á ubicuidade das *Especies*; ou sexa, das *Mostras* ou *Aparicións* de obxectos; cando se trata de Aparición aos Ollos, chámase *Vista*; aos Oídos, *Audición*; ao Padal, *Gusto*; ás Ventas, *Olor*; e ao resto do Corpo, *Tacto*.

Por causa da Vontade para facer calquera acción particular, chamada *Volitio*, asignan a Facultade, ou sexa, a Capacidade en xeral que os homes teñen de querer ás veces unha cousa, outras, outras, que se chama *Voluntas*; e que fai do *Poder* a causa dun *Acto*. Como se lles asignasen como causa dos Actos bos e malos dos homes a súa capacidade para facelos.

En moitas ocasións, poñen como causa dos sucesos Naturais a súa propia Ignorancia, mais camuflada noutras palabras. Así cando din que a Fortuna é a causa das cousas continxentes; é dicir, das cousas das que non se coñece a causa. É como cando se atribúen moitos Efectos a *calidades agachadas*; isto é, a cali-

dades descoñecidas deles, e xa que logo (así pensan) de ningún outro Home. E á *Simpatía*, *Antipatía*, *Antiperístase*, *Calidades Específicas*, e outros Termos semellantes que non significan nin o Axente que os producirá nin a Operación por medio da cal se produciron.

Se *Metafísicas* e *Físicas* como estas non son *Filosofía Va*, non o será ningunha, sen que precisase San Paulo avisarnos contra delas para evitalas.

Verbo da Filosofía Moral e Civil, conteñen os mesmos ou meirandes absurdos. Se un home comete un acto de Inxustiza, isto é, unha acción contraria á Lei, Deus —segundo din eles— é a causa primeira da Lei e tamén a primeira causa desa e outras Accións, mais en absoluto causa da Inxustiza que é a Non Conformidade da Acción coa Lei. Esta é Filosofía Va. Algúns poderían argumentar que un home é quen de facer unha liña recta e unha quebrada, e outro de subliñar a súa Incoherencia. E tal é a Filosofía de todos os homes que resolven as Conclusións antes de formular as Premisas; pretendendo comprender o que é Incomprensible, e facer dos Atributos de Honor, Atributos de Natureza; da mesma maneira que esta distinción foi feita para manter a Doutrina da Vontade Ceibe, isto é, da Vontade dun home que non vén suxeito á Vontade de Deus.

Aristóteles, e outros Filósofos Pagáns definen o Bo e o Malo polo Apetito dos homes; o que abonda en tanto que os coide-mos a cada un deles gobernados pola súa propia Lei. Pois que na condición dos homes que non teñen máis Lei que o seu propio Apetito non pode haber unha Norma xeral das Accións Boas e Malas. Mais nun Estado esta medida é falsa. A medida non é o Apetito dos Particulares senón a Lei, que é a Vontade e o Apetito do Estado. E esta Doutrina aínda se practica e os homes xulgan a Bondade e a Maldade propias e as accións doutros homes, e as accións do Estado mesmo polas súas propias paixóns; e ningún home chama Ben ou Mal senón a aquilo que ten diante dos ollos, sen ningún respecto ás Leis Públicas, agás

tan só os Monxes e os Frades, vencellados por un Voto a unha simple obediencia ao seu Superior, ao que cada Súbdito deberá coidarse vencellado pola Lei da Natureza ao Soberano Civil. E esta medida particular de Deus é unha Doutrina, non soamente Va, mais tamén Perniciosa ao Estado Público.

É tamén Filosofía Va e falsa dicir que o cumprimento do Matrimonio é repugnante á Castidade ou á Continencia, facendo consecuentemente del un Vicio Moral, como aqueles que coidan que a Castidade e a Continencia é razón abondo para negarlle o matrimonio ao Clero. Porque con isto o que confesan que non é senón unha Constitución da Igrexa que require daqueles, que profesando Ordes sagradas atenden decote o Altar e a administración da Eucaristía, a Abstinencia continuada das mulleres, baixo do nome da Castidade, Continencia e Pureza. Xa que logo chaman ao uso lexítimo de Esposas, falta de Castidade e Continencia, e fan do Matrimonio un Pecado, ou cando menos algo tan impuro e sucio, como para facer aos homes desaxeitados para o Altar. Se esta Lei se fixese porque o uso das esposas é Incontinencia e contrario á Castidade, daquela todo Matrimonio é un vicio. Se é porque se trata dunha cousa impura de máis e noxenta para un home consagrado a Deus, con moita máis razón outros labores naturais, necesarios e diarios que todos os homes fan, mudarían a estes en negados para ser Sacerdotes, porque son moito máis porcos.

Mais o fundamento secreto desta prohibición para que Casen os Sacerdotes, non se atopa en tales erros da Filosofía Natural, nin tampouco na preferencia da vida célibe ao estado Matrimonial; que procede da sabedoría de San Paulo, quen se decatou do pouco conveniente que era para aqueles que neses tempos de persecución eran Predicadores do Evanxeo, e que se vían obrigados a liscar dun país a outro, que se atribulasen co coidado de mulleres e fillos; de maneira; ese fundamento está nos Papas e Sacerdotes que viñeron despois de se converter eles mesmos en Clero, isto é, os únicos Herdeiros do Reino

de Deus neste mundo; polo que se facía preciso afastalos do uso do Matrimonio; porque o noso Salvador dixera que á chegada do seu Reino os Fillos de Deus *nin casarán nin serán dados en Matrimonio, senón que serán como os anxos do ceo*; ou sexa, Espirituais. Vendo que adoptaran para eles o nome de Espirituais permitirles (cando non había necesidade) a propiedade de Esposas, sería unha Incongruencia.

Da Filosofía Civil de Aristóteles aprenderan a chamar a todas as maneira de Estados agás os Populares (tal como era nese tempo o estado de Atenas), *Tiranía*. Todos os Reis eran chamados Tiranos; e a Aristocracia dos trinta Gobernadores postos polos Lacedemonios que os asoballaran, os trinta Tiranos. Como igualmente chamar á condición do pobo baixo Democracia, *Liberdade*. Un *Tirano* non significaba orixinalmente nada máis que un *Monarca*. Mais cando despois na maior parte de Grecia esa clase de goberno fora abolida, o nome comezou a significar non soamente o que xa significaba mais con el a carraxe que os Estados Populares mantiñan cara a el. Como tamén o nome de Rei chegou facerse odioso logo do derrocamento dos Reis de Roma, sendo unha cousa natural a todos os homes concibir que algunha Falta grande se significase nalgún Atributo dado con desgusto a un Inimigo importante. E cando aos mesmos homes non lles presten aqueles que teñen a administración da Democracia ou Aristocracia, non procuran nomes desgraciados para expresar a súa furia, senón que se dan présa en chamar a unha *Anarquía*, e á outra *Oligarquía* ou *Tiranía duns poucos*. E o que ofendía ao Pobo non era outra cousa senón que estaban gobernados, como eles o farían senón como o Representante Público, xa fose un Home ou unha Asemblea deles, coidase axeitado; isto é, por un goberno Arbitrario; polo cal dan nomes ruíns aos seus Superiores, sen que se decatasen (ata un pouco despois da guerra Civil) que sen ese goberno Arbitrario semellante Guerra sería perpetua; e que son os Homes e as Armas, non as Palabras e as Promesas as que fan a Forza e mais o Poder das Leis.

E xa que logo aquí está outro Erro da Política de Aristóteles, que nun Estado con xeito non deben gobernar os Homes senón as Leis. Que home cabal, aínda que non saiba escribir nin ler, véndose gobernado por aqueles que teme non acreditará en que poden matalo ou ferilo se non os obedece? Ou coidará que é a Lei, ou sexa Palabras e Papel, a que o ferirá, sen intervención das Mans e as Espadas dos homes? E isto forma parte dos Erros perniciosos; porque inducen os homes, tan a miúdo como non lles prestan os seus Gobernadores, a vencellarse a aqueles que chaman Tiranos, e coidar lexítimos guerrear contra deles. E aínda así son moitas veces animados desde o Púlpito, polo Clero.

Hai outro Erro na Filosofía Civil destes (que nunca aprenderon de Aristóteles nin de Cicerón nin de ningún outro dos Pagáns) cando se trata de espallar o poder da Lei, que Regula as Accións soamente aos Pensamentos e Consciencias dos homes por Exame e *Inquisición* do que Manteñen, malia a Conformidade do seu Discurso e Accións. Por isto, os homes ou sofren castigo por responder coa verdade dos seus pensamentos, ou veñen obrigados a responder mentira por medo ao castigo. É certo que o Maxistrado Civil que pretenda empregar a un Ministro no mester de Ensinar pode inquirir del se lle apetece Predicar tal e tal Doutrina, e caso de que diga que o rexeite pode negarlle o emprego. Mais obrígalo a que se acuse de Opinións cando as súas Accións non están prohibidas pola Lei, vai contra da Lei da Natureza; especialmente naqueles que ensinan que un home será condenado a tormentos Eternos e extremos se morre opinando con falsidades relativas a un Artigo da Fe Cristiá. ¿Por que quen, con efecto, sabendo que existe tan grave perigo nun erro obrigará a súa Alma a confiar no seu propio xuízo, mellor que no doutro home, alleo á súa condenación?

Porque que un Particular sen a Autoridade do Estado, ou sexa, sen permiso do Representante, interprete a Lei polo seu propio Espírito, é outro Erro na Política, mais non tirado de Aristóteles nin de calquera outro dos Filósofos Pagáns. Porque

ningún dos escolásticos nega senón que no Poder de facer Leis está comprendido tamén o Poder de Explicalas cando compra. E non foron feitas Lei as Escrituras, en todas as pasaxes das Escrituras, pola Autoridade do Estado, sendo así xa que logo parte da Lei Civil?

Un erro da mesma clase é cando alguén que non sexa o Soberano restrinxe en calquera o poder que o Estado non ten restrinxido; como o fan os que outorgan a Prédica dos Evanxeos, que as Leis deixaran libres, a determinadas Ordes. Se o Estado permite que eu predique ou ensine, ou sexa, se non mo prohibe, non haberá home que mo prohiba. Se me atopo entre dos Idólatras de América, eu —que son Cristián aínda que non estea Ordenado— coidarei que peço predicando a Xesús Cristo mentres que non reciba as Ordes de Roma? Ou ben, unha vez que teña predicado, non responderei ás súas dúbidas nin lles expoñerei as Escrituras, isto é, non Ensinarei? A isto algúns poderán dicir que, o mesmo que na administración dos sacramentos, a necesidade debe entenderse abondo como Misión; o que non deixa de ser certo. Mais tamén é certo que se a dispensa resulta da necesidade, pola mesma razón non fai falta dispensa cando non hai Lei que o prohiba. Xa que logo rexeitar estas Funcións a aqueles, aos que o Soberano Civil non llo denegase, é afastalos dunha Liberdade lexítima, o que é contrario á Doutrina do Goberno Civil.

Poderían poñerse máis exemplos de Filosofía Va achegados á Relixión polos Doutores da Divindade Escolástica, mais calquera podería se lle petase observalos de si mesmos. Engadirei soamente a isto que os Escritos dos Escolásticos non son na súa meirande parte máis que cativas Tiradas de palabras estrañas e bárbaras, ou palabras empregadas doutra maneira a como se adoitaba facer na lingua Latina; tal como as utilizaban Cicerón, Varrón e todos os Gramáticos da antiga Roma. De xeito que se quixésemos probar a estes homes deberíamos (como xa teño dito anteriormente) ver se son quen de traducir a algún dos



Escolásticos nalgunha das linguas Modernas, como Francés, Inglés ou calquera outra lingua ben dotada; porque o que non se pode facer Intelixible na maioría deles tampouco será Intelixible en Latín. Esa Insignificancia de linguaxe, aínda que non a podo anotar como Filosofía falsa, ten a calidade non soamente de agachar a Verdade, mais tamén de facer que os homes coiden posuíla, desistindo de procuras ulteriores.

Finalmente, verbo dos Erros achegados por unha Historia falsa e incerta, como son todas as Lendas de Milagres ficticios nas vidas dos Santos, e todas as Historias de Aparicións e Espíritos, aducidas polos Doutores da Igrexa Romana, para facer boas as Doutrinas do Inferno e o Purgatorio, o poder do Exorcismo e outras Doutrinas sen garantía, nin na Razón nin nas Escrituras; como tamén todas esas Tradicións que os escolásticos chaman a Palabra de Deus non escrita, que son máis que Contos de Vellas? De xeito aínda que se atopen espalladas dalgunha maneira nos Escritos dos Pais antigos, eses Pais eran homes que podían acreditar doadamente de máis en falsos informes; e o botar man das súas opinións como testemuña da verdade do que crían non tiña outra forza entre eles que a de (cadrando co Consello de San Xoán, 1 Epístola, capítulo, 4, versículo 1) examinar Espíritos en todas as cousas relativas ao poder da Igrexa Romana (sen sospeitar do seu abuso, ou tirando proveito del), desacreditando a súa testemuña ao respecto dunha crenza demasiado lixeira neses relatos, aos que adoitan ser proclives os homes máis honestos, sen un grande coñecemento das causas naturais (tal como o eran os Pais). Porque, de natureza, os mellores homes son os menos suspicaces aos propósitos fraudulentos. O Papa Gregorio e San Bernardo téñense referido a Aparicións de Espíritos que segundo eles estaban no Purgatorio, e tamén o noso Beda, mais unicamente, penso, por informacións alleas. Mais se eles, ou calquera outro, refiren historias semellantes polo seu propio coñecemento non estarán confirmando relatos tan baldeiros senón descubriendo a súa Doenza ou Fraude.

A esta Introducción do Falso podemos engadir tamén a supresión da Verdadeira Filosofía por estes homes, pois que nin teñen autoridade lexítima nin estudos abondo como para ser Xuíces competentes da verdade. As nosas Navegacións manifestan, e todos os homes instruídos en Ciencias humanas recoñecen, que hai Antípodas. E vemos cada día, máis e máis, que os Anos e os Días veñen determinados polos Movementos da Terra. Non obstante, os homes que nos seus Escritos non fan senón imaxinar tal Doutrina como unha ocasión para argumentar a prol e en contra, foron castigados pola Autoridade Eclesiástica. Mais por que razón? Por que son contrarios á Relixión establecida? Que sexan silenciados polas Leis daqueles a quen están suxeitos os seus Mestres, ou sexa, polas Leis Cívís. Porque poden ser castigados lexitimamente por desobediencia aqueles que ensinan contra das Leis mesmo Filosofía verdadeira. El será porque tenden a desaxear o Goberno convidando á Rebelión ou á Sedición? Que sexan, daquela, silenciados e as súas Ensinanzas castigadas por virtude do Poder a quen se encomenda o coidado do Público sosego; isto é, pola Autoridade Civil. Porque calquera que sexa o Poder Eclesiástico que invoque (en lugar no que estea suxeito ao Estado) o seu Dereito, aínda que lle chamen Dereito Divino, non está cometendo máis que unha Usurpación.

### **Capítulo XLVII. Do Proveito que se tira de semellante escuridade e a quen beneficia**

CICERÓN fai mención honorable dun dos *Casos*, un Xuíz severo entre os Romanos, polo costume que tiña, en causas Criminais, (cando o testemuño das testemuñas non abundaba), de preguntar aos Acusadores, *Cui bono*; isto é, que Proveito, Honor ou outro Beneficio o acusado obtiña ou agardaba polo Feito. Pois que entre as Presuncións, ningunha declarada polo Autor de maneira tan evidente como a que fai o PROVEITO

da Acción. Pola mesma razón tento neste lugar examinar quen poden ser os que posúsen ao Pobo tanto tempo nesta parte da Cristiandade con estas Doutrinas contrarias ás Sociedades Pacíficas que conforman a Humanidade.

Primeiro, a este Erro, *que a Igrexa presente Militante agora na Terra é o Reino de Deus* (ou sexa, o Reino da Gloria, ou a Terra Prometida; non o Reino da Graza, que non é senón unha Promesa da Terra), engádenselle estes Proveitos universais. Primeiro, que aos Pastores e Mestres e Mestres da Igrexa se lles outorga, en canto que Ministros Públicos de Deus, o Dereito de Gobernar a Igrexa; e consecuentemente (porque a Igrexa e o Estado son as mesmas Persoas) ser Reitores e Gobernadores do Estado. Por mor de semellante título o Papa fixo prevalecer entre os súbditos de todos os Príncipes Cristiáns a crenza de que desobedecerlle era desobedecer ao propio Cristo; e que sempre que houberse diferenzas entre el e os outros Príncipes (honrado coa expresión de *Poder Espiritual*) debían abandonar os seus Soberanos lexítimos; pois non outro é o efecto dunha Monarquía universal sobre toda a Cristiandade. Xa que se primeiro foran investidos co dereito de ser Mestres Supremos da Doutrina Cristiá, por e baixo Emperadores Cristiáns, dentro dos límites do Imperio Romano (tal como recoñeceran eles mesmos) co título de *Pontifex Maximus*, que viña sendo un Funcionario suxeito ao Estado Civil, logo de que o Imperio se dividise e disolvese, foi doado impoñer ao pobo, xa suxeito a eles, outro Título, nomeadamente o do Dereito de San Pedro; non soamente para conservar enteiro o seu pretendido Poder, senón para espallalo ao longo das Provincias Cristiás, aínda que xa non estivesen unidas no Imperio de Roma. O Beneficio dunha Monarquía Universal (coitando nos desexos humanos de aturar unha Norma) é unha Presunción suficiente de que os Papas, que tal pretendían e durante un longo tempo o gozaron, eran os Autores da Doutrina pola que isto acadaran; nomeadamente que a Igrexa que rexe agora na Terra é o Reino de

Cristo. O cal garante, e isto cómpre entender, que Cristo ten un Representante entre nós que nos debe dicir cales son os seus Mandamentos.

Despois de que certas Igrexas renunciasen a este Poder universal do Papa, cabería agardar con razón que os Soberanos Civís de todas elas recuperasen tanto del como era (antes de que o deixasen marchar sen siso ningún) o seu propio Dereito, pousado nas súas propias mans. E en Inglaterra, con efecto, así era; agás que aqueles, polos cales o Rei administraba o Goberno da Relixión, ao manter que o seu emprego era de Dereito Divino, semellaban usurpar se non unha Supremacía si unha Independencia do Poder Civil: e semellaban usurpala pois que recoñecían no Rei un Dereito de privalos do Exercicio das súas Funcións segundo lle petase a este.

Mais nos lugares onde os Presbíteros tomaron ese Mester, aínda que se prohibira ensinar moitas outras Doutrinas da Igrexa de Roma, ficaba aínda a Doutrina de que o Reino de Cristo xa viñera, comezando a partir da Resurrección do noso Salvador. Pero *cui bono*? Que Proveito agardaban disto? O mesmo que o Papa agardaba: ter un Poder Soberano sobre a Xente. Por que cousa é para os homes que excomunguen ao seu Rei lexítimo, senón para velo afastado de todos os lugares do Servizo público Divino no seu propio Reino e resistirse a el pola forza cando ten de ser el quen pola forza se esforce en corrixilos? Ou que é, sen Autoridade do Soberano Civil, excomungar a calquera persoa, senón tirarlle a súa Liberdade Lexítima, ou sexa, usurpar un Poder ilexítimo por riba dos seus Irmáns. Os Autores, xa que logo, desta Escuridade en Relixión son o Clero Católico Romano e o Presbiteriano.

A semellante dirección refiro tamén todas aquelas Doutrinas, que lles serven para manter a posesión da Soberanía espiritual unha vez que a acadaran. En primeiro lugar, que o Papa *na súa capacidade pública non pode errar*. Por que quen crendo que isto sexa certo non se aprestará a obedecerlle en todo aquilo que ordene?

En segundo lugar, que a todos os outros Bispos, no Estado que sexa, non lles vén o Dereito inmediatamente de Deus, nin inmediatamente dos seus Soberanos Cívís, senón do Papa, resulta unha Doutrina pola que en cada Estado Cristián moitos homes poderosos (porque iso son os Bispos) dependen do Papa e débenlle obediencia, aínda que sexa un Príncipe estranxeiro, polo que é quen (como xa ten feito moitas veces) de erguer unha Guerra Civil contra do Estado que non se someta a ser gobernado segundo o seu pracer e Intereses.

En terceiro lugar, a exención destes, e de todos os outros Sacerdotes, e de todos os Monxes e Frades, do Poder das Leis Cívís. Porque desta maneira hai unha gran parte do Estado que goza do Beneficio das Leis, e están protexidos polo Poder do Estado Civil, sen que acheguen nada ao gasto Público nin estean sometidos ás penas, como fan os outros Súbditos, debidas aos seus delitos; e —consecuentemente— non teman a outro home que o Papa, vencellándose a el soamente para terminar desta Monarquía universal.

En cuarto lugar, o dar aos seus Clérigos (o que non é outra cousa no Novo Testamento que Presbíteros, ou sexa, Anciáns) o nome de *Sacerdotes*, isto é, Sacrificadores, que este era o título do Soberano Civil e os seus Ministros públicos, entre os Xudeus, mentres que Deus era o seu Rei. Igualmente o facer da Cea do Señor un Sacrificio servía para facer crer ao Pobo que o Papa tiña o mesmo poder sobre todos os Cristiáns que Moisés e Aaarón sobre os Xudeus; isto é, todo o Poder, Civil e Eclesiástico como o Sumo Sacerdote daquela tiña.

En quinto lugar, o ensinar que o Matrimonio é un Sacramento que outorga ao Clero o Xulgar a lexitimidade dos Matrimonios, e de aí o decidir cales dos Fillos son Lexítimos. E consecuentemente do Dereito de Sucesión para herdar Reinos.

En sexto lugar, o Rexeitar o Matrimonio dos Sacerdotes, serve para asegurar este Poder do Papa sobre dos Reis. Porque se un Rei é Sacerdote non pode Casar e transmitir o seu Reino

á Posteridade. Se non é un Sacerdote daquela o Papa pretende para si esta Autoridade Eclesiástica nel e no seu pobo.

En sétimo lugar, da Confesión Individual obteñen, ao asegurar o seu Poder, mellor intelixencia dos designios dos Príncipes e persoas de relevancia no Estado Civil que o que estas poidan ter dos designios do Estado Eclesiástico.

En oitavo lugar, pola Canonización dos Santos e ao declarar quen son Mártires, aseguran o seu Poder ao inducir a homes sinxelos nunha teimosía contra das Leis e Mandamentos dos seus Soberanos Civís mesmo ata a morte, se pola excomuñón dos Papas son declarados Heréticos ou Inimigos da Igrexa; ou sexa (tal como eles o interpretan) do Papa.

En noveno lugar, aseguran o mesmo, polo Poder que outorgan a cada Sacerdote, de facer de Cristo; por medio do Poder de ordenar Penitencia, e de Remitir e Reter pecados.

En décimo lugar, o Clero enriquecese pola Doutrina do Purgatorio, da Xustificación por obras externas e de Indulxencias.

En lugar undécimo, pola súa Demonoloxía e o emprego de Exorcismos, e outras cousas relativas a isto, manteñen (ou coídan manter) ao Pobo con meirande medo do seu Poder.

Por último, a Metafísica, Ética e Política de Aristóteles, as Distincións frívolas, Termos bárbaros e Linguaxe escura dos Escolásticos, ensinadas en Universidades (erguidas e reguladas pola Autoridade dos Papas), sonlles de utilidade para evitar que lles detecten os Erros e fan que os homes trabuquen o *Ignis Fatuus* da Filosofía Va coa Luz do Evanxeo.

A estas, se non abondasen, poderíasele engadir outras das súas Doutrinas escuras, o proveito meridianamente manifesto, para artellar un Poder ilexítimo sobre os Soberanos lexítimos do Pobo Cristián; para que se mantenga o mesmo unha vez establecido; ou para as Riquezas, Honor e Autoridade de quen o sosteñen. E xa que logo pola norma xa indicada, do *Cui bono*, podemos sentenciar en xustiza como Autores de semellante

Tebra Espiritual ao Papa, o Clero Romano e a todos aqueles que teiman en poñer nas mentes dos homes esta Doutrina errada de que a Igrexa agora na Terra é ese Reino de Deus mencionado no Antigo e Novo Testamento.

Mais os Emperadores e outros Soberanos Cristiáns, baixo quen estes Erros e as inxerencias dos Eclesiásticos no seu Mester comezaran por coarse para amolar ás súas posesións e a tranquilidade dos seus Súbditos, aínda que sufrisen do mesmo por mancarlles previsión na Secuela e de penetración nos designios dos seus Mestres poden, non obstante, ser estimados como culpábeis do dano propio e tamén do Público. Porque sen a súa Autoridade non se podería predicar publicamente ao principio ningunha Doutrina sediciosa. Digo que o poderían impedir nos seus principios. Mais, unha vez posuída a xente por estes homes espirituais, non existe remedio aplicable que o ser humano puidese inventar. E verbo dos remedios que Deus dera en orzar, pois que nunca fracasou nos bos tempos en esnaquizar todas as Maquinacións dos homes contra da Verdade, debemos agardar, da súa vontade expresada libremente, que ás veces consente que a prosperidade dos seus inimigos medre xunto coa súa ambición a tal altura que a súa propia violencia lles abra uns ollos que a cautela dos seus predecesores anteriormente selara, de xeito que ao apañaren en exceso deixan marchar todo, como a rede de Pedro rachou por loitar contra semellante cantidade de Peixes. Mentres que a impaciencia daqueles, que tentaban resistir semellante inxerencia antes de que se abrisen os ollos dos seus Súbditos, non conseguiron senón facer medrar ese poder que resistían. Xa que non logo non lle boto a culpa ao Emperador Federico por termar da estribeira do noso paisano o Papa Adrián, porque tal era a disposición dos seus súbditos daquela, de xeito que de non facer tal non seguiría probablemente no Imperio, Mais culpo a aqueles que, ao principio, cando o seu poder estaba enteiro por aturar que se forxasen tales Doutrinas nas Universidades dos seus Dominios, termasen

da Estribeira de todos os Papas que viñeron despois mentres que montaban nos Tronos de todos os Soberanos Cristiáns para cabalgar e dominar, a eles e á súa xente, como lles petase.

Mais, así como se tecen as Invencións da xente así son tamén desenguedelladas; o camiño é o mesmo, mais a orde está invertida. O tecido comeza nos primeiros Elementos do Poder, cal son Sabedoría, Humildade, Sinceridade e outras virtudes dos Apóstolos, a quen a xente convertida obedeceu por Reverencia, non por Obriga. As súas Conciencias eran ceibes, e as súas Palabras suxeitas soamente ao Poder Civil. Logo os Presbíteros (que medraran como os Rabaños de Cristo) tiveron de xuntarse para coidar no que debían ensinar, obrigándose a non ensinar nada que fose contra dos Decretos das súas Asembleas, facendo que a xente seguise as súas doutrinas e cando o rexeitaban, rexeitaban tamén a súa compañía (iso era o que se chamaba daquela Excomuñón) non por Infieis senón por Desobedientes. E este era o primeiro nó na súa Liberdade. E mentres que o número de Presbíteros medraba, os Presbíteros da principal Cidade ou Provincia apañaban autoridade sobre os Presbíteros Parroquiais, arrogándose o nome de Bispos. E esta era o segundo na Liberdade Cristiá. Por último o Bispo de Roma, coidando na Cidade Imperial, tomou para el unha Autoridade (en parte polas vontades dos Emperadores, e polo título de *Pontifex Máximus*, e xa cando os Emperadores perderan forza, polos privilexios de San Pedro) sobre todos os outros Bispos do Imperio. É ese o terceiro e derradeiro nó e a *Síntese* e *Construción* enteiras do Poder Pontificio.

E xa que logo a *Análise* ou a *Resolución* van polo mesmo camiño, se non que comezan co último nó ligado, como podemos ver na disolución do preterpolítico Goberno da Igrexa en Inglaterra. Primeiro, o Poder dos Papas foi disolvido totalmente pola Raíña Isabel, e os Bispos, que anteriormente exerceran as súas Funcións no Dereito do Papa pasaron a facer o mesmo en dereito da Raíña e os seus Sucesores; aínda que, ao reter a



frase de *Jure Divino*, se pensaba que o demandaban por Dereito Inmediato de Deus. E así foi desligado o primeiro nó. Logo disto os Presbiterianos, ultimamente en Inglaterra, acadaron depoñer o Episcopado, disolvendo así o segundo nó. E case ao mesmo tempo os Presbiterianos quedaron tamén sen o Poder. Quedamos así nós reducidos á Independencia dos Primitivos Cristiáns de seguir a Paulo, a Pedro ou a Apolo, cada home a quen lle petase. O cal, facéndose sen contención, sen medir a Doutrina de Cristo polo noso agarimo á Persoa do seu Ministro (a falla que os Apóstolos reprochaban aos Corintios), se cadra é o mellor. Primeiro, porque non debe haber outro Poder riba das Conciencias dos homes que a propia Palabra, facendo que a Fe medre non segundo a intención dos que Sementan e Regan senón do propio Deus; e segundo, porque non ten xeito que aqueles que ensinan que hai tanto perigo en cada Erro cativo, requiran dun home dotado de Razón de seu, sigan a Razón de calquera outro ou da maioría das voces de moitos outros. O que non é moito mellor que salvarse a Salvación a cara ou cruz. Nin deben estes Mestres mostrarse descontentos coa perda da súa antiga Autoridade. Porque ninguén debería saber mellor que eles que o poder se conserva polas mesmas Virtudes polas que se acada; isto é, pola Sabedoría, Humildade, Claridade de Doutrina e sinceridade de Discurso, e non pola supresión das Ciencias Naturais e da Moralidade da Razón Natural; non pola Escuridade de Linguaxe nin por Arrogarse máis Coñecemento do que aparentan; nin por Piedades Fraudulentas nin por todas esas faltas que nos Pastores da Igrexa de Deus non son soamente Faltas senón tamén escándalos, axeitados para facer zoupar aos homes unha e outra vez na supresión da súa Autoridade.

Mais logo de que esta Doutrina *de que a Igrexa agora militante é o Reino de Deus do que se fala no Antigo e no Novo Testamento* fora recibida no Mundo, a ambición polos cargos inherentes ao Mester, nomeadamente para o de ser Representante de Cristo, e a Pompa dos que acadaban os principais Cargos Públicos,

chegaron a ser tan gradualmente evidentes que perderon a Reverencia interior debida á Pastoral Función; tanto que os homes máis Sabidos, de entre dos que tiñan algún poder no Estado Civil, non precisaban nada senón a autoridade dos seus Príncipes para negarllles calquera Obediencia ulterior. Porque, desde o momento en que o Bispo de Roma foi recoñecido como Bispo Universal, ao pretender a Sucesión de San Pedro, toda a súa Xerarquía ou Reino das Tebras pode ser comparada, e non sen xeito, co *Reino das Fadas*; isto é, cos *Contos de Vellas* en Inglaterra, relativos a *Fantasma* e *Espíritos*, e ás súas festas nocturnas. E se un home coida nas orixes deste gran Dominio Eclesiástico percibirá doadamente que o *Papado* non é máis que o Fantasma do defunto *Imperio Romano*, que senta coroado na cova deste. Porque así foi como comezou o Papado, xurdindo de Súpeto das Ruínas do Poder Pagán.

Igualmente a *Linguaxe*, que empregan, na Igrexa e nos Actos Públicos, o *Latín*, non utilizada actualmente por ningunha Nación do mundo, que é senón o *Fantasma da Vella Linguaxe Romana*?

As *Fadas*, sexa a Nación na que se atopen, non teñen máis que un Rei Universal, ao que algúns dos nosos Poetas chaman Rei *Oberón*; mais as Escrituras coñecen como *Belcebú*, Príncipe dos *Demos*. De igual maneira os *Eclesiásticos*, nos Dominios nos que se encontren non recoñecen a outro Rei Universal que o *Papa*.

Os *Eclesiásticos* son homes *Espirituais*, e Pais *Espirituais*. As *Fadas* son *Espíritos* e *Fantasma*. As *Fadas* e os *Fantasma* habitan Tebras, Soidades e Covas. Os *Eclesiásticos* erran na Ecuridade da Doutrina, en Mosteiros, Igrexas e Camposantos.

Os *Eclesiásticos* teñen as súas Igrexas Catedrais, que nas Vilas en que foron ergueitas, por virtude da Auga Bendita e de certos Feitizos chamados Exorcismos, teñen o poder de facer desas Vilas, Cidades, ou sexa, Sedes do Imperio. As *Fadas* teñen tamén os seus Castelos encantados, e certos *Espíritos Xigantes* que dominan en todas as Rexións das súas contornas.

As *Fadas* non poden ser detidas, nin que respondan polos danos que causaran. Da mesma maneira os *Eclesiásticos* liscan dos Tribunais da Xustiza Civil.

Os *Eclesiásticos* apañan dos novos o uso da Razón, por certos Feitizos compostos de Metafísica, Milagres, Tradicións e Escrituras Manipuladas, do que se infire que non son bos para nada senón para executar aquilo que se lles mande. Igualmente dise que as *Fadas* apañan cativiños dos seus Berces mudándoos en Parvos de Nacemento, que a xente do común adoita chamar *Trasnos*, e serven para facer trasnadas.

En que Taller ou Obradoiro as *Fadas* fan os seus Feitizos, as Vellas dos Contos non o teñen determinado. Mais os Obradoiros do *Clero*, son ben coñecidos por tratarse das Universidades que recibiron a súa Disciplina da Autoridade Pontificia.

Cando alguén amola ás *Fadas* dise que estas mandan os seus *Trasnos* para que os belisquen. Os *Eclesiásticos* cando non lles presta un Estado Civil fan tamén que os seus *Trasnos*, ou sexa, Súbditos Supersticiosos, Enmeigados belisquen os seus Príncipes, predicando a Sedición, ou que un Príncipe engadado con promesas belisque a outro.

As *Fadas* non casan; mais entre elas hai *Íncubos*, que copulan con seres de carne e óso. Os *Cregos* tampouco casan.

Os *Eclesiásticos* toman a Crema da Terra por Doazóns de ignorantes que lle teñen medo e a través de *Décimos*. Aparece tamén nos Contos de *Fadas* que entran nas *Leiterías* e Festexan coa Crema que repañan do Leite.

Non vén nas *Historias* que clase de *Diñeiro* é o que rola no Reino das *Fadas*. Mais os *Eclesiásticos* aceptan nos seus *Recibos* o mesmo diñeiro que nós, aínda que cando teñen que facer algún *Pagamento* sexa en *Canonizacións*, *Indulxencias* e *Misas*.

A estas e semellantes parecidos entre o *Papado* e o Reino das *Fadas*, podemos engadir isto, que como que as *Fadas* non existen senón nas *Fantasías* da xente ignorante, a partir das *Tradicións* das *Vellas* ou dos vellos *Poetas*: igualmente o Poder

Espiritual do *Papa* (dentro dos límites do seu propio Dominio Civil) consiste soamente no Medo que o pobo sente diante da Excomuñón, logo de oír falar de Milagres, falsas Tradicións e Interpretacións falsas das Escrituras.

Xa que logo non foi moi difícil materia para Henrique VIII polo seu Exorcismo nin para a Raíña Isabel polo seu, desfacerse deles. Mais quen sabe se este Espírito de Roma, agora fuxido, a vagar por Misións a través dos lugares enxoiros de China, Xapón e as Indias, apañando pouco froito, non vai volver, el mesmo ou, o que é peor, feito Asemblea de Espíritos, para entrar nesta casa, limpa e varrida, e facer que a Fin sexa peor que o Principio. Porque non é soamente o Clero Romano o que pretende que o Reino de Deus estea neste Mundo, tendo xa que logo un Poder diferente ao do Estado Civil. E isto é canto desexo dicir relativo á Doutrina da POLÍTICA. O cal, unha vez que o revise, heino de expoñer con moito agrado á censura do meu País.

## RESUMO E CONCLUSIÓN



Da oposición dalgunhas das Facultades Naturais da Mente, unhas con outras, como tamén entre unha Paixón e outra, e da súa correspondencia coa Conversa, tense tomado un argumento para inferir a imposibilidade de que calquera home estivese abondo disposto a todas as castes de deber Civil. A Severidade de Xuízo, din, fai que os homes se volvan Censores, incapaces de perdoar os Erros e Fraquezas dos demais: e por outra banda a Celeridade da Fantasía fai que os pensamentos estean máis preparados do que é preciso para discernir con exactitude entre o Certo e o Errado. Acontece tamén que en todas as Deliberacións e Preitos faise precisa a facultade dun Razoamento sólido, porque sen el as Resolucións dos homes son precipitadas e as súas Sentenzas inxustas: e se non hai unha Elocuencia poderosa, que procure atención e Consentimento, o efecto da Razón será cativo. Mais trátase de Facultades contrarias: a primeira baseada en principios de Verdade; a outra en Opinións xa recibidas, falsas e verdadeiras; tamén nas Paixóns e Intereses dos homes, que son diferentes e mutábeis.

E entre as Paixóns está o *Valor* (denominación na que inclúo o Desprezo das Feridas e da Morte violenta) inclina aos homes a Vinganzas privadas, e ás veces en procurar o desequilibrio da Paz Pública. En cambio o *Temor* predispón moitas veces á deserción da Defensa Pública. Ambas, seica, non se poden atopar na mesma persoa.

E cuidando na oposición entre as Opinións e as Maneiras dos homes en xeral é imposible, din, manter unha constante Amizade Civil con quen os Asuntos do mundo obrigan a conversar. Porque eses Asuntos consisten en pouco máis que nunha loita perpetua polo Honor, Riquezas e Autoridade.

Ao que respondo que hai, en verdade, grandes dificultades mais non Imposibilidades. Porque se poden reconciliar ás veces por medio da Educación e mais da Disciplina. No mesmo home pode haber Xuízo e Fantasías, mais por quendas, tal como o requira a finalidade que procura. Da mesma maneira que os

Israelitas en Exipto estaban atados ao labor de facer Tixolos, e outras tiñan de errar na procura de Palla, o Xuízo pode estar suxeito por momentos a certa Consideración e a Fantasía noutros debe vagar polo mundo. Así tamén a Razón e mais a Elocuencia (aínda que non, se cadra, nas Ciencias Naturais, mais si nas Morais) poden estar moi ben xuntas. Porque onde queira que haxa lugar no que se prefira e sirva de adorno o Erro, queda moito máis para preferir a Verdade e adornar con ela, si é que semellante cousa é precisa. Non é que haxa repugnancia entre temer ás Leis e non temer a un inimigo Público; nin absterse da Inxuria e perdoala noutros. Xa que logo non hai Incoherencia entre a Natureza Humana e Deberes Cívís tal como algúns coídan. Teño coñecido claridade de Xuízo e largueza de Fantasía, forza de Razón e Elocuencia graciosa, Valor para a Guerra e temor das Leis, e todo de maneira eminente nun só home; como o meu nobre honorable amigo *sir Sidney Godolphin*, quen sen odiar a home ningún nin ser odiado por ningún deles, foi desgraciadamente asasinado nunha liorta Pública, de man irresponsable e sen discernimento.

Ás Leis da Natureza declaradas no Capítulo 15 engadiría isto, *Que cada home vén obrigado pola Natureza, tanto como estea nas súas mans, de protexer en Guerra a Autoridade pola que el mesmo vén protexido en tempos de Paz*. Porque quen pretende para preservar o seu propio corpo un Dereito da Natureza non pode pretender outro Dereito da Natureza para destruír aquilo que a súa forza é a que o preserva. É unha contradición manifiesta del mesmo. E aínda que esa Lei poida ser tirada como consecuencia daquelas que xa mencionei serán os Tempos os que requiran que sexan inculcadas e lembradas.

E pois que atopo en diversos Libros Ingleses editados ultimamente que as guerras Cívís non ensinaron abondo aos homes en que momento un Súdito chega a sentirse obrigado diante do Conquistador, nin que cousa é Conquista, nin que circunstancia obriga aos homes a obedecer as súas Leis, quero dicir, para mei-



rande satisfacción dos homes, que o momento en que un home muda en súbdito dun Conquistador é cando tendo liberdade para someterse a el consente, ou por palabras expresas ou por outro sinal suficiente en ser o seu Súbdito. Cando ten un home liberdade de someterse xa o demostrei no remate do Capítulo XXI; sobre todo cando aquel que non ten obrigas co seu anterior Soberano senón as dun Súbdito normal e corrente pon a súa vida entón ao dispor dos Gardas e Gornición do Inimigo; sendo así que xa non goza de Protección do Soberano senón que é protexido polo bando adverso en virtude da súa Contribución. Vendo daquela que esta contribución é en todos sitios unha cousa inevitable (aínda sendo unha axuda que se presta ao Inimigo) e que se entende como lexítima, unha Submisión total, que igualmente non é senón unha axuda ao Inimigo, non pode interpretarse como lexítima. Ademais se un home coida que os que se someten axudan o Inimigo aínda que sexa con parte das súas propiedades, mentres que os que o rexeitan o fan coa totalidade, non hai razón para chamarlle á súa Submisión ou Colaboración mais Mingua para o Inimigo. Mais se un home, ademais da súa obriga como Súbdito ten botado nas súas costas unha nova obriga como Soldado, daquela non ten liberdade de someterse a un novo Poder, en tanto que o anterior se mantéña firme e que lle dea medios de subsistencia, xa sexa no seu Exército ou Gornicións, pois que neste caso non poderá queixarse de falta de Protección nin de medios para vivir como Soldado. Pero cando iso tamén fracasa un Soldado debe procurar a súa Protección onde queira que teña máis esperanzas de acadala; e poida someterse lexitimamente ao seu novo Patrón. E pode facelo legalmente cando lle pete. Xa que logo se tal fai está obrigado sen dúbida ningunha a ser un Súbdito leal. Porque un Contrato feito desde a lexitimidade non se pode rachar legalmente.

Dedúcese, igualmente disto, cando se pode dicir que os homes foron Conquistados; e en que consiste a natureza da

Conquista e o Dereito dun Conquistador. Porque a Submisión implica todos eles. A Conquista non é a Vitoria de seu senón a Achega pola Vitoria dun Dereito nas persoas. Xa que logo Vencen a quen asasinan pero non o Conquistan. Aquel de quen se apoderan e meten en prisión ou encadean non o Conquistan senón que o Vencen; porque segue a ser un Inimigo e pode salvarse se o dá acadado. Mais o que baixo promesa de Obediencia dispón de Vida e Liberdade está daquela Conquistado e vén sendo un Súbdito, e non antes. Os Romanos adoitaban dicir que os seus Xenerais *Pacificaran* tal *Provincia*, ou sexa, na nosa Lingua, que a *Conquistaran*; e que o País foi *Pacificado* por medio da Vitoria, cando o pobo prometerá *Imperata facere*, ou sexa, *Facer o que o Pobo Romano lles encomendara*; isto era ser Conquistado. Mais esta promesa pode ser ou ben expresa ou ben tácita: Expresa, por Promesa; Tácita, por outros sinais. Por exemplo, un home que non fose chamado a facer unha Promesa expresa semellante (porque é aquel cun poder se cadra non tan considerable) se vive abertamente baixo da súa Protección, enténdese que se somete ao Goberno. Mais se o fai en secreto é proclive a calquera cousa que se lle poida facer a un Espía e Inimigo do Estado. Con isto non digo que cometa Inxustiza ningunha (porque os actos de aberta Hostilidade non levan ese nome) senón que pode ser condenado a morte xustamente. De idéntica maneira se un home, cando conquistan o seu País, non se atopa nel, nin é Conquistado nin pasa a ser Súbdito, mais se á súa volta se somete ao Goberno vén obrigado a obedecelo. De maneira que a *Conquista* (por definila) é a Achega do Dereito de Soberanía a través da Vitoria. Ese Dereito achégase na Submisión do pobo, pola que fan un contrato co Vencedor, prometéndolle Obediencia a cambio de Vida e Liberdade.

No Capítulo XXIX establecín unha das causas das Disolucións dos Estados, a súa Xeración Imperfecta, que consiste na falla dun Poder Lexislativo Arbitrario e Absoluto: por esa carencia o Soberano Civil está condenado a manexar a Espada da Xustiza

con pouca constancia, como se estivese quente de máis como para termar dela. Unha razón (que non a teño mencionado) é esta; que todos xustificarán a Guerra que lle outorgara primeiro o Poder, e do que (ou tal coidan) o seu Dereito depende, e non da Posesión. Como se, por exemplo, o Dereito dos Reis de Inglaterra dependese da bondade da causa de *Guillermo* o Conquistador, e da súa Descendencia de liña e máis directa; con semellantes argumentos se cadra non habería vencello ningún entre a Obediencia dos seus Súbditos e o seu Soberano actual en todo o mundo: mentres que os que precisan xustificarse sen necesidade están xustificando todas as Rebelións triunfantes que a Ambición erguerá nalgún momento contra eles e os seus Sucesores. Xa que logo establezo como unha das máis eficaces sementes de Morte de calquera Estado que os Conquistadores requiran non soamente unha Submisión das accións dos homes cara ao futuro, mais tamén as Aprobacións de todas as súas accións pasadas, cando non é doado atopar un Estado no mundo do que se poidan xustificar en conciencia os seus principios.

E pois que o nome de Tiranía significa nin máis nin menos que o nome da Soberanía, xa se atope nun ou en moitos homes, agás naqueles que empregan a primeira palabra, ben se entende que están alporizados cos que chaman Tiranos, penso que tolerar un odio que se profese cara a Tiranía é o mesmo que Aturar un odio ao Estado en xeral, o que vén sendo outra semente maligna que non difire moito da anterior. Porque para a Xustificación da Causa dun Conquistador, Rexeitar a Causa do Conquistado é do máis necesario, mais ningún dos dous preciso para as Obrigas do Conquistado. E isto é canto coidei axeitado dicir ao facer o Resumo da primeira e segunda parte deste Discurso.

No Capítulo XXXV declarei abondo a partir das Escrituras que no Estado dos Xudeus o propio Deus fora feito o Soberano por pacto co Pobo; quen xa que logo foron chamados o seu *Pobo Elixido*, para distinguilo do resto do mundo sobre quen Deus reinaba non por Consentimento deles senón polo seu

propio Poder. E neste Reino Moisés era o Representante de Deus na Terra, e foi el quen lles dixera que Leis lles sinalara Deus para que fosen rexidos. Mais omitín indicar quen foran os Encargados de Executalas, sobre todo no referido aos Castigos Capitais; sen decatarme da importancia dunha materia tan digna de consideración, como fixen despois. Sábese que en xeral en todos os Estados a Execución dos Castigos Corporais recaía nos Gardas ou noutros Soldados do Poder Soberano, ou era outorgada a aqueles nos que concorría carencia de medios, desprezo ao honor e dureza de corazón de maneira que fosen axeitados para semellante Mester. Mais entre os Israelitas era unha Lei Positiva de Deus que o que fose convicto dun Crime capital fose lapidado ata a morte polo Pobo, e que as Testemuñas chimpanasen a primeira Pedra, e logo das Testemuñas o resto do Pobo. Esta Lei designaba quen debían ser os Executores, mais non que ninguén lle botase unha Pedra antes de que houbera Convicción e Sentenza, sendo o Xuíz a Congregación. Non obstante as Testemuñas tiñan de ser escoitadas antes de proceder á Execución, a menos de que o Feito fose cometido en presenza da propia Congregación ou á vista dos Xuíces lexítimos, porque daquela non facían falla outras Testemuñas que os propios Xuíces. Así e todo esta maneira de proceder ao non ser totalmente entendida dera ocasión a unha opinión perigosa, a de que ningún home podía matar a outro, en certos casos, por Dereito de Celo, como se as Execucións ditadas a Ofensores no Reino de Deus nos tempos antigos, procederán non do Mandato Divino senón da Autoridade do Celo Privado, o que, se coidamos nos textos que semellan favorecelo, indica máis ben o contrario.

Primeiro, cando os Levitas caeron riba da Xente que fixeran e adoraran o Cuxo de Ouro, e mataron a tres milleiros deles, foi por Mandato de Moisés, da boca de Deus; como se manifesta no Éxodo, 32,27. E cando o Fillo dunha muller de Israel blasfemaba os que o escoitaban non o mataban senón que o levaban ante Moisés, quen o poñía baixo custodia ata que Deus ditaba

sentenza contra el; e así aparece no *Levítico*, 25.11.12. Máis, cando Fineas mata a Zimri e Cosbi (*Números*, 25.6.7) non o fai por dereito de Celo Privado; o seu crime foi cometido á vista da Asemblea; non facían falta Testemuñas, coñecíase a Lei e el era o herdeiro aparente da Soberanía; e este é o aspecto principal, a Lexitimade do seu Acto dependía por enteiro da subseguinte Ratificación de Moisés, quen non tiña razón para dúbida. E esta Presunción dunha Ratificación futura é ás veces precisa para a seguridade dun Estado; como nunha Rebelión súbita calquera home que poida suprimila polo seu propio Poder no País onde comeza, sen Lei ou Comisión expresa, é quen de facelo lexitimamente, e faga que se Ratifique ou Perdoe mentres que se estea producindo ou logo de que se fixese. Igualmente en *Números*, 35.30, dise expresamente *Quen queira que mate o Asasino habrá de facelo pola palabra das Testemuñas*: mais ser Testemuñas supón unha Xudicatura formal, e consecuentemente condenan esa pretensión de *Jus Zelotarum*. A Lei de Moisés referida a quen incite á Idolatría (ou sexa, que renuncie no Reino de Deus á súa Alianza, *Deuteronomio*, 13.8) prohibe perdoalo e ordena ao Acusador que o condene a morte, e que sexa el quen chimpe nel a primeira pedra; mais non matalo antes de que sexa Condenado. E (*Deuteronomio*, 17, versículo 4, 5 e 6) o proceso contra da Idolatría fica así exactamente artellado. Porque Deus falou ao Pobo como Xuíz, ordenándolles que, cando un home é Acusado de Idolatría que se Inquire con dilixencia sobre o Feito, e atopando que sexa certo, se proceda daquela a Lapidalo, mais aínda así será a man das Testemuñas a que chimpe a primeira pedra. Isto non é Celo Privado mais Pública Condena. De idéntica maneira cando un Pai ten un Fillo rebelde, a Lei di (*Deuteronomio*, 21. 18) que debe traelo diante dos Xuíces da Vila, e será toda a xente da Vila a que o lapide. Finalmente, a lapidación de San Estevo foi por presunción destas Leis e non pola do Celo Privado: porque antes de ser executado tiña levado a súa Causa diante do Sumo Sacerdote.

Non hai nada en todo isto noutras partes da Biblia que contemple Execucións por Celo Privado; o que sendo moi a miúdo non outra cousa que a conxunción entre a Ignorancia e mais a Paixón vai ao tempo contra da Xustiza e a Paz dun Estado.

No Capítulo XXXVI dixen que non se declara de que maneira Deus falou sobrenaturalmente a Moisés. Nin que lle falara a el algunhas veces por medio de Soños e Visións e a través dunha Voz sobrenatural, como a outros Profetas. Porque a maneira como lle falou desde o Trono da Clemencia, vén expresamente indicada, *Números, 7.89* nestas palabras: *Desde aquela cando Moisés entraba no Tabernáculo da Congregación para falar con Deus, sentiu unha Voz que lle viña do Trono da Clemencia, que está cima da Arca da Testemuña, e faloulle entre dos Querubíns.* Mais non se declara en que consistía a preeminencia da maneira de Deus ao falarlle a Moisés para que estivese por riba de como lle falaba aos outros Profetas, a Samuel ou a Abraham, aos que falaba por medio dunha Voz (ou sexa, a través dunha Visión). A menos de que a diferenza consista na claridade da Visión. Porque *Cara a Cara e Boca a Boca*, non pode comprenderse literalmente da Infinitude e Incomprensibilidade da Natureza Divina.

E verbo da Doutrina enteira non vexo senón que os seus Principios son certos e axeitados, e o Raciocinio, sólido. Porque fundamento os Dereitos Cívís dos Soberanos, e tanto os Deberes como as Liberdades dos Súbditos, nas inclinacións naturais xa coñecidas da Humanidade, e nos Artigos da Lei da Natureza, que ningún home que pretenda ter razón abonda como para gobernar a súa familia particular debería ignorar. E no referente ao Poder Eclesiástico dos mesmos Soberanos, baséoo en tales Textos, pois que ambos son evidentes de seu, e consonte coa Intención das Escrituras na súa totalidade. E xa que logo estou convencido de que quen o lea soamente co propósito de ser informado, poderá selo. Mais aqueles que por Documentos ou Discursos Públicos, ou polas súas accións eminentes xa se enguedellasen en manter opinións contrarias non serán doada-

mente satisfeitos. Porque neses casos é natural que os homes, ao mesmo tempo, avancen na lectura e perdan a atención na procura de obxeccións a aquilo que xa leran con anterioridade. Por forza ten que haber moitas nunha época en que os intereses dos homes teñen mudado (ao ver que moito desa Doutrina, que servira para establecer un novo Goberno, precisa ser contraria ao que levara á disolución do vello).

Na parte que trata dun Estado Cristián hai algunhas Doutrinas novas que, se cadra, nun Estado onde o contrario xa estivese perfectamente establecido sería delito que un Súdito se dedicase a divulgalas sen permiso, pois que isto sería unha usurpación do lugar do Mestre. Mais neste tempo no que os homes non piden soamente Paz senón tamén Verdade, ofrecer tales Doutrinas que coido Verdadeiras e que tenden nitidamente á Paz e á Lealdade, á consideración daqueles que aínda están deliberando, non é senón brindar Viño Novo para que sexa posto nun Novo Bocoí, para que os dous se dean conservados xuntos. E supoño que daquela, cando a Novidade non faga fermentar problemas nin desordes no Estado, os homes non se sintan tan predispostos a reverenciar a Antigüidade como a preferir Vellos Erros antes da Nova, e ben probada, Verdade.

Non hai nada de que desconfíe máis que da miña Elocución, por máis que confíe en que (agás as grallas da Imprenta) non é escura. Que rexeite os Adornos de citar a Poetas, Oradores e Filósofos clásicos, levándolle a contraria ao costume recentemente (teña feito ben ou mal nisto), vén do meu xuízo que se basea en moitas razóns. Para empezar, toda a Verdade da Doutrina depende ou da *Razón* ou da *Escritura*; dándolle ambas creto a moitos, mais sen recibilo xamais de ningún Escritor. En segundo lugar non son de *Feito* senón de *Dereito*, así que non hai lugar para *Testemuñas*. Case que non hai ningún deses vellos Escritores que non contradigan ás veces, tanto a eles mesmos como a outros; o que fai as súas Testemuñas insuficientes. En cuarto lugar tales Opinións, pois que Acreditadas

soamente na Antigüidade, non son intrinsecamente o Xuízo de quen as citan mais Palabras que pasan (como bocexos) de boca en boca. Quinto, acontece moitas veces cos Designios fraudulentos que os homes fixan as súas Doutrinas corruptas cos Cravos do Enxeño doutros homes. Non atopo que os Antigos que citan tomen como Adorno facer o mesmo cos que escribiron antes deles. Sétimo, é un argumento Indixesto cando as Frases Gregas e Latinas non ben mastigadas reaparecen, tal como adoitaban, sen mudar. Finalmente, aínda que reverencio a aqueles homes dos Velloos tempos, que ou ben escribiron sobre a Verdade con perspicacia ou nos puxeron nun mellor camiño para atopala en nós mesmos, penso que non lle debemos nada á Antigüidade. Porque se reverenciamos a Idade, o Presente é o máis vello. Verbo da Antigüidade do Escritor, non estou seguro de que aqueles aos que se lles tributa este honor sexan máis Antigos canto escribían do que o son eu agora mentres estou escribindo. Mais ben pensado a loa dos Autores Antigos non procede da reverencia da Morte senón da competencia e a envexa mutua entre os Vivos.

Concluíndo, non dou percibido nada en todo este Discurso nin no que escribín antes en Latín sobre o mesmo Tema, contrario ou á Palabra de Deus ou ás boas Maneiras, ou ao desasosego da Tranquilidade Pública. Xa que logo penso que se pode imprimir con proveito, e ser ensinado con máis proveito aínda nas Universidades, caso de que lles pareza ben a aqueles a quen corresponde xulgallo. Porque vendo que as Universidades son as Fontes da Doutrina Moral e Civil, da que os Predicadores e a Aristocracia, tirando toda a auga que atopan, adoitan salferir a mesma (tanto desde o Púlpito como da súa Conversa) riba da Xente, deben ter moito ollo en conservala pura, tanto do Veleno dos Políticos Pagáns como dos Engados dos Espíritos Mentireiros. E a través destes medios a maioría dos homes, coñecendo os seus Deberes, estarán menos suxeitos a servir a Ambición dunhas poucas persoas descontentas nos



seus propósitos contra do Estado, sentíndose menos agravias das coas Contribucións precisas para a súa Paz e Defensa; tendo así os propios Gobernadores menos razón para manter do orzamento Común un Exército meirande do que é preciso para facer boa a Liberdade Pública contra as Invasións e Abusos dos Inimigos estranxeiros.

E así teño traído á fin o meu Discurso sobre o Goberno Eclesiástico e o Civil, ocasionado polas desordes do tempo presente, sen parcialidade, sen aplicación, sen máis desexo que poñer diante dos ollos humanos a Relación mutua entre Protección e Obediencia; das que a condición da Natureza Humana e as Leis Divinas (Naturais e Positivas) requiren unha observación. E aínda que na revolución dos Estados non haxa moi boas Constelacións para que ao seu abeiro nazan Verdades desta natureza (cal vendo o xesto irado dos que acabaron cun Goberno vello e nada máis que as costas dos que erguen o novo) non dou pensado en que sexa condenado desta volta, quer polo Xuíz Público da Doutrina, quer por quen desexe que a Paz Pública siga existindo. E nesta confianza volvo á miña interrompida Especulación dos Corpos Naturais, da que agardo (se é que Deus me dá saúde para rematala) que a súa Novidade prestará tanto como adoitaba ofender na Doutrina deste Corpo Artificial. Porque tal Verdade, pois que non se opón ao proveito nin ao pracer de ningún home, é ben recibida por todos.

FINIS

la opia ei  
cia. v De  
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

